

A Economía Galega

Informe 2025

Equipo realizador

Dirección

M^a Dolores Riveiro García • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Melchor Fernández Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Membros

Juan J. Ares Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Roberto Bande Ramudo • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Belén Fernández Castro • Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Fernández Grela • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Diana Fernández Méndez • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Edelmiro López Iglesias • Universidade de Santiago de Compostela

Lucrezia López • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

María José Piñeira Mantiñán • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Gonzalo Rodríguez Rodríguez • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Bernardo Valdés Paços, Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Anxo Vázquez Tain • Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Vilas Fernández • Universidade de Santiago de Compostela

Deseño e maquetación

Manuel López Sande

Supervisión lingüística

Ana Suárez Piñeiro • Universidade de Santiago de Compostela

— • —

Editado por IDEGA, Santiago de Compostela

ISSN: 2171-8830

9 *Presentación*

11 I. Contexto macroeconómico

Belén Fernández Castro

- 13 Introducción
- 13 As variables macroeconómicas
- 18 A economía española en 2025: crecemento sólido nun contexto de desacelera-ción europea
- 20 Transformacións estruturais da economía mundial
- 23 A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible
- 25 Conclusión e perspectivas

27 II. Mercado de traballo

Roberto Bande Ramudo e Melchor Fernandez Fernandez

- 29 Introducción
- 31 Caracterización da evolución da ocupación en Galicia
- 38 Caracterización da evolución do desemprego en Galicia
- 41 Prezos e salarios
- 43 Recadro 1. Vacantes laborais en Galicia: entre o sinal económico e a cautela estatística
- 45 Recadro 2. O papel da inmigración na remuda xeracional do mercado laboral galego
- 47 Recadro 3. "Absentismo laboral en Galicia: por que olvidamos o presentismo?"
- 50 Recadro 4. Unha mala noticia para entender o mercado laboral galego

53 III. Sector Agrario

Edelmiro López Iglesias e Bernardo Valdés Paços

- 55 A dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 1995-2023
- 58 Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2023)
- 60 A conxuntura agraria en 2025: contexto internacional, na UE e en España
- 62 A dinámica do sector agrario galego en 2025: unha visión global
- 63 Evolución da produción
- 65 Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores
- 67 Conxuntura das principais ramas agrarias
- 68 Poboación ocupada
- 68 Censos gandeiros

71 IV. Pesca

Gonzalo Rodríguez Rodríguez

- 73 Introducción
- 73 Os recursos
- 74 A flota
- 76 A produción de pescado
- 82 O consumo
- 85 O comercio exterior

89 V. Industria

Juan José Ares Fernández

- 91 A actividade
- 105 A ocupación
- 106 Prezos, custos e salarios
- 108 As opinións dos empresarios industriais sobre a actividade
- 110 A dimensión das empresas
- 111 A presenza da industria galega nos mercados estranxeiros
- 114 A evolución da especialización industrial galega con respecto a España

117 VI. Sector exterior

Diana Fernández Méndez e Dolores Riveiro García

- 119 Comercio exterior de mercancías
- 140 O investimento estranxeiro directo (IED)

153 VII. Construción

Manuel Vilas Fernández

- 155 Introducción
- 155 Indicadores de actividade
- 159 Vivenda
- 174 Demanda pública de obras

179 VIII. Servizos

Juan José Ares Fernández e Manuel Fernandez Grela

- 181 A actividade do sector servizos en 2025
- 187 Os prezos no sector de servizos
- 188 A distribución e o comercio
- 197 Os transportes en Galicia
- 211 O sector bancario

215 IX. Sector turístico

Lucrezia López e María José Piñeira Mantiñán

- 217 Introducción
- 218 A oferta de aloxamento en Galicia
- 221 A demanda turística en Galicia
- 226 Estadía media e gasto turístico
- 227 Turismo urbano e de cruceiros
- 229 O Camiño de Santiago

233 X. Sector público

Miguel Ángel Vázquez Taín

- 235 Introducción
- 235 O sector público autonómico galego
- 242 O sector público local galego
- 244 O sector público estatal en Galicia
- 245 O sistema público de pensións en Galicia
- 249 O gasto sanitario en Galicia
- 253 O gasto en educación en Galicia

Presentación dos coordinadores

Coa publicación deste volume cúmprense corenta anos dunha iniciativa que comezou en 1986 coa análise do que acontecera na economía galega en 1985. Ao longo destas catro décadas, A economía galega. Informe elaborouse de maneira ininterrompida desde o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela, converténdose nunha referencia consolidada para o coñecemento da realidade económica de Galicia.

Esta continuidade constitúe un importante valor do Informe. A serie permitiu non só analizar cada exercicio económico con rigor académico, senón dispoñer dunha perspectiva de longo prazo sobre as transformacións experimentadas pola nosa economía nas últimas décadas. Neste tempo, Galicia afrontou profundas mudanzas estruturais, integrouse en novos contextos económicos internacionais, viviu crises e etapas de expansión, incorporou novas actividades produtivas e enfrontouse a desafíos relevantes que, nos últimos anos, se centraron no envellecemento demográfico, a transición ecolóxica, a transformación dixital ou a crecente incerteza xeopolítica. O Informe foi testemuña e analista de todos estes procesos, ofrecendo en cada edición unha interpretación fundamentada da súa evolución.

O volume correspondente a 2025 mantén ese compromiso coa análise rigorosa e independente da realidade económica galega. Os distintos capítulos, elaborados por un equipo de especialistas recoñecidos nos seus respectivos ámbitos de investigación, ofrecen unha visión ampla e detallada da evolución da economía galega, abordando tanto o comportamento dos principais agregados macroeconómicos como a situación dos distintos sectores produtivos e outros ámbitos de especial relevancia para comprender o desempeño da nosa economía.

Queremos expresar, un ano máis, o noso sincero agradecemento ás persoas autoras dos diferentes capítulos. A súa experiencia investigadora, o seu coñecemento especializado e o esforzo realizado para sintetizar e interpretar unha gran cantidade de datos fan posible que este Informe continúe sendo unha publicación de referencia para investigadores, responsables públicos, empresas e todas aquelas persoas interesadas na economía galega.

Ao longo destas catro décadas foron moitas as persoas que contribuíron á elaboración do Informe. Sería imposible mencionalas a todas, mais queremos deixar constancia do noso sincero agradecemento a todas elas cuxo traballo e dedicación fixeron posible esta obra colectiva. De maneira moi especial, queremos recoñecer o labor do profesor Alberto Meixide, impulsor desta iniciativa e coordinador do Informe durante moitos anos, así como o dos profesores Juan Ares e Manuel Vilas, que participaron en todas as edicións desde a súa creación. A súa solvencia académica e o seu compromiso sostido ao longo destes corenta anos foron decisivos para manter a calidade e o prestixio desta publicación.

O noso agradecemento esténdese tamén á Deputación da Coruña e á Caixa Rural Galega, cuxo apoio resulta esencial para garantir a continuidade deste proxecto. O seu compromiso coa investigación, coa transferencia de coñecemento e co desenvolvemento de Galicia permite manter unha iniciativa que, tras corenta edicións, segue cumprindo o seu obxectivo de achegar unha análise útil, rigorosa e accesible ao conxunto da sociedade.

Finalmente, queremos agradecer o traballo desenvolvido por Manuel López Sande na preparación e edición do documento, así como a revisión lingüística realizada por Ana Suárez, cuxa dedicación contribúe de maneira decisiva á calidade editorial desta publicación.

Dolores Riveiro e Melchor Fernández

Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Universidade de Santiago de Compostela

I. Contexto macroeconómico

- En 2025 a economía mundial mantén un crecemento moderado, arredor do 3,4 %, pero desigual: as economías avanzadas medran pouco mentres as emerxentes, especialmente Asia, lideran a expansión.
- A inflación continúa en niveis reducidos tras os máximos de 2022, aínda que por riba dos obxectivos dos bancos centrais. Isto permite iniciar baixadas graduais dos tipos de xuro, malia que o financiamento se mantén restritivo.
- Os mercados financeiros evolucionan positivamente, impulsados polas expectativas de baixadas de tipos e polo dinamismo das empresas tecnolóxicas vinculadas á intelixencia artificial.
- A débeda pública mundial segue sendo unha vulnerabilidade importante, arredor do 93 % do PIB global, polo gasto acumulado desde a pandemia e os maiores custos de financiamento.
- España mantén un crecemento sólido nun contexto europeo feble: o PIB medra (un 2,8 %), apoiado na demanda interna, o consumo e o emprego, pero menos que en 2024.
- O mercado laboral español mellora, con máximos de ocupación e paro por debaixo do 10 %, a pesar de que persisten problemas estruturais como a baixa produtividade, o paro xuvenil e as diferenzas territoriais.
- A economía mundial atravesa cambios estruturais profundos: dixitalización, intelixencia artificial, transición enerxética e reorganización das cadeas globais de valor.
- A globalización faise máis fragmentada: gañan peso a seguridade económica, a autonomía estratéxica e a redución da dependencia exterior; o que pode facer o comercio máis custoso e desigual.
- A Axenda 2030 continúa en risco: os avances cara aos ODS son insuficientes en termos de redución da pobreza, a fame, a desigualdade e o cambio climático debido aos conflitos, á falta de financiamento e á debilidade da cooperación internacional.

Introdución

En 2025 o contexto internacional caracterízase por unha relativa estabilidade macroeconómica que convive con importantes incertezas estruturais. Tras experimentar perturbacións de gran magnitude (como a pandemia da COVID-19, a crise enerxética derivada da guerra en Ucraína e o forte aumento da inflación global), a economía mundial entra nunha fase de crecemento moderado. Porén, neste desempeño global persisten profundas desigualdades na evolución das economías avanzadas e das economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento.

En 2025 a inflación global modérase, o que permite iniciar un proceso gradual de relaxación da política monetaria nalgúns países das economías avanzadas. Durante o período 2022-2023 viviuse un proceso de endurecemento monetario: a inflación (que alcanzou niveis moi elevados tras a pandemia, debido aos problemas nas cadeas de subministración, ao encarecemento da enerxía e ao forte crecemento da demanda) obrigou os principais bancos centrais a subir os tipos de xuro de forma rápida e coordinada, marcando o final do longo período de tipos de xuro extremadamente baixos que caracterizaran a economía internacional desde a crise financeira global de 2008. En 2025 os tipos de xuro comezan a diminuír, aínda que se manteñen en niveis relativamente altos en comparación co período previo á pandemia; o que continúa limitando o crecemento do crédito e condicionando as decisións de investimento das empresas e dos fogares.


A economía mundial enfróntase a profundas transformacións estruturais. Por un lado, a dixitalización e o rápido desenvolvemento da intelixencia artificial están modificando os procesos produtivos e a organización do traballo en moitos sectores. Ademais, a transición enerxética e os compromisos internacionais para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro están impulsando importantes cambios nos sistemas enerxéticos e nas estratexias industriais de moitos países. Estas transformacións prodúcense nun contexto internacional caracterizado por unha crecente fragmentación xeopolítica e económica que leva a reforzar a autonomía estratéxica dos países e a remodelar as cadeas globais de valor.

Malia as dificultades, o crecemento económico mundial continúa sendo positivo e relativamente estable, impulsado, sobre todo, polo dinamismo das economías emerxentes. Porén, persisten importantes desafíos en materia de desigualdade económica, sostibilidade ambiental e cooperación internacional, que condicionan o avance cara aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) establecidos na Axenda 2030.

As variables macroeconómicas

Crecemento

A economía mundial mantén en 2025 un crecemento moderado nun contexto de progresiva estabilización tras as perturbacións económicas rexistradas a comezos da década. Logo da contracción provocada pola pandemia, a forte repunta posterior e o episodio de elevada inflación, a actividade global entra nunha fase de expansión máis contida, con taxas de crecemento inferiores ás observadas en etapas anteriores, pero aínda positivas.




Segundo os datos do Fondo Monetario Internacional (FMI), que se recollen no gráfico 1, o aumento do PIB mundial en termos reais sitúase arredor do 3,4 % en 2025, unha cifra similar á rexistrada en 2024. Este dato reflicte unha economía global que conserva capacidade de crecemento, mais dentro dun escenario marcado por diversos factores de incerteza, como as tensións xeopolíticas, o elevado endebedamento público e privado, a fragmentación comercial e unhas condicións financeiras que seguen sendo restritivas en moitas economías.

O crecemento mundial non é homoxéneo. As economías avanzadas presentan unha expansión máis limitada, do 1,9 % en 2025, mentres que as economías emerxentes e en desenvolvemento manteñen un maior dinamismo, cunha taxa do 4,4 %. Esta diferenza confirma o peso ascendente dos mercados emerxentes na actividade económica internacional, especialmente en Asia, onde continúan destacando China e India como dous dos principais motores do crecemento mundial.


As diferenzas son incluso maiores entre países. O gráfico 2 recolle esta diversidade. Dentro das economías avanzadas, Estados Unidos rexistra unha taxa do 2,1 % en 2025, apoiado pola fortaleza relativa do consumo privado e do mercado laboral, mentres que Reino Unido ou Xapón medran por debaixo da media do grupo.

A zona euro, pola súa parte, amosa unha evolución máis débil, cun crecemento do 1,4 %, afectada polo menor dinamismo industrial, a moderación do investimento e os efectos acumulados do endurecemento monetario. Tamén aquí se aprecian diferenzas importantes: Alemaña apenas progresa un



0,2 %, mentres que España se sitúa por riba das principais economías europeas, cunha expansión do 2,8 %.

No bloque de economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento as diferenzas son aínda maiores. Por riba da media destaca India, que cun 7,6 % consolida o seu papel como un dos principais polos de expansión económica global grazas a unha poboación nova que favorece o consumo e a dispoñibilidade de man de obra, e a un investimento público que potenciou tecnoloxía e servizos. De igual modo, sobre a media sitúanse as economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento de Asia e China, que, malia os retos estruturais relacionados co sector inmobiliario, a demanda interna e o envellecemento demográfico, alcanzan unha taxa do 5 %. Estas cifras contrastan co limitado crecemento de Rusia (1 %), como consecuencia das sancións internacionais, a guerra e o descenso do investimento exterior; e o de México (0,6 %), que sofre as consecuencias dun investimento débil, unha baixa produtividade e serios problemas en infraestruturas e seguridade.



A distinta evolución dos países modifica a distribución da produción a nivel mundial. O gráfico 3 mostra como o peso relativo se despraza desde as economías avanzadas tradicionais cara ás economías emerxentes. A pesar de que Estados Unidos e a Unión Europea continúan sendo actores relevantes, a súa participación no PIB mundial é menor que hai un lustro, mentres India dobra a súa participación e China case a triplica.

En síntese, o panorama económico global de 2025 caracterízase por unha expansión moderada, desigual e condicionada


por riscos persistentes. A economía mundial evita unha desaceleración brusca, pero non recupera un crecemento elevado. As economías avanzadas medran a un ritmo reducido, mentres que as emerxentes continúan liderando a expansión global. Neste contexto, Estados Unidos, a zona euro, China e India seguen sendo actores clave para entender a evolución da economía mundial, malia que o protagonismo relativo dos países emerxentes de Asia aumenta dentro do sistema económico internacional.

A inflación e os tipos de xuro

Tras manterse en niveis relativamente moderados durante a década anterior á pandemia, os prezos comezaron a subir con rapidez a partir de 2021 como consecuencia de diversos factores, como a recuperación da demanda global, as disrupcións nas cadeas de subministracións debido ás tensións xeopolíticas e o forte aumento dos prezos da enerxía.

O máximo recente de inflación global rexistrouse en 2022, cando a cifra alcanzou aproximadamente o 8,8 %. Desde entón, as presións inflacionistas diminuíron de maneira progresiva grazas ao endurecemento da política monetaria e á moderación dos prezos enerxéticos. En 2025 a inflación mundial sitúase arredor do 5,4 %, o que supón unha redución significativa respecto aos niveis máximos marcados nos anos anteriores, aínda que por riba dos obxectivos de inflación de moitos bancos centrais.

O aumento da inflación levou os principais bancos centrais a adoptar políticas monetarias restritivas a partir de 2022. Tanto a Reserva Federal de Estados Unidos como o Banco Central Europeo iniciaron ciclos de subidas de tipos de xuro co obxectivo de conter a alza dos prezos. A Reserva Federal actuou con maior rapidez, mentres que o Banco Central Europeo iniciou as subidas algo máis



tarde, pero en ambos os casos os incrementos foron moi significativos. O gráfico 4 mostra o punto medio do rango dos *Fed Funds* da Reserva Federal e o tipo da facilidade de depósito do BCE entre 2018 e 2025, e reflicte o xiro da política monetaria en Estados Unidos e na zona euro.

Antes da pandemia, a Reserva Federal xa iniciara unha subida gradual de tipos, apoiada nunha economía estadounidense máis dinámica. En cambio, o Banco Central Europeo mantivo tipos negativos durante varios anos, debido ao baixo crecemento e a unha inflación reducida na zona euro.

Coa pandemia de 2020, a Reserva Federal reduciu rapidamente os tipos ata niveis próximos a cero para soste a actividade económica, mentres que o BCE mantivo a súa política expansiva.

O cambio máis importante produciuse a partir de 2022, cando o forte incremento da inflación obrigou a estes bancos centrais a endurecer a súa política monetaria. Os tipos acadaron os seus máximos entre 2023 e 2024: por riba do 5 % en Estados Unidos e arredor do 4 % na zona euro. Ante a subida de prezos (debido á maior demanda, ás complicacións xeopolíticas, aos problemas de subministración e á alza dos combustibles) respondeuse con aumentos de tipos que buscaban encarecer o crédito e moderar o consumo e o investimento.

En 2025 comeza unha fase distinta. A inflación redúcese respecto aos máximos anteriores, o que permite iniciar baixadas graduais de tipos, en especial na zona euro. Porén, os tipos seguen sendo relativamente altos fronte aos anos de política monetaria expansiva, polo que non se pode falar dunha volta aos niveis previos á crise de inflación.

En conxunto, 2025 pódese interpretar como un ano de transición: os bancos centrais empezan a relaxar a súa política, pero manteñen unha actitude prudente para evitar novas repuntas de inflación. O BCE avanzou máis rápido nas baixadas debido ao menor dinamismo económico europeo, mentres que a Reserva Federal actuou con máis cautela a causa da maior resistencia da economía estadounidense.

Mercados financeiros, tipos de xuro e débeda pública

A evolución dos mercados financeiros internacionais en 2025 está estreitamente relacionada co cambio de expectativas sobre a política monetaria. A redución gradual de tipos, a medida que a inflación se moderaba, favoreceu un contorno máis positivo para os activos financeiros, en especial para a renda variable, ao diminuír o custo de financiamento das empresas e facer menos atractivos os activos de renda fixa. Porén, o impacto da baixada de tipos no investimento non é automático, depende tamén das expectativas de beneficios empresariais, do crecemento económico e da confianza dos investidores.

En Estados Unidos, os principais índices bolsistas mostran en 2025 unha evolución favorable, apoiados pola fortaleza da economía e polo bo comportamento das grandes empresas tecnolóxicas. O desenvolvemento de novas aplicacións de intelixencia artificial reforzou as expectativas de crecemento deste sector, impulsando a valoración de compañías vinculadas á tecnoloxía, semicondutores, servizos dixitais e computación na nube. Este factor contribuíu a que o mercado estadounidense mantivese un maior dinamismo fronte a outras rexións.

En Europa, a evolución dos mercados tamén foi positiva, pero máis moderada. O menor crecemento económico, a debilidade dalgúns sectores industriais e a maior exposición aos custos

enerxéticos limitaron o avance dos índices europeos en comparación cos estadounidenses. Con todo, a expectativa de baixadas de tipos por parte do Banco Central Europeo favoreceu unha mellora do sentimento investidor, ao reducir a presión sobre o financiamento empresarial e aumentar o atractivo relativo da renda variable.

Malia este contexto máis favorable, os mercados financeiros internacionais seguen condicionados por diversos factores de incerteza. Entre eles destacan as tensións xeopolíticas, a evolución dos prezos da enerxía, os conflitos comerciais, a situación fiscal dalgunhas economías avanzadas e a posibilidade de que a inflación tarde máis do previsto en volver de forma estable ao obxectivo dos bancos centrais. Estes elementos explican que, a pesar do comportamento xeral positivo dos mercados, persista certa volatilidade.


En conxunto, a evolución dos mercados financeiros en 2025 reflicte un equilibrio entre dúas forzas. Por un lado, a moderación da inflación, o desenvolvemento tecnolóxico e a expectativa de baixadas de tipos melloraron as perspectivas dos investidores. Por outro, a incerteza económica e xeopolítica continúa limitando o optimismo. Esta combinación explica que os mercados mostrasen unha evolución relativamente favorable, pero aínda condicionada pola cautela.

Outro elemento directamente relacionado cos mercados financeiros é a evolución da débeda pública. O aumento dos tipos de xuro rexistrado nos últimos anos incrementou os custos de financiamento dos Estados, facendo que a débeda se convertese nunha vulnerabilidade macroeconómica importante.

O elevado nivel de débeda pública e privada acumulado en numerosos países continúa representando un aspecto relevante de vulnerabilidade macroeconómica. Tras o forte incremento do gasto público rexistrado durante a pandemia, moitos países manteñen niveis de débeda pública significativamente superiores aos observados antes de 2020.

Segundo o Fondo Monetario Internacional, a débeda pública mundial sitúase arredor do 93 % do PIB mundial en 2025. O gráfico 5 mostra que o proceso de consolidación fiscal iniciado tras os excesos


Gráfico 5
Débeda bruta sobre o PIB
(Variación de puntos porcentuais)



da pandemia só foi posible en 2021 e 2022; a situación internacional posterior levou outra vez a incrementar a débeda, que seguiu medrando en 2025.

A economía española en 2025: crecemento sólido nun contexto de desaceleración europea


O desempeño global da economía española en 2025 pódese considerar positivo no contexto internacional, pero menos excepcional que o rexistrado en 2024. Tal e como reflicte o gráfico 6, a economía mantivo un ritmo de crecemento superior ao da zona euro e ao das economías avanzadas, apoiada principalmente na demanda interna, no bo comportamento do mercado laboral e na resistencia do consumo privado. Non obstante, tamén se fixeron máis visibles algunhas debilidades estruturais, en particular a baixa produtividade, a elevada dependencia do emprego para xerar crecemento e unha inflación que, malia moderarse respecto aos anos de maior tensión, continuou por riba do obxectivo do 2 %.



En 2025, o PIB de España medrou un 2,8 %, segundo a Contabilidade Nacional Trimestral do INE. Esta cifra supón unha desaceleración respecto ao 3,5 % rexistrado en 2024, pero mantén a economía española claramente por riba da media da zona euro e das economías avanzadas. A pesar de que España continúa crescendo máis que os grupos económicos aos que pertence, a diferenza entre as taxas é lixeiramente menor que o ano anterior. A economía española consolida a recuperación posterior á pandemia e conserva un diferencial positivo de crecemento nun contexto europeo

caracterizado pola debilidade industrial, a incerteza xeopolítica e uns custos financeiros aínda elevados.

O crecemento económico de 2025 estivo impulsado sobe todo pola demanda interna, que achegou 3,6 puntos ao aumento anual do PIB, mentres que a demanda externa tivo unha participación negativa de -0,7 puntos. Esta é unha diferenza importante respecto a anos anteriores nos que o sector exterior contribuía positivamente ao crecemento económico. A achega dos distintos compoñentes móstrase no gráfico 7.




O consumo dos fogares mantivo un comportamento positivo ao longo de 2025. A creación de emprego, a mellora dos salarios nominais e a moderación parcial da inflación permitiron que as familias conservasen capacidade de gasto. Aínda así, o consumo non estivo exento de limitacións, xa que o encarecemento acumulado dos prezos nos anos anteriores reduciu en moitos casos o poder adquisitivo real. Ademais, os custos da vivenda e dos servizos continuaron exercendo presión sobre a renda dispoñible, en especial nos fogares con menor nivel de ingresos.

O gasto público seguiu contribuíndo ao crecemento, pero nun contexto de maior vixilancia fiscal. A economía española logrou reducir o déficit público en 2025 ata arredor do 2,4 % do PIB, (2,2 % se se exclúe o gasto extraordinario asociado á DANA), mellorando o dato do ano anterior. A débeda pública tamén descendeu a niveis inferiores aos de exercicios anteriores, situándose aproximadamente no 101 % do PIB. O crecemento económico, o aumento da recadación e a mellora do emprego permitiron compatibilizar certo dinamismo do gasto cunha corrección gradual dos desequilibrios fiscais.

De igual xeito, o investimento mostrou unha evolución favorable. A formación bruta de capital continuou recuperándose, sobre todo na construción e nalgúns ramas vinculadas á modernización produtiva. Segundo o INE, no cuarto trimestre de 2025 a formación bruta de capital medrou un 1,9 % respecto ao trimestre anterior, o que reflicte unha mellora da confianza empresarial e unha maior capacidade de investimento nun contexto de tipos de xuro máis estables. Con todo, o investimento segue sendo unha das variables clave para mellorar a produtividade futura, xa que o crecemento español continúa dependendo en exceso do aumento do emprego.

A demanda externa tivo un comportamento menos favorable que en 2024. En 2025 as exportacións de bens e servizos mantiveron taxas positivas, a pesar de que a debilidade dalgúns socios europeos, sobre todo no sector industrial, limitou o incremento das exportacións de bens. Non obstante, as importacións medraron con máis forza que as exportacións polo dinamismo da demanda interna e, como consecuencia, o sector exterior restou crecemento ao PIB.



En canto aos prezos, o gráfico 8 mostra a inflación española en contexto. Tras acadar niveis moi elevados en 2021 e 2022, a inflación reduciuse de forma significativa en 2023 e 2024, e 2025 acabou cunha cifra moi similar a estes anos anteriores, arredor do 3 %. O obxectivo era o 2 %, mais non se produciu unha caída clara que permitise achegarse a esta cifra. En comparación co mundo, España presenta unha inflación máis moderada; porén, se comparamos as súas cifras coas da Unión Europea e as das economías avanzadas, a súa posición é menos favorable que noutros anos. Isto

suxire que a economía española conseguiu controlar parcialmente o proceso inflacionista, pero aínda existen presións internas nos prezos.

A moderación da inflación debeuse, en parte, á estabilización dos prezos enerxéticos e á desaparición dalgúns dos efectos máis intensos derivados da crise de subministracións e da guerra en Ucraína. Non obstante, en 2025 persistiron as presións inflacionistas en alimentos, servizos, vivenda e restauración.

Durante 2025, o mercado laboral español mantivo unha evolución moi positiva. No derradeiro trimestre do ano, o número de ocupados situouse en 22.463.300 persoas, tras aumentar en 605.400 ocupados nos doce meses anteriores. A taxa de paro descendeu ata o 9,93 %, situándose por debaixo do 10 % por primeira vez en moitos anos. Estes datos confirman que o emprego seguiu sendo un dos principais motores da economía española. A mellora do mercado laboral tamén se manifestou na importante redución da temporalidade iniciada tras a reforma laboral. Con todo, permanecen problemas estruturais importantes, como o paro xuvenil, a elevada taxa de desemprego en comparación coa media europea e as diferenzas entre comunidades autónomas.

Unha das principais debilidades da economía española en 2025 continuou a ser a produtividade. Segundo o INE, no cuarto trimestre de 2025 a produtividade por posto de traballo equivalente a tempo

completo rexistrou unha variación interanual do -0,1 %, mentres que a produtividade por hora traballada subiu só un 0,5 %. Isto indica que boa parte do crecemento económico aínda se explica polo incremento do número de traballadores e das horas traballadas, máis que por unha mellora clara da eficiencia produtiva.

En conxunto, 2025 foi outro ano positivo para a economía española. O PIB medrou por riba da media europea, o emprego alcanzou máximos históricos, o paro descendeu por debaixo do 10 % e os desequilibrios fiscais continuaron corrixíndose. Porén, a economía tamén mostrou límites importantes: a inflación seguiu por riba do obxectivo, a demanda externa restou crecemento, a produtividade avanzou moi pouco e a débeda pública permaneceu nun nivel elevado. Os principais retos son estruturais: aumentar a produtividade, mellorar a calidade do emprego, reducir o paro xuvenil, reforzar o investimento tecnolóxico e garantir que o crecemento económico non dependa só do incremento da poboación ocupada.

Transformacións estruturais da economía mundial

Ademais da evolución da produción, os prezos e os mercados financeiros, a economía mundial en 2025 continúa sometida a transformacións estruturais profundas. Estes cambios non afectan só a estas cifras macroeconómicas senón tamén á forma na que os países producen, comercian, invisten, innovan e organizan os seus mercados laborais.

Entre as transformacións máis relevantes destacan a dixitalización e o rápido desenvolvemento da intelixencia artificial, a transición enerxética, a reorganización das cadeas globais de valor e os cambios no mercado laboral derivados da automatización e das novas tecnoloxías. Estes procesos están modificando a competitividade das economías, a distribución internacional da produción e as oportunidades de desenvolvemento dos distintos países.

O ano 2025 transcorre nun contexto internacional máis fragmentado que nas décadas anteriores. A globalización avanza, pero non o fai só baixo criterios de eficiencia económica. Cada vez teñen máis peso a seguridade económica, a autonomía estratéxica, o control tecnolóxico, a redución da dependencia exterior e a capacidade dos países para protexer sectores considerados críticos.

Dixitalización e intelixencia artificial

A dixitalización segue sendo un dos principais motores de cambio da economía mundial. As empresas, as Administracións públicas e os fogares incorporan tecnoloxías dixitais ás súas actividades cotiás (o comercio electrónico, os servizos na nube, a automatización de procesos, a análise masiva de datos...). Dentro deste proceso destaca especialmente a intelixencia artificial (IA), que reúne as tecnoloxías capaces de realizar tarefas que normalmente requiren aptitudes humanas, como recoñecer patróns, xerar textos ou imaxes, tomar decisións, automatizar procesos ou analizar grandes volumes de información. En 2025, a IA consolídase como unha das tecnoloxías máis influentes no funcionamento da economía global.

O desenvolvemento da IA está a transformar numerosos sectores produtivos. Na industria permite mellorar a automatización, o mantemento predictivo e a eficiencia dos procesos de fabricación. Nos servizos financeiros facilita a análise de riscos, a detección de fraudes e a personalización de produtos. No comercio permite mellorar a loxística, a publicidade dixital e a atención ao cliente. Tamén se está aplicando á sanidade, á educación, á agricultura, ao transporte e á xestión pública.

Segundo estimacións do *Stanford IA Index*, o investimento global en tecnoloxías de intelixencia artificial aumentou de maneira significativa durante os últimos anos polo interese de empresas e gobernos por liderar esta transformación tecnolóxica. En 2025, o investimento mundial neste sector supera os 200.000 millóns de dólares.

As principais potencias económicas están reforzando as súas estratexias dixitais. Estados Unidos mantén unha posición de liderado grazas ao peso das súas grandes empresas tecnolóxicas, á súa capacidade de financiamento e á fortaleza do seu ecosistema de innovación. China tamén ocupa unha posición central, apoiada no tamaño do seu mercado, na súa capacidade industrial e na intervención estratéxica do Estado. A Unión Europea (UE), pola súa parte, intenta reforzar a súa autonomía tecnolóxica mediante regulación, investimento público, impulso á dixitalización empresarial e desenvolvemento de infraestruturas dixitais propias.

Con todo, esta transformación tamén é unha fonte potencial de aumento das desigualdades. A capacidade de aproveitar a IA non está repartida de maneira igualitaria. As economías avanzadas dispoñen de máis recursos financeiros, máis persoal cualificado, mellores infraestruturas dixitais e empresas con maior poder de investimento. Pola contra, moitos países en desenvolvemento teñen dificultades para garantir acceso universal a Internet, formar traballadores en competencias dixitais ou desenvolver sistemas propios de innovación.

Como consecuencia, a dixitalización pode aumentar a produtividade e crear novas oportunidades económicas, pero tamén ampliar a fenda tecnolóxica entre países. O risco é que os beneficios da revolución dixital se concentren nas economías xa máis avanzadas e nun número reducido de grandes empresas tecnolóxicas, mentres que outras rexións queden atrasadas.

Transición enerxética e cambio climático

Outra das grandes transformacións estruturais da economía mundial en 2025 é a transición enerxética. A substitución progresiva dun modelo baseado nos combustibles fósiles por outro baseado en fontes de enerxía máis limpas e sostibles está directamente relacionada co cambio climático, principalmente polo incremento das emisións de gases de efecto invernadoiro.

En 2025, moitos gobernos manteñen políticas orientadas a reducir as emisións, fomentar as enerxías renovables, mellorar a eficiencia enerxética e promover novos sectores industriais vinculados á economía verde. Esta transición enerxética non é só unha cuestión ambiental, senón tamén económica e xeopolítica, porque afecta a competitividade das empresas, a seguridade da subministración enerxética e a posición internacional dos países.

Segundo a Axencia Internacional da Enerxía, as enerxías renovables representan arredor do 32 % da xeración eléctrica mundial en 2025. Este dato mostra un avance significativo en comparación coa situación de hai unha década, aínda que tamén indica que a enerxía mundial segue dependendo en gran medida dos combustibles fósiles. O crecemento da enerxía solar e eólica foi particularmente importante nos últimos anos. A redución dos custos tecnolóxicos, as melloras na eficiencia dos paneis solares e dos aeroxeradores, os incentivos públicos para reducir a dependencia exterior e a maior preocupación polo cambio climático favoreceron a expansión destas fontes.

Malia todo, a transición enerxética tamén presenta notables dificultades. En primeiro lugar, require grandes volumes de investimento en infraestruturas, redes eléctricas, almacenamento de enerxía, transporte sostible e modernización industrial. En segundo lugar, xera custos de adaptación para sectores intensivos en enerxía, como a industria pesada, o transporte ou a automoción. En terceiro lugar, pode producir desigualdades se os custos da transición recaen de maneira desproporcionada sobre os fogares con menor renda ou sobre rexións dependentes de actividades tradicionais.

Reorganización do comercio internacional e das cadeas globais de valor

A organización do comercio internacional e das cadeas globais de valor está a cambiar de maneira significativa. Durante as décadas de maior expansión da globalización moitas empresas organizaron a súa produción buscando principalmente reducir custos e mellorar a eficiencia, o que levou á fragmentación internacional da produción e ao forte crecemento do comercio mundial. Porén, as crises recentes puxeron de manifesto a vulnerabilidade deste modelo. A pandemia da COVID-19, os

problemas nas cadeas de subministración, a guerra en Ucraína, as tensións entre Estados Unidos e China e o aumento da incerteza xeopolítica fixeron que empresas e gobernos reconsiderasen as súas estratexias produtivas.

En 2025, moitas empresas continúan diversificando provedores e reorganizando as súas cadeas de subministración para reducir riscos. Neste contexto aparecen conceptos como *nearshoring* (trasladar parte da produción a países próximos xeograficamente ao mercado final), *reshoring* (devolver actividades produtivas ao país de orixe) e *friendshoring* (concentrar relacións comerciais e produtivas en países considerados aliados ou politicamente máis fiables). Aínda que estes procesos non implican a desaparición da globalización, si supoñen unha transformación do seu funcionamento.

O comercio internacional segue sendo fundamental, pero está máis condicionado por criterios de seguridade, control tecnolóxico e autonomía estratéxica. Sectores como os semicondutores, a enerxía, a defensa, os medicamentos, a alimentación, as materias primas críticas ou a intelixencia artificial pasaron a ser considerados estratéxicos por moitos gobernos.

A esta reorganización das cadeas globais súmanse novas barreiras ao comercio. As barreiras comerciais son obstáculos que dificultan ou encarecen o intercambio de bens e servizos entre países. Tradicionalmente, as máis visibles foron os aranceis, mais en 2025 gañan importancia as barreiras non arancelarias, que son requisitos ou normas que non adoptan a forma dun imposto directo, malia que condicionan o acceso aos mercados.

Entre estas barreiras non arancelarias destacan as regulacións técnicas, os requisitos sanitarios e fitosanitarios, as normas de seguridade, os procedementos de certificación, os controis de calidade, as esixencias ambientais e os trámites administrativos. Estas medidas poden ter obxectivos lexítimos, como protexer a saúde, garantir a seguridade dos consumidores ou preservar o medio ambiente, aínda que tamén poden aumentar os custos para as empresas exportadoras e dificultar a participación de determinados países no comercio internacional.

O impacto destas barreiras non é igual para todos. As economías avanzadas adoitan dispoñer de máis recursos para cumprir os estándares internacionais; mentres que os países menos adiantados se enfrontan a maiores dificultades para adaptarse, o que impide que parte das súas exportacións potenciais cheguen aos grandes mercados internacionais.

En consecuencia, a reorganización do comercio mundial presenta unha dobre cara. Por unha banda, pode aumentar a resiliencia das economías e reducir a dependencia excesiva de provedores afastados ou politicamente inestables. Por outra, pode facer o comercio internacional máis fragmentado, máis custoso e menos accesible para os países con menor nivel de desenvolvemento.

Cambios no mercado laboral global

As transformacións tecnolóxicas, produtivas e comerciais tamén están modificando os mercados laborais. A dixitalización, a automatización e a intelixencia artificial están cambiando o tipo de tarefas que realizan os traballadores, as competencias que demandan as empresas e a organización interna de moitos sectores.

A automatización non implica necesariamente a desaparición completa dos empregos, pero si unha transformación das funcións que se realizan dentro de cada posto de traballo. Algunhas tarefas rutinarias poden ser substituídas por tecnoloxía, mentres crecen as necesidades de perfis cualificados en programación, análise de datos, ciberseguridade, mantemento tecnolóxico, xestión dixital ou deseño de procesos.

Segundo o Foro Económico Mundial, o mercado laboral global non só se enfronta á creación e destrución de empregos, senón tamén á transformación interna das ocupacións existentes.

Este proceso xera oportunidades e riscos. Entre as oportunidades destacan o aumento da produtividade, a creación de novos sectores de actividade, a mellora da eficiencia empresarial e a aparición de empregos vinculados á economía dixital e verde. Entre os riscos sobresaen a desaparición de determinados postos rutineiros, a precarización dalgunhas actividades, a polarización entre traballadores cualificados e non cualificados e o incremento das desigualdades salariais.

A formación continua convértese nun elemento central, os traballadores precisan actualizar as súas competencias ao longo da vida laboral para adaptarse aos cambios tecnolóxicos. Ao mesmo tempo, os sistemas educativos e as políticas públicas deben responder con maior rapidez ás novas necesidades do mercado de traballo.

En 2025, os países con maior capacidade para investir en educación, formación profesional, competencias dixitais e innovación están mellor situados para beneficiarse destes cambios. Pola contra, aqueles con sistemas educativos máis débiles, menor acceso á tecnoloxía ou maior informalidade laboral poden ver ampliadas as súas dificultades.

En síntese, as transformacións estruturais da economía mundial en 2025 mostran unha economía global en cambio profundo. A dixitalización, a intelixencia artificial, a transición enerxética, a reorganización do comercio internacional e a transformación do emprego ofrecen oportunidades para mellorar a produtividade e avanzar cara a modelos máis sostibles. Non obstante, tamén poden aumentar as desigualdades entre países, empresas e traballadores se non van acompañadas de investimento, formación, cooperación internacional e políticas públicas adecuadas.

A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible

A economía mundial en 2025 continúa crescendo, a inflación tende a moderarse e as transformacións tecnolóxicas e enerxéticas avanza con rapidez. Porén, estes progresos non se traducen automaticamente nunha mellora equilibrada das condicións de vida da poboación mundial. A cuestión central xa non é só se a economía mundial medra, senón se ese crecemento permite avanzar cara a un desenvolvemento máis xusto, sostible e compartido.

O informe das Nacións Unidas sobre os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) aprobados en 2015 indica que só o 35 % das metas con datos dispoñibles están ben encamiñadas ou avanza de forma moderada; mentres que case a metade progresan demasiado lentamente, e un 18 % retrocederon. Isto resume a situación: existen avances reais, pero insuficientes para cumprir a Axenda 2030 no prazo previsto.

A principal dificultade non está na falta de diagnósticos nin de compromisos, senón na capacidade real de transformar esas intencións en resultados concretos. O cumprimento dos ODS depende de múltiples factores: crecemento económico, financiamento público, cooperación internacional, estabilidade política, capacidade institucional e acceso á tecnoloxía.

O contexto actual é moito máis complexo que o de 2015, xa que nesta última década se produciron crises encadeadas: a pandemia da COVID-19, o aumento da inflación, o encarecemento da enerxía e dos alimentos, a guerra en Ucraína, os conflitos en Oriente Medio, o endurecemento das condicións financeiras e unha maior frecuencia de fenómenos climáticos extremos. Estas crises tiveron efectos acumulativos que levaron a moitos países a incrementar o gasto público para compensar os impactos e protexer a poboación, pero a subida dos tipos de xuro encareceu a débeda, reducindo a capacidade de financiamento no futuro.

Pobreza e vulnerabilidade social

O ODS 1, relativo á fin da pobreza, continúa sendo un dos máis difíciles de cumprir. En 2025, máis de 800 millóns de persoas viven en pobreza extrema. Ademais, só unha minoría de países está en camiño de reducir de forma significativa a súa pobreza antes de 2030.

A pobreza non se limita aos casos máis extremos. O Banco Mundial estima que miles de millóns de persoas viven con ingresos baixos, o que reflicte unha situación de vulnerabilidade moi ampla. A inflación recente tivo un impacto especialmente negativo nos fogares con menor renda. O encarecemento dos alimentos, da enerxía e da vivenda reduciu o poder adquisitivo das familias máis vulnerables.

O ODS 2, centrado na fame e na seguridade alimentaria, tamén presenta graves dificultades. Case unha de cada once persoas padece fame e máis de 2.000 millóns sofren inseguridade alimentaria. A situación está relacionada non só coa pobreza, senón tamén cos conflitos armados, co cambio climático, co aumento dos prezos e coa dependencia das importacións.

Saúde, educación e traballo decente

O ODS 3, dedicado á saúde, mostra avances, como a redución da mortalidade materna e infantil. Porén, as cifras mantéñense elevadas e existen fortes desigualdades entre países. Moitos sistemas sanitarios continúan sendo fráxiles, sobre todo nos países con menos recursos.

No ámbito educativo (ODS 4), en 2025 conségtase un incremento relevante no acceso á escola desde 2015, pero aínda hai 272 millóns de nenos e mozos que permanecen fóra do sistema educativo. As diferenzas en porcentaxe de escolarización entre países de renda alta e baixa son moi grandes, e están en boa medida determinadas por factores como a pobreza, a falta de recursos ou os conflitos. A educación é clave para mellorar as oportunidades laborais e reducir a pobreza; a súa falta pode perpetuar a desigualdade.

En canto ao emprego (ODS 8), o crecemento económico non garante traballo digno. A taxa de desemprego mundial é relativamente baixa, pero preto do 58 % dos traballadores están na economía informal, sen protección laboral, e o traballo infantil aínda persiste.

Desigualdade, débeda e falta de financiamento

A desigualdade (ODS 10) segue sendo un dos grandes retos. Non se refire só aos ingresos, senón tamén ás diferenzas no acceso a servizos básicos como saúde, educación ou tecnoloxía.

A ONU sinala que os países en desenvolvemento afrontan unha brecha anual de financiamento de arredor de 4 billóns de dólares para cumprir os ODS. Isto amosa que o problema non é só político, senón tamén financeiro; os países con maior capacidade económica seguen avanzando, mentres que outros quedan descolgados debido á pobreza, á débeda ou á inestabilidade.

Os países desenvolvidos teñen máis capacidade para financiar servizos públicos, mentres que os países en desenvolvemento dispoñen de menos recursos. E dentro dos propios estados, o crecemento económico non sempre se distribúe de forma equitativa, o que pode ampliar a separación entre ricos e pobres.

A débeda é outro problema clave. Moitos países destinan grandes cantidades ao seu pagamento, o que reduce os recursos dispoñibles para políticas públicas. Asemade, a falta de financiamento limita o investimento necesario para cumprir os ODS.

Este contexto crea un círculo difícil de romper: as nacións máis pobres necesitan investir máis, pero teñen menos capacidade para facelo. Ademais, a axuda internacional ao desenvolvemento reduciuse recentemente, o que agrava a situación.

Acción climática e xustiza ambiental

O cambio climático (ODS 13) é un dos desafíos máis graves. En 2024 rexistrouse a temperatura máis alta da historia, o que evidencia que o avance na acción climática é insuficiente.

A resposta ao cambio climático require dúas liñas de actuación: a mitigación (reducir emisións) e a adaptación (diminuír os impactos). Aínda que hai avances en políticas climáticas e prevención de danos, os recursos dispoñibles son insuficientes.

O impacto do cambio climático é global, pero non afecta a todos por igual. Os países máis vulnerables, que contribuíron menos ás emisións, son os máis prexudicados polas secas, inundacións e outros fenómenos extremos. Ademais, a transición ecolóxica debe ser xusta. Se os custos se concentran nos grupos máis vulnerables, poden xurdir resistencias sociais que dificulten o proceso.

Paz, migracións e crises humanitarias

A paz e as institucións (ODS 16) son fundamentais para o desenvolvemento. En 2025, os conflitos armados seguen sendo un dos principais obstáculos. Provocan destrución, interrompen a actividade económica e dificultan a aplicación de políticas públicas. Os conflitos tamén teñen efectos económicos globais, ao influír nos prezos da enerxía e dos alimentos, nas cadeas de subministración e na estabilidade financeira.

Unha das consecuencias máis visibles é o aumento dos desprazamentos forzosos. Máis de 117 millóns de persoas víronse obrigadas a abandonar os seus fogares por guerras, persecución ou crises. Este fenómeno afecta a numerosos ODS, desde a pobreza ata a educación e a saúde.

Ademais, a xestión internacional das migracións é desigual, xa que moitos países con menos recursos soportan unha gran parte da carga.

Valoración final: unha axenda en risco

En conxunto, 2025 mostra avances parciais, pero non suficientes para cumprir a Axenda 2030. A economía mundial continúa medrando, pero este crecemento non resolve problemas fundamentais como a pobreza, a desigualdade ou o cambio climático.

Os datos globais confirman: centos de millóns de persoas seguen en pobreza extrema; miles de millóns sofren inseguridade alimentaria; millóns de nenos non teñen acceso á educación; a maior parte do emprego é informal, e persiste unha gran falta de financiamento.

Para recuperar a viabilidade da Axenda 2030 será necesario reforzar o financiamento internacional, aliviar a débeda dos países máis vulnerables, acelerar a acción climática, mellorar os sistemas públicos e fortalecer a cooperación global. Sen estes cambios, o cumprimento dos ODS seguirá en risco.

Conclusión e perspectivas

En conxunto, 2025 foi un ano de crecemento moderado, estabilización parcial da inflación e continuidade das transformacións estruturais da economía mundial. A actividade económica global evitou unha desaceleración intensa, pero viuse limitada por importantes riscos: a fragmentación xeopolítica, o elevado endebedamento, as condicións financeiras aínda restritivas e a desigual capacidade dos países para adaptarse aos cambios tecnolóxicos, enerxéticos e comerciais.

A principal característica do ano foi a desigualdade do crecemento. As economías avanzadas medraron a un ritmo reducido, mentres que as economías emerxentes, especialmente Asia, continuaron liderando a expansión global. Ao mesmo tempo, a dixitalización, a intelixencia artificial, a transición enerxética e a reorganización das cadeas globais de valor confirmaron que a economía mundial está entrando nunha etapa distinta, na que a competitividade dependerá cada vez máis da innovación, da autonomía estratéxica, da seguridade económica e da capacidade de adaptación dos traballadores e das empresas.

No caso de España, 2025 pode considerarse un ano positivo, cun crecemento superior ao da zona euro, unha evolución favorable do emprego e unha corrección gradual dos desequilibrios fiscais. Porén, tamén se manteñen retos importantes: a baixa produtividade, o paro xuvenil, a inflación aínda por riba do obxectivo, a elevada débeda pública e a necesidade de reforzar o investimento tecnolóxico e produtivo. O principal desafío será transformar o bo comportamento do emprego nun crecemento máis baseado na produtividade, na innovación e na mellora da calidade do traballo.

Desde a perspectiva social e ambiental, o ano 2025 mostra que o crecemento económico non garante por si só un desenvolvemento equilibrado. A Axenda 2030 continúa en risco: a pobreza extrema, a inseguridade alimentaria, as desigualdades, os conflitos, os desprazamentos forzosos e o cambio climático limitan o avance dos obxectivos de desenvolvemento sostible. Isto evidencia que a estabilidade macroeconómica debe acompañarse de políticas públicas, financiamento internacional e cooperación multilateral para que o crecemento se traduza nunha mellora real das condicións de vida.


De cara aos próximos anos, as perspectivas dependerán da capacidade das economías para combinar estabilidade, produtividade, sostibilidade e cohesión social. Será necesario acelerar a transición enerxética, reducir a fenda dixital, adaptar os mercados laborais ás novas tecnoloxías, reforzar a cooperación internacional e mobilizar máis recursos para os países con menor capacidade financeira. En definitiva, o reto non será só manter o crecemento económico, senón conseguir que este sexa máis sostible, inclusivo e resistente fronte ás crises futuras.

II. Mercado de traballo

- Galicia pecha 2025 co maior aumento da ocupación da última década.
- As mulleres concentran o avance do emprego en Galicia.
- O mercado laboral premia a formación e reduce o peso dos perfís menos cualificados.
- A inmigración consolídase como motor da creación de emprego.
- Galicia segue cunha presenza de traballadores estranxeiros moi inferior á media estatal.
- Poucos mozos e moitos veteranos: o reto demográfico do mercado laboral galego.
- Galicia e España diverxen na recuperación do traballo por conta propia.
- O paro baixa, pero a formación segue marcando a fronteira da desigualdade laboral.
- Galicia rompe a tendencia e supera a inflación estatal no arranque de 2026.
- O encarecemento do petróleo devolve a inflación por riba do 3 %.
- A inflación estabilízase, pero a incerteza internacional frea a relaxación monetaria.
- Os salarios pactados volven gañar poder adquisitivo tras o impacto inflacionista de 2022.
- A industria lidera o aumento dos custos laborais en Galicia durante 2025.
- 15.000 vacantes? Galicia necesita afinar a medición do desaxuste laboral.
- Galicia mira o absentismo, pero o maior impacto pode estar no presentismo.
- A EPA galega queda sen mostra ampliada e reduce a súa capacidade de detalle.

Introdución

O mercado laboral galego reforzou a súa recuperación en 2025. Segundo os datos da enquisa de poboación activa (EPA), Galicia pechou o ano cun incremento interanual da ocupación do 2,91 % no cuarto trimestre, equivalente a 33.600 persoas ocupadas máis que no mesmo período do ano anterior.




A comunidade consolida así a senda de creación de emprego iniciada tras a pandemia. Desde 2020, Galicia encadea cinco exercicios consecutivos de crecemento da ocupación e remata 2025 con 106.000 persoas ocupadas máis que no cuarto trimestre dese ano. O avance rexistrado en 2025 é, ademais, o maior en termos absolutos da última década.

A evolución galega supera con claridade tanto a media da Unión Europea, onde a ocupación medrou un 0,7 %, como o incremento rexistrado no Norte de Portugal,

situado no 1,7 %. Trátase dun cambio relevante respecto dos últimos anos, nos que a diferenza viña sendo favorable á rexión portuguesa.

Os datos de afiliación do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións confirman esta dinámica positiva. Galicia finalizou 2025 con 1.086.290 afiliacións, 15.917 máis que en decembro de 2024, o que supón a cifra máis alta da serie para un mes de decembro.





A mellora do mercado laboral galego desde 2020 tamén se aprecia nos datos avanzados da Contabilidade trimestral do Instituto Galego de Estatística sobre a estimación de postos de traballo. Esta fonte, que analiza a evolución dos postos de traballo, dos postos equivalentes a tempo completo e das horas traballadas, permite observar con claridade a perda de intensidade na creación de emprego tras o rebote inicial posterior á pandemia.

Despois do forte avance rexistrado en 2021, o ritmo de crecemento da ocupación foi moderándose ano a ano ata 2024.

En 2025, con todo, os indicadores apuntan unha lixeira recuperación da senda expansiva, tal e como reflicte o gráfico 2.

Nun escenario internacional marcado pola inestabilidade política, coa guerra en Ucraína enquistada e o conflito en Palestina como foco permanente de tensión, 2025 confirmou que a economía europea seguía exposta a riscos externos de primeiro nivel. A presión sobre os prezos da enerxía, a persistencia da inflación e a fragilidade das cadeas globais de subministración volveron situarse como ameazas latentes para o crecemento. Con todo, España destacou entre as grandes economías europeas por unha resistencia pouco habitual, apoiada nun mercado laboral que pechou o ano con novos máximos de afiliación e coa cifra de paro máis baixa en 18 anos.



A fortaleza española, porén, non tivo a mesma intensidade en Galicia. A comunidade mantivo unha evolución positiva do emprego, pero sen conseguir acompañar o ritmo do conxunto da economía española, o que amplía progresivamente a brecha en termos de ocupación e rendas salariais (gráfico 3 e gráfico 4). Neste contexto, o diferencial galego non pode interpretarse só como unha consecuencia da conxuntura internacional, senón tamén como o reflexo de limitacións estruturais propias: menor dinamismo demográfico, menor capacidade de atracción de actividade e unha creación de emprego menos intensa que a media estatal.

Os bos resultados dos principais indicadores económicos agregados (como a redución da taxa de desemprego ou a evolución positiva da renda *per cápita*) contribúen a suavizar a lectura da situación socioeconómica galega. A fotografía xeral é favorable, pero non abonda para ocultar algunhas debilidades de fondo que poden condicionar a capacidade de crecemento da comunidade a medio e longo prazo.

O principal risco é que esta mellora aparente conviva cunha perda progresiva de dinamismo fronte ao conxunto da economía española. Neste escenario, a distancia entre Galicia e España continúa ampliándose e, de cumprirse as previsións macroeconómicas oficiais, podería facelo con máis intensidade nos próximos anos. As estimacións dispoñibles apuntan a que o crecemento do emprego en España para o período 2025-2028 duplicará as taxas anuais previstas para Galicia polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Os datos presentados no cadro macroeconómico de Galicia mostran unha significativa redución na taxa de

crecemento da ocupación nos próximos anos, pasando do 1,2 % en 2025 ao 0,3 % en 2029.¹



En síntese, como recolle a figura 1, o mercado laboral galego mellorou entre 2024 e 2025, aínda que cunha redución do desemprego máis moderada do que podería suxerir o avance da ocupación. A taxa de paro baixou arredor dun punto porcentual, desde o 9,37 % ata o 8,35 %. No mesmo período, a poboación activa medrou en 14.800 persoas e a ocupación subiu en 26.500, cun protagonismo moi destacado das mulleres, que concentraron o

¹ https://www.ige.gal/estatico/html/gl/OperacionsConxunturais/Resumo_Resultados_EscenarioMacroeconomico_2026.html#escenario-macroeconomico-2025-2029

94 % dese incremento. O resultado foi unha caída de 11.700 persoas desempregadas, das cales o 54 % eran mulleres.

Como xa acontecera noutras etapas de forte recuperación do emprego, a redución do paro está a ser máis contida que o aumento da ocupación. A razón é que o maior dinamismo do mercado laboral tamén actúa como estímulo para que persoas que permanecían á marxe da procura activa de emprego decidan incorporarse a ela. Ao mesmo tempo, a mellora das oportunidades laborais pode atraer man de obra procedente do exterior, ampliando a oferta dispoñible e moderando o impacto da creación de emprego sobre a taxa de desemprego.

De feito, nos últimos cinco anos, o 68 % do incremento da poboación activa en Galicia corresponde a persoas sen nacionalidade española. Este fenómeno axuda a explicar por que o avance da ocupación non se traduce de forma automática nunha caída máis intensa do desemprego. Pero tamén introduce unha lectura positiva: o crecemento da poboación activa estranxeira pode contribuír, cando menos parcialmente, a corrixir algúns dos desaxustes que a evolución demográfica galega está a provocar no mercado laboral.

A remuda xeracional converteuse xa nun dos principais desafíos para moitas ocupacións e sectores de actividade. O problema non responde só ao envellecemento da poboación, senón tamén ao desaxuste entre o perfil dos empregos que se están a crear e o das persoas desempregadas en Galicia. Nese contexto, cubrir determinadas vacantes empeza a parecer unha tarefa cada vez máis complexa, mesmo nun escenario de creación de emprego.

Caracterización da evolución da ocupación en Galicia

O mercado laboral galego volveu pechar 2025 con sinais positivos, prolongando a senda de recuperación iniciada tras o impacto da pandemia. A EPA confirma esta evolución ao estimar un incremento medio anual de 26.500 persoas ocupadas no último ano. Este novo avance reforza a idea dunha mellora sostida do emprego en Galicia, nun contexto no que a comunidade continúa gañando ocupación e consolidando os niveis acadados nos exercicios anteriores.


A evolución rexistrada nos últimos anos permite observar unha mellora sostida do mercado laboral galego. En comparación co cuarto trimestre de 2020, a comunidade conta actualmente con 106.000 persoas ocupadas máis, unha cifra que reflicte a intensidade da recuperación experimentada desde entón.

Nas seguintes páxinas analízanse as principais tendencias da ocupación tanto a curto como a medio prazo, segundo a súa evolución entre distintos colectivos e as características máis relevantes do emprego en Galicia.

Evolución do emprego por sexo: as mulleres monopolizan o aumento da ocupación

O emprego feminino consolidouse como o principal motor da recuperación laboral en Galicia. Segundo se desprende do gráfico 5, desde 2021 o avance da ocupación foi máis favorable para as mulleres, aínda que a diferenza respecto dos homes foi reducindo a súa intensidade ano tras ano. Con todo, en 2025 produciuse un novo punto de inflexión: o 94 % do incremento da ocupación concentrouse no emprego feminino.

As mulleres protagonizaron a recuperación do emprego en Galicia entre 2020 e 2025. Tres de cada catro novos postos de traballo creados neste período foron ocupados por mulleres, un avance que elevou a súa presenza no mercado laboral galego ata o 49,3 % do total da ocupación. A cifra supón 2,3 puntos máis que en 2020 e sitúa Galicia case 2,8 puntos por enriba da media española, onde as mulleres representan o 46,6 % das persoas ocupadas.



Con estes datos, Galicia colócase á cabeza do Estado en participación feminina no emprego e reduce a fenda de xénero agregada ata niveis próximos á súa desaparición. A distancia é especialmente significativa respecto doutras comunidades como Castela-A Mancha, onde as mulleres supoñen o 42,9 % da ocupación; Murcia, cun 43,7 %, ou Andalucía, cun 44,7 %. Madrid e o País Vasco presentan valores máis próximos, aínda que tamén inferiores aos galegos.

Porén, a distribución do emprego feminino por ramas de actividade revela dife-

renzas importantes. Hai sectores nos que as mulleres superan o 90 % da ocupación, como a asistencia en establecementos residenciais, os servizos sociais sen aloxamento, as actividades asociativas ou a confección de roupa de vestir. No extremo contrario, a súa presenza non chega ao 30 % en actividades como a venda e reparación de vehículos de motor, o comercio por xunto, a programación e consultoría informática ou o transporte terrestre e por tubaxe.

En termos xerais, Galicia presenta unha distribución sectorial do emprego feminino semellante á do conxunto de España, malia que con diferenzas salientables en ramas como as actividades das sedes centrais, as actividades asociativas ou a agricultura, gandería, caza e servizos relacionados, tal e como recolle o cadro 1.

Cómpre lembrar, porén, que a boa evolución do emprego feminino nas fases de expansión económica non sempre se traduce en descensos da taxa de paro tan intensos como no caso dos homes. As mulleres amosan unha maior sensibilidade ao ciclo económico á hora de decidir a súa participación no mercado laboral, o que limita a redución da fenda de xénero no desemprego durante os períodos de crecemento.

Cadro núm. 1
Peso do emprego feminino na ocupación por rama de actividade (en %)
Ramas de actividade con máis de 5.000 mulleres ocupadas


Rama de actividade	Galicia	España	Diferenza
97 Actividades dos fogares	97,07	87,77	9,30
87 Asistencia en establecementos residenciais	94,86	85,08	9,78
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	90,50	86,29	4,21
94 Actividades asociativas	85,94	63,00	22,94
14 Confección de roupa de vestir	84,83	74,28	10,55
70 Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	81,81	52,19	29,62
86 Actividades sanitarias	78,04	74,43	3,61
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	76,53	59,79	16,73
96 Outros servizos persoais	76,53	73,33	3,20
81 Servizos a edificios e actividades de xardinería	72,10	62,14	9,96
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	71,15	61,19	9,96
85 Educación	69,42	70,49	-1,07
47 Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	69,40	60,51	8,90
55 Servizos de aloxamento	61,03	56,69	4,35
56 Servizos de comidas e bebidas	55,64	53,12	2,52
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	49,44	44,36	5,08
10 Industria da alimentación	44,73	42,03	2,69
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	43,72	26,02	17,69
74 Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	39,12	50,88	-11,76
71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; ensaios e análises técnicas	36,00	37,25	-1,24
45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	29,53	15,09	14,45
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	25,78	34,60	-8,82
62 Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática	24,52	24,70	-0,17
49 Transporte terrestre e por tubaxe	22,00	15,03	6,98
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	18,30	16,06	2,25
Total	49,71	46,55	3,15

Fonte: Microdatos da EPA (cuarto trimestre 2025), INE.

De feito, tras unha forte redución da brecha de xénero na taxa de paro en 2024, esta volveu ampliarse en 2025, aínda que con diferenzas significativas segundo o territorio. Malia isto, Galicia mantén unha posición máis favorable que o conxunto do Estado: o diferencial na taxa de paro por razón de xénero situouse en 2025 en 2,1 puntos, fronte aos 5,2 puntos rexistrados na media española.

O emprego medra entre a poboación con maior formación, mentres perde peso entre as persoas con niveis educativos máis baixos

A evolución da ocupación por nivel educativo confirma unha das tendencias máis claras do mercado laboral galego nos últimos anos: o emprego crece entre a poboación con maior formación, mentres perde peso entre as persoas con niveis educativos máis baixos. A recuperación posterior á crise da pandemia non se distribuíu, polo tanto, de maneira homoxénea, senón que reforzou o papel da cualificación como factor decisivo de acceso e permanencia no emprego. Os datos amosan que as persoas con estudos superiores foron as que mellor resistiron os efectos dos últimos *shocks* económicos. Esta dinámica só se viu parcialmente alterada en 2023, coincidindo cunha forte incorporación á ocupación de poboación inmigrante.




O gráfico 6 evidencia con claridade a capacidade protectora do nivel educativo ante situacións adversas. Durante 2020, ano marcado polo impacto da pandemia e polas restricións á actividade económica, a ocupación caeu con máis intensidade entre os traballadores con menor formación. Pola contra, o grupo con maior nivel educativo non só resistiu mellor a crise, senón que foi o único que mesmo rexistrou un incremento da ocupación nese exercicio.

Esta evolución confirma que a formación actúa como un elemento de resiliencia laboral. Os traballadores máis cualificados adoitan concentrarse en sectores e ocupacións menos expostos á destrución inmediata de emprego, con maior capacidade de adaptación ao teletraballo, menor temporalidade relativa e máis posibilidades de manter a actividade en contextos de incerteza. En cambio, os perfís con menor nivel educativo continúan máis vinculados a actividades presenciais, máis sensibles ao ciclo económico e con maiores taxas de rotación laboral.

En conxunto, a recuperación do emprego en Galicia reforzou a fenda educativa no mercado de traballo. A creación de ocupación concéntrase cada vez máis nos niveis formativos altos, mentres os grupos con menor cualificación perden presenza relativa. Esta tendencia introduce un reto estrutural de primeira orde: mellorar a formación, a recualificación e a inserción laboral da poboación con menor nivel educativo para evitar que a recuperación deixe atrás os colectivos máis vulnerables.

A inmigración consolídase como motor da creación de emprego en Galicia

A evolución da ocupación por nacionalidade amosa que a recuperación do mercado laboral galego tivo dúas fases claramente diferenciadas. O impacto inicial da pandemia concentrouse sobre a poboación nacional: en 2020, este colectivo rexistrou unha forte caída da ocupación, mentres que o emprego entre a poboación estranxeira aínda mantivo un lixeiro avance. A partir de 2021, porén, o mercado laboral iniciou unha recuperación sostida, malia que con composicións distintas segundo o ano.



No primeiro tramo da recuperación, o crecemento apoiouse sobre todo na poboación nacional. En 2021, a ocupación entre os nacionais aumentou con forza, mentres que a correspondente á poboación estranxeira retrocedeu. Esta dinámica mudou a partir de 2022, cando os traballadores estranxeiros pasaron a desempeñar un papel maior na creación de emprego. Ese ano, de feito, o incremento da ocupación estranxeira superou amplamente o da poboación nacional, anticipando unha tendencia que se consolidaría nos exercicios posteriores.

O ano 2023 marcou un dos momentos de maior dinamismo, cun avance simultáneo dos dous colectivos: 16,6 entre os nacionais e 8,4 entre os estranxeiros. En 2024, a creación de emprego mantívose, pero cun ritmo máis moderado e cunha achega case idéntica de ambos os grupos. Confírmase así unha recuperación cada vez máis apoiada na incorporación de poboación estranxeira ao mercado de traballo.

A lectura máis recente, correspondente a 2025, volve situar a creación de emprego en niveis moi elevados. O aumento total acadou os 26.500, ocupados resultado dun incremento de 16.600 entre a poboación nacional e de 9.900 entre a estranxeira. Isto significa que arredor de catro de cada dez novos ocupados corresponden xa a persoas estranxeiras, unha proporción que confirma o papel crecente da inmigración na expansión do emprego en Galicia. Recordemos que o peso dos estranxeiros no total da ocupación galega está próximo ao 7 %, o que dá conta do cambio de tendencia nos últimos anos.

En conxunto, o gráfico 7 mostra que, tras o golpe da pandemia, a recuperación laboral galega non só foi intensa, senón tamén cada vez máis diversa na súa composición. A poboación nacional segue a achegar a maior parte do aumento da ocupación, mais a contribución da poboación estranxeira converteuse nun factor clave para explicar o dinamismo recente do mercado de traballo.

Galicia mantén unha presenza de traballadores estranxeiros moi por baixo da media estatal

Os datos de afiliación do último mes de 2025 confirman a importancia da poboación estranxeira no mercado laboral galego, malia que tamén evidencian unha distancia notable respecto ao conxunto de España. Esta fonte administrativa permite analizar con detalle como se distribúe o emprego internacional por ramas de actividade e identificar en que sectores a súa presenza resulta máis relevante.

A fotografía sectorial amosa unha ampla heteroxeneidade. No total das actividades, os traballadores estranxeiros representan o 6,86 % da afiliación en Galicia, fronte a 13,87 % no conxunto de España. É dicir, o peso relativo da poboación estranxeira no mercado laboral galego sitúase practicamente na metade da media estatal.

As maiores porcentaxes en Galicia concéntranse na hostalería, no transporte e almacenamento e na construción. Trátase de sectores intensivos en man de obra e cunha maior capacidade de absorción de poboación migrante, un patrón que tamén se observa no conxunto do Estado. A hostalería destaca especialmente, co 19,03 % de afiliación estranxeira en Galicia, aínda lonxe do 30,79 % rexistrado en España.

A comparación estatal permite medir tamén a marxe de percorrido que ten Galicia. As diferenzas máis acusadas aparecen nas actividades inmobiliarias, onde España supera a Galicia en 13,80 puntos

Cadro núm. 2

Peso dos afiliados estranxeiros por seccións de actividade (en %)

Sección de actividade	Galicia	España
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	5,22	8,90
B. Industrias extractivas	6,00	6,51
C. Industria manufacturera	5,47	10,26
D. Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1,29	4,18
E. Subministración de auga, actividades de saneamento. Xestión de residuos e descontaminación	2,27	6,98
F. Construción	10,58	22,60
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	5,98	13,53
H. Transporte e almacenamento	11,23	19,81
I. Hostalería	19,03	30,79
J. Información e comunicacións	5,40	15,82
K. Actividades financeiras e de seguros	1,60	6,12
L. Actividades inmobiliarias	3,82	17,62
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	4,05	11,70
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	7,88	18,22
O. Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	0,78	1,31
P. Educación	3,50	6,63
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	4,66	7,19
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	6,39	12,18
S. Outros servizos	6,87	16,14
T. Actividades dos fogares como empregadores	5,59	10,06
Todas as seccións	6,86	13,87

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

porcentuais; na construción, cunha fenda de 12,02 puntos; na hostalería, con 11,76 puntos, e en información e comunicacións, con 10,42 puntos de diferenza.

Estes datos apuntan a un mercado laboral galego menos internacionalizado que o español, incluso en actividades nas que a presenza de traballadores estranxeiros adoita ser elevada. A estrutura produtiva, a menor presión demográfica migratoria e as características propias do tecido empresarial galego poden contribuír a explicar esta distancia.

No extremo contrario, os sectores con menor peso da afiliación estranxeira en Galicia son a Administración pública, cun 0,78 %; a enerxía, cun 1,29 %; as actividades financeiras e de seguros, cun 1,60 %, e o sector da auga e saneamento, cun 2,27 %. Estas son ramas máis reguladas, con maior presenza de emprego público ou cualificado e nas que a incorporación de traballadores estranxeiros resulta máis limitada.


En conxunto, Galicia reproduce o patrón sectorial español, pero cunha intensidade migratoria moito menor. A afiliación estranxeira ten xa unha presenza significativa na hostalería, na construción e no transporte, pero o diferencial co conxunto de España amosa que o mercado laboral galego segue a depender menos da man de obra estranxeira que a media estatal.

Galicia conta con poucos mozos para tantos traballadores veteranos

En 2025, por cada ocupado de entre 16 e 24 anos había 5,61 traballadores maiores de 55 anos, a *ratio* máis elevada entre as comunidades autónomas e moi por enriba da media estatal, situada en 3,51. A comparación con 2021 mostra, con todo, unha certa mellora. Na maioría dos territorios redúcese o peso relativo dos ocupados de máis idade fronte aos máis novos, o que apunta a unha recuperación parcial da presenza xuvenil no emprego tras os anos posteriores á pandemia, onde os traballadores mozos sufriron con maior intensidade a forte redución da actividade económica. Galicia tamén segue esta tendencia descendente, pero continúa situada nunha posición destacada polo elevado desequilibrio xeracional do seu mercado laboral.

O contraste territorial é significativo. Galicia, Asturias e Castela e León encabezan o indicador, todas elas por riba dos 5 ocupados maiores de 55 anos por cada traballador novo. Trátase de comunidades con fortes problemas de envellecemento demográfico, nos que a estrutura da ocupación reflicte tamén a menor incorporación de mozos ao mercado de traballo. No extremo contrario sitúanse Cataluña, Baleares, Murcia e Madrid, con *ratios* claramente inferiores á media galega. Cataluña presenta o valor máis baixo, con 2,60 ocupados maiores de 55 anos por cada ocupado novo, seguida

Gráfico 8
Evolución da ocupación por idade
Ocupados maiores de 55 anos por cada ocupado entre 16 e 24 anos (2021 e 2025)




de Baleares, con 2,70, e Murcia, con 2,79. Estas diferenzas evidencian mercados laborais cunha maior capacidade de incorporación de poboación nova ou cunha estrutura demográfica menos envellecida.

En conxunto, o gráfico 8 confirma que o reto xeracional segue a ser unha das principais debilidades do mercado laboral galego. A mellora rexistrada entre 2021 e 2025 non evita que Galicia continúe á cabeza do envellecemento da ocupación, unha realidade que condiciona o relevo xeracional, a dispoñibilidade futura de man de obra e a sostibilidade do crecemento económico nos próximos anos.

Galicia e España diverxen na recuperación do traballo por conta propia

A evolución da ocupación por situación profesional entre 2023 e 2025 mostra diferenzas relevantes entre Galicia e o conxunto de España. O contraste máis acusado aparece no traballo por conta propia: mentres en España medra con forza o número de traballadores independentes ou empresarios sen asalariados, en Galicia este colectivo rexistra unha lixeira caída. A situación inversa obsérvase entre os empresarios con asalariados, que soben en Galicia, pero retroceden de maneira notable no conxunto estatal.




mentres en España medra con forza o número de traballadores independentes ou empresarios sen asalariados, en Galicia este colectivo rexistra unha lixeira caída. A situación inversa obsérvase entre os empresarios con asalariados, que soben en Galicia, pero retroceden de maneira notable no conxunto estatal.

No emprego asalariado, a dinámica é máis homoxénea. Tanto Galicia como España rexistran avances no sector privado, malia que o crecemento é máis intenso na media estatal. Tamén aumenta a ocupación no sector público, cun incremento máis marcado en Galicia. En conxunto, o

gráfico 9 apunta a unha recuperación galega máis apoiada no emprego asalariado e no empresariado con persoal contratado, mentres que España presenta un comportamento máis expansivo no traballo autónomo e no emprego privado.

A evolución recente do traballo autónomo introduce tamén unha lectura crítica sobre a eficacia das políticas públicas dirixidas a este colectivo. Nos últimos anos, a Xunta puxo en marcha ou reforzou diferentes programas de apoio, como o Bono Autónomo, orientado á consolidación da actividade; Impacto Autónomo, concibido como resposta extraordinaria ao aumento dos custos; Xempre Autónomo, centrado nas novas altas; ou o Bono Remuda, destinado a facilitar o relevo xeracional nos negocios.



Porén, os datos do gráfico 10 suxiren que estas medidas non foron suficientes para consolidar unha senda estable de crecemento do emprego autónomo en Galicia. Tras a forte repunta de 2023, a ocupación entre os traballadores independentes perde impulso en 2024 e volve caer en 2025, mentres que no conxunto de España o traballo autónomo mantén unha traxectoria claramente ascendente. Esta diverxencia obriga a matizar o alcance destas axudas. As subvencións poden aliviar problemas de liquidez, facilitar investimentos puntuais ou evitar o peche dalgúns negocios,

pero non parecen abondar para corrixir os factores estruturais que condicionan o autoemprego en Galicia: envellecemento da poboación activa, falta de relevo xeracional, menor dinamismo demográfico, dificultades para gañar escala empresarial e unha menor capacidade de atracción de novos emprendedores.

Desde unha perspectiva de avaliación pública, o reto non é só mobilizar recursos, senón medir o seu impacto real. Cómpre saber cantos negocios sobreviven tres ou cinco anos despois de recibir a axuda; cantos empregos se manteñen ou se crean; que sectores se benefician, e se o apoio chega aos territorios con maiores problemas de relevo. Sen esa avaliación existe o risco de que estas políticas funcionen máis como instrumentos de compensación a curto prazo que como verdadeiras ferramentas de transformación do tecido autónomo galego.

En definitiva, a información obtida a partir da EPA amosa que Galicia continúa tendo unha debilidadade específica no traballo por conta propia. A política de axudas ao autónomo é necesaria, pero os datos indican que debe acompañarse dunha estratexia máis ampla de emprendemento, remuda xeracional, formación, dixitalización e fortalecemento empresarial para que o autoemprego deixe de perder peso na recuperación laboral galega.

Para pechar a análise da evolución da ocupación en Galicia, o cadro 3 sintetiza con claridade as principais transformacións do mercado laboral desde 2020. A primeira conclusión é que o emprego gaña estabilidade: medran os asalariados, avanza a xornada completa e consolídase o contrato indefinido, mentres a temporalidade mantén unha intensa corrección.

A pegada da reforma laboral resulta especialmente visible na evolución da contratación. O emprego indefinido encadea fortes avances desde 2022, cun incremento do 8,9 % nese ano, do 5,9 % en 2023 e do 5,1 % en 2025. Pola contra, os contratos temporais rexistran caídas moi acusadas: -18,8 % en 2022, -12 % en 2023 e -11 % en 2025. A recuperación do emprego, polo tanto, non só supuxo máis ocupación, senón tamén unha mudanza na súa composición, cun maior peso das relacións laborais estables.

Cadro núm. 3

Evolución da ocupación en Galicia segundo a EPA

Taxas de crecemento interanuais (en %)

	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Ocupación	-1,9	1,2	1,5	2,3	1,4	2,3
Homes	-0,9	0,6	0,4	1,9	1,0	0,2
Mulleres	-3,1	1,9	2,8	2,7	1,7	4,6
Ocupación segundo a relación laboral						
Asalariados						
Por duración de xornada						
Xornada completa	-0,7	0,9	0,9	2,2	2,1	2,2
Xornada parcial	-9,1	3,5	5,5	2,8	-3,0	2,9
Por duración de contrato						
Indefinidos	2,2	0,5	8,9	5,9	2,7	5,1
Temporais	-10,2	2,8	-18,8	-12,0	-2,7	-11,0
Non asalariados	-5,3	1,8	-1,1	1,6	-0,6	1,0
Ocupación por ramas de actividade						
Agricultura	3,6	-0,6	1,2	6,6	-1,9	-8,9
Industria	1,7	-6,3	-3,0	1,5	9,0	4,9
Construción	7,1	0,8	1,6	0,5	6,5	-4,5
Servizos	-4,1	3,2	2,6	2,2	-0,4	3,4
Hostalería	-13,1	-8,0	8,4	10,6	-3,1	0,9
Actividades sanitarias e servizos sociais	0,6	2,9	-0,5	-2,8	5,3	9,7
Ocupación por nivel de formación						
Estudios primarios	-15,2	-11,9	3,0	21,0	2,7	2,3
Estudios secundarios. 1ª etapa	-3,8	-0,1	-1,1	0,6	-4,4	-2,5
Estudios secundarios. 2ª etapa	-5,7	0,3	1,4	8,2	3,1	5,6
Estudios altos (ed. superior)	2,3	3,2	3,1	-0,4	3,9	3,3
Ocupación por nacionalidade						
Nacionais	-2,2	1,6	0,5	1,6	0,7	1,6
Estranxeiros	4,9	-7,3	24,8	14,4	11,4	13,3

Fonte: Elaboración propia a partir de EPA, INE e IGE.

Ademais, a duración da xornada reforza esta lectura. A ocupación a tempo completo medra de maneira continuada desde 2021 e volve avanzar un 2,2 % en 2025, mentres que a xornada parcial presenta un comportamento máis irregular, con retrocesos en 2020 e 2024. Esta evolución apunta a unha recuperación máis asentada sobre empregos de maior intensidade laboral.


O cadro deixa, ademais, dúas tendencias de fondo. A primeira é a mellora da muller no mercado laboral galego, que gaña peso na ocupación e se converte nunha das protagonistas da recuperación recente. A segunda é o crecente papel da poboación estranxeira, que aumenta a ritmos anuais de dous díxitos e contrasta co incremento moito máis moderado da ocupación entre os nacionais, que en 2025 sobe un 1,6 %.

Non todas as ramas, con todo, evolucionan na mesma dirección. O sector primario baixa con forza en 2025, cun descenso do 8,9 %, caída moi marcada pola intensa perda de emprego da pesca e acuicultura. Por outra banda, a construción tamén retrocede un 4,5 % tras o forte avance rexistrado en 2024. En conxunto, os datos debuxan un mercado laboral galego máis estable e menos dependente da temporalidade, pero tamén cunha composición cambiante, marcada polo maior protagonismo das mulleres, da poboación estranxeira e do emprego indefinido.

Caracterización da evolución do desemprego en Galicia

Como resultado da evolución positiva da ocupación, a taxa de paro situouse no 8,35 %, a máis baixa desde 2008. Todas as comunidades autónomas están reducindo de maneira significativa a súa taxa de paro, nalgúns casos con fortes variacións relativas (gráfico 11). Por outra banda, a diminución parece ser máis intensa entre as mulleres que entre os homes, o que non ocorre para o conxunto da economía española.

Gráfico 11
Evolución da taxa de paro CC. AA. 2021-2025



A evolución da taxa de paro por xénero amosa unha forte corrección do desemprego tanto en Galicia como no conxunto de España tras o máximo acadado nos anos posteriores á crise financeira. Entre 2008 e 2013, o paro disparouse con intensidade, en especial no caso das mulleres en España, que chegaron a situarse por riba do 26 %. Tamén o desemprego masculino aumentou con forza, malia que cun perfil algo menos elevado.


A partir de 2014 iníciase unha etapa de descenso sostido que só se interrompe parcialmente coa pandemia. O impacto de 2020 freou a mellora e provocou unha repunta ou estancamento das taxas, pero non alterou a tendencia de fondo: desde 2021, o desemprego volve reducirse de maneira continuada ata alcanzar en 2025 os niveis máis baixos da serie recente.

Galicia presenta ao longo de boa parte do período taxas de paro inferiores ás da media española, tanto en homes como mulleres. A diferenza foi visible sobre todo nos anos de maior desemprego,

cando o mercado laboral galego presentou unha menor intensidade da crise. En 2025, as catro series converxen en niveis próximos, arredor do 8 %-9 %, o que evidencia unha clara redución das distancias territoriais e de xénero.

A fenda entre homes e mulleres estréitase de forma significativa. Durante os anos centrais da crise, o paro feminino mantívose claramente por riba do masculino, sobre todo no conxunto de España. Porén, nos últimos exercicios esa diferenza redúcese ata valores moito máis moderados. En Galicia, a aproximación entre as taxas mas-

Gráfico 12
Evolución da taxa de paro por xénero en España e Galicia



culina e feminina é incluso máis evidente, ata situarse ambas en niveis moi próximos ao final do período.

En conxunto, o gráfico 12 deixa dúas conclusións principais. A primeira é que o desemprego completou unha longa fase de descenso tras a forte deterioración iniciada en 2008. A segunda é que a mellora do mercado laboral foi acompañada dunha redución da fenda de xénero, a pesar de que o paro feminino segue a mostrar unha lixeira resistencia, maior no conxunto de España. O reto para os próximos anos será consolidar esta converxencia sen que unha nova desaceleración económica volva ampliar as diferenzas entre homes e mulleres.

En resumo, Galicia presenta unha evolución máis equilibrada entre xéneros, cunha fenda de paro practicamente pechada en 2024, mentres que España mantén unha brecha a favor dos homes tras a crise. Estes datos invitan a analizar en profundidade as estruturas sectoriais e as políticas activas de emprego con enfoque de xénero que se están aplicando, o que podería explicar as diferenzas observadas.

O cadro 4 amosa unha tendencia clara no mercado laboral galego: entre 2020 e 2025 prodúcese unha mellora xeral dos indicadores, pero con diferenzas importantes segundo sexo e nivel educativo.

Cadro núm. 4

Evolución do desemprego segundo a EPA

Taxas de variación (en %) e niveis (en %) da poboación activa de cada categoría

	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Desemprego	0,6	-3,3	-3,5	-11,3	-2,6	-9,9
Homes	0,6	-3,3	-4,2	-10,9	-0,9	-9,5
Mulleres	0,5	-3,4	-2,8	-11,7	-3,9	-10,2
Taxa de paro	12,0	11,5	11,0	9,7	9,4	8,4
Por sexos						
Homes	10,9	10,5	10,1	8,9	8,8	8,0
Mulleres	13,3	12,7	12,1	10,5	10,0	8,7
Por idades						
De 16 a 24 anos	33,1	32,0	32,7	24,6	25,7	24,7
De 25 a 54 anos	11,7	10,9	10,2	9,2	8,6	7,6
55 e máis anos	8,9	9,7	9,2	8,3	8,1	7,0
Por nivel de formación						
Estudos primarios	23,8	22,8	22,9	23,1	21,7	19,6
Estudos secundarios. 1ª etapa	13,9	13,4	13,1	10,9	11,6	10,6
Estudos secundarios. 2ª etapa	13,1	12,9	12,7	11,3	10,3	9,3
Estudos altos (ed. superior)	9,4	9,0	8,3	7,2	6,7	5,9
Taxa de paro de longa duración	4,7	5,3	3,8	3,9	3,5	2,9
Homes	4,2	4,7	4,3	3,9	3,5	2,8
Mulleres	5,2	6,0	5,3	4,0	3,5	3,0
Incidencia paro de longa duración	38,9	45,9	43,3	40,5	37,4	34,7
Homes	38,3	44,5	42,6	43,4	40,1	35,0
Mulleres	39,4	47,5	44,0	38,0	34,8	34,4

Fonte: Elaboración propia a partir de EPA, INE e IGE.

O dato máis elocuente aparece na análise por formación. As persoas con estudos primarios manteñen as taxas de paro máis elevadas durante todo o período, aínda que baixan do 23,8 % en 2020 ao 19,6 % en 2025. Pola contra, quen conta con estudos superiores presenta sempre os rexistros máis baixos e tamén mellora de maneira sostida: do 9,4 % ao 5,9 %. A mensaxe é nítida: a educación segue funcionando como un factor de protección decisivo.

Por sexos, tamén se aprecia unha redución continuada. Os homes pasan do 10,9 % ao 8 %, mentres que as mulleres baixan do 13,3 % ao 8,7 %. A fenda entre ambos os grupos redúcese con forza: en 2020 era de 2,4 puntos e en 2025 queda en apenas 0,7. É dicir, a mellora é máis intensa entre as mulleres, malia que seguen lixeiramente por riba.



O cadro recolle ademais algúns movementos máis irregulares. Hai indicadores que non descenden de forma lineal, con repuntas puntuais en 2021 ou 2023, pero o balance final é descendente. Especialmente interesante é a diminución do desemprego de longa duración, que sobe ata o 44,5 % en 2021, mantense elevado nos anos seguintes e cae con claridade ata o 35 % en 2025.

En conxunto, os datos apuntan a unha evolución positiva, pero non homoxénea. Melloran os indicadores, redúcense algunhas brechas, mais persiste unha desigualdade estrutural ligada ao nivel formativo.

Prezos e salarios


O comportamento dos prezos, medido a través da evolución do índice de prezos ao consumo publicado polo EPA amosa unha dinámica de estabilización da taxa de inflación arredor do 2 %-3 %, moi lonxe xa das altas taxas logo do inicio da guerra de Ucraína, aínda que a evolución ao longo do ano presentou diferentes fases. Na primeira metade do ano a taxa vai caendo desde o 2,7 % ata o 1,7 % de maio, para comezar a aumentar progresivamente ata o 2,9 % de setembro. O inicio da guerra entre EE. UU. e Irán a finais de febreiro de 2026 provocou unha forte subida do prezo do petróleo, que arrastrou o resto de produtos nas cadeas de valor, de xeito que a taxa de inflación volveu situarse por riba do 3 % a partir de marzo. En calquera caso, este incremento no primeiro trimestre de 2026 foi superior ao que se rexistrou no conxunto do Estado, o que rachou coa tendencia que se arrastraba desde mediados do ano precedente. A partir de agosto de 2024 a taxa nacional foi superior á galega, pero desde marzo de 2026 inverteuse a tendencia, cun diferencial negativo de ata 4 décimas.

A evolución da inflación subxacente (excluíndo do cálculo os prezos dos produtos enerxéticos e os alimentos non elaborados) foi moi semellante, cun valor estabilizado ao longo de 2025 ao redor do 2 %. O aumento neste compoñente subxacente a partir de 2026 está máis vinculado ao efecto da incerteza que a un impacto inmediato nas cadeas de valor derivado da subida do prezo do petróleo despois do comezo do conflito en Oriente Medio. Ademais, a taxa nacional situouse de xeito sistemático por riba da galega, indicando diferenzas importantes na dinámica dos prezos entre ambas as



dúas economías. En calquera caso, a estabilización da taxa de inflación permitira unha certa relaxación nas condicións monetarias impostas polo Banco Central Europeo, que ao longo de 2025 aprobou diversas reducións dos tipos de xuro de referencia (o que lles aplica ás principais operacións de financiamento), pasando do 3,15 % a finais de 2024 ata o 2,15 % en xuño de 2025. A repunta na inflación de comezos de 2026 obrigou o Banco Central a unha revisión á alza das súas previsións de inflación, co correspondente incremento no xuro ata o 2,4 %, na súa xuntanza do 17 de xuño.

A evolución da inflación ten habitualmente un reflexo último no comportamento dos salarios, a través dos procesos de negociación salarial. Desde o ano 2023, os aumentos salariais pactados no conxunto de convenios colectivos foron superiores aos incrementos na taxa de inflación, aínda que cun diferencial relativamente baixo, que permitiu ir recuperando a notable perda de poder adquisitivo que se dera en 2022, co fortísimo ascenso na taxa de inflación derivado sobre todo do



comezo da guerra en Ucraína. Para o conxunto de 2025, cunha taxa de inflación media do 2,4 %, a subida salarial pactada no conxunto de convenios foi do 3,17 %. Como sempre, existen diferenzas entre os convenios de empresa (os máis numerosos, pero os que cobren unha porcentaxe menor de traballadores) e os de ámbito superior. No primeiro caso, a negociación descentralizada permite tratar nas mesas aspectos extrasalariais como comedores, transporte, garderías etc. Ademais, a teoría económica incide en que neste ámbito de negociación os traballadores adoitan ser

máis conscientes dos efectos na súa empresa de incrementos salariais excesivos, polo que tenden a amosar un maior grao de moderación salarial. No ano 2025, este tipo de convenio acordou de media un aumento salarial do 2,83 %, fronte ao 3,21 % dos convenios de ámbito superior.

Cadro núm. 5
Evolución dos custos laborais


	2024	2025					Variación	
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	Absoluta	%
Industria								
Custo total	3.353,2	3.377,2	3.460,1	3.378,4	3.883,9	3.524,9	171,7	5,1
Custo salarial total	2.458,0	2.389,8	2.532,0	2.440,6	2.927,0	2.572,3	114,3	4,7
Custo salarial ordinario	2.053,2	2.142,8	2.155,0	2.152,3	2.163,4	2.153,4	100,2	4,9
Outros custos	895,2	987,4	928,1	937,8	956,9	952,5	57,3	6,4
Custo por percepcións non salariais	73,3	118,7	71,0	72,2	94,9	89,2	15,9	21,7
Custo por cotizacións obrigatorias	833,0	877,8	866,9	878,9	879,9	875,9	42,9	5,2
Subvencións e bonificacións da S. Social	11,1	9,1	9,8	13,3	18,0	12,5	1,5	13,4
Construción								
Custo total	3.037,0	2.974,5	3.190,2	3.149,5	3.373,7	3.172,0	135,0	4,4
Custo salarial total	2.061,8	1.952,3	2.207,0	2.127,5	2.353,8	2.160,1	98,3	4,8
Custo salarial ordinario	1.854,7	1.859,1	1.896,5	1.957,3	1.929,0	1.910,5	55,8	3,0
Outros custos	975,2	1.022,2	983,3	1.021,9	1.019,9	1.011,8	36,6	3,8
Custo por percepcións non salariais	163,4	183,8	155,0	176,1	161,8	169,2	5,7	3,5
Custo por cotizacións obrigatorias	826,2	851,4	840,7	860,2	876,9	857,3	31,1	3,8
Subvencións e bonificacións da S. Social	14,4	12,9	12,4	14,4	18,8	14,6	0,2	1,4
Servizos								
Custo total	2.663,8	2.629,9	2.722,3	2.613,9	2.823,0	2.697,3	33,5	1,3
Custo salarial total	1.963,0	1.915,7	2.009,9	1.910,7	2.098,8	1.983,8	20,8	1,1
Custo salarial ordinario	1.771,8	1.806,2	1.787,5	1.781,1	1.799,5	1.793,6	21,7	1,2
Outros custos	700,8	714,1	712,5	703,2	724,2	713,5	12,7	1,8
Custo por percepcións non salariais	60,4	64,0	62,0	55,5	69,0	62,6	2,2	3,6
Custo por cotizacións obrigatorias	655,6	666,8	668,6	664,9	676,0	669,1	13,5	2,1
Subvencións e bonificacións da S. Social	15,2	16,7	18,1	17,1	20,8	18,2	3,0	19,7
Total non primario								
Custo total	2.808,4	2.781,5	2.881,7	2.778,1	3.039,6	2.870,2	61,8	2,2
Custo salarial total	2.055,3	1.999,6	2.113,5	2.014,3	2.256,4	2.095,9	40,6	2,0
Custo salarial ordinario	1.826,1	1.867,6	1.858,3	1.855,3	1.869,9	1.862,8	36,7	2,0
Outros custos	753,1	781,9	768,3	763,8	783,2	774,3	21,2	2,8
Custo por percepcións non salariais	69,7	81,5	69,9	66,3	79,5	74,3	4,6	6,7
Custo por cotizacións obrigatorias	697,9	715,5	714,6	713,8	723,9	717,0	19,1	2,7
Subvencións e bonificacións da S. Social	14,4	15,1	16,3	16,3	20,2	17,0	2,6	17,7

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de costes laborales*.

En termos de custos laborais, en función da información proporcionada pola *Encuesta Trimestral de Costes Laborales* do INE, para o conxunto de sectores non primarios os custos laborais medraron nun 2,2 % en 2025, acadando unha media de 2.870,2 euros. Entre os diferentes compoñentes do custo, subiron todos eles de xeito moderado, á excepción das percepcións non salariais, que crecen nun 6,7 %. Por sectores, os custos medios máis elevados danse na industria (3.524,9 euros, cun aumento do 5,1 % respecto a 2024), seguido da construción (3.172 euros, cun crecemento do 4,4 %); mentres que nos servizos o custo medio acadou os 2.697,3 euros, 1,3 % máis respecto ao ano anterior. A evolución dos diferentes compoñentes do custo segue este patrón xeral, con maiores incrementos na industria e unha dinámica máis moderada nos servizos.

Recadro 1. Vacantes laborais en Galicia: entre o sinal económico e a cautela estatística

Desde 2023 repítese con frecuencia que Galicia conta con arredor de 15.000 prazas vacantes á espera de seren cubertas. A cifra non xorde da nada. O Instituto Galego de Estatística chegou a estimar no segundo trimestre de 2023 a existencia de 15.354 vacantes en empresas galegas de dez ou máis asalariados. Porén, esa mesma fonte situaba o número de vacantes no primeiro trimestre de 2025 en 11.385. A pregunta, polo tanto, é obrigada: por que se segue falando de 15.000 vacantes como se fose unha cifra estable?



A resposta probablemente ten máis que ver coa forza comunicativa do dato que coa súa precisión estatística. “Galicia ten 15.000 empregos esperando e hai persoas que non queren traballar” é unha mensaxe sinxela, directa e politicamente eficaz. Pero tamén é unha simplificación excesiva dun fenómeno moito máis complexo.

O problema das vacantes nunha economía é difícil de medir, de interpretar e de explicar. E no caso galego aínda máis, porque as estimacións dispoñíbles non sempre ofrecen a mesma fotografía. No segundo trimestre de 2023, mentres o IGE calculaba 15.354 vacantes, a estimación

do Instituto Nacional de Estatística para Galicia era de 6.515, e iso que o IGE non tiña en conta as vacantes das empresas con menos de 10 traballadores. A diferenza é demasiado ampla como para ser tratada como un simple matiz técnico. Cómpre lembrar que o IGE puxo en marcha a súa propia operación estatística precisamente para mellorar a medición das vacantes en Galicia. Na súa metodoloxía sinalaba que a serie do INE para Galicia era curta, moi irregular, con valores baixos e que mesmo daba lugar a unha curva de Beveridge “totalmente errática”. É dicir, non estamos ante dúas cifras perfectamente intercambiábeis, senón ante dúas aproximacións estatísticas que poden conducir a diagnósticos distintos.

Desde un punto de vista académico, unha vacante laboral defínese como un posto de traballo remunerado, creado recentemente, non ocupado ou a punto de quedar libre, para o cal o empregador está realizando accións activas de busca e pretende cubri-lo de forma inmediata ou nun prazo determinado. A definición harmonizada de Eurostat engade dous elementos fundamentais: que a empresa estea a buscar unha persoa candidata externa e que exista unha intención real de cubrir o posto. Isto é relevante porque unha vacante non é simplemente unha empresa que afirma que “lle falta xente”. Para que exista a nivel estatístico unha vacante debe haber un posto concreto, remunerado, aberto a unha persoa candidata e cun proceso activo de recrutamento. A taxa de vacantes mide, en termos xerais, que proporción do total de postos existentes ou demandados polas empresas permanece sen cubrir. O INE tamén utiliza esta lóxica: as vacantes representan demanda de traballo insatisfeita e serven para avaliar tensións ou desaxustes entre a oferta e a demanda laboral. Mais medir esa demanda insatisfeita é moito máis difícil que medir o paro. Unha persoa desempregada pode declararse como tal nunha enquisa de fogares. Unha vacante, en cambio, depende de decisións empresariais, de canles de contratación, de expectativas e mesmo da interpretación que cada empresa fai da súa necesidade de persoal.

Hai varias razóns polas que estimar o número real de vacantes nunha economía é unha tarefa especialmente complexa. A primeira é que non toda necesidade de persoal se converte nunha vacante observable. Unha empresa pode necesitar máis traballadores, pero non abrir un proceso formal de contratación porque considera que non atopará candidatos, porque non pode mellorar as condicións ou porque resolve a situación con horas extra, subcontratación ou reorganización interna. A segunda é que os anuncios de emprego non equivalen automaticamente a vacantes. Unha mesma oferta pode aparecer duplicada en varios portais, a través dunha ETT e tamén na páxina web da empresa. Ademais, hai compañías que manteñen ofertas abertas de forma permanente para crear bolsas de candidatos, sen que exista necesariamente unha urxencia inmediata de contratación. A terceira ten que ver coa cobertura estatística. Algunhas fontes poden deixar fóra determinados sectores, tamaños de empresa ou formas de emprego. Por iso, cando se fala de vacantes, é imprescindible saber que se está medindo exactamente: que empresas entran na mostra, que sectores quedan cubertos, como se define a vacante e que metodoloxía se utiliza para estimala.

A medición das vacantes depende, polo tanto, da existencia dun posto definido, da actividade real de recrutamento, da interpretación empresarial da necesidade de contratación, da canle utilizada para buscar candidatos e das condicións ofrecidas. Como consecuencia, as vacantes observadas non captan toda a demanda latente de traballo nin permiten distinguir automaticamente entre escaseza de man de obra, desaxustes de cualificación, falta de atractivo das condicións laborais, cambios demográficos ou problemas de información entre empresas e traballadores.

Un posto pode quedar sen cubrir porque non hai persoas coa cualificación requirida. Pero tamén pode quedar vacante porque o salario é baixo, a xornada é pouco atractiva, a localización dificulta o desprazamento, a temporalidade é elevada ou as condicións non compensan. A nivel estatístico, ambas as situacións poden aparecer baixo a mesma etiqueta: “vacante”. A nivel económico, porén, non significan o mesmo.

Os datos máis recentes da enquisa trimestral de custo laboral do INE apuntan, ademais, a unha realidade menos alarmista. No primeiro trimestre de 2026 había en España 159.785 vacantes. Galicia aparecía con 7.030, arredor do 4,4% do total estatal. Ao mesmo tempo, Galicia contaba con 1.178.100 persoas ocupadas, aproximadamente o 5,3% do emprego nacional. É dicir, o peso galego nas vacantes era inferior ao seu peso no emprego. Traducido a un indicador sinxelo, Galicia tiña arredor de 6 vacantes por cada mil persoas ocupadas, fronte a unhas 7,2 no conxunto de España. Se o número de vacantes galegas fose realmente de 15.000, a situación sería moito máis preocupante: Galicia situaríase arredor de 12,6 vacantes por cada mil ocupados, practicamente o dobre da estimación derivada dos datos do INE. Isto non significa que Galicia non teña vacantes sen cubrir. Pero os datos dispoñibles non sosteñen, por si sós, a idea dunha alarma laboral xeneralizada. O problema semella concentrarse en ocupacións concretas, sectores determinados e zonas específicas. Para diagnosticalo de maneira correcta non abonda con contar vacantes: hai que mirar que postos son, que salarios ofrecen, que xornadas esixen, onde están localizados, que cualificación requiren e que condicións laborais incorporan.

A existencia de dúas estimacións tan afastadas, capaces mesmo de producir diagnósticos diferentes, obriga a extremar a cautela. O INE e o IGE parecen estar medindo as vacantes de maneira suficientemente distinta como para ofrecer cifras dificilmente compatibles. Por iso, repetir sen matices que Galicia ten 15.000 vacantes pode ser útil como titular, pero resulta insuficiente como análise económica.

Unha das lecturas máis útiles da estatística de vacantes é a que permite debuxar a chamada curva de Beveridge, que relaciona a taxa de paro coa existencia de postos sen cubrir. En termos xerais, a curva mostra unha relación inversa: cando a economía arrefría, redúcense as vacantes e aumenta o desemprego; nas fases expansivas, pola contra, medra a demanda de traballadores e baixa o paro. Mais a análise galega require unha cautela engadida. O diferencial observado entre as medicións do INE e do IGE suxire que a intensidade real das vacantes pode variar de maneira significativa segundo a fonte empregada, polo que a interpretación da curva non debe limitarse ao movemento conxuntural do ciclo económico.




Cando paro e vacantes aumentan ao mesmo tempo, a economía pode estar a sinalar algo máis fondo que unha simple recuperación incompleta: un desaxuste crecente entre os perfís que demandan as empresas e os dispoñibles no mercado laboral, ben por diferenzas sectoriais, territoriais ou de cualificación. Pola contra, unha caída simultánea de ambas as variables adoita asociarse cun mercado de traballo máis eficiente, no que a información circula mellor e as empresas atopan con máis facilidade os perfís que precisan. Neste contexto, a curva de Beveridge convértese nun instrumento valioso, pero tamén delicado: en Galicia, a convivencia de movementos cíclicos, cambios estruturais e diferenzas estatísticas entre fontes obriga a interpretar os datos con moita prudencia. Precisamente por iso resulta de especial relevancia agardar polos resultados da reestruturación anunciada no Programa estatístico do IGE para 2026 da operación 3801-07-OE06, a “Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas, grao de utilización da capacidade produtiva e indicador de sentimento do sector servizos de Galicia”, chamada a mellorar a medición deste fenómeno e, con ela, a lectura das tensións reais do mercado laboral galego.

Recadro 2. O papel da inmigración na remuda xeracional do mercado laboral galego

Galicia afronta un reto cada vez máis relevante de remuda xeracional no mercado laboral, estreitamente vinculado ao seu desafío demográfico. Como xa sinalabamos no último *Informe*, o envellecemento da poboación ocupada, a redución da poboación en idade de traballar e a saída de talento mozo limitan a capacidade de substituír as persoas que se xubilan. Este escenario aumenta o risco de vacantes difíciles de cubrir en sectores estratéxicos e incrementa de forma sensible as dificultades para garantir a continuidade da actividade económica.

Cada vez hai máis persoas próximas á xubilación e menos xente nova dispoñible para incorporarse ao emprego. Ademais, Galicia aparece entre as comunidades con maior perda de poboación potencialmente activa no período 2002-2026 (gráfico R1), o que reforza a necesidade de anticipar tensións no mercado de traballo. O problema non reside só no aumento das xubilacións, senón na capacidade real de substituír eses postos, manter o coñecemento acumulado e garantir actividade económica no territorio.



Neste contexto, o indicador de relevo en Galicia reflicte unha situación especialmente esixente. A finais de 2024 podemos estimar que hai 3,9 persoas próximas a xubilarse por cada mozo que podería incorporarse ao mercado laboral na próxima década (considerando como grupo de remuda o colectivo de parados e mais os activos potenciais menores de 30 anos). Debemos ter tamén en conta que cada xubilación non sempre implica unha nova contratación. Nalgúns casos as empresas poden optar por automatizar tarefas, repartir funcións internamente, externalizar servizos ou directamente amortizar eses postos de traballo.

Un elemento adicional a destacar é que, en contra do que podería agardarse nun principio, a maior presión de relevo xeracional concentrarase nos niveis educativos superiores (4,5 xubilados con educación superior están próximos a xubilarse por cada mozo menor de 30 en paro ou potencialmente activo con educación superior). Isto evidencia que o reto non se limita á substitución de man de obra en ocupacións de menor cualificación, senón que afecta tamén a dispoñibilidade futura de perfís cualificados. Por iso, resulta especialmente necesario artellar un plan de relevo integrado, que coordine as políticas educativas, formativas, laborais e de retención e atracción de talento.

Tamén é importante destacar que "envellecer non impide crecer". O que limita o crecemento é facelo sen produtividade, sen relevo laboral e sen capacidade de atraer e reter persoas. Esta tensión pódese traducir en máis dificultades para cubrir vacantes, perda de coñecemento práctico en oficios e procesos, peche de negocios familiares e maior presión sobre as xeracións novas.

Ademais coñecemos os sectores con maior exposición ao problema da remuda xeracional, o que facilitaría unha planificación integral. Os autónomos e pequenos negocios, os oficios técnicos, o campo, o mar, os coidados, a hostalería, os servizos locais e áreas concretas da Administración pública como a saúde e a educación mostran importantes dificultades para cubrir as futuras xubilacións dos actuais ocupados. En todo caso, a situación non será homoxénea: dependerá do territorio e do tamaño empresarial.

Por todo isto, podería ser en aparencia sinxelo elaborar un plan de remuda que combine varias liñas de actuación: unha formación profesional máis conectada coas empresas, mecanismos de transmisión sénior-júnior, atracción de talento mozo e migrante, mellora das condicións laborais e do benestar, e unha maior participación laboral en idades avanzadas. En relación a este último punto, debemos aclarar que prolongar a vida laboral debe ser unha decisión voluntaria. Non é necesario traballar máis anos todos, senón permitir traxectorias flexibles.

Neste contexto é normal que a inmigración apareza como parte da resposta, aínda que non como solución única. A chegada de emigrantes pode axudar a cubrir vacantes, rexuvenecer a poboación activa e soste servizos, pero require xestión, dereitos, formación, vivenda e oportunidades reais de arraigamento. A integración débese facer sen enfrontar colectivos e mellorando o mercado laboral para todas as persoas. A clave é que quedarse e traballar en Galicia compense a mozos, persoas sénior e poboación migrante.

O reto, en definitiva, consiste en conectar as necesidades reais de empresas, servizos e territorios con persoas dispoñibles para traballar, evitando que a falta de relevo se converta nun colo de botella para o desenvolvemento económico e social de Galicia. Na situación actual a chegada de poboación inmigrante non é unha alternativa, é unha necesidade. Na actualidade, a poboación potencialmente activa en Galicia mantense (cunha lixeira perda de 1.500 persoas) grazas á entrada de poboación non nacida en Galicia (gráfico R2.1 e cadro R2.1). Pero incluso co forte incremento observado nos últimos cinco anos da poboación migrante, estes fluxos non son suficientes para aumentar a poboación potencialmente activa; o que

si esta a ocorrer na maior parte de España. A situación cambiou de maneira considerable, xa que nos anos anteriores (2002-2021) Galicia ofreceu o peor resultado en termos absolutos de España, perdendo aproximadamente máis de 116.000 persoas entre 16 e 64 anos.

Cadro núm. R2.1
Detalle da evolución da poboación potencialmente activa en Galicia (2021-2025)

Nacidos en España	-82.208
Nacidos en Galicia	-78.734
Nacidos no resto de España	-3.474
Nacidos no estranxeiro	80.758
Total	-1.450

Galicia necesita anticiparse ao relevo xeracional con políticas laborais, formativas, migratorias e territoriais coordinadas. A prioridade é conectar necesidades reais de empresas e servizos con persoas dispoñibles para traballar, en condicións que favorezan a permanencia e o arraigamento.


Recadro 3. "Absentismo laboral en Galicia: por que olvidamos o presentismo?"

Nos últimos meses o absentismo é fonte de noticias e debate nos medios de comunicación galegos e nacionais case a diario. A noticia de fondo é que Galicia aparece sistematicamente por riba da media estatal nas medicións recentes de absentismo. Segundo Randstad, Galicia pechou 2025 cunha taxa do 8,6 %, fronte ao 7,1 % estatal, e foi a cuarta comunidade con maior absentismo, empatada con Asturias. Ademais, o absentismo por incapacidade temporal acadou o 6,8 % en Galicia, tamén por riba da media española, situada no 5,5 %.

O absentismo en sentido amplo inclúe practicamente todas as horas/días non traballados durante a xornada habitual: baixas por enfermidade, permisos, responsabilidades familiares, folga, representación sindical, motivos técnicos/económicos etc. Non obstante, a estimación do absentismo adoita excluír vacacións, festivos, ERTE/ERE e outras causas non imputables ao traballador, e centrase máis en ausencias non previstas ou non efectivamente traballadas por motivos como incapacidade temporal, permisos, asuntos persoais/familiares ou outros motivos. Para mellorar na análise do absentismo e as súas consecuencias cómpre separar a incapacidade temporal, do resto de causas, xa que supón case o 90 % das ausencias non previstas.

Se nos centramos nas ausencias por incapacidade temporal e observamos a súa evolución nos últimos anos é fácil entender que a prensa o converteu nun tema prioritario. Primeiro, os datos mostran un incremento continuo das xornadas perdidas e da súa incidencia (con cifras récord); segundo, supoñen un elevado custo económico (4.217 millóns de euros no ano 2024, segundo un informe encargado pola Xunta) e, terceiro, as propostas para reducir a súa "relevancia económica" xeraron un intenso debate político.

Gráfico R3.1
Evolución da taxa de absentismo por IT
(Ausencias do traballo na semana de referencia)



O gráfico R3.1 mostra a evolución da taxa de absentismo estimada a partir da EPA. Neste caso, o absentismo laboral estímase a partir dun indicador de ausencia do emprego durante a semana de referencia. Trátase dunha medición alternativa á utilizada noutros informes (Adecco, Randstad ou AIReF). A EPA é unha enquisa a fogares, non é un rexistro de empresa, así que mide ausencias declaradas por persoas ocupadas, non "baixas" exactas. En calquera caso, a evolución nos últimos anos é similar en todas as fontes dispoñibles: existe unha clara tendencia ao aumento do número de episodios de absentismo e Galicia mostra valores superiores á media nacional. Porén, se seguimos a

análise realizada pola AIReF, Galicia non destaca necesariamente por ter máis entradas en baixa que outras comunidades, senón por unha duración media especialmente elevada (en 2024 a duración media en Galicia por continxencias comúns foi de 82,85 días fronte aos 45,93 do conxunto de España). Este feito supón que a taxa de absentismo galega cando a aproximamos por ausencias na semana de referencia (datos EPA) posiblemente estea sobreestimada.

En calquera caso, o significativo diferencial existente entre España e Galicia merece unha explicación. Se a diferenza ten a súa orixe na duración media dos episodios de incapacidade temporal, cal é entón a orixe deste diferencial? Existen moitos factores para explicar duracións medias diferentes. Aí conflúen saúde, idade, condicións de traballo, listas de espera e xestión administrativa. Atrasos diagnósticos, listas de espera, dificultades de acceso a probas, estrés laboral, precariedade, falta de prevención de riscos e envellecemento da poboación traballadora son factores que poden prolongar as baixas. É dicir, o absentismo preséntase como un síntoma de tensións entre saúde laboral, organización empresarial e funcionamento do sistema sanitario, pero tamén existe o risco de que o debate derive en sospeita sobre baixas que moitas veces responden a problemas reais de saúde. Como podemos observar nos seguintes cadros, Galicia é a segunda comunidade con menor esperanza de anos de vida saudable ao nacer e é a última en termos de valoración subxectiva do seu estado de saúde. Parece, pois, normal que parte do diferencial na duración das baixas estea plenamente xustificado.

Cadro núm. R3.1

Anos de vida saudable ao nacer. 2023

	Homes	Mulleres	Total
Madrid	81,23	84,87	83,17
Aragón	79,30	83,85	81,59
Cantabria	79,05	83,68	81,30
Castela-A Mancha	79,27	82,97	81,01
Cataluña	78,91	82,32	80,69
Estremadura	79,12	82,48	80,61
España	78,20	81,93	80,07
A Ríoxa	77,53	83,16	80,46
C. Valenciana	77,56	82,99	80,32
Baleares	77,31	83,02	80,23
Navarra	78,44	81,96	80,20
Castela e León	78,38	81,80	80,13
País Vasco	76,82	83,06	80,12
Murcia	76,81	82,04	79,51
Asturias	77,47	81,17	79,33
Canarias	77,95	79,74	78,92
Galicia	77,94	78,73	78,22
Andalucía	76,68	79,40	77,97

Fonte: Indicadores clave do Sistema Nacional de Saúde. Ministerio de Sanidad.

Cadro núm. R3.2

Saúde autopercibida. Porcentaxe de poboación con valoración positiva do seu estado de saúde no ano 2023

	Homes	Mulleres	Total
C. Valenciana	82,68	75,44	79,00
Estremadura	83,78	73,42	78,55
Madrid	81,61	75,67	78,52
Andalucía	79,11	73,67	76,34
Murcia	79,69	69,92	74,81
España	78,00	70,18	74,01
Cataluña	78,95	68,01	73,39
Navarra	77,72	68,65	73,15
País Vasco	75,78	70,54	73,09
Castela-A Mancha	73,91	71,68	72,80
Aragón	76,52	68,66	72,55
Baleares	75,33	65,58	70,44
Castela e León	77,66	62,96	70,20
Cantabria	74,50	65,59	69,91
Canarias	72,58	67,03	69,77
Asturias	71,15	64,66	67,76
A Ríoxa	70,10	60,96	65,48
Galicia	65,30	54,03	59,45

Fonte: Encuesta Nacional de Salud de España (ENSE)/Encuesta Europea de la Salud (EES). Ministerio de Sanidad e Instituto Nacional de Estadística (INE)

sobre o absentismo en Galicia resulta incompleto se non incorpora tamén o presentismo. O absentismo é a parte visible do iceberg; o presentismo pode ser a súa masa somerxida. Se as políticas empresariais ou públicas actúan só sobre a ausencia —controlando as baixas médicas ou tratando de acurtalas— sen abordar as causas que deterioran a saúde e o rendemento, pode reducirse unha estatística mentres aumenta o custo real para a empresa e para o conxunto da economía.

Presentismo e absentismo son, con frecuencia, fases dun mesmo proceso. Primeiro aparece o presentismo: a persoa aguanta, acode enferma, rende menos, comete máis erros e vai acumulando esgotamento. Máis tarde pode chegar o absentismo: unha baixa médica, unha recaída ou unha incapacidade temporal máis prolongada. Por iso, unha política empresarial centrada exclusivamente en “reducir baixas” pode acabar agravando o problema se empurra as persoas traballadoras a acudir ao posto cando non están en condicións de facelo.

Por todo iso, cómpre reformular a pregunta que parece dominar o debate actual. Non abonda con preguntarse por que hai tantas baixas. É necesario engadir unha segunda cuestión: canta xente está traballando enferma, cansada, queimada ou desmotivada, e canto custa iso en produtividade, calidade, erros, rotación e saúde futura?

A evidencia internacional apunta na mesma dirección. Estudos como o *American Productivity Audit* ou o *Global Corporate Challenge* sinalan que, en determinadas patoloxías —en especial nos trastornos depresivos e noutros problemas de saúde mental—, os custos asociados ao presentismo poden superar amplamente os do absentismo. Algunhas estimacións sitúan estes custos entre cinco e dez veces por riba dos derivados das ausencias laborais. A OCDE, pola súa banda, tamén considera que o custo do presentismo pode ser superior ao do absentismo, chegando a estimarse arredor de 1,5 veces máis elevado.

Polo tanto, a cuestión de fondo non debe ser só “reducir o absentismo”, senón distinguir entre absentismo inxustificable, incapacidade temporal real e problemas de xestión sanitaria. As medidas máis razoables que aparecen no debate son reforzar a atención primaria, mellorar o seguimento dos procesos longos, acelerar probas e tratamentos, investir en prevención laboral, adaptar postos e pactar solucións no diálogo social sen deteriorar dereitos laborais.

O absentismo é visible: a persoa non está no posto de traballo, existe unha baixa, un parte médico, unha substitución posible, horas perdidas e un custo que pode ser imputado con relativa facilidade. Por iso aparece con frecuencia en titulares, informes empresariais e estatísticas oficiais ou sectoriais. O presentismo, pola contra, permanece moitas veces oculto. A persoa está fisicamente no seu posto, pero rende por debaixo da súa capacidade por dor, fatiga, ansiedade, depresión, desmotivación, *burnout*, mala organización, exceso de carga, medo a faltar ou por unha cultura laboral baseada en “estar por estar”.

A OCDE define este custo como salarios pagados sen o correspondente nivel de produción, e inclúeo, xunto co absentismo, entre as perdas ocultas de produtividade. Desde esta perspectiva, o debate

Por que, entón, o presentismo parece preocuparnos menos? A resposta non remite a unha única causa, senón á confluencia de varios factores que levan a empresas e Administracións a concentrar a súa atención no absentismo.

En primeiro lugar, porque o presentismo, a diferenza do absentismo, resulta moito máis difícil de medir. Avalialo esixe aproximarse á produtividade real, á calidade do traballo, aos erros, aos atrasos, á fatiga, ao clima laboral, á saúde mental e ao rendemento efectivo por tarefa. Moitas empresas carecen destes indicadores ou, simplemente, evitan abrir ese debate dentro da súa propia organización. O absentismo, pola contra, pode cuantificarse a través das horas non traballadas, das baixas médicas, da súa duración media ou do gasto en incapacidade temporal. O seu custo contable aparece de forma directa: se unha persoa falta, hai que substituíla, reorganizar quendas ou asumir unha perda inmediata de capacidade produtiva. O presentismo, en cambio, maniféstase de maneira máis difusa: menor produtividade, erros, peor atención ao cliente, accidentes, conflitos internos ou maior rotación. É, en definitiva, unha perda máis difícil de traducir nunha factura.

En segundo lugar, porque o presentismo é desde o punto de vista político e empresarial máis incómodo. O absentismo pode presentarse como un problema asociado ao traballador, ao sistema sanitario, á Seguridade Social, ás mutuas ou mesmo á práctica médica. O presentismo, pola contra, obriga a mirar cara ao interior das empresas: a organización do traballo, o papel dos mandos intermedios, as cargas laborais, as quendas, os salarios, a autonomía profesional, a conciliación, a prevención de riscos psicosociais e, en última instancia, a calidade do emprego.

En terceiro lugar, porque en España e en Galicia segue tendo un peso considerable unha cultura laboral profundamente presencialista. En moitas organizacións aínda se premia “estar”: aguantar, non faltar, alonxar a xornada ou evitar a baixa médica. Esta lóxica pode contribuír a reducir de maneira artificial o absentismo a curto prazo, pero a forza de incrementar o presentismo. O resultado son traballadores enfermos, esgotados ou desmotivados que seguen acudindo ao posto de traballo, mais que producen menos, producen peor ou o fan cun maior risco para a súa saúde e para a organización.

Por último, porque incorporar o presentismo rompe co relato simple. Se o problema se reduce ao absentismo, a solución parece limitarse a controlar máis as baixas. Se, pola contra, se introduce o presentismo na análise, o diagnóstico faise máis complexo e tamén o fan as respostas: prevención, redeseño do traballo, saúde mental, ergonomía, flexibilidade, mellor liderado, cadros de persoal suficientes e unha xestión sanitaria máis eficaz.

Desde esta perspectiva, o presentismo pode ser para Galicia, cando menos, tan relevante como o absentismo. Cómpre lembrar que moitas das causas asociadas ás ausencias laborais —o envellecemento da poboación traballadora, as doenzas musculoesqueléticas, os problemas de saúde mental, as listas de espera, o estrés, as quendas ou a presenza de sectores fisicamente esixentes— tamén poden xerar presentismo. Unha persoa con dor crónica, ansiedade, insomnio ou esgotamento pode non estar de baixa, pero iso non significa que estea traballando ao cento por cento da súa capacidade.


Recadro 4. Unha mala noticia para entender o mercado laboral galego

Desde o terceiro trimestre de 2025, Galicia conta cunha EPA máis pobre en detalle. A enquisa segue existindo e seguirá dando datos sobre emprego, paro, actividade ou ocupación. Pero xa non permite mirar o mercado laboral galego coa mesma lupa que antes.

A razón é clara: rematou o convenio entre o INE e o IGE que permitía duplicar a mostra da EPA en Galicia. Desde 2009, esa mostra ampliada facía posible obter información máis fina sobre provincias, sectores, idades, sexo, estudos, tipo de xornada, nacionalidade ou ramas de actividade. Agora, ao quedar só coa mostra estándar do INE, esa capacidade redúcese de maneira notable.

O problema non é que a EPA deixe de servir. O problema é que, cando se baixa moito ao detalle, a mostra pode quedar pequena de máis. E cando a mostra é pequena, as estimacións vólvense máis fráxiles. Noutras palabras: aumenta o risco de confundir ruído estatístico con cambios reais no mercado laboral (o

factor de elevación medio das observacións individuais en Galicia pasou de 150 a máis de 400). Por exemplo, seguirá tendo sentido analizar o paro ou o emprego no conxunto de Galicia. Pero xa será moito máis delicado sacar conclusións sobre cuestións moi concretas, como as mulleres novas desempregadas nunha provincia determinada e cun nivel educativo específico, ou o emprego feminino nun sector pequeno.



Que cambia na práctica?

O cambio ten tres efectos importantes. O primeiro é que Galicia perde capacidade para analizar os seus propios sub-

mercados laborais. Antes era máis doado estudar diferenzas por territorio, idade, sexo ou sector. Agora, moitos cruzamentos estatísticos poden quedar con poucas observacións e, polo tanto, ofrecer resultados pouco estables.

O segundo é que se rompe, en parte, a continuidade da explotación detallada que se viña facendo ata agora; non porque muden as definicións de paro ou emprego, senón porque cambia a base da mostra coa que se elaboraban esas táboas. De feito, o propio IGE xa advertiu de que a redución da mostra impide seguir ofrecendo a información co mesmo nivel de desagregación que se publicaba desde o terceiro trimestre de 2009.

O terceiro efecto é que haberá que ser moito máis prudentes coas análises conxunturais. Nun mercado laboral como o galego, onde moitas dinámicas importantes aparecen por idade, sector, territorio ou tipo de contrato, perder mostra significa perder precisión. Titulares como “sobe o paro xuvenil en Ourense” ou “cae o emprego feminino na pesca” deberán lerse con moita cautela se se basean en cruzamentos pequenos.

Ademais, este cambio chega nun contexto no que o INE xa viña reformando a EPA desde 2021 para adaptala a novos criterios europeos de precisión. Ese redeseño implica cubrir máis seccións censuais, pero con menos vivendas por sección. É dicir, a perda da mostra ampliada galega súmase a unha transformación xeral da enquisa.

O que significa de verdade

A lectura de fondo é sinxela: Galicia perde unha ferramenta moi útil para coñecer con detalle o seu mercado laboral. Sen dubida, a EPA seguirá sendo unha fonte central para analizar Galicia no seu conxunto, seguirá sendo imprescindible. Pero para estudar con precisión realidades máis pequenas (provincias, sectores, grupos de idade, brechas de xénero, tipos de contrato ou niveis formativos) haberá que ir con máis coidado e apoiar a análise noutras fontes. Falamos da afiliación á Seguridade Social, do paro rexistrado, dos contratos, da mostra continua de vidas laborais, dos datos tributarios, das enquisas sectoriais ou dos rexistros administrativos autonómicos. A partir de agora, combinar fontes xa non será só recomendable: será necesario.

En resumo, estamos ante unha mala noticia para a análise laboral galega. Non porque a EPA deixe de ser válida, senón porque perde capacidade para detectar desigualdades internas, cambios sectoriais e di-

námicas territoriais con precisión. E isto chega xusto cando Galicia máis necesita información fina para deseñar políticas públicas de emprego, formación, xuventude, envellecemento laboral, relevo xeracional, absentismo ou brechas de xénero e quere definir medidas para reducir a precariedade laboral, mellorar a calidade do emprego e combater a temporalidade, a parcialidade non desexada e os baixos salarios.

Se queremos entender ben o mercado laboral galego farán falta novas fontes e novas operacións estatísticas. Ese debería ser un dos retos centrais do próximo Plan Galego de Estatística 2027-2031.

III. Sector agrario

- Os últimos datos do IGE mostran unha evolución especialmente positiva do complexo agro-alimentario en Galicia en 2023. Como consecuencia, o complexo achegaba ese ano o 6,2 % do VEB da economía galega, un peso superior ao de comezos do século XXI. Ademais, o peso no VEB é hoxe similar ao que rexistra no emprego (6,1 %), polo que a produtividade do traballo alcanza a media da economía, cando no ano 2000 se limitaba ao 42 %. A principal debilidade é que este complexo continúa centrado na produción primaria, limitándose a industria agro-alimentaria ao 38 % do VEB e ao 35 % do emprego da cadea produtiva.
- Nas tendencias a longo prazo do sector agrario galego hai que destacar que este conta hoxe con menos dunha quinta parte dos traballadores que tiña hai tres décadas, pero xera unha produción 3,6 veces superior; o que fixo posible que a renda por ocupado en euros correntes multiplique por 14 a que obtiña en 1990.
- A conxuntura dos mercados internacionais foi en 2025 favorable para as explotacións galegas, ao confluír unha alza moderada dos prezos da carne (4,3 %) e un incremento máis significativo nos produtos lácteos (12,1 %) cun abaratamento das materias primas para a alimentación animal. Porén, no sector lácteo constátase unha tendencia descendente das cotizacións a partir de xullo, que se prolonga nos primeiros meses de 2026.
- A dinámica do sector agrario na UE-27 saldouse en 2025 cun crecemento do 8,9 % da renda por ocupado, que veu prolongar a alza case continua desde 2017. O balance foi tamén positivo na agricultura española, aínda que a mellora da renda por ocupado se limitou aquí ao 4,1 %.
- Enmarcada nese contexto, a conxuntura do sector agrario galego en 2025 estivo definida, en primeiro lugar, por unha lixeira expansión do *output* (1 %), debido ao incremento tanto da produción vexetal (1,7 %) como, en menor medida, da animal (0,7 %).
- Ao mesmo tempo, asistimos a unha evolución dos prezos positiva para os nosos agricultores, ao confluír unha suba dos prezos percibidos (4,6 %) superior á do IPC (2,4 %) e unha estabilidade dos prezos pagados polos insumos (0,2 %). Isto orixinou unha alza dos prezos percibidos en euros constantes e unha mellora máis significativa da relación entre prezos percibidos e prezos pagados.
- Se a iso engadimos a diminución da man de obra no sector, o resultado final, segundo as nosas estimacións, foi que a renda agraria por ocupado rexistrou en Galicia un aumento do 8,7 %, superior á media estatal (4,1 %) e próximo á da UE (8,9 %).
- Deste modo, en 2025 proseguíu a mellora da renda por ocupado que se viña dando no agro galego desde 2021, que permitiu máis que recuperar a caída sufrida en 2020 no contexto da pandemia da COVID-19.
- Na conxuntura das principais ramas cabe salientar este ano: o crecemento moderado dos ingresos das explotacións lácteas; o seu aumento moito maior nas especializadas nos ovos e na maioría das producións cárnicas; e a práctica estabilidade, en cambio, do valor económico da produción nas ramas vexetais, con grandes diferenzas entre uns e outros cultivos.

A dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 1995-2023

Complexo de produción agroalimentario

Das 72 ramas que distingue o IGE nas súas *Contas Económicas Anuais-Revisión Estatística 2024*, son seis as que integran o complexo de produción agroalimentario (CPA): agricultura, gandería, caza e servizos relacionados; procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos; fabricación de produtos lácteos; fabricación de produtos para a alimentación animal; outras industrias alimentarias e fabricación de bebidas.

Este complexo mantén un importante peso na economía galega, ao achegar en 2023 o 6,2 % do valor engadido bruto (VEB) e o 6,1 % dos postos de traballo (cadro 3); unhas porcentaxes que superan a media española e en maior medida a da UE, poñendo de manifesto a especialización de Galicia nestas actividades.

Na dinámica rexistrada polo complexo ao longo do que levamos de século XXI podemos diferenciar tres períodos, estreitamente ligados coa conxuntura económica. Neste sentido, hai que lembrar que os alimentos se caracterizan en xeral pola baixa elasticidade-renda da demanda; o que provoca que nas etapas de expansión económica o CPA tenda a perder peso no conxunto da economía, mentres que nas fases de crise se ve menos afectado que outros sectores, estabilizándose ou mesmo aumentando o seu peso relativo. Así, observamos que o peso deste complexo no VEB, e aínda máis no emprego, se reduciu notablemente na fase de expansión económica 1995-2007, para estabilizarse e mesmo aumentar no período de crise 2008-2013 e reanudar o declive relativo coa recuperación económica a partir de 2014.

Pois ben, nese contexto, as cifras máis recentes publicadas polo IGE indican que ese declive relativo continuou en 2020, 2021 e 2022, a pesar da crise provocada pola COVID-19 en 2020; de tal modo que o seu peso no VEB era en 2022 (5,1 %) inferior ao de comezos de século (5,6 %). Os datos provisionais para 2023 mostran, en cambio, un forte crecemento do peso do CPA na economía galega en termos de emprego e sobre todo produtivos, ata alcanzar un peso no VEB (6,2 %) non só moi superior ao do ano anterior senón por encima mesmo do de principios de século (cadros 1, 2 e 3). Trátase de datos provisionais, que por iso debemos tomar con precaución, mais dignos de salientar. Estas cifras de 2023 implican, ademais, que o complexo agroalimentario ten hoxe un peso no VEB (6,2

Cadro núm. 1
Evolución do valor engadido bruto (VEB) do complexo agroalimentario en Galicia

	Base 2000		Revisión estatística 2024						
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022	2023
Millóns de euros correntes									
Agricultura, gandería e caza	892,3	856,9	1.154,0	1.729,1	1.927,1	1.725,5	1.750,4	1.928,5	2.716,3
Industria agroalimentaria	428,4	532,7	592,9	919,3	964,2	1.109,3	1.271,2	1.418,4	1.664,7
Industria cárnica	66,6	91,9	138,4	178,2	245,1	286,6	309,5	327,5	361,6
Industria láctea	78,8	75,7	111,5	185,0	136,6	119,3	155,2	196,2	233,4
Industria alimentación animal	65,4	65,8	55,1	109,3	67,6	91,7	95,5	99,6	115,6
Outras industrias alimentarias	145,2	186,0	197,0	291,3	239,6	280,4	323,1	383,9	442,4
Industria de bebidas	72,5	113,3	90,9	155,5	275,3	331,3	388,0	411,2	511,6
Total complexo	1.320,8	1.389,5	1.746,8	2.648,4	2.891,3	2.834,8	3.021,6	3.346,9	4.381,0
% sobre o total do complexo									
Agricultura, gandería e caza	67,6	61,7	66,1	65,3	66,7	60,9	57,9	57,6	62,0
Industria agroalimentaria	32,4	38,3	33,9	34,7	33,3	39,1	42,1	42,4	38,0
Industria cárnica	5,0	6,6	7,9	6,7	8,5	10,1	10,2	9,8	8,3
Industria láctea	6,0	5,4	6,4	7,0	4,7	4,2	5,1	5,9	5,3
Industria alimentación animal	4,9	4,7	3,2	4,1	2,3	3,2	3,2	3,0	2,6
Outras industrias alimentarias	11,0	13,4	11,3	11,0	8,3	9,9	10,7	11,5	10,1
Industria de bebidas	5,5	8,2	5,2	5,9	9,5	11,7	12,8	12,3	11,7
Total complexo	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Os datos de 2023 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2024. Serie 2000-2023*.

Cadro núm. 2

Evolución do emprego no complexo agroalimentario en Galicia

Postos de traballo equivalentes a tempo completo (miles)

	Base 2000		Revisión estatística 2024						
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022	2023
Agricultura, gandería e caza	182,4	133,3	119,9	58,8	38,0	39,6	39,3	37,6	42,0
Industria agroalimentaria	16,3	18,6	16,3	19,9	18,4	20,5	21,0	21,9	22,3
Industria cárnica	2,5	2,9	4,3	5,4	4,4	4,7	4,8	4,9	4,9
Industria láctea	1,8	1,7	1,9	2,1	1,9	2,4	2,5	2,6	2,7
Industria alimentación animal	1,3	1,2	1,4	1,6	1,2	1,6	1,6	1,6	1,7
Outras industrias alimentarias	9,1	10,9	6,9	8,0	8,2	8,8	9,0	9,5	9,5
Industria de bebidas	1,6	1,9	1,9	2,9	2,6	3,0	3,1	3,3	3,6
Total complexo	198,6	151,9	136,2	78,7	56,3	60,2	60,3	59,6	64,3

Os datos de 2023 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2024. Serie 2000-2023.*

Cadro núm. 3

Evolución do peso do complexo agroalimentario no conxunto da economía galega

	Base 2000		Revisión estatística 2024						
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022	2023
VEB (%)									
Agricultura, gandería e caza	3,7	2,5	3,7	3,2	3,9	3,3	3,0	2,9	3,9
Industria agroalimentaria	1,8	1,6	1,9	1,7	2,0	2,1	2,2	2,2	2,4
Industria cárnica	0,3	0,3	0,4	0,3	0,5	0,6	0,5	0,5	0,5
Industria láctea	0,3	0,2	0,4	0,3	0,3	0,2	0,3	0,3	0,3
Industria alimentación animal	0,3	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2
Outras industrias alimentarias	0,6	0,6	0,6	0,5	0,5	0,5	0,5	0,6	0,6
Industria de bebidas	0,3	0,3	0,3	0,3	0,6	0,6	0,7	0,6	0,7
Total complexo	5,5	4,1	5,6	5,0	5,9	5,4	5,1	5,1	6,2
Postos de traballo (%)									
Agricultura, gandería e caza	18,3	12,3	11,7	5,0	4,0	4,2	3,9	3,6	4,0
Industria agroalimentaria	1,6	1,7	1,6	1,7	1,9	2,2	2,1	2,1	2,1
Industria cárnica	0,2	0,3	0,4	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5
Industria láctea	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,3	0,2	0,3	0,3
Industria alimentación animal	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2
Outras industrias alimentarias	0,9	1,0	0,7	0,7	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9
Industria de bebidas	0,2	0,2	0,2	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3
Total complexo	19,9	14,0	13,2	6,7	5,9	6,4	6,0	5,7	6,1

Os datos de 2023 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2024. Serie 2000-2023.*

%) similar ao que rexistra no emprego (6,1 %), polo que a produtividade aparente do traballo nestas actividades está na media da economía galega, cando no ano 2000 se limitaba ao 42,3 % desa media.

No que respecta á estrutura do CPA, esta continúa caracterizándose en Galicia polo predominio do sector agrario e o limitado desenvolvemento da industria agroalimentaria, sen que o panorama se modificase de modo substancial nas dúas últimas décadas. Así, en 2023 o sector agrario achegaba o 62 % do VEB do complexo. Os datos provisionais deste ano mostran un fortísimo crecemento do VEB da rama agraria¹, que fixo que o seu peso no complexo se recuperase en máis de 4 puntos. Desta forma, tras a redución de anos anteriores volvemos a unha porcentaxe non moi inferior á do ano 2000 (66,1 %) (cadro 1). As mudanzas no que levamos de século foron máis acusadas desde a perspectiva do emprego: o acelerado axuste da poboación ocupada na produción primaria, fronte ao seu incremento na industria transformadora, fixo que o emprego agrario pasase do 88 % do total do complexo en 2000 ao 65,3 % en 2023 (cadro 2). En todo caso, o peso relativo da industria agroalimentaria no CPA seguía limitándose en 2023 ao 38 % do VEB e ao 34,7 % do emprego, en contraste co que constatamos en España e na UE onde supera o 50 %. Este trazo diferencial do noso CPA ten a súa orixe en dous factores que, con algúns matices, se manteñen ata hoxe: a) unha parte significativa da

¹ Como veremos posteriormente, as contas económicas da agricultura elaboradas polo Ministerio de Agricultura estiman unha evolución similar.

producción agraria é transformada fóra de Galicia, co que perdemos o valor engadido e o emprego xerado na súa transformación industrial; b) ademais, a agroindustria galega continúa especializada en xeral en produtos de baixo valor engadido.

Complexo da madeira

O complexo da madeira integra catro ramas das *Contas Económicas Anuais-Revisión Estatística 2024* publicadas polo IGE: silvicultura e explotación forestal; industria da madeira e da cortiza; industria do papel e fabricación de mobles. En 2023 xerou un VEB de 1.194,9 millóns de euros (1,7 % da economía galega) e deu emprego a 23,7 miles de persoas (2,3 % do total). No referido á súa dinámica a medio prazo, lembremos que este complexo se vira fortemente afectado pola crise económica que estalou en 2008, debido á ligazón da industria da madeira e da cortiza e da fabricación de mobles coa construción e o mercado inmobiliario. Isto foi seguido dunha recuperación a partir de 2014, que permitiu alcanzar de novo desde 2021 os valores previos á crise. Nese contexto, os datos máis recentes do IGE mostran unha lixeira caída do VEB e do emprego do complexo no ano 2023 (cadros 4 e 5).

No que levamos da presente década (2020-2023) o VEB do complexo da madeira rexistrou un incremento en euros correntes do 26,7 %, mais isto esconde unha evolución moi dispar das catro ramas que o integran. Mentres que diminuíu nun 10 % o VEB da silvicultura, aumentou máis dun 60 % o da industria da madeira e o da fabricación de mobles. Pola súa parte, a industria do papel viu medrar o valor xerado nun 16 % entre 2020 e 2023, a pesar do descenso nos dous últimos anos (cadro 4).

Cadro núm. 4
Evolución do valor engadido e do emprego no complexo da madeira en Galicia

Valor engadido bruto (millóns de euros correntes)	Base 2000		Revisión estatística 2024						
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022	2023
Silvicultura e explotación forestal	182,5	245,8	342,4	437,3	394,8	393,9	419,3	414,1	356,4
Industria da madeira e da cortiza	278,1	344,9	209,0	321,2	272,1	309,8	395,7	489,9	500,8
Industria do papel	127,5	158,2	161,1	139,9	160,3	121,0	167,5	149,6	140,3
Fabricación de mobles			112,4	201,0	115,3	118,5	151,1	162,9	197,5
Total complexo	588,1	749,0	824,9	1.099,5	942,5	943,2	1.133,6	1.216,3	1.194,9

Emprego (postos de traballo (miles))	Base 2000		Revisión estatística 2024						
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022	2023
Silvicultura e explotación forestal	3,8	6,7	5,0	7,1	7,4	9,1	9,6	9,5	9,6
Industria da madeira e da cortiza	11,3	14,1	13,5	11,0	7,0	7,3	7,8	7,9	7,7
Industria do papel	1,1	1,0	1,3	1,7	1,8	1,9	1,9	2,0	2,0
Fabricación de mobles			8,8	6,7	3,7	4,0	4,3	4,6	4,4
Total complexo	16,2	21,8	28,5	26,5	20,0	22,2	23,6	24,0	23,7

Os datos de 2023 son provisionais.
Fonte: Elaboración propia a partir de:
- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2024. Serie 2000-2023*.

Cadro núm. 5
Evolución do peso do complexo da madeira no conxunto da economía galega

	Base 2000		Revisión estatística 2024						
	1995	2000	2000	2008	2015	2020	2021	2022	2023
VEB (%)									
Silvicultura e explotación forestal	0,8	0,7	1,1	0,8	0,8	0,7	0,7	0,6	0,5
Industria da madeira e da cortiza	1,2	1,0	0,7	0,6	0,6	0,6	0,7	0,7	0,7
Industria do papel	0,5	0,5	0,5	0,3	0,3	0,2	0,3	0,2	0,2
Fabricación de mobles			0,4	0,4	0,2	0,2	0,3	0,2	0,3
Total	2,7	2,6	2,6	2,0	1,9	1,8	1,9	1,9	1,7

Postos de traballo (%)									
Silvicultura e explotación forestal	0,4	0,6	0,5	0,6	0,8	1,0	0,9	0,9	0,9
Industria da madeira e da cortiza	1,1	1,3	1,3	0,9	0,7	0,8	0,8	0,8	0,7
Industria do papel	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Fabricación de mobles			0,9	0,6	0,4	0,4	0,4	0,4	0,4
Total	2,1	2,6	2,8	2,3	2,1	2,3	2,3	2,3	2,3

Os datos de 2023 son provisionais.
Fonte: Elaboración propia a partir de:
- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2024. Serie 2000-2023*.

En conxunto, a diferenza do que acontece no complexo agroalimentario, na cadea forestal-madeira o peso global da industria supera o da produción primaria (as tres ramas industriais supoñen en 2023 o 70 % do VEB e o 60 % do emprego da cadea). Pero as cifras seguen mostrando que esta cadea se caracteriza en Galicia pola súa especialización na produción primaria e na primeira transformación. As dúas ramas máis importantes, con moita diferenza, son a silvicultura e explotación forestal e a industria da madeira e da cortiza, que engloba tamén a produción de taboleiros e chapas. O peso da rama papeleira é claramente inferior, ao estar concentrada fundamentalmente na produción de pasta (primeira transformación) e non de papel. Finalmente, tamén a fabricación de mobles rexistra un peso modesto, moi baixo no contexto español, aínda que en 2022 e 2023 o seu VEB superou o da industria do papel e en termos de emprego máis que duplica esta rama (cadros 4 e 5).

Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2023)

O cadro 6 recolle a evolución das principais macromagnitudes do sector agrario galego en euros correntes no período 1990-2023, segundo as contas económicas da agricultura publicadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA). Catro son as notas que definen as tendencias nas tres últimas décadas:

- O valor económico da produción agraria experimentou un crecemento significativo: multiplicouse por 3,6 nos 33 anos, o que supón unha taxa media acumulativa anual do 3,9 %.
- Esa expansión da produción acompañouse, porén, dunha suba moito máis moderada da renda do sector en euros correntes (165,2 %). Isto debeuse ao forte aumento dos consumos

Cadro núm. 6

Evolución das macromagnitudes do sector agrario galego e do seu peso na agricultura española*

	Millóns de euros correntes							Poboación ocupada (miles)	Renda agraria/ ocupado (miles de euros)
	(A) Producción agraria	(B) Consumos intermedios	(C = A-B) VEB a prezos básicos	(D) Amortizacións (consumo de capital fixo)	(E) Outras subvencións á produción	(F) Outros impostos sobre a produción	Renda agraria (VENcf) (C-D+E-F)		
Cifras absolutas									
1990	1.470,8	505,0	965,7	181,2	17,9	1,5	800,8	292,4	2,7
2000	1.653,7	788,3	865,4	266,1	23,9	2,0	621,1	140,0	4,4
2011	3.078,5	1.645,8	1.432,7	400,7	245,8	10,5	1.267,4	64,8	19,6
2012	3.191,8	1.763,7	1.428,1	421,4	227,4	9,5	1.224,6	59,3	20,7
2013	3.653,7	1.959,0	1.694,7	441,9	203,2	10,1	1.445,8	56,3	25,7
2014	3.594,4	1.875,7	1.718,7	454,1	221,3	12,3	1.473,6	49,1	30,0
2015	3.690,8	1.868,2	1.822,6	461,7	161,0	13,8	1.508,1	45,6	33,1
2016	3.472,1	1.708,2	1.763,9	449,6	197,8	15,7	1.496,4	49,2	30,4
2017	3.482,1	1.793,7	1.688,3	452,6	197,3	14,2	1.418,8	55,4	25,6
2018	3.648,3	1.939,5	1.708,8	461,4	186,6	17,3	1.416,7	52,3	27,1
2019	3.865,3	1.934,3	1.931,1	472,3	190,6	18,3	1.631,0	49,9	32,7
2020	3.737,6	2.143,0	1.594,6	477,9	183,0	16,8	1.282,8	49,4	26,0
2021	3.877,0	2.234,1	1.643,0	493,7	179,8	18,2	1.310,9	48,5	27,0
2022	4.421,7	2.618,6	1.803,1	520,8	244,5	18,4	1.508,4	50,6	29,8
2023	5.276,8	2.753,9	2.522,9	561,8	181,7	18,8	2.124,0	54,6	38,9
% variación									
1990-2000	12,4	56,1	-10,4	46,8	33,2	27,9	-22,4	-52,1	62,0
2000-2023	219,1	249,4	191,5	111,1	661,5	848,3	241,9	-61,0	776,9
1990-2023	258,8	445,3	161,2	210,0	914,6	1.113,2	165,2	-81,3	1.320,3
Galicia/España (%)									
1990	6,0	5,7	6,2	9,2	6,1	3,0	5,8	21,0	27,7
2000	4,6	5,9	3,8	9,6	1,8	1,5	2,9	14,5	20,2
2011	7,5	8,3	6,7	8,5	4,1	4,0	5,7	8,9	63,9
2021	6,8	8,3	5,4	8,6	3,1	3,9	4,4	6,1	71,3
2022	7,0	7,8	6,1	8,6	4,0	3,8	5,2	6,7	78,2
2023	7,9	8,6	7,3	8,6	2,8	4,0	6,3	7,5	83,8

*Rama Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación): *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales 1990-2023; Resultados Renta Agraria Regional (serie histórica 1990-2000); Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2023.*
- INE, EPA.

intermedios, que se multiplicaron por 5,5 nos 33 anos, e ao incremento tamén das amortizacións do capital fixo, que se multiplicaron por 3,1. Detrás do crecemento destas dúas partidas están as mudanzas operadas na tecnoloxía produtiva (uso crecente de insumos intermedios e bens de capital fixo) e tamén a alza maior dos prezos pagados polos insumos en comparación cos prezos percibidos polos agricultores².

- c) O terceiro feito a salientar foi o fortísimo axuste do emprego, que se concreta en que a poboación ocupada se reduciu a menos de 1/5 do seu volume inicial (-81,3 %).
- d) Esa acelerada diminución da man de obra fixo que a produción obtida por cada agricultor se multiplicase por 19,2 en termos correntes. E, a pesar do aumento dos consumos intermedios e das amortizacións e da deterioración da relación entre os prezos percibidos e os pagados, isto posibilitou que a renda por ocupado experimentase un notable incremento, multiplicándose por 14,2 en euros correntes (de 2.700 euros en 1990 a 38.900 en 2023).

Ese balance global das tres últimas décadas está condicionado en parte polo comportamento excepcionalmente positivo do sector agrario galego en 2023. Segundo os datos do Ministerio de Agricultura, neste ano o valor económico da produción medrou un 19,3 % e a renda agraria un 40,8 %, froito da confluencia de tres factores: o incremento dos volumes producidos, a alza dos prezos percibidos, especialmente nos produtos gandeiros, e a redución en cambio dos prezos pagados polos nosos agricultores.

En suma, o resultado é que o sector agrario galego conta hoxe (en 2023) con menos dunha quinta parte dos traballadores que tiña hai tres décadas, pero estes xeran unha produción 3,6 veces superior á de 1990; o que fixo posible que a renda por ocupado en 2023 multiplique por 14,2 a de 33 anos antes.

Se comparamos esa evolución coa da agricultura española, algunhas das conclusións que podíamos tirar ata 2022 modifícanse en 2023, dado que o crecemento da produción e da renda en Galicia foi este último ano moi superior ao que se deu no conxunto do Estado. En concreto, as conclusións para o período 1990-2023 podemos resumilas así (cadro 6):

- O valor económico da produción agraria (resultado da dinámica combinada do *output* real e dos prezos) rexistrou en Galicia neses 33 anos un crecemento maior que en España, facendo que o noso peso na produción agraria española ascendese do 6 % ao 7,9 %.
- Isto acompañouse, porén, dun incremento máis forte dos consumos intermedios (o gasto das explotacións en *inputs* correntes), que pasaron do 5,7 % ao 8,6 % do total estatal, e dun crecemento das amortizacións (consumo de capital fixo) similar á media estatal.
- Se a iso unimos o menor aumento das subvencións³, o resultado é que, a pesar da expansión maior do valor da produción, a renda agraria creceu en Galicia menos que en España no período 1990-2022, baixando a participación na renda agraria española do 5,8 % ao 5,2 %. Porén, a evolución excepcionalmente positiva de 2023 posibilitou que esa porcentaxe ascendese este último ano ata o 6,3 %.
- A principal singularidade da evolución do sector en Galicia estivo na intensidade alcanzada polo axuste da man de obra. Se en 1990 a agricultura galega xeraba o 5,8 % da renda agraria española co 21 % dos agricultores, en 2023 obtiña o 6,3 % da renda pero só co 7,5 % da poboación ocupada agraria de España (a participación no emprego agrario español baixou a menos dun terzo da que se rexistraba 33 anos atrás).

² Ver máis adiante: cadro 13.

³ Como se deduce do cadro 6, a *ratio* "subvencións/produción agraria" limitábase en Galicia en 2023 ao 3,4 %, pouco máis dun terzo da media española (9,7 %).

- Esa intensidade moito maior do axuste do emprego posibilitou unha notable converxencia da renda por ocupado, que pasou do 27,7 % ao 83,8 % da media da agricultura española. Noutras palabras, se en 1990 a renda que obtiña cada agricultor galego se limitaba a pouco máis de 1/4 da media do sector en España, en 2023 supera os 4/5. Contamos cada vez con menos agricultores pero estes obteñen unha renda media moito máis próxima ao estándar español, se ben lonxe aínda de completar a converxencia segundo esta fonte estatística.

A conxuntura agraria en 2025: contexto internacional, na UE e en España

Evolución dos prezos internacionais das *commodities* agrarias

Partindo desas tendencias a medio prazo, a conxuntura do sector agrario galego en 2025 estivo marcada, en primeiro lugar, pola evolución dos mercados internacionais. O índice da FAO sobre os prezos dos alimentos en termos reais mantívose relativamente estable ao longo deste ano, cunha lixeira alza de xaneiro a agosto seguida dunha caída, tamén leve, no último cuadrimestre. O resultado é que o índice pechou 2025 cun valor medio anual superior nun 3,3 % ao do exercicio anterior; unha suba moderada que veu suceder os descensos de 2023 (-11,3 %) e 2024 (-2,9 %) (gráfico 1).


Dos cinco grupos de produtos que distingue a FAO⁴ interésannos en particular, polo seu peso no agro galego, a carne e os produtos lácteos. Os prezos da carne nos mercados internacionais experimentaron en 2025 unha alza moderada (4,3 %), que como veremos posteriormente tamén se deixou sentir no mercado español. O incremento foi moito máis significativo nas cotizacións dos produtos lácteos (12,1 %); aínda que esa variación anual esconde unha suba no primeiro semestre e unha tendencia descendente a partir de xullo que se prolonga nos primeiros meses de 2026. Tamén o *Milk*

Gráfico 1

Índices da FAO sobre prezos dos alimentos

Evolución mensual en termos reais

(Índices. Base 2014-2016=100)



⁴ No gráfico 1 representamos os datos de catro deses grupos de produtos (carne, produtos lácteos, cereais, óleos e graxas). Prescindimos do azucre debido á súa carencia de interese para o agro galego.

Market Observatory mostra unha importante caída das cotizacións na UE das principais *commodities* lácteas (manteiga, leite gordo en po...) nos meses recentes.

Esa alza dos prezos dos produtos gandeiros (leite e carne) en 2025 acompañouse dunha caída das cotizacións internacionais dos cereais (-5,8 %), entre os que está o millo, unha materia prima fundamental para a alimentación do gando. Por outro lado, a pesar da suba global do prezo dos aceites vexetais, a cotización da soia continuou este ano a senda descendente iniciada en 2023. O resultado desde a perspectiva das explotacións galegas foi unha conxuntura global dos mercados internacionais en 2025 favorable, ao confluír un aumento dos prezos dos produtos gandeiros cun abarata-mento das materias primas para a alimentación animal (gráfico 1).

Conxuntura do sector na Unión Europea e en España


Condicionada por ese contexto internacional, a dinámica do sector agrario na UE-27 saldouse en 2025 cunha suba da renda global en euros constantes (7,4 %), despois das contraccións sufridas en 2023 e 2024. Dada a leve diminución que seguiu experimentando o volume da man de obra (-1,4 %),

Cadro núm. 7
Evolución da renda global e da renda por ocupado no sector agrario en Galicia, España e a UE
Taxas de variación anuais (en %)

	2019	2020	2021	2022	2023	2024**	2025 **
Galicia							
Renda agraria ¹	14,4	-21,1	-1,3	5,5	35,9	0,4 *	5,1 *
Man de obra (ocupados)	-4,6	-1,0	-1,8	4,3	7,9	-1,5	-3,3
Renda/ocupado	19,9	-20,3	0,6	1,1	26,0	1,9 *	8,7 *
España							
Renda agraria ¹	-2,6	-8,6	6,0	-7,4	10,3	4,6	6,2
Man de obra (UTA)	0,8	-6,5	6,3	-6,1	-4,6	1,5	2,0
Renda/UTA	-3,4	-2,3	-0,3	-1,4	15,6	3,1	4,1
Unión Europea (UE-27)							
Renda agraria ¹	1,3	-8,1	3,7	11,2	-8,8	-1,7	7,4
Man de obra (UTA)	-2,6	-11,6	-1,0	-1,9	-3,0	-1,4	-1,4
Renda/UTA	4,0	3,9	4,8	13,3	-6,0	0,1	8,9

¹ VENCf en moeda constante.
* Estimacións propias.
** Os datos de 2024 son un avance e os de 2025 unha estimación.


Fonte: Elaboración propia a partir de:
- Eurostat, *Economic Accounts for Agriculture*.
- MAPA, *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales. Resultados regionales*.
- INE, EPA.



iso deu lugar a un incremento algo maior (8,9 %) da renda por UTA (unidade de traballo ano) (cadro 7). Deste modo, desde 2017 a agricultura comunitaria acumula unha mellora significativa e case continua (coas únicas excepcións de 2018 e 2023) da renda por ocupado (gráficos 2 e 3).

O balance de 2025 é tamén positivo na agricultura española e veu prolongar neste caso o notable incremento rexistrado pola renda agraria en 2023 e 2024. Concretamente, os cálculos provisionais do MAPA⁵ estiman que a renda do sector en euros constantes experimentou en 2025 un au-

⁵ Ver: <https://www.mapa.gob.es/dam/mapa/contenido/estadisticas/temas/estadisticas-agrarias/1.economicas/renta-agraria/cea-2025-2-estimacion-marzo-2026-.pdf>



ñoa (2 %), polo que o saldo final foi un crecemento da renda agraria por UTA do 4,1 %; crecemento notable, que veu prolongar o constatado en 2023 e 2024, pero moi inferior á media comunitaria (8,9 %) (cadro 7, gráficos 2 e 3).

A dinámica do sector agrario galego en 2025: unha visión global

En Galicia non contamos polo momento con ningunha estimación oficial das contas económicas do sector agrario en 2024 e 2025⁶. Polo tanto, debemos conformarnos con perfilar un balance provisional a partir dos datos dispoñibles, referidos á dinámica das principais producións no noso agro e aos prezos percibidos e pagados a nivel español.

Centrándonos en 2025, eses datos apuntan a un balance positivo en liña co rexistrado polo sector na UE e en España, se ben a súa magnitude relativa depende de se nos fixamos na evolución da renda global ou da renda por ocupado. Segundo os nosos cálculos, a renda global do sector agrario en euros constantes experimentou en Galicia un crecemento do 5,1 %, inferior ao constatado na UE (7,4 %) e en España (6,2 %). Pero iso acompañouse dunha diminución da poboación ocupada (-3,3 %) máis intensa que a media comunitaria (-1,4 %) e que contrasta co seu incremento na agricultura española (2 %). O resultado é que a renda por ocupado rexistrou no agro galego un aumento do 8,7 %, moi superior á media estatal (4,1 %) e próximo ao da UE (8,9 %) (cadro 7). Deste modo, en 2025 proseguíu a mellora da renda agraria por ocupado que se viña dando en Galicia desde 2021, que permitiu máis que recuperar a caída sufrida en 2020 no contexto da pandemia da COVID-19 (gráficos 2 e 3).

Con algo máis de detalle, podemos sintetizar así a conxuntura do sector agrario galego en 2025⁷:

- O volume global do *output* rexistrou unha lixeira suba (1 %), con incrementos tanto da produción vexetal (1,7 %) como, en menor medida, da animal (0,7 %). Se a isto lle sumamos a alza dos prezos percibidos, temos un aumento do valor da produción en euros correntes do 5,7 %. O volume dos consumos intermedios tamén creceu levemente, mais os seus prezos apenas subiron. Iso orixinou un incremento do VEB en termos reais en torno ao 1 %. Neste aspecto os nosos cálculos suxiren unha suba similar á estimada polo IGE nas *Contas económicas trimestrais* para o VEB agro-pesqueiro (1,3 %) (cadro 8).

⁶ Para estes dous anos existen estimacións do IGE (nas súas *Contas económicas trimestrais*) sobre a evolución do VEB do sector agropesqueiro; e para 2024 contamos tamén con estimacións do INE (na *Contabilidad Regional de España*). Pero estas cifras, ademais de limitarse a esa variable, non son directamente utilizables aos nosos efectos ao incluír tamén a pesca, que en Galicia achega ao redor do 20 % do VEB do sector primario no período 2020-2023.

⁷ Os datos nos que se sustenta este balance provisional figuran de forma pormenorizada nos apartados posteriores.

Cadro núm. 8
Variación real do VEB a prezos básicos das ramas agraria e pesqueira*
Taxas de variación interanuais (en %)
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	Galicia	España
2023	12,7	3,4
2024	3,1	10,8
2025	1,3	1,2
I trim.	3,0	6,9
II trim.	0,0	0,3
III trim.	0,9	-1,8
IV trim.	1,2	-0,6

*Os datos de 2023 son provisionais; os de 2024 e 2025 un avance.
Fonte: IGE e INE.

• O moderado crecemento do *output* e do VEB real (moi inferior ao da agricultura española) acompañouse dunha dinámica dos prezos claramente positiva (ao contrario do sucedido en España). A suba dos prezos percibidos polos agricultores galegos (4,6 %) foi superior á alza do IPC (2,4 %) e contrasta coa estabilidade dos prezos pagados (0,2 %), o que posibilitou unha mellora dos prezos percibidos en euros constantes e aínda máis da relación entre prezos percibidos e prezos pagados.

- O resultado final foi que o moderado crecemento do VEB real acompañouse dunha suba máis significativa da renda agraria en euros constantes. Segundo a nosa estimación, esta experimentou en Galicia un incremento do 5,1 %, algo inferior ao da agricultura española e europea, pero incluso así relevante.

Evolución da produción

Estrutura da produción agraria

No cadro 9 resumimos a evolución da estrutura da produción agraria en Galicia no período 1990-2023, incluíndo as cifras máis recentes dispoñibles: as publicadas polo MAPA para 2023. Centrándonos na situación actual, podemos ver que o agro galego continúa presentando unha nidia es-

Cadro núm. 9
Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia; comparación con España

	Estrutura da produción agraria (en %)					Índices de especialización de Galicia*	Peso de Galicia no total español (%)
	Galicia				España		
	1990	2021	2022	2023	2023		
Producción vexetal	35,2	36,4	34,4	36,2	55,3	0,7	5,2
Cereais	1,2	1,0	1,1	0,7	4,3	0,2	1,2
Plantas industriais ¹	1,0	0,2	0,3	0,2	1,6	0,1	1,0
Plantas forrageiras	8,5	9,0	9,6	12,0	4,6	2,6	20,5
Hortalizas ²	7,2	11,9	12,0	10,5	20,1	0,5	4,1
Patacas	10,5	4,0	3,0	3,2	1,3	2,4	19,3
Froitas ³	3,6	10,0	8,2	9,4	17,6	0,5	4,2
Viño e mosto	2,8	0,3	0,2	0,2	1,7	0,1	0,9
Outros	0,3	0,0	0,0	0,0	4,1	0,0	0,0
Producción animal	61,8	61,3	63,9	62,2	42,3	1,5	11,6
Carne e gando	32,3	33,3	31,1	28,7	30,7	0,9	7,4
Bovino	16,3	13,1	12,6	10,9	6,0	1,8	14,2
Porcino	7,0	8,9	8,9	9,1	17,5	0,5	4,1
Equino	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,6	5,0
Ovino e caprino	1,1	0,2	0,2	0,2	1,8	0,1	0,7
Aves	6,9	10,0	8,7	7,9	5,0	1,6	12,5
Coellos e outros	1,0	1,1	0,6	0,5	0,3	2,0	15,9
Produtos animais	29,4	28,0	32,8	33,6	11,6	2,9	22,9
Leite	24,1	26,1	30,6	31,2	8,0	3,9	31,0
Ovos	5,1	1,5	1,9	2,1	3,4	0,6	4,9
Outros	0,3	0,3	0,3	0,2	0,2	1,1	8,8
Servizos e actividades secundarias non agrarias	3,1	3,0	1,7	1,6	2,4	0,7	5,3
Producción rama agraria	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	1,0	7,9

¹ Inclúe remolacha, tabaco, algodón, xirasol e leguminosas en gran.
² Inclúe flores e plantas de viveiro.
³ Inclúe froitas frescas, cítricos e uvas.
* Relación entre o peso relativo de cada produción en Galicia e o que ten en España.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA: *Resultados Renta Agraria Regional (serie histórica 1990-2000)*; *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2023*.

pecialización gandeira, cun peso relativo deste subsector (62,2 %) similar ao de tres décadas atrás (61,8 %). Esta especialización está focalizada en catro produtos, que achegan en conxunto o 95 % do valor da produción animal: leite, carne de vacún, porcino e carne de aves. Destaca sobre todo o leite, que supón tres de cada dez euros da produción agraria galega e a metade da produción animal. As ramas vexetais, pola súa parte, supoñen o 36,2 % da produción agraria, sobresaíndo catro grupos de cultivos que suman o 97 % do total, un deles vinculado á gandería: plantas forraxeiras, hortalizas, froitas (onde se inclúen as uvas) e patacas (cadro 9).

Esa orientación gandeira do agro galego contrasta coa especialización vexetal do sector en España: o peso relativo dos dous subsectores móvese en ambos os espazos nunha relación de 60/40, pero con porcentaxes invertidas. Examinando con maior desagregación os datos, constatamos que no ámbito vexetal Galicia só presenta no contexto do Estado un índice de especialización superior a 1 (un peso relativo maior que a media española) nas plantas forraxeiras e nas patacas. Mentres, a nosa especialización gandeira no marco español céntrase no leite, na carne de vacún, na carne de aves e nos coellos; rexistrando en cambio unha desespecialización relativa nos ovos e nas restantes producións cárnicas (porcino, equino e ovino-cabrun) (cadro 9).

Partindo desas cifras sobre o peso económico das distintas ramas, examinamos a continuación a dinámica rexistrada en 2025 polo volume das principais producións agrícolas e gandeiras.

Evolución das principais producións agrícolas (en volume)

Segundo as estimacións provisionais do MAPA, o ano 2025 saldouse en España cunha notable expansión do volume da produción vexetal (9,5 %), grazas sobre todo ao incremento superior ao 10 % nas colleitas de plantas forraxeiras, cereais e especialmente de aceite de oliva (81,9 %). No caso da agricultura galega, as cifras subministradas polos *Avances de superficies y producciones de cultivos*⁸ apuntan a un aumento da produción de millo forraxeiro (28,5 %), froitas (56,3 %), leguminosas en gran (13 %) e no sector vitivinícola (3,2 %). Mais iso tivo como contrapunto o descenso da de patacas

Cadro núm. 10

Evolución das principais producións agrícolas en volume en Galicia*

	Produción (miles de toneladas)					Variación (%)		
	2015	2016	2023	2024	2025	2024/ 2023	2025/ 2024	(2024-25)/ (2015-16)
Cereais en gran	208,9	188,3	148,8	164,6	135,9	10,6	-17,4	-24,3
Trigo	46,8	35,1	40,0	37,1	38,1	-7,1	2,6	-8,1
Centeo	13,1	10,9	14,3	15,7	10,5	10,0	-33,4	9,0
Millo	149,0	142,3	94,5	111,7	87,4	18,2	-21,8	-31,7
Leguminosas en gran	4,4	4,8	4,3	3,9	4,4	-7,5	13,0	-9,2
Patacas	505,2	417,1	295,6	323,5	219,4	9,4	-32,2	-41,1
Millo forraxeiro	2.451,0	2.187,8	2.152,2	2.219,6	2.851,6	3,1	28,5	9,3
Hortalizas	271,6	261,3	238,6	239,5	232,5	0,3	-2,9	-11,4
Leituga	19,9	22,2	22,6	21,7	19,0	-3,9	-12,4	-3,3
Tomate	92,5	89,4	73,4	77,6	69,2	5,7	-10,8	-19,3
Pemento	70,3	65,5	61,2	61,7	75,0	0,8	21,6	0,6
Cebola	41,0	32,6	30,9	30,7	37,3	-0,4	21,4	-7,6
Feixón verde	47,8	51,7	50,6	47,8	32,0	-5,6	-33,1	-19,8
Froitas	121,7	122,0	99,8	103,6	161,9	3,9	56,3	9,0
Mazá	112,2	112,6	89,8	93,1	149,8	3,7	60,9	8,1
Pera	9,5	9,4	10,0	10,5	12,1	5,1	15,1	19,6
Uva de vinificación	141,1	123,0	124,0	119,9	123,8	-3,3	3,2	-7,7

* Os datos de 2025 e os dalgúns produtos para 2024 son provisionais.

Fonte: MAPA, *Anuario de Estadística e Avances de superficies y producciones agrícolas*.

⁸ MAPA: *Avances de superficies y producciones de cultivos*.

<https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/agricultura/avances-superficies-producciones-agricolas/>

(-32,2 %), cereais (-17,4 %) e hortalizas (-2,9 %) (cadro 10). Ponderando esas taxas de variación polo peso económico dos distintos cultivos, estimamos un crecemento global da produción vexetal do 1,7 % (cadro 14), moi inferior ao estimado polo MAPA para o conxunto do Estado.

Evolución das principais producións gandeiras (en volume)

No ámbito gandeiro a conxuntura en 2025 caracterizouse en Galicia polo incremento de todas as producións relevantes excepto a carne de vacún, que sufriu unha significativa caída (-7,7 %). O crecemento foi moi moderado (0,8 %) no leite, a principal produción do agro galego, e na carne de porcino (1,6 %). Pola contra alcanzou taxas moito maiores (entre 6,5 % e 9 %) na carne de aves e noutras ramas cárnicas con escaso peso no noso agro (cabrún e coellos) (cadro 11). Se ponderamos esas taxas de variación recollidas no cadro 11 co peso económico de cada rama, resulta un incremento do volume da produción animal de só o 0,7 % (cadro 14), claramente inferior ao estimado polo MAPA para o conxunto do Estado (2,6 %). A diferenza neste caso debeuse fundamentalmente á expansión moito maior a nivel español da que é aquí a principal produción gandeira, o porcino (que aumentou nun 6,5 %).

Cadro núm. 11
Evolución das principais producións gandeiras en volume en Galicia

	Volume de produción en cada ano						
	1985	2005	2021	2022	2023	2024	2025*
Leite de vaca ¹	1.644,5	2.258,1	2.923,7	2.905,8	3.034,5	3.005,4	3.029,7
Carne de vacún ²	52,5	96,1	100,8	97,5	96,4	96,2	88,8
Carne de porcino ²	85,6	101,6	88,4	82,7	84,5	83,3	84,6
Carne de ave ²	92,6	163,4	217,8	201,1	211,3	222,1	236,8
Carne de ovino ²	0,9	0,6	0,3	0,4	0,3	0,2	0,2
Carne de caprino ²	0,3	0,1	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0
Carne de coello ²	10,1	6,7	10,2	9,1	8,6	7,7	8,3
Ovos ³	122,5	58,9	49,3	53,3	51,9	49,6	

	Taxa de variación acumulativa anual (%)						% variación	Galicia/España (%)	
	1985/ 2005	2005/ 2021	2021/ 2022	2022/ 2023	2023/ 2024	2024/ 2025	1985/ 2025**	1985	2025*
Leite de vaca ¹	1,6	1,6	-0,6	4,4	-1,0	0,8	84,2	26,9	42,0
Carne de vacún ²	3,1	0,3	-3,2	-1,1	-0,2	-7,7	69,1	13,1	12,5
Carne de porcino ²	0,9	-0,9	-6,4	2,1	-1,4	1,6	-1,2	7,4	1,6
Carne de ave ²	2,9	1,8	-7,7	5,1	5,1	6,7	155,8	11,4	12,4
Carne de ovino ²	-2,4	-3,5	14,7	-28,7	-5,9	0,0	-73,2	0,7	0,2
Carne de caprino ²	-3,5	-7,2	24,4	-41,1	3,0	8,8	-87,7	3,7	0,5
Carne de coello ²	-2,0	2,6	-10,9	-5,3	-10,9	8,7	-17,6	12,9	25,6
Ovos ³	-3,6	-1,1	8,1	-2,6	-4,5		-59,5	13,9	4,2

¹ Millóns de litros. ² Miles de toneladas. ³ Millóns de dúcias.
* Os datos de 2025 son provisionais. Para o leite, estimación a partir dos dados de entregas á industria. O peso da produción galega de ovos no conxunto do Estado refírese a 2024.
** No caso dos ovos a variación é de 1985 a 2024.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- MAPA, *Anuario de estadística, Encuesta de sacrificio de ganado, Estadística de huevos para consumo humano e Estadística láctea*.
- Consellería do Medio Rural, *Anuario de estatística agraria*.

Nunha imaxe recapitulativa temos, en definitiva, que a dinámica do sector agrario galego caracterizouse en 2025 por crecementos de escasa magnitude tanto da produción agrícola como da gandeira. O resultado foi un incremento global do *output* agrario do 1 % (cadro 14), moi inferior ao 6,7 % que calcula o MAPA para España.

Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores

No referido aos prezos, o índice xeral de prezos percibidos polos agricultores galegos rexistrou en 2025 un aumento significativo (4,6 %), despois do descenso do ano anterior (-1,5 %). Ese incremento concentrouse nos produtos gandeiros (7 %) e debeuse principalmente á forte alza dos prezos no vacún de carne (18,5 %) e nos ovos (22,6 %). A principal produción do noso agro, o leite, tamén se

Cadro núm. 12

Porcentaxe de variación interanual dos prezos percibidos e pagados polos agricultores en Galicia

	2021	2022	2023	2024	2025
A. Prezos percibidos*					
Produtos agrícolas	8,5	23,3	6,0	-0,1	-0,6
Cereais	32,1	39,4	-21,0	-15,9	-3,4
Leguminosas	18,5	44,7	15,6	-1,4	-6,0
Patacas	6,4	42,3	16,5	12,4	-15,4
Cítricos	-4,9	-8,0	47,1	-11,2	15,7
Froitas non cítricas	7,0	11,8	-4,6	6,9	19,9
Hortalizas	6,3	21,6	13,4	-13,5	7,0
Viño e subprodutos	6,6	10,6	4,4	8,3	3,3
Flores e plantas ornamentais	3,0	-0,4	10,5	-4,6	7,6
Cultivos forraxeiros	-0,9	55,4	35,0	-45,9	15,2
Produtos animais	4,3	28,1	16,1	-2,2	7,0
Leite	4,4	29,3	21,2	-8,9	1,9
Carne e gando bovino	6,0	29,0	10,1	11,0	18,5
Carne e gando porcino	-2,3	22,1	18,5	-5,5	-2,6
Carne e gando aviar	6,1	19,7	1,3	2,2	2,4
Carne e gando ovino	14,7	9,3	7,2	10,7	7,1
Carne e gando caprino	6,3	9,6	8,1	2,0	9,7
Carne e gando coellos	3,9	20,8	9,9	-7,0	5,0
Ovos	3,2	57,8	27,8	-7,5	22,6
Índice xeral de prezos percibidos	5,7	26,5	12,8	-1,5	4,6
B. Prezos pagados**					
Sementes selectas e pés	1,5	3,2	10,3	5,6	1,0
Alimentos para o gando	14,0	31,7	-4,0	-13,5	-0,9
Fertilizantes	27,9	74,3	-20,1	-18,0	5,5
Enerxía e lubricantes	32,9	59,4	-29,2	-13,0	-2,4
Protección fitopatolóxica	4,3	19,7	1,8	-1,3	2,1
Tratamentos zoonosanitarios	1,1	1,9	2,2	2,0	2,0
Conservación e reparación de maquinaria	4,2	3,8	5,7	7,8	7,6
Conservación e reparación de edificios	5,9	7,4	3,7	2,0	2,2
Índice xeral de prezos pagados	14,5	31,7	-7,0	-9,7	0,2

* Evolución dos prezos por grupos de produtos no conxunto de España e variación dos índices de prezos por subsectores que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura da produción agraria galega.

** Evolución dos prezos dos diversos *inputs* correntes no conxunto de España, e variación do índice xeral de prezos pagados que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura dos consumos intermedios da nosa agricultura.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA, *Índices de precios percibidos, precios pagados y salarios agrarios*.

Cadro núm. 13

Evolución dos índices de prezos percibidos e pagados polos agricultores galegos

	Índice xeral de prezos percibidos ¹	Índice xeral de prezos pagados ¹	IPC	Prezos percibidos/Prezos pagados	Prezos percibidos/IPC
1985	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
1990	128,3	108,4	138,5	118,4	92,6
1995	154,2	125,0	178,3	123,4	86,5
2000	158,0	140,6	203,0	112,4	77,9
2005	162,0	160,3	238,1	101,1	68,1
2010	174,8	188,5	266,7	92,7	65,5
2015	183,6	212,3	284,5	86,5	64,5
2016	181,5	204,3	283,6	88,8	64,0
2017	189,4	206,4	289,6	91,8	65,4
2018	196,9	215,4	294,5	91,4	66,8
2019	191,9	216,5	296,3	88,7	64,8
2020	186,2	210,8	295,4	88,3	63,0
2021	196,8	241,4	305,7	81,5	64,4
2022	248,9	317,8	333,4	78,3	74,7
2023	280,7	295,7	345,4	94,9	81,3
2024	276,3	267,1	355,4	103,5	77,8
2025	289,1	267,7	363,9	108,0	79,4
TVI (%)					
2021/2020	5,7	14,5	3,5	-7,7	2,1
2022/2021	26,5	31,7	9,0	-4,0	16,0
2023/2022	12,8	-7,0	3,6	21,2	8,8
2024/2023	-1,5	-9,7	2,9	9,0	-4,3
2025/2024	4,6	0,2	2,4	4,4	2,2

(1) Os índices de prezos percibidos e prezos pagados que ofrecemos son os que resultan de imputarlle os índices sectoriais españois (para os diferentes produtos agrarios e as diversas partidas dos consumos intermedios) á estrutura da produción e dos consumos intermedios da agricultura galega.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Índices de precios percibidos, precios pagados y salarios agrarios*.
- INE.

beneficiou dunha lixeira suba (1,9 %). E a iso hai que engadir finalmente a alza de prezos en magnitudes diversas nas restantes producións cárnicas, coa única excepción do porcino (-2,6 %). Pola súa parte, os prezos de venda dos produtos vexetais sufriron en conxunto un leve descenso en euros correntes (-0,6 %), aínda que isto foi o resultado de comportamentos moi dispares: suba do prezo dos cultivos forraxeiros (15,2 %), froitas (19,9 %), hortalizas (7 %) e viño (3,3 %); e caída, pola contra, nos cereais (-3,4 %) e sobre todo nas patacas (-15,4 %) (cadro 12).

O incremento global dos prezos percibidos acompañouse en 2025 dunha estabilidade aproximada dos prezos pagados polos insumos agrarios (0,2 %), despois do seu significativo descenso en 2023 (-7 %) e 2024 (-9,7 %). Neste aspecto cabe sinalar o lixeiro abaratamento que seguiron experimentando a enerxía e lubricantes (-2,4 %) e os alimentos comprados para o gando (-0,9 %), a principal partida dos gastos correntes do sector agrario galego. Mentres,

as restantes partidas viron elevarse os seus prezos en contías diversas, coas alzas máis acusadas nos fertilizantes (5,5 %) e na conservación e reparación de maquinaria (7,6 %) (cadro 12).

O saldo final foi unha dinámica dos prezos este ano moderadamente favorable para os agricultores galegos. Os prezos percibidos medraron por encima do IPC, orixinando un aumento destes prezos en euros constantes (2,2 %). E iso acompañouse dunha mellora máis significativa da súa relación real de intercambio, a *ratio* prezos percibidos/prezos pagados (4,4 %) (cadro 13).

Conxuntura das principais ramas agrarias

A partir dos datos que acabamos de expoñer, sobre os volumes de produción e os prezos, no cadro 14 elaboramos unha estimación da variación que experimentou en 2025 o valor da produción nas principais ramas do sector agrario galego. Estas cifras pódense asimilar coa variación dos ingresos dos produtores e permiten perfilar un balance da conxuntura das diversas ramas⁹.

Nas ramas vexetais rexistrouse en conxunto un pequeno aumento do *output* (1,7 %) e unha leve caída dos prezos (-0,6 %), dando como resultado unha suba moi lixeira do valor da produción (1 %). No lado positivo hai que salientar a forte alza do valor económico da produción nas froitas (87,4 %) e nos cultivos forraxeiros (48 %), ao combinarse un notable incremento da produción e unha alza considerable dos prezos de venda. Mentres, a dinámica oposta, caída da produción e dos prezos, conséntase nas patacas e nos cereais, o que orixinou en ambos os casos un importante descenso do valor da produción (-42,7 % e -20,2 %, respectivamente) (cadro 14).

Pola súa parte, a conxuntura global das ramas gandeiras caracterizouse por un crecemento moi pequeno dos volumes producidos (0,7 %) e unha alza notable dos prezos (7 %), que deu como resul-

tado un aumento apreciable dos ingresos das explotacións (7,7 %). Este aumento rexistrouse de forma xeneralizada en todas as ramas coa única excepción do porcino (-1,1 %). A evolución máis positiva tivo lugar nos ovos (22,8 %), gando cabrún (19,4 %) e coellos (14,1 %), pero o valor económico da produción experimentou tamén incrementos notables na carne de ave (9,2 %) e no ovino (7,1 %). No vacún de carne a contracción do *output* (-7,7 %) foi máis que compensada pola alza dos prezos de venda (18,5 %), que posibilitou un importante crecemento do valor da produción (9,3 %). Finalmente, os ingresos das explotacións lácteas, o núcleo principal do noso sector agrario, rexistraron este ano un aumento moderado (2,7 %), consecuencia do lixeiro incremento tanto da produción como do prezo (cadro 14).

Cadro núm. 14
Estimación da variación do valor da produción nas principais ramas agrícolas e gandeiras de Galicia. Ano 2025*

	TVI (%) 2025/2024		
	Volume de produción	Prezo	Valor da produción
Cereais	-17,4	-3,4	-20,2
Patacas	-32,2	-15,4	-42,7
Froitas	56,3	19,9	87,4
Hortalizas	-2,9	7,0	3,9
Viño	3,2	3,3	6,6
Cultivos forraxeiros	28,5	15,2	48,0
Produción vexetal	1,7	-0,6	1,0
Leite	0,8	1,9	2,7
Carne e gando vacún	-7,7	18,5	9,3
Carne e gando porcino	1,6	-2,6	-1,1
Carne e gando aviar	6,7	2,4	9,2
Carne e gando ovino	0,0	7,1	7,1
Carne e gando caprino	8,8	9,7	19,4
Carne e gando coellos	8,7	5,0	14,1
Ovos	0,1	22,6	22,8
Produción animal	0,7	7,0	7,7
Produción agraria	1,0	4,6	5,7

* As cifras referidas á variación dos volumes de produción proceden das estimacións do MAPA para Galicia. As relativas aos prezos corresponden, en cambio, á evolución dos prezos percibidos en España.
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos cadros 10, 11 e 12.

⁹ Cómpre subliñar que nese cadro os datos sobre os volumes de produción proceden das estimacións do MAPA referidas a Galicia. Mentres, os relativos aos prezos corresponden á evolución dos prezos percibidos de cada produto a nivel español.

Poboación ocupada

De acordo coas estimacións da enquisa de poboación activa (EPA), a poboación ocupada no sector agrario galego experimentou en 2025 unha redución do 3,3 %, mantendo desta forma a tendencia descendente á que retornou en 2024 e que define a súa dinámica a longo prazo. Porén, os datos anuais desta fonte deben tomarse con cautela dada a evolución irregular que mostran na última década: aumento en 2016 e 2017, descenso no cuadrienio 2018-2021, novo incremento en 2022 e 2023 (cadro 15).

Máis alá desas oscilacións anuais, se nos fixamos nas tendencias a medio prazo obsérvanse dous feitos que si parecen responder á realidade e merecen ser salientados. O primeiro é o freo da caída do emprego no sector a partir da crise económica de 2008-2013, o que cabe atribuír, polo menos en parte, ao empeoramento do mercado de traballo e á redución das oportunidades laborais fóra da agricultura nos anos desa crise. Así, no conxunto do período 2008-2025 o ritmo de diminución da poboación ocupada no sector agrario galego foi do 1,7 % acumulativo anual, menos da quinta parte do rexistrado durante a fase de expansión económica 1995-2008 (-8,6 % anual). O segundo feito a sinalar é que, a pesar diso, o emprego agrario segue reducíndose aquí a taxas superiores á media española (-0,3 % anual no período 2008-2025, fronte ao citado -1,7 % anual en Galicia) (cadro 15).

Cadro núm. 15
Evolución da poboación ocupada no sector agrario en Galicia e en España
(medias anuais)

	Galicia		España	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
1985	415,1	100,0	1.829,6	100,0
1995	223,9	53,9	1.040,1	56,8
2008	69,8	16,8	779,4	42,1
2009	67,0	16,1	745,5	40,6
2010	66,0	15,9	749,1	41,3
2011	64,8	15,6	721,3	39,7
2012	59,3	14,3	703,5	39,0
2013	56,3	13,6	699,3	38,7
2014	49,1	11,8	702,4	38,4
2015	45,6	11,0	705,0	38,5
2016	49,2	11,9	738,0	40,3
2017	55,4	13,3	778,8	42,6
2018	52,3	12,6	772,9	42,2
2019	49,9	12,0	758,1	41,4
2020	49,4	11,9	723,9	39,6
2021	48,5	11,7	782,4	42,8
2022	50,6	12,2	760,8	41,6
2023	54,6	13,2	731,4	40,0
2024	53,8	13,0	719,9	39,3
2025	52,1	12,5	736,3	40,2

Taxas de variación media
acumulativa anual (%)

1995/1985	-6,0	-5,5
2008/1995	-8,6	-2,2
2015/2008	-5,9	-1,4
2025/2015	1,3	0,4
2025/2008	-1,7	-0,3

Fonte: EPA, INE e IGE, *Enquisa de poboación activa en Galicia*.

Globalmente, nas catro últimas décadas, desde a integración europea, a poboación ocupada no sector agrario reduciuse en Galicia en case un 90 % (de 415,1 mil a 52,1 mil persoas), cando en España a diminución foi do 59,8 % (cadro 15). Ademais, o elevado envellecemento dos que permanecen no sector fai prever que esa caída vai continuar con toda probabilidade nos próximos anos. En concreto, das 52.100 persoas ocupadas no sector agrario galego (incluída a silvicultura) que estima a EPA en 2025, case unha terceira parte superaban os 54 anos e o 60 % estaban por riba dos 44 anos. Outros dous feitos a salientar na última década son a crecente masculinización da man de obra do sector e o peso cada vez maior do traballo asalariado, moi vinculado ás mudanzas na estrutura das explotacións. Así, tomando os datos da EPA, a porcentaxe de mulleres na poboación ocupada do sector agrario baixou do 44,1 % en 2015 ao 39 % en 2025; e a man de obra asalariada pasou do 28,3 % ao 39,7 %.

Censos gandeiros

Gando bovino

Os datos máis recentes das *Encuestas ganaderas* do MAPA, correspondentes a novembro de 2025, mostran unha estabilidade do censo total de gando bovino en Galicia neste último ano, despois da súa caída case continua no que levamos de século. O número de vacas, en cambio, seguiu diminuíndo se ben a un ritmo moi pequeno, como sucede en xeral no último decenio: se na década 2000-2010 a taxa de variación anual era do -1,5 %, no período 2015-2025 limitase ao -0,3 %.

Cadro núm. 16
Evolución do censo de gando bovino en Galicia*

	1987	2000	2010	2020	2023	2024	2025
Miles de cabezas							
Vacas	704,5	666,5	570,1	546,1	541,4	521,8	518,8
Leiteiras	602,6	432,3	350,3	340,0	337,2	328,1	326,4
Resto	101,9	234,1	219,8	206,1	204,2	193,7	192,4
Total bovinos	980,1	1.016,4	963,4	939,1	941,0	916,5	915,7
Índices (Base 1987=100)							
Vacas	100,0	94,6	80,9	77,5	76,8	74,1	73,6
Leiteiras	100,0	71,7	58,1	56,4	55,9	54,4	54,2
Resto	100,0	229,7	215,7	202,2	200,4	190,1	188,7
Total bovinos	100,0	103,7	98,3	95,8	96,0	93,5	93,4
Galicia/España (%)							
Vacas	25,1	22,1	20,1	18,8	19,1	18,7	18,8
Leiteiras	33,6	37,9	41,8	41,9	42,9	42,4	42,9
Resto	10,0	12,5	11,0	9,8	9,9	9,6	9,6
Total bovinos	19,2	16,5	15,3	14,2	14,9	14,8	14,5

*Os datos de 1987 e 2000 son os de decembro. Para os demais anos corresponden a novembro. Os de 2025 son provisionais.
Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas*.

Cadro núm. 17
Estrutura dimensional das explotacións de bovino en Galicia. Ano 2024

A. Número (miles)							
Tamaño (número de bovinos)	Explotacións				Vacas		
	Leite	Carne	Mixtas e outras	Total	Vacas de moxidura	Vacas de non moxidura	Total
1-9	0,2	8,2	2,2	10,6	1,4	19,8	21,2
10-19	0,4	3,0	0,1	3,6	4,5	24,8	29,3
20-29	0,5	1,7	0,1	2,4	8,8	25,0	33,9
30-49	0,9	1,9	0,2	3,0	23,5	43,2	66,8
50-99	1,5	1,4	0,2	3,1	63,2	58,8	122,0
100-199	1,1	0,4	0,1	1,7	91,1	33,4	124,5
>=200	0,6	0,1	0,1	0,7	109,7	12,6	122,3
Total	5,3	16,7	3,0	25,0	302,2	217,7	519,9
B. Distribución porcentual							
Tamaño (número de bovinos)	Explotacións				Vacas		
	Leite	Carne	Mixtas e outras	Total	Vacas de moxidura	Vacas de non moxidura	Total
1-9	4,3	48,9	74,0	42,5	0,4	9,1	4,1
10-19	7,8	18,2	4,4	14,3	1,5	11,4	5,6
20-29	10,0	10,5	3,2	9,5	2,9	11,5	6,5
30-49	17,6	11,2	5,0	11,8	7,8	19,9	12,8
50-99	27,8	8,4	6,3	12,2	20,9	27,0	23,5
100-199	21,5	2,4	4,4	6,7	30,1	15,3	23,9
>=200	11,1	0,4	2,7	2,9	36,3	5,8	23,5
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: IGE, *Rexistro de gando bovino*.

No que respecta á orientación produtiva, nos últimos quince anos do século XX tivera lugar unha importante modificación na composición do rabaño, perdendo peso as vacas de leite en favor das de carne, como consecuencia da reestruturación do sector lácteo. Porén, no que levamos do presente século esa distribución tende a manterse estable, ao diminuír lixeiramente tanto o número de vacas de leite como de carne; evolución que continuou en 2025. En calquera caso, visto no contexto español o noso censo de gando bovino presenta unha clara especialización láctea: en 2025 Galicia concentra o 42,9 % das vacas de leite do Estado, mentres que non alcanza o 10 % das vacas de carne, contando en conxunto co 14,5 % dos animais bovinos (cadro 16).

As cifras do *Rexistro de gando bovino* do IGE permiten precisar a estrutura das explotacións por orientacións produtivas. En conxunto, estes datos mostran a notable e crescente concentración do censo nas unidades de maior dimensión. Así, en 2024 as explotacións con 50 ou máis cabezas de bovino, sendo o 21,8 % do total, concentran 7 de cada 10 vacas. E concretamente aquelas con 100 ou máis cabezas, 9,6 % do total, reúnen o 47,5 % das vacas. Mentres que, no extremo contrario, seguimos encontrando unhas 10.600 explotacións con menos de 10 cabezas (42,5 % do total), que só suman o 4,1 % das vacas (cadro 17).

A situación, porén, difire substancialmente en función da orientación produtiva, cunha concentración moito máis acusada no sector lácteo. Neste sector as explotacións con 50 ou máis animais concentran en 2024 máis do 87 % das vacas de muxidura, e aquelas con 100 ou máis cabezas reúnen as dúas terceiras partes do rabaño lácteo. Mentres, o peso produtivo das unidades máis pequenas é xa case irrelevante: as explotacións lácteas con menos de 20 animais supoñen unicamente o 12 % en número e contan con menos do 2 % das vacas de muxidura. No vacún de carne, en cambio, o grao de concentración segue sendo moito menor, conservando as explotacións pequenas un importante peso social e produtivo. En concreto, as explotacións con menos de 20 animais son aquí dúas de cada tres e contan co 20,5 % das vacas de carne. No extremo contrario, as unidades con 100 ou máis cabezas só supoñen o 2,8 % do total e reúnen o 21,1 % das vacas (cadro 17).

Gando porcino

Despois da forte contracción rexistrada en 2024, que puxo fin ao aumento constatado nos anos anteriores, en 2025 a cabana porcina mantívose en Galicia practicamente estable (-0,7 %). Esa evolución foi moi similar á que se deu este ano no conxunto do Estado, polo que o peso galego no total español permaneceu tamén estable en torno ao 4 % (cadro 18).

Cadro núm. 18
Evolución do censo de gando porcino en Galicia*

	1987	1996	2010	2020	2023	2024	2025
Miles de cabezas							
Porcos da ceba	561,6	271,7	443,2	780,3	794,9	761,6	585,4
Porcas reprodutoras	178,2	121,9	114,4	81,5	120,5	95,3	92,2
Total	1.619,5	981,3	1.018,9	1.286,7	1.627,4	1.357,1	1.347,8
Índices (Base 1987=100)							
Porcos da ceba	100,0	48,4	92,2	139,0	141,6	135,6	104,2
Porcas reprodutoras	100,0	68,4	53,5	45,7	67,6	53,5	51,7
Total	100,0	60,6	65,1	79,5	100,5	83,8	83,2
Galicia/España (%)							
Porcos da ceba	8,9	3,6	4,3	5,5	6,0	5,7	4,1
Porcas reprodutoras	8,8	5,9	4,7	3,1	4,4	3,7	3,4
Total	9,4	5,3	4,0	3,9	4,8	3,9	4,0

*Os datos de 1987 e 1996 corresponden a decembro; para os demais anos corresponden a novembro. As cifras de 2025 son provisionais.
Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas*.

Estamos ante un sector que vén mantendo en España un forte dinamismo, que lle permitiu converterse no cuarto produtor mundial de carne de porcino ao tempo que a cabana española pasaba a ser a primeira da UE, superando o país que historicamente ocupaba esa posición, Alemaña. Esta expansión explícase, en boa medida, polo crecemento das exportacións, en especial das dirixidas ao exterior da UE, con China como principal mercado. Porén, hai que apuntar que, despois de anos de continua expansión, desde 2022 as exportacións españolas de porcino se reduciron, e a pesar da leve recuperación nos últimos anos aínda non alcanzaron o volume de 2021.

IV. Pesca

- España é un país caracterizado por un elevado grao de cumprimento das normas comunitarias. O axuste da flota é un exemplo ilustrativo.
- As flotas europeas e españolas están envellecidas. O Parlamento Europeo, entre outros actores, fixeron un chamamento á Comisión Europea para que facilite mecanismos de financiamento da renovación.
- En 2025 medran lixeiramente o volume e prezo das descargas de pescado en Galicia, grazas, sobre todo, á melloría do grupo de peixes e cefalópodos.
- En total descargáronse 276 especies diferentes. Esta cifra é reflexo dunha diversidade que contrasta co reducido número de especies nas que se concentra o comercio internacional e o consumo.
- A ameixa xaponesa (*Ruditapes philippinarum*) consolidouse como a principal produción marisqueira galega. Ao mesmo tempo retroceden as especies autóctonas, empezando pola ameixa bicuda, practicamente desaparecida, e seguindo por outras emblemáticas como a babosa, a fina ou a rubia.
- As dificultades polas que atravesamos o marisqueo están a provocar unha caída global do emprego, coa particularidade de que esta se centra no emprego feminino, mentres que o masculino aumenta.
- Ao mesmo tempo que a produción galega de mexillón se sitúa en mínimos históricos, movéndose arredor das 178.000 toneladas, as importacións equivalentes de Chile acadaron o seu máximo en 2024 con case 123.000.
- A industria de procesado de pescado española é a máis importante da Unión Europea e representa o 19 % das empresas europeas deste ramo, o 23 % do emprego e o 24 % do valor da produción.
- O sector da industria de elaborados a base de pescado está a resultar algo máis dinámico que o da conserva.
- O consumo de pescado fresco nos fogares está a diminuír tanto no conxunto da UE como en España.
- O segmento do consumo alimentario máis dinámico, en termos xerais e especificamente no caso do pescado, están a ser os pratos elaborados.
- A tradición debilítase. O conxunto das especies que forman parte da cesta tradicional no conxunto do Estado viron reducida a súa demanda interna (pescada, sardiña etc.). Pola contra, produtos foráneos e obxectivo doutras flotas ou cultivos (salmón e bacallau fundamentalmente) están a gañar cota de mercado.
- A penetración no mercado español de especies alleas á tradición das dietas atlánticas e mediterránea suxiren a necesidade de desenvolver actuacións que permitan garantir non só a suficiencia alimentaria, senón a súa soberanía, impulsando un mellor aliñamento dos recursos dispoñibles, a capacidade produtiva e o consumo.

Introdución

O período analizado neste informe, non sempre coincidente co ano 2025 debido á limitación de datos, pode ser caracterizado globalmente como positivo desde o punto de vista da produción, coas descargas de pescado medrando, estabilidade na produción piscícola, así como na de conservas e elaborados, e certa mellora das exportacións. Isto non quere dicir que non existisen problemas ou que certos retos non persistan. A produción de bivalvos, tanto os derivados do marisqueo como da miticultura, permanece en niveis baixos e o consumo de pescado tanto en España como en Europa mantén unha senda decrecente.

Ao longo deste informe, con maior énfase que en edicións anteriores, contextualízase a situación e tendencias que caracterizan o sector no ámbito europeo. En primeiro lugar, porque o mercado para o que se produce é fundamentalmente o europeo. En segundo lugar, para evitar o nesgo cognitivo de tratar explicar o que acontece no estado á marxe da nosa contorna, inducendo unha percepción de permanente excepcionalidade e provocando erros diagnósticos.

Esta necesidade de contextualización tamén procura evitar a análise das pezas de modo alleo ao conxunto. É dicir, abórdase o sistema produtivo da pesca galega, integrado na súa parte central pola pesca, o marisqueo, a acuicultura, as depuradoras de marisco e cetarias, a industria de conservas e elaborados, e os grosistas. A análise sectorializada, que en determinados casos pode ter a vantaxe do detalle e a especificidade, tamén pode provocar que se perda a perspectiva de como os efectos e impactos cruzan duns sectores a outros e, sobre todo, de como condicionan a capacidade de desenvolvemento, a capacidade destas actividades de contribuír a satisfacer as necesidades da poboación en Galicia.

En definitiva, tratamos de abordar unha análise sistemática e completa, suxeita a aqueles aspectos que, en cada edición, poden resultar máis ilustrativos dos retos, oportunidades e dinámicas que caracterizan a pesca galega.

Os recursos

Existen diversos mecanismos que axudan a garantir que o uso dos recursos se realiza de modo compatible coa súa sostibilidade. Por razóns de espazo, neste informe queremos centrarnos particularmente en dous: o sistema de tac e cotas da ue, e a prevención do furtivismo.

O sistema de tac e cotas ten por obxectivo lograr que o esforzo pesqueiro se axuste ao estado dos stocks. No documento de avaliación da política pesqueira común publicado pola Comisión Europea o 30 de abril de 2026 recoñécese que o regulamento da Política Pesqueira Común reforzou substancialmente a base científica e o marco de goberno da xestión pesqueira mediante unha mellora da recollida de datos e do asesoramento científico. O resultado foi que a proporción de poboacións pescadas a niveis sostibles aumentou do 50 % en 2014 ao 63 % en 2022. Aínda que as melloras non acadan o nivel desexado, si indican unha traxectoria de resposta á demanda social de compatibilizar a sostibilidade económica e social coa ambiental. De feito, o informe recoñece que a segunda avanza máis solidamente que as primeiras. En 2025, as posibilidades de pesca asignadas á flota española foron 384.765 toneladas (cadro 1), representando un novo mínimo respecto aos últimos anos, cun descenso de case o 18 % respecto a 2024.

No plano rexional os esforzos para garantir a sostibilidade dos recursos teñen unha destacada fronte na loita contra o furtivismo, na que participan tanto os corpos e forzas de seguridade do Estado, como os Gardacostas de Galicia. Neste caso non é posible facer un seguimento exhaustivo, xa que só o servizo de Gardacostas publica estatísticas. A súa actividade en 2025 materializouse en 9.704 inspeccións, retirando máis de 36.000 aparellos de pesca prohibidos e incautando 27.477 quilos de produto, sobre todo polbo e marisco. Trátase, como se pode constatar mesmo con datos parciais,

Cadro núm. 1
Cotas adaptadas en España (en toneladas)

Especie	2021	2022	2023	2024	2025	% variación 2024-2025
Lirio	41.347,9	26.957,1	61.844,5	117.228,0	49.799,3	-57,5
Atún amarelo	45.682,0	42.943,0	42.903,0	42.903,0	44.528,0	3,8
Bocarte	29.481,8	27.742,2	30.766,2	31.614,6	39.200,5	24,0
Xurelo	56.384,5	59.359,3	49.285,8	51.666,1	35.504,3	-31,3
Pescada	37.614,0	35.043,8	37.890,6	36.357,6	33.612,0	-7,6
Quenlla	27.035,0	27.035,1	27.007,7	32.807,8	32.807,8	0,0
Bonito do norte	18.739,1	19.011,4	19.789,7	25.278,1	27.236,9	7,7
Xarda	30.259,7	32.725,3	35.479,4	31.251,6	26.157,5	-16,3
Atún patudo	11.604,4	10.343,9	10.256,1	21.200,4	19.891,6	-6,2
Peixe espada	11.706,7	11.957,1	11.721,4	12.522,7	12.065,7	-3,6
Rapante	56.384,5	59.359,3	10.850,1	11.638,0	11.450,0	-1,6
Peixe sapo	8.729,6	9.210,4	9.920,6	9.812,2	9.686,6	-1,3
Bacallau	13.996,8	12.577,5	8.700,9	9.248,3	8.336,8	-9,9
Atún bermello	6.088,3	6.088,3	6.783,7	6.904,7	6.977,6	1,1
Cabras	4.896,9	4.525,2	5.895,8	6.268,5	6.942,9	10,8
Raias	5.179,9	5.512,2	5.600,5	6.008,5	6.211,9	3,4
Fletán negro	4.575,3	4.621,2	4.693,2	4.842,8	4.763,4	-1,6
Maruca	5.099,2	4.474,9	2.800,5	2.343,0	2.227,3	-4,9
Granadero	1.358,1	1.295,3	1.289,0	1.438,7	1.386,2	-3,6
Gamba rosada		872,0	852,4	795,6	716,3	-10,0
Peixe pau	482,4	466,1	539,2	476,3	674,7	41,7
Pota voadora	899,0	884,0	884,0	884,0	581,0	-34,3
Melga	9,0	9,0	360,0	363,0	486,9	34,1
Cigala	1.248,4	1.033,6	962,4	818,7	429,1	-47,6
Locha branca	335,0	309,0	343,0	429,0	424,0	-1,2
Raia riscada	16,9	28,0	307,0	392,7	388,7	-1,0
Brosme	214,0	229,4	229,9	334,0	368,7	10,4
Linguado	335,5	502,9	436,9	305,2	329,8	8,1
Abadexo	537,7	494,5	471,6	224,2	319,3	42,4
Burro	131,8	223,2	333,8	145,4	268,6	84,7
Merlán	105,0	393,3	375,1	155,9	197,8	26,9
Peixe sabre negro	227,7	200,8	191,1	109,8	180,3	64,2
Agulla	23,2	22,8	49,8	25,8	127,4	394,5
Lampuga				127,0	127,0	0,0
Ollomol	418,0	406,2	199,8	204,8	123,1	-39,9
Alfonsino	68,1	58,0	45,9	46,5	40,9	-12,0
Fogoneiro	52,3	39,1	6,6	6,5	34,6	433,0
Marlín branco	32,9	20,5	20,5	30,5	30,3	-0,5
Pescada negra		18.330,0	33,3	36,7	29,3	-20,0
Arenque	47,2	43,7	4,4	26,4	27,0	2,1
Ochavo	13,0	11,3	46,1	34,6	23,5	-32,2
Solla	32,9	36,5	30,6	22,4	22,7	1,3
Coreano	29,0	30,0	31,7	61,0	20,8	-65,9
TOTAL	421.422,5	425.426,5	390.233,9	467.390,8	384.765,1	-17,7

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA, *Cuotas españolas* (<https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/cuotas-espanolas/>)

dun fenómeno relevante que contribúe á sobreexplotación das especies, á vez que socava os ingresos dos pescadores ou mariscadores legais.

A flota

Á hora de analizar a evolución da flota galega o contexto a incorporar inclúe tanto o punto de vista histórico como o xeopolítico. A entrada na entón denominada CEE deu paso a un acusado axuste na flota española. Esta, cinco anos despois da adhesión, contaba con 19.853 embarcacións, que logo dun continuado esforzo deron paso ás 8.432 de 2024; o que representa o meirande axuste de todas as flotas da Unión Europea (UE). Cómpre subliñar este aspecto porque resulta ilustrativo dunha pauta de moi elevado grao de cumprimento das normativas comunitarias desde o punto de vista comparativo.

Este proceso de axuste non está determinado exclusivamente pola adhesión á Comunidade Europea, de feito empeza a orixinarse antes. España chegou aos anos 70 cunha flota moi numerosa, a cuarta a nivel mundial tras a URSS, Xapón e os EE. UU; froito de innovacións temperáns, como os buques conxeladores que abriron a etapa da pesca de altura, multiplicando os caladoiros aos que se

Cadro núm. 2

Buques pesqueiros de Galicia. 2004-2025

Datos referidos a 31 de decembro de cada ano

	Número de buques					Diferenza 2004-2025	% variación 2004-2025
	2004	2010	2015	2020	2025		
Arrastre	47	40	32	30	26	-21	-44,7
Cerco	5	3	3	1	2	-3	-60,0
Palangre superficie	69	77	70	68	71	2	2,9
Pesqueira internacional. Grande altura	121	120	105	99	99	-22	-18,2
Palangre fondo	65	56	29	23	44	-21	-32,3
Arrastre	79	57	43	49	21	-58	-73,4
Pesqueira comunitaria. Altura	144	113	72	72	65	-79	-54,9
Arrastre	108	93	70	53	48	-60	-55,6
Artes menores	4867	4188	3932	3844	3676	-1191	-24,5
Cerco	188	163	147	152	140	-48	-25,5
Enmalle	36	39	32	25	21	-15	-41,7
Palangre fondo	35	25	28	21	18	-17	-48,6
Palangre superficie	66	57	52	52	49	-17	-25,8
Caladoiro nacional. Cantábrico/Noroeste	5300	4565	4261	4147	3952	-1348	-25,4
Total	5565	4798	4438	4318	4116	-1449	-26,0

Fonte: Consellería do Mar. *Rexistro de buques pesqueiros*.

podía chegar, e das políticas de subvencións aos estaleiros durante o franquismo. A adopción do principio das 200 millas de augas territoriais provocou un primeiro desaxuste entre a capacidade e as posibilidades de pesca. Coa entrada na CEE a supeditación ao sistema de TAC e cotas e, sobre todo, a reforma da Política Común de Pesca (PCP) de 1992, que introduce a regulación do esforzo pesqueiro, marcan un novo punto de inflexión no axuste. Ao mesmo tempo, e ao igual que en calquera outro sector, os avances tecnolóxicos aumentaron a eficiencia, provocando a saída das unidades máis ineficientes e a incorporación de unidades máis produtivas. É dicir, hai, polo menos, tres grandes determinantes do axuste: a adaptación á adopción das 200 millas, a reforma da PCP no ano 1992 e o cambio tecnolóxico.

Se nos centramos na evolución da flota galega (cadro 2), obsérvase unha diminución de 1.449 unidades desde 2004, o que representa unha caída do 26 %. Se en termos absolutos a maior redución se produce na flota de artes menores, que perde 1.191 unidades; en termos relativos a maior caída se dá nas embarcacións que faenaban en pesqueiras comunitarias, que baixan un 55 %, en particular, na flota de arrastre, un 73 %. Neste caso, parte das unidades perdidas nos últimos anos pasan a integrar a flota de palangre de fondo, máis selectiva e, como consecuencia disto, con maiores custos operativos e maior vulnerabilidade aos *shocks* provocados por cambios nas posibilidades de pesca, no prezo dos *inputs* etc.

Outros impactos significativos son os sufridos no arrastre no caladoiro nacional, onde as unidades descendentes en algo máis dun 55 %. En calquera caso, obsérvase unha redución gradual, xeneralizada e prolongada no tempo.

Na actualidade, Galicia conta co 49 % da flota española en termos de unidades e co 37 % en termos de potencia. É dicir, dispón dunha extensa flota de baixura que aproveita as posibilidades das rías e a costa galega, e dunha flota potente e capaz de operar en altura e grande altura. En conxunto son o primeiro elo dun dos principais segmentos de especialización económica da comunidade (ver *Informe* 2023).

Unha característica relevante da flota é o seu envellecemento: a idade media dos buques sitúase xa nos 38 anos. A esta situación contribuíron diversos factores. Dunha banda, a percepción por parte dos armadores dunha crecente presión regulamentaria e política que condiciona severamente a súa marxe de actuación. Por outra, as limitacións regulamentarias para financiar a renovación da flota. Estas limitacións fóronse xustificando en función do argumento de non financiar o aumento de capacidade a fin de non xerar incentivos para a sobrepesca. Hoxe en día, os resultados do sistema de xestión, a supeditación aos TAC, minimizan este risco e subliñan o custo de oportunidade de non abordar unha renovación que, sen incrementar a capacidade, avance en descarbonización, seguridade, eficiencia e mellores condicións abordo. Entre as voces que apoiaron esta demanda destaca a


petición da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo á Comisión Europea, realizada en novembro de 2025 e ratificada polo pleno do Parlamento en decembro, para que se facilite o financiamento da transición enerxética e dixital da flota baseándose nun modelo de financiamento mixto, que combine axudas europeas, estatais e financiamento privado.

A produción de pescado

A produción de peixe, a preparación do alimento pescado, inclúe todas as tarefas necesarias ata que o produto está listo para ser consumido polos consumidores finais nos restaurantes, nos fogares ou nos comedores colectivos. Unha das características máis relevantes desta cadea de valor, que denominamos mar-industria, é que todos os elementos dela teñen presenza en Galicia. Referímonos a captura, cultivo, distribución por xunto, transporte, conserva e produción doutros transformados e distribución retalista. Todo este sistema é o obxecto da nosa análise.

Hai que entender que o éxito económico e o desenvolvemento teñen menos que ver coas actividades que cos sistema produtivos; e están relacionados coa colaboración formal e informal, a través dos mercados e de relacións persoais, coa capacidade de reforzarse uns a outros, coas economías externas e de aglomeración. Compiten os territorios e os sistemas produtivos; non só as empresas.

O conxunto da produción de pescado en Galicia iníciase coas capturas e os cultivos, e complétase con conservas, elaborados, o labor de grosistas, distribuidores etc. Na primeira inclúense todos aqueles produtos de orixe mariña (algas, moluscos, crustáceos, peixes, cefalópodos etc.) que se poxan nas lonxas galegas. Os produtos procedentes da acuicultura non teñen obriga de pasar por lonxa e integran dous grandes grupos: os peixes cultivados e os cultivos en bateas.



A pesca

En termos globais, as descargas nas lonxas galegas medraron respecto a 2024 tanto en volume, acadando as 107.600,4 toneladas, como ingresos (407,8 millóns de euros); estes últimos alimentados non só pola maior cantidade senón tamén pola leve mellora do prezo medio, situado nos 3,79 euros. Esta evolución palía o mínimo acadado no ano anterior, pero segue aínda lonxe do máximo no período recente, do ano 2017.

Se nos fixamos nos grandes grupos de especies, vemos que o crecemento en 2025 respecto ao ano anterior está impulsado, sobre todo, polo aumento das descargas de peixes (90 % do total), que medran en case 4.000 toneladas, seguidas das descargas de cefalópodos, que

Cadro núm. 3
Descargas nos portos galegos por grupos de especies

Grupo biolóxico	2024		2025		% variación 2025-2024	
	Kilogramos	Euros	Kilogramos	Euros	Kilogramos	Euros
Algas	402.769	322.472	551.831	426.721	-27,0	-24,4
Bivalvos	3.742.212	47.754.165	3.735.806	44.178.364	0,2	8,1
Cefalópodos	5.580.478	29.375.683	4.023.902	24.048.988	38,7	22,2
Crustáceos	944.372	21.375.887	1.093.815	21.423.428	-13,7	-0,2
Equinodermos	589.838	6.850.330	633.745	7.116.872	-6,9	-3,8
Gasterópodos	2.520	12.665	1.185	6.782	112,6	86,8
Peixes	96.153.307	300.451.689	92.233.350	284.224.468	4,3	5,7
Poliquetos	3.643	293.987	3.696	296.958	-1,4	-1,0
Resto das descargas	181.302	1.346.296	184.440	1.230.065	-1,7	9,5

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería do Mar, *Anuario da Pesca de Galicia 2025*.

suman 1.556 toneladas. En termos relativos, o grupo que máis medra son os gasterópodos, se ben o seu efecto no total é modesto ao ser unha produción comparativamente pequena.

Cómpre sinalar que en 2025 se poxaron en Galicia 276 especies diferentes. Certamente, non todas forman parte do que na nosa cultura se considera comida, nin todas teñen volumes relevantes, pero, en calquera caso, amosan unha diversidade que contrasta co reducido número de especies nas que se concentra o comercio internacional e o consumo. Asociado á captura destas especies existe un basto coñecemento sobre o medio, as artes de pesca ou a gastronomía; unha cultura, en definitiva, que expresa a capacidade de adaptarse ao medio nesta parte do mundo. Un modo de resiliencia que sería necesario conservar.

O marisqueo


O marisqueo constitúe unha actividade que combina un carácter emblemático, atributos propios da economía social e a concorrencia de fortes presións económicas e ambientais durante os últimos anos. Estes trazos e os riscos que presentan, tanto para o complexo mar-industria, na medida en que enfraquece unha das súas compoñentes, como para as comunidades de litoral, reclaman un tratamento detallado.

O marisqueo en Galicia é realizado a pé, onde en 2025 traballaban 3.179 persoas, e a flote, nas 3.676 embarcacións de artes menores (polo xeral de menos de 12 m de eslora) nas que faenaban habitualmente dúas persoas en cada unha. Neste último caso trátase dunha flota multiespecífica que captura outras especies distintas dos bivalvos, cefalópodos por exemplo, de modo que non todo o seu ingreso depende do marisqueo. Porén, ao tratarse dunha actividade con ingresos axustados, a caída dalgunhas das especies obxectivo pode ter impactos relevantes para a permanencia na actividade.

Debido ao condicionante da dispoñibilidade de datos estruturaremos a nosa análise a partir da produción de bivalvos que, en calquera caso, resulta ilustrativa para comprender os retos desta actividade.

Gráfico 2

Poxas de bivalvos (kg) en lonxas



Iniciaremos o estudo a partir dos datos físicos, a produción, xa que son os que nos permiten relacionar directamente esta actividade cos factores ambientais. A primeira característica das producións de recursos naturais adoita ser a súa elevada variabilidade, como é o caso. O pico da produción nos últimos dez anos ten lugar en 2019, con 9,8 millóns de quilos, se ben nos dous anos anteriores o volume foi similar. Desde entón descende ata chegar aos 3,7 millóns de quilos de 2025, cifra lixeiramente superior á do ano anterior. Se consideramos a franxa dos últimos dez anos, a produción cae un 53 %.

A evolución dese período resúmese no gráfico 2¹, onde se aprecia a consolidación da ameixa xaponesa (*Ruditapes philippinarum*) como a principal produción marisqueira galega de modo destacado. En 2025 representou o 38,6 % da produción galega de bivalvos, fronte ao 32,9 % de 2016. Un aspecto interesante é que a produción total desta especie descendeu durante o decenio analizado, pasando dos 2,6 millóns de quilos no primeiro ano aos 1,4 do último; o seu peso aumentou debido á maior caída doutras especies. É dicir, trátase dunha especie máis resiliente. De feito, obsérvase a súa máis rápida recuperación respecto a outros moluscos de cuncha branca de 2024 a 2025. A longo prazo é de esperar que esta dinámica se acentúe, xa que esa maior resistencia aos *shocks* ambientais nas rías, como episodios de baixa salinidade ou altas temperaturas da auga, pode provocar que se prime esta especie fronte ás locais (menos resistentes) á hora de sementar.

As seguintes especies en importancia son o berberecho (13,5 %) e a navalla (11,2 %); as dúas, sobre todo a primeira delas cuxa produción baixou un 75 %, en regresión. No caso das navallas a redución é máis moderada.

Unha segunda característica é o retroceso das especies autóctonas, empezando pola ameixa bicuda, practicamente desaparecida, e seguida por outras especies locais emblemáticas como son a babosa (-87,4 %), a fina (-81,6 %) ou a rubia (-62,5 %).


O unicornio neste segmento é a cornicha (*Spisula solida*), unha variedade de ameixa que pasou de 2.969 quilos en 2016 a 190.357 en 2025, acadando un prezo medio neste último ano de 9,8 €/kg. É dicir, pasou de ser unha especie case desprezada a actuar como flotador, axudando a evitar o afundimento dos ingresos do marisqueo. Non obstante, o pico de produción acadouse en 2021, con 664.424,4 quilos. Desde entón a produción non parou de reducirse ata chegar aos 190.357,3 quilos de 2025, o que provoca certas dúbidas sobre a súa contribución futura.

Entre as especies que mantiveron un comportamento positivo cómpre sinalar tamén a volandeira, con 296.227,8 quilos en 2025. Porén, este comportamento positivo non dura todo o período, senón entre 2016 e 2022; a partir de aquí cae, pero no último ano está aínda a niveis superiores aos do principio da serie. Tamén a vieira e o longueirón aumentan produción, mais son xa especies de peso moderado.

Deixamos para o final a ostra rizada (*Crassostrea gigas*), xa que ilustra ben a encrucillada na que se atopa esta actividade: a substitución de especies autóctonas por outras resistentes. Trátase dunha especie endémica do Xapón, que foi introducida en numerosos países de todo o mundo para o seu cultivo. Caracterízase por ser moi robusta, con alta tolerancia fisiolóxica e enorme potencial reprodutivo, razón pola cal agora se naturalizou en todos os continentes. Adoita ilustrarse o seu comportamento nas áreas nas que se introduce como o dunha especie enxeñeiro, que xera cambios estruturais significativos nos ecosistemas que coloniza. Aínda que os arrecifes que forma proporcionan numerosos servizos ecosistémicos positivos a escala local, cando prolifera excesivamente a nivel global convértese nunha especie invasora, xerando múltiples impactos ecolóxicos e económicos. A súa

¹ Debido a que algunhas especies medraron de modo exponencial (a cornicha, por exemplo, crece un 6312 % durante o período) e para lograr representar de modo lexible o conxunto dos cambios, aplicáronse logaritmos sobre as cantidades de 2016 e 2025, o que suaviza as diferenzas e fai que o gráfico 2 só poida ser lido en termos de tendencia; é dicir, que especies medran, cales non, e considerando o outro eixe, cal é o peso de cada unha. Os datos no texto reflicten a magnitude real da caída da produción, máis alo da tendencia.


Gráfico 3
% variación 2016-2025 (eixe horizontal) e peso (eixe vertical)
das poxas de marisco nas lonxas galegas



erradicación faise unha tarefa imposible ao alcanzar altas densidades. Esta especie tamén é responsable da propagación global de moitas especies nocivas e patóxenos. O quecemento global dos océanos facilita a propagación da ostra do Pacífico e a súa colonización de novas áreas². Este comportamento, similar no caso da ameixa xaponesa, é a base do dilema, a tres bandas: a elección entre especies, entre riscos ambientais e riscos económicos e sociais, e unha elección intertemporal. Esta elección intertemporal implica que o sistema produtivo logra sobrevivir a curto prazo, pero cunha especie de menor prezo unitario e máis sometida á competencia global.

As consecuencias da caída da produción global marisqueira son tanto territoriais como sociais. Desde o punto de vista territorial (gráfico 3), a nube de puntos indica que a meirande parte das lonxas

Gráfico 4
Evolución do nº de PERMEX por xénero



teñen unha evolución negativa ao longo dos últimos dez anos e só aumentaron produción lonxas con baixas cantidades poxadas, ningunha cun valor superior ao 2,3 %. Nestes casos, pequenas variacións nas descargas poden ter un efecto relativo importante. Pola contra, as tres principais lonxas, Noia, Carril e Cambados, por esta orde, viron caer a súa produción. O impacto territorial será maior naqueles casos, como pode ser o de Noia, no que a dependencia do marisqueo sexa maior. Noutras lonxas con especialización marisqueira, como Carril, Cambados ou Campelo, a menor dependencia da pesca pode suavi-

² Iglesias-Esteva, D.; Gómez Gesteira, J. I. (2017). Problemática asociada a la introducción de *Crassostrea gigas* y análisis de la situación en Galicia, en *El cultivo de la ostra rizada en Galicia. Pasado, presente y futuro*. Xunta de Galicia, Consellería do Mar.

zar o impacto social, centrándose as súas consecuencias no decaemento das comunidades mariñeiras.

A nivel social materialízase nunha perda de emprego, que no marisqueo a pé acada un mínimo na serie histórica de 3.179 persoas. Ao mesmo tempo obsérvase que a perda de empregos dáse só entre as mulleres; os permex con titulares masculinos aumentan. É probable que parte das persoas que se manteñen na actividade complementen ingresos con outras tarefas; o que, se ben permite capear a situación no curto e medio prazo, tamén pode acabar supoñendo un paulatino proceso de saída.

Os cultivos mariños


Os cultivos mariños inclúen tanto mexillón en bateas como a piscicultura de peixes planos: rodaballo e linguado. No que atinxe ao mexillón cómpre lembrar diversas mudanzas que se veñen xesitando ao longo do tempo. Dunha banda, se con anterioridade a 2007 aproximadamente dous terzos da produción se destinaban á industria e un terzo a fresco; a partir dese momento esta relación invertece, cambiando por completo a dinámica comercial e obrigando a abrir novos mercados de fresco. Ao mesmo tempo, a industria comeza a incrementar as súas importacións de mexillón, en particular, de Chile. A estrutura produtiva resultante pasa a caracterizarse por unha produción propia que pivota en torno a unhas 250.000 toneladas, e importacións chilenas destinadas á industria que se moven arredor das 60.000 toneladas. Dito doutro xeito, as importacións reducen a necesidade da industria e forzan a reorientación cara ao mercado do fresco.


Nos últimos anos un novo factor entra nesta ecuación. O cambio climático provocou unha caída da produción, que nos últimos tres anos se moveu en mínimos históricos nunhas 178.000 toneladas. En 2025 foron en concreto 177.638; das que un 77 % se destinaron á venda en fresco, a un prezo de 0,73 cts./kg, e as restantes á industria, a 0,61 cts./kg. A pesar do estancamento da produción, estes prezos son lixeiramente inferiores ao ano anterior, sobre todo no caso da produción para conserva, que baixa 5 céntimos por quilo.

A caída da produción galega foi compensada polo aumento das importacións de chorito. Cómpre sinalar que para comparar a produción chilena tal e como chega ao noso mercado coa española é preciso multiplicar o volume por un factor de conversión de 5. Isto é debido a que a produción galega en primeira venda inclúe a cuncha, mentres que de Chile só chega a vianda conxelada. Denominamos o resultado desa multiplicación como produción equivalente. Esta pasou de pivotar arredor das 60.000 toneladas entre 2012 e 2022, cun prezo (da produción equivalente) movéndose en torno aos 60 céntimos o quilo, a superar as 100.000 toneladas nos últimos tres anos, marcando un récord en 2024 con 122.885 toneladas. A suba abrupta da demanda de mexillón chileno para industria provocou un incremento do prezo ata uns 80 céntimos. Isto sitúao por riba do prezo da produción galega tanto para fresco como para industria. No pasado, a razón das importacións era a competitividade

en prezo; na actualidade é a escaseza de produto, non só debido á caída da produción galega, senón tamén á competencia pola produción chilena con outros mercados, como pode ser o francés, o italiano ou o estadounidense.

A entrada de mexillón chileno ten un efecto positivo e outro negativo. Por unha banda, contribúe a manter a capacidade de produción das industrias conserveiras, subministrando materia prima a prezos competitivos; por outra banda, favorece manter baixos os prezos da produción galega, tanto para fresco como para industria.





Pola súa vez, a produción de rodaballo en Europa ten un peso marxinal fóra de España (que representa aproximadamente o 70 % do total) e Portugal. Así mesmo, a produción estatal concéntrase en Galicia. No ano 2025 acadouse un volume de 9.328 toneladas, lixeiramente inferior ao de 2024, sen que isto teña unha gran significación, máis alo de continxencias da produción, xa que a capacidade produtiva continúa en máximos. Ao mesmo tempo, o prezo segue mellorando ata situarse nos 10,12 euros de media. A práctica totalidade da produción desta especie en España dáse en Galicia.

Nos vindeiros anos é de esperar que a produción galega experimente un certo aumento. En setembro de 2025 a planta acuícola de Muros, antes dedicada á peneira, puxo en marcha un proceso para a recuperación da actividade e reconversión ao rodaballo. En Portugal, a produción está estabilizada en torno ás 3.400 toneladas. Esta contención da oferta, nun contexto no que a produción natural é baixa, permite medrar en función dos prezos.

No caso do linguado, Galicia concentra aproximadamente o 80 % da produción nacional, rexistrando 733 toneladas en 2025; un valor levemente inferior ao do ano anterior, sen que esta variación presente maior importancia. É de esperar que nos vindeiros anos a cifra suba estruturalmente un chanzo, toda vez que na planta de Castrelo (Cambados) se autorizaron novos investimentos que poden incrementar a produción galega ata un 40 %. Ademais, nesta especie existen tamén plans de investimento noutras zonas.


Se as circunstancias anteriores son consecuencia do desenvolvemento de vantaxes competitivas e do dominio da tecnoloxía de cultivo de peixes planos, neste mesmo ano 2026 iniciáronse as obras para a creación dunha granxa de salmón en Burela, que contribuirá a aumentar o peso da produción acuícola galega; malia que neste caso non responda a factores tecnolóxicos incorporados ao territorio.

A industria da conserva e transformados a base de pescado

A industria de procesado de pescado española é a máis importante da Unión Europea e representa o 19 % das empresas europeas deste ramo, o 23 % do emprego e o 24 % do valor da produción. A continuación sitúanse Francia, cun 16 % do valor, e Polonia co 15 %.

Nos últimos anos a industria experimentou unha evolución positiva, non só no número de empresas, senón tamén en termos de emprego, facturación e valor engadido. En conxunto, os datos suxiren que se trata dunha industria competitiva. Non obstante, se desagregamos as dúas ramas desta industria, conserva (CNAE 1022) e procesados (CNAE 1021), que poden incluír filetes de pescado, conxelados, envasados ao baleiro etc., vemos que a evolución recente é diferente. Mentres na primeira ten lugar un leve retroceso (1 %) en canto á facturación respecto a 2023; nos procesados dáse un incremento do 1 %. Nin a magnitude da variación, nin o percorrido desta tendencia, aínda breve, permiten extraer grandes conclusións. Con todo, os indicios son compatibles cun maior crecemento da demanda doméstica de pratos preparados a base de pescado e unha certa caída das conservas tradicionais que se analizan no apartado seguinte.

No último ano, con datos dispoñibles para Galicia en 2023, as dúas ramas de actividade, conserva e transformados, acadaron conxuntamente unha cifra de negocios de 4.480,37 millóns de euros. Este



atún claro (gráfico 7). En termos de valor, séguena, a gran distancia, mexillóns e sardiñas. Cómpre sinalar que os produtos combinados, como as ensaladas, ocupan un peso aínda moi reducido.

Desafortunadamente as estatísticas dispoñíbles non nos permiten analizar de modo homoxéneo a cadea de valor mar-industria galega, toda vez que a *Estadística Estructural de Empresas: Sector Comercio* non ofrece datos con desagregación a catro díxitos para coñecer as principais magnitudes do sector de grosistas de pescados e mariscos. A análise deste segmento reviste interese, non só por formar parte do sistema produtivo da pesca galega, senón tamén porque parte destas industrias realizan actividades de transformación; de modo que parte das capacidades produtivas quedan opacadas. Sería de desexar que no futuro na súa explotación desta estatística o IGE ofrecese a desagregación.

Unha fonte alternativa, aínda que non homoxénea, é ARDAN, que para o ano 2024 contabilizaba para este segmento uns ingresos de 6.536,5 millóns de euros e un VAB de 556,5 millóns de euros.

O consumo


A análise do sistema produtivo da pesca non estaría completo sen incorporar a evolución e situación do mercado interno do consumo. Cómpre sinalar, a fin de contextualizar axeitadamente as tendencias rexistradas en España, que o consumo nos fogares de pescado fresco na UE diminuíu de forma constante desde 2020, cunha caída superior ao 25 % durante os cinco anos analizados. Tras unha forte redución do 22 % en 2022, probablemente debido á flexibilización das restricións da corentena tras a COVID-19, o ritmo de descenso freouse, cunha baixada do 5 % tanto en 2023 como en 2024. A nivel nacional, en 2024 os volumes de consumo dos fogares diminuíron na maioría dos países da UE, en liña coa tendencia xeral á baixa. O maior descenso deuse nos Países Baixos, co 7,6 %; seguido de Italia, co 7 %; Portugal, con máis do 6 %; España, con algo máis do 5,5 %, e Alemaña, cun 4 %. Pola contra, os únicos países que rexistraron un aumento entre 2023 e 2024 foron Polonia, Dinamarca e Suecia³.

Para un estudo detallado do mercado español apoiáremonos no panel de consumo alimentario en España que publica o MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación). O panel de consumo, tanto no fogar como na hostalería, non mide a totalidade dos alimentos consumidos en España. Fóra do seu alcance fica o consumo dos turistas estranxeiros, o consumo en comedores colectivos (colexios, hospitais, cárceres, cuarteis, conventos, residencias etc.), así como o consumo das Illas Canarias, Ceuta e Melilla. Non obstante, na medida en que representan o principal segmento do consumo (con

dato representa o 56,22 % da produción española de acordo coa *Estadística Estructural de Empresas: Sector Industria* que publica o INE. Pola súa banda, as estatísticas de afiliación á Seguridade Social permítennos aproximarnos máis ao presente e coñecer a contribución social destas industrias a través do emprego. Así, en xaneiro de 2026 o número de afiliados era de 11.867, que representan o 49,7 % do total español.

Se nos cinguimos á produción de conservas, segundo os datos de ANFACO-CYTMA esta continúa a estar moi concentrada no

³ EUMOFA, (2025). El mercado pesquero de la UE. Edición 2025. Luxemburgo: Oficina de Publicaciones de la Unión Europea.



grande diferenza) serven para ilustrar as tendencias que caracterizan o mercado interno. A súa avaliación é fundamental para comprender os condicionantes da frota, a acuicultura e a industria.

A evolución do consumo de pescado e de produtos a base de pescado non pode desligarse das tendencias que caracterizan o conxunto do consumo alimentario. Unha primeira aproximación ao escenario global ofrécena a análise dos principais grupos de produtos (gráfico 8). Obsérvase que para os maiores grupos de produtos tradicionais: froita fresca, hortalizas frescas, carne

e peixe, a evolución segue unha senda similar, con idénticos períodos de expansión e contracción. A dinámica da pesca, por tanto, non responde só a aspectos específicos, que tamén poden concorrer, senón sobre todo á marcha xeral do mercado e ás preferencias dos consumidores. Nese sentido, a principal nota discrepante, a evolución dos pratos preparados, resulta particularmente reveladora. Trátase do único dos grandes grupos de produtos que medra e gaña cota de mercado ao longo de todo o período, resultando ilustrativo dun proceso de cambios nas necesidades dos consumidores. Nos últimos anos aprécianse certos matices nestas sendas: mentres a carne parece recuperarse; froitas, hortalizas e pescado continúan nunha liña descendente.

Se poñemos o foco no ámbito do pescado e dos produtos a base de pescado (cadro 4), observamos un reflexo, máis detallado iso si, desta tendencia. Neste caso centrarémonos na evolución dos últimos seis anos xa que nos permite comparar co período inmediatamente previo á COVID-19; que, como se aprecia na gráfica anterior, provocou un forte impacto conxuntural no consumo. Unha vez superado este episodio, o consumo dos diversos grupos de produtos volveu á senda previa.

Os grupos de produtos nos que se deu unha caída máis acusada son tamén os que concentran un maior volume: os pescados frescos e o conxunto de mariscos, moluscos e crustáceos (tanto frescos, como conxelados ou cocidos). Nestes dous grupos a redución do consumo foi case do 24 %. O descenso foi menor no caso do pescado conxelado que baixou un 11 %, favorecido por características como a maior conservación. Tanto as conservas de pescado, como os pratos preparados a base de conservas de pescado tiveron unha caída modesta, en torno ao 5 %. O conxunto dos grupos de produtos anteriores conforma a oferta máis tradicional. No lado oposto están os pratos preparados a base de pescado (*varitas* de pescado rebozado, filetes de pescado rebozado, preparados de marisco etc.), que medran en case un 8 %. O factor da conveniencia asociado á industrialización dos produtos do mar aparece claramente subliñado neste dato.

No proceso de cambio no mercado que ilustran as tendencias que acabamos de sinalar, o grao de substitución resulta difícil de avaliar cos datos dispoñibles. Debemos ter en conta, en primeiro lugar, que o volume de consumo se mide nos tickets de compra das familias que forman parte do panel e ese volume diminuíu como consecuencia de cambios nos hábitos de compra. Se hai vinte anos o habitual en España era comprar pescado enteiro (con cabeza, vísceras, espiñas etc.), de modo que unha parte dese peixe non se aproveitaba ou precisaba tarefas adicionais para facelo; a día de hoxe aumentou o consumo de filetes, lombos, toros etc. É dicir, o consumo hoxe é neto e a un prezo unitario superior ao do peixe enteiro. No caso dos preparados, os volumes están axustados a racións medias, de xeito que as comparacións entre volumes de produtos distintos non son homoxéneas.

Hai que sinalar, por certo, que o consumo de pratos preparados de pescado non se inclúe no consumo *per cápita* de pescado que adoita sinalarse nos medios de comunicación. Isto significa que

Cadro núm. 4

Evolución recente dos grupos de produtos de peixe (en toneladas)

	2019	2024	% variación
Peixes frescos	450.171	342.898	-23,8
Peixes conxelados	105.172	93.558	-11,0
Marisco/moluscos/crustáceos	280.501	213.308	-24,0
Conservas peixes/moluscos	203.502	193.738	-4,8
P.P. conservas de peixe	3.050	2.876	-5,7
P.P. conxelados de peixe	39.326	42.445	7,9

Fonte: Panel de consumo alimentario, MAPA (2026)

cado. En primeiro lugar obsérvase que o conxunto das especies que forman parte da cesta tradicional en todo o estado viron reducida a súa demanda interna, empezando polo que era o principal produto consumido: a pescada, en maior medida fresca que conxelada. Outras especies tradicionais, como os bocartes ou as sardiñas frescas, caen tamén, malia que a unha taxa menor. De igual maneira baixan os mariscos, na súa maioría cefalópodos, gambas e camaróns.

Quen son os gañadores deste proceso? Producións foráneas e de acuicultura. O gran vencedor é o salmón fresco, producido en Noruega; a pesar de que xa medra a taxas modestas (2,4 %), no conxunto dos últimos faino desde volumes moi elevados, sendo con diferenza o pescado (non transformado) máis consumido en España. Cómpre sinalar que crece ademais o consumo en conxelado e afumado.

Entre os produtos máis exitosos está tamén o bacallau fresco (procedente fundamentalmente de Islandia), o conxelado e o salgado (sobre todo de Noruega), que acadan volumes de consumo elevados. Tamén a robaliza, produto cultivado no que España lidera a produción europea, centrándose o seu cultivo nas costas do Mediterráneo.

Un caso á parte é o berberecho conxelado, cuxo rápido crecemento se explica pola crise do marisqueo galego. De feito, a ausencia de produción galega provocou o aumento das importacións de países como Canadá, Irlanda, Dinamarca etc.

Cadro núm. 5

Consumo no fogar nos últimos 6 anos dunha selección de produtos de pescado (En toneladas)

	2024	Variación 2019-2024
Pescada fresca	42.185,6	-46,1
Pescada conxelada	34.512,9	-13,4
Bocartes frescos	30.788,8	-20,7
Sardiñas frescas	15.711,7	-14,3
Atún e bonito	17.987,5	-20,1
Troita fresca	7.882,4	-31,3
Bacallau fresco	33.480,1	33,8
Bacallau conxelado	11.470,1	-30,6
Salmón fresco	54.410,7	2,4
Salmón conxelado	6.821,8	32,2
Robaliza	28.768,8	3,4
Dourada	24.944,8	-18,2
Rodaballo	3.070,9	-31,2
Linguado	6.207,6	-79,4
Ameixas conxeladas	4.127,1	-35,4
Berberecho conxelado	297,4	390,1
Ameixas e berberechos frescos	11.715,1	-25,7
Mexillón fresco	27.528,5	-39,9
Luras conxeladas	12.227,0	-38,1
Polbo conxelado	2.126,7	-38,0
Lura e polbo fresco	24.942,1	-35,1
Gambas/lagostinos conxelados	41.597,9	-21,3
Gambas/lagostinos cocidos	20.023,0	12,4
Gambas/langostinos frescos	13.071,4	-1,7
Conservas de atún	91.671,8	-8,2
Conservas de mexillón	12.712,6	-9,2
Salmón afumado	7.564,3	7,6
Peixe salgado	16.762,4	47,2

Fonte: Panel de consumo alimentario, MAPA (2026)

se cita só o consumo *per cápita* do grupo “pescado”, pero non se inclúen os transformados a base de pescado, que sumarían aproximadamente 1 quilo máis por habitante e ano.

Se aproximamos o enfoque aínda máis, por especie, os resultados axudarannos a comprender mellor a dinámica do mer-

O atún en conserva segue a ser a forma maioritaria de consumo de pescado en España, con 91.671,8 toneladas consumidas en 2024; malia todo, baixa tamén nos últimos anos.

En definitiva, os produtos asociados á tradición gastronómica e, en moitos casos obxectivo da flota galega como pescada, sardiña, bocarte, cefalópodos, así como os produtos do marisqueo, son os que están a afrontar maiores dificultades. Pola contra, produtos foráneos e obxectivo doutras flotas ou cultivos, salmón e bacallau sobre todo, gañan cota de mercado.

É posible que a concepción do consumo de pescado tamén mudase. Se no pasado o pescado era o elemento substantivo do prato, na actualidade o seu consumo empeza a asociarse a racións menores. Este fenómeno pode ser ilustrado co caso do *sushi*, ensaladas *poke* etc. Esta dispersión obriga a ser prudente á hora de comparar directamente o consumo entre períodos.

No caso do *sushi* (consumido no fogar), as estatísticas reflicten o seu estancamento ou mesmo decrecemento, se ben é probable que estea a medrar fóra do fogar tanto consumido directamente nos establecemento como pedido a domicilio.

O conxunto do consumo de pescado dos españois fóra do fogar amosa unha tendencia lixeiramente ascendente desde 2021. En 2024 acadou as 155.710 toneladas, un incremento do 0,5 % respecto a 2023. Porén, en termos *per cápita* materializouse nun lixeiro descenso debido ao crecemento poboacional.

En todo caso, se trazamos unha visión de conxunto podemos identificar certas tendencias que están a caracterizar a demanda de pescado:

- O cambio cara a formatos máis eficientes e convenientes, como o consumo de bandexas e pratos preparados.
- Perda de peso da tradición.
- A dispersión do consumo cara a unha maior variedade de produtos: pratos preparados, afumados, *sushi* etc.
- Unha maior desconexión entre a oferta e a demanda nacional.
- Unha posible regresión das dietas mediterránea e atlántica.

O comercio exterior

A análise do comercio exterior proporciona información relevante sobre algúns elementos de grande interese, sobre todo en canto á súa relación coa suficiencia alimentaria e como indicativo da competitividade da industria.

É ben sabido que a UE é altamente dependente das importacións para manter o seu consumo de pescado. En 2023, segundo os datos de EUMOFA, a taxa de autosuficiencia⁴ situouse no 38,1 %; unha cifra baixa, pero lixeiramente superior á do ano anterior. A mala nova é que isto foi debido a unha caída do consumo aparente⁵ da UE dun 2 % respecto a 2022, acadando o nivel mínimo en dez anos. A diminución da demanda freou as importacións no conxunto de Europa, mellorando a taxa de autosuficiencia. Cómpre engadir que a produción europea de pescado salvaxe é descendente e a acuicultura está estancada.


Entre as especies importadas das que a UE depende para cubrir o seu consumo destacan o atún, o salmón, o abadeixo de Alaska, os camaróns e lagostinos, e o bacallau. En 2023, estas cinco especies representaron xuntas o 44 % do consumo total aparente da UE de produtos da pesca e da acuicultura. Para este grupo, a taxa de autosuficiencia global da UE foi do 12 %.

Unha vez establecido o contexto, a análise do comercio exterior galego realizarase en función da información que proporciona a estatística de comercio exterior de bens de España (Datacomex). Á hora de interpretar estes datos é preciso ter en conta que a clasificación dos bens empregada é TARIC. No seu código 03 Peixes, crustáceos e moluscos, contabilízanse as entradas e saídas deste tipo de produtos, incluíndo frescos, conxelados, afumados, en filetes etc. É dicir, abrangue produtos que inclúen un procesado simple. Parte do procesado destes produtos, como conxelado, eviscerado, fileteado etc., pode ser realizado nos propios barcos. Deste grupo, excluíronse os peixes vivos, toda vez que supoñen case exclusivamente peixes ornamentais. Pola súa banda, as conservas e procesados de pescado (como rebozados, surimi etc.) clasifícanse no grupo 16.

⁴ A capacidade dos estados para satisfacer a demanda mediante a súa propia produción. Pódese calcular como a relación entre a oferta nacional e o consumo nacional aparente.

⁵ Consumo aparente = produción propia + importacións – exportacións.

Gráfico 9
Importacións con destino a Galicia de pescados,
crustáceos e moluscos, e de conservas e preparados de pescado



En relación coas importacións, Galicia compra sobre todo peixes, crustáceos e moluscos, que en 2025 representaron o 75 % do valor do total de importacións, correspondendo o restante a conservas e procesados. O volume destas entradas explícase por dous factores. En primeiro lugar, o papel de España como un dos principais operadores no comercio mundial de pescado e, especialmente, como fornecedor do mercado europeo. En segundo lugar, parte destas importacións proceden tanto de buques factoría de empresas de capital español, como de factorías establecidas nos países onde se pesca, caso de Arxentina, Namibia etc.

Respecto da evolución das importacións de pescado hai que sinalar dúas particularidades. Por unha banda, as importacións superaron o baixón provocado pola crise inflacionista de 2023 e encaidean desde entón dous anos de crecemento, tanto en valor como en volume. Non obstante, talvez sexa máis ilustrativo sinalar que durante os últimos quince anos pivotan ao redor das 600.000 toneladas, do mesmo modo que o facían antes da crise de 2008.

No caso das importacións de elaborados, estes amosan unha tendencia crecente consistente a longo prazo ata acadar o seu máximo histórico en 2025 con 936.564,93 toneladas.

As exportacións presentan un volume algo inferior ás importacións, o que é congruente cun mercado (tanto o español, como o europeo) con baixa autosuficiencia. Nos pescados e mariscos, as exportacións acadaron o seu máximo en 2017, con 475.215 toneladas. Superado o val da pandemia móvense en torno ás 440.000 toneladas. No caso dos elaborados, se ben non superaron o tope de 187.000 de 2020, o ano da pandemia, en 2025 están próximas a este e a tendencia suxire certa capacidade de expansión. O conxunto do comercio exterior parece apuntar un comportamento máis favorable dos produtos elaborados.

Nun ambiente marcado pola caída do consumo en Europa e España e de redución das importacións en Europa é no que debemos contextualizar tanto o aumento das importacións en Galicia, que suxire unha elevada capacidade transformadora e comercializadora; como o incremento das exportacións, particularmente de elaborados, que apunta capacidade competitiva.

Por último, a modo de peche, se miramos cara ao ano que foi, podemos subliñar que a penetración no mercado español de especies alleas á tradición das dietas atlánticas e mediterránea suxiren a necesidade de desenvolver actuacións que permitan garantir non só a suficiencia alimentaria, senón a soberanía alimentaria, impulsando un mellor aliñamento dos recursos dispoñibles, a capacidade produtiva e o consumo. Se miramos cara adiante, o momento no que elaboramos este informe, xa ben entrado 2026, permítenos sinalar algúns factores que empezan a gañar importancia e que previsiblemente formarán parte do seguinte anuario; como pode ser o custo da enerxía e o reto da transicións enerxética ou a problemática da xestión de poboacións de peixes compartidas con países non comunitarios, caso de xarda ou lirio.

V. Industria

- O VEB industrial experimentou unha subida do 2,2 %, crecemento inferior en 4 décimas ao PIB galego, pero relativamente similar ao alcanzado no conxunto do sector industrial español, un 2,3 %.
- A industria manufactureira incrementou o seu VEB en 2025 nun 3,2 % (nunha primeira estimación), o que supón unha caída de 1,3 puntos con respecto a 2024. Esta desaceleración é o resultado final dun comportamento moi irregular ao longo do ano.
- As industrias enerxéticas e extractivas lastraron o crecemento da industria no seu conxunto, xa que a súa evolución foi peor á observada na industria manufactureira.
- A xeración eléctrica descendeu un 7,7 % e nesta porcentaxe incidiu negativamente a actividade en renovables que baixou un 10,1 %. Este segmento, que representaba o 84,6 % do total xerado en 2024, pasou ao 82,4 % en 2025, sendo a xeración de enerxía de procedencia eólica, un 40,4 %, e a hidráulica, un 39,3 %, as dominantes.
- O sector da alimentación en Galicia, cun incremento do 4,9 % do IPI en 2025 (2,8 puntos máis que en 2024), é a actividade que en maior grao contribuíu a conseguir que o IPI da industria manufactureira galega medrase un 2,9 %.
- Stellantis en Vigo segue liderando a fabricación automobilística española. En 2025 produciu máis de 550.000 vehículos; cifra que supera o récord logrado en 2007 e supón un crecemento do 7 % con respecto a 2024.
- A actividade nos estaleiros privados en 2025 en Galicia concrétese en doce postas de quilla, sete botaduras e catro entregas. No estaleiro público Navantia xa estaban en fase de construción as tres primeiras fragatas da clase F-110, das cinco programadas.
- Alcoa agarda obter resultados positivos na segunda metade de 2027, momento no que os datos negativos da alumina poderán ser contrarrestados pola produción de aluminio, unha vez que se arrancaron de novo todas as cubas.
- A industria continúa creando emprego, aínda que o incremento na ocupación, un 4,9 %, se desacelerou en relación a 2024.
- En 2025 os prezos na enerxía, gas, vapor e aire acondicionado descenderon un 14,3 %, pero aumentou a inflación na industria manufactureira, polo que finalmente os prezos industriais subiron un 1 %.
- A principios de 2025, con respecto a 2024, o tecido industrial galego contaba con 290 empresas menos, das que 269 eran microempresas, e este descenso no número de sociedades afecta a práctica totalidade de sectores.
- Con respecto á industria española, o grao de especialización de Galicia segue a ser moi elevado na confección de pezas de vestir, na madeira e na fabricación de vehículos de motor.

A actividade

A información avanzada de 2025, obtida polo IGE na Contabilidade Trimestral de Galicia, indica que o VEB industrial experimentou un incremento do 2,2 %, crecemento inferior en 4 décimas ao PIB galego; pero relativamente similar ao alcanzado no conxunto do sector industrial español, un 2,3 %, segundo indican os datos avanzados polo INE. A traxectoria dos últimos anos sobre a actividade da industria galega mostra unha progresiva desaceleración, aínda que os resultados seguen sendo positivos nun contexto internacional sumido en constantes incertezas, sobre todo tras a chegada da actual Administración nos Estados Unidos de América.

Esta desaceleración apréciase tanto na industria manufactureira como no conxunto da industria, malia que no primeiro caso as taxas de crecemento son sensiblemente máis altas que as totais debido ao peor comportamento do sector enerxético. Así, a industria manufactureira incrementou o seu VEB en 2025 nun 3,2 % (nunha primeira estimación), o que supón unha caída de 1,3 puntos con respecto a 2024. Este freo é o resultado final dun comportamento moi irregular ao longo do ano. Así, mentres no primeiro semestre se observou unha evolución expansiva, de tal modo que o VEB do segundo trimestre subiu un 5,2 %, no segundo semestre aprecíase unha intensa desaceleración, ata o punto de que o crecemento do cuarto trimestre foi tan só do 0,8 %; evolución que presaxia un novo freo nos resultados que se logren en 2026.

Se se contrapón a evolución do VEB do sector industrial en índices de volume (o que podemos entender como expresado en termos reais) coa información en prezos correntes que se recolle no cadro 1, apréciase unha incidencia dos prezos moito maior na actividade enerxética e extractiva que na industria manufactureira. Nesta última, o VEB monetario foi o 4,8 %, fronte a un VEB real do 3,2 %. Esta brecha de 1,6 puntos axigántase para o conxunto da industria, xa que dun 5,2 % do valor monetario se pasou ao 2,2 % en termos reais. As tensións de prezos na enerxía son, por iso, o principal motivo desta diferenza. Os resultados alcanzados en 2025 supoñen unha lixeirísima perda de peso relativo (tan só unha décima), tanto da industria no seu conxunto como da manufactureira, con respecto aos grandes sectores macroeconómicos galegos. A dimensión que debería alcanzar a industria en toda a economía galega é un debate recorrente ante a evidencia da importancia desta actividade. A xeración de efectos de arrastre, a dimensión empresarial e a innovación tecnolóxica son, entre outros, factores que inciden na mellora global da economía. No cadro 1 obsérvase que o peso da industria manufactureira sobre o PIB monetario galego total é do 11,9 %, porcentaxe que se eleva ao 15,6 % se se engade a enerxía. A relativa moderación destas cifras suxire a necesidade de afrontar o reto de conseguir un maior peso deste sector nunha economía cada vez máis terciarizada. Xa se

Cadro núm. 1
Macromagnitudes básicas do sector industrial en Galicia

	VEB Industria	VEB industria manufactureira	PIBpm	% industria manufactureira sobre PIB	% industria sobre PIB
Prezos correntes (miles de euros)					
2023	12.459.976	9.310.836	77.008.465	12,1	16,2
2024	12.779.271	9.784.902	81.389.123	12,0	15,7
2025	13.447.846	10.257.983	86.000.929	11,9	15,6
TVI (%) 2025/2024	5,2	4,8	5,7		
TVI (%) I trimestre 2025/2024	8,5	4,3	6,0		
TVI (%) II trimestre 2025/2024	6,2	6,3	5,5		
TVI (%) III trimestre 2025/2024	4,4	5,3	5,0		
TVI (%) IV trimestre 2025/2024	2,0	3,4	6,2		
Índices de volume					
TVI (%) 2023/2022	4,9	5,8	2,4		
TVI (%) 2024/2023	3,3	4,5	2,8		
TVI (%) 2025/2024	2,2	3,2	2,6		
TVI (%) I trimestre 2025/2024	1,5	3,8	2,9		
TVI (%) II trimestre 2025/2024	2,4	5,2	2,6		
TVI (%) III trimestre 2025/2024	3,4	3,3	2,2		
TVI (%) IV trimestre 2025/2024	1,5	0,8	2,4		

Os datos de 2023 son provisionais e os de 2024 e 2025 son un avance. A data de publicación foi o 27 de febreiro de 2026.
Fonte: IGE. *Contabilidade Trimestral de Galicia*.

comentaba nos *Informes* anteriores a brecha existente fronte a outras comunidades autónomas españolas con maior tradición industrial. Con datos de 2024 da Contabilidade Rexional de España elaborada polo INE, o peso relativo galego da industria era do 17,3 % (13,6 % da industria manufacturera); cifras moi afastadas das que obtivo Navarra (26,7 % e 23,4 % respectivamente), País Vasco (21,4 % e 18,9 %) ou Aragón (21,25 % e 16,2 %). Tamén o peso galego é inferior ao da nosa comunidade veciña, Castela e León (19,5 % e 14,8 %), e similar ao de Asturias (18,7 % e 13,3 %). Os resultados das comunidades citadas contrastan con outras, como no caso de Madrid, cunhas taxas de tan só o 7,4 % e o 5 %, o que reflicte unha moi elevada concentración na actividade terciaria.

No cadro 1 móstrase como a traxectoria da actividade na industria enerxética e extractiva lastrou o crecemento da industria no seu conxunto, xa que a súa evolución foi significativamente peor á observada na industria manufacturera. Así, en 2025, mentres o VEB desta última crecía ao 3,2 %, a industria no seu conxunto facíao ao 2,2 %. Non obstante, observando a traxectoria seguida ao longo do ano apréciase que, se no primeiro semestre o comportamento do sector de enerxía e industrias extractivas foi peor ao da industria manufacturera, no segundo semestre ocorreu xustamente o contrario, aínda que o incremento no VEB da enerxía neste período non conseguiu contrarrestar a peor evolución do primeiro semestre.

No conxunto de actividades que configuran o sector enerxético e as industrias extractivas en Galicia sobresa a xeración de enerxía eléctrica. Segundo a información mensual facilitada polo IGE procedente de Red Eléctrica de España, excluindo o autoconsumo, en 2025 o total de xeración eléctrica descendeu un 7,7 % e nesta porcentaxe incidiu de maneira negativa a actividade en renovables que caeu un 10,1 %. Este segmento, que xa representaba o 84,6 % do total xerado en 2024, pasou ao 82,4 % en 2025; sendo a xeración de enerxía de procedencia eólica, un 40,4 %, e a hidráulica, un 39,3 %, as dúas especialidades hoxe absolutamente dominantes en Galicia. Os malos resultados da hidráulica, xustificables, entre outros factores, por unha climatoloxía máis seca durante varios meses do ano, supuxeron que esta modalidade perdese peso fronte a eólica, de tal modo que de xerar o 43,9 % da produción total en 2024 pasou ao 39,3 % en 2025. Pola súa banda, a xeración total de enerxía eólica en 2025, 8.609.909 Mwh, tan só foi un 2,8 % inferior á de 2024. Non obstante, a eólica galega non conseguiu en 2025 superar a multitude de problemas que foron aparecendo nos últimos anos; circunstancias que están a lastrar o seu crecemento e que motiva que outras comunidades autónomas compitan con Galicia en canto á atracción de empresas electrointensivas que precisan para a súa produción unha subministración abundante de enerxía eléctrica.

A inseguridade e as disputas xurídicas están a frear a instalación de novos proxectos de investimento de enerxía eólica en Galicia. Esta circunstancia afecta seriamente a actividade do sector industrial, o que tamén incidiu na caída da demanda de enerxía eléctrica. A pesar das resolucións do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), a situación segue moi enquistada á espera de poder instalar en torno a 3.500 MW (en 2025 só sumou 96 novos MW) e hai proxectos que empezan a cuestionarse a súa execución. As razóns medioambientais teñen un peso determinante á hora da viabilidade de novos proxectos, así como o enfrontamento entre as diferentes Administracións públicas. Neste contexto, Galicia vaise atrasando máis en España, nunha actividade que actualmente ocupa o terceiro lugar tras Castela e León e Aragón.

Co fin de conseguir a descarbonización e para frear as emisións contaminantes, a aposta pola enerxía renovable en Galicia é evidente. Neste contexto, nos *Informes* anteriores indicábase a proliferación de proxectos de xeración de hidróxeno verde para o que se necesita de electricidade que provén do sector eólico. Tras a pandemia, e ao amparo das axudas europeas financiadas polos fondos *NextGeneration UE* e contempladas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia español, comezaron a proliferar un considerable número de proxectos ante as calidades idóneas que presentaba Galicia. Así, na convocatoria de dous PERTE (Enerxías renovables, hidróxeno renovable e almacenamento; Naval) seleccionáronse seis proxectos galegos, mentres que a Administración autonómica considerou tres propostas como industriais estratéxicos. Tamén, no contexto das Iniciativas Empre-

sariais Prioritarias, a Xunta de Galicia declarou de interese ata seis proxectos. A eclosión de iniciativas foi tan grande que a Alianza Industria Galega do Hidróxeno Verde chegou a identificar ata trinta proxectos en curso. Estas expectativas, que en principio proporcionarían á industria galega unha maior competitividade, fóronse desvanecendo nos últimos meses. Así, o que prometía proporcionar un forte impulso económico para Galicia foi perdendo fol, ata o extremo de que a principios de 2026 xa son moi poucos os proxectos que se manteñen fronte aos programados. As razóns principais esgrimidas para renunciar a estes investimentos son o atraso na implantación de eólicas, os problemas co transporte aos centros demandantes e o incremento dos prezos na construción das plantas. Deste modo, no momento de redactar este informe mantíñanse en fase de tramitación moitas menos iniciativas das programadas. Destacamos Triskelion, promovido por Forestal do Atlántico, S. A. e que producirá metanol verde cun investimento de 118 millóns de euros. Tamén está Arteixo H2V, impulsado por Accionaplug, que xa conseguiu da Xunta de Galicia a declaración de impacto ambiental favorable. Terá unha capacidade de electrólise de 20 MW e estímase unha produción anual máxima de 2.990 toneladas de hidróxeno verde. Dous proxectos xemelgos son Green Umia e Green Meiga, promovidos por Iberdrola, e Foresa en Caldas de Reis (Pontevedra) e Begonte (Lugo) co obxectivo de obter, en territorios estratéxicos, metanol verde. Ademais cómpre subliñar o proxecto de Tasga Renovables en Vila de Cruces. Recentemente subvencionouse o denominado Val do Hidróxeno da Coruña, que permitirá construír dúas plantas na Coruña e Arteixo cunha produción anual de 29.941 toneladas de hidróxeno; acaba de recibir unha subvención de fondos europeos na primeira convocatoria do programa de incentivos para proxectos de produción e consumo de hidróxeno renovable (clústeres ou vales) do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Diso beneficiase Armonia Green, que pretende construír unha planta de amoníaco no porto exterior da Coruña. O amoníaco elaborárase a partir do hidróxeno verde que a compañía producirá no polígono da Grela, cunha capacidade inicial de 200 MW ampliables a 400. Fronte a iso, o val das Pontes, vinculado a H2Pole, non recibiu financiamento.

Dun panorama optimista na xeración de hidróxeno verde pasouse a outro moi pesimista, de modo que se pode agardar que sigan decaendo as iniciativas programadas. De entre os proxectos que decaeron, un dos máis importantes foi a iniciativa de Repsol, Naturgy e Reganosa en Meirama. Non obstante, o convulso panorama mundial pode cambiar a situación, xa que actualmente o prezo da produción de hidróxeno é moi superior ao do gas natural. Con todo, outro factor que prexudicou o investimento en Galicia foi a decisión europea de excluír do financiamento como Proxecto de Interese Común o tramo do hidroduto Guitiriz-Zamora, o que supón a incapacidade de poder exportar desde Galicia a outros territorios. A razón foi que, dado o baixo nivel de produción de hidróxeno, é pouco probable que nos próximos anos se poidan realizar exportacións. Esta decisión afecta, obviamente, a viabilidade das iniciativas proxectadas.

Doutra banda, neste contexto de xeración de enerxía hai que anotar a autorización ambiental integrada que a Xunta concedeu a Bioetanol Galicia S. A. para a posta en marcha dunha planta de bio-metano e fertilizantes en Curtis. Esta complementará a planta de etanol xa existente, aproveitando os residuos das actividades de gandería e da industria alimentaria.

As dificultades en incrementar a produción de enerxía a través das eólicas nos últimos anos seguiron prexudicando a actividade da industria electrointensiva. Citabamos nos *Informes* precedentes o particular caso de Alcoa, empresa emblemática no norte da provincia de Lugo, e no momento de redactar este estudo tamén afectada polo incremento no prezo do gas natural ante a guerra en Oriente Medio. As noticias procedentes da compañía indican que a situación actual non é tan desfavorable como a de hai uns anos, xa que subscribiu contratos que reducen o risco financeiro de subidas de insumos e entre eles o gas. Agardemos que esta blindaxe sexa efectiva. Ademais, Alcoa en marzo de 2025 formou unha *joint venture* con Ignis EQT (hoxe coa denominación Trento), para garantir a continuidade da produción na factoría da Mariña Lucense. Paulatinamente foi arrancando as cubas da electrólises, de tal modo que en abril de 2026 xa a totalidade volvían estar operativas. As dúbidas sobre a viabilidade da compañía seguen sendo recorrentes. Non se executou o forno de

cocción de ánodos comprometido e mantense a incerteza de se o prezo de produción de alumina será competitivo ante a evolución dos prezos a nivel mundial. Por outra parte, está o problema do depósito de xestión de residuos cuxa capacidade xa está a alcanzar o seu límite.

En canto ao comportamento da industria extractiva en Galicia, os resultados de produción mostran unha caída na actividade en 2025, á espera de que se materialicen os proxectos previstos. O último informe dispoñible sobre estatística mineira, recentemente publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, aínda se refire ao ano 2024. Nel obsérvase que o valor da produción nese ano descendera un 5,9 %, malia que a cifra alcanzada lle permite a Galicia manterse no cuarto lugar da clasificación española, cun peso do 8,7 %, tras Andalucía (33,8 %), Castela e León (12 %) e Cataluña (11,1 %). En cambio, se como variable de referencia se toma o emprego, Galicia alcanzaría a segunda posición, cun 11,8 % da porcentaxe total, tras Andalucía (26,21 %). Estes datos mostran a indubidable importancia deste sector no contexto español motivada, sobre todo, pola extracción de rocas ornamentais, actividade líder en España ao absorber o 38,3 % da produción total. A extracción de lousa e, en menor medida, a de granito explican a importancia deste sector, polo que a caída na actividade en 2025 se xustifica polo seu comportamento. Así, segundo a Agrupación Industrial da Lousa, as exportacións baixaron en valor ao redor dun 10 % debido á crise da construción dos grandes mercados europeos e aos problemas estruturais que afectan o sector, en especial a falta de man de obra cualificada. Ante esta situación, as expectativas para 2026 non son optimistas e os conflitos abertos este ano influirán, sen dúbida, na demanda. Estes mesmos problemas tamén están a incidir na industria do granito.

Nos *Informes* anteriores xa se comentaban os principais proxectos existentes en Galicia no sector mineiro. As publicacións especializadas subliñan que cando estes se materialicen, o peso do sector aumentará considerablemente. Sobresaen catro. O primeiro corresponde a unha filial do grupo Samca en Doade (Beariz-Ourense), que xa conta en Galicia con tres minas activas no norte de Lugo destinadas á extracción de caolín e felDSPatos. A mina de Doade extraerá litio, básico para lograr a descarbonización. Calcúlase unha duración de 42 anos. Xa se realizou un investimento próximo aos 10 millóns de euros sobre un compromiso total de 120 millóns. En marzo de 2025 a Comisión Europea incluíu esta mina na listaxe de Proxectos Estratéxicos. O segundo proxecto é o Cobre San Rafael e preténdese recuperar as antigas minas de Touro-O Pino (A Coruña). Esta iniciativa foi declarada proxecto industrial estratéxico pola Xunta de Galicia en xuño de 2024, aínda que no momento de redactar este informe segue pendente da declaración de impacto ambiental. Un terceiro proxecto é o Eurobattery Minerals en Pentes (A Gudiña) para a extracción de tungsteno. Actualmente, a compañía sueca confiou na asturiana Minepro Solution os traballos de deseño da planta, que espera estar operativa en 2027. Finalmente, e con respecto ao que se indicaba no *Informe* anterior, parece que se resolveron os problemas xudiciais sobre cuestións medioambientais que afectaban a posible explotación de coltán na mina da Penouta en Pobra de Trives (Ourense). Iso parece suxerir que á sociedade australiana ETM, nova propietaria desde xullo de 2025, se lle facilitou o camiño para a reapertura dunha mina cuxa explotación comezou na década dos corenta do século pasado coa extracción de estaño e tungsteno, minerais moi demandados durante a segunda guerra mundial.

No cadro 2 preséntase a traxectoria trimestral do sector industrial galego nos tres últimos anos, considerando o comportamento do índice de produción industrial (IPI) elaborado mensualmente polo INE. Este indicador preséntase neste estudo como unha media aritmética e complementa a información que proporcionan as contas económicas. Así, mentres o VEB industrial, en termos reais, se incrementara un 2,2 % segundo o IGE; o IPI tan só creceu en 2025 un 0,7 %, o que xunto ao aumento dun 0,9 % en 2024 mostra un sensible estancamento nesta actividade. Agora ben, se se desagrega a produción realizada segundo o destino económico dos bens que se fabrican obsérvase unha evolución moi desigual, de maneira que esa retardación se explica polo, xa antes sinalado, mal comporta-

Cadro núm. 2
Índice de produción industrial en Galicia
 (Año 2021=100)

		I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	TVA (%)*
Xeral	2023	102,2	96,8	86,5	103,4	97,3	
	2024	102,2	100,5	88,1	101,8	98,2	0,9
	2025	104,6	98,4	91,5	101,0	98,9	0,7
Consumo duradeiro	2023	116,3	119,1	126,7	134,2	124,1	
	2024	120,8	114,7	120,7	138,1	123,5	-0,4
	2025	128,3	102,8	122,1	144,8	124,5	0,8
Consumo non duradeiro	2023	91,5	100,0	95,8	92,7	95,0	
	2024	96,1	105,6	104,3	97,5	100,9	6,2
	2025	101,0	108,3	111,0	102,8	105,8	4,9
Bens equipo	2023	108,4	111,8	95,4	111,8	106,8	
	2024	100,3	108,7	97,3	123,3	107,4	0,5
	2025	116,6	114,3	100,0	109,9	110,2	2,6
Bens intermedios	2023	86,2	92,1	81,3	80,5	85,0	
	2024	84,7	90,9	79,7	81,6	84,2	-0,9
	2025	82,9	89,2	81,8	86,1	85,0	0,9
Energía	2023	121,5	79,2	70,3	126,3	99,3	
	2024	128,6	95,2	68,8	99,0	97,9	-1,4
	2025	115,4	79,0	71,5	102,0	92,0	-6,1

* Taxa de variación anual (sobre a media).

Fonte: INE.

mento do sector enerxético. Deste modo, o IPI cuantifica unha caída na produción enerxética do 6,1 %, porcentaxe explicable polos malos resultados do primeiro semestre que non puideron ser contrarrestados pola recuperación da actividade na segunda parte do ano; especialmente nos últimos meses ante unhas circunstancias climatolóxicas máis favorables para a xeración de enerxía hidráulica.

En canto á industria manufactureira, unha boa noticia en 2025 é que nos catro grupos de bens desagregados segundo o destino económico dos mesmos observouse un incremento na produción; situación diferente á de 2024, ano en que tanto os bens duradeiros como os bens intermedios mostraron unha caída na actividade.

No cadro 2 apréciase que a produción en Galicia de bens de consumo non duradeiro se mantén nunha dinámica moi expansiva, aínda que o seu elevado aumento, un 4,9 %, é 1,3 puntos inferior ao alcanzado en 2024. Esta dinámica positiva mantívose nos catro trimestres do ano, o que lle permitiu a este sector recuperar un nivel de produción que se freara nos primeiros anos desta década. Cómpre lembrar que neste grupo se inclúen actividades importantes da industria galega, en especial, a industria de alimentación e de bebidas, pero tamén a confección de pezas de vestir ou os produtos farmacéuticos. En canto ás dúas primeiras, a subida en 2025 foi do 4,9 % en alimentación e do 8,8 % en bebidas.

Por outra banda, a fabricación de bens de equipo tamén experimentou un impulso en 2025, malia que a súa dinámica non foi tan expansiva como a dos sectores anteriores. A diferenza é que este conxunto de actividades foi mantendo unha traxectoria expansiva nos últimos anos, de tal modo que a produción en 2025 xa superaba nun 10,2 % a lograda en 2021. Neste grupo figuran actividades moi relevantes na industria galega como a automoción, a construción naval ou a fabricación de maquinaria e todas elas incorporan significativamente valor engadido, á vez que provocan un efecto de arrastre sobre outros sectores da economía galega.

Do mesmo xeito que en 2024, os datos do IPI de 2025 nos grupos dos bens duradeiros e os bens intermedios mostran un estancamento nestas actividades, malia que neste ano se aprecia unha leve recuperación que permitiu recuperar os niveis de produción de 2023 perdidos en 2024. Así, no conxunto dos bens intermedios a taxa de variación positiva alcanzada en 2025, un 0,9, contrarrestou a taxa negativa do ano anterior, a cal descendera exactamente na mesma contía. Esta recuperación deuse no último trimestre do ano. Agora ben, neste grupo obsérvase que, a pesar de corrixirse levemente en 2025, a traxectoria do IPI nos últimos anos foi moi negativa, ata o extremo de que a produción caeu un 15 % en 2025 fronte á alcanzada en 2021. Estamos, por tanto, ante unha actividade moi pouco dinámica e que agrupa a produción de industrias de sectores tradicionais na economía galega.

como o da madeira ou a metalurxia e, tamén, outros de menor peso, como a fabricación de material eléctrico ou o caucho e os plásticos.

Finalmente, no cadro 2 apréciase como o grupo que obtivo o menor incremento en 2025 foi o de bens de consumo duradeiro. A súa traxectoria nesta década foi moi diferente á dos restantes grupos, de xeito que, tras fortes subidas nos primeiros anos, a súa produción actualmente está estancada. A pesar de que estamos no conxunto de actividades cun menor peso no contexto industrial galego, inclúe sectores como o do moble, cunha certa tradición. Esta retardación no crecemento supón que con respecto a 2021 se consolidasen os elevados aumentos alcanzados en 2022, polo que en 2025 se produciu un 24,5 % máis que en 2021.

Os resultados que se reflicten no cadro 3 permítennos observar cunha maior precisión a traxectoria sectorial do sector industrial galego en 2025. Grazas á desagregación do IPI a dous díxitos da CNAE-2009 que publica o IGE, ou sexa 24 divisións, alcázase unha visión máis polo miúdo. Neste cadro, alén dos resultados de 2024 e 2025, preséntase o valor deste índice en 2008. Este exercicio veuse facendo nos últimos *Informes* para poder comparar a produción de 2025 coa que xeraba a industria galega xusto antes da gran crise que se orixinou en 2008, cun inicio nos sectores financeiros e da construción. Pois ben, na marxe das diferenzas en produtos e calidades que se deron tras deza-sete anos de produción industrial, o IPI mostra que a actividade na industria galega baixou un 21,6 % neste período; que se desagrega nunha caída dun 17,8 % nas industrias extractiva, un 31,6 % na enerxía e un 18,4 % na industria manufactureira. Nesta última, os descensos superan o 50 %, o que é moi significativo, na industria téxtil, na metalurxia e a fabricación de produtos de ferro, na fabricación doutro material de transporte, e nas reparacións e instalacións de maquinaria e equipo. Doutra banda, e nun contexto no que a produción se reduciu, en maior ou menor medida, en case todas as seccións, o IPI subiu dun modo notable en tan só catro seccións. A taxa máis alta, cun aumento do 112,9 %, logrouse na fabricación de bebidas, cuxa produción, por tanto, máis que se duplicou; e tamén se dobrou a actividade noutras industrias manufactureiras, sección de menos relevancia en Galicia e

Cadro núm. 3
Índice de produción industrial en Galicia. Por seccións e divisións da CNAE-2009
(Ano 2021=100)

	2008	2024	2025	TVA (%) 2025/2024	TVA (%) 2025/2008
Índice xeral	126,1	98,2	98,9	0,7	-21,6
B Industrias extractivas	132,7	116,3	109,2	-6,2	-17,8
08 Outras industrias extractivas	132,7	116,3	109,2	-6,2	-17,8
C Industria manufactureira	124,1	98,5	101,3	2,9	-18,4
10 Industria da alimentación	80,6	96,0	100,7	4,9	25,0
11 Fabricación de bebidas	64,4	126,1	137,1	8,8	112,9
13 Industria téxtil	293,3	73,2	61,2	-16,3	-79,1
14 Confección de pezas de vestir	90,2	119,4	130,7	9,4	44,8
15 Industria do coiro e do calzado					
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	91,7	87,4	88,0	0,7	-4,1
17 Industria do papel	95,2	94,0	89,1	-5,2	-6,5
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados		41,8	29,1	-30,5	
19 Coquerías e refino de petróleo					
20 Industria química	99,1	89,7	89,1	-0,7	-10,1
21 Fabricación de produtos farmacéuticos					
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	100,5	96,0	101,8	6,0	1,3
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	109,7	86,7	82,9	-4,4	-24,4
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	141,6	50,9	52,6	3,2	-62,9
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	141,3	91,4	99,8	9,1	-29,4
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos		70,6	91,5	29,5	
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	179,0	113,5	110,2	-2,9	-38,4
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	142,7	141,4	139,1	-1,6	-2,5
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	196,4	106,4	106,0	-0,4	-46,0
30 Fabricación doutro material de transporte	471,8	104,8	123,1	17,5	-73,9
31 Fabricación de mobles	97,9	120,2	120,6	0,3	23,1
32 Outras industrias manufactureiras	51,7	101,3	104,5	3,2	102,0
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	367,1	113,7	111,4	-2,0	-69,6
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	129,6	95,7	88,6	-7,4	-31,6

Fonte: IGE.

que engloba, entre outras, a xoiería, os artigos de deportes, os xoguets ou os instrumentos cirúrxi-

cos. As outras dúas seccións con taxas de incremento moi altas son a industria da alimentación (25 %) e a confección de roupa de vestir (44,8 %).

A boa traxectoria do sector da alimentación en Galicia nas últimas décadas, que se mantén en 2025, cun aumento do 4,9 % (2,8 puntos máis que en 2024), fai que sexa a actividade que en maior grao contribuíu a conseguir que o IPI da industria manufactureira galega crecese un 2,9 %. Como xa se indicou en *Informes* anteriores, a importancia relativa de cada sección vén proporcionada pola Estatística Estrutural de Empresas: Sector industrial; se ben os últimos resultados publicados en 2026 corresponden ao exercicio 2024. Aínda así, e dado que non é unha información conxuntural, o peso relativo de cada actividade varía moi pouco dun ano a outro. Nese ano, a industria alimentaria xerou unha cifra de negocios por valor de 11.854,31 millóns de euros; o que supón un descenso do 0,6 % en relación a 2023 e este valor significaba o 26,1 % da industria manufactureira galega.

A industria de alimentación en Galicia, como noutras comunidades autónomas, artículase ao redor dun complexo conglomerado, do que neste informe seleccionamos os produtos da pesca nas súas diferentes modalidades e o sector cárnico; non tratando o sector lácteo, cuxa situación se aborda polo miúdo no capítulo dedicado ao sector primario galego. A transformación dos produtos pesqueiros é unha das especializacións da industria alimentaria galega con respecto ao resto de España e con moita relevancia na franxa costeira. No momento de redactar este estudo, a actualmente denominada Anfaco-Cytma, antes Anfaco-Cecopesca, xa presentou os resultados para este sector en España en 2025. Esta Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos, con sede en Vigo e que agrupa máis de 250 empresas de toda España, cambiou a súa denominación para poder integrar o seu Centro Nacional de Coñecemento e Tecnoloxía para a Industria Mariña, Acuícola e Alimentaria, institución que permite dispoñer dun centro tecnolóxico. É obvio que o peso de Galicia nesta actividade no conxunto de España é moi importante. Segundo este informe, a industria transformadora, tanto a conserveira como a de produtos da pesca e a acuicultura, tivo en 2025 unha produción de 954.387 toneladas, o que supuxo un valor de 6.784 millóns de euros. Desta cifra, as conservas e semiconservas xeraron 311.135 toneladas, por un valor de 1.927 millóns de euros. Os datos significaron un aumento dun 0,9 % con respecto a 2024 no número de toneladas e un 1,5 % no seu valor. Esta evolución reflicte unha estabilidade na produción nun contexto internacional moi complexo. Neste sentido cómpre subliñar un mellor comportamento dos mercados de destino estranxeiros fronte ao mercado español. As conservas experimentaron en España un incremento nas exportacións dun 4,57 % en volume e un 6,7 % en prezos. Estes resultados, que en Galicia se concretan, segundo a información de DataComex, nun crecemento dun 12,7 % no volume do exportado de preparacións e conservas de peixe, nun escenario no que as importacións destes produtos, que medraron un 8,2 %, superan a subida das exportacións. Os datos indican que o sector mantivo o seu habitual dinamismo e que se foi adaptando aos novos hábitos de consumo en España que foron descendendo tras a pandemia. Neste contexto, o atún segue sendo o produto principal ata o punto de que, segundo Anfaco, absorbe sobre o 67 % da produción total de conservas e preparados de peixe na Unión Europea. No caso galego, o atún e o bonito acaparan o 69 % do volume das exportacións e o 84,2 % das importacións, se ben en 2025 mostraron un crecemento inferior ao conxunto de conservas de peixe comercializadas. Este foi dun 8,7 % en exportacións e un 5,4 % en importacións. En todo caso, o seu dinamismo nos mercados internacionais é evidente.

Segundo Anfaco-Cytma, tras un 2005 marcado pola estabilidade, a actividade en 2026 presenta incertezas ante as tensións xeopolíticas internacionais, os cambios nas políticas comerciais e as complexas regulacións. Tamén se observan dificultades nos accesos ás materias primas. O sector necesita mellorar a súa competitividade fronte a outros países, para o que son transcendentais as políticas arancelarias que poidan garantir unha competencia en igualdade de condicións.

No *Informe* de 2024 indicábase a importancia que tiñan para o sector as axudas públicas e, en particular, o financiamento proporcionado polo PERTE Mar-Industria que achega fondos *Next Generation* do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Pois ben, en 2025 subvencionáronse

en España, con 40 millóns de euros, dezanove proxectos, que supuxeron 100 millóns de euros en investimento privado. Destes proxectos, oito correspondían a empresas galegas, entre as que se atopan Jealsa e Pescanova que lograron, cada unha, un total de 5 millóns de euros.

Xunto coa transformación dos produtos da pesca, outro sector relevante na industria galega de alimentación é o cárnico. Os resultados do conxunto de España reflicten un incremento en 2025 dun 5,3 % con respecto a 2024. Isto débese ao aumento da produción de carne de porco (un 6,5 %) e da de ave (un 5,4 %). Neste contexto expansivo e tamén de alzas en prezos, a empresa cooperativa ourensá Coren, especializada xustamente no polo e no porcino, experimentou no primeiro semestre dese ano un crecemento do 8,5 %, cunha facturación de 623 millóns de euros e coa expectativa de alcanzar en 2025 unha cifra superior aos 1.450 millóns de euros; cantidade na que tamén se conta con Frigolouro, a empresa localizada no Porriño transformadora do porcino. A empresa sinala as dificultades do contexto actual ante os custos dos pensos e a incerteza que está a xerar o conflito bélico en Irán. Lembra que a alimentación animal supón máis de dous terzos dos custos de produción no polo e no porcino. A maiores está o encarecemento dos carburantes e da electricidade.

Un dos sectores claves na industria galega é a automoción. Esta actividade lidera as vendas de produtos manufacturados ao estranxeiro e, segundo a Agrupación Industrial de Automoción e Mobilidade de Galicia (CEAGA), a facturación alcanzada en 2025, 13.300 millóns de euros, superou nun 5 % a lograda en 2024. Por tanto, estamos a movernos en cifras récord en facturación, aínda que en canto á produción no cadro 3 se aprecia que o IPI practicamente non variou en relación a 2024, ao experimentar un leve descenso do 0,4 %.

Con todo, CEAGA indica que en 2025 a automoción galega fabricou o 24,6 % dos vehículos producidos en España e a factoría de Stellantis en Vigo segue liderando a fabricación española. Os datos proporcionados por esta factoría sinalan unha produción de máis de 550.000 vehículos, polo que se trata dun récord, ao superar o volume logrado en 2007, e supón un crecemento do 7 % fronte a 2024. Estes 550.000 vehículos, tanto turismos como vehículos comerciais, fabricáronse a pesar dos problemas que se rexistraron nas subministracións ao longo do ano e correspóndense con modelos moi variados. O ano 2025 comezou coa boa noticia da implantación en Vigo da plataforma STLA Small, unha das catro plataformas coas que Stellantis quere garantir o seu futuro. Con ela conséguense adaptar a produción de vehículos ás esixencias actuais, sobre todo en motores, de tal modo que se poden fabricar na mesma liña de montaxe coches híbridos non enchufables, enchufables e eléctricos. Este investimento está apoiado polo PERTE do vehículo eléctrico e conectado. O reto actual é que xa estea totalmente preparada para finais de 2027.

A incerteza no sector do automóbil, que tamén se comenta no capítulo deste informe dedicado aos servizos, agravado pola errática evolución dos aranceis que Estados Unidos impuxo ao sector, fai que os resultados galegos sexan aínda máis meritorios. Precisamente, a conxuntura mundial do sector supuxo que Stellantis tivese unha perda de 22.500 millóns de euros tras lograr sempre beneficios desde a creación do grupo en 2021. É posible que iso teña un impacto nas factorías, malia que se agarda que paulatinamente se regrese á obtención de beneficios positivos. A compañía achaca esta situación aos retrocesos nos coches eléctricos durante ese ano, o que supuxo “estar traballando baixo hipóteses erróneas”.

Unha noticia, que de confirmarse tería un impacto importante no sector da automoción e tamén na industria galega, é a posibilidade de que a multinacional chinesa Xangai Automotive Industry Corporation (SAIC), fabricante de vehículos da marca MG, se instale en Galicia, tanto para fabricar compoñentes como para ensamblaxe. Galicia postulouse para acoller estas instalacións e no próximo informe haberá oportunidade de poder confirmar ou desmentir esta oportunidade.

As políticas arancelarias e as incertezas en canto á electrificación, que aos poucos parece que se van resolvendo, afectaron negativamente a industria de compoñentes da automoción en Galicia. CEAGA sostén que as súas exportacións alcanzaron en 2025 os 1.965 millóns de euros e os seus principais

mercados son Francia, Turquía, Reino Unido, Bélxica, Italia, Alemaña, Portugal, Alxeria, Chile e Marrocos. O sector configúrase ao redor de 160 empresas, incluíndo os servizos de apoio con actividades moi variadas, o que lle dá unha significativa proxección. A información que proporciona DataComex sobre comercio internacional, no apartado de partes e accesorios de vehículos, cifra para Galicia o valor total da exportación en 2025 en 882,75 millóns de euros, superando os 835,45 millóns logrados en 2024. Desta contía tan só 44,30 millóns de euros proceden das vendas aos Estados Unidos, dato que como cabería supoñer é máis baixo que o alcanzado en 2024, 52,44 millóns de euros.

Na industria da automoción galega non se debe esquecer o papel que desempeña a fabricación de vehículos para a defensa, cuxo gran expoñente en Galicia é a sociedade con instalacións en Valga (Pontevedra) e, tamén, en Santiago de Compostela, Urovesa. Nun período de rearmamento e consecuentemente dun forte incremento nos gastos en defensa, Urovesa experimentou un significativo crecemento grazas ás vendas a máis de vinte países do seu vehículo de alta mobilidade táctica con múltiples variantes. Ademais, en 2026 asinou un novo acordo marco con Defensa en España, que se estenderá a 2032 cun teito de gasto de 723,9 millóns de euros e no que se incorpora a participación de Portugal. Co fin de atender unha crecente demanda ampliáranse as instalacións de Valga para pasar de producir 2.500 unidades a un máximo de 5.000 vehículos ao ano.

O peso da industria do transporte é moi significativo debido a que nesta actividade se concentran dous subsectores de gran tradición en Galicia. Xunto coa automoción, que realmente despuntou tras a instalación en 1958 da multinacional francesa Citroën na zona franca de Vigo, xa desde moitos anos atrás destacou a construción naval, tanto civil como militar. Ademais, nas últimas décadas comeza a sobresaír como un sector emerxente a fabricación de compoñentes de aeronáutica, malia que o seu peso relativo sobre os outros dous subsectores é aínda moi baixo. Pois ben, a construción naval tivo en 2025 unha dinámica positiva. De feito, se se observa o cadro 3 apréciase que na división 30 da CNAE-2009, fabricación doutro material de transporte, é a actividade cun dos maiores incrementos. O aumento do IPI nesta división foi do 17,5 %, o segundo máis alto do conxunto de divisións, malia que a importancia relativa do primeiro, fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos, é moi pequena. Porén, a pesar desta subida, a produción de 2025 queda moi lonxe da que se realizaba en 2008. Segundo a *Estadística Estructural de Empresas: Sector industrial*, o volume de negocios xa pasara de 672,7 millóns de euros en 2023 a 1.142,31 millóns en 2024 e, seguramente, os valores de 2025 serán superiores. Estas cifras non adoitan ter en conta a facturación dos buques militares que se están construíndo na ría de Ferrol.

No sur de Galicia, e en especial na ría de Vigo, concéntrase maioritariamente a actividade de construción civil, na que nestes últimos anos tamén se realiza construción militar. Segundo o *Boletín Informativo Trimestral sobre Construcción Naval* de xaneiro de 2026, publicado pola Secretaría de Estado de Industria, no que se recolle a información completa sobre 2025, os estaleiros localizados en Galicia conseguiron oito novos contratos, co que a súa carteira de pedidos alcanzou os vinte e seis buques. Como en 2024, estas cifras foron superadas polos estaleiros asturianos tanto na tonelaxe bruta (Asturias absorbía o 43 % mentres Galicia conseguía o 33 %) como no CXT (*compensated gross tonnage*), no que Asturias representaba o 45 % do total e Galicia o 34 %. Xa se indicaba no *Informe* anterior que esta última medida non só considera as toneladas brutas do buque fabricado senón tamén a complexidade da súa fabricación. Por detrás, e a moita distancia, quedaría o País Vasco. Estes datos da carteira de pedidos mostran a actividade comprometida por este sector para os próximos anos. Con respecto á produción específica de 2025 e á finalización na fabricación de buques, esta concrétese en doce postas de quilla, sete botaduras e catro entregas.

Das catro entregas efectuadas en 2025, tres foron realizadas polos estaleiros Armón de Vigo, que ademais contan coas antigas instalacións de Hijos de J. Barreras. O primeiro é un buque para a Garda Civil, a patrulleira Duque de Ahumada, que substitúe a Río Miño, a cal levaba prestando o seu servizo desde hai 40 anos. Ten espazo para 44 tripulantes, alén de 12 prazas máis para operacións especiais. Utilízase para misións de longa duración. O segundo é un arrastreiro conxelador destinado a Islandia,

sendo o terceiro barco fabricado para este país en catro anos. O terceiro é un arrastreiro destinado á Arxentina da armadora Conarpesa. A cuarta entrega efectuouna C. N. Freire, S. A. e o seu destino foi o Reino Unido. Trátase dun buque de apoio e a súa función principal será, segundo a propia empresa, “a inspección, mantemento e substitución de axudas á navegación e amarres costeiros pesados, tanto no Reino Unido como no estranxeiro”.

En canto ás sete botaduras, cinco son de estaleiros da ría de Vigo (dúas C. N. Freire, S. A., dúas Astilleros Ría de Vigo —antiga Barreras— e unha de Armón Vigo); unha é dun estaleiro da ría de Pontevedra, en concreto de Marín (Nodosa), e a outra, a única do norte de Galicia, xa que se trata dun estaleiro privado da ría de Ferrol (Blascar-A Graña, S. L.). O buque de maior CXT foi botado en C. N. Freire, S. A. Trátase dun arrastreiro conxelador para o Ártico e o seu armador é do Canadá.

En canto a outras novidades dos estaleiros da ría de Vigo, na que se concentra unha das maiores producións de España, destaca a previsión por parte de Metalships de instalar un dique flotante para a reparación naval e que ocupará unha lámina de auga de 5.730 metros cadrados.

Pola súa banda, a actividade na ría de Ferrol está concentrada nos traballos que está a realizar Navantia para a construción das cinco fragatas da clase F-110 xa programadas, cuxos detalles se mostraron nos *Informes* anteriores. En 2025, segundo indica Navantia, estaban en fase de construción os tres primeiros buques. A primeira das cinco fragatas, a F-111, denominada Ramón Bonifaz, foi botada en setembro de 2025 e a súa construción, que finalizará previsiblemente a finais de 2027, proseguirá nos peiraos do estaleiro. En abril de 2025 púxose na bancada a quilla da segunda fragata, F-112, Roger de Laura, e seguramente será botada antes de que finalice 2026, aínda que a data contractual era 2027. Tamén en abril de 2025 comezou a construción da terceira fragata, F-113, Menéndez de Avilés, e para a súa construción estrearase, xa en 2026, a nova Fábrica Dixital de Bloques; un fito importante xa que supón unha transformación dixital e de automatización dos procesos, o que permitirá automatizar a construción aforrando tempos e mellorando substantivamente a calidade das soldaduras. A estas tres fragatas unirase nos próximos anos a construción da F-114, Luis de Córdova, e a F-115, Antonio Barceló. Navantia sinala que a partir de 2026 se incrementarán os picos de traballo e, actualmente, xa están a entrar a traballar nas instalacións de Ferrol e Fene máis de 5.000 persoas, cifra que non se alcanzaba desde hai máis dunha década.

Alén da construción de fragatas, as expectativas para o estaleiro ferrolán son positivas, xa que asume parte da carga de traballo das instalacións de Belfast, a pesar de que a maior carga corresponderá aos estaleiros da Baía de Cádiz. Tamén está en marcha o programa de modernización das fragatas da serie F-100, con base en Ferrol, para o que se dotou dun orzamento de 3.200 millóns de euros e que dará traballo para dez anos, malia que a parte máis forte destas obras comezarán en 2030. Doutra banda, Navantia está a participar en concursos en distintos países do mundo que pretenden actualizar ou mellorar a súa Armada e ten posibilidades de gañar algún deles, o que achegaría un maior volume de traballo aos seus estaleiros. É o caso das fragatas lixeiras que, no momento de redactar este informe, acaban de ser preseleccionadas en Suecia.

Navantia, Fene, onde se concentra todo o negocio da eólica mariña, mantivo en 2025 unha intensa actividade. Nese ano anunciouse unha reestruturación dese negocio que favorece as instalacións da ría de Ferrol tanto na parte industrial como na tecnolóxica. A factoría entra na construción de subestacións de eólica mariña nun momento de certa desaceleración nas cimentacións. Así, o parón destas últimas agárdase que se supla con contratos para a elaboración de subestacións. O negocio, neste caso de Navantia Seanergies, na eólica mariña freouse ante as decisións desfavorables para a empresa tomadas por Estados Unidos con respecto aos preacordos alcanzados. A expectativa é a de crecer no mercado do Reino Unido, Alemaña, Países Baixos e Dinamarca. Para iso, en abril de 2025 asinou un acordo de colaboración con Semco Maritime, polo que Navantia se beneficiará da ampla experiencia en subestacións mariñas desta empresa danesa, posto que prestan mantemento a máis de corenta subestacións en toda Europa.

Indicábase anteriormente que a industria aeroespacial está a emerxer en Galicia. Ben é certo que, por agora, a súa actividade ten un peso relativo sobre o sector industrial moi pequeno e non presenta a dimensión que xa alcanzou noutras comunidades autónomas como Andalucía. Esta última, segundo a agrupación industrial da actividade, previa pechar 2025 cunha facturación superior aos 3.000 millóns de euros e en 2024 contaba con 15.496 empregos directos, achegando o 1,32 % do total do PIB desta comunidade. Pola contra, Galicia dispón neste sector, segundo Asime (Asociación de Industrias del Metal y Tecnologías Asociadas de Galicia), de algo máis de corenta empresas, aínda que moitas delas tamén atenden outras actividades. A Xunta de Galicia pretende que este número creza considerablemente nos próximos anos. A súa facturación elevouse a 165 millóns de euros e o emprego superou os 1.700 traballadores. Pódese observar que estas cifras están moi lonxe das de Andalucía. Con todo, o seu interese cualitativo, en canto industria que utiliza tecnoloxías complexas, é importante no desenvolvemento da actividade económica de Galicia. Cómpre ter en conta que participa en proxectos de enxeñería avanzados e segundo Asime está moi especializada en “vehículos non tripulados, os sistemas aeroespaciais avanzados e as tecnoloxías duais”.

Dentro desta actividade, nestes *Informes* está a facerse un especial seguimento, desde a súa constitución, da traxectoria do Polo Aeroespacial de Rozas situado no municipio de Castro de Rei na provincia de Lugo. En 2025, para a política industrial da Administración autonómica esta infraestrutura constituirá unha iniciativa estratéxica en canto ao crecemento do sector de defensa e seguridade no horizonte de 2030. Para iso pretenden investir uns 183 millóns de euros e mobilizar 900 coa colaboración do sector privado.

O obxectivo é que este polo evolucione vinculado ao aeroespacio, aínda que, na actualidade, xa o seu Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR) é unha referencia na realización de procesos de certificación de aeronaves non tripuladas (UAV). Evidentemente, non se pode obviar o crecente papel que desempeñan os drons en múltiples ámbitos, pero en particular en seguridade e defensa. Neste sentido, Galicia parece apostar por ter unha maior incidencia no desenvolvemento dunha actividade da que se prevé un elevado crecemento nos próximos anos.

A concentración en alimentación e en material de transporte na industria manufactureira galega é, se se toma a cifra de negocios referida a 2024, de tal dimensión (o 50,4 %), que o peso relativo dos restantes sectores resulta moi baixo; e ningún, salvo a fabricación de produtos metálicos, logra superar o 5 % (en concreto un 5,9 %). Esta actividade tivo unha evolución positiva en 2025 ao incrementar o seu IPI un 9,1 %, malia que a súa produción está aínda moi lonxe da que tiña antes da crise de 2008. O sector configúrase con microempresas e pequenas empresas e, de feito, no cadro 7 apréciase que absorbía o 17,8 % de todas as microempresas industriais de Galicia. Pola súa banda, a actividade que tradicionalmente viña ocupando a terceira posición en canto ao volume de negocios, a metalurxia e a fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas caeu ata a sexta debido, sobre todo, aos vaivéns que experimentou a produción de Alcoa, empresa xa comentada anteriormente. Así, dunha cifra de negocios de 3,26 miles de millóns de euros en 2023, descendeu a 1,95 miles de millóns en 2023 e en 2024 situouse en 1,7 miles de millóns. É posible que este dato se estabilice en 2025, posto que o IPI subiu nun 3,2 %. Con todo, esta produción está moi lonxe da que se realizaba na primeira década deste século.

As empresas máis significativas na metalurxia e a fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas concéntranse na siderurxia e no aluminio. En canto á primeira, a referencia en Galicia é a empresa localizada en Narón, Megasa, que en 2024, ante a crise do aceiro que comezou cando se iniciou a crise da construción, reduciu a súa cifra de negocio un 5,5 %, ata os 1.797 millóns de euros. Os problemas na demanda, as políticas arancelarias e os incrementos nos custos enerxéticos propiciaron un descenso nas súas vendas. A pesar diso, esta sociedade mantivo o seu plan de investimentos. Polo que se refire ao aluminio, a multinacional norteamericana Alcoa pechou 2025 cun balance global positivo ante uns ingresos totais de 12.831 millóns de dólares e uns beneficios de 1.170 millóns de dólares. Con todo, a esta tendencia positiva non se sumou o complexo de San Cibrao, do que se

agarda que siga en perdas ata a segunda metade de 2027; momento no que os resultados negativos da alumina poderán ser contrarrestados por uns datos, que agardan sexan positivos, da produción de aluminio unha vez que se arrancaron de novo todas as cubas. Hoxe en día o prezo do aluminio é favorable e con respecto a 2027 esperan xa recibir as subvencións polas axudas de dióxido de carbono. Lembremos que segue pendente o investimento no forno de cocción de ánodos.

Dentro do sector do aluminio, pero nun segmento de mercado diferente, atópase Aluminios Cortizo, outra empresa relevante no contexto industrial galego. Desta sociedade, con sede en Padrón, aínda non coñecemos os datos financeiros de 2025, pero en 2024 conseguiu unha cifra de negocio de 895,5 millóns de euros (743 millóns en 2023) e o resultado de explotación foi de 160,4 millóns de euros. En 2025 existía certa preocupación ante o anuncio dunha implantación de aranceis do 25 % por parte dos Estados Unidos, malia que para esta empresa o seu mercado non é moi significativo. Ese ano inaugurouse en Coirós (A Coruña) unha nova planta de reciclaxe do aluminio na que se investiron 38 millóns de euros; proxecto que transforma a chatarra do aluminio utilizado nunha nova materia prima para o seu uso industrial.

Segundo a *Encuesta Estructural a Empresas: Sector Industrial*, a confección de pezas de vestir, que contaban en 2024 con 682 locais (7 menos que en 2023, pero 136 menos que en 2022), alcanzou unha cifra de negocio en Galicia de 2.084,3 millóns de euros, un 3,6 % máis que en 2023. Deste xeito, esta actividade, considerando esta variable, sitúase no cuarto lugar das divisións industriais na clasificación galega cunha porcentaxe do 3,96 % sobre o volume de negocio total. Estamos, por tanto, ante unha actividade que foi gañando importancia nos últimos anos en canto a facturación, a pesar de que os resultados industriais están moi lonxe dos que presenta o sector se se incorpora todo o proceso de comercialización, debido á importancia que en Galicia ten a distribución, sobre todo, ante a presenza dos centros loxísticos de Inditex. Non obstante, os datos da industria en 2025 son positivos, tendo en conta que o IPI aumentou un 9,4 %, de tal modo que o producido en 2025 supera nun 44,8 % o que se xeraba en 2008. Cómpre lembrar que o subsector relevante en Galicia segue sendo a confección de pezas de vestir, xa que a facturación da téxtil cabeceira é moi baixa (198,4 millóns de euros en 2024, só o 9,5 % do que se factura en confección) e o seu IPI descendeu en 2025 un 16,3 %, sendo esta produción un 79,1 % inferior á de 2008. Na industria téxtil, malia a súa baixa facturación, chama a atención o número de empresas que se manteñen abertas, 287, das que 265 son microempresas. En 2024 o total de empresas era de 310. A práctica totalidade de variables analizadas mostran unha tendencia descendente.

No sector da confección de pezas de vestir conviven sociedades de moi diverso tamaño, pero a inmensa maioría son microempresas. Agora ben, a presenza de Inditex altera calquera análise do colectivo. Os seus resultados mostran o seu liderado nos mercados e empequenecen os de calquera outra sociedade. En 2025 facturou por un valor de 39.864 millóns de euros (como nos outros *Informes* lembrabamos, toda a industria manufacturera galega incluída a automoción facturaba en 2024 por un valor de 45.423 millóns, cifra non moi afastada da conseguida por Inditex). Estas vendas supuxeron un incremento do 3,2 % (un 7 % a tipos de cambio constantes) e cunha evolución positiva nos diferentes formatos e en todas as áreas xeográficas. A marxe bruta medrou un 3,9 % e o beneficio neto un 6 % (6.220 millóns de euros). Agárdase que para 2026 os datos sexan mellores, cunha subida nas vendas do 5 % ante as respostas das tendas físicas e a venda en liña. Segundo indica Inditex, os números de 2025 lograronse grazas a que “a innovación, diversificación e flexibilidade do noso modelo integrado afianzan un crecemento consistente das vendas e unha rendibilidade sostida”. Estes datos confirman que, por agora, Inditex non ten un teito; os seus resultados soben ano tras ano e para reforzar ese incremento, en 2026 realizaron uns investimentos ordinarios por valor de 2.300 millóns de euros. É certo que a súa política de vendas se foi modificando, de tal modo que mentres a facturación nos últimos tres anos creceu un 22 %, o seu número de tendas no mundo baixou nun 6 %. A pesar diso, a aposta por tendas de maior tamaño propiciou que a superficie bruta aumentase un 5,3 %.

Outras tendas, obviamente de menor dimensión que Inditex, pero emblemáticas no sector da confección de pezas de vestir galegas e que atenden un segmento máis concreto de clientes, son Adolfo Domínguez, Sociedad Textil Lonia ou Bimba y Lola; todas elas xurdidas do mesmo grupo familiar. Sociedad Textil Lonia é a segunda firma por facturación do sector e, aínda que a súa cifra de vendas se mantivo en 2025, a falta dos resultados definitivos agárdase, en liña cos anos anteriores, unha baixada de beneficios que, malia todo, seguen sendo elevados. En decembro, a ganancia neta era de 35,6 millóns de euros, un 4,5 % menos que en 2024. En canto a Adolfo Domínguez, os seus beneficios netos alcanzaron os 1,64 millóns sobre unhas vendas de 139 millóns de euros (un 2 % máis que en 2024). Dispoñía de 379 puntos de venda en 54 países, a pesar de que o 57 % da súa facturación se xera en España. Desde esta empresa sinalan que o crecemento en 2025 se sustenta “na boa acoillida das coleccións xunto coa recolocación da rede de tendas e unha estratexia centrada no segmento *premium*”. Tamén, as vendas en Bimba e Lola medraron con respecto a 2024 un 7 % (máis de 250 millóns de euros de facturación), grazas, sobre todo, á canle en liña.

En canto aos retos actuais, o presidente da Agrupación Industrial Téxtil-Moda de Galicia (Coin-tega), que reúne empresas do sector, sinala as dificultades ás que se enfrontan as compañías da canle multimarca, en crise na actualidade, e a necesidade de non competir unicamente en prezos. Doutra banda, entende que a IA xa é unha ferramenta imprescindible no sector. Desde esta institución, en 2026 vaise elaborar un Plan Director do Sector Téxtil/Moda de Galicia, en colaboración coa Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, e das conclusións que se alcancen darase conta en próximos informes.

A transformación da madeira e a industria do moble son dúas actividades moi tradicionais na industria galega. A produción forestal interna xunto coa capacidade empresarial desenvolvida neste sector, que ampliou os mercados de aprovisionamento e venda destes produtos, fan que Galicia estea moi especializada na transformación da madeira con respecto ao conxunto da industria española. Na última epígrafe deste capítulo móstrase como é o segundo sector con maior especialización tras a confección de pezas de vestir. A *Encuesta Estructural a Empresas: Sector Industrial* sinala que en 2024 a cifra de negocio da industria da madeira alcanzaba os 1.808 millóns de euros, un 1,8 % máis en termos monetarios que en 2023. Pola súa banda, a industria do moble facturaba unha cuarta parte que a industria da madeira, 482 millóns de euros, aínda que neste caso se produciu un descenso do 2,3 % con respecto a 2023. Entre as dúas absorben un 4,3 % do volume de negocios do conxunto da industria. En canto a 2025, a evolución do IPI, cun incremento do 0,7 % na madeira e dun 0,3 % na fabricación de mobles, suxire unha situación de estabilidade en relación aos resultados obtidos en 2024.

No momento de redactar este informe a Agrupación Industrial da Madeira e Deseño de Galicia non publicara o Informe da Cadea Forestal-Madeira de Galicia 2024-2025 cos datos a 2024. A finais de 2025 abandonou esta asociación Finsa, a empresa galega líder no sector a gran distancia de calquera outra. As discrepancias seguramente producíronse ante as posturas sobre a moratoria do eucalipto, unha das cuestións que máis están a afectar o sector. De feito, os resultados de Finsa en 2024 reflicten que prosegue a estratexia da diversificación nas súas actividades. A facturación alcanzou os 1.208 millóns de euros, o que supón un descenso dun 1,2 % fronte ao ano anterior. Ante o aumento dos custos, o resultado de explotación caeu un 30,2 %. O máis salientable foi o aumento das actividades relacionadas co hábitat. Así, xa en 2025 presentou a iniciativa Hábitat 360, pola que se fornece a arquitectos, interioristas, deseñadores e outros profesionais do necesario para os seus proxectos. Ademais, nese ano tamén sacou a colección Tech & Design 2025-2029, con produtos que fusionan innovación técnica con sensibilidade estética.

Unha cuestión vinculada con este sector que xerou un gran debate na sociedade galega foi a posible implantación dunha fábrica téxtil a base de celulosa en Palas de Rei. Nos *Informes* precedentes comentáronse as novidades que se ían producindo sobre a viabilidade dun proxecto que supoñería un investimento próximo aos 1.000 millóns de euros. En febreiro de 2026 a Xunta de Galicia anunciou

que a falta de conexión eléctrica fai inviable o correcto funcionamento desta factoría e que resulta moi difícil que este feito se corrixa, xa que ata 2030 non haberá unha nova planificación eléctrica, o que lle impide dotarse dunha subestación para desenvolver este proxecto. Por iso, a pesar de contar cunha declaración de impacto ambiental favorable, procedeuse ao arquivo deste expediente e queda descartada a súa construción no curto prazo.

A maquinaria e equipo tamén é un sector industrial básico en calquera economía ante o valor engadido que incorpora e as súas posibilidades de innovación tecnolóxica. En 2025, o seu IPI indica que a produción en 2025 descendeu un 1,6 % con respecto a 2024 e aínda non se alcanzaron os niveis de actividade da primeira década deste século. En todo caso, o peso relativo deste sector non é moi alto. En 2024 só absorbía o 1,7 % da cifra de negocios da industria, cun valor de 884,7 millóns de euros.

Pola súa banda, a industria das bebidas mantivo en 2025 o dinamismo observado nos últimos anos, incluso a pesar das noticias sobre a caída do comercio mundial de viño. Estímase que en 2025 este descenso foi dun 6,4 % en valor e dun 4,9 % en volume. Ademais, este sector foi un dos máis afectados polas políticas arancelarias dos Estados Unidos. O IPI determinou un incremento dun 8,8 % con respecto a 2024 e esta produción practicamente duplicou a de 2008. En 2024 a súa cifra de negocios case alcanzou os 1.500 millóns de euros e o sector contaba con 677 locais, 113 máis que en 2023.

No sector vitivinícola, en canto á obtención da materia prima, cómpre indicar que en 2025 as DOP galegas sumaron un total de 75,9 millóns de quilos de uva, cun gran predominio das variedades brancas e con cifras récord en DOP Rías Baixas e DOP Monterrei. Nas tres restantes, Ribeiro, Valdeorras e Ribeira Sacra, o peso da colleita diminuíu con respecto a 2024 ante un verán moi seco e os efectos moi puntuais dos grandes incendios do verán. Para a industria galega un problema relevante segue sendo o excedente, que se agrava ante o progresivo incremento das plantacións. Desde ámbitos do sector reclámase unha produción que se axuste á demanda actual. Para intentar paliar esta situación, a Xunta de Galicia en novembro de 2025 promoveu subvencións para as empresas que desexen transformar o excedente de viño en alcol industrial. Neste ano as dúas DOP beneficiadas son Ribeiro e Monterrei. En 2024 este apoio levouse a cabo na DOP Ribeira Sacra e subvencionáronse quince adegas.

Unha das grandes preocupacións deste sector en 2025, en especial para a DOP Rías Baixas, foron os erráticos anuncios de aranceis por parte dos Estados Unidos. Segundo as estatísticas de Data Co-mex, o comercio de viño exportado de Galicia cara aos Estados Unidos pasou de 21,38 millóns de euros en 2024 a 23,02 en 2025 (de 2.894,64 toneladas en 2024 a 3.526,11 en 2025); datos que suxiren que a incidencia non foi moi relevante. En todo caso, parece que non está de máis a procura de mercados alternativos ante o posible descenso no comercio con este país.

No segmento de bebidas xa se comentaba en *Informes* anteriores o espectacular avance na fabricación e comercialización de cervexa protagonizado, sobre todo, pola Corporación Hijos de Rivera. A exportación total realizada desde Galicia en 2025 alcanzou as 23.697,94 toneladas (21.228,58 en 2024). Estes resultados no estranxeiro mostran que persiste a puxanza deste sector. En canto á fabricación da Corporación Hijos de Rivera, cuxa distribución vai máis aló da cervexa, sendo tamén importante a comercialización doutras bebidas, en particular a auga envasada, aínda non se dispoñen dos datos de 2025. Estes previsiblemente serán máis positivos que os de 2024, tras a inauguración no mes de xuño, das novas instalacións de Morás en Arteixo cunha capacidade de produción de 900 millóns de litros. A facturación en 2024 foi de 886 millóns de euros, un incremento do 6,9 % con respecto ao ano anterior e iso nun contexto de caída das vendas neste sector no conxunto de España. O seu Plan Estratéxico 2025-2027 prevé alcanzar os 2.000 millóns de euros de facturación en 2030.

Dos restantes sectores non sinalados anteriormente cómpre destacar un novo retroceso nas artes gráficas e a reprodución dos soportes gravados. O valor do IPI en 2025 de 29,1 %, que supón unha caída fronte a 2024 do 30,5 %, indica que o sector vai sendo cada vez máis irrelevante no contexto

industrial galego. A súa cifra de negocios en 2024 foi de 233,9 millóns de euros, o que tan só representa o 0,44 % do total da industria. Non obstante, no Informe de Conxuntura Estatística do Ámbito Cultural de novembro de 2025 que edita o Consello da Cultura Galega mostrábase que o número de empresas que realizan actividades de edición de libros, xornais, revistas e videoxogos se mantivo estable. Apenas variaron as empresas de edición de libros ou de periódicos, mentres descenderon as dedicadas á produción de revistas e videoxogos. No conxunto do sector cultural, a creación de empresas creceu un 14,7 %.

A ocupación

O incremento dun 2,2 % do VEB industrial en 2025 xestouse por un aumento na ocupación dun 4,9 %. Este resultado suxire que a industria segue creando emprego, malia que o incremento na ocupación se desacelerou con respecto a 2024, ano no que medrou un 9 %. En 2025 hai un total de 192.300 traballadores industriais en Galicia, cando en 2023 eran 168.200. Esta notable subida acompañada por unha produción que crece a un ritmo moi inferior, suxire, xenericamente, unha perda na produtividade aparente, aínda que cabería facer unha análise máis desagregada para comprender onde se mellora ou se perde produtividade; exercicio que coa información dispoñible no momento de redactar este estudo non se pode realizar.

A traxectoria da ocupación en 2025 mostra que a creación de emprego se produciu realmente no primeiro semestre e que esas ganancias en ocupación, en parte, se contrarrestaron coa caída observada no emprego nos dous últimos trimestres do ano. A desaceleración fíxose máis evidente na industria manufactureira. En todo caso, podemos afirmar que a ocupación na industria (4,9 %) creceu en 2025 máis que no conxunto da economía, un 2,3 %; o que supón que o peso relativo da industria sobre o total galego se sitúa no 16 %, porcentaxe moi similar ao peso do VEB industrial no PIB.

Cadro núm. 4
Ocupación no sector industrial (miles de persoas)
Datos coa base de poboación de 2021

	Ocupación (miles)			TVI (%)	
	2023	2024	2025	2024	2025
05-09 Industrias extractivas	3,8	4,2	4,4	10,5	4,2
10-33 Industria manufactureira	157,8	167,6	174,0	6,2	3,8
35-39 Enerxía, subministración de auga e xestión de residuos	6,6	11,5	13,9	74,2	20,9
Total Industria Galicia	168,2	183,3	192,3	9,0	4,9
Total Galicia	1.128,6	1.144,0	1.170,5	1,4	2,3
% Industria/total	15,0	14,9	16,0	-0,8	7,5

Fonte: EPA, IGE-INE.

No cadro 4 apréciase que o emprego aumentou menos na industria manufactureira que no sector extractivo e enerxético. Neste último, xunto coa subministración de auga e a xestión de residuos, creáronse 2.400 postos de traballo máis; o que, ante a súa dimensión no emprego (13.900 traballadores fronte aos 174.000 da industria manufactureira), supuxo un incremento de nada menos do 20,9 %. É relevante indicar que o emprego se duplicou desde 2023, poñendo de manifesto a dinámica positiva que atravesa esta actividade no mercado de traballo en contraste coa volatilidade da produción. Pola súa banda, nas industrias extractivas creáronse 200 empregos máis e xa traballan nelas 4.400 persoas.

A ocupación na industria manufactureira, que absorbía en 2025 o 90,4 % do emprego industrial total, subiu ao redor de 15.300 persoas. Desafortunadamente, a ocupación existente segundo a EPA por divisións da CNAE-2009 en Galicia xa non se pode coñecer desde o terceiro trimestre de 2025 porque non se renovou o convenio entre o IGE e o INE, polo cal en Galicia se duplicaban as enquisas realizadas e permitía coñecer con fiabilidade información máis desagregada. Por esta razón neste informe só se pode ofrecer a ocupación sectorial existente no primeiro semestre do ano, período a partir do cal o emprego comezou a decaer. Así, nun contexto de incremento do emprego nas principais divisións hai que destacar o aumento dun 11,9 % na industria de alimentación, bebidas e tabaco

e dun 22,5 % na metalurxia e os produtos metálicos e electrónicos. A alimentación segue liderando a ocupación industrial en Galicia con case 47.000 traballadores, mentres que neste primeiro semestre o emprego en metalurxia, produtos metálicos e eléctricos conseguiu superar o sector do transporte ao contar con 1.900 traballadores máis (43.300 fronte a 41.700).

Prezos, custos e salarios

O complexo contexto da xeopolítica mundial nesta década afectou a evolución dos prezos das mercancías e a economía galega, obviamente, non foi inmune a esta situación. A década arrincou cunha pandemia que, conforme se ía superando, incidiu na economía mundial; entre outros factores, por unha crise nas subministracións e por un incremento nos prezos da enerxía. Como xa indicabamos nos *Informes* anteriores, iso motivou que os prezos industriais en Galicia, en liña cos do conxunto da industria española, subisen un 40,3 % en 2021 e un 13 % en 2022. Tras estes *shocks* externos, e a pesar da continuación da guerra de Ucraína, as tensións de prezos fóronse moderando ata o punto de que, como se contempla no cadro 5, os prezos industriais caeron un 5,9 % en 2023; se ben repuntaron en 2024 ata un 2,5 % debido, sobre todo, a un novo aumento dos prezos da enerxía, xa que na industria manufactureira os prezos baixaron un 0,8 %.

Segundo indica o índice de prezos industriais (IPRI), en Galicia a traxectoria de 2024, diferente á de 2023, volve cambiar en 2025, ano no que os prezos na provisión de enerxía, gas, vapor e aire acondicionado descenderon un 14,3 % e repuntou a inflación na industria manufactureira, rexistrando finalmente un incremento do 1 %.

Cadro núm. 5

Índice de prezos industriais en Galicia. Por seccións e divisións da CNAE-2009. Taxas de variación interanual
(Ano 2021=100)

	España			Galicia		
	Decembro 2023	Decembro 2024	Decembro 2025	Decembro 2023	Decembro 2024	Decembro 2025
Índice xeral	-6,3	2,3	-3,0	-5,9	2,5	-1,8
B Industrias extractivas	4,0	1,4	4,5	7,7	0,8	3,4
C Industria manufactureira	-0,4	-1,0	-0,1	-0,3	-0,8	1,0
10 Industria da alimentación	5,1	-2,8	0,2	3,6	-0,2	1,2
11 Fabricación de bebidas	9,0	4,2	2,5	10,2	-0,7	13,5
13 Industria téxtil	-0,1	0,6	1,1	6,1	-4,4	7,1
14 Confección de pezas de vestir	1,8	0,1	1,1	-0,5	-0,4	0,6
15 Industria do coiro e do calzado	2,2	0,9	1,0	-	-	-
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	-2,5	-1,1	1,0	-2,1	-1,8	5,3
17 Industria do papel	-8,3	2,1	0,0	-18,9	0,9	-1,3
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1,3	-2,3	1,4	1,9	-3,4	0,5
19 Coquerías e refino de petróleo	-11,5	-7,2	-7,1	-	-	-
20 Industria química	-8,4	-0,1	-3,1	-2,3	1,0	5,9
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	2,0	1,6	2,2	-	-	-
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-0,3	0,8	0,2	-1,8	-0,5	-1,3
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	6,5	0,8	2,3	6,7	1,7	4,2
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-8,5	1,4	1,7	-8,2	10,7	-0,3
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-0,4	-0,2	1,2	1,8	-1,7	1,6
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	1,1	1,7	3,6	1,3	-0,2	1,6
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	1,5	-0,9	-0,7	-9,8	-15,1	-2,8
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	3,1	2,4	2,2	0,4	1,9	4,3
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	3,1	1,5	1,2	0,4	-1,1	0,3
30 Fabricación doutro material de transporte	4,3	0,1	6,0	2,8	4,7	4,7
31 Fabricación de mobles	1,9	0,8	1,5	2,7	-0,3	-0,9
32 Outras industrias manufactureiras	3,0	3,3	2,9	1,5	2,2	2,4
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	3,0	2,1	3,1	2,0	-6,3	5,0
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-25,0	13,3	-13,2	-26,2	16,1	-14,3

Fonte: IGE.

Esta subida dos prezos é o resultado dunha evolución moi diferente dos subsectores industriais, como se aprecia no cadro 5. Nese ano, a maior alza dos prezos produciuse na industria de bebidas, un 13,5 %, actividade da que xa antes comentamos o gran crecemento experimentado nas últimas décadas. Paulatinamente foise consolidando, tanto no mercado español como no internacional, aínda que neste período tivo que facer fronte á política arancelaria dos Estados Unidos, sendo este sector, como xa se indicou, un dos máis afectados. Cómpre subliñar que os incrementos dos prezos na industria de bebidas galega foron moi superiores aos que se observaron no conxunto da industria en España, un 2,5 %; circunstancia que en nada favorece a posición competitiva deste sector. No cadro 5 tamén se aprecia unha subida do 7,1 % na industria téxtil, actividade que actualmente ten moi pouco peso no contexto industrial galego. Así mesmo superan o 5 % os aumentos do IPRI na industria da madeira, excepto a fabricación de mobles (-0,9 %), e a industria química.

De entre as actividades cun maior peso relativo na industria galega hai que destacar que no sector da automoción os prezos se mantiveron moi estables nos últimos tres anos, mentres que na industria de alimentación experimentaron un incremento do 1,2 %, tras un resultado negativo en 2024. Fronte a este moderado aumento dos prezos nos dous sectores que máis facturan na industria manufacturera, salienta a repunta inflacionista no grupo doutro material de transporte, no que se inclúe o sector naval e o aeronáutico. Esta actividade repite a taxa de 2024, un 4,7 %, o que non parece que lle fixese minguar a súa capacidade competitiva. Un caso especial é a metalurxia e a fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes, cuxos prezos practicamente non variaron con respecto a 2024 (nos que medraron un 10,7 %). Non obstante, se profundamos nos produtos que se fabrican observamos que no grupo produción doutros metais preciosos e doutros metais non férreos, nos que se inclúe o aluminio, se mantivo unha presión sobre os prezos (creceron un 7,1 %), o que confirma as expectativas que se tiñan ao redactar o *Informe* anterior sobre os recortes na produción mundial, a situación económica dos países de procedencia da bauxita e a situación política internacional. A escalada dos prezos do aluminio contrasta coa caída en Galicia dun 2,3 % e dun 3,5 % da fabricación dos produtos básicos de ferro e dos produtos da primeira transformación do aceiro, respectivamente.

A pesar de que na maioría das divisións da industria galega os prezos subiron en 2025, en cinco rexistrouse un descenso. Destaca a fabricación de material e equipamento eléctrico, actividade na que, tras caer os prezos un 9,8 % en 2023 e un 15,1 % en 2024, en 2025 se mantén esta deflación.

Mentres os prezos industriais baixaron na industria galega en 2025 un 1,8 %, segundo mostra a *Encuesta Trimestral de Coste Laboral*, o custo salarial por hora efectiva de traballo subiu na industria (en media dos catro trimestres) ese ano un 3,9 %, e os custos laborais totais 4 décimas máis, o 4,3 %. Con estes resultados freáronse os fortes incrementos rexistrados tanto nos custos salariais como nos laborais observados en 2024 (7,8 % e 7,4 % respectivamente). Os aumentos de 2025 superan a variación do IPC en Galicia, que foi dun 2,6 %, e a subida media dos salarios pactados na totalidade dos

Cadro núm. 6
Custos laborais e salarios (en euros)

	2023*	2024*	2025*	TVI 2024/2023	TVI 2025/2024
Industria, construción e servizos					
Custo laboral total por hora efectiva					
España	23,38	24,37	25,21	4,3	3,4
Galicia	20,80	22,08	22,75	6,1	3,0
Custo salarial total por hora efectiva					
España	17,31	18,02	18,61	4,1	3,3
Galicia	15,21	16,16	16,62	6,2	2,8
Industria					
Custo laboral total por hora efectiva					
España	25,28	26,45	27,43	4,6	3,7
Galicia	23,13	24,84	25,91	7,4	4,3
Custo salarial total por hora efectiva					
España	18,58	19,40	20,04	4,4	3,3
Galicia	16,90	18,21	18,91	7,8	3,9

* Media dos catro trimestres.
Fonte: Enquisa Trimestral de Custo Laboral. INE.

convenios colectivos só aplicables no ámbito desta comunidade autónoma e con efectos económicos de 2025, un 3,45 %. Por todo iso, estes datos suxiren que os incrementos dos custos laborais non se trasladaron aos prezos, seguramente polas dinámicas seguidas nos mercados e pola evolución dos custos non laborais.

Sobre a traxectoria dos custos laborais e os salarios hai que sinalar que os aumentos foron significativamente máis elevados na industria galega en 2025 que no conxunto dos sectores económicos galegos, excluído o primario. Así, mentres o custo salarial total en Galicia subiu un 2,8 %, na industria creceu un 3,9 %, ou sexa, 1,1 puntos máis; o que indica que se ampliaron as diferenzas salariais entre a industria e as restantes actividades e confirma a tradicional percepción de que a actividade industrial adoita xerar unha maior produtividade do traballo que, neste caso, se traslada a salarios máis elevados. Doutra banda, no cadro 6 tamén se observa como estes custos medraron en Galicia a un ritmo maior que no conxunto de España. Consecuentemente, o custo salarial e laboral medio galego na industria está a converxer con certa rapidez ao valor medio español. Así, se o custo salarial da industria galega era en 2023 o 91,5 % dese valor, no conxunto de España en 2025 situábase no 94,4 %. A diferenza reduciuse en case 3 puntos. Este dato contrasta co resultado do total da economía galega, excluído o sector primario, que pasou do 87,9 % ao 89,3 %, polo que a diferenza neste caso só foi de 1,4 puntos.

As opinións dos empresarios industriais sobre a actividade

Xunto coa información obxectiva que proporcionan os diferentes indicadores e variables para analizar a traxectoria que seguiu o sector industrial galego en 2025, neste apartado coméntanse os resultados referidos a este ano, obtidos na *Encuesta de Coyuntura Industrial* (ECI) que con periodicidade mensual elabora o Ministerio de Industria e Turismo co fin de servirle de soporte do indicador de clima industrial (ICI) para a industria española. Trátase dunha visión subxectiva da industria por parte dos empresarios, que dalgún modo complementa e reforza a análise efectuada ata o de agora.

Para o conxunto da industria española, o ICI mantivo unha evolución estable na primeira metade do 2025, mentres que na segunda parte do ano se apreciou unha traxectoria ascendente, pero sempre en valores negativos. Os tres compoñentes básicos que inciden no ICI son a situación actual da carteira de pedidos, as expectativas de produción para os próximos tres meses e os niveis de stocks. O ministerio veunos facilitando nas últimas décadas a información mensual referida a Galicia obtida na *Encuesta de Conyuntura Industrial*. Seguramente, debido ao tamaño da mostra utilizada, os resultados galegos deben tomarse como tendencias ou meramente indicativos.

A pesar de que a enquisa se realiza con carácter mensual, cada tres meses obtense unha información máis ampla xa que se incorporan outras variables moi relevantes como o uso da capacidade produtiva, os factores que están a limitar a produción ou o período de traballo asegurado. É por este motivo que a continuación, e co fin de simplificar, expoñeremos a evolución do sector industrial observando os resultados dos catro meses nos que se publica a información completa. Doutra banda, os datos totais desagreganse segundo o destino económico dos bens. Precisamente pola falta de robustez da mostra, o ministerio decidiu non proporcionar información nin de enerxía nin de bens de investimento. Obviamente, a carencia é importante, xa que o peso destes dous grupos é, como xa comprobamos, moi relevante ao considerar bens de investimento a construción naval, a automoción ou a fabricación de maquinaria. En suma, a análise que se pode facer con esta fonte estatística é moi parcial.

Xa que os resultados totais son a agregación da información obtida do sector fabricante de bens de consumo e de bens intermedios, a continuación comentaranse estes dous grupos de forma separada.

En canto á fabricación de bens de consumo, os empresarios enquisados estiman, nun maior grao, que a súa carteira de pedidos estivo en todo o período por baixo dun nivel normal e a porcentaxe

que valorou negativamente esta variable incrementouse a finais de ano. Os resultados foron, polo xeral, peores se se referían ás carteiras de pedidos procedentes do sector exterior fronte aos que procedían das empresas españolas. Pola súa banda, os índices das expectativas de produción nos próximos tres meses, en contraste coa carteira de pedidos, tiveron valores positivos nos primeiros meses do ano, indicando que o que se agardaba superaba unha situación normal; para a continuación empeorar e de novo mellorar ao final de 2025 e tamén no inicio de 2026. En terceiro lugar, os niveis das existencias estiveron durante case todo o ano por baixo do seu nivel normal. Nestas consideracións, o uso da planta, que partía dunha porcentaxe moi baixa ao principio do ano, foi subindo, malia que con altibaixos, conforme transcorrían os trimestres, para finalmente rozar o 70 % ao comezo de 2026.

Segundo manifestan os enquisados, o principal factor que está a limitar a produción de bens de consumo en Galicia é a debilidade da demanda. A identificación deste factor como o maior determinante na limitación da produción foi unha constante nas últimas décadas. En 2025 tamén ten unha certa relevancia a situación esóxena, allea ás empresas industriais, que condiciona a produción; e como novidade, a finais de ano, foi cobrando máis forza a carencia de man de obra. En sentido contrario, non parece que freasen a produción os condicionantes que, a priori, poderían ser importantes como a situación financeira e de tesourería ou a insuficiencia de equipo instalado e de materias primas.

Os resultados publicados sobre o apartado da enquisa empresarial sobre a fabricación de bens intermedios son máis complicados de interpretar que os de bens de consumo. En canto á situación da carteira de pedidos durante todo o ano, o nivel considerouse como normal, aínda que houbo meses como o de outubro que os empresarios entendían que este nivel estaba moi por baixo da normalidade debido aos pedidos procedentes do sector exterior. Pola súa banda, nas expectativas sobre a produción nos seguintes tres meses, en todo momento o número de empresarios que entendían que estas eran pesimistas coincidía cos que consideraban que eran optimistas. En canto á situación das existencias, terceiro compoñente na elaboración do ICI, a posición moi maioritaria era que estaban por encima do normal, coa peculiaridade de que a finais do verán esa era a opinión do 100 % dos empresarios entrevistados.

Neste contexto, coa utilización da capacidade da planta ocorreu algo similar ao xa comentado na fabricación de bens de consumo. Neste caso, o ano comezou cun uso sorprendentemente moi baixo, o 23,4 %, porcentaxe que non variou de maneira significativa no seguinte trimestre, e a partir de aí foise incrementado ata o extremo de que a inicios de 2026 o seu uso alcanzou, segundo os enquisados, o 87,22 %.

Ao igual que na elaboración de bens de consumo, tamén neste grupo o principal factor limitativo da produción foi a carencia de demanda, pero, ademais, aquí, nos meses centrais do ano citouse como un factor importante a situación financeira e de tesourería nas empresas, así como a existencia de factores esóxenos ao sector. Igualmente, obsérvase que a produción non se viu freada nin pola falta de man de obra nin pola insuficiencia de equipo ou de materias primas.

De modo complementario, a ECI tamén indaga sobre as expectativas no emprego e nos prezos. Mentres na fabricación de bens de consumo se agardaba unha evolución positiva do emprego practicamente durante todo 2025, nos bens intermedios a previsión apuntaba cara a unha estabilización na ocupación. En canto aos prezos, a percepción nos dous sectores era a estabilidade nos mesmos, sen agardar grandes tensións inflacionistas, malia que esta previsión cambiará en 2026 ante a crise na subministración de petróleo e gas provocada pola guerra de Irán, que sen dúbida incidirá nun sensible incremento dos custos.

A dimensión das empresas

Un elemento clave na estrutura industrial de calquera economía é a súa configuración segundo o tamaño das sociedades. Existe unha extensa literatura sobre as vantaxes e desvantaxes que supón dispoñer dun tecido produtivo no que o número de medianas e grandes empresas sexa significativo; fronte á alternativa de ter poucas sociedades deste tipo e no que practicamente só existan pequenas empresas ou microempresas. Esta estrutura incide, obviamente, na capacidade de innovación, de internacionalización e no aproveitamento das economías de escala.

O INE realiza con carácter anual unha operación estatística de certa envergadura mediante a que obtén un censo de empresas e locais denominado Directorio Central de Empresas (DIRCE). A investigación non abrangue todas as actividades, xa que se exclúen a agricultura, gandería e pesca, as Administracións públicas e Defensa, a Seguridade Social obrigatoria, as actividades dos fogares que empregan persoal doméstico e as organizacións extraterritoriais. En paralelo, o IGE, a partir basicamente dos datos do Rexistro Mercantil e da Seguridade Social, tamén elabora unha estatística similar denominada Directorio de Empresas e Unidades Locais. A información refírese ao 1 de xaneiro de cada ano, polo que realmente os resultados que se asignan a 2025 se corresponden cos de finais de 2024.

Cos datos do DIRCE apréciase como certamente a industria galega concentra sociedades de maior tamaño en maior grao que nos restantes grandes sectores, o que suxire que a súa dinámica ten que ser moi diferente. O noso cálculo indica que en 2025, mentres no sector da enerxía e da subministración de augas de cada 100 empresas, 1,89 superaban os 100 traballadores; na industria manufactureira eran 1,53 empresas, e a construción e os servizos quedaban moi lonxe, cunhas porcentaxes de tan só o 0,16 e 0,21 respectivamente. Esta característica condiciona a actividade que estamos a analizar.

Cadro núm. 7
Número de empresas industriais localizadas en Galicia

	Total				Microempresas			
	2023	2024	2025	TVA (%) 2025/2024	2023	2024	2025	TVA (%) 2025/2024
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	1	2	1	-50,0	1	2	1	-50,0
06 Extracción de cru e gas natural	0	1	0		0	1	0	
07 Extracción de minerais metálicos	9	9	10	11,1	9	8	10	25,0
08 Outras industrias extractivas	135	127	116	-8,7	101	93	83	-10,8
09 Actividades de apoio ás industrias extractivas	1	1	1	0,0	1	1	1	0,0
10 Industria da alimentación	1.786	1.751	1.685	-3,8	1.388	1.357	1.283	-5,5
11 Fabricación de bebidas	459	462	457	-1,1	413	421	409	-2,9
12 Industria do tabaco	0	0	0		0	0	0	
13 Industria téxtil	338	310	287	-7,4	309	285	265	-7,0
14 Confección de pezas de vestir	575	538	520	-3,3	515	484	469	-3,1
15 Industria do coiro e do calzado	39	35	30	-14,3	30	27	21	-22,2
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	838	801	769	-4,0	720	685	659	-3,8
17 Industria do papel	38	36	37	2,8	26	25	28	12,0
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	663	659	656	-0,5	625	618	621	0,5
19 Coquerías e refino de petróleo	0	0	0		0	0	0	
20 Industria química	117	113	109	-3,5	86	81	77	-4,9
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	12	10	9	-10,0	9	8	7	-12,5
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	142	138	128	-7,2	89	81	73	-9,9
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	574	556	534	-4,0	468	449	431	-4,0
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	76	80	77	-3,8	52	51	50	-2,0
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1.838	1.816	1.785	-1,7	1.563	1.537	1.494	-2,8
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	73	74	66	-10,8	64	64	56	-12,5
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	57	51	51	0,0	37	35	35	0,0
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	234	237	225	-5,1	145	146	142	-2,7
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	95	86	85	-1,2	58	50	47	-6,0
30 Fabricación doutro material de transporte	124	131	121	-7,6	79	86	78	-9,3
31 Fabricación de mobles	653	644	632	-1,9	596	583	574	-1,5
32 Outras industrias manufactureiras	523	520	505	-2,9	497	495	479	-3,2
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	875	876	871	-0,6	702	704	705	0,1
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	308	314	321	2,2	291	300	310	3,3
Total	10.583	10.378	10.088	-2,8	8.874	8.677	8.408	-3,1

Fonte: Directorio Central de Empresas, INE.

Pois ben, no cadro 7 preséntase a traxectoria seguida polo número de empresas industriais con actividade en Galicia no período 2023-2025. A primeira conclusión que se obtén é que a principios de 2025 con respecto a 2024 o tecido produtivo contaba con 290 empresas menos, das que 269 eran microempresas (con menos de dez traballadores). Este descenso supón, para o total, unha caída do 2,8 % e para as microempresas do 3,1 %. Prosegue así a redución no número de sociedades que operan en Galicia, xa que ano tras ano este número cada vez é menor. Esta diminución concéntrase nas microempresas e máis, en concreto, nas que non contan con asalariados ou como máximo un ou dous. Esta situación entronca coa continua perda de autónomos, o que supón un progresivo incremento da dimensión media da industria galega, que tamén se confirma ante o aumento gradual do emprego por conta allea. Así, se en decembro de 2018 había 13.695 afiliados á Seguridade Social na industria no réxime especial de autónomos, en 2024 esa cifra baixaba a 12.366, un 9,7 % menos; e este número volve reducirse en decembro de 2025 a 12.243, cunha caída con respecto a 2018 do 10,6 %.

Unha segunda conclusión que se extrae do cadro 7 é que a diminución no número de sociedades en 2025 afecta a práctica totalidade das divisións da CNAE-2009. Tres divisións da industria manufactureira rexistraron caídas de dous díxitos. Non son sectores que teñan un peso importante na industria. De entre os máis relevantes, cómpre destacar un descenso en torno ao 4 % na alimentación, a madeira, a fabricación doutros minerais non metálicos e na metalurxia. Máis elevadas foron as caídas na fabricación de maquinaria e equipos e noutro material de transporte, nos que se inclúen o naval e a automoción.

En todo caso, esta remodelación da actividade industrial manufactureira, con reducións no número de sociedades en practicamente todas as divisións, apenas modifica unha estrutura industrial na que a fabricación de produtos metálicos (1.785) e a industria da alimentación (1.685) seguen liderando o número de empresas; coa circunstancia de que mentres na alimentación se contabilizaban 402 pemes e grandes empresas, a xeración de produtos metálicos dispoñía de 291. Alén destas divisións industriais, só os sectores de madeira, a fabricación de produtos metálicos, a doutros produtos non metálicos e a reparación e instalación de maquinaria e equipamento (actividade a cabalo entre a industria e os servizos) excedían as 100 sociedades. Mención especial merece o sector da automoción que en 2025 tiña 38 pemes e grandes empresas, dúas máis que en 2024.

A presenza da industria galega nos mercados estranxeiros

Un feito relevante na dinámica que seguiu a industria galega en 2025 foi a súa capacidade de participar nos mercados exteriores. Resulta obvio indicar que a base exportadora galega é o piar no que se sustenta a estrutura industrial de Galicia, polo que a evolución do seu comercio cara ás restantes comunidades autónomas españolas e ao estranxeiro é determinante na traxectoria presente e futura desta actividade.

Pois ben, considerando o anterior, nos cadros 8 e 9 preséntanse os fluxos de comercio da industria galega co estranxeiro, distinguindo entre os valores correntes e os que resultan tras eliminar as variacións nos prezos das mercancías polo que se deflacta, como nos *Informes* anteriores, polo índice de valor unitario elaborado polo IGE. Tal e como este instituto indica, estes índices pódense utilizar como verdadeiros índices de prezos do comercio exterior das mercancías que se comercializan en Galicia. Por tanto, se se deflactan os valores nominais polos resultados alcanzados por este índice poderíase, dun modo aproximado, coñecer a evolución do comercio en termos reais. Esta diferenciación é relevante nun contexto no que os prezos do comercio mundial estiveron desde a pandemia moi afectados pola traxectoria dos índices de prezos nos diferentes países e tamén pola evolución dos mercados de divisas.

As dúas características estruturais do comercio galego co exterior, a súa concentración en moi poucos sectores e o elevado comercio intraindustrial (véndense produtos dos mesmos sectores industriais nos que se compra) persisten tras coñecer os resultados provisionais de 2025.

Respecto das exportacións, a industria manufacturera aumentou en termos monetarios o valor das súas vendas un 1,2 %, o que reflicte, en termos xenerais, unha estabilización no comercio nun ano complexo, sobre todo, ante as erráticas medidas arancelarias da Administración dos Estados Unidos, o que afectou negativamente o comercio mundial. Esta variación positiva tórnase en negativa (-1,1 %) se os valores monetarios se deflactan co índice de valor unitario. A fabricación de vehículos de motor cun peso relativo sobre o total exportado do 30,9 % (29,2 % en termos reais) segue lide-

Cadro núm. 8

Evolución do comercio co estranxeiro por agrupacións industriais

En miles de euros correntes

EXPORTACIÓN	2024	2025*	% 2025 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	251.260	134.201	0,5	-46,6
C Industria manufacturera	29.275.814	29.631.686	99,5	1,2
10 Industria da alimentación	3.683.158	3.804.576	12,8	3,3
11 Fabricación de bebidas	120.498	114.370	0,4	-5,1
12 Industria do tabaco	2.734	2.514	0,0	-8,0
13 Industria téxtil	861.672	832.412	2,8	-3,4
14 Confección de pezas de vestir	6.344.864	6.460.617	21,7	1,8
15 Industria do coiro e do calzado	698.824	727.126	2,4	4,0
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	514.835	529.120	1,8	2,8
17 Industria do papel	362.003	300.806	1,0	-16,9
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	453	249	0,0	-45,0
19 Coquerías e refino de petróleo	1.242.780	1.225.101	4,1	-1,4
20 Industria química	1.126.327	1.185.811	4,0	5,3
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	127.251	136.212	0,5	7,0
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	404.907	425.439	1,4	5,1
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	531.933	494.130	1,7	-7,1
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1.340.355	1.190.657	4,0	-11,2
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	548.264	779.248	2,6	42,1
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	265.508	282.061	0,9	6,2
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	446.548	403.301	1,4	-9,7
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	1.135.513	999.965	3,4	-11,9
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	8.902.117	9.194.325	30,9	3,3
30 Fabricación doutro material de transporte	188.406	126.517	0,4	-32,8
31 Fabricación de mobles	277.157	270.440	0,9	-2,4
32 Outras industrias manufacturerais	149.709	146.690	0,5	-2,0

IMPORTACIÓN	2024	2025*	% 2025 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	3.603.002	3.180.088	15,3	-11,7
C Industria manufacturera	16.700.190	17.617.459	84,7	5,5
10 Industria da alimentación	4.310.764	4.517.778	21,7	4,8
11 Fabricación de bebidas	43.079	28.810	0,1	-33,1
12 Industria do tabaco	83	32	0,0	-61,2
13 Industria téxtil	812.805	806.939	3,9	-0,7
14 Confección de pezas de vestir	2.549.625	2.829.098	13,6	11,0
15 Industria do coiro e do calzado	259.096	260.580	1,3	0,6
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	173.874	181.783	0,9	4,5
17 Industria do papel	225.195	221.580	1,1	-1,6
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	250	574	0,0	129,7
19 Coquerías e refino de petróleo	272.337	281.458	1,4	3,3
20 Industria química	774.582	870.854	4,2	12,4
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	67.014	63.585	0,3	
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	340.561	351.321	1,7	3,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	137.568	175.121	0,8	27,3
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1.577.701	1.563.336	7,5	-0,9
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	497.632	530.923	2,6	6,7
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	415.580	415.788	2,0	0,1
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	796.348	604.701	2,9	-24,1
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	981.974	1.018.082	4,9	3,7
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	2.156.306	2.474.773	11,9	14,8
30 Fabricación doutro material de transporte	50.860	150.003	0,7	194,9
31 Fabricación de mobles	108.592	122.694	0,6	13,0
32 Outras industrias manufacturerais	148.365	147.648	0,7	-0,5

* Datos provisionais

Datos tomados o 23 de marzo de 2026.

Fonte: Elaboración do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

rando o comercio galego; actividade na que é determinante o papel de Stellantis e na que un crecemento en valor dun 3,3 % se contrapón a unha caída nas vendas en termos reais (-0,7 %) debido á significativa subida nos prezos dos vehículos. En todo caso, o peso da venda de coches e compoñentes da automoción case representa a terceira parte do que se exporta desde Galicia. Doutra banda, mantense a confección de roupa de vestir; que en 2025 absorbía o 21,7 % do total e cuxa traxectoria está moi ligada ás decisións de comercialización desde Galicia do grupo Inditex de produtos fabricados en lugares diversos. Neste caso, ao contrario da automoción, tanto o incremento en termos reais, un 2,1 %, como o monetario, un 1,8 %, foron positivos e non demasiado afastados un con respecto ao outro. Os dous piares do comercio de manufacturas de Galicia mostran unha vitali-

Cadro núm.9

Evolución do comercio co estranxeiro por agrupacións industriais

En miles de euros deflactados polos índices de valor unitario. Referencia 2010

EXPORTACIÓN	2024*	2025*	% 2025 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	162.239	92.744	0,4	-42,8
C Industria manufacturera	21.518.422	21.273.376	99,6	-1,1
10 Industria da alimentación	2.274.677	2.306.502	10,8	1,4
11 Fabricación de bebidas	76.740	85.382	0,4	11,3
12 Industria do tabaco				
13 Industria téxtil	925.136	877.609	4,1	-5,1
14 Confección de pezas de vestir	4.782.801	4.881.463	22,8	2,1
15 Industria do coiro e do calzado	544.171	520.640	2,4	-4,3
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	500.277	575.694	2,7	15,1
17 Industria do papel	263.677	257.693	1,2	-2,3
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados				
19 Coquerías e refino de petróleo	619.223	633.750	3,0	2,3
20 Industria química	996.838	921.591	4,3	-7,5
21 Fabricación de produtos farmacéuticos				
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	424.253	486.605	2,3	14,7
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	480.822	453.247	2,1	-5,7
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	872.059	683.893	3,2	-21,6
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	411.208	585.241	2,7	42,3
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos				
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	337.654	261.256	1,2	-22,6
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.				
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	6.288.582	6.242.752	29,2	-0,7
30 Fabricación doutro material de transporte				
31 Fabricación de mobles	314.879	348.146	1,6	10,6
32 Outras industrias manufacturerais				
IMPORTACIÓN	2024*	2025*	% 2025 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	1.906.956	1.835.231	11,9	-3,8
C Industria manufacturera	12.926.844	13.650.596	88,1	5,6
10 Industria da alimentación	2.523.423	2.494.494	16,1	-1,1
11 Fabricación de bebidas				
12 Industria do tabaco				
13 Industria téxtil	827.029	789.801	5,1	-4,5
14 Confección de pezas de vestir	2.050.527	2.155.011	13,9	5,1
15 Industria do coiro e do calzado	165.261	157.364	1,0	-4,8
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	171.744	173.640	1,1	1,1
17 Industria do papel	167.618	175.801	1,1	4,9
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados				
19 Coquerías e refino de petróleo	137.453	138.759	0,9	0,9
20 Industria química	1.283.696	1.134.220	7,3	-11,6
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	221.606	156.112	1,0	-29,6
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	381.751	421.552	2,7	10,4
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	131.606	191.829	1,2	45,8
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1.148.840	1.083.843	7,0	-5,7
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	316.560	292.262	1,9	-7,7
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos				
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	526.685	341.388	2,2	-35,2
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	910.753	921.091	5,9	1,1
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1.728.502	2.030.000	13,1	17,4
30 Fabricación doutro material de transporte				
31 Fabricación de mobles	86.776	92.119	0,6	6,2
32 Outras industrias manufacturerais				

* Datos provisionais

Datos tomados o 23 de marzo de 2026.

Fonte: Elaboracións do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria

dade similar á de 2024, o que dificilmente poderá manterse en 2026 ante a incerteza que está a xerar a guerra en Oriente Medio.

En canto á base exportadora galega, nos cadros 8 e 9 tamén se aprecia que, alén das dúas divisións citadas anteriormente, só a industria alimentaria supera o 10 % do total exportado. En todas as restantes actividades o peso relativo non alcanza o 5 %. A alimentación, cuxa facturación como xa vimos é a máis alta da industria galega, mantivo un fluxo de comercio similar ao de 2024. En termos reais, as súas vendas aumentaron un 1,4 % (3,3 % en valores monetarios). As conservas de peixe mantiveron un papel preponderante neste grupo, seguidas, a unha enorme distancia, polos residuos e desperdicios da industria alimentaria. Se se observan os resultados clasificados por código TARIC (tarifa integrada das comunidades europeas), as exportacións no sector conserveiro incrementáronse un 9,1 % en valor monetario, o que reflicte unha maior consolidación desta tradicional industria galega nos mercados estranxeiros.

Pola súa banda, as exportacións de produtos do sector do metal, excluída a automoción, presentaron claroscuros. O mellor resultado alcanzouno a fabricación de produtos metálicos, ante un espectacular aumento nas súas exportacións (unha subida do 42,1 % en termos monetarios e practicamente a mesma taxa en termos reais). No lado contrario sitúanse dous sectores que, como se sinalou, contan cun certo peso na industria galega, a metalurxia e a fabricación de material e equipamento eléctrico. En ambos, a caída nas vendas, en termos reais, foi elevada, xa que a taxa de variación con respecto a 2024 excede o 20 %.

A concentración do comercio externo en tres actividades industriais mantívose en 2025 tanto do lado das exportacións como no das importacións. Trátase, nos dous casos, das mesmas divisións da CNAE-2009, o que reflicte a persistencia dun alto grao de comercio intraindustrial. Agora ben, a clasificación importadora está liderada polo sector alimentario, no que destacan os transformados da pesca e os produtos de alimentación animal. O seu incremento nas importacións na alimentación, en termos monetarios, foi sensiblemente menor ao observado nos outros dous sectores dominantes, a confección de pezas de vestir e a industria da automoción, cuxas importacións crecían a un ritmo moi superior ao das exportacións. Estes tres sectores absorbían o 47,2 % das importacións totais.

En canto aos restantes sectores, excepto na metalurxia, actividade que tradicionalmente mantivo un fluxo importador relativamente elevado, seguen tendo un peso relativo moi baixo sobre o valor total do importado. Porén, cómpre destacar á adquisición de maquinaria (representa un 4,9 % do total e en 2025 subiu un 3,7 % en termos monetarios), e, en menor grao de produtos químicos. Entendemos que resulta positivo para a actividade industrial galega que aumentase a adquisición de bens de equipo procedente do estranxeiro, xa que este novo investimento suxire a existencia de expectativas de produción máis positivas ante o que supón a renovación ou ampliación da maquinaria existente. Para rematar, nun momento tan convulso debido á crise do petróleo e os seus derivados, cómpre subliñar a sistemática perda de peso no contexto importador do refino de petróleo que, de ser en décadas anteriores unha das actividades líderes no comercio externo galego, pasou a absorber, no referente ao sector industrial, tan só o 1,4 % do total importado. Obviamente, a dinámica desta actividade continúa condicionada polas estratexias en canto á produción que segue Repsol, propietaria da refinería da Coruña.

A evolución da especialización industrial galega con respecto a España

De forma complementaria á *Estadística Estructural de Empresas: sector industrial*, o INE con carácter anual elabora a *Encuesta Industrial de Productos* coa finalidade de poder coñecer, no menor período de tempo posible, o valor das vendas de aproximadamente 4.000 produtos xerados pola industria manufacturera e polo sector enerxético español. Esta selección dos produtos máis relevantes recolle, por tanto, a oferta industrial máis significativa realizada cada ano.

Cadro núm. 10

Composición da oferta industrial galega: valor de venda dos produtos industriais. Ano 2024

	CNAE-2009	Miles de euros	%	% Galicia/España	Coefficiente de especialización
Alimentación	10	9.690.517	23,6	7,8	109,3
Bebidas	11	1.505.547	3,7	7,6	107,2
Tabaco	12	0	0,0	0,0	0,0
Téxtil	13	96.264	0,2	2,0	28,4
Confección de pezas de vestir	14	1.885.930	4,6	51,1	718,8
Coiro e calzado	15				
Madeira e cortiza	16	1.285.290	3,1	17,5	245,8
Papel	17	606.371	1,5	3,5	48,7
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	18	157.393	0,4	3,5	49,3
Coquerías e refino de petróleo ¹	19				
Industria química	20	940.303	2,3	2,3	31,9
Produtos farmacéuticos ¹	21	215.279	0,5	1,7	24,6
Manufacturas de caucho e plástico	22	1.077.746	2,6	4,7	66,0
Produtos minerais non metálicos	23	932.685	2,3	4,6	64,4
Producción, primeira transformación e fundición de metais	24	1.731.191	4,2	5,7	79,9
Produtos metálicos	25	2.890.035	7,1	7,0	98,2
Produtos informáticos, electrónicos e ópticos	26	160.170	0,4	3,7	52,5
Material e equipo eléctrico	27	409.055	1,0	2,5	35,1
Maquinaria e equipo	28	1.245.122	3,0	5,4	76,3
Vehículos de motor, remolques e semirremolques	29	11.162.578	27,2	17,3	243,1
Outro material de transporte	30	768.116	1,9	5,8	82,1
Mobles	31	809.450	2,0	10,2	143,6
Outras industrias manufactureiras	32	138.780	0,3	2,9	41,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	33	1.380.653	3,4	7,0	98,2
Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	35	1.893.743	4,6	7,9	110,6
Total		40.982.218	100,0	7,1	100,0

¹ Non figura o dato para preservar o segredo estatístico.Fonte: Elaboración propia a partir da *Encuesta industrial de productos*, INE.

No cadro 10 preséntanse os resultados desta operación estatística para 2024 e compáranse cos do conxunto de España. Neste cadro, o valor total dos case 4.000 produtos para as diferentes comunidades autónomas, o IGE públicaos agregados en 25 sectores industriais seguindo as divisións da CNAE-2009 e, como xa se comentara en *Informes* anteriores, a información dispoñible corresponde ao ano anterior do obxecto deste estudo posto que a publicación dos datos de 2025 se realizará en xuño de 2026.

A composición da oferta industrial galega en 2024 non diverxe en exceso da existente en 2023. Así, o valor de venda dos produtos industriais en Galicia supoñía un 7,1 % do valor español, o que, a pesar dunha caída dunha décima con respecto a 2023, segue sendo unha porcentaxe máis elevada da que se obtén noutras variables económicas significativas como o PIB ou o VEB industrial recollidas no cadro 1.

Doutra banda, persiste a concentración do valor do producido en dous sectores, a alimentación e os vehículos de motor. Nesta estatística, e a diferenza dos resultados da *Estadística Estructural de Empresas: Sector Industrial*, os vehículos de motor ocupan o primeiro lugar e a suma do valor de vendas destes dous sectores representa algo máis da metade do total galego. Moi lonxe queda o sector metálico, cun 7,1 % do total, mentres que ningunha das restantes divisións excede o 5 %. Destas divisións hai que subliñar a diferenza existente na confección de pezas de vestir entre a produción galega e o valor total do vendido. Se se toman as exportacións ao estranxeiro, no cadro 8 obsérvase que se elevaban a 6.344,9 millóns de euros, contía que contrasta cos 1.885,9 millóns que figuran no cadro 10. Iso mostra a distancia que hai entre o fabricado na comunidade e as vendas realizadas de produtos procedentes de territorios moi diversos.

Como se veu realizando na maior parte dos *Informes* precedentes, no cadro 10 preséntanse os resultados dun sinxelo índice de especialización dos produtos xerados pola industria galega con respecto ao conxunto de España. Este índice consiste nun cociente no que no numerador se recolle o peso que cada unha das divisións industriais galegas ten en relación co conxunto de España e no denominador figura o peso que o sector industrial galego ten na súa totalidade sobre o español. Este resultado preséntase multiplicado por 100. Así, cando o coeficiente supera 100 pódese considerar

(na marxe da súa importancia na industria galega) que hai unha certa especialización desta actividade en Galicia con respecto a España. Canto máis alto sexa este coeficiente, maior será esta especialización. Obviamente, en sentido contrario, non se poderá considerar que existe unha especialización cando o coeficiente é menor que 100 e canto menor sexa o seu valor, menor será o grao de especialización.

No cadro 10 apréciase que, en canto ao grao de especialización, tres agrupacións destacan por encima de calquera outra. O valor do coeficiente de confección de pezas de vestir é de 718,8, e sen dúbida, mostra unha especialización galega moi alta, posto que o valor de venda dos produtos fabricados en Galicia supón o 51,1 % do total español. Esta porcentaxe en 2023 era o 44,8 %. Doutra banda, mantense como en anos anteriores unha elevada especialización no sector da madeira e cortiza e na fabricación de vehículos de motor. Ambos presentan un coeficiente similar, 245,8 e 243,1, respectivamente, ao absorber algo máis do 17,7 % do valor total español. Estase ante dúas actividades tradicionais na industria galega, aínda que cunha historia e traxectoria moi diferentes. Mentres o sector da madeira ten como base principal a produción forestal existente nesta comunidade; o arranque do desenvolvemento da automoción foi a instalación a finais da década dos cincuenta do século pasado da entón Citroën (hoxe Stellantis) na zona franca de Vigo e cuxa dinámica incrementou a actividade industrial no sur de Galicia ante a expansión da empresa motora e toda a industria de compoñentes que se configurou nas súas inmediacións. O valor deste coeficiente suxire que o valor dos produtos que xera esta estrutura fai que se poida dicir que o grao de especialización con respecto a España é alto, a pesar das factorías existentes no resto do estado.

Son sete as agrupacións nas que o seu coeficiente de especialización supera o valor de 100. Alén das xa citadas, a industria do moble segue presentando un coeficiente elevado, mentres que en alimentación, bebidas e enerxía o coeficiente está próximo a 100; o que suxire que aínda que Galicia presenta certa especialización, esta actividade está máis diseminada na xeografía española.

En sentido contrario, no cadro 10 apréciase que o coeficiente de especialización en sete actividades non alcanza o 50 %. Os dous inferiores son os produtos da industria farmacéutica (24,6) e o téxtil (28,4). O coeficiente deste último contrasta co valor de 718,8 de confección de pezas de vestir. Reflicte que, para a elaboración destas pezas, a industria galega non conta cunha industria cabeceira na que se elaboren os tecidos. En canto á industria farmacéutica, o seu peso no contexto español é moi baixo, a pesar do conglomerado de empresas existente na área metropolitana de Vigo, e este sector coincide co pouco peso no contexto español da industria química. A falta de especialización tamén se mostra no sector do papel e as artes gráficas, así como na produción de material e equipo eléctrico, no que o valor de venda dos produtos fabricados en Galicia tan só supón o 2,5 % do total español.

VI. Sector exterior

- Tras varios anos de crecemento, as exportacións de Galicia estancáronse en 2025, cunha pequena caída do 0,26 %; mentres que as importacións aumentaron un 2,2 %.
- O superávit comercial redúcese lixeiramente, pero permite unha elevada taxa de cobertura: 144,8 % fronte ao 87,2 % no conxunto de España.
- O capítulo de automoción lidera un ano máis as exportacións galegas, concentrando en 2025 o 29,4 % do total, tras un incremento interanual do 3,1 %. Mantense en segundo lugar o sector téxtil, que tamén é segundo no ránking importador.
- As importacións seguen encabezadas polo capítulo de combustibles, que continúa sendo o de maior déficit comercial. Mantense o volume das importacións, pero baixa un 7 % o valor do importado, nun contexto de moderación dos prezos enerxéticos.
- A porcentaxe de comercio intraindustrial pasou do 58 % en 2024 ao 61 % en 2025 polo aumento deste índice para o sector de automoción, que subiu do 34 % ao 37 % tras o notable ascenso das súas importacións.
- O principal destino das exportacións galegas segue a ser en 2025 a zona euro, mais diminuíndo o seu peso relativo do 62 % ao 60 % do total. Francia permanece como principal socio, reducindo a súa participación ao 15,8 %.
- Europa continúa perdendo cota nas importacións galegas en 2025, tendo orixe fóra de Europa o 56 % do total. Portugal mantense como o maior socio nas importacións, cunha participación do 13,1 %.
- Segue baixando o número de empresas exportadoras en Galicia (-0,9 %), aínda que nunha porcentaxe moi inferior à caída de anos anteriores.
- Pontevedra conserva o liderado das exportacións galegas en 2025, concentrando o 49,7 % do total fronte ao 44,6 da Coruña. As importacións tamén están encabezadas por Pontevedra.
- O IED recibido por Galicia en 2025 foi de 236,4 millóns de euros, menos da metade que o ano anterior.
- O sector industrial reduce a súa participación no IED entrante en 2025 ata o 60 %, perdendo peso (en termos absolutos e relativos) a industria manufactureira a favor das subministracións, que multiplicaron por dez a captación de investimentos.
- O IED emitido por Galicia en 2025 ascendeu tan só a 282,2 millóns de euros, caendo a participación galega ao 1,5 % do total emitido por España.
- A orixe e o destino do IED emitido por Galicia concéntranse de novo en 2025 no sector das actividades inmobiliarias (60,2 % e 64,3 % respectivamente do total emitido), malia que cunhas porcentaxes moi inferiores ás do ano anterior.

Comercio exterior de mercancías

A inserción do comercio galego no comercio mundial

Segundo os últimos datos publicados pola Organización Mundial do Comercio (OMC) en marzo de 2026, o volume do comercio mundial de mercancías creceu en 2025 un 4,6 %, moi por riba do incremento do 2,7 % rexistrado en 2024 e tamén da previsión realizada pola propia organización en outubro de 2025 (2,4 %). Pola súa parte, o PIB mundial medrou un 2,9 %, unha taxa idéntica á do ano anterior. Esta nova intensificación do comercio internacional estivo especialmente impulsada polo forte aumento da demanda de produtos relacionados coa intelixencia artificial (IA), que máis que compensou os efectos negativos da suba de aranceis e da incerteza respecto das políticas comerciais.

En termos monetarios, o valor en dólares correntes do comercio mundial de mercancías creceu en 2025 un 7 % (fronte ao 2 % do ano anterior), cunha evolución por sectores desigual. Seguindo a tendencia do ano anterior, medrou o comercio mundial de equipo de oficina e telecomunicacións (un 19 % en 2025), impulsado polos compoñentes electrónicos e polos produtos asociados ao desenvolvemento da IA, e mostrou unha leve diminución (do 1 %) o comercio do sector de automoción. A diferenza do ano anterior, baixou o valor do comercio mundial de combustibles, nun 10 %, en boa medida pola caída do 8 % nos prezos. Pola súa parte, o comercio mundial de servizos presentou en 2025 un incremento interanual do seu volume nun 5,3 %, e dun 8 % no valor do comercializado, por debaixo do de 2024 (10 %), destacando os servizos prestados dixitalmente, que continuaron rexistrando taxas elevadas, os servizos informáticos e as viaxes internacionais. Considerando conxuntamente bens e servizos, o valor do comercio mundial tivo un crecemento interanual do 7 % en termos de valor e do 4,7 % en volume.

Estes resultados acadados en 2025 son consecuencia dun contexto macroeconómico relativamente favorable para o comercio internacional malia a negativa situación arancelaria. A redución da inflación global nos últimos dous anos, o mantemento de políticas fiscais expansivas en numerosas economías e a subida dos salarios reais contribuíron a reforzar a demanda agregada. Cómpre salientar dous factores rexionais: en Asia, a maior demanda de produtos que facilitan a IA incrementou as súas exportacións; en Europa, a moderación nos prezos da enerxía respecto dos dous anos anteriores permitiu recuperar a demanda, impulsando as importacións. En canto ao impacto dos aranceis, este foi menor do que se esperaba, en parte, porque se suspenderon ata agosto e, tamén, pola anticipación do comercio e dos investimentos en previsión, precisamente, da imposición de aranceis.

Cadro núm. 1
Evolución do comercio mundial de mercancías en volume
Taxas de variación interanuais (en %)

	2023	2024	2025	Previsión de referencia		Hipótese prezos enerxía altos	
				2026*	2027*	2026*	2027*
Comercio mundial	-0,9	2,7	4,6	1,9	2,6	1,4	2,8
Exportacións							
América do Norte	3,5	2,2	3,1	1,4	2,7	1,1	2,4
América do Sur e Central	2,4	5,9	3,2	3,5	2,5	3,5	2,3
Europa	-2,9	-1,9	-0,5	0,5	1,9	-0,6	2,6
CEI	-4,0	4,7	3,0	1,3	-0,5	2,4	-0,2
África	5,8	-2,0	10,3	1,2	2,2	1,0	2,0
Oriente Medio	7,6	4,6	12,9	0,6	2,6	-0,1	2,4
Asia	0,2	8,3	9,5	3,5	3,2	3,3	3,5
Importacións							
América do Norte	-2,0	4,6	3,1	0,3	3,2	0,2	3,2
América do Sur e Central	-3,9	5,9	10,4	2,5	3,4	2,7	3,6
Europa	-4,9	-2,0	2,1	1,3	1,9	0,3	2,3
CEI	18,0	5,1	2,7	-2,0	0,1	1,4	-3,2
África	2,8	1,5	8,7	3,2	3,7	4,2	3,2
Oriente Medio	8,6	12,1	10,4	1,0	3,0	2,0	2,7
Asia	-0,7	4,8	6,0	3,3	3,1	2,6	3,2

* Previsións de abril de 2026.

Fonte: Secretaría da OMC.

A nivel rexional (cadro 1), Asia volveu ser o principal motor da expansión comercial mundial en 2025. Polo lado das exportacións, Asia rexistrou un aumento do 9,5 %, e o resto de rexións tiveron tamén achegas positivas, coa excepción de Europa, cunhas exportacións practicamente estancadas. Polo lado das importacións, as maiores subidas corresponderon a América do Sur e Central (10,4 %), Oriente Medio (10,4 %) e África (8,7 %). Europa, pola súa parte, abandonou a evolución contractiva dos dous anos anteriores, cun crecemento do 2,1 %. Coas dinámicas mostradas, todas as rexións fan achegas positivas ao comercio mundial en 2025, destacando a de Asia, que, segundo os economistas da OMC, é responsable de 3,2 puntos porcentuais dos 4,6 que medrou o volume do comercio mundial.

Por países, China, os EUA e Alemaña seguen liderando en 2025 os rankings do comercio mundial. China é o primeiro exportador, cunha participación do 14,4 % no total, e o segundo importador, cunha cota do 9,7 % no total. Os EUA encabezan a clasificación importadora, co 13,2 % das importacións mundiais e son o segundo país exportador, co 8,3 % do total. Pola súa parte, Alemaña continúa como terceiro país en relevancia, tanto exportador (6,7 % do total) como importador (5,8 % do total). Aínda que a dinámica comercial destes tres países foi positiva en 2025, o seu peso relativo nas exportacións mundiais caeu lixeiramente (un par de décimas na porcentaxe sobre o total), debido ao crecemento moi superior doutras economías como Hong Kong, Taiwán ou Emiratos Árabes, que subiron dúas décimas a súa participación.

España pasou do posto 19 ao 20 no ránking exportador, cunha participación do 1,7 % e cun valor das súas exportacións de 445 miles de millóns de dólares. Esa baixada foi debida ao importante aumento das exportacións de Vietnam, que levaron a este país a superar a posición de España e da India, que tamén conta polo 1,7 % do total mundial. Polo lado das importacións, España (cunhas importacións por valor de 513 miles de millóns de dólares) mantense no posto 16, cunha porcentaxe do 1,9 % do total mundial.

Para 2026, a OMC prevé un escenario menos favorable, cunha desaceleración xeral, con América do Norte e Asia contribuíndo menos que en 2025 e cunha Europa que tería unha achega moderadamente positiva. A OMC sinala que a desaceleración do comercio mundial de mercadorías estaría ligada á desaparición do efecto de “anticipación” das importacións observado en 2025; á persistencia dunha incerteza comercial elevada, e aos riscos derivados do conflito en Oriente Medio, que podería elevar de novo os custos da enerxía e do transporte. Con todo, a OMC considera que o impacto dos aranceis, menor do previsto (polo retraso dos EUA na súa aplicación; as numerosas exencións e as escasas medidas de retorsión por parte doutras economías); as mellores proxeccións de crecemento do PIB, e o investimento vinculado á intelixencia artificial seguirán exercendo un papel relevante no sostemento do comercio internacional.

No “escenario de referencia”, no que se exclúen as perturbacións causadas polos prezos da enerxía como consecuencia do actual conflito de Oriente Medio, a OMC esperaba que o comercio de mercadorías medrara un 1,9 % en 2026, e un 2,6 % en 2027, mentres que o PIB mundial aumentaría un 2,8 % en ambos os exercicios (cadro 1). Porén, o principal factor de risco para esas previsións deriva do conflito en Oriente Medio e do seu impacto sobre os mercados enerxéticos. A rexión concentra unha parte moi significativa do comercio mundial de petróleo e gas natural, polo que unha prolongación do conflito podería elevar de forma sostida os prezos da enerxía e reducir o crecemento económico mundial. Segundo as estimacións da OMC, de materializarse este escenario “de prezos elevados da enerxía” o crecemento do comercio mundial de mercancías podería reducirse ata o 1,4 % en 2026, mentres que o incremento do PIB mundial descendería ata o 2,5 % (cadro 1). Nun sentido contrario, a OMC anticipa que o comercio mundial tamén podería recuperarse ata o 2,4 % se o conflito é de curta duración e o investimento asociado á IA mantén a súa fortaleza. Hai que mencionar que o comercio dos produtos que facilitan a IA (exentos da maioría dos novos aranceis) representaron o 42 % da subida total do comercio mundial malia representar tan só unha sexta parte do mesmo.

No escenario de prezos altos da enerxía, os efectos serían particularmente graves para o crecemento das economías que son importadoras netas de petróleo (como Europa e, en menor medida, Asia), o que reduciría a demanda de importacións e as exportacións de todo o mundo. Mentres, as rexións exportadoras de petróleo (Oriente Medio, CEI, África) aumentarían o volume de importacións incentivado polo incremento dos ingresos por exportación. Ademais, os efectos do conflito e os prezos elevados dos combustibles serían especialmente intensos nos servizos de transporte e turismo, debido ao papel estratéxico da rexión nas conexións marítimas e aéreas internacionais, o que contribuíría a retardar o crecemento do PIB mundial.

Por outra parte, o actual bloqueio no estreito de Ormuz, ademais do importante efecto sobre o fluxo de petróleo para a economía mundial, tamén afectou de maneira determinante a subministración e o custo dos fertilizantes, dado que pasan polo estreito a terceira parte da subministración mundial, cun impacto para os produtores agrícolas e para a seguridade alimentaria.

A diferenza do observado no informe publicado pola OMC hai un ano, no que a principal preocupación era a crecente fragmentación comercial derivada do endurecemento das políticas proteccionistas, a análise da OMC para 2026 sitúa no centro do debate a capacidade das novas tecnoloxías para impulsar os intercambios internacionais e os riscos asociados á inestabilidade xeopolítica. Este cambio de enfoque non implica a desaparición das tensións comerciais, pero si reflicte que os determinantes máis inmediatos da evolución do comercio mundial son o ciclo de investimento ligado á intelixencia artificial e a evolución dos conflitos que afectan a rexións estratéxicas para o abastecemento enerxético mundial. En calquera caso, o escenario final dependerá da duración e gravidade dos conflitos, da evolución dos prezos da enerxía e da intensidade real do gasto vinculado á IA. Respecto dos aranceis, en 2026 as medidas que se están tomando son máis ben axustes, xa que os cambios de política fundamentais xa se deron anteriormente. Os economistas da OMC estiman que, na actualidade, a parte do comercio mundial que se realiza baixo o sistema da OMC, con aranceis NMF, é o 72 % do total.

Os cambios previstos na configuración da produción e do comercio mundial poden ter un impacto, máis indirecto que directo, sobre o comercio exterior galego a medio prazo, sobre todo se se consolidan novas desviacións de comercio, unha maior competencia no mercado europeo por parte de terceiros países e alteracións nas cadeas globais de valor. A retardación do crecemento da economía europea, o eventual encarecemento da enerxía e a reorientación de fluxos comerciais cara á Unión Europea poderían afectar de forma negativa as exportacións galegas. Particularmente relevante podería ser o aumento da competencia de produtores asiáticos no mercado comunitario, nun contexto no que China continúa reforzando a súa posición como principal exportador mundial. Ao mesmo tempo, a consolidación dos investimentos asociados á dixitalización e á intelixencia artificial podería xerar novas oportunidades para determinadas actividades industriais e de servizos con maior contido tecnolóxico. En todo caso, o contexto internacional segue caracterizándose por elevados niveis de incerteza, polo que a materialización destes efectos dependerá da evolución dos conflitos xeopolíticos, das políticas comerciais das principais economías e do seu carácter previsible, así como da capacidade de adaptación das empresas aos cambios nas cadeas globais de subministración.


O comercio externo galego en 2025. Trazos básicos da súa evolución con respecto ao comercio español

Despois dunha década de crecemento, que só se interrompeu pola pandemia en 2020, as exportacións galegas mostraron un estancamento en 2025, cando, tras unha leve caída interanual do 0,26 %, alcanzaron un valor nominal de 30.938,9 millóns de euros.¹ Esta evolución implica un cambio


¹ En xeral, os datos presentados son tomados da base DataComex, publicados pola Secretaría de Estado de Comercio de estatísticas de comercio exterior de mercancías de España, con datos do Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Tributaria.

importante na tendencia ascendente dos últimos anos, nos que a taxa de crecemento anual acumulada foi do 5,7 % entre 2014 e 2024. Por contra, as importacións seguiron unha dinámica positiva, cun incremento interanual do 2,18 % ata acadar os 21.364,6 millóns de euros en 2025.

O valor das exportacións non enerxéticas mantívose constante en 2025, sendo a lixeira caída nas exportacións totais consecuencia dunha redución do 6,8 % nas exportacións de produtos enerxéticos. Tamén diminuíu o valor das importacións enerxéticas (un 7 %), pero o aumento das non enerxéticas nun 4,1 % levou ao crecemento do total de importacións.



Aínda que o balance comercial segue a ser dun importante superávit (9.574 millóns de euros), a evolución do comercio exterior galego en 2025 (gráfico 1) presentou unha diminución de 536 millóns de euros fronte ao ano anterior. De novo, o superávit dos principais sectores exportadores galegos explica o saldo comercial positivo (a automoción, con 6.986,50 millóns de euros, e, cunha achega moito menor, o téxtil, con 3.902,13 millóns de euros); mentres, o sector que máis contribúe en negativo é o de combustibles (2.031 millóns de euros).



A evolución relativa das principais magnitudes do comercio exterior de Galicia e España en 2025 foi diferente á dos últimos anos, en particular para as exportacións (gráfico 2). As exportacións do conxunto de España mostraron algo máis de dinamismo que as galegas, cun incremento interanual do 0,7 %, e tamén as importacións que fixo España medraron máis, un 4,6 %. Como consecuencia do estancamento das exportacións galegas e do pequeno crecemento das españolas, o peso de Galicia no total das exportacións de España reduciuse lixeiramente (do 8,07 % en 2024 ao 7,99 % en 2025). O peso das importacións galegas no total tamén caeu, desde o 4,92 % en 2024 ao 4,81 % en 2025, debido á menor subida das importacións galegas respecto das do conxunto de España (2,3 puntos porcentuais menos).

Para ter en conta o efecto da variación nos prezos sobre os resultados do comercio exterior, mostramos a evolución do volume de comercio. A maior volatilidade no prezo dos combustibles fai que, en xeral, os resultados para este capítulo condicionen os resultados agregados (cadro 2). En 2025, as exportacións galegas baixan máis en vo-

Cadro núm. 2
Evolución, en volume, do comercio de mercancías en Galicia e España
Taxas de variación interanuais (en %)

		2021	2022	2023	2024*	2025*
Galicia						
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	7,3	-0,5	-1,5	-0,6	-3,3
	Importacións	-0,2	5,5	-24,7	12,3	-1,3
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	-31,1	62,0	-10,3	-13,1	10,6
	Importacións	17,2	46,1	-29,8	10,5	7,3
Total	Exportacións	-1,1	9,0	-3,5	-3,2	-0,7
	Importacións	4,7	18,4	-26,7	11,6	1,9
España						
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	8,0	-2,3	-6,2	1,5	-0,6
	Importacións	10,6	1,7	-3,4	3,3	2,3
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	-9,0	8,0	14,7	-7,8	-3,7
	Importacións	4,4	12,3	-7,7	-3,8	3,0
Total	Exportacións	4,6	-0,5	-2,3	-0,5	-1,2
	Importacións	7,8	6,3	-5,4	0,1	2,6

* Datos provisionais.
Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

lume que en valor e as importacións soben máis en valor que en volume, resultados normais cando se corrixen os datos pola subida dos prezos; efecto que neste ano vén explicado polo comportamento do comercio de produtos non enerxéticos. En 2025, as exportacións de combustibles medraron un 10,6 % en volume (fronte á importante redución do ano anterior), ao mesmo tempo que diminuíu o seu valor total (un 6,8 %). Do mesmo xeito, o volume de combustibles importado creceu un 7,3 %, e o valor do importado neste sector perdeu un 7 %. Os datos de ambos os fluxos están mostrando a caída nos prezos dos combustibles respecto ao ano anterior, en maior medida no caso das importacións. Isto mesmo estaría evidenciado pola variación nos índices de valor unitario (IVU) encadeados por ramas de actividade CNAE09 (Referencia 2010) que publica o IGE. O IVU das exportacións de “coquerías e refinación de petróleo” pasou de 203,7 en 2024 a 185,1 en 2025; mentres que o IVU das importacións de “extracción de cru de petróleo e gas natural” baixou de 205,1 en 2024 a 174,3 en 2025.

As diferenzas comentadas no comportamento do comercio externo de Galicia e España reflíctense nos indicadores que relacionan o desempeño do comercio co do PIB (cadro 3). Seguindo a tendencia dos últimos anos, tanto en Galicia como en España diminúe o grao de apertura comercial (suma de exportacións e importacións en relación ao PIB) en 2025 como consecuencia do maior dinamismo na produción que no comercio exterior, manténdose a maior apertura da economía galega (0,61) que da española (0,49). Tamén o peso das exportacións no PIB segue a ser maior en Galicia que en España, 13 puntos porcentuais máis, a pesar da maior caída sufrida en Galicia. Por último, e dado

Cadro núm. 3
Indicadores do comercio externo galego e español

	2021	2022	2023*	2024*	2025*
Galicia					
Taxa de cobertura (%)	120,2	109,0	143,2	148,4	144,8
Grao de apertura	0,68	0,79	0,66	0,64	0,61
% exportacións no PIB	37,39	41,02	39,07	38,11	35,98
España					
Taxa de cobertura (%)	90,9	84,4	90,6	90,5	87,2
Grao de apertura	0,54	0,62	0,54	0,51	0,49
% exportacións no PIB	25,48	28,17	25,64	24,11	22,94

* Datos de 2023 provisionais, datos de 2024 e 2025 avance
Fonte: DataComex (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo), *Contabilidad Nacional Trimestral de España. Revisión Estadística 2024* (INE) e *Contas económicas trimestrais. Revisión Estadística 2024* (IGE).

que as importacións aumentaron en 2025 máis que as exportacións, a taxa de cobertura (porcentaxe das importacións que poden pagarse co valor das exportacións) baixa tanto en España como en Galicia, pero manténdose a gran diferenza entre unha economía con déficit como a española (as exportacións financian o 87,2 % das importacións) e a economía galega con superávit (as exportacións poden financiar o 144,8 % do que se importa).


Respecto do resto de comunidades autónomas, Galicia conserva en 2025 o quinto posto no ránking exportador (por diante do País Vasco que, un ano máis, mostra unha caída interanual das súas exportacións) e o sexto no de importadores, por detrás do País Vasco. As dúas presentan un ano máis un saldo comercial positivo, sendo de novo Galicia a comunidade española cun maior superávit comercial.

As comunidades autónomas que ocupan as catro primeiras posicións nas clasificacións do comercio exterior de España son as mesmas que no ano anterior: Cataluña (que concentra en torno ao 26 % das exportacións e das importacións totais); Madrid (co 13,8 % das exportacións de España, un punto porcentual máis que o ano anterior, e co 24,2 % das importacións, sendo esta a comunidade con maior déficit comercial que, ademais, sobe un 16 % respecto ao do ano anterior); Andalucía (co 10,4 % das exportacións e co 9 % das importacións totais), e a C. Valenciana (co 9,7 % das exportacións e co 8,4 % das importacións de España).

Evolución dos principais grupos arancelarios

Un ano máis as exportacións galegas están lideradas en 2025 polo grupo de material de transporte, seguido por materias téxtiles e confección. En conxunto, os dous supoñen o 53 % das exportacións (29,8 % e 23,3 %, respectivamente), reforzando lixeiramente o peso que xa tiñan no ano anterior. Mantense, polo tanto, o elevado grao de concentración sustentado nestes dous grandes sectores da economía galega. O terceiro posto no ránking exportador segue ocupado polo grupo de

Gráfico 3
Participación dos principais grupos arancelarios
nas exportacións e importacións galegas



animais, peixes e moluscos, leite e ovos, que incrementa a súa participación ata o 8,4 %, consolidando a súa relevancia dentro do modelo exportador galego.

A estrutura das exportacións galegas vén caracterizándose por unha notable estabilidade, mentres que a das importacións presenta máis variabilidade (gráfico 3), o que indica unha maior sensibilidade destas últimas á evolución da demanda interna e á de determinados mercados internacionais. En 2025, minerais e combustibles minerais continúa como o principal grupo importador, malia reducir o seu peso relativo ata o 16,4 % tras unha diminución interanual do 7 %. Ségueno en importancia os grupos de materias téxtiles e confección; e animais, peixes e moluscos, que aumentan a súa participación, especialmente este último.

Centrándonos nos grupos que superan os mil millóns de euros de exportacións, estes son en 2025 os mesmos oito que en anos anteriores (cadro 4). Ademais, estes grupos tamén son os que mostran o maior valor das importacións.

Polo lado das exportacións, os oito principais grupos presentan unha certa heteroxeneidade, mais, en xeral, unha dinámica máis moderada que no ano anterior. Destaca a subida de animais, peixes e moluscos (3,5 %), metais e as súas manufacturas (3,6 %) e produtos de alimentación (8,9 %); mentres que outros grupos relevantes experimentan retrocesos, como: caldeiras, maquinaria e material eléctrico (-9,7 %) e minerais e combustibles (-5,5 %). O grupo téxtil mantén unha dinámica positiva, pero moderada (1 %), consolidando a recuperación iniciada o ano anterior.

No caso das importacións, a dinámica é tamén heteroxénea, aínda que cun maior dinamismo global. Sobresaen os incrementos en material de transporte (22,5 %), produtos químicos (19,2 %) e animais, peixes e moluscos (13,8 %). Pola contra, baixan nun 7 % as importacións en minerais e combustibles ou téxtil e confección (nun 0,7 %), o que contribúe a moderar o crecemento total das importacións.

Estas diferenzas na evolución do comercio exterior dos distintos grupos provocan cambios na súa posición relativa na clasificación e afectan á taxa de cobertura de cada un.

Cadro núm. 4
Estrutura do comercio exterior de Galicia por grupos arancelarios en 2025*

Capítulos	Grupos	Produtos	Exportacións			Importacións			Taxa de cobertura (%)	Índice de vantaxe comparativa revelada
			Millóns de euros	%	TVI (%) 2025-2024	Millóns de euros	%	TVI (%) 2025-2024		
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	2.601,8	8,4	3,5	3.067,5	14,4	13,8	84,8	-8,2
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	306,2	1,0	-5,4	501,4	2,3	-3,1	61,1	-24,2
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	170,1	0,5	-15,1	296,6	1,4	-33,4	57,4	-27,1
16/24	IV	Produtos de alimentación	1.528,9	4,9	8,9	1.438,3	6,7	-1,9	106,3	3,1
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	1.481,2	4,8	-5,5	3.512,0	16,4	-7,0	42,2	-40,7
28/38	VI	Produtos químicos	1.206,4	3,9	3,5	630,2	2,9	19,2	191,4	31,4
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	475,0	1,5	6,8	568,9	2,7	0,5	83,5	-9,0
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	262,8	0,8	4,6	92,1	0,4	4,5	285,3	48,1
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	668,0	2,2	4,1	201,3	0,9	3,6	331,9	53,7
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	313,4	1,0	-16,7	227,3	1,1	-1,5	137,8	15,9
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	7.216,2	23,3	1,0	3.314,0	15,5	-0,7	217,7	37,1
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	559,4	1,8	4,4	216,4	1,0	-1,7	258,5	44,2
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	432,1	1,4	-6,3	153,4	0,7	32,4	281,7	47,6
71	XIV	Xoiería	29,6	0,1	0,8	36,8	0,2	-3,6	80,4	-10,9
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.858,1	6,0	3,6	2.181,9	10,2	2,6	85,2	-8,0
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	1.632,4	5,3	-9,7	2.098,7	9,8	-2,6	77,8	-12,5
86/89	XVII	Material de transporte	9.207,7	29,8	1,8	2.221,2	10,4	22,5	414,5	61,1
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	92,6	0,3	17,1	211,7	1,0	-10,7	43,7	-39,2
93	XIX	Armas	1,0	0,0	40,7	0,2	0,0	-49,8	612,5	71,9
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	515,8	1,7	3,0	367,0	1,7	12,8	140,5	16,9
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	0,5	0,0	-13,3	7,4	0,0	-46,6	6,3	-88,1
98-99		Non clasificados	380,0	1,2	-48,2	20,3	0,1	-0,1	1.873,8	89,9
Total			30.938,9	100,0	-0,26	21.364,6	100,0	2,18	144,8	18,3

Datos provisionais.
Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En 2025, a taxa de cobertura do conxunto do comercio exterior galego sitúase no 144, 8 %, por debaixo da do ano anterior, como xa se indicou. Para os principais oito grupos arancelarios, a metade amosan unha caída na súa taxa de cobertura, en particular material de transporte, cunha redución do 16,9 % respecto ao ano anterior debido ao notable aumento das súas importacións. Malia esta diminución, este grupo segue a liderar o ránking de maior taxa de cobertura, só por detrás do de armas que, en 2025, presenta unha taxa de cobertura do 612,5 %, ante o enorme incremento das súas exportacións, aínda que a nivel agregado segue a ser un sector irrelevante no comercio galego. A outra metade dos principais grupos reflicten unha mellora da súa taxa de cobertura, en concreto o de produtos da alimentación e, tamén, o de materiais téxtiles e confección, que manteñen unha taxa de cobertura moi elevada. Os outros dous grupos que tradicionalmente tiñan as maiores taxas de cobertura son: madeira e as súas manufacturas, cunha lixeira subida interanual tras un crecemento maior para as exportacións (4,15 %) que para as importacións (3,6 %); e pedra natural, cemento, cerámica e vidro, que continúa reducindo a súa taxa de cobertura tras unha nova caída das exportacións (nun 6,3 %) e un destacado aumento das importacións (32,4 %).

O grupo arancelario **material de transporte** incrementou en 2025 o valor das súas exportacións nun 1,8 %, menos que en anos anteriores, pero que o leva a concentrar o 29,8 % do total das exportacións galegas. Este grupo está formado case na súa totalidade (98,7 %) polo capítulo de vehículos automóbiles, que tivo unha subida interanual do 3,1 % nas súas exportacións e no que Galicia acapara o 16,7 % das exportacións de España. Os capítulos de aeronaves e de material ferroviario seguen a

ser insignificantes, mentres que o de barcos e embarcacións experimentou unha forte redución interanual do 55,6 %, ata representar tan só o 0,96 % do total do grupo arancelario, fronte a un 2,2 % do ano anterior.

En contraste coa caída dos últimos anos, as importacións do grupo arancelario creceron un 22,5 % en 2025, pasando este do sexto ao cuarto posto do ránking importador. A ese aumento contribuíu o principal capítulo, o de vehículos automóbiles, que absorbe o 94,2 % do total do grupo e viu medrar as súas importacións nun 17,3 %; pero tamén os capítulos de barcos e embarcacións, que incrementou as importacións nun 192 %, e o de aeronaves que, tras unha subida interanual do 634 %, concentra o 3,9 % das importacións do grupo arancelario.

Dentro do capítulo de automóbiles, as principais partidas seguen sendo a de automóbiles de turismo e a de vehículos para o transporte de mercancías, cunha dinámica contraria nos últimos dous anos. As exportacións de vehículos de turismo medraron un 4,6 % en 2025, pasando a supoñer o 63,8 % das exportacións do capítulo, mentres que as de vehículos de mercancías diminuíron un 2,1 %, un 25,1 % do capítulo (fronte ao 32,2 % en 2023). Tamén subiron as exportacións da terceira partida en importancia, partes e accesorios, que representa o 9,7 % do total do capítulo tras un crecemento interanual do 5,7 %.

Polo lado das importacións, a principal partida, partes e accesorios, que concentra o 40,4 % do capítulo, aumentou as importacións nun 14,8 %. As outras dúas partidas relevantes, en conxunto o 52,3 % do capítulo, tamén contribuíron a este crecemento: os automóbiles de turismo incrementaron as importacións nun 17,7 % (fronte á caída do 46 % do ano anterior) e as importacións de vehículos de transporte fixérono nun 18,5 %.

O saldo do capítulo de automoción mantense en torno aos 7.000 millóns de euros, o que representa o 73 % do superávit total de Galicia, e a taxa de cobertura desde capítulo, aínda que se reduciu un pouco, está no 434 % en 2025.

O grupo de **materias téxtiles e confección** continúa como segundo en importancia exportadora e importadora, cun comportamento máis moderado en 2025 que o do ano anterior: as exportacións medran levemente (0,95 %), mentres que as importacións caeron un 0,67 %. O saldo comercial deste grupo, que segue mostrando un forte carácter exportador, ascendeu ata os 3.900 millóns de euros e a taxa de cobertura mellorou ata o 218 %. O comercio exterior desde grupo está concentrado nos capítulos de pezas de vestir de punto e non de punto que, en conxunto, significan o 88,5 % das exportacións e o 75,7 % das importacións do grupo. Para estes capítulos, Galicia acapara o 45 % do total de exportacións de España. As exportacións de pezas de vestir de punto subiron un 2,9 % en 2025 e as de pezas de vestir non de punto un 0,7 %. Para as importacións a evolución foi diferente: as importacións de pezas de vestir non de punto aumentaron un 1,6 %, pero as de punto caeron un 3,3 %, o que explica a diminución das importacións do grupo.

O peso de Galicia nas exportacións de pezas de vestir é moi elevado: o 42,8 % das pezas de vestir de punto e o 47,6 % das de non de punto que exporta España faise desde Galicia. Esa porcentaxe é moi superior á do principal capítulo exportador galego, a automoción, para o que Galicia representa o 16,7 % das exportacións españolas. A importancia relativa do comercio exterior da confección galega só é superada polo capítulo de pesca, para o que Galicia significa o 46,9 % das exportacións de 2025. Evidentemente, o enorme peso do grupo Inditex no sector do téxtil mundial explica estes resultados.

O grupo **animais, peixes e moluscos, leite e ovos** é, un ano máis, o terceiro en relevancia no comercio exterior galego, concentrando o 8,4 % das exportacións e o 14,4 % das importacións totais. A dinámica foi positiva en ambas as vertentes do comercio, cun incremento interanual do 3,5 % para as exportacións e do 13,7 % para as importacións. Esta evolución provocou un aumento moi notable no déficit comercial do grupo, que ascendeu en 2025 a 465 millóns de euros. Os datos do grupo arancelario responden, sobre todo, ao capítulo de pescado, crustáceos e moluscos, xa que absorbe

o 74,5 % das exportacións e o 90,3 % das importacións do grupo. O comportamento do resto de capítulos do grupo non foi parello para exportacións e importacións: mentres que todos contribuíron en positivo ás importacións; polo lado das exportacións a subida das exportacións de pesca compenso, en parte, a caída de produtos lácteos e ovos que, despois dunha redución interanual do 21,7 %, concentrou en 2025 o 8,8 % das exportacións do grupo arancelario. Con todo, o capítulo de produtos lácteos e o de cárnicos mantén un saldo comercial positivo que contrarresta, en parte, o crecente déficit de pesca (832 millóns de euros en 2025).

O grupo de **minerais e combustibles minerais** mantense en 2025 como principal grupo importador de Galicia, malia que reducindo o seu peso relativo ata o 16,4 % do total tras unha caída das súas importacións nun 7 %. Pola súa banda, o valor das exportacións do grupo (que representan só o 4,8 % do total galego) tamén descendeu en 2025, cunha diminución do 5,5 %, baixando este grupo ao sétimo posto no ránking de exportadores. O comportamento do grupo explícase fundamentalmente pola evolución do capítulo de combustibles, que concentra o 90,3 % das exportacións e o 95,6 % das importacións, nun contexto de menores prezos enerxéticos.

As importacións de combustibles corresponden sobre todo a cru de petróleo. O valor das importacións desta partida rexistrou unha caída interanual do 15,4 %, absorbendo o 73,6 % do valor total das importacións do capítulo en 2025. Aínda que a considerable distancia, as importacións de gas seguen gañando peso relativo, e supoñen xa o 16,6 % do total, tras unha subida interanual do 34 %.

A moderación dos prezos da enerxía explica a diverxencia entre a evolución en valor e en volume. Así, fronte á diminución do 7 % no valor das importacións, o volume de combustibles importado medrou un 7,3 %, debido principalmente ao incremento das importacións de gas (+28,7 %), xa que as de cru permaneceron case estables (-0,4 %).

En canto ás exportacións do capítulo de combustibles, estas baixaron en valor (-6,8 %) e subiron en volume (+10,6 %). A pesar de que as exportacións de refinados de petróleo (que concentran o 82 % do capítulo) aumentaron o seu valor nun 7,6 % en 2025; este dato non compensou a redución á metade na exportación de gas e a case desaparición das exportacións de cru respecto do ano anterior. En termos de volume, o incremento das exportacións do capítulo de combustibles débese ao crecemento das exportacións de refinados de petróleo nun 28,8 %.

Dada a forte dependencia do exterior en produtos enerxéticos, este sector continua sendo o principal responsable do déficit comercial galego, cun saldo comercial negativo de 2.031 millóns de euros.

O grupo **caldeiras, maquinaria e material eléctrico** mostrou unha evolución negativa, cunha caída do 9,7 % en exportacións e de 2,6 % en importacións. Así, o seu peso relativo baixou en 2025 ata o quinto posto no ránking exportador e o sexto no importador.

Despois de dous anos cunha dinámica positiva, á redución interanual das exportacións deste grupo no último ano contribuíron tanto o capítulo de máquinas e aparellos mecánicos (-11,3 %) como o de aparellos e material eléctrico (-6,3 %). Por contra, a caída das importacións do grupo responde á diminución das compras ao exterior de aparellos e material eléctrico nun 11,8 %, que se suma ao importante descenso experimentado o ano anterior; mentres, as importacións de máquinas e aparellos mecánicos mostraron un incremento interanual do 9,2 %. En canto ás importacións de material eléctrico, a caída nun 40,3 % das importacións de acumuladores eléctricos é a que leva aos resultados vistos e, sumada á do ano anterior (62,9 %), sitúa as importacións desta partida en niveis de 2021.

O grupo **metais e as súas manufacturas e ferramentas** mostrou unha dinámica positiva en 2025, con subidas interanuais de 3,6 % nas exportacións e de 2,6 % nas importacións. Esta evolución permitiu que o grupo recuperase a cuarta posición en relevancia como exportador e manter a quinta posición como importador.

Ao resultado positivo das exportacións do grupo contribúe o capítulo de manufacturas de fundición de ferro, cun incremento interanual do 64,5 % (despois dunha importante caída o ano anterior). O seu comportamento favorable compensou a variación en negativo do capítulo de alumínio e as súas manufacturas (-14,3 %) e de fundicións de ferro e aceiro (-8,7 %), que elevou o seu déficit comercial ata os 635 millóns de euros, mantendo o saldo comercial do grupo en negativo.

Polo lado das importacións, os tres grandes capítulos contribuíron positivamente ao resultado de 2025 con crecementos interanuais: fundicións de ferro e aceiro (3,4 %), manufacturas de fundición de ferro (6,2 %) e alumino e as súas manufacturas (1,6 %). Os tres seguen supoñendo o 88 % do total de exportacións do grupo, malia que o seu peso relativo vai mudando cada ano, e o 90 % das importacións.

O grupo arancelario de **produtos da alimentación** sobe en 2025 un 8,9 % as súas exportacións e ocupa o sexto lugar na clasificación exportadora galega, un posto máis que o ano anterior, concentrando o 4,9 % do total de exportacións galegas. As importacións, nas que se mantén sétimo, tiveron unha caída do 1,85 % e significan o 6,7 % do total galego. Con esa evolución, o saldo comercial é de superávit e a taxa de cobertura volve superar o 100 %.

Á dinámica exportadora positiva contribúen os dous capítulos con maior peso no grupo: as conservas (que acaparan o 72 % do grupo), cun incremento interanual do 9,2 %, e as bebidas (que supoñen o 14 % do grupo) e volven a positivo, cun crecemento interanual do 8,1 %.

A caída das importacións do grupo explícase, sobre todo, polo capítulo de residuos da industria de alimentación, que absorben o 25,3 % do total do grupo e reduciron as compras ao exterior un 22,4 %. O principal capítulo, o das conservas, aumentou as importacións nun 7,4 % e xa concentra o 65,5 % do total do grupo. Como é sabido, este capítulo está composto case na súa totalidade polas conservas de peixe e, en concreto, polas de atún e bonito.

Finalmente, o grupo arancelario de **produtos químicos**, o oitavo no ránking de exportacións e importacións galegas, supón o 3,9 % das exportacións e o 3 % das importacións. O grupo mostrou unha recuperación en 2025, cun crecemento interanual dun 3,5 % nas exportacións e dun 19,2 % nas importacións, o que empeora un pouco o saldo deste grupo (que segue en superávit, 576 millóns de euros).

Dous dos principais capítulos exportadores do grupo contribuíron en positivo ao resultado: aceites esenciais e perfumes (que significa o 29,3 % do grupo), cunha subida interanual do 12,5 %, e produtos químicos inorgánicos, cun 13,8 % máis. Os seus resultados positivos máis que compensaron a caída nas exportacións do capítulo outros produtos químicos, que foi do 23,3 %, debido á redución dun 61,8 % das exportacións de biodiésel; e que non contrarrestou o aumento interanual do 15,4 % nas vendas ao exterior de insecticidas, a súa principal partida co 66,6 % do total.

Ao incremento das importacións do grupo contribúen case todos os sectores con certo peso, en particular o de abonos (cunha subida interanual dun 33 %) nun contexto de alzas de prezos neste sector.


Evolución dos índices de comercio exterior

Para afondar na análise do comercio exterior de Galicia, ademais das variables xa comentadas, podemos mostrar a evolución de diferentes indicadores que caracterizan o comercio exterior dun territorio.

O **índice de vantaxe comparativa revelada (VCR)**² sinala as vantaxes ou desvantaxes relativas dun territorio respecto dos seus socios comerciais. Galicia conserva a vantaxe comparativa (especialización exportadora) nos dous principais grupos (cadro 4). Material de transporte é o grupo arancelario que presenta a maior vantaxe comparativa, aínda que esta diminuíu respecto ao ano anterior debido ao maior incremento das importacións que das exportacións. A especialización exportadora do grupo é claramente en vehículos de turismo e, en menor medida, en vehículos de transporte. Tamén se mantén a vantaxe comparativa no grupo de téxtiles e confección, que aumentou lixeiramente respecto ao ano anterior. Ademais, Galicia mostra vantaxe comparativa noutros grupos que non forman parte dos oito con exportacións superiores aos mil millóns de euros, malia que teñen certa relevancia no comercio exterior: madeira; calzado, paraugas e sombreiros; produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro (que reduce o valor do índice respecto ao ano anterior); e peles, coiros e as súas manufacturas.

Como é de esperar, Galicia mantén a desvantaxe comparativa (especialización importadora) en minerais e combustibles.

Se o valor do índice de VCR non indica nin vantaxe nin desvantaxe, debemos considerar que a situación é de comercio intraindustrial. Estarían nese caso cinco dos oito grupos arancelarios con exportacións superiores ao millón de euros: animais, peixes e moluscos, leite e ovos; caldeiras, maquinaria e material eléctrico; metais e as súas manufacturas; produtos de alimentación e, de igual xeito, produtos químicos, que perdeu a vantaxe comparativa que mostraba os últimos anos debido ao moito maior incremento interanual das importacións que das exportacións en 2025.




Non obstante, para determinar se o comercio é de tipo inter ou intraindustrial debemos considerar unha maior desagregación que os 21 grupos arancelarios, para evitar a compensación que poida darse entre capítulos dentro de cada grupo. Por tanto, calculamos o **índice de comercio intraindustrial** de Grubel e Lloyd (CII)³, considerando os datos de comercio exterior dos 98 capítulos da clasificación arancelaria TARIC. En 2025, o valor deste índice subiu de 0,58 a 0,61 (gráfico 4). A menor especialización exportadora do sector de au-

tomoción e do sector químico en 2025, xa comentada, explica en boa medida o aumento do CII para o total do comercio exterior galego ata o 61 %; porcentaxe aínda moito menor que para o conxunto do comercio español que é do 77 %.

Os valores que toma o índice de CII para cada capítulo amosan que a porcentaxe de comercio intraindustrial é moito maior nalgúns dos sectores relevantes do comercio exterior galego. O índice é superior ao 80 % para os capítulos de pescados, crustáceos e moluscos; e manufacturas de fundición de ferro. E supera o 90 % en máquinas e aparellos mecánicos; conservas; e aluminio e as súas manufacturas.

² A versión máis simple deste índice vén dada por $VCR_{it} = \frac{X_{jt} - M_{jt}}{X_{jt} + M_{jt}} \times 100$, sendo X_{jt} e M_{jt} , respectivamente, o valor das exportacións e das importacións de Galicia para o grupo j no ano t . O índice toma valores entre -100 e 100.

³ Para cada capítulo i , vén dado por $CII_{it} = 1 - \frac{|X_{it} - M_{it}|}{(X_{it} + M_{it})}$ e para o total do comercio exterior galego vén dado por $CII_t = 1 - \frac{\sum_{i=1}^{98} |X_{it} - M_{it}|}{\sum_{i=1}^{98} (X_{it} + M_{it})} \times 100$. O índice toma valores entre 0 (o total do comercio é de tipo interindustrial) e 1 (o total do comercio é de tipo intraindustrial).



Outro indicador de interese na análise do comercio exterior é a evolución do grao de concentración das exportacións e as importacións que podemos mostrar a través de diferentes **índices de concentración**.

A *ratio* de concentración C3, que reflicte a porcentaxe de comercio que corresponde aos principais capítulos, incrementa o seu valor en 2025 indicando unha maior concentración do comercio. Para as exportacións, os tres principais capítulos

absorben en 2025 o 50 % do total, fronte ao 48,7 % en 2024; no caso das importacións, o valor do índice pasa do 37,6 % ao 38,5 %.

O índice de Herfindhal-Hirschman (IHH), que normalizamos para que tome valores entre 0 e 1, ten en conta os 98 capítulos TARIC. Segundo a interpretación convencional, un valor do índice menor a 0,1 considérase unha concentración baixa e un valor superior a 0,18, alta. Os valores deste índice (gráfico 5) mostran que as importacións galegas están diversificadas, e cada ano medra a diversificación, caendo o IHHN en 2025 de 0,061 a 0,060. En canto ás exportacións, o grao de concentración é baixo, pero crece nos últimos anos, pasando en 2025 de 0,10 a 0,11; con todo, moi lonxe do que pode considerarse unha situación de concentración.

Nivel tecnolóxico dos bens que se comercian

Un indicador relevante do desempeño do comercio exterior é a intensidade tecnolóxica dos bens que se intercambian. Como xa se comentou en *Informes* anteriores, para ter en conta a intensidade tecnolóxica a clasificación dos produtos non pode ser a arancelaria (TARIC), senón que debe seguir o criterio da orixe deses produtos, agrupándoos en función da actividade económica da que proceden. Por ese motivo, tomamos os datos de comercio exterior segundo a CPA (clasificación de produtos por actividade), que, seguindo a metodoloxía de Eurostat, asocia a cada produto a intensidade tecnolóxica do sector do que provén. Esta clasificación está relacionada coa NACE Rev2, coa que comparte unha estrutura moi similar.

Empregando os datos de comercio da CPA cunha desagregación a tres díxitos e, seguindo a proposta de Eurostat, xuntamos os produtos en catro grupos por nivel de intensidade tecnolóxica (alta, media-alta, media-baixa e baixa) (cadro 5).

As exportacións galegas de produtos de intensidade tecnolóxica alta continuaron medrando en 2025, pero en menor medida que o ano anterior (un 6,4 % fronte ao 30 % de 2024). Aínda que crece a participación deste tipo de produtos no total, a porcentaxe en Galicia (1,5 %) segue moi lonxe do dato para España, que en 2025 alcanzou o 10,5 %, despois dunha subida interanual do 8 %. O aumento das importacións deste tipo de produtos foi moi superior ao das exportacións, malia que inferior ao do ano anterior (15,7 % fronte ao 44 % de 2024), concentrando en 2025 o 3,3 % do total de importacións. Este é o único dos catro grupos nos que Galicia presenta un déficit comercial, que en 2025 ascendeu a 116 millóns de euros. O capítulo máis dinámico neste grupo, e que explica os resultados comentados, é o de menor peso relativo, o da aeronáutica, que incrementou as súas exportacións nun 13,7 % e as importacións nun 478 %, pasando do 3 % ao 15,5 % do total de importacións de intensidade tecnolóxica alta.

Para os produtos de intensidade tecnolóxica media-alta, o crecemento interanual das exportacións en 2025 foi do 1,9 % e para as importacións do 9,7 %. Tras estas subas, o grupo supón o 39,7 % do total de exportacións e o 29,1 % das importacións galegas. Este grupo inclúe capítulos relevantes

Cadro núm. 5

Evolución do comercio exterior en Galicia de produtos da industria manufactureira por nivel tecnolóxico
(en millóns de euros)

Nivel tecnolóxico	Denominación	Exportacións				Importacións			
		2008	2019	2024*	2025*	2008	2019	2024*	2025*
Alto	21 Fabricación de produtos farmacéuticos	82,6	51,1	127,4	136,2	395,0	37,8	65,9	63,5
	26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	52,9	126,8	267,4	282,1	188,6	199,9	406,9	413,3
	303 Construción aeronáutica e espacial	0,4	8,6	26,0	29,6	2,3	10,9	15,2	87,7
	Total do nivel tecnolóxico alto	135,8	186,5	420,8	447,9	585,9	248,6	488,0	564,5
	% sobre o total	0,9	0,8	1,4	1,5	5,0	1,5	3,0	3,3
Medio-alto	20 Industria química	328,7	822,5	1.121,9	1.182,0	542,2	710,2	765,1	870,9
	254 Fabricación de armas e munições	1,3	0,2	0,7	1,0	0,6	5,8	0,3	0,2
	27 Fabricación de material e equipo eléctrico	661,2	629,4	446,3	402,7	482,9	296,2	785,0	602,3
	28 Fabricación de maquinaria e equipo	335,6	611,8	1.131,8	997,7	514,7	827,1	924,9	1.008,7
	29 Fabricación de vehículos de motor	5.821,2	5.077,6	8.859,6	9.190,2	2.604,8	5.869,3	2.033,1	2.474,5
	302 Fabricación de locomotoras e material ferroviario	0,1	0,9	0,3	0,7	3,7	0,4	1,8	1,7
	304 Fabricación de vehículos militares	0,0	1,1	2,3	5,1	0,0	4,4	4,5	8,1
	309 Fabricación doutro material de transporte	5,8	2,5	4,6	3,6	21,7	10,1	16,8	13,7
	325 Fabricación de instrumentos e subministracións médicos e odontolóxicos	4,2	105,6	19,2	20,9	8,7	87,0	50,7	48,1
	Total do nivel tecnolóxico medio-alto	7.158,2	7.251,5	11.586,6	11.803,9	4.179,3	7.810,6	4.582,2	5.028,2
Medio-baixo	% sobre o total	48,1	33,8	39,5	39,7	35,7	47,8	27,7	29,1
	182 Reprodución de soportes gravados	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	19 Coquerías e refino de petróleo	548,6	1.366,0	1.291,6	1.312,8	630,6	460,1	273,7	281,5
	22 Fabricación de produtos de caucho e plástico	118,0	185,5	399,0	424,2	198,4	225,3	335,0	348,8
	23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	337,0	474,7	527,9	491,7	149,7	95,9	136,3	174,7
	24 Metalurxia; produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	970,1	1.080,7	1.299,1	1.151,4	1.374,4	1.155,4	1.506,8	1.534,8
	25 Fabricación de produtos metálicos excepto maquinaria e equipo (agás 254)	201,9	342,1	539,2	768,7	265,0	369,5	485,2	522,3
	301 Construción naval	164,4	248,5	197,1	87,5	57,9	26,2	13,3	38,8
	33 Reparación e instalación de maquinaria e equipo	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Total do nivel tecnolóxico medio-baixo	2.340,0	3.697,6	4.254,0	4.236,3	2.676,1	2.332,4	2.750,3	2.900,8
Baixo	% sobre o total	15,7	17,2	14,5	14,3	22,9	14,3	16,6	16,8
	10 Industria da alimentación	1.580,2	2.671,2	3.709,2	3.845,3	1.720,2	3.042,6	4.298,8	4.507,6
	11 Fabricación de bebidas	31,7	70,9	116,3	110,7	12,4	23,7	42,0	28,8
	12 Industria do tabaco	0,2	3,1	2,7	2,5	0,0	0,0	0,0	0,0
	13 Industria téxtil	303,0	574,5	867,1	832,2	405,3	532,3	811,8	806,0
	14 Confeción de pezas de vestir	2.288,5	5.332,4	6.344,0	6.460,5	1.387,2	1.510,2	2.549,9	2.537,0
	15 Industria do coiro e do calzado	267,9	589,8	698,8	727,1	70,7	214,3	259,2	260,3
	16 Industria da madeira e da cortiza	332,8	396,1	516,8	529,0	266,3	105,8	170,8	177,6
	17 Industria do papel	303,2	317,2	362,2	300,6	166,1	218,1	224,8	221,6
	181 Artes gráficas	0,8	0,2	0,5	0,3	0,1	0,1	0,2	0,6
	31 Fabricación de mobles	71,0	196,1	318,3	270,2	171,6	149,9	209,6	121,4
	32 Outras industrias manufactureiras (agás 325)	66,1	197,2	149,8	146,7	56,1	145,6	148,9	148,8
	Total do nivel tecnolóxico baixo	5.245,3	10.348,7	13.085,7	13.225,0	4.256,0	5.942,6	8.716,1	8.809,5
Total	% sobre o total	35,3	48,2	44,6	44,5	36,4	36,4	52,7	50,9
		14.879,3	21.484,3	29.347,1	29.713,1	11.697,2	16.334,2	16.536,6	17.303,0

* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

para o comercio exterior galego, como fabricación de maquinaria e equipo; fabricación de equipo eléctrico; industria química, e sobre todo, fabricación de vehículos. Este último significa o 78 % das exportacións do grupo e case o 50 % das importacións e, polo tanto, condiciona cos seus resultados (xa mostrados) os do conxunto deste tipo de produtos.

Os produtos de intensidade tecnolóxica media-baixa concentraron en 2025 o 14,3 % do total de exportacións, algo menos que o ano anterior, despois dunha leve redución interanual do 0,4 %. A ese dato contribuíu, sobre todo, a caída do 11,4 % nas exportacións do sector da metalurxia, que equivale ao 27,2 % do total das exportacións deste grupo. As importacións, que acaparan o 16,8 % do total das importacións de Galicia, medraron un 5,5 % en 2025; fundamentalmente polo incremento nas importacións de produtos da metalurxia (1,8 %), que supón o 53 % das importacións do grupo.

Para os produtos de intensidade baixa, as exportacións subiron un 1,2 % en 2025 e constitúen o 44,5 % do total. As importacións deste grupo creceron un 1,1 %, caendo o seu peso relativo ao 50,9 %. Sería, por tanto, este o grupo no que maioritariamente se concentra o comercio exterior galego. Unha situación moi diferente é a que se dá no conxunto de España, onde este grupo significa o 24,3


% do total de exportacións e o 25,7 % das importacións. O elevado peso dos sectores da alimentación e téxtil no comercio galego, respecto do que acontece en España, estaría detrás desta diferenza.

Podemos concluír que os produtos de intensidade tecnolóxica media son os que presentan un maior peso (54 %) nas exportacións galegas; un ano máis mostrando un leve aumento dos produtos de tecnoloxía media-alta e unha pequena redución nos de tecnoloxía media-baixa. Tamén é este o grupo de produtos nos que se concentra o comercio exterior de España, xa que o 59 % das exportacións corresponden a bens con intensidade tecnolóxica media. Porén, a participación relativa dos dous subgrupos é diferente: a porcentaxe das exportacións de intensidade tecnolóxica media-alta é maior en Galicia, mentres que a porcentaxe das exportacións de intensidade tecnolóxica media-baixa é superior en España; o elevado peso do sector do automóbil no caso galego explicaría o resultado.

Destino e orixe do comercio exterior galego en 2025

As exportacións galegas seguen mostrando en 2025 unha elevada concentración xeográfica en Europa, a onde se dirixe o 82 % do total. Dentro de Europa mantense a reorientación dos últimos anos: os países da zona euro son o principal destino das exportacións, pero baixando a súa participación do 62 ao 60 %, mentres que medra o peso relativo dos países do resto da UE-27 (do 9 ao 10 %) e dos europeos non comunitarios (do 11 ao 12 %). A dinámica é similar para o conxunto de España, que tamén dirixe a maior parte das súas exportacións a Europa (72 %) e en particular á zona euro, malia que nunha porcentaxe bastante inferior a Galicia. Respecto do resto de áreas xeográficas, aumentaron de novo as exportacións galegas a África, que xa supoñen o 6,9 % do total, e a Asia (3,6 % do total); pola contra diminuíron a América, caendo a súa participación ao 6,2 %, por debaixo xa de África (gráfico 6).

O diferente peso dos destinos europeos no comercio exterior de Galicia e España fai que a participación de Galicia no total de exportacións de España siga sendo superior para a zona euro (9 %) e, sobre todo, para o resto da UE-27 (10,7 %) que a nivel agregado (un 8 %, como xa se sinalou). Tamén África ten máis peso nas exportacións galegas que nas españolas, mentres que ocorre o contrario



Cadro núm. 6

Evolución do comercio exterior en Galicia e España (en millóns de euros)

	Exportacións					Importacións				
	2021	2022	2023	2024	2025*	2021	2022	2023	2024	2025*
Galicia										
Eurozona ¹	14.689,6	18.497,5	18.509,3	19.167,9	18.602,8	9.770,0	11.148,4	7.373,6	6.729,7	7.015,3
Resto UE-27	2.090,7	2.639,8	2.744,4	2.784,4	2.965,9	596,7	1.012,5	779,8	595,1	699,3
Resto de Europa	2.532,5	2.716,7	3.210,1	3.404,0	3.816,0	1.460,2	1.906,8	1.906,1	1.994,9	1.791,5
África	1.487,5	1.595,3	1.752,2	2.021,4	2.140,6	2.262,5	3.076,4	2.775,8	2.976,0	3.062,8
América	1.765,0	2.034,5	2.226,3	2.181,3	1.931,5	3.286,4	5.035,5	3.563,9	4.402,6	4.430,7
Asia	1.079,5	1.417,1	1.219,6	1.074,2	1.115,7	2.592,2	4.374,8	4.394,5	3.982,1	4.172,3
Oceanía	331,4	44,0	44,6	77,8	58,5	97,4	152,0	87,9	137,4	114,4
Sen determinar	233,1	341,1	383,2	309,0	307,9	67,6	165,5	130,5	92,0	78,3
Total	24.209,4	29.286,2	30.089,7	31.019,9	30.938,9	20.133,0	26.871,6	21.012,1	20.909,8	21.364,6
España										
Eurozona	170.626,3	213.539,4	209.205,1	206.237,1	206.057,3	147.421,5	174.075,1	175.727,4	175.419,8	186.920,8
Resto UE-27	20.612,3	24.360,7	25.353,6	26.221,8	27.680,7	21.890,1	28.003,7	28.730,4	28.109,5	29.113,9
Resto de Europa	37.419,5	42.479,1	44.794,2	45.695,0	46.877,6	35.608,3	41.097,2	33.653,1	32.733,1	31.917,1
África	18.509,2	21.137,2	20.088,5	21.140,4	22.457,7	28.011,5	42.580,2	33.906,6	34.804,5	34.981,6
América	31.953,5	40.151,1	41.376,7	41.190,3	38.454,6	36.967,5	64.369,4	54.249,4	56.823,7	57.923,9
Asia	28.355,1	32.089,8	29.542,6	30.371,0	31.406,3	71.475,4	103.245,6	91.522,7	91.931,7	98.998,0
Oceanía	1.963,8	2.002,0	2.171,3	2.497,3	2.388,7	953,8	1.427,4	1.193,9	1.010,7	988,0
Sen determinar	5.418,9	11.839,7	11.566,4	11.111,9	11.768,8	3.955,3	4.404,0	4.739,9	3.907,7	3.303,1
Total	314.858,5	387.599,0	384.098,4	384.464,9	387.091,6	346.283,4	459.202,6	423.723,4	424.740,7	444.146,4
%Galicia/España										
Zona euro ¹	8,6	8,7	8,8	9,3	9,0	6,6	6,4	4,2	3,8	3,8
Resto UE-27	10,1	10,8	10,8	10,6	10,7	2,7	3,6	2,7	2,1	2,4
Resto de Europa	6,8	6,4	7,2	7,4	8,1	4,1	4,6	5,7	6,1	5,6
África	8,0	7,5	8,7	9,6	9,5	8,1	7,2	8,2	8,6	8,8
América	5,5	5,1	5,4	5,3	5,0	8,9	7,8	6,6	7,7	7,6
Asia	3,8	4,4	4,1	3,5	3,6	3,6	4,2	4,8	4,3	4,2
Oceanía	16,9	2,2	2,1	3,1	2,4	10,2	10,6	7,4	13,6	11,6
Sen determinar	4,3	2,9	3,3	2,8	2,6	1,7	3,8	2,8	2,4	2,4
Total	7,7	7,6	7,8	8,1	8,0	5,8	5,9	5,0	4,9	4,8

* Datos provisionais.

¹ Ata 2022, EU-Eurozona (d.2015-01 h.2022-12), a partir de 2023 (EU-Eurozona (d.2023-01).

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

con América e Asia. Polo lado das importacións, Galicia conta menos no total de España que para as exportacións; en particular, para as que teñen orixe na Unión Europea, de onde procede o 49 % das importacións de España e o 36 % das galegas (42 % e 33 %, respectivamente, para a zona euro). Mentres, a participación galega no total español é maior para África e América (cadro 6).

Facendo a análise por países, só encontramos un non europeo (Marrocos) entre os dez primeiros do ránking (cadro 7), pero con importantes cambios na posición dos países europeos, respecto ao ano anterior. Os tres primeiros continúan sendo da zona euro (Francia, Portugal e Italia), pero non así o cuarto, que pasa de ser Alemaña a Polonia. Este cambio débese á diminución das exportacións cara a Alemaña (-1,9 %), sobre todo pola caída nun 7,1 % das exportacións de vehículos automóbil; pero, sobre todo, á subida nun 7 % das exportacións cara a Polonia. O resultado para Polonia, que explica en boa medida o aumento das exportacións ao resto da UE-27, é consecuencia do crecemento nas exportacións de pezas de vestir e calzado, capítulos que concentran en 2025 o 78,7 % das exportacións que fai Galicia a ese país e que, en conxunto, presentaron un incremento interanual do 8,5 %. Como xa se comentou en *Informes* anteriores, son as decisións da operativa do Grupo Inditex as que están detrás destes datos, posto que o grupo conta cun importante *hub* loxístico e de distribución *online* en Polonia para atender o comercio da rexión centroeuropea.

Dos principais socios comerciais da zona euro, só medran as exportacións a Bélxica (8,4 %), pasando este país do posto décimo en 2024 ao oitavo en 2025. Os demais mostran unha evolución negativa: á caída comentada nas exportacións con destino en Alemaña súmanse as de Francia (-5,1 %), Italia (-9,1 %) e Países Baixos (-17,3 %), que baixa á décima posición na clasificación. A evolución destes países explica a redución dun 3 % das exportacións á zona euro.

Tamén intercambian os seus postos en 2025 respecto ao ano anterior Turquía (sexto) e Reino Unido (sétimo), como consecuencia da perda do 5 % nas exportacións cara ao Reino Unido e, sobre todo, debido a un novo incremento de dúas cifras das exportacións a Turquía (28,1 %). As cifras tan

Cadro núm. 7

Estrutura espacial do comercio exterior de Galicia

Principais países de procedencia e destino dos intercambios

	2023		2024		2025*		TVI (%) 2025*-2024
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Exportacións							
Francia	5.298,0	17,6	5.140,9	16,6	4.879,5	15,8	-5,1
Portugal	4.233,1	14,1	4.309,0	13,9	4.386,5	14,2	1,8
Italia	3.021,1	10,0	3.331,0	10,7	3.027,3	9,8	-9,1
Polonia	1.686,3	5,6	1.768,7	5,7	1.892,8	6,1	7,0
Alemaña	1.840,4	6,1	1.897,6	6,1	1.861,8	6,0	-1,9
Turquía	1.177,8	3,9	1.394,2	4,5	1.785,3	5,8	28,1
Reino Unido	1.443,4	4,8	1.572,9	5,1	1.494,6	4,8	-5,0
Bélxica	1.224,0	4,1	1.253,8	4,0	1.359,2	4,4	8,4
Marrocos	1.268,2	4,2	1.335,2	4,3	1.336,8	4,3	0,1
Países Baixos	978,9	3,3	1.254,7	4,0	1.037,3	3,4	-17,3
Resto de países	7.918,4	26,3	7.761,9	25,0	7.877,7	25,5	1,5
Total	30.089,7	100,0	31.019,9	100,0	30.938,9	100,0	-0,3
Importacións							
Portugal	2.635,3	12,5	2.721,7	13,0	2.793,6	13,1	2,6
China	2.587,2	12,3	2.042,1	9,8	2.141,2	10,0	4,9
Estados Unidos	1.173,8	5,6	1.291,5	6,2	1.583,3	7,4	22,6
Marrocos	1.169,6	5,6	1.274,1	6,1	1.358,5	6,4	6,6
Francia	1.714,8	8,2	1.175,9	5,6	1.112,2	5,2	-5,4
México	799,1	3,8	804,6	3,8	909,7	4,3	13,1
Turquía	709,3	3,4	815,5	3,9	830,2	3,9	1,8
Alemania	435,2	2,1	1.033,0	4,9	812,2	3,8	-21,4
Italia	857,5	4,1	785,8	3,8	789,7	3,7	0,5
Libia	495,0	2,4	665,0	3,2	480,9	2,3	-27,7
Resto de países	8.435,3	40,1	8.300,6	39,7	8.553,2	40,0	3,0
Total	21.012,1	100,0	20.909,8	100,0	21.364,6	100,0	2,2

* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

positivas das vendas a Turquía explican o aumento sinalado das exportacións ao resto de Europa dun 12 %. As exportacións do sector de automoción son as responsables dos datos para ambos os países: no caso do Reino Unido é a redución do 14,5 % nas exportacións de automóviles o que máis contribúe ao resultado, ao concentrar máis do 60 % do total de exportacións galegas a ese país; no caso de Turquía é a subida (nun 33,1 %) das exportacións de automóviles, capítulo que absorbe case o 90 % do total de exportacións galegas a ese destino.

Marrocos baixa do oitavo posto no ránking en 2024 ao noveno en 2025, malia manter case sen cambios as exportacións. A razón está no comentado incremento nas exportacións galegas cara a Bélxica, debido ao aumento nas vendas de automóviles, capítulo que acapara o 60 % de todo o que Galicia exporta a Bélxica e que tivo un crecemento interanual do 17,5 % en 2025.

Os dez principais países por destino concentran case o 75 % do total de exportacións galegas. Fóra de Europa, África segue gañando peso relativo e conta polo 6,9 % do total de exportacións galegas en 2025 tras unha subida interanual do 5,9 %. Ese incremento non se explica pola evolución do principal socio comercial no continente, Marrocos, que como indicamos mantivo invariables as súas compras, senón fundamentalmente pola subida dun 23,6 % nas exportacións a Arxelia, o segundo socio das exportacións a África, supoñendo o 21 % do total que se vende a este continente.

A redución interanual do 11,5 % nas exportacións que van a América (o 6,2 % do total de exportacións galegas en 2025) responde á importante caída das vendas aos EUA (-32 %) e, en menor medida, a México (-7,6 %). Por contra, aínda que non foron quen de compensar a diminución, fixeron achegas en positivo Chile (cun crecemento do 13,4 %) e Arxentina (14,9 %). Pola súa parte, Asia medrou lixeiramente a súa participación nas exportacións de Galicia (3,6 % do total das venda ao exterior van a este continente) despois dun incremento interanual do 3,9 % en 2025.

Polo lado das importacións, a nivel agregado, Europa conserva en 2025 o seu peso relativo en torno ao 45 %, medrando as importacións (e gañando algo de cota) á zona euro (que pasa do 32,2 % ao 32,8 % do total, despois dun crecemento interanual do 4,2 %) e ao resto da UE-27 (que sobe do

2,8 % ao 3,3 % como consecuencia dun incremento interanual do 17,5 %); e perdendo relevancia o resto de Europa, que baixa do 9,5 % ao 8,4 % despois dunha redución interanual do 10,2 %.

O menor peso de Europa como orixe das importacións que como destino das exportacións reflíctese no ránking de países por relevancia das importacións que fai Galicia (cadro 7). Entre os dez principais socios comerciais por orixe das importacións mantéñense catro países da zona euro (Portugal, Francia, Alemaña e Italia), pero ocupando posicións moito menos destacadas que para as exportacións; salvo Portugal, principal orixe das compras de Galicia no exterior. Todos eles aumentan lixeiramente o seu peso relativo despois de asistir a subas interanuais, coa excepción de Francia, que diminúe as súas vendas a Galicia nun 5,4 % (que se suma á caída do 31,4 % o ano anterior), supoñendo só o 4,3 % do total das importacións de Galicia en 2025.

A dinámica do comercio exterior de Galicia con Europa fai que o saldo comercial sexa positivo para todas as subrexións europeas (por unha contía total de 15.879 millóns de euros), baixando un pouco o superávit coa zona euro respecto ao do ano anterior (cae en 850 millóns de euros) e crecendo co resto da UE-27 (77 millóns de euros máis) e o resto de Europa (615 millóns de euros máis). Por contra, o saldo comercial segue a ser negativo co resto de rexións (-6.534 millóns de euros).

Nas relacións comerciais con América sobe o déficit comercial (en 278 millóns de euros), non tanto polo incremento das importacións, que se manteñen case sen cambios (cun 0,64 % de crecemento), como pola xa comentada caída das exportacións nun 11,5 %. Respecto das importacións que proceden de América, o 20,7 % do total, o país con maior cota son os EUA, que concentran o 35,7 % do total, despois de aumentar as súas vendas a Galicia nun 22,6 % en 2025. Con estas cifras, os EUA supoñen actualmente o 7,4 % do total de importacións que fai Galicia e ocupan o terceiro posto na clasificación xeral por países orixe das importacións. Este peso é moi superior ao que teñen nas exportacións, onde os EUA representan só o 1,8 %. Sendo así, o saldo comercial de Galicia cos EUA é deficitario e a dinámica recente do comercio exterior fixo que ese déficit máis que se duplicase: desde os 490 millóns de euros en 2024 aos máis de mil millóns en 2025.

Das importacións que fai Galicia desde os EUA, o 74 % corresponde a combustibles. Aínda que as importacións globais de combustibles que realizou Galicia en 2025 baixaron nun 7 %, as importacións desde EUA medraron un 15,4 %; de maneira que o 34,8 % do total de importacións de combustibles feitas por Galicia en 2025 viñeron dos EUA (case 7 puntos porcentuais máis que o ano anterior).

México continúa como segundo país en relevancia nas importacións, concentrando o 18,3 % do total do continente en 2025, pero pasa da sexta posición á oitava no ránking xeral, despois dunha caída do 21,4 % nas vendas que fai a Galicia, onde xa só conta polo 3,8 % do total de importacións. As importacións desde México son case en exclusiva de combustibles. Se en 2024 estas eran practicamente do mesmo valor que as importadas dos EUA, en 2025 son o 66 %, supoñendo o 23 % do total de combustibles que importa Galicia.

O incremento das importacións desde Asia (nun 4,8 %) leva a este continente a concentrar o 19,5 % do total de importacións que fai Galicia en 2025 e a aumentar o déficit comercial con ese continente en 149 millóns de euros máis, dado o crecemento das exportacións. O principal país asiático do que importamos é China (co 51,5 %), que en 2025 é un ano máis o segundo na clasificación xeral por importadores, acaparando o 10 % do total que fai Galicia. En 2025 medran as importacións desde China un 4,9 % (99 millóns de euros máis que o ano anterior). A esa subida contribúen os incrementos nas importacións de pezas de vestir (nun 19 %), pero, sobre todo, nos vehículos (nun 142 %), que pasan dos 74 aos 179 millóns de euros. A dinámica destes capítulos máis que compensa a caída interanual do 27 % das importacións de Aparellos e material eléctrico, o principal capítulo do que se importa de China malia que segue perdendo peso relativo.



As importacións con orixe en África aumentaron en 2025 un 2,9 %, menos que as exportacións, o que provoca unha lixeira redución no déficit comercial co continente. África supón o 14,3 % do total de importacións galegas en 2025. O principal socio comercial é Marrocos, que concentra o 44,4 %,

e ocupa o cuarto posto no ránking xeral de países orixe das importacións, ao igual que o ano anterior. Marrocos significa o 6,4 % do total de importacións galegas, tras un incremento interanual do 6,6 % nas vendas que fai a Galicia. Tamén contribúen á subida as procedentes da África subsahariana (onde a metade corresponden a Sudáfrica e Namibia), que acaparan o 37 %, e que mostraron un crecemento interanual do 23,8 %. A dinámica positiva das importacións desde Marrocos e a África subsahariana máis que compensou a redución interanual do 27,7 % nas importacións con orixe en Libia, que é o décimo país na clasificación xeral co 2,2 % do total galego en 2025 (un punto porcentual menos que o ano anterior).

O comercio exterior galego cos principais socios en 2025

Francia é o principal destino das exportacións galegas como en anos anteriores, pero segue perdendo peso relativo tras as sucesivas caídas nas vendas a ese país. En 2025 representa o 15,8 % do total das exportacións galegas despois da perda interanual do 5,1 %. As importacións que fai Galicia desde Francia tamén baixaron en 2025, e nunha porcentaxe similar (5,4 %), situando este país no quinto posto da clasificación por orixe das importacións, co 5,2 % do total de importacións que fai Galicia. Esta dinámica comercial mantén o saldo con este país en positivo, como vén ocorrendo nos últimos anos desde a notable redución das importacións en 2022, cando Francia ocupaba a primeira posición no ránking por volume de importacións.

Polo lado das exportacións, o principal capítulo continúa a ser automoción, que mostra un lixeiro incremento dun 0,96 %. As exportacións dos seguintes capítulos en relevancia, os de pezas de vestir de punto e non de punto, baixan un 3,7 % e, sobre todo, descende o valor do exportado no cuarto capítulo, o de combustibles, que reduce as súas vendas a Francia en 2025 nun 77 %.



Como vimos comentando nos últimos *Informes*, a diminución progresiva no peso de Francia nas exportacións galegas, consecuencia da caída en termos absolutos das exportacións a este país nun contexto de crecemento do total de exportacións, é debido en boa medida ao comportamento do sector de automoción, tanto a nivel agregado como nas relacións comerciais co mercado francés (gráfico 7). Nas dúas primeiras décadas do século, a redución do peso da automoción no total das exportacións galegas explica o descenso continuo da participación de Francia, pero non así nos últimos anos. Ata 2019, o aumento das exportacións galegas, impulsado polo gran dinamismo do téxtil e confección, provocou unha baixada relativa da automoción que afectou especialmente os mercados nos que este sector tiña un peso moi destacado, como era o caso de Francia; onde, en 2007, o 84 % das exportacións galegas correspondía a automoción e este país absorbía o 77 % do que exportaba Galicia do sector. Porén, entre 2019 e 2025 a porcentaxe de exportacións galegas que pertence a automoción medrou case 7 puntos porcentuais (do 22,7 % ao

actual 29,4 %), mentres que a participación de Francia descendeu 3,3 puntos porcentuais (do 19,1 ao 15,8). Actualmente, se ben a maioría das exportacións que van a Francia seguen correspondendo a automoción, Francia só supón o 24,4 % do total que exporta Galicia deste sector. Como xa se sinalou, a diversificación de mercados, en especial fóra da UE-27, está detrás destes resultados.

As importacións estanse diversificando, tamén no caso de Francia: os tres principais capítulos por importacións (automoción; fundición de ferro e aceiro; e pesca) acaparan o 54,6 % en 2025, fronte ao 58,7 % en 2024 e o 70 % en 2023. Esa menor concentración nos tres primeiros capítulos explícase pola nova redución interanual nas importacións de automoción (un 29,7 %), que non puideron compensar as subas das importacións de fundición (1,3 %) e, sobre todo, de pesca (28,3 %).

A pesar de que automoción ten moita menos relevancia nas importacións que nas exportacións galegas, tamén é a evolución do comercio exterior galego neste sector a que explica o decrecente peso de Francia no total de importacións de Galicia; e dun xeito aínda máis claro que para o caso das exportacións, dada a elevadísima participación que tiña Francia nas importacións de automoción (gráfico 8). Porén, como xa vimos, no último ano a caída das importacións desde Francia non se debe á diminución das importacións do sector, que medraron, senón á dinámica deste sector e á recomposición das súas importacións.

Portugal mantense en 2025 como o segundo destino en importancia para as exportacións galegas, absorbendo o 14,2 % do total das vendas que fai Galicia ao exterior, despois dun incremento interanual do 1,8 %. Para as importacións, Portugal ocupa un ano máis o primeiro posto no ránking, co 13,1 % do total que importa Galicia, unha cota similar á do ano anterior, tras un aumento interanual do 2,6 %, tamén semellante ao das importacións globais. Estes fluxos levaron a un superávit comercial de 1.592 millóns de euros, unha cifra moi parecida á do ano anterior.

Como xa se comentou en anteriores *Informes*, a proximidade deste mercado explica que os fluxos comerciais con Portugal estean moito máis diversificados que para o total do comercio galego ou para Francia, en particular nas exportacións, onde ningún dos 98 capítulos TARIC concentra máis do 10 % do total. En 2025 os tres principais capítulos no lado das exportacións (pezas de vestir, pesca e automoción) acapararon o 34,3 % do total das exportacións galegas que van a Portugal, e os tres primeiros no lado das importacións (automoción, pezas de vestir e fundición) o 40,6 %.

Permanece na primeira posición o capítulo de pezas de vestir de punto e non de punto que, de maneira conxunta, elevan lixeiramente a súa participación no total ata o 15,8 %, despois dun incremento interanual do 3,2 % nas exportacións galegas a ese país, que supón o 10,9 % do total que exporta Galicia destes capítulos. O segundo lugar é para pescados, crustáceos e moluscos, que mostrou un crecemento do 5,5 % en 2025 ata concentrar o 9,2 % do total. Para este capítulo, o destino Portugal é moito máis relevante, xa que o país significa o 21,8 % das exportacións galegas de pesca. Por contra, a caída interanual do 7,1 % nas exportacións de automóbiles a Portugal fai que a este país se dirixan só o 4,3 % das exportacións totais de automóbiles, e que baixe este capítulo do segundo ao terceiro posto na clasificación de capítulos nas exportacións galegas a Portugal (contando polo 8,9 % do total). A diminución das exportacións a Portugal en automoción explícase pola redución nas vendas a ese país de vehículos de turismo, que baixaron un 14,4 %, para supoñer actualmente o 37,6 % do capítulo. As exportacións de partes e accesorios, principal partida do capítulo (cun 48,1 %), permaneceron estables.

A automoción volve ser en 2025 o principal capítulo arancelario do que Galicia importa de Portugal, subindo a súa participación no total en máis de dous puntos (do 14,6 % ao 16,9 %), despois dun incremento interanual do 18,9 %. O segundo foi o de fundición de ferro e aceiro, que ascendeu de posición pola súa dinámica positiva en 2025 (12,9 % máis de importacións). Pola contra, o capítulo de pezas de vestir, que era o primeiro en 2023, baixou en 2025 do segundo ao terceiro posto, contando conxuntamente só polo 10,3 % do total, despois dunha caída interanual do 18,3 %. Ao crecemento das importacións de automoción desde Portugal contribuíron tanto os vehículos para traballo,

que concentran o 50,6 % das importacións do capítulo (que medraron un 26,8 %), como partes e accesorios, que aumentaron un 8,7 % e supoñen o 41,4 %.

As empresas galegas no comercio exterior en 2025

Aínda que o número de empresas exportadoras baixa de novo en 2025, a redución (nun 0,9 %) é moi inferior á de anos anteriores (cadro 8). En canto ás empresas importadoras, tamén o seu número sofre unha caída interanual (dun 1,2 %), rompendo a tendencia positiva dos últimos anos. Con todo, o número de importadores continúa sendo o triplo que o de exportadores.

Cadro núm. 8
Número total de empresas galegas exportadoras e importadoras

	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Exportadoras	7.121	9.376	7.626	6.717	6.268	6.212
Importadoras	13.696	19.530	16.061	17.473	18.720	18.494

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Seguen sendo cinco os grupos arancelarios que dispoñen de máis de 1.000 empresas exportadoras (cadro 9). O grupo con maior número delas un ano máis é o de caldeiras, maquinaria e material eléctrico, que elevou a súa cifra nun 2,7 %, para volver superar o limiar das 2.000 empresas. O seguinte en importancia relativa é o de metais e as súas manufacturas, malia que reduciu o número de empresas exportadoras en 2025 nun 2,1 %. Tamén baixaron un 8,8 % en materias téxtiles e confec-

Cadro núm. 9
Número de empresas galegas exportadoras e importadoras por grupos arancelarios

Capítulos	Grupos	Produtos	2022	2023	2024	2025	TVI (%) 2025/2024
Exportacións							
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	687	672	662	648	-2,1
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	275	276	291	281	-3,4
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	71	69	65	71	9,2
16/24	IV	Produtos de alimentación	1.342	1.290	1.155	1.275	10,4
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	258	249	262	259	-1,1
28/38	VI	Produtos químicos	940	934	962	1.018	5,8
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	997	1.014	990	991	0,1
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	253	217	217	219	0,9
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	371	364	363	353	-2,8
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	546	501	476	493	3,6
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.532	1.334	1.367	1.247	-8,8
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	320	292	298	277	-7,0
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	533	551	561	530	-5,5
71	XIV	Xoiería	93	89	75	84	12,0
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.722	1.699	1.826	1.788	-2,1
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	2.150	2.023	1.960	2.013	2,7
86/89	XVII	Material de transporte	932	754	708	659	-6,9
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	470	424	513	477	-7,0
93	XIX	Armas	8	11	8	6	-25,0
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	769	746	746	723	-3,1
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	50	41	45	39	-13,3
98-99		Non clasificados	2.768	2.454	2.452	2.381	-2,9
Importacións							
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	643	638	667	669	0,3
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	423	443	465	459	-1,3
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	73	66	70	66	-5,7
16/24	IV	Produtos de alimentación	658	703	807	837	3,7
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	364	369	393	382	-2,8
28/38	VI	Produtos químicos	2.112	2.343	2.388	2.504	4,9
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	2.495	2.670	2.729	2.883	5,6
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	757	799	909	877	-3,5
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	529	559	531	578	8,9
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	1.358	1.403	1.510	1.514	0,3
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	4.122	4.342	4.798	4.510	-6,0
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	1.260	1.156	1.350	1.264	-6,4
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	969	1.063	1.039	1.110	6,8
71	XIV	Xoiería	552	575	564	578	2,5
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	3.766	4.043	4.056	3.871	-4,6
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	6.574	7.113	7.275	7.032	-3,3
86/89	XVII	Material de transporte	2.192	2.214	2.504	2.533	1,2
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	2.003	2.307	2.456	2.597	5,7
93	XIX	Armas	37	47	42	42	0,0
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	2.261	2.501	2.631	2.705	2,8
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	121	130	175	143	-18,3
98-99		Non clasificados	3.438	3.893	4.224	4.183	-1,0

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

ción, nunha tendencia decrecente que xa vén dos últimos anos. Pola contra, produtos químicos e produtos da alimentación mostraron un incremento interanual do número de empresas que venden ao exterior (5,8 % e 10,4 %, respectivamente).

Polo lado das importacións, cun volume de empresas moito maior, once son os grupos arancelarios que contan con máis de mil empresas que venden ao exterior (cadro 9). Con moita diferenza, o que ten máis empresas importadoras continúa sendo o de caldeiras, maquinaria e material eléctrico (con máis de 7.000 empresas), malia ver reducirse o seu número nun 3,3 % en 2025. Sete grupos superan as 2.000 empresas, con dinámicas diferentes. Produtos químicos; plástico, caucho e as súas manufacturas; material de transporte; instrumentos de precisión e relojería; e mobiliario, artigos de recreo e varios, que viñan aumentando o número de importadores nos últimos anos, tamén mostran un incremento interanual en 2025. Pola súa vez, metais e as súas manufacturas e ferramentas; e materias téxtiles e confección rompen a tendencia crecente e baixan o número de importadores (-4,6 % e -6 %, respectivamente).

O comercio exterior galego por provincias en 2025

O estancamento das exportacións galegas en 2025 evidénciase nas diferentes provincias (cadro 10). Pontevedra, que continúa como a primeira provincia por exportacións, co 49,7 % do total galego, asistiu a un lixeiro incremento interanual (0,64 %) das súas vendas ao exterior. A Coruña supón en 2025 o 44,6 % do total das exportacións, despois dunha caída interanual do 0,9 %. Dado o escaso volume das súas exportacións, Lugo mantén a súa participación no 1,9 %, malia o aumento do 1,7 % en 2025. Mentres, Ourense mostrou unha nova diminución das súas exportacións (nun 5 %), reducindo a súa participación ao 3,8 %, dúas décimas menos que o ano anterior.

Cadro núm. 10
Distribución do comercio exterior de Galicia por provincias

	2023		2024		2025*	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Exportacións						
A Coruña	13.466,0	44,8	13.926,6	44,9	13.799,1	44,6
Lugo	643,3	2,1	586,4	1,9	596,5	1,9
Pontevedra	14.713,5	48,9	15.280,3	49,3	15.378,3	49,7
Ourense	1.266,9	4,2	1.226,6	4,0	1.165,0	3,8
Galicia	30.089,7	100,0	31.019,9	100,0	30.938,9	100,0
Importacións						
A Coruña	10.082,9	48,0	11.142,2	53,3	10.719,7	50,2
Lugo	596,9	2,8	618,7	3,0	670,6	3,1
Pontevedra	9.490,8	45,2	8.257,7	39,5	9.112,1	42,7
Ourense	841,5	4,0	891,2	4,3	862,2	4,0
Galicia	21.012,1	100,0	20.909,8	100,0	21.364,6	100,0

Datos de 2025 provisionais.
Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

perávit comercial galego (65,5 % do total) e que A Coruña supoña o 32 %. De igual xeito, o saldo comercial de Ourense é de superávit, sendo Lugo a única provincia con déficit (72 millóns de euros, máis do dobre do ano anterior).

Pontevedra, ademais do capítulo de vehículos automóbiles, no que (fundamentalmente pola presenza de Stellantis en Vigo) acapara o 98,6 % das exportacións e o 87,5 % das importacións galegas, tamén concentra o comercio do terceiro capítulo no ránking exportador galego: pescados, crustáceos e moluscos. Neste, a provincia significa o 79,3 % das exportacións e o 78,9 % das importacións galegas.

A dinámica positiva deses dous capítulos, xa sinalada, explica os resultados do comercio exterior de Pontevedra. En 2025, o 58,2 % das súas exportacións correspondeu a automoción e o 10 % a pesca. As importacións están máis diversificadas, absorbendo a pesca o 24 % do total e a automoción o 20 %.

A maior contribución ao crecemento das importacións galegas foi a de Pontevedra, cun 10,3 % de suba nas súas importacións en 2025. Tamén medraron as importacións de Lugo (8,4 %), mentres baixan as das outras dúas provincias (A Coruña, -3,8 %, e Ourense, -3,2 %). Os resultados das diferentes provincias veñen dados, como é sabido, pola concentración dos dous grandes sectores do comercio galego en Pontevedra (automoción) e A Coruña (técnico e confección). O comportamento, xa comentado, destes dous sectores explica que sexa Pontevedra a que máis achegue ao su-

Aínda que cunha menor concentración sectorial que Pontevedra, o comercio exterior da Coruña tamén responde ao comportamento duns poucos capítulos arancelarios. As súas exportacións concéntranse en pezas de vestir, 45 % do total. Coa presenza de Inditex, esta provincia acapara o 97,3 % das exportacións galegas e o 90,7 % das importacións de pezas de vestir. O segundo capítulo en relevancia nas exportacións da Coruña, a moita distancia, é o de combustibles. Tras as caídas dos últimos anos, os combustibles só supoñen o 7 % do total das exportacións da Coruña, que absorbe o 71,4 % das exportacións galegas deste capítulo. O seguinte en relevancia é o das conservas, que, tras o incremento das súas vendas ao exterior nos últimos anos, xa significa o 5,7 % do total das exportacións da provincia, cunha cifra de máis de 700 millóns de euros, o 63,4 % do total das exportacións galegas deste capítulo. Combustibles lidera as importacións da provincia (30,4 % do total de importacións). A Coruña concentra o 97,2 % das importacións galegas de combustibles e o 77,2 % das exportacións. As pezas de vestir son o segundo capítulo nas importacións (21,2 % do total das da provincia).

O comercio exterior de Ourense, ademais dun volume moito menor, mostra unha maior diversificación sectorial. Só en dous capítulos as exportacións superan os cen millóns de euros e nun no caso das importacións. As exportacións da provincia seguen lideradas en 2025 por manufacturas de pedra, capítulo onde Ourense concentra o 65 % das exportacións galegas e que equivale ao 18,8 % das exportacións da provincia. Pero este capítulo segue perdendo peso no total despois dunha nova caída interanual (do 10,3 %) en 2025, feito que explica en boa medida a redución nas exportacións da provincia. Ao resultado negativo das exportacións de Ourense en 2025 contribúe tamén o capítulo de graxas, aceite animal ou vexetal, no que a provincia acapara o 81 % das exportacións de Galicia, e que mostra unha caída interanual do 12 %, concentrando o 11,8 % das exportacións da provincia. Pola contra, mostran achegas positivas pezas de vestir de punto, e carne e despoños comestibles, que, cuns incrementos interanuais do 8,8 % e o 37,5 %, respectivamente, xa supoñen en 2025 o 5,5 % e o 7 % do total das exportacións da provincia.

O principal capítulo en importacións segue a ser o de graxas, aceite animal ou vexetal (concretamente aceites de oliva e xirasol), que absorbe o 20 % do total de importacións da provincia tras unha redución interanual do 14 %. Tamén contribuíu á baixada das importacións da provincia a diminución nun 27,7 % das importacións de fundición de ferro e aceiro, o segundo en relevancia nas importacións da provincia.

Lugo é a provincia que mostra unha dinámica comercial máis positiva en 2025, consecuencia, en parte, dos resultados negativos do ano anterior, tanto nas exportacións como nas importacións. O principal capítulo exportador é o de produtos químicos inorgánicos (no que Lugo supón o 77,4 % das exportacións galegas), concentrado no óxido de aluminio (coridón artificial), co 25,6 % das exportacións da provincia tras un crecemento do 25,8 % en 2025. Tamén medrou o segundo capítulo en importancia, o da madeira, que significa o 20,6 % das exportacións da provincia tras un aumento do 12,3 %. Pola contra, as exportacións de leite presentaron unha notable diminución interanual (-37,6 %), que se suma á caída do ano anterior.

O incremento nas importacións da provincia foi diversificado sectorialmente. O principal capítulo importador, o de minerais (que se corresponde con minerais de aluminio), reduciu as importacións nun 6,8 %, baixando o seu peso relativo no total ao 14,5 %, e unha contía de 97 millóns de euros, co que xa ningún capítulo supera os 100 millóns de valor das importacións.

O investimento estranxeiro directo (IED)

Tendencias globais e perspectivas do IED

O investimento estranxeiro directo (IED) global en termos absolutos en 2024 subiu lixeiramente (4 %) ata superar os 1.500 miles de millóns de dólares (cadro 11), pero esta cifra oculta un declive real

dos investimentos produtivos unha vez excluídos os fluxos financeiros volátiles a través de economías conduto⁴. Segundo o informe da UNCTAD para 2025, sen as citadas economías obteríase unha contracción de arredor do 11 % xa por terceiro ano consecutivo. O panorama do investimento en 2024 estivo marcado por tensións xeopolíticas, fragmentación do comercio e intensificación de competencia en materia de política industrial. Estas dinámicas, combinadas co elevado risco financeiro e a incerteza, están redefinindo o mapa do IED mundial e erosionando a confianza a longo prazo dos investidores. En consecuencia, as empresas multinacionais priorizaron a xestión do risco a curto prazo, sobre todo en sectores sensibles como a seguridade nacional, a remodelación das cadeas de subministración e os cambios nas políticas comerciais.

Cadro núm. 11
Evolución do investimento directo estranxeiro (IED) no mundo

	Entradas				Saídas			
	2021	2022	2023	2024	2021	2022	2023	2024
Miles de millóns de dólares								
Economías desenvolvidas	777.036,8	459.916,7	589.568,1	641.641,7	1.410.124,3	1.020.673,5	1.038.678,5	1.117.395,5
Economías en desenvolvemento	899.485,7	929.608,9	865.408,1	867.161,7	504.286,4	547.939,4	517.428,0	491.478,4
Total mundial	1.676.522,5	1.389.525,5	1.454.976,2	1.508.803,3	1.914.410,8	1.568.612,9	1.556.106,5	1.608.873,9
Porcentaxes								
Economías desenvolvidas	46,3	33,1	40,5	42,5	73,7	65,1	66,7	69,5
Economías en desenvolvemento	53,7	66,9	59,5	57,5	26,3	34,9	33,3	30,5

Fonte: UNCTAD, *World Investment Report 2025*.

Se ben o valor dos investimentos en novos proxectos permaneceu estable, o financiamento internacional de proxectos, fundamental para as infraestruturas, reduciuse un 26 % en 2024; caída especialmente pronunciada en sectores críticos para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostibles (ODS): enerxías renovables (-31 %), transporte (-32 %) e auga e saneamento (-30 %). Porén, a economía dixital destaca como un foco de crecemento, pois o IED en sectores dixitais medrou un 14 % en 2024, impulsado por proxectos de TIC, servizos dixitais e semicondutores; malia que este auxo presenta unha elevada concentración nos países desenvolvidos (dez países acumulan o 80 % dos novos investimentos dixitais).

Por rexións, obsérvanse patróns contrapostos, pero a pesar diso o peso dos países desenvolvidos sobre o total de IED entrante aumentou dous puntos porcentuais (cadro 11). Nas economías desenvolvidas, en 2024, o IED baixou un 22 % (cunha caída do 58 % en Europa), pero América do Norte contrarrestou parcialmente o efecto cunha forte repunta do 23 %, liderada por Estados Unidos (UNCTAD, 2025). Polo contrario, nos países en desenvolvemento as entradas globais estabilizáronse, pero con amplas diverxencias. África rexistrou un notable crecemento (75 %) debido a un gran proxecto en Exipto, e aínda excluindo ese caso segue medrando moderadamente (12 %). Asia diminuíu un 3 %, en especial China, que reduciu o IED recibido nun 29 %, mentres que o Sueste Asiático subiu un 10 %. En América Latina e o Caribe o IED baixou un 12 % en 2024, en parte polas caídas nos prezos enerxéticos; con todo, países clave como Brasil e México viron incrementados os anuncios de novos proxectos.

En 2024, os fluxos de saída de IED subiron un 7,6 % (cadro 11), situándose en 1.609 miles de millóns de dólares, sobre todo desde os países desenvolvidos, cun aumento do 8 %; pero este crecemento estivo moi condicionado por factores internos das empresas, como reestruturacións e movementos financeiros dentro dos propios grupos empresariais, en particular en Europa. De feito, se se exclúen economías de tránsito, as saídas reais baixaron de forma notable (24 %). A pesar desta caída, as fusións e adquisicións internacionais ascenderon un 26 %, impulsadas por grandes operacións, sobre todo de multinacionais do Reino Unido (UNCTAD, 2025).


⁴ As economías de tránsito ou conduto son aquelas que serven como plataformas de intermediación nos investimentos grazas, sobre todo, aos seus réximes fiscais.

A nivel rexional, Estados Unidos continúa como principal país emisor, malia que reduciron as súas saídas un 26 %. Ademais, as súas empresas concentraron moito investimento no sector tecnolóxico e destinaron máis do 60 % dos novos proxectos a investimento dentro do propio país. En Europa, as saídas de IED caeron con forza (case un 40 %), en particular en países como Francia e Alemaña. Pola contra, Xapón subiu lixeiramente o seu investimento exterior, principalmente cara aos Estados Unidos (UNCTAD, 2025). Entre os países en desenvolvemento, Asia segue tendo un papel destacado, representando o 28 % das saídas globais, malia que cunha leve baixada. India destacou polo forte incremento de novos proxectos (20 %), e China diminuíu as súas saídas de IED un 8 %, pero aumentou o número de novos proxectos centrados na industria manufacturera e localizados na Unión Europea e no sueste asiático. En América Latina e o Caribe produciuse unha perda acusada (33 %), debida ante todo á redución do investimento brasileiro.

As perspectivas sobre a evolución do IED en 2025 son negativas. A crecente incerteza económica e política, coa escalada arancelaria e bélica, xunto coa deterioración da confianza dos investidores, provocou a revisión á baixa dos principais determinantes do IED: crecemento do PIB mundial, formación de capital, comercio internacional etc. De feito, estas tendencias contribuíron a unha forte caída da actividade investidora a principios de 2025 (UNCTAD, 2025), mostrando os datos do primeiro trimestre niveis mínimos históricos tanto en volume de transaccións como en anuncios de proxectos. Estas previsións coinciden coas doutros organismos oficiais, como o Banco Mundial (2025) que no seu informe *Foreign Direct Investment in Retreat: Policies to Turn the Tide* alerta de que as entradas de IED como porcentaxe do PIB poden seguir sendo débiles e incluso diminuír, obténdose xa en 2023 e 2024 os niveis máis baixos desde principios do século XXI.

O IED recibido por Galicia

Os fluxos de entrada de IED manteñen a volatilidade habitual, sendo o IED recibido por Galicia en 2025 de 236,4 millóns de euros, menos da metade que o ano anterior (gráfico 9); diferenciando por tipo de investimento, o 88 % foi en capital/patrimonio e o restante intragrupo. A nivel provincial, case



a metade do IED recibido foi parar a Pontevedra (113 millóns de euros), recibindo a provincia de Lugo o 32 % (75 millóns), A Coruña o 19 % e Ourense tan só o 1 %.

Cadro núm. 12
Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España

	2024		2025		TVI (%) 2024/2025
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	970,97	2,27	1.364,14	4,01	40,49
Aragón	933,47	2,18	3.387,38	9,96	262,88
Cantabria	34,29	0,08	378,92	1,11	1.005,02
Castela e León	203,61	0,48	581,11	1,71	185,40
Castela-A Mancha	273,86	0,64	666,05	1,96	143,20
Cataluña	5.497,84	12,85	4.935,30	14,51	-10,23
Madrid	29.580,27	69,16	18.783,32	55,22	-36,50
C. Valenciana	1.150,77	2,69	779,39	2,29	-32,27
Extremadura	3,27	0,01	324,97	0,96	9.830,75
Galicia	577,07	1,35	236,38	0,69	-59,04
Baleares	748,82	1,75	306,30	0,90	-59,10
Canarias	141,78	0,33	334,26	0,98	135,76
A Rioxa	16,25	0,04	436,29	1,28	2.585,06
Navarra	419,55	0,98	358,23	1,05	-14,62
País Vasco	1.071,23	2,50	531,52	1,56	-50,38
Asturias	838,56	1,96	73,68	0,22	-91,21
Murcia	310,66	0,73	528,47	1,55	70,11
Ceuta e Melilla	0,25	0,00	10,68	0,03	4.138,21
Total	42.772,55	100,00	34.016,38	100,00	-20,47

Datos provisionais.
Fonte: DataInxex. Ministerio de Industria, Comercio e Empresa.

descenso do 10,2 % en fondos recibidos, pero gañando representación ata o 14,5 % do total. Ao terceiro posto ascende Aragón, cun 10 % do total nacional, atraendo en 2025 case o mesmo IED que nas tres décadas anteriores. O resto de rexións están todas por debaixo do 3 % do total de IED recibido, malia que con fortes variacións tanto positivas como negativas derivadas da gran volatilidade ligada á existencia ou non de operacións de investimento de grande envergadura.

En relación á tipoloxía de investimento, do total de IED entrante en España en 2025 o 92,8 % foi investimento en capital/patrimonio e o restante financiamento intragrupo. Na maioría dos casos o

Cadro núm. 13
Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto
(ETVE e non ETVE) en España. Ano 2025

	Non ETVE		ETVE	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	1.364,14	4,43		
Aragón	3.387,38	11,01		
Cantabria	378,92	1,23		
Castela e León	581,11	1,89		
Castela-A Mancha	666,05	2,17		
Cataluña	4.510,22	14,66	425,08	13,07
Madrid	15.970,17	51,91	2.813,15	86,50
C. Valenciana	772,39	2,51	7,00	0,22
Extremadura	324,97	1,06		
Galicia	236,38	0,77		
Baleares	306,30	1,00		
Canarias	327,43	1,06	6,83	0,21
A Rioxa	436,29	1,42		
Navarra	358,23	1,16		
País Vasco	531,52	1,73	0,00	0,00
Asturias	73,68	0,24		
Murcia	528,47	1,72		
Ceuta e Melilla	10,68	0,03		
Total	30.764,33	100,00	3.252,06	100,00

Datos provisionais.
Fonte: DataInxex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

A nivel nacional, o IED entrante descendeu de forma substancial, sendo un 20,5 % inferior ao recibido en 2024 (cadro 12) e situándose nuns 34.000 millóns de euros, 6.000 menos. No conxunto do estado, o peso do IED recibido por Galicia segue a ser mínimo e aínda inferior a anos previos. O investimento concéntrase maioritariamente en Madrid, ao igual que nos anos anteriores. Porén, cómpre recordar que esta situación se debe en parte ao “efecto sede”, xa que os fondos se declaran na comunidade onde se atopa a sede social da empresa receptora. Madrid en 2025 perde peso relativo (14 puntos porcentuais), situándose no 55,2 % do total nacional debido a que recibiu un 36,5 % menos de IED.

En segundo lugar mantense Cataluña, cun descenso do 10,2 % en fondos recibidos, pero gañando representación ata o 14,5 % do total. Ao terceiro posto ascende Aragón, cun 10 % do total nacional, atraendo en 2025 case o mesmo IED que nas tres décadas anteriores. O resto de rexións están todas por debaixo do 3 % do total de IED recibido, malia que con fortes variacións tanto positivas como negativas derivadas da gran volatilidade ligada á existencia ou non de operacións de investimento de grande envergadura.

IED é total ou case integramente para o primeiro tipo de operacións. De feito, a caída no IED foi moito máis acusada en operacións intragrupo (-63,3 %) que nas de capital/patrimonio (-12,6 %).

Diferenciando o IED rexistrado segundo se son operacións non produtivas (ETVE⁵) ou non o son, obsérvase que en 2025 as non produtivas só descenderon un 4,9 %, fronte a caída do 21,8 % das produtivas; o que fai que as primeiras incrementen o seu peso no global de IED recibido (9,6 %). No relativo á distribución territorial, como se aprecia no cadro 13, o IED realizado por ETVE acumúlase maioritariamente en Madrid, que supera os 2.800 millóns de euros e representa o 86,5 % do total recibido por

⁵ ETVE: entidades de tenencia de valores estranxeiros. Sociedades instrumentais cun réxime fiscal especial debido á exención das ganancias obtidas por dividendos e plusvalías logradas pola transmisión de accións en sociedades estranxeiras. O investimento deste tipo non ten efectos reais sobre as economías receptoras ao efectuarse fundamentalmente por parte de *holdings* internacionais debido a razóns fiscais.

España, cifras similares ás de 2024. En Galicia, como na maioría das comunidades autónomas, a totalidade de IED recibido corresponde a operacións que non son ETVE.

No relativo ao investimento produtivo recibido por España, non ETVE, cun descenso en 2025 do 21,8 %, recibíronse 30.764 millóns de euros que foron dirixidos na súa gran maioría cara a sociedades non cotizadas⁶ (98,6 %), segundo o último *Boletín de Inversiones Exteriores* da *Dirección General de Comercio Internacional e Inversiones* (marzo de 2026). A súa vez, do total de IED produtivo recibido, un 92,4 % é investimento en capital/patrimonio e, dentro deste, as sociedades non cotizadas foron receptoras do 98,5 %.

A distribución rexional do IED produtivo entrante segue a estar concentrado en Madrid, porén amosa un descenso, acumulando o 51,9 %, 15 puntos porcentuais por debaixo de 2024. Cataluña gaña algo de representación, ata o 14,7 %, e Aragón sitúase no 11 % do total nacional. O meteórico ascenso da comunidade aragonesa está vinculado a Amazon Web Services, con 3.097 millóns de euros comprometidos en 2025.

Dentro dos investimentos produtivos é relevante diferenciar investimentos de nova achega e investimentos de adquisición polas súas diferentes implicacións na economía receptora. En 2025 o IED produtivo orientado a adquisición medrou en máis de 2.000 millóns de euros, o que supón un 29,1 % máis, segundo o último *Boletín de Inversiones Exteriores* da *Dirección General de Comercio Internacional e Inversiones* (marzo de 2026). Porén, as operacións de nova achega descenderon un 33,2

% respecto ao ano anterior e teñen unha menor representación que en anos previos, co 69,8 % do total (case 21.500 millóns de euros); das cales, á súa vez, o 89 % foron investimentos en capital ou patrimonio. Dentro desas novas contribucións, a maioría foron ampliacións de capital para reducir débeda ou recapitalización para sanear balances (54,3 % do total de IED produtivo). Os investimentos que implican novas instalacións (*greenfield*) ou ampliación das existentes (*brownfield*) e, por tanto, contratación de novos empregados, mantivéronse estables en termos absolutos (máis de 9.800 millóns de euros) e gañaron peso en termos relativos (31,9 % do total de IED produtivo).

A distribución sectorial do investimento produtivo bruto recibido por Galicia e España, como é habitual, ten un comportamento diferente, como pode apreciarse no cadro 14. A nivel agregado, o IED produtivo no sector servizos increméntase ata o 73,1 % do total e o da industria cae ao 22,5 %. Porén, cun maior nivel de desagregación sectorial obsérvase unha menor concentración dos investimentos. No sector industrial os maiores receptores seguen a ser a industria manufacturera e as subministracións,

Cadro núm. 14
Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto (non ETVE) en 2025

Sectores	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	3	0,0	542.134	1,8	0,0
Industrias extractivas			136.759	0,4	
Industria manufacturera	108.215	45,8	3.601.875	11,7	3,0
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	33.225	14,1	2.029.654	6,6	1,6
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			1.154.890	3,8	
Construción	21.581	9,1	813.140	2,6	2,7
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	24.476	10,4	1.765.136	5,7	1,4
Transporte e almacenamento			2.307.240	7,5	
Hostalería	957	0,4	1.083.319	3,5	0,1
Información e comunicacións	28.868	12,2	5.755.383	18,7	0,5
Actividades financeiras e de seguros	3.500	1,5	2.256.770	7,3	0,2
Actividades inmobiliarias	2.142	0,9	2.540.388	8,3	0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	13.116	5,5	3.784.446	12,3	0,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	56	0,0	637.778	2,1	0,0
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria			1.598	0,0	
Educación			729.061	2,4	
Actividades sanitarias e de servizos sociais	171	0,1	1.209.230	3,9	0,0
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	3	0,0	389.155	1,3	0,0
Outros servizos	66	0,0	22.533	0,1	0,3
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio			1	0,0	
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais			3.837	0,0	
Total	236.380	100,0	30.764.327	100,0	0,8

Datos provisionais.
Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

⁶ O investimento en sociedades cotizadas só se rexistra se é igual ou superior ao 10 %.

mais con menor peso relativo sobre o total que en 2024, cun 11,7 % e un 6,6 % do total respectivamente. Dentro do sector servizos, a nivel nacional o da información e comunicacións segue a captar a maior parte do investimento, pero reducindo o seu peso 6 puntos porcentuais ata situarse no 18,7 %. No terceiro lugar atópanse as actividades profesionais, científicas e técnicas que case duplican o seu peso (12,3 %). Outros sectores que destacan a nivel nacional son as actividades inmobiliarias, cun 8,3 % do total, os transportes e almacenamento, cun 7,5 %, e as actividades financeiras e de seguros, cun 7,3 %.

A nivel galego, onde existe unha maior concentración, esta viuse reducida en 2025, pasando o sector industrial de percibir o 83 % do IED entrante en 2024 ao 60 % en 2025. O sector servizos recibe o 31 % e a construción o 9 %. Dentro do sector industrial, os fondos están máis diversificados: as subministracións soben o seu peso relativo ata o 14,1 %, multiplicando por dez a entrada de fondos; e, pola contra, a industria manufactureira perde tanto en termos absolutos como relativos, cun 45,8 % do total. En concreto, a industria metalúrxica de produción de aluminio radicada na provincia de Lugo (Alcoa) é receptora do 69 % do IED industrial. Non obstante, o IED entrante no sector industrial en xeral, e en Alcoa en particular, reduciuse a menos dun cuarto do percibido en 2024. Dentro do sector servizos, as actividades de información e comunicacións triplican o seu peso (12,2 %) e o comercio incrementa a súa representación ata o 10,4 %. Destacan ambas as actividades económicas porque, ademais de gañar peso relativo, aumentaron a entrada de IED, especialmente o comercio, que pasou de apenas 1,3 millóns de euros en 2024 a preto de 24,5 en 2025.

Cadro núm. 15
Procedencia do investimento estranxeiro bruto en Galicia e España (non ETVE)

Área de procedencia	Galicia		España		% Galicia/ España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
2024					
UE-27	77.356	13,4	12.830.945	32,6	0,60
Resto de Europa	500	0,1	15.509.765	39,4	0,00
América do Norte	495.533	85,9	6.929.087	17,6	7,15
América Latina	1.364	0,2	1.708.042	4,3	0,08
Resto de América	1.853	0,3	42.810	0,1	4,33
Asia e Oceanía	468	0,1	2.267.127	5,8	0,02
África	2	0,0	53.750	0,1	0,00
Total	577.075	100,0	39.341.526	100,0	1,47
2025					
UE-27	113.665	48,1	10.991.570	35,7	1,03
Resto de Europa	11.641	4,9	4.063.966	13,2	0,29
América do Norte	97.285	41,2	11.950.357	38,8	0,81
América Latina	2.911	1,2	1.447.421	4,7	0,20
Resto de América	0	0,0	48.799	0,2	0,00
Asia e Oceanía	10.875	4,6	2.243.560	7,3	0,48
África	3	0,0	18.655	0,1	0,02
Total	236.380	100,0	30.764.327	100,0	0,77

Datos provisionais.
Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Desde un punto de vista xeográfico, tomando como referencia a orixe última, é dicir, onde reside o titular último do investimento⁷, os países europeos seguen sendo os principais emisores de IED entrante en España (49 %), malia que a súa importancia absoluta e relativa diminuíu de forma substancial respecto de 2024 (-23 puntos porcentuais). A nivel nacional, como se aprecia no cadro 15, a maior diferenza dáse na perda de IED recibido dos países europeos non membros da UE-27 e na notable subida de IED procedente de América do Norte. Porén, a nivel galego, a distribución xeográfica vese fortemente afectada por operacións de grande envergadura. Se ben segue a ser relevante o IED procedente de América do Norte, orixe dos fondos recibi-

dos por Alcoa, este redúcese a menos da metade. Coa excepción dos restantes países americanos, Galicia acrecenta a entrada de IED de todas as demais áreas xeográficas.

De forma máis detallada, no relativo ao país último do que procede o fluxo de investimento produtivo (cadro 16), pode observarse que en 2025 Galicia recibe fondos de menos países que en 2024 (25 fronte a 31), pero a orixe está moito menos concentrada en Estados Unidos, que actualmente representa o 41,2 % do IED recibido. O resto de IED procede do propio territorio nacional (13,8 %) e de Italia, Alemaña e Portugal, todos con pesos arredor do 10-11 %.

⁷ No rexistro de investimentos consta tanto a orixe última como a orixe inmediata ou país de tránsito a través do cal se transfiren os investimentos.

Cadro núm. 16

Orixe última do investimento estranxeiro bruto (non ETVE) en 2025

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Estados Unidos	97.285,0	41,16	Estados Unidos	10.008.952,3	32,53
España	32.730,7	13,85	Francia	3.270.192,1	10,63
Italia	26.000,0	11,00	Reino Unido	2.662.412,8	8,65
Alemaña	24.868,7	10,52	Alemaña	2.309.037,3	7,51
Portugal	24.443,5	10,34	Canadá	1.941.404,7	6,31
Xapón	10.805,0	4,57	Bélxica	1.453.072,6	4,72
Reino Unido	9.587,3	4,06	México	1.124.268,8	3,65
Francia	3.504,8	1,48	España	1.120.823,6	3,64
México	2.584,7	1,09	Singapur	659.917,8	2,15
Luxemburgo	1.596,7	0,68	China	643.123,5	2,09
Noruega	1.199,9	0,51	Italia	500.060,8	1,63
Andorra	750,1	0,32	Países Baixos	436.379,5	1,42
Países Baixos	302,0	0,13	Suecia	420.161,3	1,37
Panamá	200,4	0,08	Portugal	416.829,1	1,35
Colombia	124,0	0,05	Suíza	359.527,0	1,17
Suecia	114,5	0,05	Noruega	356.266,3	1,16
Suíza	103,3	0,04	Dinamarca	336.166,8	1,09
Irlanda	103,0	0,04	Ucrania	302.036,1	0,98
Hong Kong	66,2	0,03	Andorra	283.862,0	0,92
China	3,8	0,00	Xapón	208.375,6	0,68
Angola	3,0	0,00	Luxemburgo	206.516,3	0,67
Ecuador	2,0	0,00	Tailandia	202.203,0	0,66
Dinamarca	0,8	0,00	Emiratos Árabes Unidos	179.461,4	0,58
Austria	0,3	0,00	Australia	166.944,0	0,54
Bélxica	0,3	0,00	Resto países	1.196.332,8	3,89
Total	236.380,0	100,00	Total	30.764.327,2	100,00

Datos provisionais.

Fonte: DataInxex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Na desagregación por países apréciase como España e Galicia comparten como emisores de investimento certos países europeos, mais asemade teñen pautas diferentes, tanto na orixe como na concentración. A nivel nacional a concentración é menor, manténdose tamén Estados Unidos á cabeza, neste caso co 32,5 % do total. Con todo, do resto de principais países que invisten en Galicia e España, tan só Alemaña se sitúa en ambos os casos nunha posición similar.

Cadro núm. 17

Procedencia última do investimento estranxeiro bruto produtivo efectuado en Galicia desde 2010 ata 2025

País	Miles de euros	%
Portugal	807.357	19,21
Brasil	672.299	16,00
Estados Unidos	611.176	14,54
Reino Unido	342.962	8,16
República Checa	269.664	6,42
Francia	201.152	4,79
España	187.957	4,47
Italia	144.518	3,44
Canadá	136.695	3,25
China	119.531	2,84
Resto países	709.172	16,88
Total	4.202.483	100,00

Datos provisionais.


Fonte: DataInxex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

se sitúa dentro dos dez investidores principais en Galicia, ocupando o sétimo posto cun IED acumulado do 4,5 %.

Ademais é importante coñecer os desinvestimentos ou o investimento neto, é dicir, a diferenza entre o investimento bruto e os desinvestimentos declarados, por transmisións ou liquidacións totais ou parciais. En España, o desinvestimento produtivo descendeu un 41 %, ata os 8.716 millóns de euros, o que deixa o fluxo de investimento neto en algo máis de 22.000 millóns de euros, unha cifra similar á de 2024. Respecto á orixe última, destacan os desinvestimentos de Estados Unidos (32,9 % do total) e Alemaña (15 % do total).

No cadro 17 preséntase o IED produtivo acumulado recibido por Galicia no período 2010-2025. Os datos mostran como os principais investidores seguen a ser o veciño Portugal e o Brasil, representando conxuntamente o 35,2 % do IED total do período. A posición transfronteiriza de Galicia con Portugal e os lazos deste último co Brasil poden supoñer un factor relevante de captación de investimentos produtivos do Brasil. Estados Unidos mantense no terceiro lugar co 14,5 % do total do período. Coa inclusión do ano 2025, España tamén

A nivel rexional, os desinvestimentos están tamén moi concentrados e en parte influenciados polo efecto sede, dándose os maiores niveis nas mesmas rexións que a maior entrada bruta. En 2025 Madrid acumula máis da metade do desinvestimento produtivo nacional, sendo este arredor dun terzo da súa entrada bruta de IED. En 2025 Cataluña sufriu un desinvestimento de case a metade do IED recibido, o que representa o 28 % do total nacional. Os niveis de desinvestimento en Galicia son tradicionalmente baixos, ascendendo a 12,5 millóns de euros en 2025.



O IED emitido por Galicia

O IED emitido por Galicia supuxo unicamente 282,2 millóns de euros, a terceira cifra máis baixa do último cuarto de século, só superior á de 2003 e 2021. A totalidade do IED galego emitido son operacións de investimento en capital/patrimonio e sae maioritariamente da provincia da Coruña (89,2 %) e o restante de Pontevedra.

Cadro núm. 18
Distribución territorial do investimento español bruto no exterior

	2024		2025		TVI (%) 2024/2025
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	46,6	0,1	80,2	0,4	72,24
Aragón	731,2	1,7	72,2	0,4	-90,12
Cantabria	233,7	0,6	452,1	2,5	93,44
Castela e León	277,9	0,7	34,1	0,2	-87,72
Castela-A Mancha	28,0	0,1	26,4	0,1	-5,82
Cataluña	7.599,7	18,2	3.452,7	18,9	-54,57
Madrid	21.789,6	52,1	9.941,5	54,3	-54,38
C. Valenciana	463,3	1,1	461,9	2,5	-0,30
Extremadura					
Galicia	3.368,4	8,0	282,2	1,5	-91,62
Baleares	509,8	1,2	552,3	3,0	8,35
Canarias	3,6	0,0	36,1	0,2	914,22
A Ríoxa	0,9	0,0	3,5	0,0	284,72
Navarra	0,0	0,0	27,3	0,1	230.819,00
País Vasco	4.809,6	11,5	2.521,5	13,8	-47,57
Asturias	1.824,8	4,4	340,1	1,9	-81,36
Murcia	165,4	0,4	21,8	0,1	-86,82
Ceuta e Melilla					
Total	41.852,3	100,0	18.305,9	100,0	-56,26

Datos provisionais.
Fonte: DataInxex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

O fluxo de investimento bruto total español no estranxeiro en 2025 foi de apenas 18.300 millóns de euros, cunha caída superior ao 56 % (cadro 18), e concentrouse en esencia en operacións de capital e patrimonio (variación do -63,5 %). A nivel rexional o comportamento é heteroxéneo, pero Madrid permanece como principal emisora de IED, seguida por Cataluña, ambas cun peso levemente superior ao anotado en 2024, pero cun volume de IED un 54 % in-

ferior nos dous casos. No conxunto nacional Galicia perde peso, baixando do 8 % de 2024 ao 1,5 % en 2025.

No cadro 19 preséntase o IED emitido a nivel autonómico diferenciando operacións ETVE e non ETVE tanto en termos brutos como netos, polo que tamén permite analizar o desinvestimento. A nivel nacional, o IED bruto saínte ETVE reduciuse en 2025 un 56,7 %, ata pouco máis de 1.000 millóns de euros, representando o 5,5 % do total do IED emitido. Este procede só de tres rexións, entre as que non se atopa Galicia, sendo como é habitual a emisora maioritaria Madrid con máis do 98 %. En termos netos, este tipo de IED non chega aos 318 millóns de euros, o que implica un desinvestimento duns 690 millóns de euros, tamén concentrados en Madrid.

Cadro núm. 19
Distribución territorial, ETVE e non ETVE, do investimento español bruto e neto no exterior en 2025

	Investimento bruto				Investimento neto	
	Non ETVE		ETVE		Non ETVE	ETVE
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	Millóns de euros
Andalucía	80,23	0,46			59,34	
Aragón	72,22	0,42			32,09	
Cantabria	452,13	2,61			-7.010,36	
Castela e León	34,13	0,20			18,79	
Castela-A Mancha	26,35	0,15			26,35	
Cataluña	3.436,50	19,87	16,23	1,61	821,36	16,23
Madrid	8.950,32	51,74	991,16	98,29	1.911,89	419,40
C. Valenciana	461,88	2,67			423,76	
Extremadura	0,00	0,00			0,00	
Galicia	282,17	1,63			149,65	
Baleares	552,34	3,19			418,90	-0,37
Canarias	35,07	0,20	0,98	0,10	33,87	-3,81
A Ríoxa	3,50	0,02			3,50	
Navarra	27,34	0,16			26,43	
País Vasco	2.521,47	14,58			2.504,87	-113,43
Asturias	340,06	1,97			30,77	
Murcia	21,80	0,13			21,80	
Ceuta e Melilla						
Total	17.297,52	100,00	1.008,38	100,00	-526,98	318,03

Datos provisionais.
Fonte: DataInvox. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

O IED produtivo emitido por España baixou un 56,2 %. Na distribución rexional, ao igual que en anos previos e como ocorre co IED recibido, Madrid concentra algo máis da metade do investimento. As outras rexións con maior emisión de IED en 2025 foron Cataluña (19,9 %) e País Vasco (14,6 %). En termos netos o IED produtivo emitido por España foi negativo (-527 millóns de euros) por primeira vez desde que se teñen rexistros, o que supón un desinvestimento de 17.825 millóns de euros en 2025. O maior deuse en Cantabria, que neste ano ten un investimento neto negativo que supera os 7.000 millóns de euros. En segundo lugar sitúase Madrid, que desinvestiu máis de 7.000 millóns de euros. O desinvestimento galego foi de 132,5 millóns de euros, o 47 % do emitido.

O IED produtivo saínte de España dirixiuse case na súa totalidade a empresas non cotizadas (99,7 %). Segundo o último *Boletín de Inversiones Exteriores* da *Dirección General de Comercio Internacional e Inversiones* (marzo de 2026), os investidores nacionais escolleron principalmente operacións de nova achega (81,2 %) e, dentro destas, os proxectos *brownfield* (42,1 % do total de IED emitido).

A estrutura sectorial do IED bruto produtivo emitido por Galicia e España recóllese nos cadros 20 e 21, tanto a distribución por sector de orixe como de destino. As actividades financeiras e de seguros, con dous terzos do IED, sitúanse como principal sector emisor. A moita distancia atópase o segundo sector en importancia, a industria manufactureira (9,8 %). A nivel galego, a orixe do IED emitido está concentrada nas actividades inmobiliarias, que acumulan o 60,2 % do total. Sobre o total deste sector, Galicia envía o 34,2 % do IED con orixe no sector inmobiliario, sendo este comportamento liderado

Cadro núm. 20

Distribución do investimento estranxeiro bruto produtivo no exterior por sector de orixe en 2025

Sectores	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	15,0	0,0	7.576,2	0,0	0,2
Industrias extractivas			7.151,7	0,0	
Industria manufacturera	10.669,3	3,8	1.700.803,9	9,8	0,6
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado			606.615,1	3,5	
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			73.328,1	0,4	
Construción	41.922,6	14,9	356.229,2	2,1	11,8
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	12.321,2	4,4	380.737,9	2,2	3,2
Transporte e almacenamento			959.100,8	5,5	
Hostalería	66,8	0,0	77.763,6	0,4	0,1
Información e comunicacións	1.090,0	0,4	818.140,6	4,7	0,1
Actividades financeiras e de seguros	21.831,9	7,7	11.552.597,8	66,8	0,2
Actividades inmobiliarias	169.804,3	60,2	496.849,5	2,9	34,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	24.232,8	8,6	132.788,9	0,8	18,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	220,3	0,1	66.045,5	0,4	0,3
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria					
Educación					
Actividades sanitarias e de servizos sociais			22.339,7	0,1	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			11.500,0	0,1	
Outros servizos			3.255,1	0,0	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais					
Persoas físicas (sen sector de actividade)	0,0	0,0	24.692,3	0,1	0,0
Total	282.174,2	100,0	17.297.515,9	100,0	1,6

Datos provisionais.

Fonte: DataInvex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 21

Distribución do investimento estranxeiro bruto produtivo no exterior por sector de destino en 2025

Sectores	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	5.153,5	1,8	42.156,9	0,2	12,2
Industrias extractivas			43.416,9	0,3	
Industria manufacturera	3.999,3	1,4	1.862.864,9	10,8	0,2
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	20.598,6	7,3	5.643.891,9	32,6	0,4
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			86.799,0	0,5	
Construción	40.292,4	14,3	487.540,9	2,8	8,3
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	17.201,0	6,1	459.480,5	2,7	3,7
Transporte e almacenamento	535,6	0,2	1.876.153,9	10,8	
Hostalería	9.275,6	3,3	201.294,0	1,2	4,6
Información e comunicacións	50,0	0,0	1.239.692,7	7,2	0,0
Actividades financeiras e de seguros	3.349,5	1,2	4.596.111,5	26,6	0,1
Actividades inmobiliarias	181.473,6	64,3	472.929,8	2,7	38,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	220,3	0,1	92.417,1	0,5	0,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares			94.292,1	0,5	0,0
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria					
Educación			546,0	0,0	
Actividades sanitarias e de servizos sociais			48.348,9	0,3	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			49.199,7	0,3	
Outros servizos	25,0	0,0	379,3	0,0	6,6
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais					
Total	282.174,2	100,0	17.297.515,9	100,0	1,6

Datos provisionais.

Fonte: DataInvex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

polos investimentos do Grupo Pontegadea. En segundo lugar aparece a construción con case o 15 % do total.

O destino sectorial dos investimentos galegos (cadro 21), como é habitual, foi parar maioritariamente a actividades inmobiliarias (64,3 %), pero perdendo Galicia moito peso no global nacional respecto a anos previos nos que superaba o 90 % do total sectorial (actualmente representa o 38,4 %).

Cadro núm. 22

Destino do investimento bruto produtivo galego e español no exterior (non ETVE)

Área de destino	Galicia		España		% Galicia/ España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
2024					
UE-27	3.025.283	89,8	15.458.728	39,1	19,6
Resto de Europa			5.096.727	12,9	
América do Norte	140.199	4,2	9.241.387	23,4	1,5
América Latina	180.570	5,4	8.259.255	20,9	2,2
Resto de América			84.760	0,2	
Asia e Oceanía	7.777	0,2	1.320.836	3,3	0,6
África	14.563	0,4	63.682	0,2	22,9
Total	3.368.392	100,0	39.525.373	100,0	8,5
2025					
UE-27	201.076	71,3	5.489.193	31,7	3,7
Resto de Europa	1	0,0	709.448	4,1	0,0
América do Norte	5.527	2,0	3.654.055	21,1	0,2
América Latina	67.560	23,9	6.625.774	38,3	1,0
Resto de América			37.825	0,2	
Asia e Oceanía	7.880	2,8	668.360	3,9	1,2
África	129	0,0	112.861	0,7	0,1
Total	282.174	100,0	17.297.516	100,0	1,6

Datos provisionais.

Fonte: DataInvox. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 23

Destino do investimento bruto produtivo galego e español no exterior en 2025

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Alemaña	159.070	56,4	Estados Unidos	3.559.576	20,6
Portugal	32.480	11,5	México	3.326.709	19,2
Brasil	30.169	10,7	Brasil	2.321.188	13,4
Colombia	10.900	3,9	Luxemburgo	1.253.274	7,2
Chile	9.527	3,4	Irlanda	898.639	5,2
Polonia	9.189	3,3	Países Baixos	857.793	5,0
Panamá	7.517	2,7	Reino Unido	672.117	3,9
Emiratos Árabes Unidos	5.397	1,9	Italia	486.027	2,8
Guatemala	5.154	1,8	Bélxica	443.851	2,6
Canadá	3.637	1,3	Portugal	410.590	2,4
India	2.402	0,9	Australia	364.551	2,1
México	1.909	0,7	Alemaña	340.820	2,0
Estados Unidos	1.891	0,7	Croacia	322.373	1,9
Ecuador	1.238	0,4	Colombia	246.401	1,4
Perú	536	0,2	Francia	218.191	1,3
Arxentina	523	0,2	Chile	201.852	1,2
Francia	337	0,1	Perú	182.501	1,1
Mozambique	129	0,0	Taiwán	106.446	0,6
República Dominicana	87	0,0	Canadá	94.479	0,5
Indonesia	81	0,0	Polonia	92.704	0,5
Reino Unido	1	0,0	Venezuela	90.280	0,5
Quenia	0	0,0	Resto países	807.155	4,5
Total	282.174	100,0	Total	17.297.516	100,0

Datos provisionais.

Fonte: DataInvox. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

O segundo en importancia relativa é a construción (14,3 %). A nivel nacional os sectores destacados difiren do que ocorre en Galicia, estando moito máis repartido o destino. O sector receptor máis relevante en 2025 é o das subministracións, cun terzo do total, ganando máis de 10 puntos porcentuais respecto ao ano anterior. Na segunda posición atópanse as actividades financeiras, que tamén crecen en representación (26,6 %). Arredor do 10 % do total sitúanse a industria manufactureira e o sector do transporte.

Desde un punto de vista xeográfico, pode observarse no cadro 22 que en España as áreas receptoras da case totalidade do IED emitido son países europeos e americanos. A área receptora principal cambia da UE-27 (31,7 %) a América Latina (38,3 %), colocándose en terceiro lugar América do Norte, aínda que cun descenso dos investimentos en termos absolutos respecto a 2024. De forma máis precisa (cadro 23), o destino dos fondos españois é principalmente Estados Unidos (20,6 %), mentres ascenden posicións e representación México (19,2 %) e Brasil (13,4 %).

Cadro núm. 24
**Destino do investimento estranxeiro
bruto produtivo emitido por Galicia desde 2010 ata 2025**

País	Miles de euros	%
Estados Unidos	5.517.152	27,79
Luxemburgo	3.758.688	18,93
Reino Unido	2.508.694	12,64
Países Baixos	1.708.782	8,61
Canadá	1.171.269	5,90
Portugal	619.467	3,12
Arxentina	531.786	2,68
Alemaña	446.501	2,25
Francia	416.663	2,10
Resto países	3.174.551	15,99
Total	19.853.554	100,00

Datos provisionais.
Fonte: DataInvx. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

cepción de investimento os socios habituais, isto é, Alemaña (56,4 %), Portugal (11,5 %) e Brasil (10,7 %); mentres sae desta listaxe Luxemburgo, o maior receptor con diferenza en 2024.

Considerando o IED produtivo bruto saínte acumulado no período 2010-2025, dado o baixo nivel de IED saínte, apenas se ve afectada a clasificación dos principais receptores (cadro 24). A única diferenza dáse na zona baixa, da cal sae Brasil e entra Alemaña tras as operacións de 2025.

En Galicia a distribución territorial está moito máis concentrada que a nivel nacional, sendo os países da UE-27 os maiores receptores (71,3 %), aínda que perdendo importancia en relación a 2024 onde acumulaban case a totalidade do IED emitido, achegando o 16,3 % do IED nacional con este destino. O IED enviado a América Latina, destino tradicional do IED galego, recupera peso representando o 23,9 %. Segundo o destino (cadro 23), Galicia enviou fondos a 22 países, sendo os líderes en re-

VII. Construción

- Despois de seis anos, a construción consegue recuperar os niveis de produción previos á pandemia.
- Pese á alza de prezos, a baixa rendibilidade frea a promoción e mantén o investimento en vivenda no 5,8 % do PIB.
- Os custos do sector repuntan arrastrados polo aumento dos salarios.
- A diferenza do resto de España, a construción galega destrúe emprego e eleva o paro en 2025.
- O total de vivendas terminadas en 2025 en Galicia apenas supera o milleiro e as compras crecen a un ritmo superior ao de España.
- Na última década, a vivenda protexida en propiedade vólvese residual en España e practicamente desaparece en Galicia.
- Os prezos das vivendas en Galicia dispáranse a ritmos do mercado español, pero o alugueiro galego parece menos tensionado que o estatal.
- Tras a declaración da Coruña como zona tensionada, estabilízanse as rendas e caen con forza os contratos de alugueiro.
- A baixada dos tipos hipotecarios sostén a accesibilidade á compra pese ao encarecemento real da vivenda.
- Na Coruña e Vigo, o alugueiro absorbe o 40 % da renda dun mozo, fronte ao 30 % en Lugo.
- A ausencia de orzamentos xera máis irregularidade no gasto en obra pública estatal e despraza o protagonismo cara ás Administracións autonómica e local.

Introdución

Durante 2025, o sector da construción en España atravesou unha fase expansiva, con elevados niveis de actividade, investimento e confianza empresarial. O dinamismo do mercado inmobiliario, reflectido no crecemento da oferta e, sobre todo, da demanda —favorecida pola mellora das condicións financeiras—, viuse acompañado por un encarecemento sostido da vivenda, tanto en compra como en alugueiro, o que intensificou os problemas de accesibilidade. No ámbito laboral, o emprego continuou medrando, aínda que condicionado pola persistente escaseza de man de obra cualificada. Pola súa banda, no ámbito público, a prórroga dos orzamentos xerais do Estado limitou a capacidade de planificación investidora, aínda que o despregamento dos fondos *Next Generation* contribuíu a soste a licitación oficial, especialmente a través de proxectos de rehabilitación e de obra civil.

En Galicia, a evolución do sector presenta algúns trazos diferenciais. A oferta de vivenda mostrou unha maior rixidez que no conxunto de España e, a pesar do incremento no inicio de novas promocións, o número de vivendas terminadas continuou diminuindo. Ao mesmo tempo, a demanda mantivo unha traxectoria ascendente, premendo á alza os prezos, que creceron a un ritmo non inferior á media estatal. No mercado laboral obsérvanse sinais mixtos, cunha lixeira contracción da ocupación estimada, pero un moderado aumento das afiliacións á Seguridade Social. Finalmente, no ámbito público, 2025 caracterizouse por unha recuperación do investimento, sobre todo en obra civil, reforzando o papel das Administracións autonómica e local como motores da actividade.

Indicadores de actividade

Os tres primeiros cadros e gráficos ofrecen unha visión xeral da evolución do sector da construción en España e Galicia a través de diversos indicadores. Estes estimadores reflicten a actividade global, abarcando tanto a edificación residencial como a non residencial e a obra civil.


No ano 2025 o valor engadido de construción (VEB) español creceu un 5,6 %, sendo un dos motores que impulsou o aumento do PIB español. Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), en Galicia a produción de construción aumentou aínda máis que a estatal, ofrecendo un 7,6 % de crecemento real, cinco puntos por riba do PIB galego¹. Grazas a estas elevadas taxas a construción conseguiu recuperar os niveis de actividade do ano previo á pandemia. Con todo, o peso relativo da construción no conxunto da economía aínda é lixeiramente inferior ao do ano 2019.

Cadro núm. 1
Indicadores do sector da construción en España. Taxas de variación interanuais (en %)

	2023	2024	2025	2025			
				I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	1,1	4,8	5,6	2,8	4,5	7,9	7,2
FBCF. Construción. Vivendas	0,8	2,1	5,1	3,7	5,2	5,0	6,5
FBCF. Construción. Outros	11,7	6,2	5,3	1,3	1,2	10,0	8,9
Índice de produción	7,1	3,7	3,4	2,1	8,4	3,5	0,2
Ocupados	3,2	4,7	4,5	4,3	3,1	5,3	5,4
Paro estimado	-4,2	1,6	-7,9	-9,1	-12,3	-12,0	2,5
Afiliación á Seguridade Social	3,8	1,8	3,1	2,3	2,7	3,5	4,1
Paro rexistrado	-8,8	-4,8	-10,8	-9,2	-10,0	-12,9	-11,0
Consumo de cemento	-2,7	2,7	12,0	8,8	5,6	16,1	17,2
Licitación oficial SEOPAN	-8,8	4,2	9,4	19,6	16,4	-11,6	15,8
Índice de custos do sector	2,6	0,7	2,6	2,2	2,2	4,7	1,4

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA e INE.


¹ Estas cifras corresponden aos datos revisados da contabilidade trimestral do Instituto Galego de Estatística (IGE). As revisións da contabilidade trimestral do IGE introducen fortes cambios nas cifras contables de toda a serie, polo que os datos de anos anteriores do VEB ofrecidos no cadro 2 non coinciden cos mostrados en pasados *Informes*, e os actuais diferirán dos que se ofrezan en anos vindeiros.



O investimento en construción na economía española, medido a través da formación bruta de capital fixo (FBCF), medrou en 2025 un 5,2 % en termos reais. No segmento residencial, o investimento aumentou un 5,1 %, o que supón unha mellora de tres puntos respecto a 2024. A FBCF do sector incrementou lixeiramente o seu peso no PIB, ata o 10,8 %, mentres que a parte correspondente a vivenda se mantivo no 5,8 %, un nivel aínda reducido dada a escaseza de oferta existente no mercado residencial.

A pesar das continuadas subidas de prezos, o investimento en vivenda non parece responder coa intensidade que cabería esperar. Iso explícase porque, mesmo nun contexto de aumento dos prezos de venda, a promoción residencial non alcanza niveis de rendibilidade suficientes para os promotores. Entre os principais factores que limitan esta rendibilidade destacan a escaseza de chan urbano consolidado e un marco regulador complexo e tortuoso, que prolonga os prazos de execución, eleva os custos e aumenta a incerteza, reducindo así o atractivo económico dos proxectos de urbanización.

Outros indicadores de actividade, que se mostran no cadro 1, ofrecen unha perspectiva optimista sobre a evolución do sector en 2025. O índice de produción das empresas² crece un 3,4 %, mentres que o consumo aparente de cemento se dispara cun incremento do 12 %. O peor dato mostrado no cadro é a repunta do 2,6 % nos custos do sector, despois da moderación mostrada en 2024. Se descompoñemos o aumento de custos nos seus compoñentes, obsérvase que o principal responsable da inflación é a man de obra, cuxo custo sobe un 5,6 %, mentres que “materiais e consumos diversos” encarecen unha media do 1,3 %. A escaseza de man obra cualificada no sector de edificación explica este comportamento.



No gráfico 2 móstrase o indicador de clima da construción³ (ICC). Durante os primeiros meses de 2025, o ICC ofrece unha traxectoria ascendente, como reflicte a liña de tendencia no gráfico, evidenciando a mellora na carteira de pedidos e o dinamismo da edificación residencial e a rehabilitación. No segundo semestre, o ICC estabilízase en niveis altos con lixeiras oscilacións e as expectativas positivas ratifícanse nos tres primeiros meses de 2026. Así, en 2025 existe unha mellora nas expectativas xerais respecto a 2024, como

² O índice de produción da construción (IPCO) ten como obxectivo medir a evolución mensual da actividade das empresas que forman parte do sector da construción en España, a partir do seu valor engadido. Substitúe a Enquisa de Índices de Produción da Industria da Construción publicada polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible ata decembro de 2025.

³ O ICC é o principal indicador sintético que se obtén na Enquisa de Conxuntura do Sector da Construción. O ICC resume a información proporcionada polas empresas entrevistadas sobre a situación da súa carteira de pedidos global no mes de referencia e as expectativas de emprego a tres meses. O ICC obtense como a media dos saldos de opinións empresariais referidos á tendencia do emprego e á carteira de pedidos do sector. Por exemplo, un valor de +12 do saldo significa que a porcentaxe de opinións positivas supera en 12 puntos a de opinións negativas.

mostra o incremento do saldo medio anual que pasa de 7,8 en 2024 a 16 en 2025.

A carteira de pedidos, que é o compoñente máis influente do ICC, experimentou unha mellora clara no primeiro semestre, con aumento de pedidos especialmente en vivenda nova e rehabilitación, malia que no segundo semestre e comezos de 2026 a tendencia crecente se debilitou, pero conservando valores positivos.

As expectativas de emprego confirman a tendencia favorable que se observa desde 2024, aumentando o seu valor medio, que supera os 16 puntos, continuando moi por enriba da súa media a longo prazo, que é negativa (-10,2 puntos). A pesar desta valoración, as expectativas de emprego vense freadas pola escaseza de man de obra cualificada e non cualificada e os custos laborais crecentes.

Por sectores de actividade, a obra civil presenta unhas expectativas moi positivas (cunha media de 29 en 2025). Con todo, nas actividades de edificación as perspectivas son menos optimistas, cun saldo medio de apenas dous puntos positivos, que, con todo, melloran o saldo negativo que se observaba en 2024 (-4,4). Porén, nos tres primeiros meses de 2026 a construción de edificios parece algo máis animada cun saldo de seis puntos positivos.

A evolución do mercado de traballo de construción do conxunto de España en 2025 foi dinámica con aumentos da ocupación e das afiliacións á Seguridade Social. Con todo, en Galicia a valoración é menos optimista, xa que a ocupación descende, o desemprego medra e o número de afiliados á Seguridade Social sobe pero moi lixeiramente.

A construción española sumou algo máis dun millón e medio de ocupados no ano 2025, segundo a enquisa de poboación activa (EPA), o que representa un incremento do 6,4 %. A esta positiva evolución engádese o descenso do 7,9 % no paro estimado. Así, a EPA debuxa un panorama moi positivo do mercado laboral, que ve reducir a súa taxa de paro ata o 6,4 %, situándose no seu valor máis baixo desde o ano 2006⁴. Corroborando esta valoración, a media de afiliados á Seguridade Social o último día de cada mes en 2025 crece un 3,1 %, chegando a 1,45 millóns; dos cales os afiliados ao réxime xeral (1.035 millóns) aumentan algo máis (3,5 %) que os autónomos (418.000), que crecen un 2,1 %. Ademais, o número de parados rexistrados cae case un 11 %, situándose por baixo dos 200.000.

Por outra banda, o número de empresas de construción rexistradas na Seguridade Social medrou un 2,1 %, ata a cifra de 142.101, aumentando en maior proporción o número das grandes (con 250 ou máis traballadores) e medianas (50-250 traballadores). Por último, o número de novos contratos realizados en 2025 (835.388) creceu un 0,3 %, observándose unha pequena caída nos contratos de enxeñería civil, mentres que en edificación e actividades especializadas subían lixeiramente.


Fronte á tendencia positiva vista para o conxunto de España, o mercado laboral galego de construción mostra unha evolución negativa en 2025. Segundo a EPA, a ocupación redúcese e medra o paro. Esta tendencia vese reforzada polo aumento no número de parados apuntados nas oficinas de

Cadro núm. 2
Indicadores do sector da construción en Galicia. Taxas de variación interanuais (en %)

	2023	2024	2025	2025			
				I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	3,4	4,8	7,3	5,2	6,4	8,4	9,3
Ocupación	0,4	6,6	-4,5	-1,1	-4,9	-13,4	1,6
Paro estimado	-34,0	9,4	27,2	-16,7	57,9	5,4	89,3
Afiliación á Seguridade Social	1,7	1,0	1,8	1,4	1,7	1,6	2,5
Paro rexistrado	-10,6	-11,2	-13,4	-12,7	-13,6	-16,2	-10,9
Licitación oficial SEOPAN	14,9	-30,7	25,6	40,7	38,7	-11,2	54,9

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA, INE e IGE.

⁴ Aínda que hai que advertir que esta comparación adoece de problemas metodolóxicos, xa que desde 2022 a EPA polo seu tratamento dos traballadores fixos-descontinuos pode considerar ocupados traballadores que antes non eran tomados como tales.



emprego. O feble crecemento do número de afiliados á Seguridade Social non é suficiente para alterar a valoración negativa da tendencia.

Segundo a EPA, en 2025 o número medio de ocupados no sector da construción en Galicia situouse en 78.600 persoas, o que representa un descenso do 4,5 % en comparación co ano anterior. Esta caída concéntrase principalmente nas provincias de Pontevedra e Ourense, mentres que o emprego se mantén estable na Coruña e rexistra un lixeiro incremento en Lugo. Por provincias, A Coruña, con máis de 36.000

ocupados, concentra preto da metade do emprego do sector, seguida de Pontevedra (25.000), Lugo (9.600) e Ourense (7.500).

Os datos de afiliación á Seguridade Social nas actividades de construción son os únicos que achegan certo optimismo ao mercado laboral. En 2025, o número medio de afiliados en Galicia —computados o último día de cada mes— situouse en 82.737, o que supón un incremento do 1,8 % respecto ao ano anterior. Este aumento explícase por un crecemento do 2,4 % nos afiliados ao réxime xeral (que representan o 67 % do total) e do 0,6 % entre os traballadores autónomos (33 %). Por provincias, a maior medra da afiliación anótase na Coruña (2,3 %), seguida de Pontevedra (1,6 %) e de Lugo e Ourense, que presentan subidas do 1,3 % en ambos os casos.

No cadro 3 preséntanse dous indicadores do desemprego no sector da construción en Galicia e as súas provincias. Segundo a EPA, o paro na construción galega creceu un 27,2 %, situándose ao redor das 4.000 persoas, mentres que o paro rexistrado descendeu un 13,4 %, con algo máis de 7.000 desempregados rexistrados nas oficinas de emprego⁵.

Por provincias, a evolución do desemprego estimado pola EPA mostra diferenzas significativas: Pontevedra experimenta un forte incremento, A Coruña presenta un aumento máis moderado (ao redor do 7 %) e, en cambio, Lugo e Ourense sofren descensos acusados. Pola súa banda, o paro rexistrado mostra un comportamento máis homoxéneo, con reducións nas catro provincias en liña coa media galega (cadros 2 e 3 e gráfico 3).

Cadro núm. 3
O mercado de traballo na construción (medias do período). Ano 2025

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Ocupación						
Miles	36,3	9,6	7,5	25,3	78,6	1.530,0
TVI (%)	-0,6	2,1	-7,4	-10,9	-4,5	4,5
Paro estimado						
Miles	1,2	0,1	0,5	3,1	4,8	103,9
TVI (%)	7,0	-75,0	-52,6	146,0	27,2	-7,9
Paro rexistrado						
Miles	3,0	0,7	0,8	2,6	7,1	181,2
TVI (%)	-13,6	-14,6	-14,8	-12,2	-13,4	-10,8
Afiliación á Seguridade Social						
Miles	38,4	9,1	8,6	26,6	82,7	1.448,0
TVI (%)	2,2	1,7	1,3	1,3	1,8	3,1

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA e INE.

⁵ Hai que lembrar que os criterios de medición son distintos nas dúas fontes: o paro rexistrado mide persoas que están en listas, e a EPA mide situacións reais de emprego/desemprego segundo as respostas da xente. Algunhas persoas apuntadas no SEPE non están desempregadas realmente (poden buscar un segundo emprego por exemplo) e, ademais, a EPA capta tamén parados "invisibles", como mozos que buscan o seu primeiro emprego pero non se rexistraron.

Segundo o Ministerio de Traballo e Economía Social, o número de empresas dedicadas a actividades de construción rexistradas na Seguridade Social descendeu un 0,6 % en 2025, situándose en 8.472, o que representa ao redor do 10,5 % do total de empresas galegas. Esta redución explícase polos descensos rexistrados na Coruña (-1,6 %) e Pontevedra (-0,3 %), que non logran ser compensados polos incrementos observados en Lugo (+1,5 %) e Ourense (+0,9 %).

Así mesmo, e a diferenza do ocorrido no conxunto do Estado, rexistrouse unha lixeira caída no número de novos contratos de traballo que, cun total de 28.506, supoñen un descenso do 0,5 % respecto a 2024. Esta redución é especialmente significativa nas actividades de enxeñería civil (-5,9 %) e de construción de edificios (-2,6 %), mentres que os contratos en actividades especializadas de construción aumentaron un 2,9 %.

Por ocupacións, as maiores caídas na contratación corresponden a “encofradores e operarios de posta en obra de formigón” (-12,3 %) e “albaneis” (-5,4 %). En contraste, aumentan as de “montadores de estruturas metálicas” (20 %), “peóns da construción de edificios” (12,9 %) e “pintores e empapeladores” (6,5 %).

Vivenda

Este informe analiza a continuación o mercado da vivenda en España e Galicia durante o ano 2025. Para avaliar a oferta, utilízanse os certificados de inicio de obra e os visados de fin de obra emitidos polos arquitectos técnicos. Polo lado da demanda, o estudo apóiase nas compravendas ante notario, as inscricións nos rexistros da propiedade e as hipotecas constituídas. Ademais, inclúese unha estimación do mercado inmobiliario nas sete principais cidades galegas, cuxas áreas concentran preto da metade da poboación da comunidade.

O exercicio 2025 confirma a persistencia do déficit de oferta no sector residencial español. Esta brecha estrutural xerou unha presión alcista nos prezos con taxas de variación interanual que alcanzan os dous díxitos, evidenciando a ineficacia das medidas reguladoras actuais. Entre os factores que frean a oferta destacan o aumento dos custos laborais, a escaseza de man de obra cualificada e as barreiras burocráticas na xestión e desenvolvemento do chan urbanizable. O mercado galego reproduce este comportamento: a inflación no prezo de adquisición alíñase coa tendencia estatal, malia que o mercado do alugueiro galego parece menos tensionado en comparación coa media estatal.

Segundo se recolle no cadro 4, as vivendas iniciadas en España —aproximadas a través dos visados de dirección de obra— alcanzaron en 2025 as 139.000 unidades, o que supón un incremento do 8,8 %. Pola contra, a oferta de vivendas terminadas amosou unha evolución negativa: en 2025 rematáronse algo máis de 88.000 vivendas libres, o que representa un descenso do 9,8 %. A esta cifra engádense unhas 11.000 vivendas protexidas (vp) finalizadas —un 35 % menos que en 2024—, o que sitúa o total de novas vivendas incorporadas ao mercado ao redor das 100.000 unidades. Se se ten en conta que en 2025 se crearon uns 230.000 novos fogares, o resultado é un déficit que supera as 100.000 vivendas, que se suma ao xa acumulado en anos anteriores.

Cadro núm. 4
A vivenda en España. Principais indicadores de oferta

	2023	2024	2025	TVI (%)		
				2023	2024	2025
Visados de dirección de obra						
Vivenda nova	109.483	127.721	139.016	0,5	16,7	8,8
Visados de dirección de obra						
Obras de ampliación e reforma	22.328	23.949	24.384	-7,4	7,3	1,8
Certificados de fin de obra	87.565	97.837	88.254	-1,7	11,7	-9,8
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	12.304	23.967	15.503	-5,5	94,8	-35,3
VPO obra nova. Vivendas rematadas	8.847	14.371	11.104	-7,9	62,4	-22,7
VPO Rehabilitacións aprobadas	69.713	54.382	53.830	3,4	-22,0	-1,0

VPO: Vivenda de protección oficial
Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.



Cadro núm. 5
A vivenda en Galicia. Principais indicadores de oferta

	2023	2024	2025	TVI (%)		
				2023	2024	2025
Visados de dirección de obra Vivenda nova	3.498	5.985	6.337	4,7	71,1	5,9
Visados de dirección de obra. Obras de ampliación e reforma	1.462	1.709	1.700	28,0	16,9	-0,5
Certificados de fin de obra	2.358	2.341	854	-6,0	-0,7	-63,5
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	129	169	485	-51,0	31,0	187,0
VPO obra nova. Vivendas rematadas	18	5	166	-82,5	-72,2	3.220,0
VPO Rehabilitacións aprobadas	1.766	1.902	2.811	-14,2	7,7	47,8

VPO: Vivenda de protección oficial
Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Este desequilibrio entre unha oferta insuficiente e unha demanda en expansión continuará exercendo presión á alza sobre os prezos nos próximos anos. Ademais, a vivenda protexida dificilmente poderá mitigar esta tensión a curto prazo, dado o notable retroceso rexistrado tanto en vivendas iniciadas como terminadas durante 2025 no conxunto de España.

Nos cadros 5 e 6, así como nos gráficos 4 e 5, recóllense os principais indicadores de oferta de vivenda en Galicia. En 2025 iniciáronse 6.340 novas vivendas, o que supón un crecemento do 5,9 %



respecto ao ano anterior. Pola súa banda, as obras de ampliación e reforma situáronse ao redor das 1.700 actuacións, unha cifra similar á rexistrada en 2024. Con todo, a oferta efectiva experimentou unha notable contracción. As vivendas libres terminadas en Galicia reducíronse ata 854 unidades, o que representa unha caída do 64 %. Se se incorporan as vivendas protexidas, o total de vivendas finalizadas apenas supera as 1.000 unidades no conxunto do ano. Este volume resulta claramente insuficiente para atender a demanda residencial, xa que apenas chega a cubrir o 10 % dos novos fogares creados na comunidade en 2025. En consecuencia, o déficit relativo de oferta de vivenda nova en Galicia parece mesmo máis acusado que o observado a nivel nacional. Esta marcada insuficiencia de oferta constitúe un factor clave para explicar o crecente encarecemento de prezos e alugueiros en Galicia.

O gráfico 5 mostra a evolución da oferta de vivenda nas sete áreas urbanas galegas⁶ a partir das licenzas de obra concedidas polos respectivos municipios en-

⁶ Os municipios integrantes de cada unha das sete áreas urbanas son os seguintes: **Coruña:** A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros. **Ferrol:** Ferrol, Narón e Fene. **Santiago:** Santiago de Compostela, Ames, Oroso e Teo. **Lugo:** Lugo. **Ourense:** Ourense e Barbadás. **Pontevedra:** Pontevedra, Marín e Poio. **Vigo:** Vigo, Gondomar, Mos, Nigrán, Ponteareas, Porriño e Redondela.

Cadro núm. 6
Indicadores de oferta. Vivendas iniciadas e rematadas

	2021	2022	2023	2024	2025
Vivendas iniciadas (obra nova)					
A Coruña	1.122	1.266	1.551	2.466	2.591
Lugo	303	326	445	577	697
Ourense	205	333	253	414	472
Pontevedra	1.515	1.417	1.249	2.528	2.577
Galicia	3.145	3.342	3.498	5.985	6.337
España	108.318	108.923	109.483	127.721	139.016
Vivendas rematadas					
A Coruña	858	967	931	557	125
Lugo	595	413	170	197	100
Ourense	239	327	351	278	218
Pontevedra	748	802	906	1.309	411
Galicia	2.440	2.509	2.358	2.341	854
España	91.390	89.107	87.565	97.837	88.254

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

tre 2021 e 2024 (datos de 2025 non dispoñíbles ao peche deste informe). En 2024, os concellos destas áreas outorgaron un total de 1.687 licenzas de obra nova. A maior concentración rexístrase na Coruña, que representa o 35,7 % do total, seguida de Vigo (22 %), Lugo (16 %) e Santiago de Compostela (15,9 %). O crecemento foi especialmente intenso en Lugo (516 %) e en Santiago de Compostela (113 %), seguidas de Ferrol (13 %). Pola contra, no resto de áreas obsérvase un descenso no número de licenzas, particularmente acusado en Pontevedra (-93 %).

Ao relacionar as licenzas acumuladas coa poboación de cada área, obtemos a intensidade da oferta de vivenda en cada mercado. No conxunto do período 2021-2024, Santiago de Compostela, con 8 licenzas por cada 1.000 habitantes, presenta a maior intensidade de oferta, seguida da Coruña (7,4), Pontevedra (6) e Vigo (5,9). Por baixo da media urbana (5,3) sitúanse Lugo (4,9), Ourense (3,6) e Ferrol (1,1). Resulta pertinente vincular esta intensidade de oferta coa análise de prezos que se abordará máis adiante.

En relación coas políticas de vivenda, o esforzo orzamentario en 2025 mobilizou un volume de recursos significativo en termos absolutos, aínda que limitado en relación coa dimensión do mercado inmobiliario. A escala estatal, o Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 mobilizou ao redor de 1.700-1.800 millóns de euros para o conxunto do período —aproximadamente 400 millóns anuais—, aos que se suman os fondos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, cunha dotación próxima a 6.800 millóns de euros entre 2021 e 2026, concentrados en boa medida en actuacións de rehabilitación enerxética e financiados a través do programa *Next Generation EU*.

En Galicia, a política autonómica de vivenda presenta unha intensidade relativa elevada en termos de financiamento. A comunidade recibiu ao redor de 106 millóns de euros do Plan Estatal de Vivenda ao longo do seu período de vixencia e, adicionalmente, alcanzou en 2025 unha asignación orzamentaria récord. Nese exercicio, o presuposto autonómico destinado a vivenda ascendeu a 241 millóns de euros, o que significa un incremento do 32 % respecto ao ano anterior. O eixe central destas políticas, canalizadas fundamentalmente a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, é o impulso da vivenda pública, co obxectivo de duplicar o parque existente ata alcanzar as 8.000 vivendas. A tal fin, destináronse 126 millóns de euros á construción de novas promocións e á adquisición de chan. Con todo, como se analizará máis adiante, este obxectivo atópase aínda lonxe de materializarse.

Desde unha perspectiva económica, a magnitude destes recursos, tanto en España como en Galicia, resulta reducida en comparación co tamaño do mercado residencial e co desequilibrio existente entre oferta e demanda. Así mesmo, a composición do gasto evidencia unha orientación que prioriza as políticas de demanda —mediante subvencións ao alugueiro e, en menor medida, á compra— e a mellora do parque existente —a través da rehabilitación— fronte á expansión neta da oferta nos mercados máis tensionados. Esta configuración contribúe a explicar que, pese ao incremento do esforzo orzamentario, non se produciu unha corrección apreciable da inflación observada durante o período analizado, nin no conxunto de España nin en Galicia en particular.

Os cadros 4 e 5 recollen os resultados destas políticas en termos de vivendas protexidas iniciadas e terminadas, así como de rehabilitacións aprobadas. En toda España obsérvase un retroceso significativo tanto nas vivendas protexidas iniciadas como nas finalizadas: as primeiras redúcense un 35 % e as segundas un 23 %. Así mesmo, a pesar da dispoñibilidade de fondos europeos, as actuacións de rehabilitación aprobadas rexistran unha lixeira caída do 1 % respecto a 2024. Esta evolución conxunta

suxire un aproveitamento limitado dos recursos dispoñibles, sobre todo no caso dos fondos europeos que son de maior volume.

En contraste, Galicia mostra en 2025 unha mellora en materia de vivenda protexida tras os reducidos niveis de anos anteriores. As tres tipoloxías recollidas no cadro 5 experimentan avances significativos, malia que convén contextualizalos en relación co baixo punto de partida. Destaca o incremento das vivendas protexidas iniciadas, que pasan de 169 en 2024 a 485 en 2025. Así mesmo, finalízanse 166 vivendas, fronte ás apenas 5 do ano anterior, mentres que as rehabilitacións manteñen a súa traxectoria positiva, alcanzando as 2.800 actuacións. Con todo, e como se sinalou, este avance non foi suficiente para conter o crecemento dos prezos da vivenda na comunidade durante 2025 e non mellorou a accesibilidade nin de compradores nin, en especial, de inquilinos. No seguinte apartado valorarase o resultado das políticas de acceso á vivenda protexida en propiedade a través do estudo das transmisións das mesmas ante notario. Como se verá no apartado de demanda, a incidencia da vivenda protexida en propiedade no mercado é case irrelevante nos últimos dez anos en España e, en especial, en Galicia.

Cadro núm. 7
Indicadores de demanda de vivenda

	Número de transaccións			TVI (%)		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Galicia						
Notarías	24.082	28.359	30.659	-7,4	17,8	8,1
A Coruña	10.624	12.612	13.469	-7,5	18,7	6,8
Lugo	3.541	3.954	4.566	-2,1	11,7	15,5
Ourense	2.848	3.292	3.691	2,4	15,6	12,1
Pontevedra	7.069	8.501	8.933	-13,1	20,3	5,1
Rexistros	19.329	23.666	26.978	-11,6	22,4	14,0
A Coruña	9.170	11.061	12.548	-11,6	20,6	13,4
Lugo	2.309	3.024	3.470	-11,3	31,0	14,7
Ourense	2.004	2.338	2.880	5,3	16,7	23,2
Pontevedra	5.846	7.243	8.080	-16,3	23,9	11,6
España						
Notarías	638.591	715.678	752.098	-11,0	12,1	5,1
Rexistros	583.651	640.401	714.101	-10,2	9,7	11,5

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad*. INE.

Cadro núm. 8
Transaccións de vivenda en notarías. Ano 2025

	Núm. de transaccións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	1.063	12.406	7,3	6,8
Lugo	378	4.188	53,7	12,9
Ourense	246	3.445	49,1	10,2
Pontevedra	742	8.191	-30,7	10,2
Galicia	2.429	28.230	-1,8	9,1
España	68.086	684.012	3,8	5,2

Vivendas rexistradas. Ano 2024

	Núm. de transmisións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	3.202	9.346	18,4	11,8
Lugo	849	2.621	5,3	18,2
Ourense	662	2.218	40,0	18,9
Pontevedra	2.358	5.722	25,9	6,6
Galicia	7.071	19.907	20,7	11,8
España	155.854	558.247	16,0	10,3

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad*. INE.

A análise da demanda efectiva no mercado da vivenda baséase en tres indicadores fundamentais: as compravendas formalizadas ante notario, as transaccións rexistradas nos rexistros da propiedade e as hipotecas constituídas sobre bens inmo- bles⁷. Cabe sinalar que as series rexistrais derívanse das mesmas operacións reflecti- das polos notarios, aínda que cun certo desfasamento temporal na súa inscrición. As cifras correspondentes a España e Gali- cia ata o ano 2025 preséntanse nos cadros 7, 8, 9 e 10, así como nos gráficos 6 e 7.


En 2025, a compravenda de vivenda continuou mostrando un notable dina- mismo. Tanto as operacións formalizadas ante notario como as rexistradas alcanza- ron os niveis máis elevados dos últimos de- zaoito anos. É necesario remontarse a 2007 para atopar un volume de demanda efec- tiva superior ao reflectido no cadro 7, malia que a composición da devandita demanda —en termos de peso relativo da vivenda nova e usada— era entón sensiblemente distinta. En Galicia, ademais, a demanda efectiva medrou a un ritmo superior ao ob- servado no conxunto de España.

No ámbito nacional, as estatísticas no- tariais computan un total de 752.000 com-

⁷ O Consello Xeral do Notariado estima o número de transaccións levadas a cabo en notarías e estes cálculos son publicados polo Ministerio de Transportes. O Colexio de Rexistradores de España compila as transaccións inscritas nos rexistros da propiedade na *Estadística Rexistral Inmobiliaria* e estas cifras tamén se recollen nas series de compravenda de vivendas publicadas polo INE desde o ano 2007. Así mesmo, o INE publica a estatística de hipotecas que recolle as hipotecas constituídas sobre bens inmo- bles; estes datos son fornecidos polo Servizo de Sistemas de Información do Colexio Oficial de Rexistradores da Propie- dade e Mercantís de España.

pravendas, fronte ás 714.000 contabilizadas polos rexistros da propiedade, o que supón incrementos interanuais do 5,1 % e do 11,5 %, respectivamente. A mellora das condicións de financiamento, asociada á redución dos tipos de xuro, impulsou de forma significativa a demanda de vivenda. Esta tendencia viuse reforzada polas expectativas de continuidade na senda alcista dos prezos, o que incentivou o adianto de decisións de adquisición e situou a compra en niveis máximos do ciclo recente.


A pesar da persistente subida dos prezos, a oferta continúa mostrando unha elevada rixidez, de modo que o mercado segue estando dominado de forma abafadora pola vivenda usada. As 684.012 vivendas de segunda man adquiridas en España segundo datos notariais representan ao redor do 91 % do total de transaccións. Pola súa banda, a mellora das condicións financeiras traducíuse nun aumento significativo do número de hipotecas constituídas sobre vivendas, que superaron o medio millón de operacións, cun crecemento do 17,7 %.



En Galicia, as notaría rexistraron en 2025 un total de 30.559 transmisións. Esta cifra supón un incremento do 8,1 %, superior á media nacional, e sitúa o volume de demanda efectiva no nivel máis elevado dos últimos dezaioito anos. O mercado galego presenta unha estrutura aínda máis nesgada cara á vivenda usada, que representa o 92 % das operacións. A insuficiencia da oferta de novas residencias persiste, e en 2025 as aproximadamente 2.400 vivendas novas adquiridas supoñen un descenso do 1,8 %, sendo especialmente acusada a contracción na provincia de Pontevedra.

Os datos procedentes dos rexistros da propiedade mostran un crecemento aínda máis intenso da demanda, xa que as preto de 27.000 inscricións realizadas implican un aumento interanual do 14 %, novamente por enriba do conxunto de España. A diferenza do observado nas estatísticas notariais, os datos rexistrais reflicten unha maior participación da vivenda nova, que alcanza o 26 % das rexistradas en Galicia en 2025, fronte ao 22 % a nivel nacional.

A evolución do crédito hipotecario confirma o forte dinamismo do mercado. En 2025 asináronse en Galicia 19.100 novas hipotecas, o que supón un incremento do 22,1 % respecto ao ano anterior. Destaca a provincia de Lugo, con 2.174 novas hipotecas e un crecemento do 47 %, mentres que Pontevedra rexistra 6.211 operacións, cunha taxa do 6,9 %, a máis moderada das catro provincias.




Os cadros 7, 8 e 9 presentan a desagregación destes indicadores por provincias. Coa única excepción da vivenda nova nas notaría de Pontevedra, que experimenta un acusado descenso, o resto de variables mostran unha evolución favorable tanto na compravenda de vivenda —nova e usada— como na constitución de hipotecas, o que permite caracterizar 2025 como un exercicio de expansión xeneralizada da demanda en Galicia.

O gráfico 7 recolle as transaccións notariais nas áreas urbanas galegas, que concentran aproximadamente a metade da poboación da comunidade. En 2025 anotáronse 15.480 compravendas nestas áreas, o que representa un incremento do 3,6 %, inferior ao observado no conxunto de Galicia. Como resultado, o peso dos mercados urbanos redúcese levemente ata o 50,5 % do total. Aínda que a demanda urbana medra en termos agregados, algunhas das áreas que amosaran un comportamento máis dinámico en 2024 rexistran en 2025 taxas negativas, como Pontevedra (-13,3 %), Santiago (-5,6 %) e A Coruña (-4,9 %). A intensidade da demanda nas sete áreas sitúase en 11,1 compravendas por cada 1.000 habitantes, lixeiramente por baixo da media galega.

A vivenda usada continúa sendo predominante en todos os mercados urbanos, representando o 91,3 % do total, apenas unhas décimas por baixo da media autonómica. Lugo amosa a maior proporción de vivenda nova (12 % das transaccións), mentres que en Ferrol esta apenas alcanza o 3,3 %. En conxunto, aínda que as áreas urbanas perden algo de peso relativo, a evolución do mercado en 2025 é positiva, pero moi condicionada pola escaseza de oferta de vivenda nova accesible economicamente.

A partir das series notariais, o gráfico 8 constrúe un indicador da participación da vivenda protexida dentro do fluxo efectivo de novas residencias que chegan ao mercado. Este indicador permite aproximar a incidencia efectiva da política de vivenda, ao relacionar as protexidas transmitidas ante notario co total de novas moradas (libres e protexidas). Deste xeito, mídese a proporción da oferta nova atribuíble á acción pública no momento en que esta se materializa en vivenda adxudicada.



Con todo, este indicador presenta limitacións relevantes, xa que non recolle outras dimensións da política de vivenda, como a promoción en alugueiro ou as axudas á demanda. Non obstante, resulta útil para avaliar as políticas orientadas a corrixir o principal desequilibrio do mercado: a insuficiencia de oferta.

A proporción de vivenda protexida sobre o total de vivenda nova transmitida constitúe, por tanto, un indicador adecuado para analizar o grao de materialización das políticas de vivenda en propiedade. A súa correcta interpretación esixe,

porén, considerar horizontes temporais amplos que permitan absorber os desfasamentos propios do ciclo inmobiliario. Por este motivo, no gráfico 8 empréganse medias móviles de catro anos, co fin de suavizar as oscilacións cíclicas.

Os resultados son concluíntes. Nos últimos catro anos adquiríronse en España 261.453 vivendas novas, das cales só 19.036 corresponden a vivenda protexida, o que supón un 7,3 % do total. En Galicia, a proporción é incluso menor: das 8.794 vivendas novas adquiridas no mesmo período, unicamente 259 foron protexidas, o que reduce o peso ata o 3 %.

Cadro núm. 9
Hipotecas constituídas sobre vivendas

	Núm. de hipotecas			TVI (%)		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
A Coruña	5.532	7.125	9.151	-25,2	28,8	28,4
Lugo	1.108	1.476	2.174	-30,0	33,2	47,3
Ourense	1.135	1.230	1.564	-1,7	8,4	27,2
Pontevedra	4.655	5.813	6.211	-17,9	24,9	6,9
Galicia	12.430	15.644	19.100	-21,3	25,9	22,1
España	380.966	425.522	500.905	-17,9	11,7	17,7

Fonte: INE.

O gráfico 8, que presenta esta información en termos de medias móviles para o período 2007-2025, mostra que en España a proporción de vivenda protexida aumentou ata 2014, alcanzando o 20 %, para descender posteriormente. En Galicia, pola contra, a tendencia é claramente decrecente ao longo de todo o período, pasando


do 13,8 % en 2007 ao 3 % na actualidade. Este resultado debe interpretarse tendo en conta que a vivenda protexida representa unha proporción cada vez menor dun volume total de vivenda nova que, ademais, tamén se reduciu de forma significativa.

En consecuencia, aínda considerando as limitacións do indicador, os datos notariais poñen de manifesto unha insuficiente capacidade das políticas públicas para xerar oferta de vivenda protexida nos últimos quince anos.

Segundo datos do Banco de España, o crédito para a adquisición de vivenda creceu a un ritmo medio do 2,4 % durante o último ano. Tras a caída experimentada en 2024, o financiamento hipotecario iniciou en 2025 unha senda de medra progresiva que culminou cun incremento anual do 3,6 %. Este cambio de tendencia responde ao xiro na política monetaria do Banco Central Europeo (BCE). Tras iniciar os recortes de tipos en xuño de 2024, a autoridade monetaria transitou en 2025 cara a unha posición máis neutral, situando os tipos ao redor do 2 % e condicionando as súas decisións futuras á evolución da inflación.

A pesar da reactivación da demanda, o peso do crédito hipotecario sobre o PIB español descendeu lixeiramente en 2025: do 31 % no primeiro trimestre ao 30,5 % no cuarto. Este dato revela que a economía nacional expándese a un ritmo superior ao do financiamento inmobiliario. Para 2026, as previsións apuntan a que o crédito seguirá á alza grazas á estabilización dos tipos, aínda que non se descartan axustes se se producen repuntas inflacionistas. Pola súa banda, a *ratio* de morosidade mostrou un comportamento excelente, pechando o ano no 1,9 %, o seu nivel máis baixo desde 2008.

Como se observa no gráfico 9, o custo financeiro da vivenda reflicte tres etapas claras: as fortes subidas de tipos de 2022-2023 para frear a inflación tras a COVID-19; o ciclo de descensos iniciado a mediados de 2024, e a estabilización posterior que abarca desde mediados de 2025 ata comezos de 2026.



Neste sentido, o EURIBOR a un ano mantívose ao redor do 2,1 % desde abril de 2025, con lixeiras repuntas nos últimos meses previos a 2026. Seguindo a tendencia do tipo de referencia, o tipo hipotecario medio estabilizouse en cerca do 2,8 %. Esta distensión financeira supuxo un alivio para as familias: para unha hipoteca de referencia a 25 anos, o pago mensual sitúase agora nuns 460 euros por cada 100.000 euros prestados.

En definitiva, 2025 consolidou o fin do endurecemento monetario de anos anteriores. Malia que o mercado asume que o ciclo de baixadas terminou e que os tipos se manterán estables, persiste certa incerteza pola volatilidade política internacional. Aínda así, a mellora das condicións financeiras, sumada á expectativa de que os prezos da vivenda sigan subindo, incentivou o adianto das decisións de compra, sostendo unha demanda elevada a pesar do encarecemento dos inmobles.

Os gráficos 10 e 11, xunto cos cadros 10, 11, 12, 13 e 14, recollen diversas estimacións do custo da vivenda, tanto en réxime de compra como de alugueiro, en España e Galicia durante os últimos anos. En 2025, o encarecemento da vivenda intensificouse notablemente nos dous ámbitos, alcanzando taxas de crecemento interanual que, segundo algunhas fontes, se sitúan ao redor do 13 % e, en cal-

quera caso, superan amplamente tanto a inflación xeral medida polo índice de prezos ao consumo (IPC) como o aumento dos salarios.

A redución dos tipos de xuro e certa relaxación nas condicións de concesión de crédito por parte do sistema bancario contribuíron a amortecer parcialmente o impacto sobre os compradores. Con todo, esta circunstancia non beneficia a demanda no mercado de alugueiro, que non dispón de mecanismos equivalentes de financiamento. En consecuencia, o encarecemento das rendas trasládase de forma directa aos fogares arrendatarios, dificultando o acceso á vivenda para capas cada vez máis amplas da poboación.

O cadro 10 proporciona unha primeira aproximación ao custo da vivenda a partir dos valores medios declarados nas compravendas formalizadas ante notario. Con todo, estas cifras agregan un conxunto heteroxéneo de inmobles —con diferenzas en superficie, localización e características—, o que impide derivar directamente indicadores comparables como o prezo por metro cadrado. En consecuencia, estes valores deben interpretarse como unha referencia inicial, que debe ser contrastada e afinada mediante estatísticas máis desagregadas e metodoloxicamente homoxéneas.

Durante 2025, o prezo medio de transacción das vivendas rexistradas nas notarías de Galicia alcanzou os 147.871 euros, o

Cadro núm. 10
Valor medio declarado das transmisións inmobiliarias de vivenda libre

	Euros			TVI (%)	
	2023	2024	2025	2024	2025
A Coruña	125.306	140.055	151.875	11,8	8,4
Lugo	103.218	94.751	107.439	-8,2	13,4
Ourense	91.214	92.851	107.007	1,8	15,2
Pontevedra	153.664	167.275	179.105	8,9	7,1
Galicia	126.420	136.508	147.871	8,0	8,3
España	180.733	193.925	210.689	7,3	8,6

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 11
Prezo medio da vivenda libre

	Euros/m ²		TVI (%)	
	Galicia	España	Galicia	España
2024	1.365,4	1.913,6	5,1	5,8
2025	1.499,8	2.127,6	9,9	11,2
I trim.	1.435,9	2.033,4	7,3	9,0
II trim.	1.489,9	2.093,5	10,8	10,4
III trim.	1.517,5	2.153,4	9,4	12,1
IV trim.	1.556,0	2.230,0	11,8	13,1

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 12
Prezo medio da vivenda libre. Detalle por provincias

	Euros/m ²			TVI (%)	
	2023	2024	2025	2024	2025
A Coruña	1.346,5	1.419,9	1.571,8	5,5	10,7
Lugo	938,5	977,5	1.071,9	4,2	9,7
Ourense	947,6	955,2	1.019,8	0,8	6,8
Pontevedra	1.396,0	1.486,6	1.636,8	6,5	10,1

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 13
Índice de prezos da vivenda. Taxas de variación interanuais (%)

	2024	2025	2025			
			I trim.	II trim.	III trim.	VI trim.
Galicia						
Xeral	7,4	12,9	11,2	12,7	13,4	14,1
Vivenda nova	8,3	10,4	8,3	10,5	10,9	11,8
Vivenda usada	7,4	13,3	11,6	13,1	13,8	14,4
España						
Xeral	8,4	12,7	12,2	12,7	12,8	12,9
Vivenda nova	10,9	11,3	12,2	12,1	9,7	11,2
Vivenda usada	8,0	12,9	12,3	12,8	13,4	13,1

Fonte: INE.

que supón un incremento interanual do 8,3 %. En toda España, o valor medio situouse en 210.689 euros, cunha taxa de crecemento do 8,6 %, mantendo unha correlación estreita coa tendencia do mercado galego.

Na análise desagregada por provincias, Pontevedra rexistrou de novo o valor medio máis elevado da comunidade autónoma, aproximándose aos 180.000 euros; seguida pola Coruña, cunha media próxima aos 152.000 euros. Pola súa banda, en Lugo e Ourense o custo situouse en 107.000 euros; con todo, estas provincias lideraron o crecemento relativo na área, con incrementos do 13,4 % e o 15,2 % respectivamente, reflectindo unha notable aceleración en comparación co ocorrido nas outras dúas provincias.

Para a análise de prezos, utilízanse dúas fontes oficiais complementarias. Por unha banda, o valor taxado, publicado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, estima o prezo por metro cadrado en España a partir dos datos de sociedades de taxación. Esta información, desagregada por ámbitos territoriais, detállase nos cadros 11 e 12. Por outra, o índice de prezos de vivenda (IPV), publicado polo Instituto Nacional de Estadística (INE), proporciona unha medida baseada nos importes reais das transaccións notariais. O INE depura e pondera estes datos segundo as características do activo, o que permite obter prezos por metro cadrado comparables, eliminando nesgos por tipoloxía ou tamaño do inmovible. Este índice recóllese no cadro 13.


En 2025, o valor taxado da vivenda estimado polo Ministerio de Transportes para España sitúase en 2.127,6 euros por metro cadrado, o que supón un aumento do 11,2 % respecto a 2024. A vivenda encarácese de forma acelerada ao longo do ano: o prezo do metro cadrado pasa de medrar un 9 % no primeiro trimestre a facelo un 13,1 % no cuarto, tal como se mostra no cadro 11. Pola súa banda, o IPV (cadro 13) sinala unha inflación incluso maior, cun aumento do 12,7 % no conxunto de 2025. Dentro deste índice, a vivenda usada (12,9 %) encarácese máis que a nova (11,3 %), algo que non ocorría desde 2018, o que indica que a escaseza de vivenda afecta xa por igual ambos os tipos de mercado. Así, calquera dos indicadores utilizados reflicte un aumento moi superior ao do índice de prezos ao consumo, que creceu a unha taxa media do 2,7 % en 2025. En consecuencia, a vivenda en compra encareceuse notablemente en termos reais, o que dificulta cada vez máis o acceso á compra para os salarios, que apenas logran medrar ao ritmo do IPC.

Segundo as estimacións do Ministerio de Transportes, o valor taxado medio da vivenda libre en Galicia situouse en 1.500 €/m² en 2025, rexistrando un incremento interanual do 9,9 %. Esta taxa de crecemento mostra unha lixeira moderación respecto á media española, aínda que se observou unha aceleración significativa no último tramo do exercicio, alcanzando unha variación do 11,8 % no cuarto trimestre.

A análise provincial (detallada no cadro 12) confirma a Pontevedra como o mercado cos prezos máis elevados (1.637 €/m²), seguida da Coruña (1.572 €/m²). Ambas as provincias lideraron tamén a presión inflacionista na comunidade, con repuntas do 10,1 % e 10,7 % respectivamente. Pola contra, as provincias de Lugo (1.072 €/m²) e Ourense (1.020 €/m²) manteñen niveis de prezos máis accesibles. En canto á súa evolución, Lugo rexistrou un encarecemento do 9,7 %, mentres que Ourense presentou a maior contención relativa cun ascenso do 6,8 %.

O índice de prezos de vivenda do INE, detallado no cadro 13, reflicte unha presión inflacionista en Galicia superior á estimada polo Ministerio de Transportes e maior que a significada polo mesmo índice para toda España. O IPV xeral rexistrou un incremento anual do 12,9 % na comunidade, superando en dúas décimas a media nacional. A diferenza de exercicios anteriores, a vivenda de segunda man mostrou un comportamento máis inflacionista que a obra nova durante 2025.

A evolución trimestral do índice denota unha tendencia fortemente alcista, alcanzando taxas interanuais próximas ao 15 % no cuarto trimestre. En termos reais, o mercado inmobiliario galego experimentou unha notable aceleración, converxendo cos niveis de encarecemento da media estatal e abandonando a relativa moderación de anos precedentes.



nual do 9,9 %. Por cidades, destacan os aumentos rexistrados na Coruña, onde o prezo se eleva ata o 2.506 €/m² tras medrar un 15,3 %, así como en Pontevedra (13,1 %) e Santiago de Compostela (12,5 %), todos eles por encima da media autonómica. Tamén presentan subidas significativas Ferrol (12 %) e Vigo (11,1 %), mentres que Lugo (10,3 %) e Ourense (9,2 %) mostran crecementos algo máis moderados.

En conxunto, estes resultados evidencian non só unha intensificación do encarecemento da vivenda, senón, sobre todo, a persistencia dun desequilibrio estrutural entre oferta e demanda. A xeneralización das subidas, a súa elevada magnitude e a súa concentración nas áreas urbanas máis dinámicas apuntan a unha insuficiencia crónica da oferta, en particular no segmento de vivenda nova. Esta falta de resposta do lado da produción, a pesar do contexto de prezos crecentes, suxire a existencia de rixideces relevantes —de carácter urbanístico, produtivo e financeiro— que están a limitar a capacidade do mercado para absorber o aumento da demanda. En consecuencia, o actual ciclo alcista non pode interpretarse unicamente como un fenómeno conxuntural, senón como a manifestación dun problema estrutural que, en ausencia dun incremento sostido da oferta, seguirá premendo á alza os prezos e agravando as dificultades de acceso á vivenda.

Cadro núm. 14
Importe do alugueiro en Galicia e as sete cidades

	Euros/m²			TVI (%)		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
A Coruña	9,0	10,0	10,8	7,6	10,8	7,9
Ferrol	5,7	6,5	7,6	10,1	13,7	16,8
Santiago	8,4	9,1	9,7	8,6	7,9	6,8
Lugo	6,4	7,1	7,9	3,9	11,3	10,5
Ourense	6,6	7,1	7,8	9,2	8,8	9,4
Pontevedra	7,5	8,3	8,8	4,1	9,4	6,7
Vigo	9,4	10,0	10,8	5,1	6,9	7,7
Galicia	7,9	8,7	9,3	7,1	10,2	6,8
España	11,7	13,0	14,4	9,0	11,6	10,4

Fonte: Idealista.com.

O gráfico 10 presenta as estimacións do prezo da vivenda libre en Galicia e nas súas sete cidades principais, a partir dos valores de taxación publicados polo Ministerio de Transportes. Conforme a estas estimacións, os prezos nos mercados urbanos sitúanse, en xeral, por encima da media autonómica, coa única excepción de Ourense.


A evolución dos prezos en 2025 mostra un crecemento xeneralizado en todas as áreas urbanas analizadas. No conxunto de Galicia, o prezo medio alcanza os 1.499,8 €/m², o que supón un incremento intera-

No cadro 14 e o gráfico 11 preséntanse dúas estimacións do custo do alugueiro en Galicia e os seus sete principais municipios, obtidas de fontes distintas. O gráfico 11 recolle datos do Observatorio da Vivenda de Galicia, baseados nas fianzas depositadas no Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)⁸. O cadro 14 mostra as estimacións do prezo por metro cadrado en alugueiro estimadas polo portal inmobiliario Idealista.com⁹. As estimacións de Idealista recollen de maneira máis adecuada as ten-

⁸ A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, obriga ao depósito de fianzas nos contratos de arrendamento de inmobles urbanos que se destinen a vivenda ou a uso distinto do de vivenda. As cifras que se recollen no gráfico 11 corresponden aos datos do rexistro destes depósitos de alugueiro de vivenda do IGVS.

⁹ Idealista.com calcula as súas estatísticas sobre o prezo do alugueiro a partir dos anuncios publicados na súa plataforma, utilizando ferramentas de análise inmobiliaria como idealista/data. Estas estatísticas preséntanse en informes periódicos que detallan a evolución dos prezos en distintas zonas xeográficas. É importante ter en conta que estes datos reflicten os prezos ofertados nos anuncios e non necesariamente os prezos finais acordados nos contratos de alugueiro. Por tanto, as estatísticas poden non representar con exactitude os prezos reais de peche, aínda que dada a escaseza de vivenda en alugueiro os demandantes teñen pouca marxe para conseguir reducir o prezo de oferta.

dencias do mercado do alugueiro en cada momento, xa que se basean nos prezos ofertados nos contratos futuros. Os datos do IGVS, pola súa banda, núntrense de contratos xa formalizados, o que achega un enfoque máis retrospectivo.



mentres que Ferrol mostra un avance moi moderado (0,9 %). En contraste, Pontevedra (-4,4 %) e Vigo (-1,1 %) rexistran descensos no número de fianzas, o que indica unha certa debilidade nestes mercados.

En termos de volume, os mercados con maior número de fianzas seguen sendo A Coruña e Vigo. Na Coruña sobe moi lixeiramente o número de fianzas e en Vigo descende. Esta perda de enerxía, que foi especialmente evidente en 2024, reforza a idea dunha certa mingua de dinamismo nos principais núcleos urbanos. Esta evolución podería estar a reflectir non tanto unha redución da demanda potencial, senón máis ben as limitacións da oferta dispoñible e o forte encarecemento que restrinxen a formalización de novos contratos de alugueiro.

A evolución do importe medio das fianzas de alugueiro depositadas nas principais áreas urbanas galegas entre 2021 e 2025 mostra unha traxectoria ascendente ao longo de todo o período. No conxunto de Galicia, o importe medio alcanza os 595,4 euros en 2025, o que supón un incremento interanual do 7,6 % e confirma a aceleración observada nos últimos anos.

Este crecemento é xeneralizado en todos os mercados urbanos, malia que con distinta intensidade. Destacan os aumentos rexistrados en Ferrol (12,4 %) e Lugo (11 %), seguidos de Ourense (9,3 %), o que indica unha expansión relativamente máis intensa en áreas tradicionalmente menos tensionadas. Pola súa banda, A Coruña (7,6 %), Vigo (7,6 %) e Pontevedra (7,7 %) presentan incrementos en liña coa media autonómica, mentres que Santiago de Compostela (5,4 %) mostra unha evolución máis moderada.

En termos absolutos, os importes medios máis elevados concéntranse na Coruña (731 euros) e Vigo (697,5), seguidos de Pontevedra (667,3) e Santiago (656,9); o que reflicte unha maior presión nos mercados de alugueiro das áreas urbanas máis dinámicas. En contraste, Ferrol (554,8), Ourense (566,4) e Lugo (573,4) manteñen niveis inferiores, pero con crecementsos máis intensos, o que apunta a un certo proceso de converxencia territorial nos prezos do alugueiro.

Os datos poñen de manifesto un encarecemento sostido e xeneralizado do mercado arrendatario en Galicia. A intensidade das subidas, xunto coa súa extensión a practicamente todos os ámbitos urbanos, suxire que as tensións de demanda están a aumentar nun contexto de oferta insuficiente, o que contribúe a agravar os problemas de accesibilidade á vivenda en alugueiro.

No cadro 11 pódese observar as estimacións do portal Idealista.com para o prezo do metro cadrado en alugueiro permitindo facer comparacións entre España e Galicia. En termos xerais, Galicia

En 2025 depositáronse 35.336 fianzas de alugueiro en toda Galicia, o que supón un incremento do 3,37 % respecto ao ano anterior. Con todo, este aumento debe interpretarse con cautela, xa que se produce tras a caída rexistrada en 2024 e non implica unha expansión sostida do mercado, senón máis ben unha recuperación parcial da actividade.

Por ámbitos urbanos, a evolución presenta un comportamento heteroxéneo. Destacan os crecementsos en Ourense (6,2 %) e Santiago de Compostela (5,9 %), seguidos da Coruña (2,1 %) e Lugo (1,4 %),

presenta sistematicamente un nivel de prezos inferior ao da media española ao longo de todo o período. En 2025, o custo medio en Galicia sitúase en 9,3 €/m², fronte ao 14,4 €/m² do conxunto de España, o que evidencia unha brecha significativa, aínda que en proceso de redución progresiva.

Os datos de Idealista dentro de Galicia presentan un cadro semellante ao observado nas fianzas. Os prezos máis elevados corresponden á Coruña (10,8 €/m²) e Vigo (10,8 €/m²), seguidas de Santiago de Compostela (9,7 €/m²); o que reflicte a maior presión de demanda nos principais centros urbanos e áreas de maior actividade económica. Nun nivel intermedio sitúase Pontevedra (8,8 €/m²), mentres que Lugo (7,9 €/m²), Ourense (7,8 €/m²) e Ferrol (7,6 €/m²) presentan os niveis máis reducidos, coherentes con mercados menos tensionados e con menor presión demográfica.

Desde o punto de vista dinámico, Idealista aprecia que a subida dos prezos é xeneralizada en todos os ámbitos, aínda que as intensidades son heteroxéneas. Estes datos tamén suxiren un proceso de encarecemento máis intenso en mercados inicialmente máis accesibles, mentres que as maiores áreas urbanas presentan crecementos máis moderados pero sostidos.

Neste contexto, resulta relevante analizar o índice PER (*Price to Earnings Ratio*) aplicado ao mercado do alugueiro en Galicia e nas súas principais cidades. Este indicador mide a relación entre o prezo de compra dunha vivenda e o custo anual do arrendamento, e a súa inversa permite estimar a rendibilidade bruta anual do alugueiro (RBA)¹⁰. En termos intuitivos, o PER expresa o número de anos de arrendamento necesarios para igualar o prezo de adquisición do inmovible: valores elevados indican unha menor rendibilidade do alugueiro e, por tanto, unha maior vantaxe relativa da compra, mentres que valores reducidos apuntan en sentido contrario.

En 2025, o PER en Galicia sitúase en 21,5¹¹, o que implica que serían necesarios algo máis de vinte e un anos de alugueiro para cubrir o prezo de compra dunha vivenda. Este valor tradúcese nunha rendibilidade bruta anual do 4,6 %, superior ao 3,2 % estimado para o conxunto de España. Aínda que unha avaliación máis precisa requiriría considerar a rendibilidade neta, incorporando custos e fiscalidade, esta diferenza suxire que, en termos relativos, a compra de vivenda resulta máis vantaxosa que o arrendamento no ámbito galego.

Con todo, a rendibilidade presenta diferenzas significativas entre cidades. A Coruña e Santiago de Compostela rexistran os PER máis elevados (26,4 e 24,9, respectivamente), o que se traduce en rendibilidades máis moderadas (3,8 % e 4 %) e, ademais, en retroceso respecto ao ano anterior. No extremo oposto, Ferrol presenta o PER máis baixo (14,3 %), o que implica unha rendibilidade bruta próxima ao 7 % e convértea no mercado onde o investimento en vivenda resulta relativamente máis atractiva fronte ao alugueiro.

En calquera caso, mesmo nas cidades con PER máis elevados, a comparación entre o custo mensual do alugueiro e a cota hipotecaria —asumindo un financiamento do 80 % do prezo de compra— reforza a vantaxe relativa da adquisición. Así, coa excepción da Coruña e Santiago, o pago mensual da hipoteca sitúase por baixo do alugueiro dunha vivenda equivalente, o que pon de manifesto o crecente desequilibrio entre ambos os mercados.


O concello da Coruña foi declarado oficialmente zona de mercado residencial tensionado o 30 de xullo de 2025. Trátase da primeira cidade de Galicia en adoptar esta medida no marco da Lei de Vivenda, prevéndose a súa extensión a Santiago de Compostela ao longo de 2026. Esta declaración persegue conter o crecemento dos prezos do alugueiro, establecendo, entre outras medidas, un lí-

¹⁰ O PER calcúlase dividindo o prezo da vivenda entre o custo anual do alugueiro. Por exemplo, se unha residencia custa 200.000 euros e a renda do alugueiro é de 10.000 euros/ano, o PER é igual a 20 anos. Se o custo fose de 290.000 euros, o PER sería de 29 anos. Canto maior é o PER, máis beneficioso é alugar, e máis interesante é a compra canto menor é este cociente. A inversa do PER indica a rendibilidade bruta anual do alugueiro (RBA). Segundo datos do Banco de España, en 2025 o custo de adquirir unha vivenda equivale a case 32 anos de alugueiro. Isto significa unha RBA do 3,2 % para o conxunto de España.

¹¹ O PER en Galicia calculouse segundo as estimacións do custo do metro cadrado do IGVS para o alugueiro dunha vivenda de 100 m².

mite xeral do 3 % anual na actualización das rendas. No caso dos grandes propietarios (máis de dez vivendas), o alugueiro queda vinculado ao índice oficial, incorporándose ademais obrigacións contractuais específicas e un réxime sancionador que pode alcanzar os 90.000 euros en caso de incumprimento.

No momento de redacción deste informe transcorreron cerca de oito meses desde a entrada en vigor da medida, o que permite realizar unha primeira aproximación ao seu impacto sobre o mercado do alugueiro na Coruña, comparando a evolución dos meses previos e posteriores.



No gráfico 12 preséntanse os datos mensuais de fianzas depositadas no municipio, publicados polo IGVS, xunto coa evolución do prezo medio de oferta por metro cadrado procedente de Idealista.

A análise da serie mostra un patrón característico. Nos meses previos á entrada en vigor da medida obsérvase un nivel elevado de actividade, cun incremento do número de fianzas que podería estar asociado, polo menos en parte, a un efecto de anticipación por parte dos axentes do mercado. Tras a implantación da regulación (a partir de agosto de 2025), rexístrase unha

redución significativa do número de contratos, mentres que as rendas medias se manteñen relativamente estables ou mostran unha lixeira tendencia á baixa, en contraste co comportamento dos prezos de oferta, que continúan aumentando.

Se se distinguen dous períodos —un previo, de novembro do 2024 a xullo de 2025 (nove meses), e outro posterior, de agosto do 2025 a febreiro de 2026 (sete meses)—, o número medio mensual de fianzas mostra un forte descenso, pasando de 514 a 374 (-27,3 %). Pola súa banda, o importe medio das fianzas baixa de 731 a 713 euros (-2,5 %). En cambio, o prezo medio de oferta sobe de 10,7 €/m² a 10,9 €/m² (+2,1 %).

En conxunto, estes resultados suxiren unha contención limitada do crecemento das rendas efectivas, en contraste coa evolución previa. Este comportamento podería estar influído, en parte, polo incremento da actividade e dos prezos nos meses inmediatamente anteriores á entrada en vigor da medida, asociado a posibles efectos de anticipación.

Polo que respecta á actividade do mercado, a notable redución do número de fianzas suxire unha contracción significativa do volume de contratación. Esta evolución parece sinalar unha retracción da oferta, aínda que podería estar influída tamén por outros factores estatísticos ou dinámicas estacionais.

En todo caso, a evidencia dispoñible apunta cara a un escenario de menor actividade polo lado da oferta, que podería traducirse en maiores dificultades de acceso para os novos demandantes de vivenda en alugueiro. Estes resultados deben interpretarse con cautela, dado o carácter preliminar da análise e o limitado horizonte temporal considerado. Con todo, son coherentes con conclusións amplamente documentadas na literatura económica sobre a regulación dos prezos do alugueiro, segundo as cales este tipo de intervencións tende a xerar unha certa segmentación do mercado: por unha banda, os fogares que xa dispoñen dunha vivenda en alugueiro poden beneficiarse, polo menos a curto prazo, dunha maior estabilidade nas rendas; por outra, os novos entrantes —en especial os máis novos— afrontan maiores dificultades de acceso, asociadas a unha menor dispoñibilidade relativa de vivendas e á persistencia de presións á alza nos prezos.

Cadro núm. 15

Accesibilidade á vivenda (compra e aluguer)

Ano	Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda de 100 m ²		Proporción da renda familiar que representa o pago da cota mensual			
			Compra vivenda de 100 m ²		Alugueiro vivenda de 80 m ²	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2021	5,6	6,8	21,4	26,4	31,2	45,2
2022	5,5	6,9	22,9	28,3	31,3	46,6
2023	5,5	6,8	28,4	34,8	32,8	43,7
2024	5,5	6,9	27,2	34,2	34,6	46,9
2025	6,0	7,5	26,9	33,6	35,5	48,4

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Índice de custos laborais (INE), Idealista.com e elaboración propia.

O cadro 15 e o gráfico 13 presentan distintos indicadores de accesibilidade á vivenda —tanto en propiedade como en alugueiro— para España, Galicia e as sete principais áreas urbanas galegas. No relativo á compra, o cadro recolle dúas medidas: a relación entre ingresos e prezo da vivenda, e a accesibilidade financeira, entendida como a proporción entre a cota hipotecaria e os ingresos familiares. A primeira medición estima o tempo necesario de traballo —medido en anos de salario— para ad-


quirir unha vivenda de 100 m², utilizando os prezos e rendas medias de cada territorio. A segunda avalía a carga financeira da compra, comparando a cota mensual dunha hipoteca tipo coa renda familiar. Adicionalmente, o cadro inclúe un indicador de esforzo para o alugueiro, que relaciona o custo mensual do arrendamento coa renda dispoñible do fogar. Os datos son homoxéneos para España e Galicia, o que permite realizar comparacións en igualdade de condicións.¹²

En 2025, o custo real de acceso á propiedade aumentou de maneira significativa tras manterse relativamente estable nos últimos anos. A adquisición dunha vivenda tipo equivale agora a preto de sete anos e seis meses de salario para un traballador medio en España, mentres que para o traballador galego se sitúa ao redor de seis anos. Estas cifras supoñen un notable encarecemento respecto ao ano anterior: 191 días adicionais no conxunto nacional e 166 días en Galicia. Deste xeito, córtase a estabilidade observada en exercicios previos, cando este coeficiente estaba ao redor de 6,8 anos en España e 5,5 en Galicia. Esta evolución reflicte que o incremento dos prezos da vivenda superou amplamente o crecemento dos salarios, sendo a baixada dos tipos de xuro o principal factor que permitiu soste a accesibilidade financeira.

A redución no tipo de xuro hipotecario medio, que descende do 3,7 % ao 2,8 %, contribuíu a unha lixeira mellora da accesibilidade financeira, tal como se recolle no cadro 15. A pesar do forte aumento dos prezos, unha familia galega media destina o 26,9 % da súa renda ao pago das cotas hipotecarias nas condicións consideradas, o que supón unha redución de 0,3 puntos porcentuais respecto a 2024. No conxunto de España tamén se observa unha mellora, situándose o esforzo no 33,6 % da renda familiar (0,6 puntos porcentuais menos). Este avance relativo na accesibilidade en todo o Estado fronte a Galicia explícase porque en 2025 o crecemento do salario medio en España supera en 1,2 puntos porcentuais o rexistrado en Galicia.

En contraste, a accesibilidade ao alugueiro continúa deteriorándose nos dous ámbitos, ao non beneficiarse da redución dos tipos de xuro. Con todo, o esforzo relativo segue sendo inferior en Galicia, onde o alugueiro representa ao redor do 35 % da renda familiar, fronte a máis do 48 % no conxunto de España.

¹² No cadro 15 calcúlase a proporción de renda que unha familia debe dedicar á compra dunha vivenda de 100 m² construídos. Valórase o importe das cotas dun crédito de 25 anos financiando o 80 % do importe ao prezo medio de cada ano. O custo da vivenda estimouse a partir das series de prezos do Ministerio de Transportes; os ingresos familiares obtivéronse da Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE, e o tipo de xuro do préstamo é o tipo hipotecario medio publicado pola AHE. Para calcular a accesibilidade ao alugueiro utilízase a mesma fonte para os ingresos que se comparan cos pagos derivados de alugar unha vivenda de 80 m² segundo os prezos estimados por Idealista.com.

Gráfico 13**Accesibilidade ao alugueiro nas áreas****urbanas galegas por tramos de idade. Ano 2025**Porcentaxe da renda media necesaria para alugar unha vivenda de 80 m²

Na segunda metade de 2025, os tipos hipotecarios estabilizáronse e as expectativas apuntan ao seu mantemento en niveis similares, con posibles incrementos en caso de deterioración do contexto internacional. Neste escenario, a marxe para compensar novos aumentos de prezos mediante reducións adicionais de tipos é limitada, polo que calquera mellora futura na accesibilidade á compra dependerá fundamentalmente da contención dos prezos da vivenda.

O gráfico 13 presenta os resultados dun exercicio de estimación da accesibilidade ao alugueiro nas sete principais cidades galegas e no conxunto de Galicia. Dado que o alugueiro constitúe a vía fundamental de acceso á vivenda para a mocidade, construíronse indicadores específicos por tramos de idade co fin de aproximar as dificultades de emancipación deste colectivo.

Os datos baséanse na proporción da renda familiar destinada ao pago do alugueiro dunha vivenda tipo de 80 m², tanto para o conxunto da poboación como para o grupo de idade entre 18 e 35 anos¹³. Convén sinalar que a estimación de ingresos neste grupo parte de valores medios, o que oculta unha elevada heteroxeneidade interna, xa que os salarios varían de forma notable entre os máis novos e quen se sitúa no tramo superior de idade. En consecuencia, as dificultades de acceso son significativamente maiores nos primeiros anos da vida laboral e tenden a reducirse de maneira progresiva coa idade.

¹³ No gráfico 13 calculouse a relación entre o custo do alugueiro e a renda familiar para unha vivenda de 80 m² en cada área, a partir dos prezos ofrecidos por Idealista.com. O ingreso medio mensual por fogar en 2025 estimouse en función da serie 2022-2024 da Enquisa Estrutural a Fogares realizada polo Instituto Galego de Estatística, que recolle a renda familiar en cada unha das comarcas na que se integran as sete áreas urbanas. Utilizouse un método regresivo para proxectar a renda de 2025 en cada unha das áreas e Galicia. Dado que non se dispón de datos específicos sobre os ingresos dos mozos en cada cidade, estimáronse a partir dos salarios brutos por tramos de idade proporcionados polo INE e das estatísticas da Axencia Tributaria sobre perceptores salariais. Calcúlase que os ingresos dos mozos entre 18 e 35 anos representan entre o 55 % e o 65 % da renda media en cada cidade. Cómpre sinalar a diferenza entre a medida dos ingresos familiares usada aquí e a utilizada no cadro 15. A renda familiar estimada pola Enquisa Estrutural inclúe, en media, máis dunha fonte de ingresos para cada familia, mentres que no cadro 14 só se ten en conta o salario dunha única persoa en cada familia.

Segundo os resultados obtidos, o alugueiro representa entre o 26 % e o 28 % da renda familiar nas cidades máis caras —como A Coruña e Vigo— e entre o 21 % e o 23 % nas máis accesibles —como Lugo e Ferrol—. Con todo, o esforzo económico requirido aos mozos é considerablemente maior. Na Coruña e Vigo, o custo do alugueiro para un mozo medio aproxímase ao 40 % dos seus ingresos, mentres que en Lugo se sitúa ao redor do 30 %. No resto de cidades, o esforzo supera un terzo do salario típico, mesmo naquelas con niveis de prezos máis moderados, como Ferrol ou Ourense.

Esta situación evidencia a entidade das dificultades de acceso á vivenda que afronta a poboación nova, en particular nas áreas urbanas máis dinámicas de Galicia. A conxunción de niveis de prezos elevados e rendas limitadas configura un contexto no que o esforzo económico requirido resulta, en numerosos casos, dificilmente asumible. Como consecuencia, unha proporción importante deste colectivo vese abocada a solucións residenciais de carácter subóptimo, tales como o recurso ao alugueiro compartido, a ocupación de vivendas de menor calidade ou o aprazamento da emancipación, coas implicacións sociais e económicas que diso se derivan.

Demanda pública de obras

A licitación pública en Galicia presenta unha evolución claramente cíclica nos últimos anos. En 2025 prodúcese unha recuperación significativa elevando o seu importe ata 1.832 millóns de euros tras o forte descenso do ano anterior. En comparación con España, a evolución galega é notablemente máis volátil: mentres que no conxunto estatal a licitación crece tanto en 2024 (+4,2 %) como en 2025 (+9,4 %), Galicia experimenta caídas moito máis acusadas seguidas de recuperacións máis intensas.

Segundo os datos de SEOPAN¹⁴, as Administracións públicas españolas licitaron obras por un importe total de 33.1431,8 millóns de euros en 2025; o que significa un aumento real do 9,4 % respecto ao ano anterior. A edificación e a obra civil aumentan a taxas semellantes, superiores ao 9 %, representando as obras civís o 57 % do total e a edificación o 43 % restante.

En 2025, o gasto en obra pública en España materializouse principalmente en grandes proxectos de infraestruturas de transporte —sobre todo ferroviarias e viarias—, seguidos por actuacións no ámbito hidráulico e medioambiental, mentres que a edificación pública tivo un papel máis limitado e centrado en equipamentos e rehabilitación. Este patrón reflicte o predominio da obra civil dentro do conxunto do investimento público.

O impulso investidor en España estivo liderado polas comunidades autónomas e reforzado pola Administración local, nun contexto de crecente descentralización do gasto. Todas as Administracións

Cadro núm. 16
Licitación oficial en Galicia

	Miles de euros correntes			TVI (%) Galicia*		TVI (%) España*	
	2023	2024	2025	2024	2025	2024	2025
Edificación	858.281	615.120	657.381	-28,84	4,07	13,98	9,78
Obra civil	1.179.506	806.908	1.175.072	-32,09	42,15	-2,13	9,18
Adm. central	954.388	469.706	578.676	-51,12	20,05	-19,72	8,81
Adm. autonómica	635.430	481.579	653.080	-24,73	32,14	8,14	14,20
Adm. local	447.969	470.743	600.698	4,37	24,34	27,09	6,33
Total	2.037.787	1.422.028	1.832.454	-30,69	25,57	4,16	9,36
Galicia/España (%)	7,00	5,00	5,53				

* Calculada en euros constantes (deflactor: índice de custos da construción).
Fonte: SEOPAN.

¹⁴ Os datos de licitación referenciados neste apartado foron publicados por SEOPAN (Asociación de Empresas Constructoras e Concesionarias de infraestruturas). Para obter as taxas reais de variación, estes datos foron deflactados polos índices de custos da construción publicados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Salvo mención contraria, as taxas de variación mencionadas no texto exprésanse en termos reais.

Cadro núm. 17
Licitación (en miles de euros). Ano 2025

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Edificación	331.067	58.292	45.888	215.123
Obra civil	477.701	125.817	175.926	337.249
Adm. central	325.659	9.113	90.391	148.512
Adm. autonómica	230.767	113.377	67.038	181.509
Adm. local	252.343	61.619	64.385	222.351
Total	808.769	184.109	221.814	552.372
% sobre o total galego	44,1	10,0	12,1	30,1
TVI (%) (euros constantes)	43,2	1,5	57,7	0,6

Fonte: SEOPAN.

incrementaron o seu investimento en 2025, aínda que o maior dinamismo correspondeu ás Administracións autonómicas, cun aumento do 14,2 %, fronte ao 8,8 % da Administración central e o 6,3 % da local. Como resultado, a estrutura do gasto reordénase, de modo que a Administración central pasa a ocupar o terceiro lugar, co 29 % do total, por detrás do investimento autonómico (31 %); mentres que as Administracións locais continúan concentrando a maior parte da licitación, co 40 %.

Este menor protagonismo relativo da Administración central debe interpretarse tamén á luz das dificultades para articular unha política investidora sostida en ausencia de novos orzamentos xerais do Estado, cuxa prórroga continuada limita a capacidade de planificación, execución e lanzamento de novos proxectos. Esta circunstancia contribúe a reforzar a irregularidade do gasto estatal e a desprazar o protagonismo cara aos niveis autonómico e local.

En 2025, a licitación de obra pública en Galicia alcanzou un total de 1.832,4 millóns de euros, o que supón un forte incremento do 25,6 % respecto aos 1.422 millóns rexistrados en 2024. Este crecemento apóiase fundamentalmente na obra civil, que ascende a 1.175 millóns tras medrar un 42,2 %, mentres que a edificación, con 657,3 millóns, mostra unha evolución máis moderada, cunha subida do 4 %.


O aumento do investimento é xeneralizado nos tres niveis administrativos, aínda que se observa un claro desprazamento do protagonismo cara ás Administracións autonómica e local. A Xunta de Galicia sitúase como o principal axente investidor, con 653 millóns de euros (36 % do total) e un crecemento do 32 %, seguida pola Administración local, que alcanza os 600,6 millóns (33 % do total) tras subir un 24,3 %. Pola súa banda, a Administración central ocupa o terceiro lugar, con 578,6 millóns de euros (31 % do total) e un incremento do 20 %.

En canto á composición do gasto, o investimento estatal concéntrase en grandes infraestruturas estratéxicas de transporte, incluíndo actuacións na rede viaria estatal, proxectos ferroviarios vinculados á alta velocidade e accesos portuarios na Coruña e Ferrol. Pola súa banda, a Xunta de Galicia orienta o seu esforzo investidor cara ás infraestruturas viarias —con proxectos como as autovías Santiago-A Estrada, Brión-Noia e o Baixo Miño—, así como á conservación e mellora da rede autonómica de estradas e a diversas actuacións en materia de infraestruturas hidráulicas.

Desde o punto de vista territorial, o cadro 17 e o gráfico 14 mostran unha notable concentración da licitación nas provincias atlánticas. A Coruña absorbe o 44 % do total en 2025, seguida de Pontevedra co 30 %, mentres que Lugo e Ourense presentan un peso moito menor, co 12 % e o 10 %, respectivamente.

En conxunto, a estrutura da licitación en Galicia en 2025 evidencia unha forte dependencia da obra civil, en especial vinculada a infraestruturas viarias impulsadas pola Administración autonómica, que se consolida como o principal motor investidor. Pola contra, a intervención do Estado presenta un comportamento máis irregular. E, pola súa vez, os concellos e deputacións desempeñan un papel moi relevante porque, a pesar do seu carácter fragmentario con proxectos de menor escala, ao manter o seu nivel, estabiliza os vaivéns que experimenta o gasto das demais Administracións.

O cadro 18 e o gráfico 15 recollen a licitación oficial por habitante nas distintas comunidades autónomas en 2025, o que permite avaliar a intensidade do esforzo investidor público en termos comparables. No conxunto de España, a licitación por habitante mostra unha certa recuperación do ciclo investidor público, pasando de 594 euros en 2023 a 623 euros en 2024 e 671,5 euros en 2025.



Cadro núm. 18
Licitación por habitante e km². Ano 2025

	Euros/habitante	Euros/km ²
Andalucía	680,5	67.903,1
Aragón	707,6	20.400,0
Asturias	554,2	53.388,8
Baleares	686,1	172.093,9
Canarias	814,6	253.739,9
Cantabria	587,4	66.058,6
Castela e León	914,2	23.385,7
Castela-A Mancha	411,9	11.119,3
Cataluña	669,6	171.153,4
C. Valenciana	560,8	131.798,1
Extremadura	888,2	22.495,5
Galicia	673,8	62.256,4
Madrid	468,7	419.064,4
Murcia	476,7	67.269,2
Navarra	755,3	49.754,2
País Vasco	1.238,3	383.140,6
A Ríoxa	928,0	60.506,6
Ceuta e Melilla	832,3	4.444.125,0
España	671,5	65.658,4

Fonte: SEOPAN. INE.

todo País Vasco (1.238 euros por habitante), Castela e León (914), Extremadura (888) ou Canarias (815) con niveis moi superiores. No extremo oposto sitúanse comunidades como Madrid (468), Murcia (477) ou Castela-A Mancha (412).

En conxunto, a licitación por habitante confirma que Galicia mantén un nivel de investimento público razoable en termos comparados, pero cun patrón claramente irregular ao longo do tempo. A dependencia de proxectos concretos, en especial en obra civil, limita a estabilidade do gasto público e reduce a súa capacidade para actuar como motor continuo da actividade no sector.

Neste contexto, Galicia presenta unha evolución marcada por unha elevada volatilidade. En 2023 partía dun nivel relativamente alto (756 euros por habitante), por encima da media nacional, pero en 2024 experimenta unha caída moi importante ata 527,5 euros, situándose por baixo da media estatal. E en 2025 prodúcese unha recuperación que eleva a cifra ata 673,8 euros por habitante, lixeiramente por enriba da media española, malia que sen alcanzar a cota de dous anos antes.

Desde unha perspectiva comparada, Galicia ocupa en 2025 unha posición intermedia-alta dentro do conxunto autonómico, mais lonxe dos territorios con maior intensidade investidora. Destacan sobre

Gráfico 15



Licitación nas comunidades autónomas
Ano 2025 (euros por habitante)

Gráfico 16

Evolución da licitación (euros constantes de 2025 por habitante)



O gráfico 16 recolle a evolución da licitación pública por habitante en Galicia e no conxunto de España desde comezos de século, en euros constantes de 2025, o que permite analizar con perspectiva o ciclo investidor real a longo prazo. Obsérvase un comportamento marcadamente cíclico, cunha fase expansiva moi intensa ata 2008, reflectindo o auxo do investimento en infraestruturas, especialmente en obra civil, nun contexto de forte crecemento económico. En 2009 iníciase unha fase de contracción drástica do esforzo investidor público, que marca un cambio estrutural no papel da obra pública dentro da actividade económica. Desde mediados da década pasada obsérvase unha recuperación irregular. A partir de 2022 a evolución vólvese máis inestable, en particular en Galicia, onde se alternan caídas e repuntas, o que reflicte unha elevada volatilidade asociada á execución de proxectos concretos. En España, pola contra, a traxectoria é máis estable, con lixeiras oscilacións pero dentro dunha senda moderadamente crecente. En 2025, ambas as series converxen en niveis moi similares (ao redor de 670 euros por habitante), o que sitúa Galicia en

líña coa media nacional. Con todo, esta converxencia prodúcese nun contexto de maior variabilidade no caso galego.

Do mesmo xeito que nos dous exercicios precedentes, as perspectivas para a obra pública en 2026 continúan condicionadas, no ámbito estatal, pola prórroga dos orzamentos xerais do Estado de 2023. Esta situación limita a capacidade de planificación e execución de novos investimentos, á vez que reduce a flexibilidade para adaptar o gasto ás necesidades emerxentes, contribuíndo a unha certa rixidez e á prolongación de proxectos xa iniciados fronte ao lanzamento de novas actuacións.

Neste contexto, a planificación investidora do Goberno central en Galicia para 2026 concéntrase fundamentalmente na obra civil, con especial protagonismo das infraestruturas ferroviarias. Destacan as actuacións en corredores de alta velocidade —tanto en execución como en adaptación—, as conexións do Eixe Atlántico, a modernización da rede convencional e diversas intervencións en estacións. A iso súmanse investimentos na rede viaria estatal, centradas na conservación e mellora de infraestruturas existentes e en actuacións en eixes como a A-6, a A-8 ou a N-550, así como a previsión, un ano máis, de culminar a autovía A-54 entre Lugo e Santiago. No ámbito portuario, continúan os desenvolvementos no porto exterior da Coruña e as melloras en Ferrol e outras instalacións, mentres que no sistema aeroportuario se prevén actuacións de renovación nas pistas dos tres aeródromos galegos. Polo que respecta á edificación, o seu peso segue sendo reducido, aínda que o Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 contempla a mobilización de 399 millóns de euros en Galicia durante o conxunto do período.

No ámbito autonómico, o orzamento da Xunta de Galicia para 2026 ascende a 14.240 millóns de euros, o que supón un incremento do 2,1 % respecto ao exercicio anterior. Dentro deste, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade destina máis de 263 millóns de euros a investimento, centrado prin-

principalmente no desenvolvemento de grandes eixes viarios, como a autovía Tui-A Guarda, a conexión Santiago-A Estrada, a autovía Brión-Noia e os avances nas vías Nabela-Sarria e Costa da Morte, así como en proxectos de mobilidade na contorna da Lanzada. No ámbito da edificación, os orzamentos autonómicos reforzan a política de vivenda: o Instituto Galego da Vivenda e Solo xestionará unha dotación récord de 269,2 millóns de euros, dos cales 163 millóns se destinan á construción de novas vivendas de promoción pública.

En conxunto, as previsións para 2026 apuntan á continuidade dun patrón investidor fortemente concentrado na obra civil, sobre todo en infraestruturas de transporte, mentres que a edificación mantén un papel secundario, incluso considerando o impulso previsto en materia de vivenda. A Xunta de Galicia consolida a súa posición como principal axente investidor no ámbito rexional, cunha estratexia máis estable e territorializada, fronte a unha Administración central máis orientada a grandes proxectos e condicionada polas limitacións derivadas da prórroga orzamentaria.

VIII. Servizos

- En 2025, os servizos en Galicia mantivéronse nunha senda de crecemento similar á observada en 2024. O primeiro avance das contas económicas trimestrais elaboradas polo IGE presenta un incremento do VEB dun 2,7 %, unha décima menos que a porcentaxe de 2024.
- Todos os subsectores mostraron unha taxa de variación do seu VEB positiva. Información e comunicacións, xunto con actividades profesionais, tiveron o maior aumento.
- En 2025, a actividade nos servizos foise desacelerando conforme transcorría o ano, aínda que no último trimestre rexistrou unha lixeira repunta.
- A ocupación creceu un 3,4 %. A evolución positiva no emprego logrouse en todos os subsectores coa única excepción en transportes e almacenamento.
- O IPC nos servizos subiu en 2025 un 3,3 %. As tensións inflacionistas que se aprecian nesta actividade motivan que a taxa xeral sexa máis elevada, xa que sen servizos o seu valor sería do 2,1 %.
- No sector do comercio no seu conxunto, a afiliación á Seguridade Social foi de 179.193 traballadores, o que supón un 0,5 máis que en 2024.
- No comercio polo miúdo a cifra de negocios presentou en 2025 un incremento do 3,6 %. Esta taxa foi similar á de 2024 (3,4 %), pero moi inferior á dos dous anos anteriores.
- Non se detivo a caída dos locais destinados ao comercio polo miúdo; en 2025 había 29.755 locais, o que significa un descenso do 2,4 % con respecto a 2024.
- En 2025 abríronse cinco novos centros comerciais en España, dos que ningún correspondía a Galicia. O máis relevante nese ano en Galicia foi a inauguración da ampliación do Centro Marineda City na Coruña.
- Gadisa segue a liderar, en canto a superficie comercial, o sector da distribución comercial de base alimentaria en Galicia e á vez ocupa o primeiro lugar en tres das catro provincias: A Coruña, Lugo e Ourense.
- O transporte de mercancías por estradas experimentou un notable dinamismo no tráfico interior galego, especialmente dentro dos propios municipios. Os resultados non foron tan positivos no tráfico cara a outras comunidades autónomas ou ao estranxeiro.
- No aeroporto Rosalía de Castro o número de pasaxeiros foi de 3.120.759 en 2025, fronte aos 3.640.519 de 2024.
- O tráfico de mercancías nos portos galegos de interese xeral descendeu, en volume, un 2 %; caída que se explica pola evolución daquelas mercancías de maior peso que adoitan ser os graneis sólidos e líquidos.
- Nun contorno de grande estabilidade no sector bancario ao longo do ano 2025, a reorganización da rede de oficinas do Banco de Santander permitiu a Caixabank converterse na segunda entidade con maior número de oficinas en Galicia, moi por detrás de Abanca.
- As entidades bancarias aproveitaron o contexto de estabilidade para avanzar na reorganización das súas redes de oficinas e aumentar a súa rendibilidade operando con marxes favorables nos tipos de xuro.

A actividade do sector servizos en 2025

En 2025, os servizos en Galicia mantivéronse nunha senda de crecemento similar á observada en 2024. O primeiro avance das contas económicas trimestrais elaboradas polo IGE presenta un incremento do VEB dun 2,7 %, unha décima menos que a porcentaxe de 2024. Esta variación, sendo positiva, unha décima máis da lograda polo PIB total galego, un 2,6 %, non superou as taxas que se xeraron na nosa contorna máis próxima. Segundo o INE, o crecemento dos servizos no conxunto de España foi do 3,2 %, cinco décimas máis que en Galicia.

En 2025 a evolución dos catro grandes macrosectores galegos foi moi desigual. A construción foi a actividade que máis achegou ao aumento do PIB e o seu dinamismo reflectiuse nun incremento do VEB do 7,3 %. A segunda maior subida alcanzouse no terciario grazas, sobre todo, á dinámica observada nos servizos destinados ao mercado. O crecemento do PIB, moi similar ao dos servizos, un 2,6 %, xustifícase, en gran parte, por ser este sector o que máis chega ao conxunto da actividade produtiva en Galicia. En 2025, do VEB total, medido en termos monetarios, o 70,3 % procedía dos servizos (70,6 % en 2024). En canto aos outros dous grandes sectores, o seu dinamismo foi inferior ao apreciado no terciario, en especial no sector primario, cuxo incremento de tan só un 1,3 % (1,2 % en España) mostrou unha desaceleración motivada polos factores que se describen no capítulo dedicado neste informe a esta actividade. Doutra banda, a evolución do VEB tamén foi peor na industria, debido á menor produción de enerxía, que contrarrestou os mellores resultados da industria manufacturera, a cal, cunha subida do seu VEB nun 3,2 %, mostrou un maior dinamismo que os servizos.

A actividade terciaria, que xera 2,10 euros de cada 3 euros do VEB orixinado en Galicia, é obviamente un sector moi complexo no que cohabitan actividades moi diversas tanto na súa estrutura como na súa dinámica. O cadro 1 mostra unha desagregación en sete subsectores e cómpre indicar que as actividades que configuran cada un deles tamén presentan dinámicas moi variadas. Unha mera observación deste cadro permite albiscar as liñas xerais seguidas por este sector en 2025. Todos os subsectores amosaron unha taxa de variación do seu VEB positiva, o que tamén se lograra en 2024. Ademais apréciase que esta variación non foi homoxénea. Así, mentres información e comunicacións mantivo un notable dinamismo xunto con actividades profesionais, os resultados das actividades artísticas, recreativas e outros servizos e as que se realizan desde as Administracións públicas tiveron unha taxa de crecemento inferior ao 2 %. Como xa se indicou, tendo en conta o menor avance na prestación de servizos non dedicados ao mercado, o principal impulsor da mellora foron as actividades non vinculadas co sector público.

En canto á evolución dos diferentes subsectores, o de maior peso é o que engloba o comercio, o transporte e a hostalería. O incremento nos tres últimos anos que reflicte o avance de datos do IGE, dun 0,8 %, 1,3 % e 2,1 % respectivamente, non coincide coas cifras que se recollían no *Informe* de 2024, no que estas taxas tiñan un valor moito máis elevado. A expensas do resultado definitivo, a

perspectiva actual suxire unha paulatina aceleración nunha actividade na que se concentra o 31,2 % do VEB do terciario, pero este aumento é, en todo caso, inferior ao do VEB de servizos. A xeración dun VEB monetario de 16.325,5 millóns de euros é unha contía que supera a lograda por grandes macrosectores galegos como a industria, a construción ou o primario. Téñase en conta, por exemplo, que da industria galega no seu conxunto se obtivo un VEB de 12.779,3 millóns de euros e da manufacturera 9.784,9 millóns; cifras sensiblemente inferiores ás deste subsector.


Cadro núm. 1
Evolución do VEB nas ramas do sector servizos
Taxas de variación interanuais (en %)

Ramas dos servizos	2023	2024	2025
Comercio, transporte e hostalería	0,8	1,3	2,1
Información e comunicacións	6,3	12,1	4,7
Actividades financeiras e de seguros	-5,6	0,2	3,4
Actividades inmobiliarias	0,2	3,3	3,9
Actividades profesionais	2,6	3,1	4,3
Administración pública, sanidade e educación	1,3	3,9	1,7
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,4	0,2	1,6
Servizos non de mercado	1,4	4,3	1,7
Total servizos	0,9	2,8	2,7
PIBpm	2,4	2,8	2,6

Datos de 2023 provisionais e de 2024 e 2025 avance.
A data de publicación foi o 27 de febreiro de 2026.
Fonte: IGE.

Ante a súa notable importancia, nas dúas epígrafes seguintes trátanse máis polo miúdo os resultados dos subsectores do comercio e do transporte, mentres que a continuación se analizan os trazos xerais que seguiu a hostalería en 2024 e 2025, tras as difíciles conxunturas que atravesou na pandemia e nos anos posteriores. O *Anuario da Hostelería de España 2025*, elaborado pola organización empresarial Hostelería de España e que representa o sector de restaurantes, bares, cafeterías e pubs, ofrece abundante información sobre a traxectoria do sector en 2024 e un avance de 2025. Alén dos resultados nacionais, tamén figura un informe para cada unha das comunidades autónomas. En 2024, Galicia, con respecto a España, xeraba o 4,1 % da produción total, moi lonxe de Cataluña (18,2 %), Canarias (13,4 %) ou Andalucía (13,3 %), e cunha taxa de crecemento anual significativamente elevada, un 7,4 %, pero inferior á media estatal, un 11,8 %. En todo caso, estamos en 2024 ante un bo ano para o sector que persistiu en 2025. En 2024 apréciase que se produciu un descenso no gasto medio por persoa en Galicia (-4,7 %) en restauración, que, con todo, supoñía un 7,8 % dos gastos totais; mentres que se incrementou de forma notable o gasto en aloxamento (26 %), seguramente motivado pola evolución dos prezos que subiron un 5,5 %. En aloxamentos a alza dos prezos foi do 4,7 % e na hostalería do 5,5 %, e todos eles superaron dabondo a taxa de variación do IPC, aínda que esta subida foi inferior á observada nos dous anos anteriores. Tras esta situación en 2024, os resultados en avance que xa se coñecen sobre 2025 suxiren que se mantén unha dinámica positiva, malia que o crecemento foi máis contido. No contexto nacional, esta desaceleración explícase tanto polo incremento nos custos como pola perda do poder adquisitivo das familias. Tamén, como factores negativos aparecen a presión fiscal e a inflación. Ademais, outro elemento negativo foi, para os lugares nos que se concentra esta actividade en España, as sucesivas ondas de calor do pasado verán; circunstancia que para Galicia podería tornarse nun factor positivo ante a maior benignidade climática. En todo caso, a variación de xaneiro a setembro da cifra de negocios na hostalería en Galicia en 2025 medrou un 4 % (4,7 % en España); dato que, a pesar da taxa de inflación (3,7 % na restauración de xaneiro a outubro e un 13,9 % nos aloxamentos), entendemos que non é un mal resultado. Pola súa banda, o emprego mantívose estable, xa que aumentou ao redor do 2 %. As expectativas para 2026 ao comezo deste ano apuntaban a unha continuidade na moderación, cun crecemento por baixo do 3 % e niveis de emprego parecidos aos de 2025. Esta percepción necesariamente tivo que cambiar a finais de febreiro debido aos conflitos bélicos e á remodelación que isto supón no funcionamento da actividade en Galicia e España. A impresión actual é que, neste contexto, Galicia e España poderían verse beneficiadas, se ben hai que esperar a evolución do tráfico aéreo nos meses de verán ante a carencia e encarecemento dos combustibles.

Tras a Administración pública, sanidade e educación, onde se concentran a maior parte dos servizos non destinados ao mercado e absorben o 26,4 % do VEB total, os servizos inmobiliarios xeraron en 2025 un 16 % deste VEB. Nese ano foi un dos sectores máis dinámicos, froito da evolución das transaccións sobre os bens inmobles; actividade na que as axencias inmobiliarias realizan un significativo labor de intermediación entre compradores e vendedores, alén de prestar outros servizos. Hoxe en día, a situación do mercado da vivenda, coa subida dos seus prezos, acelerou a facturación neste sector do terciario. No cadro 1 apréciase que o incremento do VEB en termos reais foi do 3,9 %. As transaccións en vivenda que se realizaron en 2025, sen crecer tanto como en 2024, volven estar próximas aos niveis alcanzados na primeira década deste século antes dunha crise económica motivada, sobre todo, polo comportamento do sector da construción. Segundo o INE, a compravenda de vivendas alcanzou as 27.035 operacións, o que supuxo un incremento dun 14,2 %, 2,7 puntos máis que a media española. A subida, sendo importante, foi inferior á de 2024, nun mercado que está a mostrar serias carencias na oferta. Como sucedía nos exercicios anteriores, o peso relativo das catro actividades restantes non alcanzaba en 2025 o 10 % do VEB de servizos. Cómpre destacar o impulso experimentado polas actividades profesionais e por información e comunicacións. En ambas as dúas, o aumento do seu VEB superou o 4 % e foron os dous sectores máis dinámicos do terciario galego. Así, o sector de información e comunicación vai gañando peso no contexto galego, malia que cun VEB de 2.346,8 millóns de euros aínda representa tan só o 4,5 % do total. En 2025 liderou o crecemento (4,7 %), pero freou a dinámica mostrada en 2024 que marcara un 12,1 %. Á marxe do parón de



2025, nos últimos anos obsérvase un grande impulso nas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) galegas, que abarcan tanto unha parte do sector industrial como o dos servizos. O informe de 2025 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), elaborado polo Observatorio da Sociedade de Información de Galicia (Osimga), indica, con resultados que abranguen 2023 e 2024, que Galicia era a quinta comunidade autónoma en España cun maior número de empresas dedicadas ás TIC e tamén a contidos; as cales están moi concentradas nas

provincias da Coruña e Pontevedra, en particular nas áreas con cabeceira na Coruña, Vigo e Santiago de Compostela. En 2024, o sector contaba con 29.099 ocupados, sendo moi maioritario o grupo de traballadores da actividade programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática (16.259).

Do mesmo xeito que se veu realizando nos últimos *Informes*, o gráfico 1 mostra a evolución trimestral da taxa de variación do VEB dos servizos en Galicia e en España e compárase coa traxectoria do consumo dos fogares e das ISFLSF galegas. Seleccionáronse os últimos catro anos (2022-2025), nos que se observa a espectacular recuperación nos primeiros meses de 2022 tras a pandemia, a cal se foi diluíndo, máis en Galicia que en España, conforme transcorreu o ano. A desaceleración proseguíu en 2023, para xa a partir do segundo semestre dese ano comezar unha aceleración na actividade que alcanzou un máximo no cuarto trimestre de 2024 en Galicia; para de novo desacelerarse en 2025, aínda que no último trimestre se produciu unha lixeira repunta. No gráfico vese como o dinamismo galego foi inferior ao do conxunto de España en todos os trimestres estudados. Evidentemente, o gasto en consumo dos fogares galegos incide na traxectoria dos servizos e no gráfico 1 apréciase que esta demanda non favoreceu o incremento da actividade neste sector.

Xunto co VEB, os valores acadados polo índice de cifras de negocios elaborado polo INE permiten precisar a traxectoria seguida polos servizos en Galicia en 2025. Este indicador publícase mensualmente e na súa desagregación non se recollen todos os subsectores. Exclúense as Administracións públicas, os servizos financeiros e de seguros e, tamén, o sector inmobiliario. Se se toma no mes de decembro a taxa de variación media, no que vai de ano o crecemento do índice xeral foi dun 3,6 %, expresada a cifra de negocios en termos monetarios e corrixido o efecto calendario; o que supón unha taxa 4 décimas maior que a alcanzada no mesmo mes de 2024. Os resultados desta variable amosan un incremento na facturación na totalidade dos subsectores e as variacións presentan unha menor volatilidade que as de 2024. En canto á cifra de negocios, o maior aumento lógrase nas actividades administrativas e servizos auxiliares cun 9,8 %, sendo tamén moi elevada, á marxe de como incidíu a variación dos prezos na súa facturación, a taxa de actividades profesionais, científicas e técnicas, un 8,3 %. Iso confirma o dinamismo que este sector do terciario mostraba na evolución do VEB, recollido no cadro 1. Pola contra, información e comunicacións foi o subsector cuxa cifra de negocios creceu menos tras lograr a taxa de variación máis alta en 2024. Esta volatilidade tamén se apreciaba na variación do VEB, malia que neste caso a desaceleración non foi tan forte. Pola súa banda, a subida dun 4,6 % no índice mostra que foi un ano bo na hostalería. Finalmente, en canto aos dous subsectores que se estudan polo miúdo máis adiante, na cifra de negocios, tiveron unha traxectoria contraposta. Mentres se acelerou a facturación no comercio, grazas tanto ao segmento retailista como ao almacenista que contrarrestaron a estabilización na venda e reparación de vehículos, evolución que non se reflicte noutras estatísticas; no sector de transporte e almacenamento o índice

creceu un 2,8 %, o que en termos reais supón un estancamento que contrasta co incremento do 7,2 % de 2024.

Ante unha subida do VEB en termos reais dun 2,7 % en 2025 e do índice da cifra de negocios dun 3,6 %, a ocupación medrou nun 3,4 %, o cal reflicte unha dinámica favorable a pesar da leve retardación do VEB. A evolución positiva no emprego logrouse, como se reflicte no cadro 2, en todos os subsectores coa única excepción de transportes e almacenamento, onde a ocupación apenas variou con respecto a 2024. En total, os servizos contaban en 2025 con 833.400 traballadores, o equivalente ao 76,2 % do emprego en Galicia, dúas décimas menos que en 2024, malia dispoñer de 27.700 traballadores máis. Así, e ao igual que nas economías da nosa contorna, o grao de terciarización do emprego é moi elevado, xa que máis de tres de cada catro ocupados en Galicia o fan no sector que estamos a analizar. Doutra banda, o peso na ocupación sobre o total segue sendo superior ao que presenta o PIB ou o VEB. En 2025, o peso relativo do PIB era o 63,9 %, catro décimas menos que en 2024, e o do VEB o 70,3 %, tres décimas por debaixo do ano anterior. Esta evolución de novo suxire que a produtividade media aparente do traballo nos servizos é inferior á media do conxunto da economía e iso é debido, entre outras causas, a que mentres a industria xeraba o 17,2 % do VEB total, cifra idéntica á de 2024, ocupaba o 13,5 % dos traballadores. Na construción e no primario tamén é superior o peso do VEB ao da ocupación.

Cadro núm. 2
Ocupación no sector servizos. Galicia
Datos coa base poboacional de 2021

CNAE-2009	Sector	Ocupación (miles de persoas)			TVI (%)	
		2023	2024	2025	2024	2025
45-47	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	171,2	171,5	176,5	0,2	2,9
49-53	Transporte e almacenamento	58,3	56,3	56,2	-3,4	-0,1
55-56	Hostalería	78,5	76,1	76,8	-3,1	0,9
58-82	Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	164,5	168,5	173,9	2,4	3,2
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	66,2	64,5	69,1	-2,6	7,1
85	Educación	80,9	80,2	80,8	-0,9	0,7
86-88	Actividades sanitarias e de servizos sociais	105,5	111,1	121,9	5,3	9,7
90-99	Resto de servizos	83,8	77,4	78,2	-7,6	1,0
Total		809,0	805,7	833,4	-0,4	3,4

Fonte: EPA, IGE-INE.

Xa se indicaba anteriormente que o incremento do emprego nos servizos nun 3,4 % en 2025 se acadou por un crecemento deste en todos os subsectores coa única excepción de transporte e almacenamento. No cadro 2 apréciase que dous deles destacan por encima dos outros, a Administración pública, defensa e Seguridade Social obrigatoria e as actividades sanitarias e de servizos sociais. En canto ao primeiro, alcanzouse a cifra de 69.100 ocupados, o que supón un 7,1 % máis que en 2024. Subiu sensiblemente o emprego público tras un período de retroceso (en 2024 caera un 2,6 %). Con todo, o maior dinamismo rexístrase na sanidade e os servizos sociais, que con 121.900 ocupados mostrou un significativo aumento en liña coa traxectoria ascendente dos últimos anos; pero, malia todo, parece insuficiente ante unha poboación cada vez máis envellecida e moito máis esixente coa atención sanitaria. A iso cómpre engadir a maior preocupación e un maior apoio da comunidade á prestación de servizos sociais. Esta evolución no emprego lógrase non só grazas ao sector público senón tamén ao privado.

Outro sector que mantivo unha traxectoria crecente na creación de emprego foi o que engloba as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais. Trátase de ocupacións en sectores moi diversos e, de dispoñer da información máis desagregada, apreciaríanse diferenzas relevantes do emprego nestas actividades, aínda que en canto ao VEB todos eles tiveron un sensible incremento (cadro 1). En todo caso, no seu conxunto, esta agrupación ten case o mesmo número de ocupados que o comercio en Galicia, a pesar de que, a diferenza deste, a súa traxectoria foi máis expansiva nos últimos anos. A variación con respecto a 2024 foi do 3,2 % e, conforme á facturación


e ao VEB xerado, hai que subliñar o dinamismo das actividades inmobiliarias, ante a situación actual deste mercado, e o das actividades profesionais. Pola súa banda, o sector financeiro analizarase máis en detalle na última epígrafe deste capítulo.

No cadro 2 obsérvase que o emprego variou moi pouco en tres subsectores. No sector educativo tan só medrou en 600 persoas con respecto a 2024, contía case idéntica ao descenso que se apreciara nese ano fronte a 2023. Mantense así estable o emprego nunha actividade que tradicionalmente vén contando cuns 81.000 ocupados nun contexto demográfico no que a poboación infantil e xuvenil (entre 0 a 24 anos) pasou en Galicia, segundo os censos de poboación e de vivendas, de 923.837 habitantes en 1991 a 534.786 en 2025. O emprego tamén se estabilizou en hostalería (76.100 en 2024 e 76.800 en 2025), actividade que aínda arrastra os problemas que afloraron nos anos de pandemia e que non acaban de superarse. Os incrementos na demanda interna xunto cos bos datos do sector turístico non conseguen aumentar os postos de traballo, nunha actividade aguiñada por problemas estruturais ante as singularidades deste tipo de ocupación, na que nos últimos anos a inmigración estranxeira tivo un especial protagonismo (multiplicouse por tres o número de afiliados estranxeiros ao réxime xeral da Seguridade Social que traballan neste sector desde 2017 a 2025). A escasa cualificación preséntase como un problema nunha actividade na que o traballo non resulta moi atractivo ante un horario que inclúe fin de semana e se intensifica no verán, e con pouca estabilidade en comparación con outros ámbitos. Esta situación non ten unha doada solución ante as posibilidades que hoxe ofrecen outros sectores.

Pola súa banda, o grupo no cadro 2 no que se inclúen aquelas actividades que non se recollían nas epígrafes anteriores rexistra unha leve subida do 1 % fronte á caída do 7,6 % de 2024. Este subsector alcanza os 78.200 ocupados que traballan en actividades moi diversas. Aquí cómpre sinalar os cambios legais que foi experimentando o segmento de servizos de apoio ao fogar, en especial o das empregadas do fogar (este sector é moi maioritariamente feminino), xa que entendemos que a traxectoria das súas relacións laborais incidiron na ocupación. Os resultados de 2025 suxiren unha estabilización no emprego, tras o axuste dos últimos anos, motivada pola notable alza dos salarios mínimos e polas melloras nas condicións de traballo que lastraron as economías domésticas, o que, sen dúbida, motivou unha caída na demanda destes traballos.

Finalmente, o conxunto do comercio e mais a reparación de vehículos, que mantén o seu liderado en Galicia con 176.500 ocupados e un crecemento en 2025 do 2,9 %, e os transportes e almacenamento, con 56.200 ocupados e unha caída do 0,1 %, serán estudados con maior detalle nas próximas epígrafes. Hai que recalcar que o transporte foi o único subsector que perdeu emprego con respecto a 2024, malia que a caída foi de tan só 100 traballadores.

No gráfico 2 obsérvase que a traxectoria trimestral da ocupación nos servizos nos últimos anos foi moi irregular. Se se compara este gráfico co que describe o comportamento do VEB (gráfico 1)



apreciamos como, pese ás diferenzas na escala, as variacións na ocupación presentaron maior volatilidade. Desde o cuarto trimestre de 2022, as taxas de variación en Galicia foron sempre inferiores ás de España, aínda mantendo unha traxectoria moi similar. Os peores resultados obtivéronse nos dous trimestres centrais de 2024, pero a partir dese momento a creación de emprego comezou a acelerarse, incrementándose máis que as mesmas taxas españolas e que as logradas polo total de sectores en Galicia.

En 2025, o máis relevante foi o impulso da ocupación no terciario galego nos meses de verán. Con respecto ao mesmo período de 2024, o crecemento foi dun 5 % grazas, sobre todo, ao aumento dun 15,6 % na hostalería e iso pese ás dificultades xa comentadas. O emprego na tempada estival compenso a forte caída do primeiro semestre do ano. A evolución foi relativamente parecida no comercio. Estes excepcionais datos do verán non se puideron manter no outono, estación na que unha meteoroloxía moi adversa incidiu de forma negativa na demanda. Ademais, tamén creceu a unha taxa de dous díxitos a ocupación na Administración pública nos meses de verán, subida que se mantivo no cuarto trimestre, o que permitiu contrarrestar o menor nivel do emprego nos seis primeiros meses de 2025. De igual xeito, as actividades sanitarias mantiveron, en relación aos resultados trimestrais de 2024, un significativo incremento na súa ocupación.

Certamente, na segunda metade de 2025, case todos os subsectores mostráronse moi dinámicos na creación de emprego. Só se contemplaron dúas excepcións. A ocupación en transporte e almacenamento que, se ben tivo unhas taxas de crecemento relativamente elevadas nos dous primeiros trimestres, descendeu en nada menos que un 10 % nos meses de verán, para xa non recuperarse no outono. O segundo subsector con cifras negativas foi o resto dos servizos, no que a maior perda de emprego se produciu nos últimos meses do ano.

En resumo, a ocupación nos servizos conforme avanzaba o ano foi acelerándose de maneira paulatina grazas a unha maior creación de emprego nos sectores máis significativos. A subida dun 5 % nos meses de verán reflicte unha dinámica positiva no sector, que se mantivo nos últimos meses do ano, aínda que cunha lixeira desaceleración no seu crecemento debido, sobre todo, ao freo na contratación, na hostalería e no comercio.

O aumento do emprego nun 3,4 % nos servizos supuxo un incremento do 1,7 % no total de contratos asinados en 2025, unha subida idéntica á rexistrada no conxunto da economía de Galicia. A caída dun 6,6 % na conversión de contratos temporais en indefinidos, situación atribuíble ao cada vez menor número de contratos temporais froito da última reforma laboral, motivou que a alza non fose maior. Se dos contratos asinados se consideran só os iniciais, o crecemento foi do 1,9 %. En canto á desagregación destes últimos, apréciase que a contratación indefinida apenas variou respecto a 2024, malia que os resultados por ramas de actividade son moi heteroxéneos. Baixou notablemente, un 34,3 %, a contratación por esta modalidade nas Administracións públicas, circunstancia que provocou unha caída no total dos contratos dun 27,2 %. Tamén descendeu esta forma de contratación en educación, actividades sanitarias, artísticas, hostalería e outros servizos. Pola contra, destaca o incremento dun 18,4 % en información e comunicacións, o que suxire que se está creando nesta actividade emprego de maior calidade que noutros sectores.

A cuarta parte dos contratos rexistrados da actividade de servizos en Galicia en 2025 proceden da hostalería. Aumentaron un 2,9 % con respecto a 2024 e supoñen o 34,6 % (53.018) dos contratos indefinidos e o 27,5 % (80.116) dos eventuais por circunstancia da produción. Esta proporción de 1,5 é menor que a observada nos outros dous sectores con maior concentración da contratación: o comercio, co 16 % de todos os contratos iniciais dos servizos, sector no que de cada 2,2 novos contratos eventuais se asina un indefinido; e nos transportes e almacenamento (11,4 % do total), no que esta proporción sobe a 3. Doutra banda, resulta interesante subliñar que en só dous sectores a contratación indefinida superou a eventual: as actividades inmobiliarias, onde por cada contrato eventual se asinan dous indefinidos; e as actividades dos fogares como empregadores, nas que a inmensa maioría dos contratos iniciais son de carácter indefinido.

As dúas modalidades de contratación temporal máis estendidas son os contratos eventuais por circunstancia da produción (383.920 en 2025) e os de interinidade (69.225). Estes últimos concentrábanse en 2025 nas actividades sanitarias, no comercio e nas actividades administrativas; aínda que o máis significativo foi o incremento dun 55 % na educación, o que contrasta coa caída dun 29,1 % nas Administracións públicas.


Os prezos no sector de servizos

En 2025 conseguíuse reducir a subida do IPC relativo ao sector terciario galego con respecto a 2024. Aínda así, as taxas mantéñense altas, o que é unha circunstancia negativa para a evolución da demanda galega e, en consecuencia, para o desenvolvemento desta actividade. Fronte ao obxectivo do Banco Central Europeo de manter a variación da taxa xeral de inflación por debaixo do 2 %, a taxa xeral de variación do IPC en Galicia (en decembro de 2025 e en variación do que ía de ano) foi do 2,6 %, tres décimas menos que a española e unha décima inferior á de 2024. Esta porcentaxe é sensiblemente inferior á alcanzada nos servizos (un 3,3 %), polo que as tensións inflacionistas apreciadas nesta actividade motivan que a taxa xeral sexa máis elevada, xa que sen servizos o seu valor sería do 2,1 %. Por tanto, o aumento dun 2,7 % no VEB do terciario prodúcese nun contexto de tensións inflacionistas que dificilmente se corruxirán en 2026 debido aos problemas de subministracións nos mercados internacionais e cuxa alza nos prezos repercuten en todos os sectores.

No gráfico 3 recóllese a evolución mensual do IPC desde 2022. Neste ano, tras os problemas que xurdiron despois da pandemia descritos nos *Informes* precedentes, os prezos no terciario galego contívéronse ante a forte tensión inflacionista xerada noutros sectores. Porén, cando esta tensión se foi desacelerando, os prezos nos servizos mantiveron o seu incremento en taxas máis altas que as outras actividades, de tal modo que nos últimos anos foron un dos principais responsables da subida do IPC total. Ademais, desde o mes de marzo ata a actualidade, o IPC nos servizos supera o do conxunto dos restantes sectores.


O valor medio do IPC de servizos de 2025 dun 3,3 % lógrase nun contexto dunha certa estabilidade mensual deste crecemento. A maior volatilidade corresponde ao primeiro trimestre do ano con oscilacións, en taxas interanuais, do 3,4 % en xaneiro ao 2,8 % en marzo. En abril rexistrouse unha sensible repunta de nove décimas e a partir de aí, nos restantes meses do ano, a taxa oscilou entre un 3,4 % en xuño e un 3 % en xullo. Unha novidade importante na traxectoria deste ano é o cambio de tendencia entre os resultados de Galicia e os do conxunto de España. Mentres desde 2022 a taxa de variación galega superou en todos os meses a española; en xaneiro e marzo de 2025 foi a mesma, pero a partir de aí os servizos en España foron máis inflacionistas. En outubro, a taxa española xa superaba en cinco décimas a galega, e nos dous últimos meses do ano a diferenza era de catro décimas. Así, en media anual o crecemento do 3,3 % en Galicia contrasta co dun 3,7 % en España. Se en 2024 a inflación galega (3,8 %) só era superada pola de Baleares (4 %), en 2025 mostraba unha das máis baixas de España (en Madrid a taxa fora do 4,7 %), e unicamente era inferior en Cataluña, Navarra e A Rioja.

Por rúbricas, só caeron os prezos nos obxectos recreativos e mantivéronse as taxas de variacións altas en educación infantil e primaria e no transporte público. Neste último foi elevado o aumento en 2025 no transporte urbano, seguramente debido á actualización de tarifas nos diferentes municipios.



Hai que recalcar que o turismo e a hostalería medrou un 3,1 %, polo que se rexistrou unha certa desaceleración con respecto a 2024, cando a subida foi do 5,1 %.

O recorte da taxa de variación dos prezos nos servizos en cinco décimas non permitiu mellorar de forma significativa a confianza dos consumidores galegos, tanto na percepción da súa situación privada como na da economía no seu conxunto. O índice de confianza do consumidor elaborado polo IGE mantense, como en todos os trimestres desde o inicio da súa publicación, en valores negativos, se ben



algo mellores aos de 2024. As percepcións dos consumidores foron empeorando a partir do segundo trimestre. Así, a situación financeira privada suscitou pesimismo no segundo semestre do ano, aínda que é un pouco máis optimista en canto á capacidade futura de endebedamento. Curiosamente, esta relativa melloría que se pode observar a nivel privado non se estende cara ao conxunto da economía, cuxa expectativa de evolución foi ao longo de 2025 máis pesimista e, en especial, no segundo e cuarto trimestre.


A distribución e o comercio

Unha das actividades que habitualmente adoita xerar unha parte significativa do valor engadido en calquera economía é a distribución e o comercio. As operacións estatísticas de conxuntura, as que en maior grao cómpre utilizar neste estudo ao proporcionar a información máis próxima no tempo, adóitanse publicar con datos máis agregados que as operacións de carácter estrutural, polo que o comercio se une ao transporte, que se analizará na epígrafe seguinte, e á hostalería, da que se deu referencias na epígrafe anterior. Así, no cadro 1, no que se presenta a evolución do VEB nos servizos por subsectores, apréciase como estas tres actividades se foron acelerando de 2023 a 2025, malia que as taxas de variación alcanzadas en termos reais foron sempre inferiores aos valores medios do sector terciario en Galicia. Desta maneira, a variación en 2025 foi do 2,1 %, porcentaxe inferior en oito décimas ao VEB dos servizos. En todo caso, a dinámica, distinta á que suxería o avance dos resultados das contas económicas en 2024, é positiva porque mostra un progresivo crecemento, se ben as taxas de variación non son excesivamente elevadas. Seguramente, esta traxectoria se trunque en 2026 ante as dificultades económicas que poida provocar a situación dos mercados internacionais debido aos conflitos bélicos existentes no momento de redactar este informe. A vital importancia deste subsector, no que se agrupan estas tres actividades, evidénciase polo peso relativo que ten a súa produción e o seu VEB no contexto da economía de Galicia. En canto a este último, o peso do VEB en termos monetarios sobre o total dos servizos alcanzaba o 31,2 % en 2025; valor inferior ao do conxunto da economía española, que segundo o INE fora do 32,5 %.

Varias publicacións xa presentan información de 2025 dun modo desagregado de diferentes variables, de tal xeito que nos permiten caracterizar con maior precisión o comportamento dos subsectores que configuran a distribución e o comercio. Unha delas é o índice da cifra de negocios que se publica con carácter mensual e que elabora o INE, se ben o IGE presenta para Galicia información máis desagregada. Tomada a cifra de negocios a prezos correntes, no gráfico 5 figuran as taxas de variación rexistradas nos meses de decembro, desde 2022 a 2025, sobre a variación media no que vai de ano, indicador que recolle, por tanto, a evolución en media anual. No devandito gráfico apréciase o brusco freo na cifra de negocios da venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas en 2025 tras os elevados incrementos dos anos precedentes. O aumento dun 0,2 % reflicte unha facturación similar á de 2024, malia que os datos sobre matriculación de turismos (medraron un 9,4 %) parecen indicar que este crecemento debería ser superior. Con todo, segundo a Asociación Nacional de Comerciantes de Vehículos (Ancove), as vendas de vehículos de ocasión descendéron en 2025 un 1,6 % (144.216 unidades), sendo o descenso no segmento de turismos aínda maior, un 2,3 %. Esta caída debeuse ás vendas rexistradas nas dúas provincias con maior volume de facturación, A Coruña e Pontevedra.

Gráfico 5

Variación do índice da cifra de negocios
(a prezos correntes) do comercio en Galicia
Taxas de variación media no que vai de ano (en %)



O comercio por xunto mantivo nos últimos anos en Galicia unha traxectoria moi irregular. No gráfico 5 apréciase que, tras incrementarse o seu índice de cifra de negocios a prezos correntes un 34,1 % en 2022, nos dous anos seguintes a súa facturación se mantivo relativamente estabilizada e en 2025 rexistrouse unha aceleración grazas a un aumento do 3,4 %. Sobre este subsector, xa se lembraba nos *Informes* anteriores que non se está ante unha actividade menor. Os últimos datos publicados da Estatística Estrutural a Empresas: Sector Comercio, referidos a 2024, reflicten un volume de negocio de 40.679 millóns de euros; o que supón o 64,4 % da facturación total da distribución e o comercio, cifra non demasiado afastada da, por exemplo, alcanzada no mesmo ano polo conxunto da industria manufacturera galega, 45.423,4 millóns de euros. Estes resultados de 2024 mostran unha evolución positiva con respecto ao ano anterior tanto na facturación (subida dun 6,8 %) como no emprego (4,5 %). O índice da cifra de negocios de 2025 amosa que esta evolución favorable persistiu nese ano. Con todo, moitos dos problemas estruturais sinalados nos anteriores *Informes* seguen sen solucionarse sendo, na actualidade, de vital importancia a necesidade de adaptarse aos novos formatos comerciais. Doutra banda, non é positivo o sistemático descenso no investimento en activos materiais. Esta variable presenta unha desaceleración cada vez máis preocupante. A caída, en termos monetarios en 2024, fora do 26,1 %.

A dinámica seguida nos últimos anos polo comercio polo miúdo foi diferente á dos outros dous subsectores. O índice da cifra de negocios presentou en 2025 unha subida do 3,6 %, cifra similar á de 2024 (3,4 %), pero moi inferior á dos dous anos anteriores. A noticia positiva é que se modificou a traxectoria descendente dos últimos anos e a súa facturación tende a crecer máis que en 2024 e a unha taxa relativamente alta. Esta variación positiva non debe ocultar a profunda transformación dun subsector que trata de adaptarse ás novas formas de distribución e á potencialidade dos novos formatos comerciais. O Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, elaborado pola Consellería de Emprego, Comercio e Migración, indica na súa diagnose do sector que aínda queda "moito camiño que percorrer non emprego das ferramentas dixitais e o comercio ten problemas de motivación, en especial desde a pandemia da COVID-19. A aposta debe ir por unha maior profesionalización, pola modernización, pola dixitalización e por unha maior cooperación". Este plan estratéxico recolle a

Cadro núm. 3
Ocupados nas actividades comerciais en Galicia (miles de persoas)
Datos coa base poboacional de 2021

	2022	2023	2024	I semestre		TVI (%)	TVI (%)
				2024	2025		2025/2024
						2024/2023	(I semestre)
A Coruña	72,1	71,8	75,0	75,3	70,7	4,5	-6,2
Lugo	17,9	20,3	20,4	20,5	20,4	0,5	-0,2
Ourense	19,8	17,6	14,4	14,1	16,3	-18,2	15,2
Pontevedra	64,5	61,5	61,7	60,6	63,0	0,3	4,0
Galicia	174,4	171,2	171,5	170,5	170,3	0,2	-0,1

Fonte: EPA-INE-IGE.

preocupación pola perda sistemática de empregos nas empresas de menor dimensión e, máis en concreto, no colectivo de autónomos. Pon en contraste a evolución positiva da creación de sociedades con máis de 250 traballadores, o que redunda no emprego, coa redución da estrutura empresarial das empresas de menor tamaño.

No cadro 3 móstranse os resultados da EPA nos que se recolle en Galicia a traxectoria por provincias da ocupación existente no conxunto das actividades comerciais. Desafortunadamente, a partir de agora non se poderá facilitar a información que se proporcionaba neste cadro debido a que non se renovaron os acordos entre o IGE e o INE tras a finalización dunha colaboración especial pola cal en Galicia se realizaba a enquisa cunha mostra de fogares máis ampla. Isto permitía obter información do mercado de traballo, con certa robustez estatística, sobre territorios máis pequenos e, ademais, cunha maior desagregación das variables estudadas. Ante esta nova situación, a partir do terceiro trimestre de 2025, os resultados que publica o IGE sobre a EPA en Galicia, que tradicionalmente eran máis abundantes que os que figuraban nas estatísticas do INE, son xa case os mesmos. Esta perda de información ocasiona que non se poida caracterizar a traxectoria do mercado de traballo galego por provincias nos diferentes sectores coa precisión que se facía cos datos dispoñibles ata o segundo trimestre de 2025 e iso afecta a elaboración do cadro 3. En todo caso, neste cadro apréciase un descenso no emprego no comercio en 1.200 ocupados durante o primeiro semestre de 2025, con respecto aos resultados do ano 2024. Esta caída corrixiuse no segundo semestre, período no que o emprego medio medrou ata os 182.800 ocupados, un 5,9 % máis, grazas á lóxica repunta durante os meses de verán (lembramos que estamos ante un sector cun grande impacto da estacionalidade). A media do ano situouse en 176.500, cunha ocupación de 5.000 traballadores máis, e así o incremento anual foi dun 2,9 % no emprego e ese aumento foi de case un 9 % nos meses de verán. O comportamento do turismo, que se reflicte noutro capítulo deste informe, incide neste elevado crecemento que seguramente non se poderá manter en 2026 ante as dificultades no transporte, en particular o aéreo, e nunha complexa situación internacional.

No cadro 3 obsérvase que a caída do emprego nun 0,1 % do primeiro trimestre debeuse aos malos resultados da provincia da Coruña, que foron contrarrestados por unha subida dun 4 % na de Pontevedra, pero, sobre todo, polo aumento dun 15,2 % na de Ourense. Con esta ocupación, esta provincia parece superar a forte crise rexistrada en 2024 e case recuperou o emprego que se alcanzara en 2023. No *Informe* anterior comentábase a enorme crise que estaba a atravesar o comercio polo miúdo en Ourense, máis en particular na súa capital. A evolución en 2025 supón polo menos un freo ás drásticas caídas que se apreciaban nesta década. A falta dunha información máis precisa do segundo trimestre, a alza antes sinalada no conxunto de Galicia dun 5,9 % suxire unha recuperación en todo o territorio, pero, en especial, na provincia da Coruña.

Unha variable alternativa á ocupación que proporciona a EPA para o estudo do comportamento do mercado de traballo na distribución e o comercio en Galicia é a afiliación á Seguridade Social nos diferentes tipos de réximes. En 2025, tomando a media da afiliación no último día natural de cada mes, contabilizáronse un total de 179.193 traballadores, o que supón un 0,5 máis que os rexistrados en 2024. Este incremento é exactamente o mesmo que se recolleu en 2024 e a cifra de afiliados non difire demasiado dos ocupados segundo a EPA (176.500 traballadores). Estes resultados confirman unha estabilización no emprego nos dous últimos anos cunha variación moi escasa nos tres subsectores. Así, o comercio polo miúdo que contaba con 107.459 afiliados, o que supón un 60 % do emprego total do total do comercio, logrou un incremento do 0,5 %, idéntico ao comercio por xunto que, con todo, absorbía o 27,6 % da afiliación.

Por réximes, hai que seguir destacando, como se facía nos *Informes* precedentes, o peso que nesta actividade ten o traballador autónomo, á vez que se debe apuntar o persistente declive desta afiliación. Así, fronte a un aumento en 2025 dun 1,5 % dos afiliados ao réxime xeral, o número de autónomos descendeu no conxunto do sector un 2,5 %, porcentaxe moi superior á caída destes afiliados no conxunto da economía galega que foi do 0,2 %. Iso é debido ao progresivo declive das microempresas, máis acentuado nesta actividade que noutras; e, doutra banda, o peso relativo do traballador autónomo na distribución e o comercio é moi superior ao do conxunto da economía. Trátase dunha característica estrutural e, a pesar da crise, en 2025 un de cada catro afiliados no comercio polo miúdo era autónomo; porcentaxe que sobe ao 28,3 % no caso da venda e reparación de vehículos e cae ao 21,6 % no caso do comercio por xunto. Os cambios nos formatos de venda supoñen un declive do comercio tradicional, no que unha boa parte dos seus traballadores son autónomos. De entre as grandes cidades, as máis afectadas son Ferrol e Ourense.

A produtividade é unha das variables claves no comportamento e desenvolvemento dunha economía. A información sobre as contas económicas anuais que elabora o IGE referidas a 2023 (último ano recentemente publicado) mostra para ese ano unha estabilización do VEB monetario no sector da distribución e o comercio, mentres que o número de horas traballadas descendeu un 0,4 %. Os datos foron especialmente negativos no comercio por xunto. Pois ben, neste contexto, a achega de media dun traballador ao VEB deste sector foi de 26,65 euros, o que supuxo uns 10 euros menos (36,80 euros) considerando esa achega no conxunto da economía galega; e esta produtividade apenas variou, tan só dez céntimos máis, con respecto ao ano anterior a pesar da evolución dos prezos. As diferenzas entre os tres subsectores son moi significativas. Se a cifra do comercio polo miúdo (18,56 euros) é unha das máis baixas do conxunto de sectores da economía galega, a do comercio por xunto elévase a 42,94 euros, moi por riba da media do conxunto da economía galega. Evidentemente, a diferente intensidade do capital nestes dous subsectores incide neste resultado.

Unha última variable que completa a explicación sobre a conxuntura do emprego nesta actividade é o índice de persoal ocupado en 2025. Esta estima un incremento na ocupación dun 0,8 %, só dúas décimas máis que en 2024. Lembremos que as afiliacións á Seguridade Social cuantificaban este crecemento nun 0,5 %, cando a EPA O elevaba ao 2,9 %. Segundo esta variable, a taxa de creación de emprego na venda e reparación de automóbiles duplicou a dos outros dous sectores.

No cadro 4 preséntanse os contratos rexistrados neste sector nos últimos tres anos nas súas diferentes modalidades. É relevante o número dos contratos indefinidos iniciais, cuxas cifras medraron notablemente desde a última reforma laboral. Porén, en 2025 cómpre subliñar, sobre todo, o incremento da contratación eventual por circunstancias da produción, nun sector moi afectado pola temporalidade e de aí a necesidade de incorporar traballadores nos picos de demanda. O crecemento foi dun 8,3 %, acorde co que se apreciaba na evolución do emprego nos períodos de maior necesidade de contratación. En todo caso, e sen poder distinguir nos contratos indefinidos iniciais a contía dos fixos discontinuos, na temporalidade no comercio tamén incide a decisión dos traballadores de conseguir un emprego ponte neste sector á espera de obter unha ocupación noutra actividade produtiva con máis vantaxes laborais. Ademais, neste cadro obsérvase que os contratos de formación son moi

Cadro núm. 4
Contratos de traballo rexistrados nas actividades comerciais en Galicia

	2023	2024	2025	TVI (%) 2024/2023	TVI (%) 2025/2024
Indefinido ordinario e fomento do emprego	24.140	23.555	23.758	-2,4	0,9
De obra ou servizo	0	0	0		
Eventual por circunstancias da produción	44.180	48.190	52.166	9,1	8,3
Interinidade	11.836	12.322	12.519	4,1	1,6
En prácticas	389	361	392	-7,2	8,6
Para a formación	405	402	272	-0,7	-32,3
Outros	684	733	616	7,2	-16,0
Total de contratos iniciais	81.634	85.563	89.723	4,8	4,9
Conversións a indefinidos	4.120	4.569	4.500	10,9	-1,5
Total de contratos rexistrados	85.754	90.132	94.239	5,1	4,6


Fonte: IGE.

escasos e redúcense un 32,3 % en 2025, e de igual maneira descendeu a conversión dos contratos temporais a indefinidos.

Dentro deste sector, o comercio polo miúdo desempeña un papel esencial na economía de Galicia por múltiples motivos. Máis alá da economía, a forma de adquisición de mercancías ou servizos que cubran as necesidades da poboación incide nas relacións sociais e no modo de vida. Así, os novos formatos comerciais que se foron implantando nas últimas décadas modificaron a configuración das cidades e de forma complementaria crearon zonas de lecer e diversión alternativas. Estas novas modalidades xeraron incertezas sobre a viabilidade ou duración de negocios tradicionais que foron perdendo capacidade competitiva fronte ás novas fórmulas de distribución. Os resultados económicos xerais non recollen as dificultades ás que se enfrontan uns formatos fronte a outros.

Así, para determinar eses trazos xerais, o índice da cifra de negocios de todo o comercio polo miúdo a prezos constantes (gráfico 6) foi evolucionado ao longo de 2025 dun modo moi irregular. A nota positiva foi que en todos os meses se rexistra un crecemento con respecto ao mesmo período do ano anterior, coa única excepción no índice xeral no que se exclúen as estacións de servizos do mes de febreiro. O ano 2025 comezou cunha desaceleración na facturación real que xa en marzo se foi corrixindo. En maio e xuño o incremento foi dun 5,4 % (4,4 % sen estacións de servizos); variación que descendeu en xullo, pero sobre todo en agosto, mes no que o índice suxire que a facturación foi similar, en termos reais, á de 2024. Ao final do verán e inicio do outono prodúcese unha nova recuperación que non se consolidou en novembro, e en decembro logrouse a taxa máis elevada de todo o ano. Neste contexto, o índice de ocupación mantivo unha traxectoria moito menos volátil e a súa taxa de variación oscilou entre unha subida do 1,2 % en febreiro e agosto, xustamente os dous meses nos que menos medrou a facturación, e un 0,3 % en marzo e abril, período no que a cifra de negocios estaba a acelerar o seu crecemento.

A media anual destes tres índices que figuran no gráfico 6 (tomada como o resultado de decembro sobre a variación media no que vai de ano) reflicten un aumento de o 3,2 % no índice xeral, porcentaxe que se reduce ao 2,7 % se se exclúen as estacións de servizos. Mentres, o índice medio xeral de ocupación está no 0,7 %, a metade do alcanzado en España. En canto á facturación, este índice de-



sagrégase en dous grandes grupos, a alimentación polo miúdo e o resto dos produtos. En 2025, a facturación en euros constantes da alimentación polo miúdo medrou un 2,2 % fronte ao resto de produtos que o fixo nun 3,4 %. Xa que a subida dos prezos incidíu máis na alimentación, este resultado suxire que se retraeron as vendas de bens alimentarios ou que o consumidor axustou a súa cesta da compra adquirindo produtos máis económicos. De feito, a variación en euros correntes da alimentación e do resto de produtos en 2025 foi a mesma, un 3,7 %.

Doutra banda, a evolución do número de locais nos que se realiza a actividade do comercio polo miúdo é outra das variables relevantes para observar a conduta neste sector. Pois ben, no cadro 5 recóllese a información que proporciona o Directorio Central de Empresas (DIRCE) elaborado polo INE sobre o número de locais activos existentes ao 1 de xaneiro de 2024 e 2025. A caída nestes dous anos con respecto aos anos anteriores non se detivo, de tal modo que en 2024 había en Galicia 30.496 locais comerciais, un 2,2 % menos que en 2023; mentres en 2025 esta cifra baixaba a 29.755 locais cun descenso do 2,4 %. Neste cadro apréciase que se intensifica a remodelación dun sector que cada vez conta con menos locais nos que traballan como máximo nove asalariados (en 2025 son 757 locais

menos) e, pola contra, medra o número de locais con 10 traballadores ou máis, neste caso con 16 máis. É obvio que estamos nun sector no que a vida media das empresas é relativamente pequena se se compara con outras actividades, polo que se xeran continuas aperturas e peches, pero o balance final vén sendo negativo desde hai tempo. En 2023, a Xunta calculaba que existían entre 7.000 e 12.000 baixos comerciais sen uso e unha alternativa foi a súa conversión a uso residencial en ámbitos moi concretos. Estimábase que ao redor duns 2.000 poderían cumprir uns requisitos que se foron paulatinamente alixeirando mesmo en 2025. Esta posibilidade fixo subir o prezo de venda duns locais que, ante o comportamento do comercio e o despoboamento de moitas zonas, non tiñan uso ningún. Na actualidade danse fortes contrastes sobre todo nas principais cidades, nas que hai lugares cun nivel moi alto de ocupación e nos que se está producindo unha reconversión de locais comerciais a centros de servizos; e outros nos que practicamente desapareceu a actividade comercial. No referente a 2025 (cadro 5), as maiores perdas producíronse nos establecementos non especializados, sendo tamén preocupante a caída de postos de vendas en mercados tradicionais; outro síntoma do cambio nas preferencias dos consumidores que abandonan a compra nestes espazos tradicionais e agora acoden a superficies comerciais de maior tamaño. En particular hai que subliñar aquí a diminución de locais nos que se venden artigos culturais ou recreativos, en definitiva, as librerías tradicionais e os especializados na distribución de produtos vinculados coas tecnoloxías da información ou coas comunicacións. O único segmento que en 2025 contaba con máis locais que en 2024 é o dedicado á venda de produtos da automoción, ao pasar de 704 a 711 establecementos en Galicia.

Cadro núm. 5
Número de locais activos dedicados á actividade do comercio polo miúdo
(excepto vehículos de motor e motocicletas) localizados en Galicia

	2024				2025				TVI (%) 2024-2025
	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	
En establecementos non especializados	2.492	656	30	3.178	2.320	665	32	3.017	-5,1
De produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.024	44	0	5.068	4.868	47	0	4.915	-3,0
Para a automoción en establecementos especializados	668	36	0	704	676	35	0	711	1,0
De equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	532	6	1	539	511	8	1	520	-3,5
Doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	5.484	57	4	5.545	5.386	61	4	5.451	-1,7
De artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	1.902	12	0	1.914	1.837	12	0	1.849	-3,4
Doutros artigos en establecementos especializados	10.351	163	45	10.559	10.145	160	45	10.350	-2,0
En postos de venda e en mercados	2.184	4	0	2.188	2.086	2	0	2.088	-4,6
Non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en mercados	782	17	2	801	833	19	2	854	6,6
Total	29.419	995	82	30.496	28.662	1.009	84	29.755	-2,4

Fonte: Directorio Central de Empresas. INE.

A aparición de centros e parques comerciais supuxo un cambio na fisionomía do comercio galego e obrigou o comercio polo miúdo tradicional a adaptarse a esta novidade. Tras o auxe que supuxo a súa implantación en Galicia a finais do século pasado e a principios deste, aos poucos foise freando o forte impulso inicial ante a elevada superficie xa instalada, polo que as inauguracións foron declinando, ao que se sumou a aparición doutras formas de comercio. Porén, o peso deste formato segue sendo moi importante, a pesar dos problemas que atravesou na pandemia e nos anos posteriores. Actualmente, os resultados de vendas alcanzados xa se homologan en España aos que existían en 2019. A Asociación Española de Centros e Parques Comerciais (AECC) contabilizaba en España un total

de 592 centros e parques comerciais en 2025, cando en 2024 eran 587. Son cinco máis, o que confirma a estabilidade á que nos referiamos, sendo o máis significativo neste exercicio as compravendas realizadas e a entrada de capital foráneo nestes centros, xunto coas remodelacións e melloras dos centros e parques existentes. En España, as vendas nestas instalacións alcanzaron en 2025 os 58.524 millóns de euros, un 6 % máis que en 2024, e a afluencia foi de 1.955 millóns de visitas (un 2,4 % máis). Iso supón un incremento inferior ao dos anos anteriores, o que suxire un maior gasto por cliente.

Madrid e Andalucía seguían sendo en 2025 as dúas comunidades autónomas cunha maior superficie bruta alugable (SBA), un 19,7 % e un 19,2 % respectivamente, sobre un total español de 16,9 millóns de metros cadrados; seguidas da C. Valenciana e Cataluña. Pola súa banda, Galicia ocupa a sexta posición cun 5,5 % da SBA total tras Canarias.

A AECC indica que se abriron en 2025 en España cinco novos proxectos, como se comprobou anteriormente, dos que ningún correspondía a Galicia. Son 132.000 novos metros cadrados que se inauguraron en Andalucía (Dos Hermanas, na provincia de Sevilla, e en Xaén), Cataluña (Tarragona), Murcia (Cieza) e Asturias (Xixón). Galicia, por tanto, mantén o número de centros comerciais que a tiña en 2023 e 2024.

O máis relevante en 2025 en Galicia foi a inauguración da ampliación do Centro Marineda City na Coruña, o centro comercial de maior dimensión de Galicia e un dos máis grandes de España. A reforma durou dous anos e supuxo un investimento de 41 millóns de euros. Tras a saída de El Corte Inglés deseñouse un novo espazo que alberga trinta novas marcas de sectores moi diversos. En 2026 abrirase o centro de lecer familiar máis grande de Galicia, denominado Estrella Park Aventura con máis de 7.000 m².

Tamén na Coruña hai que destacar as novas instalacións e ampliacións do centro Espacio Coruña, inaugurado en 2009, que seguiu unha estratexia de diversificación optando alén da oferta comercial por unha rede profesional de oficinas. Ademais, nos *Informes* anteriores comentábase a situación de Breogán Park (A Coruña), situado na parcela que ocupou o centro Dolce Vita ata 2014 no Polígono da Grela. A previsión era que este parque comercial de usos mixtos, que contará cun hipermercado coa insignia de Alcampo, se abrise en 2026. Finalmente, os seus propietarios, Pelayo Capital, anuncian que a súa apertura será a finais de 2027 e se converterá nun dos parques comerciais máis grandes de España.

Xa na área metropolitana da Coruña, no *Informe* anterior indicabamos a futura instalación en Oleiros dos Regos Retail Park. O proxecto avanza moi lentamente sen aínda comezar as obras.


Pola súa banda, a cidade que presenta un maior dinamismo en canto a proxectos é Vigo. Tras a inauguración en 2021 de Vialia, que contou en 2025 con 12,8 millóns de visitantes, situándose no segundo lugar tras os 14 millóns de Marineda City, as súas apostas actuais son moi variadas. Entre elas cómpre destacar a recente aprobación, ao amparo do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), do proxecto que se desenvolverá en Bembrive denominado Parque Comercial Recaré. Este contará con 56.000 m² de superficie e nel instalaranse firmas moi coñecidas, tendo como establecemento tractor un novo Eroski. Ademais, contéplase a creación de múltiples áreas comerciais, das que varias xa están programadas, entre as que se inclúen o Parque de Recaré. Alén desta, están previstas novas instalacións en Alcabre, Caramuxo, Barrio do Cura e Coruxo. Neste último lugar, o proxecto realizárase na antiga fábrica de Álvarez. De igual modo está en marcha a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico (PTL) de Valadares, que tras moitos problemas burocráticos só terá un uso comercial e de lecer. As previsións van máis aló e nos próximos anos agárdase o anuncio de novas áreas comerciais.

Doutra banda, dentro do que se considera a área metropolitana de Vigo hai que indicar a futura localización en Ponteareas, nos antigos terreos de Granitos de Galicia, dun novo centro comercial cunha extensión de 17.000 m².

Nos últimos *Informes* sinaláronse as dificultades que atravesaba a creación do parque comercial O Vao en Pontevedra. Todo parece indicar que finalmente será inaugurado no verán de 2026, tras un investimento que superou os 10,3 millóns de euros sobre unha parcela de máis de 36.600 m² na ampliación do polígono do Vao. Contará con dúas grandes edificacións comerciais. Na de maior tamaño abrirán marcas tan coñecidas como Decathlon, JYSK, Leroy Merlin, Kiwoko e Vegalsa-Eroski. No segundo edificio situarase Norauto.

Aínda que o comercio polo miúdo presenta unha estrutura e configuración complexa ante as múltiples especialidades existentes, a distribución de base alimentaria desempeña un papel fundamental en calquera economía e Galicia non é unha excepción. Lembremos que en 2025 o seu índice de cifra de negocio medrou, en termos reais, un 2,2 %. O gasto *per cápita* do consumo alimentario en Galicia en 2024 (aínda o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non publicou a información sobre 2025) foi de 1.881,11 euros; o que sitúa Galicia no quinto lugar entre as comunidades autónomas españolas tras o País Vasco (2.067,77 euros), Cataluña (2.065,04 euros), Baleares (2.052,10 euros) e Navarra (1.941,97 euros). O consumo *per cápita* medio español foi de 1.786,97 euros.

Gráfico 7
Cota (en %) de mercado en 2025 dos principais operadores de bens de gran consumo en Galicia



No gráfico 7 obsérvase como Gadisa, en canto a superficie de venda, mantén o seu liderado na clasificación galega, seguida do grupo Vegalsa-Eroski e, a continuación, de Froiz. Por tanto, a distribución de base alimentaria en Galicia está encabezada por sociedades de capital maioritariamente galego, xa que Vegalsa-Eroski é unha asociación paritaria da compañía familiar Vegonsa e a cooperativa vasca Eroski realizada en 1998; e desde entón non parou de crecer. Pola súa banda, Gadisa, con sede social en Betanzos, está liderada polo grupo familiar Tojeiro; e en

canto a Froiz, coa súa sede social en Poio (Pontevedra), tamén é unha firma de carácter familiar fundada en 1968 por Magín Froiz.

Gadisa segue a ser a maior en superficie comercial en Galicia e ocupa o primeiro lugar en tres das catro provincias: A Coruña, Lugo e Ourense; mentres que en Pontevedra se sitúa na terceira praza. Con datos aínda de 2024, a súa facturación bruta alcanzou os 1.640 millóns de euros e creou 322 novos postos de traballo. Esta cifra elevou a súa ocupación ata os 8.800 traballadores, aos que se deben sumar os aproximadamente 1.000 traballadores de Claudio e Claudio Express, as súas franquías. En 2025 incrementou a súa superficie comercial grazas, sobre todo, á apertura no mes de novembro dun novo centro en Vilanova de Arousa cunha superficie total de máis de 2.000 m². Xa en xaneiro de 2026 inaugurouse no Polígono da Grela da Coruña un supermercado na antiga nave de Caramelo de 3.200 m², o que supuxo a creación de 45 novos postos de traballo. É o supermercado máis grande dos 35 cos que conta na cidade da Coruña. Pola contra, en 2025 Gadisa pechou dous supermercados (en Melide e en Santiago de Compostela).

O máis salientable do grupo Vegalsa-Eroski en 2025 foi a apertura dun supermercado en Vilagarcía de Arousa cunha superficie de 1.570 m². Incorporou 57 empregados, dos cales a maioría xa traballaban noutros centros desta empresa. Tamén neste ano modificou a estrutura das súas franquías.

Pola súa banda, Froiz facturou en 2025 un total de 970 millóns de euros, un 3 % máis respecto a 2024. En 2025 aumentou os seus puntos de venda propios en seis novos establecementos; varios fóra de Galicia, xa que ten presenza en Castela e León, Castela-A Mancha, Madrid e, tamén no norte de Portugal, polo que o seu número se eleva a 268 puntos de venda propios. En Galicia cómpre des-

tacar as aperturas en Arteixo, un establecemento de case 1.500 m², e en Cerdedo con 650 m². En canto a peches, só se produciu un en Vigo.

Estes tres grupos, con forte capital galego, foron os máis dinámicos en 2025, posto que na actividade dos restantes operadores que figuran no gráfico 7 as variacións foron moi escasas. Hai que salientar a apertura en febreiro dun novo centro de Lidl en Lugo, tras un investimento de 6 millóns de euros, cunha superficie de 1.500 m². É o seu cuarto punto de venda na provincia (dous en Lugo e os outros en Monforte de Lemos e Ribadeo) e o 39 en Galicia. Iso permítelle superar os grupos Carrefour e Alcampo nesta provincia. Pola súa banda, Aldi, que non figura na clasificación dos principais operadores, abriu un establecemento en Sanxenxo e outro en Oleiros.

O sector do téxtil e da confección de pezas de vestir é un dos que máis cambiou ante as novas formas de distribución e a aparición de grandes cadeas comerciais. Como xa se indicaba nos *Informes* precedentes, a Asociación Nacional de Moda Retail (Acotex) publica o comportamento mes a mes desta actividade e os resultados totais deste sector no contexto español. Así, e no referente a 2025, a facturación foi de 11.107 millóns de euros, o que supón un incremento de tan só o 0,61 % con respecto a 2024. O emprego tamén se mantivo estabilizado, posto que só aumentou un 0,39 %. Os puntos de venda en España continuaron descendendo e neste caso a caída foi do 0,55 %. En canto aos formatos, as cadeas especializadas acaparaban o 41,3 % da facturación, ocupando o segundo lugar os híper ou supermercados cun 26,4 %. Hai que sinalar que as tendas multimarcas, que en 2016 supoñían o 32 % da facturación, liderando os formatos comerciais, en 2025 significan só o 7 %, situándose moi por baixo de calquera outra modalidade. Ante estes datos en España, Galicia en 2025 absorbía o 5,03 % da facturación total española (a sétima comunidade autónoma) cun gasto de 290,86 euros *per cápita* (o lugar décimo terceiro entre as comunidades autónomas).

No referente ás vendas de produtos de liña branca, a Asociación Española de Produtores de Electrodomésticos (APPLIA) indicaba que en España se rexistrou un substantivo incremento nas vendas. Isto reflicte unha sensible recuperación nun sector que, tras un período de caídas na facturación e no número de unidades vendidas, xa comezou a mellorar en 2024 e este cambio afiánzase en 2025. Desta maneira, a pesar de que a traxectoria conforme transcorría o ano era descendente, o resultado final foi un aumento na facturación nun 7,92 % e no número de unidades vendidas dun 6,55 %.

Cadro núm. 6
Volume de negocio en España da canle electrónica nas 20 ramas de actividade máis importantes (só dentro de España)
en euros

	xan.-set. 2023	xan.-set. 2024	xan.-set. 2025	xan.-set. 2025 (%)	TVI (%) xan.-set. 2025/ xan.-set. 2024
Administración pública, impostos e Seg. Social	1.619.029.979	1.797.699.682	2.429.678.411	9,3	35,2
Carburantes para automoción	1.536.723.288	1.664.736.340	1.779.220.780	6,8	6,9
Axencias de viaxes e operadores turísticos	1.240.683.784	1.430.220.273	1.724.601.071	6,6	20,6
Hipermercados, supermercados e tendas de alimentación	920.977.185	967.040.769	1.700.708.111	6,5	75,9
Espectáculos artísticos, deportivos e recreativos	1.359.642.320	1.511.780.980	1.598.349.651	6,1	5,7
Outros	1.228.426.085	1.357.125.823	1.569.882.938	6,0	15,7
Transporte aéreo	503.637.347	525.308.542	1.188.580.972	4,5	126,3
Electrodomésticos, imaxe e son	929.489.775	1.134.554.100	1.146.694.962	4,4	1,1
Educación	814.426.260	762.443.463	1.076.251.739	4,1	41,2
Transporte terrestre de viaxeiros	363.912.818	407.773.527	1.008.755.139	3,9	147,4
Hoteis e aloxamentos similares	751.016.933	856.664.875	1.004.521.687	3,8	17,3
Xogos de azar e apostas	740.854.799	909.146.095	835.114.859	3,2	-8,1
Publicidade	535.781.481	652.309.907	810.949.583	3,1	24,3
Energía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	407.638.624	431.005.510	792.155.947	3,0	83,8
Pezas de vestir	348.661.828	393.376.829	652.334.043	2,5	65,8
Grandes almacéns	421.780.404	391.250.059	545.293.091	2,1	39,4
Intermediación financeira	405.272.935	432.799.338	525.907.086	2,0	21,5
Seguros e plans de pensións	447.976.694	506.402.963	513.375.278	2,0	1,4
Equipos de telecomunicacións e recargas telefónicas	353.951.458	387.961.760	463.462.694	1,8	19,5
Xoguetes e artigos de deporte	268.309.397	349.674.339	429.587.034	1,6	22,9
Resto	3.561.878.077	3.540.795.447	4.335.335.052	16,6	22,4
Total	18.760.071.468	20.410.070.621	26.130.760.128	100,0	28,0

Fonte: CNMC.

Nas vendas do comercio polo miúdo cada vez é maior o pago a través de canles electrónicas. Como se observa no cadro 6, con información referida aos tres primeiros trimestres de 2025 en España, o volume de negocio desta vía non parou de medrar en todo tipo de actividades. En 2025 dous sectores superaron o 100 % de incremento con respecto a 2024: as compras en grandes almacéns e os xogos de azar e apostas. En canto ao primeiro, en certo xeito reflicte a recuperación dun formato comercial que entrou en crise ante o desenvolvemento dos centros comerciais e as vendas en liña. Tamén é significativo o aumento nas compras de billetes de transporte aéreo e a adquisición de pezas de vestir. Neste último caso estase consolidando a dixitalización dun sector con problemas para vender na rede debido ás dificultades para modificar unha estrutura comercial moi tradicional. No cadro 6 tamén se aprecia que entre as vinte primeiras ramas de actividade en tan só unha descendeu o volume de negocio por canle electrónica con respecto a 2024. Trátase da venda de electrodomésticos, imaxe e son, que anotou un descenso dun 8,1 %; cifra que contrasta cos resultados da liña branca mostrados no parágrafo anterior. En termos monetarios, o volume total de negocio nos tres primeiros trimestres de 2025 subiu nun 28 %, o que reflicte o vertixinoso crecemento no uso da canle electrónica.

Os transportes en Galicia


Entre as actividades con máis peso no sector de servizos en Galicia está o transporte e almacenamento, algo habitual en calquera economía. O INE elabora con carácter anual unha operación estatística na que se proporciona o comportamento do conxunto da industria española considerando un amplo número de variables relevantes. De forma menos detallada tamén publica información referida ás comunidades autónomas. Trátase da Estatística Estrutural de Empresas: Sector Servizos coa que se pode observar a evolución en Galicia de cinco variables: número de locais, cifra de negocios, soldos e salarios, investimento en activos materiais e persoal ocupado. Dado o carácter estrutural que para o INE ten esta acción e ante o tempo necesario para obter os datos, o pasado 31 de marzo de 2026 publicou os resultados de 2024, polo que haberá que agardar a 2027 para coñecer a traxectoria seguida en 2025. Por tanto, esta información permítenos sobre todo calibrar a dimensión deste sector no conxunto dos servizos e, a maiores, coñecer con maior precisión as cifras que xa se presentaban no *Informe* de 2024.

O peso relativo que os transportes e almacenamento teñen no sector servizos en Galicia é superior ao do conxunto de España. Hai que destacar a importancia do volume de negocios, o cal, segundo esta estatística, supoñía o 27,6 % do total do terciario, porcentaxe que en 2023 alcanzaba o 29 %. Só este dato avala a relevancia que este informe lle outorga a esta actividade. Por outra banda, o peso relativo do persoal ocupado é máis baixo, un 13,5 %, mentres que a contía de salarios acadaba o 17,9 %. Iso suxire que estamos ante unha actividade máis intensiva en capital que outras do sector servizos e que tamén proporciona uns salarios medios máis elevados, previsiblemente ante unha maior produtividade. O peso do capital reflíctese na contía dos investimentos realizados, que en 2024 supuxeron un 32,6 % do total do terciario (máis de dez puntos que no conxunto de España), implicando que un de cada tres euros de gasto en capital produtivo nos servizos se realizou en Galicia nesta actividade. Finalmente, no número de locais existentes rexístrase a porcentaxe máis baixa do conxunto de variables estudadas. Segundo esta estatística, os locais nos que se exercen estas actividades roldan o 11 % (tanto en Galicia como en España) e, dadas as especificidades desta actividade, a súa dimensión é sensiblemente superior á media galega.

Dos resultados que proporciona a Estatística Estrutural de Empresas: Sector Servizos sobre a traxectoria deste sector en Galicia, en 2024 cómpre subliñar que se produciu un estancamento na facturación xa que, en termos monetarios, tan só se incrementou un 1,8 % fronte ao 9,1 % no conxunto de España. Non obstante, esta circunstancia non impediu unha sensible subida no emprego, un 3,8 %, e máis aínda na masa salarial, un 7,8 %. Por outra parte, non diminuíu o investimento en activos materiais; ao contrario, medrou un 10,8 %, taxa elevada pero 8,2 puntos inferior á de 2023.

Da desagregación do transporte e almacenamento por actividades obsérvase, en canto ao persoal ocupado, o significativo peso do transporte terrestre, un 60,1 %, e o almacenamento e actividades anexas, que empregaba, en 2024, o 27,2 % do total. En canto ao transporte terrestre é notable o menor peso da cifra de negocios, situación contraria ao da almacenamento, que representa o 55,6 % do total. Tamén pode resultar rechamante o pouco peso que esta estatística outorga ao transporte marítimo, explicable pola natureza dunha actividade na que predominan empresas que non son de titularidade galega nin teñen a súa sede social nesta comunidade e cuxos resultados totais, centrados no transporte realizado en 2025 nos portos galegos de interese xeral, se presentan con detalle na última parte desta epígrafe. Hai que anotar, para rematar, o progresivo crecemento que, tanto en Galicia como en España, experimentaron as actividades postais e de correos, subindo en 2024 un 13,7 % a súa cifra de negocios e un 14,3 % o seu persoal ocupado.

O transporte e almacenamento contaba en Galicia en 2024 con 15.435 locais, un 1,7 % máis que no ano anterior. O IGE, no seu Directorio de empresas e unidades locais, rebaixa esta cifra a 13.064 locais, dos cales só 37 tiñan máis de 99 asalariados. Iso indica que o sector galego estruturalmente se configura cun gran número de sociedades de moi pequena dimensión, intuición que se corrobora coa información sobre a tipoloxía das empresas deste directorio. A inmensa maioría das empresas dedícanse ao transporte de mercancías por estrada e servizos de mudanza (5.758) e ao transporte de pasaxeiros (3.645). En actividades postais contabilizábanse 1.417 e en almacenamento 818. A pesar desta atomización, cómpre subliñar que existían 176 sociedades anónimas con domicilio social en Galicia, o que supón un 13,9 % das existentes no terciario galego. Este dato contrasta co peso relativo nos servizos da totalidade das empresas, sexa cal for a súa condición xurídica, que significaba o 7,6 %. Esta porcentaxe do 13,9 % só é superada polo sector do comercio, cun 36,8 %, polo que se confirma que o sector se configura por sociedades cun tamaño superior á media do terciario galego.



Ao carecer de información relativa a 2025 da Estatística Estructural de Empresas: Sector Servizos, os datos conxunturais que proporciona o INE, con periodicidade mensual, no índice da cifra de negocios en España e que o IGE publica referidos a Galicia, permítennos avaliar a traxectoria dos transportes e almacenamento. No gráfico 8 preséntanse os resultados de decembro medidos como a taxa de variación media no que vai de ano. A conclusión que se extrae é que a aceleración de facturación apreciada en 2024 (un 7,7 % máis que en 2023 e 3,3 puntos máis que a experimentada en España) non se mantiña en 2025 ao incrementarse en Galicia un 2,6 % (1,8 puntos menos que no conxunto de España). Esta porcentaxe é, con todo, idéntica á do PIB galego e sitúase unha décima por debaixo do VEB xerado polos servizos. En suma, nun contexto de crecemento na actividade obsérvase, en liñas xerais, unha desaceleración, que será tratada con máis profundidade no desenvolvemento desta epígrafe. Porén, a dinámica na ocupación no sector foi moi diferente. Mentres a taxa de variación no que vai de ano medraba un 2,3 % en 2024, en 2025 esta porcentaxe acelerábase ao subir un 4 % (2,2 puntos máis que no conxunto de España). Isto explicaría unha boa dinámica no emprego que non é corroborada pola EPA, xa que os 56.300 traballadores en 2024 practicamente se mantiveron en 2025 debido a que o incremento no primeiro trimestre do ano, 60.300 traballadores, se foi reducindo conforme foi transcorrendo o mesmo ata alcanzar os 52.200 traballadores no cuarto trimestre, case 8.000 menos.

Ao carecer de información relativa a 2025 da Estatística Estructural de Empresas: Sector Servizos, os datos conxunturais que proporciona o INE, con periodicidade mensual, no índice da cifra de negocios en España e que o IGE publica referidos a Galicia, permítennos avaliar a traxectoria dos transportes e almacenamento. No gráfico 8 preséntanse os resultados de decembro medidos como a taxa de variación media no que vai de ano. A conclusión que se extrae é que a aceleración de facturación apreciada en 2024 (un 7,7 % máis que en 2023 e 3,3 puntos máis que a experimentada en España) non se mantiña en 2025 ao incrementarse en Galicia un 2,6 % (1,8 puntos menos que no conxunto de España). Esta porcentaxe é, con todo, idéntica á do PIB galego e sitúase unha décima por debaixo do VEB xerado polos servizos. En suma, nun contexto de crecemento na actividade obsérvase, en liñas xerais, unha desaceleración, que será tratada con máis profundidade no desenvolvemento desta epígrafe. Porén, a dinámica na ocupación no sector foi moi diferente. Mentres a taxa de variación no que vai de ano medraba un 2,3 % en 2024, en 2025 esta porcentaxe acelerábase ao subir un 4 % (2,2 puntos máis que no conxunto de España). Isto explicaría unha boa dinámica no emprego que non é corroborada pola EPA, xa que os 56.300 traballadores en 2024 practicamente se mantiveron en 2025 debido a que o incremento no primeiro trimestre do ano, 60.300 traballadores, se foi reducindo conforme foi transcorrendo o mesmo ata alcanzar os 52.200 traballadores no cuarto trimestre, case 8.000 menos.

A continuación, como nos *Informes* precedentes, estúdase con máis detalle o comportamento en 2025 das diferentes modalidades de transporte seguindo a mesma estrutura: en primeiro lugar, o

transporte de mercancía por estrada, incidindo na evolución das matriculacións en todo tipo de vehículos; a continuación, o tráfico de pasaxeiros e mercancías nas tres terminais aeroportuarias galegas, e, finalmente, o transporte de mercancías dos portos de interese xeral de Galicia xestionados polas súas respectivas Autoridades Portuarias. En canto ao tráfico marítimo de pasaxeiros farase fincapé nos que fan escala nos portos galegos nos cruceiros.

Matriculacións

Previamente, no capítulo no que se analizaba a industria en Galicia observábase que a automoción era un dos seus principais motores. Desde a perspectiva dos transportes, a evolución da demanda de vehículos reflicte a dinámica dun sector que, como xa se indicaba en *Informes* anteriores, atravesa nos últimos anos unha conxuntura moi complexa debido á súa propia evolución tecnolóxica e ás decisións das Administracións públicas de frear a emisión de gases contaminantes e potenciar os vehículos de motor eléctrico. Nesta liña, no momento de redactar este estudo estase a producir unha espectacular subida nos prezos do cru debido aos conflitos en Oriente Medio. Se se consolidan estes prezos, o coche eléctrico será máis rendible

Neste período de incerteza, a matriculación de turismo en Galicia medrou nos últimos anos tras as espectaculares caídas contabilizadas desde finais da década pasada. Con todo, a pesar do aumento dun 12,9 % en 2024 e dun 9,4 % en 2025, as matriculacións aínda están moi lonxe das cifras que se alcanzaban en 2018 ou 2019. No cadro 7 apréciase esta evolución desde 2019; os 38.608 turismo matriculados en 2025 son case os mesmos de 2020 no comezo da pandemia.

Cadro núm. 7
Matriculación de vehículos en Galicia

	Turismos		Camións e furgonetas		Outros*	
	Núm.	TVI (%)	Núm.	TVI (%)	Núm.	TVI (%)
2019	47.514	-9,3	5.801	-13,4	9.164	6,5
2020	38.064	-19,9	5.042	-13,1	8.614	-6,0
2021	34.047	-10,6	5.607	11,2	9.423	9,4
2022	30.106	-11,6	4.396	-21,6	9.037	-4,1
2023	31.258	3,8	5.597	27,3	9.897	9,5
2024	35.296	12,9	5.446	-2,7	10.750	8,6
2025	38.608	9,4	5.955	9,3	11.178	4,0

(*) Entre outros: autobuses, motocicletas e ciclomotores, tractores e remolques.
Fonte: IGE-Dirección Xeral de Tráfico.

Estes resultados non permiten por agora rexuvenecer o parque de turismo, senón que, pola contra, o envellecemento cada vez é maior. Así, segundo Faconauto, mentres a idade media dos turismo en España pasou de 14,5 anos en 2024 a 14,6 anos en 2025, Galicia conta, entre as comunidades e cidades autónomas, cun dos parques máis envellecidos con 16,7 anos. Ocupa o antepenúltimo lugar tras Ceuta e

Melilla (17,9 anos) e Castela e León (16,9 anos), e queda moi lonxe de outras como Madrid (11,3 anos) ou a C. Valenciana (14,1 anos). Estas dúas últimas conseguiran reducir a idade media en 2025. O actual parque móbil galego tan envellecido empeora a seguridade viaria (comprometida tamén pola progresiva deterioración das infraestruturas) e complica o proceso de descarbonización. Nesta conxuntura, e para intentar rexuvenecelo, habería que poñer dunha vez en marcha por parte da Administración central o Plan Nacional de Renovación do Parque, previsto na Lei de Mobilidade Sostible. A Xunta de Galicia, como ocorre na maior parte das comunidades autónomas, tamén se implicou na resolución deste problema e actualmente está vixente o Plan Renova o teu Vehículo 2026, no que se subvenciona a adquisición de novos vehículos con eficiencia enerxética fomentando o achatarramento de coches de máis de dez anos de antigüidade.

No cadro 7 obsérvase, ademais, a evolución en Galicia da matriculación de vehículos que non son turismo. Con respecto a 2025 cómpre sinalar un significativo incremento no segmento de camións e furgonetas, un 9,3 %, tras o seu descenso en 2024, o que indirectamente implica unha reactivación na actividade de transporte. Doutra banda, tamén medrou nos vehículos que non son turismo, camións nin furgonetas.

Alén da Dirección Xeral de Tráfico, a Axencia Tributaria facilita información sobre a traxectoria do parque de vehículos en 2025. Neste caso, o total de vehículos matriculados ascende a 38.349, o que supón, con estas estatísticas, un aumento do 14,3 % en relación a 2024 (33.553 vehículos). Este dato positivo só significa un 3,10 % do total español, porcentaxe moi baixa se se considera o peso relativo

da comunidade autónoma nas súas variables económicas máis relevantes. En canto a matriculacións en España, o dinamismo de Madrid con respecto ás restantes comunidades é moito maior, ata o extremo de absorber en 2025 o 38,44 % do total, seguida xa moi de lonxe pola C. Valenciana (13,20 %) e Cataluña (12,62 %). Neste contexto, a aposta actual da demanda galega é o vehículo de gasolina, sexa híbrido ou non. Así, dous de cada tres vehículos matriculados en 2025 foron con este combustible, porcentaxe 1,1 puntos máis alta que en 2024. Mentres os consumidores se decantaron moi maioritariamente por este tipo, a venda de vehículos con combustión diésel segue a súa tendencia minguantando, de modo que neste ano se matricularon 7.875 vehículos (20,5 % do total), máis de mil menos que en 2024. De ser os vehículos con motor diésel os maioritarios na década pasada, cada vez teñen un peso menor na demanda de vehículos novos, xa que a súa adquisición na actualidade se concentra nos usados. Curiosamente, e en comparación con España, o peso relativo da matriculación de vehículos de gasolina era en 2025 o 2,83 %, cando en diésel ascendía ao 3,88 %, o que denota unha maior preferencia do consumidor galego por este tipo de produto. Ás trabas postas ao diésel, cuxa emisión media de CO² en g/km foi, nos vehículos matriculados, de 139 (o que se contrapón a 114 nos de gasolina e a 40 nos restantes), cómpre agregar como factor desincentivador para a súa adquisición en 2026 o forte incremento no prezo do combustible que xa superou dabondo o da gasolina. Doutra banda, mantense a diferenza nos prezos nos distintos tipos de vehículo. A pesar da súa menor demanda, o prezo medio do vehículo diésel, incluído o imposto especial sobre determinados medios de transporte, en 2025 foi de 20.204 euros, un 83,6 % do vehículo con gasolina.

Tras as reticencias iniciais xunto cos problemas na dotación das infraestruturas necesarias, o coche de motor eléctrico vai pouco a pouco incrementando a súa cota de mercado. Así, en Galicia, segundo a Administración Tributaria, matricularonse en 2025 un total de 5.763 vehículos que non tiñan un motor diésel ou gasolina, entre os que obviamente son maioría os eléctricos; case o dobre dos matriculados que en 2024. Isto fai que pasen a representar un 15 % do total, coa expectativa dunha porcentaxe moito máis elevada nos próximos anos. Con todo, o seu peso relativo dun 3,55 % no conxunto de España pon de manifesto un certo atraso en Galicia nesta modalidade. O seu prezo medio foi de 25.351 euros nesta comunidade.

Os últimos informes publicados sobre a implantación do coche eléctrico fronte aos de combustión indican que, a España, e por tanto tamén a Galicia, lles queda moito percorrido para poder alcanzar os países líderes na electrificación. Persisten os problemas, de entre os que destacan unha infraestrutura de recarga aínda escasa (España contaba a finais de 2025 con 30.000 puntos, segundo o Mapa de Infraestrutura de Recarga de AEDIVE, de carga de acceso público, desigualmente diseminados; moi lonxe dos 100.000 necesarios en 2030 para cumprir os obxectivos da Unión Europea) e a claridade nos incentivos. De feito, en Europa, a progresiva implantación do vehículo eléctrico vai a diferentes velocidades, con maiores avances no norte e no oeste (destacan por esta orde: Noruega, Países Baixos, Bélxica, Reino Unido, Suecia, Dinamarca e Luxemburgo), fronte a unha maior lentitude no leste e no sur.

Como xa se indicaba nos *Informes* precedentes, un factor clave na demanda de vehículos é a política medioambiental que adoptou a Unión Europea e que estivo continuamente sometida a controversias. Dous son os fitos neste ámbito. O primeiro, a posta en práctica da directiva Euro 7 sobre a regulación das emisións, prevista para iniciarse en 2025 e atrasada ata finais de novembro de 2026, cunha implantación progresiva, comezando cos turismos e vehículos lixeiros de nova construción, para a finais de 2027 ampliala a todas as novas matriculacións, aínda que os autobuses e vehículos comerciais pesados terán un prazo superior. O segundo foi a data de 2035 como límite para a comercialización dos vehículos de combustión. Neste último ano creceron as voces críticas ante o atraso na implantación de vehículos eléctricos e os problemas que esta medida xera na industria do automóbil. A flexibilización faise cada vez máis evidente, ata o punto de que a última proposta é permitir a fabricación de modelos diésel, gasolina e híbridos nunha porcentaxe ao redor do 10 % da gama das factorías. Realmente, como xa vimos, este 10 % quedaría para os vehículos de maior comercialización na actualidade como son os híbridos, enchufables ou non. Estes perdurarían por tanto

durante moito máis tempo, aceptando os fabricantes que todos os vehículos leven algún tipo de electrificación.

Neste contexto das políticas medioambientais, nos *Informes* anteriores comentábanse as restricións que se establecían na Lei do Cambio Climático e Transición Enerxética sobre a circulación de vehículos contaminantes nos municipios con máis de 50.000 habitantes, polo que en Galicia afectaba as sete grandes cidades. Este sistema, que consistía en determinar unha área urbana con baixas emisións (ZBE), debería estar implantado en 2023, pero ante os notables atrasos estableceuse unha moratoria que finalizaba o 1 de xaneiro de 2026. A situación a finais de 2025 en Galicia era moi desigual, pero, en todo caso, os concellos están a darse présa para cumprir cunha normativa que, tras a preocupación inicial polas posibles restricións ao tráfico dos vehículos máis contaminantes, acaba tendo efectos escasos. Así, Pontevedra sostivo que desde hai 25 anos conta cun modelo especial cun tráfico moi reducido nas vías urbanas e o concello entende que xa se cumpren os obxectivos da lei, polo que non se incorporan novas medidas. Lugo aspira a culminar a peonalización integral do centro histórico co paso lóxico de ordenar o seu tráfico. A Coruña apostou por peonalizar certas rúas nas que se restrinxe todo o tráfico excluído o transporte público. En Santiago, as limitacións non van máis aló das que actualmente existen para entrar no centro histórico, onde desde hai anos se controla o seu acceso. En Ourense, a finais de 2025 estableceuse un espazo no centro da cidade, que se ampliará no futuro, e os coches que accedan ao seu interior serán multados a partir de xullo de 2026. Pola súa banda, Vigo contará con catro zonas de baixas emisións sen intención de sancionar, xa que desde o concello se indica que con esta delimitación se pretende dar unha continuidade lóxica á circulación de vehículos. Finalmente, en Ferrol preténdese implantar a ZBE en dous prazos: o primeiro corresponde ao barrio de Ferrol Vello e o segundo que, segundo as previsións actuais se aplicará en 2028, afectará o barrio da Magdalena.

En canto ás expectativas sobre a evolución das matriculacións nos próximos anos, a Asociación Nacional de Vendedores e Reparadores de Vehículos (Ganvam), xusto antes do inicio da guerra de Irán, estimaba un crecemento en España na venda de turismos en 2026 ao redor do 4,6 %, porcentaxe inferior á subida conseguida en 2025 e que se irá reducindo paulatinamente ata 2030, ano no que se espera que os vehículos electrificados superen o 50 %. Para 2026 prevese que esta cifra estará por riba do 28 % nas matriculacións. Esta tendencia suxire que a demanda deste tipo de vehículos, a pesar de todos os problemas na súa infraestrutura, está plenamente consolidada. Pola súa banda, a Asociación Española de Fabricantes de Automóviles e Camións (Anfac) constata que en 2025 a venda de turismos electrificados aumentou en España un 94,6 % con respecto a 2024, cunha cota de mercado do 19,6 %, oito puntos máis que en 2024. Hai que destacar o avance dos eléctricos puros, cuxas vendas excederon as 100.000 unidades nun contexto de 1.148.650 unidades vendidas. No referente aos vehículos comerciais lixeiros rexistrouse un incremento nas vendas do 11,6 %, o que reflicte unha dinámica positiva neste segmento do sector de transporte. En canto a Galicia, os datos que proporciona Faconauto melloran os do conxunto de España. Indican que en 2025 a subida dos turismos electrificados foi dun 105,4 %, porcentaxe maior á española, e xa supoñen un 22,5 % do total de matriculacións.

Un elemento importante na renovación dun parque automobilístico tan envellecido é o paquete de medidas de apoio a esta actividade que articularon as diferentes Administracións públicas. Respecto da Administración autonómica, mantense en vigor o Plan Renova o teu vehículo xestionado polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega). O plan inclúe, alén dos vehículos eléctricos, os de combustión de baixas emisións e as axudas totais, segundo o tipo de vehículo, oscilan entre os 4.600 e 3.400 euros, sumando a axuda adicional ás familias numerosas. Este plan, cuxas características xa se describían nos dous *Informes* precedentes, tamén se mantén en 2026 grazas aos seus bos resultados e destinará 3,25 millóns de euros para particulares e 250.000 euros para autónomos e empresas. A principal diferenza con respecto a 2025 é a lixeira redución no límite de emisións de dióxido de carbono para así fomentar os vehículos máis eficientes.

Polo que se refire á Administración central, continúa en vigor en 2025 o Plan Moves III para vehículos eléctricos, que en Galicia é xestionado polo Inega e, que como xa se indicaba no *Informe* de 2024, inclúe axudas que poden alcanzar para turismos ata os 7.000 euros coa esixencia de achata-ramento. Para a compra de vehículos, os fondos solicitados en 2025 en Galicia (30,2 millóns de eu-ros) excederon o orzamento asignado de 28,3 millóns de euros. Este programa tamén incorpora in-centivos á implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos. Neste caso, os fondos solicitados (6,2 millóns de euros) non superaron a contía prevista de 6,6 millóns. Ademais, hai que lembrar que está liña de apoio á compra de vehículos eléctricos se complementa cunha dedución no IRPF.

O Plan Moves III é substituído en 2026 polo Programa Auto +, que nese ano e para o conxunto de España dispoñía de 400 millóns de euros. Para a súa concesión, entre outras esixencias, contéplase que os vehículos deben ter a etiqueta cero. A cantidade máxima é de 4.500 euros pola compra de coches eléctricos e 3.375 para os híbridos enchufables fabricados en Europa, cun prezo de ata 45.000 euros.

Finalmente, no tráfico de vehículos por estrada en Galicia unha arteria fundamental é a AP-9, cuxa empresa concesionaria é Audasa, e que está suxeita a unhas peaxes que durarán, en principio, ata 2048. Estas peaxes experimentaron unha subida media do 5,34 % e tamén entraron en vigor novas bonificacións para usuarios recorrentes. A recadación alcanzou os 228 millóns de euros, dos que os usuarios afrontan o 57,6 %, xa que o resto son bonificacións da Administración central, peaxes en sombra e descontos financiados por Audasa. A pesar deste aumento nas tarifas, esta infraestrutura incrementou nun 4,66 % a intensidade media diaria nos tramos de pago, o que supuxo que foi utili-zada por 24.757 vehículos ao día (23.655 vehículos durante 2024). O tráfico medrou un 4,47 % nos vehículos lixeiros (que supoñen un 92 % do total da autoestrada) e un 6,80 % nos pesados.

O transporte de mercancías por estrada

Os resultados alcanzados en Galicia en 2025 no transporte de mercancía por estrada son distintos segundo o lugar de procedencia ou de destino dos bens. A enquisa permanente de transporte de mercancía por estrada, elaborada polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, contén in-formación referida a Galicia sobre o número de operacións e a contía de toneladas transportadas. No cadro 8 apréciase que, a diferenza do ocorrido en España, a volatilidade segundo o territorio de des-tino ou procedencia foi moi elevada. En 2025 o transporte de mercancías experimentou un notable dinamismo no tráfico interior galego, especialmente dentro dos propios municipios. Así, o transporte neste ámbito subiu un 6,37 %, en canto ao número de operacións, mentres que as toneladas trans-portadas aumentaron nun 27,92 %. Un menor dinamismo, aínda que a taxa de incremento foi tamén moi elevada, apreciou-se no transporte con destino ou orixe intermunicipal. Respecto do número de toneladas, o crecemento foi do 10,65 %.

Cadro núm. 8
Transporte de mercancías por estrada en 2025

	Número (millóns)				Taxas de variación interanual			
	Operacións		Toneladas		Operacións		Toneladas	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Transporte intrarrexional								
Intramunicipal	2,9	45,6	18,7	269,2	6,4	3,6	27,9	3,0
Intermunicipal	9,1	137,2	62,2	908,7	5,8	4,2	10,6	4,4
Total	12,0	182,8	80,9	1.177,9	5,9	4,0	14,2	4,1
Transporte interrexional								
Recibido doutras CC. AA.	1,1	37,6	14,3	402,6	-3,4	4,5	16,5	6,0
Expedido a outras CC. AA.	1,1	37,6	15,7	402,6	-5,9	4,5	-8,5	6,0
Transporte internacional								
Recibido	0,3	2,9	2,6	35,1	-3,3	2,7	-5,6	0,5
Expedido	0,3	3,2	4,1	46,3	-5,4	0,5	21,2	6,6

Fonte: Enquisa Permanente de Transporte de Mercancías por Estrada. 2024 e 2025.
D. X. de Programación Económica e Orzamentos. Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

Os datos non foron tan positivos no tráfico de mercancías por estrada dirixido cara a outras comunidades autónomas ou ao estranxeiro. O número de operacións foi inferior ao de 2024 en ambos os casos, sendo maior o decrecemento das saídas de Galicia que as entradas. A mesma situación rexístrase no transporte internacional, malia que neste caso o peso da mercancía expedida medrou de maneira considerable, un 21,16 %, o que obviamente reflicte que se transportaron bens dun maior volume. Este aumento no peso tamén se aprecia nas mercancías que entraron en Galicia procedentes das outras comunidades autónomas españolas.

Os resultados do transporte internacional por estrada contrastan coa información que proporciona a balanza comercial expresada en toneladas. Fronte aos 4,08 millóns de toneladas expedidas ao estranxeiro, exportáronse un total de mercancías cun peso de 12,9 millóns de toneladas (un 0,7 menos que en 2024); e, doutra banda, fronte aos 2,63 millóns de toneladas recibidas do estranxeiro, importáronse produtos cun peso de 18,1 millóns de toneladas (un 1,9 % máis que en 2024). Estas cifras evidencian as diferenzas en canto a volume no transporte por estrada respecto doutros modos de transporte, en concreto o marítimo que se analiza máis adiante.

Ante os clarescuros que reflicten as estatísticas sobre o transporte de mercancías por estrada en Galicia, a Federación Galega de Transporte de Mercancías entende que 2025 supuxo un retroceso neste sector que, en canto a número de operadores, significou o 7 % do total español. Neste exercicio anotan que tivo que enfrontarse a un conxunto de problemas complexos, entre outros: a alta presión fiscal, o prezo do combustible (que en 2026 se agrava ante o conflito en Oriente Medio), os problemas para atopar persoal especializado e a subida nos custos laborais; influíndo tamén negativamente a subida das peaxes na AP-9.

A situación para esta Federación non é positiva ao desaparecer 316 empresas en 2025 e reducirse a flota de vehículos, constituída por 26.694 camións e furgonetas, en 746. A estas cifras, e á marxe do transporte de mercancías, habería que engadir o transporte pesado composto por 19.341 camións, 308 menos que en 2024.

Segundo esta institución, a pesar dos bos resultados macroeconómicos, o gasto público concéntrase en gastos correntes, mentres un menor gasto en investimento frea o transporte.

Das 6.582 empresas dedicadas a esta actividade en Galicia, 4.409 transportan mercancías pesadas. A maior desaceleración en 2025 produciuse no segmento do transporte de mercancías lixeiras, subsector no que predominan os autónomos. Cuantifican unha caída do 5,5 %, o que supón, nun contexto de incremento das vendas en liña, unha redución de 127 empresas dedicadas ao transporte de paquetería.

Aeroportos

Os mellores resultados en 2025 con respecto a 2024 dos aeroportos de Alvedro na Coruña e Peinador en Vigo non serviron para contrarrestar a caída dun 14,3 % dos pasaxeiros que utilizaron o aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Por esta razón pódese afirmar que a dinámica no movemento de pasaxeiros por vía aeroportuaria en Galicia foi negativa. A baixada dun 6,9 % rompeu a tendencia dos últimos anos, de forma que, de 5,94 millóns de pasaxeiros transportados en 2024, se pasou a 5,53 en 2025. Tras as cifras alcanzadas en 2024, a expectativa de alcanzar en breve os 6 millóns de pasaxeiros viuse totalmente truncada en 2025 e, ademais, os datos xa dispoñibles de 2026, a pesar dos problemas ferroviarios, auguran unha nova e forte desaceleración. Esta redución do tráfico de pasaxeiros en Galicia, de cuxos motivos falaremos a continuación, contrasta coa evolución seguida no conxunto de España, onde se rexistrou un incremento dun 3,9 % cun movemento de 321,6 millóns de pasaxeiros, 12,2 millóns máis que en 2024.

Cadro núm.9

Evolución do movemento de pasaxeiros, das operacións realizadas e das mercadorías movidas nos aeroportos galegos

Movemento de pasaxeiros	2023		2024		2025*	
	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	1.252.022	29,9	1.237.570	-1,2	1.292.166	4,4
Rosalía de Castro (Santiago)	3.537.447	9,2	3.640.519	2,9	3.120.759	-14,3
Peinador (Vigo)	1.136.159	19,2	1.058.529	-6,8	1.114.810	5,3
Total	5.925.628	15,0	5.936.618	0,2	5.527.735	-6,9
Total nacional	283.201.865	16,2	309.371.619	9,2	321.587.316	3,9

Operacións	2023		2024		2025*	
	Número	TVI (%)	Número	TVI (%)	Número	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	15.405	7,2	14.490	-5,9	16.251	12,2
Rosalía de Castro (Santiago)	25.903	1,7	26.969	4,1	24.837	-7,9
Peinador (Vigo)	14.866	8,0	11.515	-22,5	12.511	8,6
Total	56.174	4,8	52.974	-5,7	53.599	1,2
Total nacional	2.404.054	8,5	2.590.962	7,8	2.696.414	4,1

Movemento de mercadorías	2023		2024		2025*	
	Quilogramos	TVI (%)	Quilogramos	TVI (%)	Quilogramos	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	76.963	-15,5	54.792	-28,8	29.850	-45,5
Rosalía de Castro (Santiago)	4.818.283	-0,7	5.020.688	4,2	3.733.838	-25,6
Peinador (Vigo)	807.280	17,0	314.885	-61,0	421.370	33,8
Total	5.702.526	1,2	5.390.365	-5,5	4.185.058	-22,4
Total nacional	1.079.829.993	7,9	1.280.332.770	18,6	1.372.394.380	7,2

*Datos provisionais.

Fonte: Dirección de Operacións e Sistemas de Rede, AENA.

A noticia máis relevante de 2025 foi a redución do tráfico no aeroporto Rosalía de Castro, que de acadar en 2024 unha cifra récord de 3.640.519 pasaxeiros baixou en 2025 a 3.120.759, o que significa 519.760 pasaxeiros menos. Deste xeito, este aeroporto pasou de transportar o 61,3 % dos pasaxeiros que utilizaron os tres aeroportos galegos en 2024 ao 56,5 % en 2025. Estas perdas, as máis elevadas das que se rexistraron nos aeroportos españois tras as anotadas nas pequenas terminais de Valladolid (-54,4 %) e Sabadell (-25,4 %), manteñen este aeroporto no posto dezaseis da clasificación española. A política de Ryanair, cunha sistemática perda de voos e o peche da súa base, explican, en gran parte, estes malos resultados. Esta situación, que provocou unha enorme perda de pasaxeiros, comezou xa nos meses de verán coa supresión de varias rutas e agudizouse en setembro tras o anuncio do peche da súa base en Santiago, na que tiña dous avións. Os motivos aducidos foron as subidas das taxas aeroportuarias por parte de Aena. A infraestrutura compostelá foi, precisamente, a máis prexudicada polas medidas adoptadas por esta compañía nos aeroportos españois. Deste xeito, os datos, en canto ao tráfico de pasaxeiros, baixaron espectacularmente e non caeron máis grazas á decisión da compañía Vueling de incrementar en decembro a súa presenza neste aeroporto tras os cambios de Ryanair. Esta última compañía moveu nos últimos dous meses do ano tan só 25.000 pasaxeiros, sendo moi superada polos que transportaba Vueling, que en decembro de 2025 aumentou os seus movementos un 27 % máis respecto ao mesmo mes do ano anterior.

As cifras que xa se coñecen de 2026 non melloran as de finais de 2025. Así, en febreiro produciuse unha redución dun 29,8 %, que deixa o aeroporto de Santiago de Compostela nos niveis de hai 11 anos. A situación, obviamente, empeorará nos meses de abril e maio ante o cesamento das actividades debido ás obras iniciadas en xaneiro para mellorar a pavimentación das pistas e que, se nun primeiro momento se estiveron realizando en horario nocturno, non se puido evitar que a terminal permanecese pechada durante 35 días. Tras a súa apertura agárdase que se programen novos voos e que operen novas compañías, estando xa prevista unha conexión con Nova York. Neste contexto, espérase que os malos resultados de 2025 empeoren en 2026, aínda que é probable que se recuperen en 2027 coa celebración dun novo Xacobeo. Desafortunadamente, o plan de recortes de Ryanair non cesa e anúncianse sucesivas suspensións de conexións. Así, en marzo de 2026 canceláronse as rutas con Sevilla e Valencia.

En consonancia coa diminución de pasaxeiros no aeroporto Rosalía de Castro, no cadro 9 tamén se aprecia o sensible descenso no número de voos. Baixaron un 7,9 %, rexistrándose un total de 24.837 voos, dos que 22.376 foron comerciais (18.040 nacionais e 4.336 internacionais).

Mentres o aeroporto de Santiago de Compostela estaba a atravesar a peor situación dos últimos anos, as cifras de Alvedro e Peinador, que foran negativas en 2024, volveron ser positivas en 2025. No caso de Alvedro, o número de pasaxeiros e de voos, ao crecer un 4,4 % e un 12,2 % respectivamente, superou os datos dos dous últimos anos. Porén, persisten os factores estruturais que dificultan que esta terminal, que en 2026 ocupaba, en canto ao transporte de pasaxeiros, o lugar vinte e un na clasificación de aeroportos españois, poida mostrar un maior dinamismo. Pola súa banda, o aeroporto de Vigo presentou un incremento dun 5,3 % no número de pasaxeiros e dun 8,6 % en operacións con respecto a 2024, pero aínda así non logrou superar, en ambas as variables, as cifras de 2023. Lembremos que, como ocorreu en 2026 co aeroporto Rosalía de Castro, en maio de 2024 Peinador tivo que pechar por obras e iso influíu nos seus resultados. En todo caso, o aumento é significativo, a pesar do fin da conexión de Ryanair con Barcelona tras o seu abandono de Galicia e o descenso nas operacións de Air Nostrum. Como nas outras dúas terminais, mantense a competencia co ferrocarril en canto a un dos destinos máis importantes, Madrid. Á marxe dos problemas nas liñas de AVE nos primeiros meses de 2026, os datos de 2025 amosan que os pasaxeiros transportados desde Galicia a Madrid nos trens de alta velocidade superan os seis millóns de persoas, por riba do total de movemento dos tres aeroportos galegos.

Alén de pasaxeiros, desde os aeroportos galegos recíbense e envíanse mercancías. Nesta modalidade, o movemento na terminal de Santiago de Compostela segue sendo moi superior ao existente nos outros dous aeroportos. Dun total de 4.185,1 toneladas transportadas, 3.377,8 corresponden ao Rosalía de Castro, o que supón un 89,2 % do total. Transportar desde Vigo representaba o 10,1 %, mentres que a cifra da Coruña é de tan só o 0,7 %. Esta situación tan desigual débese a que en Santiago se localizan unha das terminais loxísticas de Inditex con varios hangares; o Centro de Tratamento Automatizado (CTA) de Correos, cunha mingua nos seus servizos nos últimos anos, e, tamén, DHL, que utiliza as instalacións deste aeroporto para a distribución no noroeste de España das súas mercancías. A pesar de que o seu peso relativo en Galicia é moi elevado, rexistrouse unha caída en 2025 no movemento de mercancías dun 25,6 %, ou sexa, unha cuarta parte menos que en 2024. Estas cifras parecen poñer en dúbida a consolidación dunha actividade que en Galicia só supón o 0,30 % do total transportado en España, xa que cada vez é máis habitual dirixir as cargas ás grandes terminais e logo continuar o transporte aos lugares de destino por estrada. A rendibilidade é maior que realizar operacións en aeroportos pequenos. Doutra banda, as cifras de Alvedro son moi baixas, tan só se transportaron 29,9 toneladas, algo máis da metade que en 2024, o que confirma que as empresas non utilizan esta terminal, aducindo que está un tanto obsoleta para transportar as súas mercancías. Pola súa banda, Peinador é o único no que en 2025 medrou a cantidade de mercancías transportadas. O crecemento foi dun 33,8 %, o que contrasta co descenso dun 61 % en 2024. Neste caso, o protagonismo é de Stellantis, que opera segundo a xestión dos seus stocks, en especial en produtos máis sofisticados coa finalidade de integralos á súa produción con rapidez, compensando os custos do transporte aéreo.

En suma, cos amplos recortes de Ryanair, as tres terminais galegas teñen máis dificultades para competir co aeroporto Sá Carneiro no Porto. A terminal lusa moveu en 2025 case 17 millóns de pasaxeiros, o triplo que os tres aeroportos galegos xuntos, cun incremento do 6,3 % con respecto a 2024.

Portos

Xunto co transporte de mercancías por estrada, o tráfico nos portos galegos explica a dinámica anual seguida por esta actividade. Pois ben, se se considera a actividade mantida nos portos galegos de interese xeral, os resultados no seu conxunto, medidos en toneladas, non foron positivos posto

Cadro núm. 10

Evolución do tráfico portuario (en toneladas)

	A Coruña		Ferrol-San Cibrao		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2025*	TVI (%)	2025*	TVI (%)	2025*	TVI (%)	2025*	TVI (%)	2025*	TVI (%)	2025*	TVI (%)
Graneis líquidos	9.467.240	-3,6	2.765.679	21,0	0		29.356	-24,0	323.918	13,2	12.586.193	1,3
Graneis sólidos	3.769.049	-10,6	3.330.031	-9,9	1.094.376	-20,1	312.292	20,1	383.401	-7,0	8.889.149	-10,7
Total graneis	13.236.289	-5,7	6.095.710	1,9	1.094.376	-20,1	341.648	14,4	707.319	1,2	21.475.342	-4,1
Contedores	47	-85,0	233.028	71,8	481.220	-7,1	3.205.263	3,7	326.959	21,1	4.246.517	5,8
Convencional	463.545	-14,3	660.086	22,8	693.891	5,8	1.853.637	-5,6	505.158	15,1	4.176.317	0,9
Total mercadería xeral	463.592	-14,4	893.114	32,7	1.175.111	0,1	5.058.900	0,1	832.117	17,4	8.422.834	3,3
Avituallamento	70.227	-23,6	16.491	23,5	25.693	-4,5	131.583	10,2	7.730	-7,8	251.724	-3,2
Pesca fresca	26.453	14,2	118	-20,3	1.979	-5,5	29.264	-4,2	0		57.814	3,3
Tráfico interior	0		10.449	17.029,5	0		84		0		10.533	####
Total outro tráfico	96.680	-16,0	27.058	99,6	27.672	-4,5	160.931	7,3	7.730	-7,8	320.071	1,3
Total tráfico portuario	13.796.561	-6,1	7.015.882	5,2	2.297.159	-10,7	5.561.479	1,1	1.547.166	9,3	30.218.247	-2,0
Contedores (TEUS)	7	-79,4	22.564	58,8	42.752	-11,4	309.153	3,7	39.121	18,8	413.597	5,1
Buques (número)	1.109	-2,5	861	5,0	524	7,8	1.821	-4,4	401	-0,7	4.716	-0,8

	A Coruña		Ferrol-San Cibrao		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2024	TVI (%)	2024	TVI (%)	2024	TVI (%)	2024	TVI (%)	2024	TVI (%)	2024	TVI (%)
Graneis líquidos	9.819.861	21,6	2.285.825	-37,2	0		38.628	7,2	286.260	-4,1	12.430.574	3,1
Graneis sólidos	4.214.149	-18,7	3.695.341	-2,8	1.369.838	33,0	260.036	-17,9	412.377	-27,9	9.951.741	-8,7
Total graneis	14.034.010	5,8	5.981.166	-19,6	1.369.838	33,0	298.664	-15,3	698.637	-19,7	22.382.315	-2,5
Contedores	313	79,9	135.602	-55,5	518.053	4,0	3.089.509	18,2	270.096	10,2	4.013.573	9,6
Convencional	540.994	-13,0	537.571	-22,0	656.050	16,6	1.964.168	16,3	438.739	2,1	4.137.522	3,6
Total mercadería xeral	541.307	-13,0	673.173	-32,3	1.174.103	10,7	5.053.677	17,5	708.835	5,1	8.151.095	6,5
Avituallamento	91.935	21,9	13.350	-0,1	26.890	0,3	119.391	98,0	8.386	13,2	259.952	41,8
Pesca fresca	23.159	-15,0	148	-7,5	2.095	-19,7	30.549	-4,8	0		55.951	-9,9
Tráfico interior	0		61	-93,0	0		0		0		61	-93,0
Total outro tráfico	115.094	12,1	13.559	-5,8	28.985	-1,5	149.940	62,3	8.386	13,2	315.964	28,3
Total tráfico portuario	14.690.411	5,0	6.667.898	-21,1	2.572.926	21,4	5.502.281	15,9	1.415.858	-8,8	30.849.374	0,0
Contedores (TEUS)	34	142,9	14.208	-44,1	48.255	7,9	298.005	31,6	32.925	13,2	393.427	20,8
Buques (número)	1.137	4,0	820	-14,2	486	5,2	1.905	-0,2	404	6,3	4.752	-1,0

*Os datos do ano 2025 son provisionais.

Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible e elaboración propia.

que se apreciou (cadro 10) un descenso do 2 %. Esta caída explícase pola evolución daquelas mercancías de maior peso que adoitan ser os graneis sólidos e líquidos. No caso de 2025 rexistrouse un descenso dun 10,7 % no volume de graneis sólidos transportados desde estas infraestruturas, redución que condicionou os datos totais. Se se exclúen os graneis sólidos, a traxectoria no resto das mercancías transportadas foi máis positiva. Sobresae un incremento do 5,8 % no tráfico de mercadería transportada en contedores e tamén é notable o aumento dun 3,3 % no volume da pesca fresca. Cómpre recalcar ademais que o volume de graneis líquidos e o de mercancías transportadas dun modo convencional mantiveron os niveis de 2024 ao crecer un 1,3 % e un 0,9 % respectivamente.

O descenso dun 2 % (dato provisional) no volume do tráfico dos portos galegos de interese xeral en 2025 vai en liña coa desaceleración observada no conxunto de portos españois do Estado. Neste caso, a caída foi menor, un 0,2 %, e esta porcentaxe negativa explícase pola evolución dos tres principais portos de España en canto ao transporte de mercadería. Así, o porto de Alxeciras, desde o que se transportaron 100,7 millóns de toneladas, baixou un 3,3 %, mentres que a redución no de Valencia (80,7 millóns de toneladas) foi do 0,7 % e no de Barcelona (69,4 millóns de toneladas) do 0,4 %. Hai que sinalar que o volume total transportado nos portos xestionados polas cinco Autoridades Portuarias en Galicia foi de 30,2 millóns de toneladas, cifra moi afastada do tránsito dos principais portos

españóis. Así, os datos de toda Galicia supoñen menos dun terzo do transportado desde o porto de Alxeciras.

Agora ben, a caída do 2 % no tráfico portuario galego dos portos de interese xeral non debe ocultar un comportamento moi dispar nos diferentes portos. En dúas das cinco Autoridades Portuarias (A Coruña e Marín-Pontevedra) a traxectoria en 2025 foi negativa, mentres que as taxas de crecemento das outras tres contrarrestaron, no valor da taxa xeral, estas perdas. No cadro 10 obsérvase que os portos nos que descendeu a actividade en 2024, en parte ou na súa totalidade a recuperaron en 2025; en cambio, os que lograron un resultado positivo en 2024 obtiveron en 2025 unha variación negativa. A única excepción foi o porto de Vigo que, tras incrementar o seu tráfico de mercancías en 2024 un 15,9 %, en 2025 permaneceu estable cun aumento do 1,1 %.

Se se entra en detalle na evolución de cada Autoridade Portuaria galega en 2025, apréciase que tras unha subida dun 5 % en 2024 no porto da Coruña, o tráfico baixou un 6,1 % en 2025. En 2024 o maior protagonismo, cun incremento do 21,6 %, rexistrouse no transporte dos graneis líquidos debido ao tráfico xerado pola refinería coa que conta Repsol na Coruña. No *Informe* de 2024 indicábase que o peso dos graneis líquidos sobre o total era o 66,8 %, ou sexa, representaba algo máis de dous terzos. Pois ben, en 2025 anotouse un descenso dun 3,6 % no transporte destas mercancías, o que se sumou ás caídas nos outros grupos. Aínda así, o seu peso relativo sobre o total ascendeu ao 68,6 % e esta desaceleración debeuse á diminución do tráfico de nafta que non puido ser compensada por un maior transporte doutros produtos do petróleo. As cargas e descargas realízanse maioritariamente desde o Porto Exterior en Punta Langosteira, no cal se descargaron en 2025 ao redor de 8,3 millóns de toneladas sobre un total de 13,8 millóns. Xunto cos produtos do petróleo nesta dársena tamén destacan as mercancías agroalimentarias. En canto ao petróleo, é notable o acordo alcanzado con Repsol para que a totalidade do seu transporte se realice desde esta infraestrutura. Respecto dos graneis líquidos hai que indicar tamén a solicitude presentada polo grupo Exolum para a construción no Porto Exterior dunha nova terminal para o seu almacenamento. O investimento superará os 100 millóns de euros e as actividades previstas abarcan, entre outras, as materias primas para biocombustibles e os hidrocarburos tradicionais.

As caídas en 2025 no volume transportado de graneis sólidos no porto da Coruña foron dun 10,6 %, sobre todo polo comportamento de tres produtos: coque, clínquer e rocas fosfóricas. Neste contexto cómpre destacar a concesión á cementeira Tudela Veguín dunha nova terminal no Porto Exterior, xa que a vixente ata o de agora no Porto Interior finaliza en 2026. Ademais, Cementos Carral ampliará en Punta Langosteira as súas instalacións con catro novos silos. Polo que se refire ao resto de mercancías apréciase un espectacular descenso no tráfico de contedores, modalidade case inexistente neste porto e tamén baixou o tráfico de mercancía convencional un 14,3 %.

A única actividade que experimentou un incremento en relación a 2024 foi a de pesca fresca, un 14,2 %, co que aproxima este tráfico ao existente no porto de Vigo, ambos os dous líderes deste segmento no conxunto dos portos de España. Na Coruña, a xarda e o lirio representan ao redor dun 20 % das descargas e no sector cada vez é maior a preocupación polos recortes nas cotas.

Finalmente, como xa se comentaba no *Informe* de 2024 continúa avanzando o Proxecto Coruña Marítima, impulsado por seis Administracións. Para elaborar o denominado Máster Plan da Coruña Marítima presentáronse ao concurso público 14 UTE, que engloban 78 empresas internacionais e nacionais, cuxo resultado se coñecerá a mediados de 2026. É un proxecto moi ambicioso e que modificará a actual estrutura da cidade. Doutra banda, tamén hai que indicar que proseguen as obras para conectar por ferrocarril o Porto Exterior de Punta Langosteira.

Mentres o tráfico dos portos que xestiona a Autoridade Portuaria da Coruña baixaba en 2025 un 6,1 %, o correspondente á Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao aumentaba un 5,2 %. Esta recuperación produciuse tras o descenso dun 21,1 % en 2024, polo que o avance de 2025 quedou moi lonxe do tráfico de carga e descarga observado en 2023. Así, produciuse unha notable recuperación nos

graneis líquidos que contrarrestou unha nova caída nos graneis sólidos. En canto á mercancía xeral recuperouse de maneira notable o tráfico tanto en contedores como o convencional, sendo especialmente importante o incremento no primeiro.

Segundo informa a Autoridade Portuaria, os graneis líquidos van gañando peso fronte aos sólidos, xa que o transporte de carbón case é historia e cada vez é máis importante o transporte de gas natural. Obviamente, os datos en 2026 quedarán condicionados á resolución definitiva do conflito bélico en Oriente Medio, posto que polo estreito de Ormuz transita ao redor do 25 % do gas natural licuado mundial. Aínda que en 2025, segundo os datos de Aduanas, o fluxo importador galego proviña dos Estados Unidos e Rusia, a evolución nos prezos e a procura de novos provedores dos países afectados condicionarán os resultados deste mercado.

Xa se indicou que se recuperara o tráfico de mercancía transportada en contedores. Rexistrouse un incremento do 71,8 % grazas á reactivación no Porto Exterior de Ferrol do tráfico xestionado polo grupo Yilport. En 2025, en realidade o tráfico que creceu de forma significativa é o que corresponde ao tránsito, ou sexa, as operacións que chegan en barcos grandes e logo se distribúen cara a outros máis pequenos con destinos moi diversos. Por tanto, estas operacións apenas afectan a economía de Galicia, posto que o destino final das mercancías non son o Porto Exterior de Ferrol. No cadro 10 recóllese como, con respecto a 2024, se duplicou o número de contedores cargados e descargados.

En canto ás infraestruturas dispoñibles cómpre salientar que as obras do ferrocarril ao Porto Exterior, sufragadas na súa maioría pola Autoridade Portuaria e cun custo total de 166 millóns de euros, están a piques de finalizar. Estímase que o tren poida circular ata a terminal a finais de 2026, malia que os prazos están condicionados ao calendario que marque ADIF para realizar a parte do proxecto que lle corresponde.

Respecto ao porto de San Cibrao, desde a Autoridade Portuaria sinalan que a situación de Alcoa nos últimos anos, descrita no capítulo deste informe dedicado ao sector industrial, “afectou nos resultados totais”. Dos 5,4 millóns de toneladas movidas en 2022, pasouse a 3,1 millóns en 2024, e en 2025 produciuse un descenso do 7,6 %, o que supón que se transportaron 2,9 millóns de toneladas, algo máis da metade que en 2022.

Fronte a un incremento dun 21,4 % do tráfico en 2024 xestionado pola Autoridade Portuaria Marín-Pontevedra, só superada en España polo porto de Málaga e marca histórica, os datos de 2025 reflicten unha caída do 10,7 %, atribuíble, sobre todo, ao comportamento dos graneis sólidos, cuxo volume de cargas e descargas caeu un 20,1 %. Tamén baixou o tráfico de mercancía en contedores, mentres que o único crecemento, un 5,8 %, se produciu no transporte de produtos de modo convencional. A Autoridade Portuaria cualifica, a pesar do descenso, os resultados de 2025, 2,3 millóns de toneladas, como satisfactorios, xa que o excepcional dato de 2024 (2,6 millóns de toneladas) era practicamente imposible de repetir. Incide en que se conseguiu unha diversificación dun tráfico do que cómpre destacar o de froita, en liña directa, procedente do Brasil. No tráfico en contedores, alén da froita, sobresaen as conservas, pensos e outros produtos alimentarios. O aumento na mercancía xeral non en contedor debeuse ao transporte de material de construción, peixe conxelado e produtos siderometalúrxicos.


As sensibles caídas na actividade no porto de Marín-Pontevedra contrastan co incremento observado no Porto de Vilagarcía, que recuperou os volumes de carga e descarga que perdera en 2024 ante unha redución do 27,9 % dos graneis sólidos. Así, en 2025 malia que estes graneis seguen sen recuperarse, en 2025 os datos son positivos (unha subida do 9,3 %) debido ao aumento dos graneis líquidos, pero, sobre todo, das mercancías xerais xa sexan transportadas en contedores ou dun modo convencional. O seu crecemento foi do 17,4 %, só superado en Galicia pola Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao. Así, os 1,55 millóns de toneladas transportados desde o porto de Vilagarcía son só 5.000 toneladas menos das logradas en 2023, ano no que se alcanzou o récord neste transporte.

A baixada nos graneis sólidos debeuse ao transporte de cereal, o que non se puido compensar polos incrementos no tráfico de cemento ou de urea. En canto ao aumento nos graneis líquidos hai que destacar o crecemento no transporte de aceite como principal produto. Son moitas as mercancías que melloraron a súa taxa de variación con respecto a 2024, aínda que tamén se deu unha desaceleración no transporte de metanol e parafina.

As mercancías convencionais rexistraron en 2025 o volume máis alto de toda a historia deste porto, mentres que no de contedores só é superado polas cifras de 2019. Agora ben, neste contexto o máis salientable en 2025 é o tráfico ro-ro que se iniciou en 2025. Comezou a finais do mes de maio cun servizo que con periodicidade semanal (fai escala os martes) conecta este porto co de Róterdam. O roteiro céntrase no transporte de aluminio, pero está aberto a todo tipo de carga.

Por último temos a Autoridade Portuaria do porto de Vigo. Tras o incremento dun 17,5 % no seu tráfico portuario en 2024, en 2025 tivo lugar unha estabilización na actividade sendo o aumento total dun 1,1 %. Esta porcentaxe conseguiuase grazas aos movementos en graneis sólidos que subiron nada menos que nun 20,1 % e ao tráfico de mercancías en contedores que medrou un 3,7 %. Iso contrarrestou a negativa traxectoria dos graneis líquidos (-24 %), produtos de escasa importancia neste porto, e do transporte de mercancías sen contedores. Tampouco foron positivos os resultados da pesca. Segundo a Autoridade Portuaria, dos datos de 2025 cómpre anotar o transporte de 674.001 vehículos, coa peculiaridade de que a terminal de Bouzas logrou a primeira posición na clasificación nacional no mes de decembro e un récord de tráfico na terminal de contedores (309.153 segundo Portos do Estado, o que supón unha subida do 3,7 % como se aprecia no cadro 10), polo que se consolidan as cifras xa elevadas de 2024, ano no que o aumento fora do 31,6 %. En canto ao transporte de vehículos, o obxectivo que se persegue é o de liderar a actividade en España, intentando superar os tráfico do porto de Barcelona. Certamente, Vigo xa é un nodo loxístico moi importante no sector do automóbil e nos últimos anos incrementou de maneira significativa a súa relevancia. Anúnciase que se ampliarán as capacidades para garantir o crecemento e potenciaranse as autoestradas do mar, o que permitirá reducir sensiblemente o transporte por camiión, o que tamén reducirá

Gráfico 9
Crecemento do tránsito portuario nos portos galegos
Taxas de variación interanuais (en %)



a tensión e os problemas ambientais da actual rede viaria. Co tempo fóronse consolidando, alén das autoestradas do mar das que dabamos detalles nos *Informes* anteriores, as conexións a portos moi diversos de Europa, do norte de África, de América do Norte e de Sudáfrica. A actual aposta por unha expansión no tráfico portuario non debe descoidar, segundo a Autoridade Portuaria, os problemas medioambientais. Así, en 2025 o 25 % dos barcos que realizan o tráfico ro-ro son de nova xeración no sentido que reducen ata o 50 % as emisións de dióxido de carbono. A iso hai que engadir a posta en marcha dunha planta de hidróxeno da que se deu referencia no capítulo dedicado ao sector industrial neste informe. O porto de Vigo segue liderando en España o desembarque e embarque de peixe, a pesar do descenso do 4,2 % na pesca fresca en 2025. Hai que ter en conta que tras os automóbiles, a pesca conxelada ocupa o segundo lugar no tráfico portuario, cun total transportado en 2025 de 640.763 toneladas. Finalmente, en 2025 proseguiron as obras ferroviarias necesarias para a construción dun apartadoiro na Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves (Plisan), que a unirá á rede xeral conectándoa coa estación Vigo-Guixar. Esta infraestrutura permitirá que, en pouco tempo, se poida desconxestionar a terminal viguesa dos contedores baleiros e deste xeito liberar no porto espazo suficiente para incrementar o tráfico de contedores e avanzar cara aos 400.000. Deste xeito, o Porto de Vigo converterase nun dos principais centros loxísticos do noroeste español.

Na información sobre a traxectoria do tráfico portuario que figura no cadro 10 nas dúas últimas filas preséntase o número de contedores e de buques que se moveron nos Portos de Interese Xeral en Galicia. En canto ao tráfico de contedores apréciase a total preeminencia do Porto de Vigo, cuxo peso relativo con respecto ao total foi, en 2025, do 74,7 %. Os dous portos seguintes con maior tráfico de contedores son Marín-Pontevedra e Vilagarcía, o que confirma que esta modalidade de transporte se concentra na provincia de Pontevedra. De feito, na da Coruña o tráfico nos portos da capital provincial é case inexistente, mentres que o Porto Exterior de Ferrol queda moi lonxe das tres terminais do sur a pesar do incremento dun 58,8 % en 2025. Respecto do tráfico de buques, o Porto de Vigo mantén a súa posición de liderado malia o descenso dun 4,4 % observado: 1.970 buques transportaron mercancías na provincia da Coruña, por 2.746 na de Pontevedra.

Unha actividade económica que aos poucos mostra máis intensidade nas principais urbes galegas da fachada atlántica é a que se xera coas escalas que realizan os cruceiros. Neste caso, as mellores cifras son as que se rexistran no Porto da Coruña, que en 2025 lograron o récord de 465.199 pasaxeiros, un crecemento do 14,4 %, froito de 184 escalas. Estes son os datos máis altos de toda a cornixa cantábrica e a fachada atlántica galega. Segundo a súa Autoridade Portuaria, o impacto económico destas escalas rolda os 40 millóns de euros, sumando os gastos directos que realizan os turistas e as tripulacións con todos os gastos que requiren os servizos para o funcionamento dos buques. Parece

Cadro núm. 11

Tráfico de cruceiros (número)

	2021	2025	2023	2024	2025*
Pasaxeiros					
A Coruña	30.177	222.723	323.991	406.613	465.199
Ferrol-San Cibrao	3.096	13.244	6.571	13.294	16.629
Marín-Ría de Pontevedra	0	0	0	765	0
Vigo	34.656	173.220	223.752	211.193	306.127
Vilagarcía	1.166	2.076	1.375	1.959	1.012
Total portos galegos	69.095	411.263	555.689	633.824	788.967
Total portos do Estado	2.219.083	8.184.159	12.012.706	12.846.810	14.105.784
Cruceiros					
A Coruña	31	137	131	166	184
Ferrol-San Cibrao	5	15	14	20	20
Marín-Ría de Pontevedra	0	1	0	1	0
Vigo	28	91	99	86	124
Vilagarcía	4	5	6	8	5
Total portos galegos	68	249	250	281	333
Total portos do Estado	2.104	4.528	4.501	4.704	5.373

*Os datos do ano 2025 son provisionais.


Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible e elaboración propia.

razoable supoñer que non se alcanzou un teito, xa que o sector dispón de potencialidades para seguir medrando. Sendo importantes estes resultados, están moi lonxe dos que se alcanzan noutros portos españois. Por número de pasaxeiros, A Coruña ocupaba en 2025 a oitava posición en España, a gran distancia de Barcelona (3.999.258 pasaxeiros) ou de Baleares (2.574.199). Sen ser tan intenso como o tráfico da Coruña, en 2025 fixeron escala no porto de Vigo 124 cruceiros que transportaron 306.127 pasaxeiros, o que tamén supón un récord e albisca un maior incremento nos próximos anos. Hai que ter en conta que o número de pasaxeiros significa un aumento do 45 % con respecto a 2024. Estes datos suxiren que frutifican os esforzos de promoción internacional do porto de Vigo. En canto ás outras tres Autoridades Portuarias restantes, as cifras son moito máis baixas que as da Coruña e Vigo. En 2025 destaca a repunta observada en Ferrol dun 25,1 %, a pesar de que o número de cruceiros, 20, foi o mesmo que en 2024.


O sector bancario galego

O contexto exterior do sector bancario galego

O contexto exterior do sector bancario galego en 2025 mantivo a mesma tendencia favorable do ano anterior, derivada do crecemento sostido da actividade económica nunha situación de control da inflación. Consonte ás cifras proporcionadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), o produto interior bruto (PIB) medrou un 2,6 % en Galicia durante o ano 2025, apenas dúas décimas menos que no ano anterior. Esta taxa de crecemento é practicamente a mesma que presentou a economía española, segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE), e case duplica a correspondente ao conxunto dos países da Unión Económica e Monetaria (UEM) cos datos facilitados por Eurostat, a axencia estatística da Unión Europea (UE). Este crecemento acadouse sen alterar a






taxa de variación interanual do índice harmonizado de prezos de consumo (IHPC), que se mantivo durante todo o ano en niveis moi próximos ao 2 %, o valor obxectivo de medio prazo para o Banco Central Europeo (BCE). A estabilidade na evolución da taxa de inflación, rota a partir do 28 de febreiro de 2026 polo desencadeamento dun novo conflito bélico en Oriente Próximo, pode atribuírse ao impacto da política monetaria restritiva previa do BCE e á relativa moderación dos custos da enerxía neste período.



A permanencia da taxa de inflación arredor do obxectivo de medio prazo do BCE permitiulle ao seu Consello de Goberno continuar baixando os tipos de xuro. Esta redución levouse a cabo gradualmente, acordando recortes do 0,25 % no valor do tipo das facilidades de depósito do BCE en cada unha das catro reunións que tiveron lugar na primeira metade do ano (nos meses de xaneiro, marzo, abril e xuño), ata deixar este tipo de referencia no valor do 2 %. A autoridade monetaria non alterou o tipo das facilidades de depósito no resto do ano, convencida de que este 2

% era o valor axeitado para o mantemento da taxa de inflación nunha senda consistente cos obxectivos da política monetaria.

Esta situación de relativa estabilidade permitiulle ademais ao BCE continuar coa súa política de "normalización" gradual da operativa da política monetaria, revertendo decisións tomadas no período da crise financeira global e posteriormente da pandemia da COVID-19; que supuxeron unha diminución adicional doutro medio trillón de euros no tamaño do seu balance, tras unha redución similar no ano anterior.



A estabilización dos tipos de xuro do BCE levou a que as entidades de depósito españolas apenas variasen os tipos de xuro que aplican aos seus créditos durante a segunda metade do ano. Deste xeito, o diferencial entre estes tipos de xuro e os que pagan as entidades aos seus depositantes permaneceu case constante desde o mes de xullo, nun nivel lixeiramente máis elevado (arredor dun 0,25 % máis) do existente antes de que o BCE decidise subir os tipos de xuro a mediados do ano 2022.

A evolución das entidades bancarias en Galicia

No ano 2025 apenas se produciron variacións na estrutura do sector de entidades de depósito en Galicia. A oferta pública de adquisición (OPA) hostil do BBVA sobre o Banco Sabadell foi rexeitada definitivamente no mes de outubro, freando así polo momento o movemento cara á concentración do sector, que, porén, semella estar comezando un proceso interno para dimensionar a súa rede de oficinas. No decurso dos anos 2024 e 2025 abriron cinco oficinas na comunidade autónoma e pecharon 35, o que supón unha redución do 3 % do tamaño da rede. Esta forte diminución freou o leve ritmo de crecemento do emprego no sector, de xeito que o número de traballadores afiliados á Seguridade Social en situación de alta laboral no mesmo foi algo menor en 2025 que no ano anterior. A parte máis importante da redución na rede de oficinas correspondeu ao Banco de Santander, que pasou a ser superado por Caixabank como segunda entidade con maior número de oficinas en Galicia. En consecuencia, a porcentaxe da rede propiedade dos seis grupos bancarios máis importantes na comunidade baixou ata o 93,9 % das oficinas, mentres que a

Gráfico 15

Tipos de depósitos do sector privado en entidades de depósito en Galicia (en %)




Gráfico 16

Porcentaxe de hipotecas concedidas por bancos





Gráfico 17

Oficinas das entidades de depósito en Galicia por concello
Datos a 31 de decembro de 2025



cota operada por entidades pertencen a grupos que manteñen o seu centro de decisión en Galicia (Abanca e Caixa Rural Galega) ascendeu lixeiramente ata o 49,1 % do total.

No contexto de crecemento estable da economía galega, esta diminución na rede de oficinas traducíuse nun importante aumento da produtividade da rede, xa que o volume de depósitos captados e créditos concedidos continuou medrando. Este incremento da produtividade da rede de oficinas combinado coa estabilidade da marxe de xuro coa que puideron traballar as entidades de depósito permitiu manter o ritmo de crecemento da rendibilidade.

A persistencia da baixa remuneración dos depósitos, moi inferiores á taxa de inflación, supón unha distribución dos mesmos permanentemente envorcada cara os depósitos á vista, que chegaron a superar o 83 % do total ao longo do ano, e polo tanto un uso case exclusivo dos depósitos como medios de pago nas carteiras dos clientes galegos das entidades de depósito.

A estabilización dos tipos de xuro bancarios en valores moi reducidos en termos reais tamén contribuíu a eliminar as tímidas tendencias cara á desintermediación bancaria postas en marcha pola brusca subida dos tipos de xuro nos anos anteriores. Estas tendencias, como podemos observar a través da evolución da porcentaxe do total de préstamos hipotecarios concedidos por entidades bancarias, apenas se fixeron notar en Galicia, onde o sector bancario conserva unha cota do 95 % do mercado hipotecario.

A redución no número de oficinas, que foi de 21 durante o ano 2025 (abriron 3 novas oficinas e pecharon 24), produciuse na súa totalidade en concellos que dispoñen de polo menos outra oficina bancaria aberta, de xeito que o número de conce-

llos excluídos dos servizos que proporcionan as oficinas das entidades de depósito continuou sendo de 54; dos que 30 están localizados na provincia de Ourense e neles residen aproximadamente 67.000 persoas.

IX. Sector turístico

- Galicia consolida en 2025 o seu dinamismo turístico, cunha demanda un 114,4% superior aos niveis prepandemia e cun crecemento dos ingresos hoteleiros do 4,6%.
- O mercado laboral turístico galego mostra sinais de maior estabilidade, con descenso do desemprego e da temporalidade.
- A actividade turística en Galicia mantén unha forte estacionalidade estival, especialmente visible na demanda e na oferta de aloxamento (cámpings, apartamentos e albergues), aínda que comezan a apreciarse sinais incipientes de desestacionalización en meses como maio, decembro e xaneiro.
- As Vivendas de Uso Turístico (VUT) continúan liderando o crecemento da oferta turística galega, superando xa as 25.000 vivendas.
- O turismo internacional consolídase como o principal motor de crecemento en Galicia en 2025, cun aumento do 3,2% ata superar os 2,63 millóns de viaxeiros e preto de 4 millóns de pernoitas, destacando especialmente mercados como Portugal (4,8%) e Estados Unidos (3,1%).
- A estadia turística en Galicia redúcese de forma gradual entre 2021 e 2025, con fortes diferenzas por tipoloxías e territorios, destacando estadias máis longas en apartamentos e máis curtas en albergues.
- O gasto turístico acadou máximos en 2024 pero cae en 2025, aínda que o turismo internacional mantén un nivel de gasto moi superior ao nacional e ao interno.
- O turismo urbano en Galicia concéntrase nas grandes cidades do eixo atlántico (Santiago, A Coruña e Vigo), que absorben a maior parte da demanda.
- O turismo de cruceiros alcanza en 2025 un récord histórico en Galicia, con A Coruña e Vigo como principais portos receptores e forte capacidade de atracción internacional.
- O Camiño de Santiago consolídase en 2025 como o principal produto turístico de Galicia, acadando un récord histórico de peregrinos e combinando unha forte internacionalización da demanda cunha crecente diversificación das rutas, que gañan peso fronte ao Camiño Francés.

Introdución

En 2025, o turismo continuou consolidándose como un dos sectores estratéxicos da economía española. Segundo Exceltur (2026), a actividade turística representou arredor do 13,0% do PIB estatal, cun volume estimado de 218.459 millóns de euros. No caso galego, a evolución turística mantívose en valores positivos, aínda que máis moderados que noutras comunidades da España Verde. Segundo o balance empresarial de Exceltur, Galicia rexistrou en 2025 un incremento das vendas turísticas do 2,2%, por baixo dos crecementos observados en Asturias (8,3%), País Vasco (7,6%) e Cantabria (5,9%).

Cadro núm. 1
Principais indicadores de turismo de Galicia no período 2023-2025

	2023	2024	2025
Viaxeiros aloxados (millóns)	7,02	7,29	7,3
Noites (millóns)	13,38	13,63	13,58
Estadía media (noites)	1,91	1,87	1,93
Ingresos hoteleiros (millóns de euros)	405,10	431,20	451,20
% recuperación demanda 23-25/19	109,90	112,30	114,40
Prazas (miles)	103,30	104,30	102,80

Fonte: INE.

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (cadro 1), a comunidade rexistrou un total de 7,3 millóns de viaxeiros aloxados en establecementos turísticos, o que supón un lixeiro incremento do 0,1% respecto a 2024 e un aumento acumulado do 4,0% en comparación con 2023, cando se contabilizaran 7,02 millóns de turistas.

Os visitantes xeraron un total de 13,58 millóns de pernoitas, cifra que representa unha leve redución do 0,4% respecto ás 13,63 millóns rexistradas en 2024, aínda que continúa situándose por enriba dos valores de 2023. Esta evolución permitiu recuperar parcialmente a duración media das estadias, que pasou de 1,87 noites en 2024 a 1,93 noites en 2025, rexistrando un incremento do 3,2% e interrompendo así a tendencia recente cara ao acurtamento das estancias turísticas. En termos económicos, os ingresos hoteleiros acadaron os 451,2 millóns de euros en 2025, fronte aos 431,2 millóns rexistrados en 2024 e os 405,1 millóns de 2023. Isto supón un incremento interanual do 4,6% respecto ao último ano e un aumento acumulado do 11,4% en relación con 2023.

Os datos permiten comprobar que Galicia mantén xa de maneira estable niveis de actividade turística superiores aos rexistrados antes da pandemia. En 2025, a demanda turística situouse nun 114,4% respecto aos rexistros de 2019, mellorando os valores xa elevados de 2024 (112,3%) e 2023 (109,9%). Isto significa que Galicia supera xa nun 14,4% os niveis de actividade turística previos á crise sanitaria. Xunto ao Camiño de Santiago, continúan gañando importancia o turismo urbano, gastronómico, cultural e de natureza. Paralelamente, a capacidade aloxativa turística mantense en niveis elevados, aínda que en 2025 se observa unha lixeira redución respecto aos anos inmediatamente anteriores. Galicia pasou de 103,3 mil prazas turísticas en 2023 a 104,3 mil en 2024, mentres que en 2025 a cifra se sitúa arredor das 102,8 mil prazas.

Porén, esta dinámica non se distribúe de maneira homoxénea no territorio galego. A escala urbana obsérvanse comportamentos diferenciados entre as principais cidades turísticas da comunidade, especialmente entre A Coruña e Santiago de Compostela. Os datos de Exceltur (2026) sitúan A Coruña entre os destinos urbanos con mellor evolución turística de España, rexistrando un incremento do 16,8% nos ingresos medios obtidos polos hoteis por habitación dispoñible (RevPAR) respecto a 2024. Esta mellora estivo acompañada dun aumento das pernoctacións (13,3%), da ocupación hoteleira (8,3%) e do prezo medio por habitación (7,9%), reflectindo unha forte expansión da demanda turística urbana na cidade.

Pola contra, Santiago de Compostela mostra en 2025 unha evolución máis moderada e certa estabilización tras os fortes crecementos asociados ao Xacobeo e á recuperación postpandemia. A cidade rexistrou unha lixeira redución do RevPAR (1,2%), acompañada dunha caída das pernoctacións (3,7%) e da ocupación hoteleira (3,6%), malia que os hoteis incrementaron o prezo medio das habitacións nun 2,5%. En termos absolutos, Santiago continúa presentando unha rendibilidade hoteleira superior á da Coruña (61,5 € fronte a 54,1 € de ingresos medios por habitación dispoñible), aínda que a dinámica recente favorece claramente á cidade coruñesa.

Cadro núm. 2
Emprego no sector turístico

	2024	2025	% variación
Ocupados segundo a enquisa de poboación activa (EPA)	125.599	122.439	-2,51
Afiliacións	85.872	86.010	0,2
Parados	13.812	11.879	-14,0
Taxa de asalariados	76,7	78,2	1,5
Taxa de temporalidade	18,7	17,0	-1,7

Fonte: INE.

galego ocupou en 2025 un total de 122.439 persoas, fronte ás 125.599 rexistradas en 2024, o que supón unha redución interanual do 2,5%.

Esta lixeira diminución da poboación ocupada contrasta coa evolución positiva doutros indicadores laborais. As afiliacións á Seguridade Social no sector turístico incrementáronse un 0,16%, pasando de 85.872 persoas afiliadas en 2024 a 86.010 en 2025, o que evidencia unha certa estabilidade do emprego turístico galego. Ao mesmo tempo, o desemprego turístico reduciuse de maneira significativa durante 2025. O número de persoas paradas vinculadas ao sector pasou de 13.812 en 2024 a 11.879 en 2025, o que supón unha caída anual do 14,0%. Esta evolución evidencia unha mellora do mercado laboral turístico galego, que tamén se aprecia noutros indicadores relacionados coa calidade do emprego. A taxa de asalariados incrementouse do 76,7% ao 78,2% (1,5 puntos), mentres a taxa de temporalidade descendeu do 18,7% ao 17,0% (1,7 puntos). En conxunto, os datos apuntan cara a unha maior estabilidade contractual e a unha lixeira redución da precariedade laboral tradicionalmente asociada á actividade turística.

A oferta de aloxamento en Galicia

Con 294.888 prazas ofertadas entre todas as modalidades de aloxamento turístico (un 16,23% máis que no ano 2024) (cadro 3), o turismo galego consolida o seu ciclo de crecemento e evolución á alza impulsado claramente polas Vivendas de Uso Turístico (VUT) que aumentaron un 18,88% entre 2024 e 2025. Os hoteis e pensións, que constitúen o sector hoteleiro regrado destacan en canto ao volume de establecementos. Sen embargo, é de destacar o número de Vivendas de Uso Turístico que segue medrando e xa contabilizan máis de 25.000.

Se atendemos á evolución entre 2024 e 2025, apreciamos que as VUT rexistraron un crecemento en torno a un 19%, mentres que os apartamentos turísticos fixérono nun 10,44%. Se ben no caso da hostalaría tamén se rexistra unha tendencia a alza, esta é moito máis moderada cun 0,42% no caso dos hoteis e un 2,5% no das pensións. Canto ás modalidades de aloxamento que seguen a perder peso está o turismo rural cun descenso do 1,31% e as vivendas turísticas cun 1,38%.

Centrándonos na tipoloxía aloxativa das VUT, a atendendo ós datos que ofrece o INE Experimental (2025), a escala nacional Galicia ocupa en 2025 o sétimo posto en VUT, por detrás de Andalucía, Comunitat Valenciana, Cataluña, Canarias, Illas Baleares e Comunidade de Madrid. En termos territoriais a distribución de VUT amosa dous patróns. Por unha banda, expándese o número de municipios con presenza de VUT (de 284 en 2020 a 301 en 2025); e por outra, o mapa desprázase cara

Cadro núm. 3
Establecementos de aloxamento turístico en Galicia. Datos a agosto de cada ano

	2024		2025		% variación Establecementos	% variación prazas
	Establecementos	Prazas	Establecementos	Prazas		
Hotel	942	57.970	946	58.322	0,42	0,61
Pensión	1.407	24.720	1.442	25.523	2,49	3,25
Albergue turístico	496	16.535	509	17.043	2,62	3,07
Turismo rural	534	6.629	527	6.608	-1,31	-0,32
Cámping turístico	159	33.958	169	35.146	6,29	3,49
Apartamento turístico	431	11.830	476	12.042	10,44	1,79
Vivenda turística	218	1.203	215	1.220	-1,38	1,41
Vivenda uso turístico	21.939	116.724	26082	138.984	18,88	19,07
Total	26.126	269.569	30.366	294.888	16,23	9,39

Fonte: IGE.

A actividade turística tamén tivo un reflexo directo sobre o mercado laboral vinculado ao sector turístico galego (cadro 2). Galicia concentra arredor do 4,6% do emprego turístico nacional no ámbito da hostalaría, axencias de viaxes e operadores turísticos. Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), o sector turístico

Cadro núm. 4
Clasificación dos concellos galegos en función ao seu número de VUT

Número de VUT	Número de Concellos					
	2020	2021	2022	2023	2024	2025
0	31	31	21	18	16	12
< 25	190	186	185	178	167	173
25-50	34	30	34	40	43	43
50-100	30	33	34	32	32	33
100-200	19	22	22	23	25	23
200-400	7	8	14	18	20	22
400-600	1	2	1	3	5	4
600-1.000	2	2	3	1	2	1
>1.000	1	1	1	2	3	2
Total	315	315	315	315	313	313

Fonte: INE

Cadro núm. 5
Vivenda de uso turístico (VUT) en Galicia

	Vivendas turísticas			Prazas		
	Agosto 2024	Maio 2025	% variación	Agosto 2024	Maio 2025	% variación
A Coruña	8.129	7.114	-12,5	42.272	37.607	-11,0
Lugo	2.998	2.751	-8,2	16.099	15.272	-5,1
Ourense	1.160	1.146	-1,2	6.256	6.262	0,1
Pontevedra	9.697	8.985	-7,3	51.138	47.980	-6,2
Galicia	21.984	19.996	-9,0	115.765	107.121	-7,5

Fonte: INE.

xima demanda, polo que a comparación entre agosto de 2024 e maio de 2025 incorpora un efecto estacional relevante.

Tendo en conta este contexto, os datos amosan un descenso do 9,04% no número de VUT en Galicia (de 21.984 a 19.996) e do 7,47% nas prazas (de 115.765 a 107.121).

Desde o punto de vista territorial, destaca a forte concentración da oferta nas provincias atlánticas. En agosto de 2024, A Coruña e Pontevedra sumaban 17.826 VUT, o que representa o 81,10% do total galego, así como 93.410 prazas, equivalentes ao 80,68% da capacidade total. En maio de 2025, esta concentración mantense practicamente estable, con 16.099 VUT (80,51%) e 85.587 prazas (79,88%). Porén obsérvanse diferencias no comportamento interanual das VUT. A Coruña rexistra o retroceso máis intenso de todas as provincias, tanto en termos absolutos como relativos, pasando de 8.129 a 7.114 VUT, o que supón un descenso do 12,49%, mentres que as prazas pasan de 42.272 a 37.607, cunha redución do 11,04%. Pola súa banda, Pontevedra reduce o número de VUT de 9.697 a



8.985 (7,34%) e as prazas de 51.138 a 47.980 (6,18%). O descenso é máis moderado, manténdose arredor do 45% do total galego tanto en vivendas como en prazas. En contraste, as provincias do interior presentan un peso significativamente menor. Lugo pasa de 2.998 a 2.751 VUT (e de 16.099 a 15.272 prazas, mentres que Ourense apenas reduce o número de vivendas, de 1.160 a 1.146 e incrementa lixeiramente as prazas, de 6.256 a 6.262. En termos relativos, Lugo representa o 13,64% das VUT galegas en 2024 e o 13,76% en 2025, mentres que Ourense pasa do 5,28% ao 5,73%.

Outro aspecto a destacar é o incremento do tamaño medio das vivendas. No

Cadro núm. 6
Lista dos 20 concellos galegos con máis VUT

	Agosto 2024	Novembro 2024	Maio 2025	Novembro 2025
Vigo	1.616	1.493	1.386	1.180
Sanxenxo	1.580	1.332	1.459	977
Coruña, A	1.023	800	736	435
Grove, O	608	552	590	428
Santiago de Compostela	661	495	499	374
Poio	441	401	434	316
Cangas	460	417	423	313
Foz	419	309	332	283
Viveiro	369	318	345	269
Ourense	351	331	327	268
Pontevedra	414	362	342	247
Vilagarcía de Arousa	422	349	385	242
Fisterra	324	291	302	241
Ribeira	391	339	337	239
Ribadeo	252	233	252	214
Baiona	343	286	290	198
Ferrol	310	280	275	193
Carnota	325	301	303	174
Nigrán	258	244	250	162
Guarda, A	196	188	251	161

Fonte: INE Experimental.

Figura 1**Distribución territorial do número de vivendas de uso turístico****Figura 2****Distribución territorial do número de prazas en vivendas de uso turístico**

conxunto de Galicia, a ratio de prazas por VUT pasa de 5,27 en agosto de 2024 a 5,36 en maio de 2025, o que confirma unha tendencia cara a unidades de maior capacidade. Este comportamento é coherente coa maior caída relativa no número de vivendas que no de prazas e suxire a saída do mercado de unidades máis pequenas ou menos competitivas.

En termos xerais, a expansión das vivendas de uso turístico foi especialmente intensa en determinados municipios, mais obsérvase unha concentración da oferta, pois dous municipios —Sanxenxo (1.459 VUT) e Vigo (1.386)— reúnen o 14% do total galego, ao tempo que os dez primeiros agrupan o 33%, e os vinte primeiros o 48%. Pontevedra é a provincia dominante (45% da oferta), seguida da Coruña (36%), Lugo (14%) e Ourense (6%).

Porén, apréciase unha tendencia á contracción, pois maio de 2025 xa está un 9% por baixo do pico de agosto de 2024 (1.988 VUT), e na comparativa interanual —novembro 2025 fronte a novembro 2024— a caída acentúase ata o 22,6% (4.440 VUT). Os descensos máis fortes en valor absoluto rexístranse na Coruña nos principais núcleos urbanos e costeiros: A Coruña perde 287 VUT entre agosto de 2024 e maio de 2025 (28%), Vigo 230 (14%), Santiago de Compostela 162 (25%), Sanxenxo 121 (8%), Foz 87, Pontevedra 72, Ribeira 54 e Baiona 53. No cómputo interanual de novembro, A Coruña volve liderar a caída (46%), seguida por municipios da súa área metropolitana (Culleredo 64%, Bergondo 60%, Arteixo 48%, Oleiros 42%), Carnota (42%) e Gondomar (42%). O parque mantense sen grandes alteracións en municipios como os de Catoira, Parada de Sil, Monforte, Padrón, Allariz, aínda que o seu efecto sobre o total é marxinal.

Así pois, as Rías Baixas seguen sendo o eixo vertebrador das VUT (Sanxenxo, Vigo,

O Grove, Poio, Cangas, Vilagarcía, Pontevedra e Baiona aparecen entre os doce primeiros), reforzadas pola Coruña cidade, Santiago, Viveiro e Foz (A Mariña Lucense) e os núcleos de Costa da Morte e Barbanza (Ribeira, Carnota, Fisterra).

Cadro núm. 7
Evolución mensual de oferta de prazas en aloxamentos turísticos en Galicia, 2025

	Hoteis	Cámpings turísticos	Apartamentos turísticos	Aloxamentos de turismo rural	Albergues	Total
Xaneiro	43.509	8.135	7.096	2.965	4.627	66.332
Febreiro	47.371	8.659	6.953	3.047	5.085	71.115
Marzo	53.082	11.701	7.499	3.683	4.921	80.886
Abril	61.409	16.337	8.898	4.658	10.672	101.974
Maio	64.793	18.101	8.728	5.002	12.093	108.717
Xuño	70.085	34.930	9.732	5.106	12.084	131.937
Xullo	75.478	41.150	12.113	5.358	13.035	147.134
Agosto	76.135	40.442	11.985	5.474	13.283	147.319
Setembro	72.057	30.444	10.889	5.367	13.417	132.174
Outubro	62.411	9.184	8.281	4.339	11.384	95.599
Novembro	53.198	7.866	7.781	3.835	7.241	79.921
Decembro	48.170	8.204	7.914	3.432	5.065	72.785

Fonte: INE.

Ao igual que acontece coas VUT, no resto dos establecementos, os efectos da estacionalidade da actividade turística fanse patentes tanto no volume de establecementos que permanecen activos como no número de prazas que se ofertan ao longo do ano (cadro 7). O número total de establecementos pasa de 66.332 en xaneiro a un máximo de 147.319 en agosto, o que implica máis que duplicar a capacidade dispoñible. A partir dese momento prodúcese un descenso progresivo ata situarse en 72.785 en decembro. Este crecemento concéntrase principalmente entre a primavera e o verán, xa que o total pasa de 80.886 en marzo a 108.717 en maio, alcanzando os valores máis elevados en xullo e agosto, cando se superan os 147.000.

Por tipoloxías, os hoteis manteñen o maior peso estrutural durante todo o ano, con valores que van de 43.509 en xaneiro a 76.135 en agosto, o que reflicte unha menor variabilidade. Pola contra, os cámpings turísticos son o segmento máis estacional, ao pasar de 8.135 a 40.442, concentrando a súa actividade nos meses de verán. Os apartamentos turísticos presentan tamén un crecemento relevante, de 7.096 a 11.985, mentres que os albergues aumentan de 4.627 a 13.283, ligados en gran medida á demanda estival. O turismo rural, pola súa parte, evoluciona de forma máis moderada, pasando de 2.965 a 5.474 establecementos.

Tras o verán, a oferta redúcese con rapidez, baixando a 132.174 en setembro e a 95.599 en outubro, cun descenso especialmente acusado nos cámpings, mentres que os hoteis presentan unha caída máis contida.

A demanda turística en Galicia

No ano 2025, o turismo en Galicia mantivo unha evolución favorable tanto no relativo á chegada de viaxeiros como ao volume de pernoitas rexistradas. De feito, ao longo do ano contabilizáronse 7.298.733 viaxeiros, é dicir, un incremento do 0,5% respecto do exercicio anterior. Así mesmo, ao longo do ano rexistráronse 13.586.489 pernoitas, situándose a estadía media en 1,86 noites por persoa viaxeira (cadro 8). A evolución da demanda estivo impulsada, principalmente, polo comportamento do turismo internacional que, aínda cun peso relativo menor ca o do mercado nacional, medrou un 3,2% ata superar os 2,63 millóns de viaxeiros e alcanzar preto de catro millóns de pernoitas. Non obstante, este segmento segue a presentar a estadía media máis reducida dos mercados analizados, cun valor de 1,51 noites.

Cadro núm. 8
Demanda turística nos aloxamentos galegos. Ano 2025

	Viaxeiros	Noites	Estadía media
Turismo interno	1.537.055	3.200.363	2,08
Turista nacional	3.130.818	6.402.498	2,04
Turista internacional	2.630.860	3.983.628	1,51
Total turistas	7.298.733	13.586.489	1,86

Fonte: INE.

Entre os tres mercados considerados (interno, nacional e internacional), o turismo nacional continúa a concentrar o maior volume de demanda. Os turistas españois non residentes en Galicia sumaron máis de 3,13 millóns de viaxeiros e xeraron 6,4 millóns de pernoitas. Xunto co seu peso cuantitativo, este segmento destaca tamén por rexistrar unha estadía media relativamente elevada, situada en 2,04 noites. No que atinxe ao turismo interno, correspondente ás viaxes realizadas pola propia

poboación galega dentro da comunidade, este mantén igualmente unha presenza significativa, con máis de 1,5 millóns de viaxeiros e arredor de 3,2 millóns de pernoitas. Ademais, é o segmento que presenta a estadia media máis alta (2,08 noites), o que apunta a unha maior duración das viaxes efectuadas pola poboación residente.

Dos tres indicadores considerados, a estadia media é o único que rexistra unha evolución negativa, se ben a baixada é moi cativa. Os datos amosan que se pasa de 1,87 noites de media en 2024 a 1,86 en 2025. Esta lixeira diminución da estadia media, que xa era inferior a 2, en calquera caso, ten que ver co incremento dos short breaks, coa maior segmentación das vacacións ao longo do ano e co incremento da accesibilidade aérea, terrestre e ferroviaria, a Galicia, o que permite desprazamentos máis rápidos desde os lugares de orixe e pode levar a estadias máis curtas.



A análise da demanda nos establecementos turísticos de Galicia durante os anos 2024 e 2025 evidencia, en ambos os dous casos, unha marcada estacionalidade (gráfico 1). Os niveis máis baixos de ocupación rexístranse no mes de xaneiro, mentres que os máximos se concentran en agosto, coincidindo co período central da tempada estival. En 2024 superáronse no mes de agosto os 2,7

millóns de pernoitas, unha cifra moi semellante á rexistrada en 2025, cando se contabilizaron 2.674.656 noites.

Estes datos amosan que a demanda turística en Galicia continúa fortemente concentrada na época estival, o que reflicte unha elevada estacionalidade. Non obstante, identifícanse tamén indicios incipientes de desestacionalización, especialmente polo comportamento levemente positivo e relativamente estable en meses como xaneiro, maio e decembro. Esta tendencia, aínda moderada, resulta relevante desde o punto de vista da planificación turística, xa que contribúe a avanzar cara a unha distribución máis equilibrada da actividade ao longo do ano.

A demanda turística en Galicia creceu en 2025 fronte a 2024 (gráfico 2), pero non de xeito uniforme. O verán rexistrou subidas en xuño (8%) e xullo (6,9%), quedando agosto practicamente sen variacións. A partir de setembro a tendencia cambia con tres meses seguidos en negativo (2,6% en setembro e outubro, 2,8% en novembro) para recuperar en Decembro (5%) grazas ao Nadal.

No que atinxe á distribución dos principais mercados emisores de turismo (cadro 9), Galicia continúa a ser a principal orixe dos turistas, ao representar o 23,6% do total en 2025. Esta porcentaxe mantense en liñas semellantes ás rexistradas en exercicios anteriores e pon de manifesto o peso do turismo de proximidade entre a poboación



Cadro núm. 9
Procedencia dos turistas non galegos. Galicia. Ano 2025

Espaníais		Estranxeiros	
Procedencia	Porcentaxe	Procedencia	Porcentaxe
Madrid	12,5	Portugal	4,8
Andalucía	5,6	EE. UU.	3,1
Castela e León	5,1	Alemaña	2,3
Cataluña	4,6	Reino Unido	1,8
Asturias	3,7	Italia	1,6


Fonte: INE.

ción galega. Nese turismo interior, obsérvase unha clara concentración da demanda durante a tempada estival, sendo as Rías Baixas o espazo xeográfico que reúne a maior afluencia de turistas.


No ámbito estatal, Madrid sitúase como o mercado emisor máis relevante fóra de Galicia, co 12,5%, seguido de Andalucía (5,6%), Castela e León (5,1%), Cataluña (4,6%) e Asturias (3,7%) .

No relativo á demanda internacional, Portugal consolídase como o principal mercado estranxeiro, cun peso do 4,8% sobre o total. Entre os factores que favorecen esta conxuntura destacan a mellora das conexións viarias entre ambos territorios, a tradición vacacional da poboación do norte de Portugal nas Rías Baixas, particularmente en Sanxenxo, e a importancia do turismo relixioso asociado ao Camiño Portugués e ás visitas a Santiago de Compostela. Os Estados Unidos constitúen o segundo mercado internacional por volume de turistas, ao representar o 3,1% da demanda total. A atracción do mercado estadounidense explícase, en gran medida, pola forte proxección internacional de Santiago de Compostela e do Camiño de Santiago, favorecida tanto polas campañas de promoción turística como pola súa ampla difusión cultural e audiovisual. Entre os restantes mercados internacionais destacan Alemaña (2,3%), Reino Unido (1,8%) e Italia (1,6%). Estes países, que desde o Xacobeo de 1993 figuraban entre os principais emisores internacionais xunto con Francia, experimentaron unha certa redución do seu peso relativo nos últimos anos. Con todo, resulta tamén relevante o crecente protagonismo doutros mercados emerxentes, como Brasil, Australia ou Corea do Sur, que contribúen á diversificación e internacionalización da demanda turística galega, tanto en termos cuantitativos como cualitativos.

A distribución provincial da demanda turística en Galicia durante 2025 amosa unha elevada concentración das pernoitas nas provincias atlánticas (gráfico 3). Se ben en conxunto, Galicia alcanza en




2025 un total de 13,586 millóns de pernoitas. A Coruña sitúase como o principal destino turístico galego, cun total de 5,015 millóns de pernoitas, seguida moi de preto por Pontevedra, que rexistra 4,863 millóns. Entre ambas provincias concentran máis de dous terzos das pernoitas totais realizadas en Galicia, o que evidencia o forte peso turístico do eixo atlántico.



Pola súa parte, Lugo contabiliza 1,834 millóns de pernoitas, cun peso significativamente inferior respecto das provincias atlánticas (14% do total). A orientación cara ao turismo rural, patrimonial e de natureza, así como unha menor capacidade de aloxamento, explican parcialmente esta diferenza. Finalmente, Ourense presenta o menor volume de demanda turística, con 767.734 pernoitas (5,6%), aínda que destaca por segmentos específicos como o turismo termal e o turismo de interior.

A evolución das pernoitas turísticas no período 2024-2025 presenta, en termos xerais, un comportamento positivo para o conxunto de Galicia, cun incremento do 2,1% (gráfico 4) . Lugo é a provincia que rexistra o maior crecemento interanual, cun

Gráfico 5
Demanda turística por áreas turísticas en 2025



aumento do 10,5%. Tamén A Coruña amosa unha evolución favorable, cun incremento do 2,7%, situándose por enriba da media galega. O peso do turismo urbano, cultural e vinculado ao Camiño de Santiago contribúe a explicar este comportamento positivo. Pola súa parte, Pontevedra mantense practicamente estable, cun leve aumento do 0,4%. En contraste, Ourense é a única provincia que presenta un descenso nas pernoitas, cunha redución do 4,9% respecto de 2024.


A concentración da demanda turística por área turística en Galicia durante o ano 2025 evidencia unha demanda territorial xerarquizada, na que determinados espazos urbanos, culturais e costeiros absorben a maior parte das pernoitas rexistradas (gráfico 5).

O principal foco turístico sitúase en Santiago de Compostela, que concentra o 19,3% da demanda total. A posición predominante da capital galega débese, fundamentalmente, á consolidación do Camiño de Santiago como produto turístico internacional cunha capacidade de atracción que transcende o ámbito estritamente relixioso para integrar dimensións culturais, patrimoniais e experiencial. Xunto con Santiago, as áreas da Ría de Vigo e Baixo Miño (15,8%), Ría de Arousa (15,0%) e A Coruña-As Mariñas (14,3%) configuran o núcleo principal da actividade turística galega. Estas catro áreas concentran máis do 64% da demanda hoteleira total. No caso da área Río de Vigo e Baixo Miño, a elevada demanda (15,8%) explícase pola combinación entre turismo urbano, litoral e transfronteirizo. A presenza da cidade de Vigo como principal núcleo económico do sur de Galicia convive cunha forte especialización turística das Rías Baixas, asociada ao turismo de praia, á actividade náutica e á gastronomía mariñeira. Ademais, a proximidade con Portugal reforza os fluxos turísticos e comerciais nesta contorna. Pola súa parte, a Ría de Arousa (15%) mantén unha importante capacidade de atracción vinculada ao turismo estival e costeiro. A área da Coruña-As Mariñas (14,3%) presenta igualmente unha elevada participación na demanda turística debido á relevancia da cidade da Coruña como destino urbano e de negocios, así como á proximidade doutros recursos costeiros e culturais. A notable distancia existente entre estas áreas líderes e o resto do territorio evidencia un desequilibrio espacial significativo. Así, Lugo-Terra Chá (7,3%) e Ría e Terra de Pontevedra (6,4%) sitúanse xa a considerable distancia dos grandes polos turísticos. Por debaixo do 4% aparecen territorios como


Mariña Lucense, Ourense-Allariz, Ferrolterra ou Costa da Morte. Especialmente reducido resulta o peso das áreas do interior rural, entre as que destacan Ancares-Courel, Celanova-Limia ou Verín-Viana, con porcentaxes inferiores ao 1%.

A estrutura da demanda turística segundo as tipoloxías de aloxamento en Galicia no ano 2025 evidencia un claro predominio do modelo hoteleiro tradicional, ao tempo que permite identificar procesos de diversificación progresiva vinculados á expansión doutras modalidades de hospedaxe asociadas ás transformacións recentes do mercado turístico e ás novas preferencias da demanda (gráfico 6). Os hoteis concentran o 44% da demanda turística total, configurándose como a principal modalidade de aloxamento en Galicia, seguidos en importancia dos cámpings, que representan o 19,0% da demanda. A elevada participación dos cámpings explícase, en boa medida, pola forte presenza desta oferta nas áreas costeiras, especialmente nas Rías Baixas e noutras zonas de elevada

afluencia estival. As pensións concentran o 15,0% ao tempo que os albergues representan o 9,2% da demanda, unha porcentaxe especialmente relevante no contexto galego debido á influencia do fenómeno xacobeo. O desenvolvemento dos Camiños de Santiago impulsou de maneira notable esta modalidade de aloxamento, orientada principalmente a peregrinos. Os apartamentos turísticos acadan o 8,7% da demanda, mentres que o turismo rural representa unicamente o 4,2% da demanda total, unha cifra relativamente reducida se se considera o importante potencial paisaxístico, ambiental e cultural do interior galego.



A distribución da demanda turística segundo a procedencia dos visitantes e as distintas tipoloxías de aloxamento permite identificar importantes diferenzas nos patróns de consumo turístico en Galicia, evidenciando o distinto grao de internacionalización e dependencia do mercado interno que caracteriza cada modalidade aloxativa (gráfico 7). Obsérvase que os establecementos hoteleiros presentan unha composición relativamente equilibrada cun claro predominio do turismo nacional. O 49,8% das pernoitas procede do resto de España, mentres que o turismo estranxeiro achega o 28,6% e o mercado galego o 21,6% restante. Os apartamentos turísticos amosan unha estrutura moi similar á dos hoteis, aínda que cunha dependencia lixeiramente maior do mercado estatal. O 50,4% da demanda corresponde ao resto de España, fronte ao 26,1% do mercado galego e ao 23,5% do turismo estranxeiro. Non sucede o mesmo cos cámpings que reflicten un comportamento claramente diferenciado, xa que máis da metade da demanda (50,8%) procede da propia Galicia, mentres que o resto de España representa o 28,8% e o turismo estranxeiro apenas o 20,4%. No turismo rural a distribución volve mostrar o predominio do mercado estatal, que concentra o 49,0% das pernoitas, seguido do turismo estranxeiro co 27,7% e do mercado galego co 23,3%. Mentres que os albergues constitúen a a tipoloxía con maior grao de internacionalización de todo o sistema turís-




tico galego. Máis da metade dos hóspedes (51,9%) son visitantes estranxeiros, o 41,3% proceden do resto de España e tan só o 6,8% corresponden ao mercado galego.

Estadía media e gasto turístico

Se analizamos os datos evolutivos da estadía turística media nos establecementos hoteleiros durante o mes de agosto (gráfico 8), observamos unha lixeira redución da duración das estadias entre 2021 e 2025. A estancia media global pasa de 2,32 días en 2021 a 2,16 días en 2025, o que supón unha diminución acumulada de arredor do 6,9%.

A escala provincial da estadía media, Pontevedra continúa sendo a provincia galega onde os visitantes permanecen máis tempo, acadando en 2025 unha media de 2,29 noites, e que sen dúbida obedece ó peso que acada o turismo de sol e praia das Rías Baixas. Pola contra, o resto das provincias sitúanse por baixo das dúas noites de media. Ourense acada as 1,94 noites, mentres que A Coruña rexistra 1,84 ao tempo que a de Lugo é a que presenta o valor máis reducido do conxunto galego, con 1,77 noites.

No ámbito das cidades galegas, A Coruña (2,01 noites), Ferrol (2,05) e Lugo (2,11) sitúanse lixeiramente por enriba das dúas noites de media, amosando unha capacidade relativamente maior para prolongar a permanencia dos visitantes. En cambio, Vigo, Santiago de Compostela e Ourense presentan estadias máis reducidas, entre as 1,66 noites de Santiago e as 1,77 de Ourense. Por último, Pontevedra é a cidade galega cunha estadía media máis baixa, con só 1,47 noites. Este dato non responde a unha menor capacidade de atracción turística, senón á súa integración funcional no principal espazo turístico das Rías Baixas. Moitos dos visitantes que realizan actividades ou visitas na cidade teñen o seu aloxamento en municipios costeiros próximos, como Sanxenxo ou Poio, desde os que se desprazan diariamente, o que reduce o volume de pernoitas rexistradas directamente no municipio pontevedrés.



Por tipoloxías de aloxamento (gráfico 8) obsérvanse comportamentos diferenciados. Os apartamentos turísticos seguen rexistrando as estadías máis longas de todo o sistema turístico galego. A estancia media descende desde 4,60 días en 2021 ata 3,88 en 2025, cunha caída especialmente intensa entre 2021 e 2024. Isto indica unha perda progresiva da capacidade deste tipo de establecementos para reter visitantes durante períodos prolongados. Os cámpings presentan, pola contra, unha evolución moito máis estable. A estancia media mantense arredor dos 3,7 días ao longo de toda a serie, e nos aloxamentos de turismo rural se aprecia unha certa estabilidade, cunha estancia en torno aos 2,51 días. Os hotéis, que concentran boa parte da demanda turística galega, amosan unha tendencia descendente ao longo de todo o período, pasando a estancia media de 2,32 días en 2021 a 2,16 en 2025. No caso dos albergues, a estadía oscila entre 1,08 en 2025 e 1,22 días en 2022, dado a súa forte vinculación ao Camiño de Santiago e aos desprazamentos en etapas curtas.

Cadro núm. 10
Gasto medio diario do turista

	2024	2025	% variación
Turismo interno	42,2	48,8	15,6
Turista nacional	67,9	75,4	11,0
Turista internacional	164,8	150,8	-8,5

Fonte: INE.

Outro elemento importante á hora de analizar o turismo no ano 2025 ten que ver co gasto medio diario que realizan os propios turistas (cadro 10). Unha vez pasada a crise sanitaria, o gasto turístico marcou unha tendencia a alza que se mantén hoxe. En 2021 o incremento foi do 60,9%

respecto a 2020, ata alcanzar os 2.418 millóns de euros. En 2022 a recuperación consolidouse cun novo aumento do 58,6%, superando xa os niveis previos á pandemia con 3.836 millóns de euros. A tendencia expansiva continuou ata acadar en 2024 o máximo histórico con 5.447 millóns de euros (17,9% respecto ao ano anterior), para cambiar de tendencia en 2025, ano no que se observa unha leve contracción do gasto turístico, situándose en 4.991 millóns de euros (-8,4% respecto de 2024).

Se atendemos aos mercados de procedencia, en 2025 o turismo internacional continúa sendo o segmento con maior capacidade de gasto (cunha media de 150,8 euros diarios por persoa, duplicando practicamente o gasto do turismo nacional (75,4 €) e triplicando o do turismo interno galego (48,8 €). Non obstante, os datos tamén indican cambios recentes na estrutura do consumo turístico. Mentres o gasto medio do turismo interno aumentou un 15,6% respecto a 2024 e o do turismo nacional un 11,0%, o turismo internacional rexistrou unha caída do 8,5%.


Dentro do turismo nacional, as viaxes vinculadas a congresos e convencións presentan o maior gasto medio diario, alcanzando os 188,9 euros por persoa e día. A continuación sitúanse o turismo gastronómico (122,5 €), o turismo termal e de benestar (120,2 €), o turismo deportivo (116,1 €) e o turismo cultural (111,7 €).

En relación coas actividades realizadas durante a estancia, as persoas visitantes que participan en actividades de balneario ou talasoterapia son as que presentan un maior gasto medio diario (98,9 €), seguidas das actividades gastronómicas (88,6 €), das visitas urbanas (86,0 €), das visitas culturais (77,2 €) e dos acontecementos relixiosos (73,5 €).

Turismo urbano e de cruceiros

O turismo urbano consolidouse nas últimas décadas como un dos principais motores da actividade turística en Galicia, favorecido pola concentración de servizos, patrimonio cultural, infraestruturas e conexións de transporte nas principais cidades galegas. Paralelamente, o desenvolvemento do tráfico de cruceiros nos portos atlánticos contribuíu a reforzar a chegada de visitantes internacionais e a dinamizar economicamente os destinos urbanos costeiros.

Santiago de Compostela continúa exercendo un papel central dentro do turismo urbano galego (gráfico 9), concentrando 1.529.398 rexistros, unha cifra superior á do resto das cidades analizadas. A capacidade de atracción da capital galega está estreitamente vinculada ao impacto do Camiño de Santiago, que funciona como principal elemento internacionalizador do turismo en Galicia e xera



unha demanda constante ao longo de boa parte do ano. A isto engádese a importancia do patrimonio histórico, da oferta cultural e da súa condición de centro institucional e universitario. A Coruña, con 1.099.160 rexistros, e Vigo, con 902.299, conforman o segundo gran eixo do turismo urbano galego. Ambas cidades combinan actividade económica, servizos, comercio e capacidade portuaria, elementos que favorecen tanto o turismo urbano convencional como o vinculado ás escalas de cruceiros. No caso coruñés, o porto constitúe unha infraestrutura clave para a chegada de visitantes internacionais, especialmente procedentes do mercado atlántico europeo. Vigo, pola súa banda, reforza o seu posicionamento grazas á proximidade

das Rías Baixas, á conexión marítima coas illas Cíes e ao dinamismo empresarial e comercial da área metropolitana. As diferenzas respecto do resto das cidades son significativas. Lugo alcanza os 366.171 rexistros, mentres que Ourense (253.687), Pontevedra (218.157) e Ferrol (135.122) presentan volumes máis moderados. Trátase de destinos cunha menor dimensión turística en termos cuantitativos, aínda que cunha oferta especializada e diferenciada. Lugo mantén unha forte vinculación co turismo patrimonial e cultural arredor da Muralla romana; Ourense consolídase como referente do turismo termal; Pontevedra destaca pola calidade urbana e pola proximidade ao litoral das Rías Baixas; e Ferrol conserva un importante potencial asociado ao patrimonio naval e industrial.

O turismo de cruceiros afianzouse nos últimos anos como un dos segmentos con maior capacidade de dinamización económica dentro do turismo urbano galego, especialmente nos portos atlánticos. A chegada de visitantes internacionais mediante escalas de cruceiros contribúe á desestacionalización da demanda turística, ao incremento do gasto en comercio e hostalaría e á proxección exterior das cidades portuarias galegas. No ano 2025, os portos galegos rexistraron preto de 790.000 cruceiristas, alcanzando o mellor dato histórico da comunidade e representando arredor do 5,6% do total estatal. A actividade concentrouse fundamentalmente nos portos de A Coruña e Vigo, que se consolidan como os dous grandes nodos do turismo de cruceiros en Galicia.

O porto da Coruña situouse como o principal destino galego de cruceiros, con 465.199 pasaxeiros e 184 escalas durante 2025. Estas cifras supoñen aproximadamente o 59% do total de cruceiristas rexistrados en Galicia, confirmando o liderado da cidade dentro do tráfico de cruceiros da fachada atlántica cantábrica. O crecemento da Coruña está asociado á capacidade do porto para acoller grandes embarcacións, á súa posición estratéxica nas rutas atlánticas europeas e á consolidación da cidade como destino urbano-cultural. Pola súa banda, o porto de Vigo rexistrou 306.127 cruceiristas e 124 escalas en 2025, concentrando arredor do 39% do total galego. A cidade reforzou nos últimos anos a súa posición dentro das rutas internacionais de cruceiros grazas á modernización das infraestruturas portuarias, á proximidade das Rías Baixas e ao atractivo paisaxístico e gastronómico da área metropolitana. Ademais, Vigo destaca pola crecente especialización na recepción de grandes buques internacionais e polo impacto económico xerado sobre o comercio e os servizos turísticos locais.

Xunto á Coruña e Vigo, outros portos galegos tamén manteñen presenza no tráfico de cruceiros, aínda que cun peso considerablemente menor. O caso máis relevante é o de Ferrol, que en 2025 rexistrou arredor de 16.600-18.700 cruceiristas e preto de 19-20 escalas, segundo as previsións e balances publicados pola Autoridade Portuaria e medios especializados. Estas cifras representan aproximadamente o 2% do total de cruceiristas de Galicia, moi afastado dos volumes alcanzados pola

Coruña e Vigo, pero amosan un crecente interese por consolidar a cidade dentro das rutas atlánticas do norte peninsular. Pola súa banda, portos como Vilagarcía de Arousa e Marín-Pontevedra reciben escalas ocasionais. Aínda que o impacto cuantitativo destes portos é reducido, contribúen á diversificación territorial do turismo marítimo en Galicia e favorecen a distribución dos fluxos turísticos cara a áreas menos saturadas do litoral galego.

O Camiño de Santiago


O Camiño de Santiago constitúe o principal produto turístico e cultural de Galicia e un dos elementos con maior proxección internacional da comunidade autónoma. A súa importancia transcende o ámbito estritamente turístico, xa que combina dimensións patrimoniais, espirituais, culturais, deportivas e paisaxísticas, converténdose nun fenómeno global cun forte impacto económico e territorial. Ademais da súa capacidade de atracción de visitantes, o Camiño desempeña un papel clave na dinamización do medio rural, na creación de servizos turísticos e na proxección da imaxe internacional de Galicia. Nas últimas dúas décadas, o fenómeno xacobeo experimentou un intenso proceso de crecemento e transformación. Os datos mostran unha tendencia claramente ascendente no número de peregrinos, pasando de menos de 180.000 persoas en 2004 a máis de 530.000 en 2025, o máximo histórico rexistrado ata o momento. Tras o forte impulso asociado aos Anos Santos e a recuperación posterior á pandemia, o Camiño consolidouse como unha actividade turística de dimensión global e cunha demanda cada vez máis estable ao longo do tempo.

Un dos cambios máis relevantes deste proceso foi a crecente internacionalización da demanda. Mentres que a comezos dos anos 2000 predominaban os peregrinos españois, na actualidade os visitantes estranxeiros representan a maioría. En 2025, arredor de 302.650 peregrinos internacionais chegaron a Santiago, o que supón aproximadamente o 56-57% do total. Estados Unidos, Italia, Alemaña, Portugal ou Reino Unido figuran entre os principais mercados emisores, evidenciando a consolidación do Camiño como produto turístico internacional de referencia.

Cómpre sinalar que os datos empregados para analizar a evolución do Camiño de Santiago corresponden ao número de Compostelas expedidas pola Oficina do Peregrino. A Compostela é o certificado oficial que acredita a realización da peregrinación a Santiago e concédese ás persoas que completan, polo menos, os últimos 100 quilómetros a pé ou a cabalo (ou os últimos 200 quilómetros en bicicleta) e que declaran motivacións de carácter relixioso, espiritual ou tamén cultural no caso dalgunhas modalidades recoñecidas recentemente. En consecuencia, estas cifras non representan o conxunto total de usuarios das rutas xacobeas, senón un sistema de contabilización específico baseado nas persoas que solicitan este documento oficial ao finalizar a peregrinación. Isto implica que o volume real de persoas que realizan parcial ou totalmente o Camiño é previsiblemente superior, xa que existen visitantes e camiñantes que non solicitan a Compostela ou que realizan etapas sen completar os requisitos establecidos. A pesar destas limitacións, a serie estatística da Oficina do Peregrino

constitúe a principal referencia oficial para analizar a evolución, dimensión e perfil da demanda do fenómeno xacobeo.

Paralelamente, tamén se observa unha progresiva secularización do fenómeno xacobeo. Aínda que a dimensión relixiosa continúa sendo relevante, especialmente nos Anos Santos, o perfil do peregrino diversificouse notablemente nas últimas décadas. Cada vez máis persoas realizan o Camiño por motivacións culturais, deportivas, paisaxísticas, persoais ou vinculadas ao benestar e á desconexión, reducindo o



peso exclusivo da peregrinación estritamente espiritual ou relixiosa. Esta evolución está directamente relacionada cunha crescente diversificación das motivacións e dos perfís dos visitantes. O Camiño deixou de ser un produto asociado unicamente á tradición relixiosa para converterse nunha experiencia turística multifuncional, capaz de atraer públicos moi diversos: sendeiristas, turistas culturais, viaxeiros internacionais, persoas interesadas na natureza, no patrimonio ou no desenvolvemento persoal. Esta pluralidade de motivacións contribuíu a ampliar a base social e internacional do fenómeno xacobeo e a reforzar a súa capacidade de crecemento.

Desde o punto de vista socioeconómico, o impacto do Camiño resulta especialmente significativo pola súa capacidade de distribución territorial. A diferenza doutros produtos turísticos máis concentrados nas cidades ou no litoral, as rutas xacobeas atravesan unha parte importante do territorio galego, xerando actividade económica en numerosos concellos rurais mediante o desenvolvemento de aloxamentos, restauración, comercio e servizos vinculados á peregrinación. Neste sentido, o Camiño de Santiago non só representa o principal símbolo turístico de Galicia, senón tamén un instrumento estratéxico de cohesión territorial e dinamización económica.

Cadro núm. 11
Distribución dos peregrinos por camiños a Santiago

Camiño	2024	2025		% variación 2024-2025
	Número	Número	%	
Francés	236.270	242.033	45,60	2,44
Portugués	95.497	100.831	19,00	5,59
Portugués Costa	74.757	89.504	16,86	19,73
Inglés	28.062	30.201	5,70	7,62
Primitivo	24.464	27.868	5,25	13,91
Norte	21.416	21.481	4,05	0,30
Vía da Prata	9.028	8.837	1,66	-2,16
Camiño de Inverno	2.869	2.758	0,52	-3,87
Muxía-Fisterra	2.256	2.381	0,45	5,54
Outros camiños	841	755	0,14	-10,23
Camiño do Barbanza	690	757	0,14	9,71
Geira e Arrieiros	369	572	0,11	55,01
Muros-Noia	197	179	0,03	-9,14
Camiño da Mar	2.014	2.625	0,49	30,34
Total	498.730	530.782	100,00	6,41

Fonte: Oficina do Peregrino

Desde unha perspectiva territorial, obsérvase unha progresiva diversificación das rutas empregadas polos peregrinos (cadro 11). Aínda que o Camiño Francés continúa sendo claramente a ruta dominante, con 242.033 peregrinos en 2025, perde peso relativo dentro do conxunto do sistema. O seu crecemento, aínda positivo (2,44%), é máis moderado ca o doutras rutas e representa o 45,6% do total, o que significa que case un de cada dous peregrinos segue escollendo este itinerario histórico, que continúa sendo a principal vía internacional de referencia. Porén, o maior dinamismo concéntrase no eixo portugués e atlántico. O

Camiño Portugués alcanza os 100.831 peregrinos, mentres que o Camiño Portugués da Costa rexistra un dos incrementos máis destacados tanto en termos absolutos como relativos, pasando de 74.757 a 89.504 peregrinos, cun crecemento do 19,73%. En conxunto, ambas variantes portuguesas reúnen xa máis dun terzo dos peregrinos totais, consolidándose como a principal alternativa ao Camiño Francés e evidenciando o crecente atractivo das rutas vinculadas ao litoral atlántico.

Tamén destacan outras rutas cun comportamento claramente expansivo. O Camiño Primitivo medra un 13,91%, ata acadar os 27.868 peregrinos, mentres que o Camiño Inglés aumenta un 7,62% e supera os 30.000 usuarios. Esta evolución semella responder a unha procura crescente de itinerarios con maior valor paisaxístico, cultural e experiencial, asociados a percorridos menos masificados e percibidos como máis auténticos. Entre as rutas emerxentes sobresaes especialmente Muros-Noia, que pasa de 369 a 572 peregrinos, rexistrando o maior incremento porcentual da táboa (55,01%). Aínda que o seu peso segue sendo reducido (0,11% do total), este comportamento amosa o potencial de diversificación e descentralización territorial das rutas secundarias, favorecendo a extensión dos fluxos turísticos cara espazos menos tradicionais. En contraste, algunhas rutas presentan unha evolución negativa. O Camiño de Inverno descende un 3,87% e a Vía da Prata retrocede un 2,16%. Tamén diminúen o Camiño do Mar (-9,14%) e o Camiño do Barbanza (-10,23%). Pola contra, o apartado de "Outros camiños" experimenta un incremento significativo, pasando de 2.014 a 2.625 peregrinos, o que supón un crecemento do 30,34%. Este dato reforza a idea dunha progresiva diversificación das eleccións dos peregrinos cara itinerarios alternativos e menos consolidados.

En termos de distribución da demanda, os datos evidencian unha forte concentración en catro grandes rutas (Francés, Portugués, Portugués da Costa e Inglés), que acumulan aproximadamente o 87% dos peregrinos. Non obstante, o crecemento das rutas secundarias confirma unha progresiva fragmentación da demanda e unha maior variedade nas eleccións dos visitantes. O Camiño evoluciona cara a un modelo máis plural, complexo e descentralizado, no que conviven rutas altamente consolidadas con outras emerxentes. O dinamismo das variantes portuguesas e dos itinerarios alternativos reforza a capacidade do Camiño de Santiago para adaptarse a distintos perfís de demanda e favorece unha maior dispersión territorial dos fluxos turísticos dentro de Galicia

X. Sector público

- A liquidación do exercicio 2025 da Administración autonómica galega pechouse cun superávit de 260,6 millóns de euros, equivalente ao 0,18 % do PIB rexional. Galicia continúa así entre as comunidades cunha posición financeira máis favorable, fronte ao déficit medio do conxunto autonómico, situado no -0,3 % do PIB. Este resultado reflicte a evolución positiva dos ingresos, o mantemento dun aforro bruto elevado e unha xestión orzamentaria que segue a presentar mellores saldos que a media estatal.
- A evolución recente das contas autonómicas continúa marcada polos recursos extraordinarios mobilizados tras a pandemia. Entre 2019 e 2025, os ingresos correntes subiron un 46 %, impulsados polo aumento das transferencias correntes e dos impostos directos, capítulos que rexistraron incrementos próximos ao 65 %. Pola súa banda, as transferencias de capital máis que duplicaron o seu volume, cun crecemento acumulado do 106 %, asociado en boa medida á chegada dos fondos europeos *Next Generation EU*.
- Galicia mantén unha posición comparativamente favorable en materia de débeda. Entre 2019 e 2023 o endebedamento medrou en 632 millóns de euros, pero nos dous últimos exercicios diminuíu en 160 millóns, deixando a débeda total en 12.010 millóns a finais de 2025. Esta cifra representa o 13,9 % do PIB galego, claramente por baixo da media autonómica estatal que é do 20,2 %. Ademais, a exposición aos mecanismos extraordinarios de financiamento do Estado segue a ser reducida, con 1.558 millóns vinculados a estes instrumentos.
- A Administración autonómica continúa destacando polo seu esforzo investidor. Entre 2020 e 2025 destinou 10.542 millóns de euros a operacións de capital, o que significa o 14,7 % do seu gasto non financeiro acumulado. Esta cifra supón o 8,9 % do total do gasto de capital executado polo conxunto das comunidades autónomas, moi por enriba do peso relativo de Galicia no gasto autonómico total, aproximadamente o 5,6 %.
- Galicia recibiu 2.806 millóns de euros en fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia xestionados directamente pola Administración Xeral do Estado, equivalentes ao 3,7 % do PIB galego e a 1.039 euros por habitante. Ademais, fóronlle asignados 1.751 millóns para xestión directa, sobre todo autonómica, cunha taxa de resolución do 75,3 %, situándose entre as comunidades con maior nivel de execución destes recursos.
- A recadación da AEAT en Galicia subiu un 6,7 % en 2024 e acelerouse en 2025, cun incremento do 12,5 %, superior ao 10,4 % estatal. Aínda así, Galicia representa só o 3,7 % da recadación estatal, por baixo do seu peso no PIB, 5,1 %, e na poboación, 5,6 %.
- O sistema público de pensións mantén en Galicia un peso superior á media estatal: cobre 781.000 persoas, o 28,8 % da poboación, e supón o 16,14 % do PIB galego. No sistema contributivo, a *ratio* afiliados/pensionistas está en 1,58 fronte ao 2,33 estatal, cun déficit estimado para Galicia de 4.278 millóns en 2024.
- O gasto sanitario segue a ser a principal función do gasto autonómico galego. En 2024 situouse en 2.071 euros por habitante, representando o 6,8 % do PIB e o 42,38 % do gasto non financeiro autonómico. Galicia concentra o 5,9 % do gasto sanitario total, por baixo do seu peso na poboación protexida equivalente, 6,3 %.
- O gasto educativo acadou en 2025 os 6.931 euros por habitante entre 4 e 22 anos, un 5,8 % por riba da media estatal. Con todo, significa o 22,4 % do gasto autonómico non financeiro, case 1,5 puntos por baixo da media, e mantén unha evolución menos dinámica que no conxunto autonómico.

Introdución

A análise do sector público galego continúa a resultar especialmente relevante nun contexto marcado pola incerteza económica, a persistencia das tensións sobre as finanzas públicas e a necesidade de afrontar importantes transformacións estruturais. Neste capítulo examínanse as principais magnitudes económicas das Administracións autonómica, local e estatal en Galicia, prestando especial atención á evolución recente dos ingresos, dos gastos, do investimento público e dos fondos extraordinarios vinculados ao programa *Next Generation EU*.

Así mesmo, mantense unha análise específica das grandes funcións asociadas ao estado do benestar —pensións, sanidade e educación— polo seu crecente peso orzamentario e pola súa relevancia económica e social. A evolución destas áreas permite avaliar os principais retos que afronta Galicia en materia de sostibilidade financeira, envellecemento demográfico e suficiencia do actual sistema de financiamento público.



O sector público autonómico galego

A liquidación orzamentaria correspondente ao ano 2025 da Administración autonómica galega —incluíndo a Administración xeral e os organismos cos que consolida— pechouse cun superávit de 260,6 millóns de euros, o que representa o 0,18 % do PIB rexional. Galicia permanece así entre as comunidades autónomas cunha posición financeira máis favorable, fronte ao resultado negativo do conxunto autonómico, que rexistrou unha necesidade media de financiamento do -0,3 % do PIB. A nosa comunidade consolida deste xeito unha evolución significativamente positiva das súas contas públicas, tras varios exercicios nos que xa presentaba saldos máis favorables que a media estatal.


A evolución recente dos ingresos e gastos da Administración autonómica galega, en liñas xerais similar á observada no conxunto das comunidades autónomas, segue condicionada polas consecuencias derivadas da pandemia e polas distintas medidas extraordinarias adoptadas para afrontar os seus efectos económicos e sociais. A brusca caída da actividade económica no ano 2020 provocou unha redución significativa dos ingresos tributarios, en especial daqueles vinculados á imposición indirecta e ao consumo. Esta situación foise revertendo posteriormente de maneira intensa coa recuperación económica e co contexto inflacionista dos últimos exercicios, permitindo unha notable mellora da recadación a partir de 2023.

Con todo, o impacto inicial desta diminución de ingresos foi amplamente compensado pola chegada de recursos extraordinarios procedentes do Estado e da Unión Europea. Nun primeiro momento, mediante as transferencias vinculadas ao Fondo COVID-19, creado para facer fronte ás necesidades excepcionais derivadas da crise sanitaria; a continuación, coa liquidación realizada no ano 2022 do Sistema de Financiamento Autonómico correspondente ao exercicio 2020, na que o Estado asumiu os resultados negativos derivados da caída extraordinaria de ingresos provocada pola pandemia, evitando no caso de Galicia a devolución de 392 millóns de euros; e, finalmente, mediante a canalización dos fondos europeos *Next Generation EU*, que continúan a supoñer unha fonte adicional de financiamento de especial relevancia para as comunidades autónomas.

O conxunto destas medidas alterou de maneira moi significativa a evolución recente das finanzas autonómicas, tanto pola magnitude dos recursos mobilizados como pola flexibilización do marco fiscal aplicado durante estes anos, nun período no que as regras fiscais de estabilidade orzamentaria permaneceron suspendidas ata a súa reactivación no exercicio 2024. Neste contexto, o Estado mantivo ademais os mecanismos extraordinarios de financiamento e apoio á liquidez das comunidades autónomas, canalizando entre os anos 2020 e 2026 un total de 208.219 millóns de euros, aínda que unha parte relevante destes recursos se destinou á refinanciamento ou amortización de débeda previamente existente. Galicia continuou destacando polo reducido recurso a este tipo de instrumentos



A pesar do importante aumento do gasto público nos últimos anos, asociado tanto ás necesidades derivadas da pandemia como ás novas políticas impulsadas no período posterior, a evolución do endebedamento autonómico galego mantívose relativamente contida en termos comparativos. Entre os anos 2019 e 2023, a débeda da comunidade incrementouse en 632 millóns de euros, nun contexto no que as Administracións autonómicas tiveron que asumir un elevado volume adicional de gasto e financiamento. Non obstante, a mellora dos resultados orzamentarios nos exercicios máis recentes —cunha situación próxima ao equilibrio en 2020 e superávits significativos en 2024 e 2025— permitiu reverter en parte esta tendencia. Así, nos dous últimos exercicios Galicia baixou o seu endebedamento en 160 millóns de euros, deixando a débeda total en 12.010 millóns a finais de 2025. Deste



extraordinarios de apoio financeiro, limitándose practicamente aos 659 millóns de euros utilizados no exercicio 2020.


Co propósito de estudar con maior detalle o impacto que tiveron estes cambios sobre a estrutura financeira da Administración autonómica galega, resulta particularmente ilustrativo comparar a evolución dos ingresos e gastos dos exercicios máis recentes (2023 a 2025), xa nun contexto de relativa normalización tras a pandemia, coa situación existente no ano 2019, previo á crise sanitaria. Durante este período, os ingresos correntes incrementáronse nun 46 %, impulsados sobre todo polo forte aumento das transferencias correntes e da recadación por impostos directos, capítulos que marcaron crecementos acumulados próximos ao 65 %. Pola súa banda, o gasto corrente experimentou unha subida máis moderada, aínda que moi significativa, do 39 %. Como resultado desta dinámica, o aforro bruto da Administración autonómica galega situouse en 1.359 millóns de euros no exercicio 2025 (gráficos 1 e 2), case triplicando o nivel rexistrado antes da pandemia.

De xeito, Galicia continúa a figurar entre as comunidades autónomas con menor nivel relativo de débeda, cunha *ratio* equivalente ao 13,9 % do PIB, claramente inferior á media estatal, o 20,2 % (gráfico 3).

Cómpre salientar, ademais, a reducida exposición de Galicia aos mecanismos extraordinarios de financiamento habilitados pola Administración central para as comunidades autónomas. A finais de 2025, a débeda vinculada a estes instrumentos ascendía a 1.558 millóns de euros, o que representa apenas o 0,7 % do total da débeda

Gráfico 4

Débeda viva das comunidades autónomas 31-12-2025. Proposta de condonación



autonómica mantida co Estado. Esta situación diferencia claramente Galicia doutras comunidades autónomas cunha dependencia moito máis elevada deste tipo de financiamento extraordinario.

Neste contexto, ao longo de 2025 continuou o debate político e institucional arredor da proposta formulada polo Goberno central para asumir unha parte da débeda das comunidades autónomas de réxime común; iniciativa que tivo a súa orixe nos acordos vinculados ao proceso de investidura estatal a finais de 2023. A medida, actualmente en discusión, contempla unha redución global da débeda autonómica por importe de 83.252 millóns de euros, afectando o conxunto das comunidades de réxime común con independencia do volume de débeda que manteñan co Estado. No caso galego, o efecto estimado desta proposta situaríase arredor dos 4.010 millóns de euros (gráfico 4).


Con todo, a iniciativa segue sen aprobarse de maneira definitiva e continúa xerando unha importante controversia política e territorial, en especial entre varias das comunidades autónomas gobernadas polo principal partido da oposición. En todo caso, unha eventual operación de asunción parcial

da débeda autonómica resultaría máis coherente se se integrase nunha revisión máis ampla do Sistema de Financiamento Autonómico; ámbito no que, porén, continúan sen producirse avances significativos e respecto do que tampouco se prevén cambios substanciais a curto prazo dadas as actuais dificultades do contexto político estatal.

A evolución dos ingresos e gastos non financeiros por habitante, expresados en euros constantes e recollidos no gráfico 5, permite observar con maior claridade o efecto que tiveron sobre as finanzas auto-

Gráfico 5

Gastos e ingresos non financeiros por habitante (euros de 2025)



nómicas as dúas grandes crises económicas das últimas décadas. Tanto en Galicia como no conxunto das comunidades autónomas, os ingresos e gastos públicos experimentaron unha etapa de forte expansión ata o ano 2009, momento a partir do cal se produce un intenso axuste asociado á crise financeira e ás políticas de consolidación fiscal posteriores. A caída dos ingresos sufriuse nun principio con maior intensidade, mentres que o gasto se reduciu de maneira máis gradual, estabilizándose ambas as variables no período 2012-2014 e iniciando posteriormente unha recuperación progresiva ata a chegada da pandemia.

A irrupción da crise sanitaria no ano 2020 provocou un novo cambio de tendencia, cun forte incremento do gasto público derivado das necesidades extraordinarias de financiamento e, ao mesmo tempo, cun aumento tamén moi significativo dos ingresos grazas ás maiores transferencias realizadas polo Estado. Tras unha certa corrección nos exercicios 2021 e 2022, os anos seguintes caracterízanse por unha nova expansión do gasto por habitante, impulsada pola recuperación económica e pola chegada dos fondos europeos *Next Generation EU*. Deste xeito, nos exercicios 2023 a 2025 acadáronse niveis de gasto *per cápita* claramente superiores aos rexistrados durante a pandemia, malia que no último exercicio se aprecia unha lixeira moderación. En todo caso, tanto Galicia como o conxunto das comunidades autónomas recuperaron xa en 2025 os niveis de gasto por habitante que se alcanzaran no máximo previo á crise financeira de 2009.

Se analizamos a composición do gasto executado pola Administración autonómica galega e comparamos a situación actual coa existente antes da pandemia, obsérvanse cambios moi significativos na estrutura do gasto público, tal e como se recolle no cadro 1. Entre os exercicios 2019 e 2025, os gastos en compras de bens e servizos medraron un 40 %, como consecuencia inicial das necesidades extraordinarias xeradas pola crise sanitaria, aínda que boa parte deste aumento acabou consolidándose nos anos posteriores. Ao mesmo tempo, os gastos de persoal experimentaron unha suba do 36 %, explicada tanto polas melloras retributivas aplicadas ao emprego público como polo reforzo de efectivos, sobre todo nos ámbitos sanitario, educativo e asistencial.

Pola súa banda, as transferencias correntes rexistraron un incremento acumulado do 44 %, reflectindo o maior peso das políticas de apoio e financiamento de servizos públicos fundamentais, principalmente nos ámbitos sanitario e educativo. Xunto a isto, destaca tamén o forte crecemento dos gastos de capital, tanto en investimentos reais como en transferencias de capital, que no seu conxunto se sitúan un 66 % por riba dos niveis de execución existentes antes da pandemia. Esta evolución evidencia o importante impulso investidor desenvolvido pola Administración autonómica nos últimos exercicios, favorecido en boa medida pola chegada dos fondos europeos vinculados ao programa *Next Generation EU* (cadro 1).

Neste sentido, cómpre salientar que Galicia destinou entre os anos 2020 e 2025 un total de 10.542 millóns de euros a operacións de capital, cifra que supón o 14,7 % do seu gasto non financeiro acumulado durante ese período. Este volume equivale ao 8,9 % do total do gasto de capital executado

Cadro núm. 1

Obrigas recoñecidas da Administración autonómica galega (en millóns de euros)

Capítulos	2014	2016	2018	2019	2020	2022	2024	2025
Gastos de persoal	3.451,1	3.667,8	3.845,0	4.065,7	4.278,0	4.663,9	5.252,7	5.546,4
Compras de bens e servizos	1.567,3	1.650,2	1.831,2	1.864,2	2.057,4	2.143,2	2.521,3	2.616,2
Xuros	364,6	269,7	153,9	158,1	140,5	73,2	190,1	213,9
Transferencias correntes	1.992,7	2.019,0	2.157,1	2.241,9	2.478,4	2.646,7	3.085,9	3.228,0
Total gastos correntes	7.375,6	7.606,7	7.987,2	8.329,9	8.954,4	9.527,0	11.049,9	11.604,5
Investimentos reais	525,6	690,2	680,1	686,1	806,3	882,1	1.412,4	1.139,1
Transferencias de capital	434,0	347,8	436,7	501,8	595,6	542,1	759,2	831,4
Total gastos de capital	959,6	1.038,0	1.116,8	1.187,8	1.401,9	1.424,1	2.171,6	1.970,5
Total gastos non financeiros	8.335,2	8.644,7	9.104,0	9.517,8	10.356,3	10.951,1	13.221,6	13.575,0
Variación de activos financeiros	168,2	176,3	130,3	393,2	159,0	162,7	228,6	197,6
Variación de pasivos financeiros	1.460,7	1.334,0	1.033,7	2.710,1	3.423,2	1.438,1	1.649,6	1.893,2
Total gastos financeiros	1.628,9	1.510,3	1.164,0	3.103,3	3.582,1	1.600,8	1.878,3	2.090,8
TOTAL GASTOS	9.964,1	10.155,0	10.268,0	12.621,1	13.938,4	12.552,0	15.099,9	15.665,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda.

Cadro núm. 2

Dereitos recoñecidos da Administración autonómica galega (en millóns de euros)

Capítulos	2014	2016	2018	2020	2022	2024	2025
Impostos directos	1.992,4	2.250,6	2.391,7	2.788,9	2.891,9	3.678,1	4.118,5
Impostos indirectos	3.077,6	3.155,8	3.491,9	3.430,6	3.107,6	4.017,1	4.049,0
Taxas e outros ingresos	186,7	183,7	181,5	174,5	198,1	226,2	230,3
Transferencias correntes	2.006,1	2.452,3	2.685,6	3.585,8	3.799,4	4.657,2	4.529,2
Ingresos patrimoniais	28,5	19,1	11,4	17,3	22,9	48,8	36,9
Total ingresos correntes	7.291,3	8.061,6	8.762,1	9.997,2	10.020,0	12.627,5	12.964,0
Alleamento investimentos reais	10,6	8,2	3,8	3,8	4,7	7,7	10,4
Transferencias de capital	391,6	222,2	445,3	333,8	656,7	860,0	861,2
Total ingresos de capital	402,2	230,4	449,1	337,6	661,4	867,7	871,6
Total ingresos non financeiros	7.693,5	8.292,0	9.211,1	10.334,7	10.681,4	13.495,2	13.835,6
Variación de activos financeiros	25,8	34,8	44,4	33,3	17,8	66,9	27,2
Variación de pasivos financeiros	2.221,2	1.881,6	1.194,4	3.645,4	2.141,0	1.701,9	1.718,1
Total ingresos financeiros	2.247,0	1.916,4	1.238,9	3.678,8	2.158,8	1.768,8	1.745,3
TOTAL INGRESOS	9.940,5	10.208,4	10.450,0	14.013,5	12.840,2	15.264,0	15.580,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda.

polo conxunto das comunidades autónomas, unha porcentaxe claramente superior ao peso relativo que Galicia representa dentro do gasto autonómico total, situado arredor do 5,6 %. Todo isto pon de manifesto o elevado esforzo investidor realizado pola nosa comunidade en termos comparativos.

Polo lado dos ingresos, a evolución rexistrada nos últimos exercicios reflicte con claridade o efecto das distintas medidas extraordinarias adoptadas para afrontar as necesidades derivadas da pandemia e financiar o reforzo das políticas públicas impulsadas desde entón. Tal e como se recolle no cadro 2, as transferencias correntes subiron un 65 % respecto ao exercicio 2019, impulsadas tanto polas achegas extraordinarias procedentes da Administración central como pola evolución crecente das entregas a conta do Sistema de Financiamento Autonómico.

Ao mesmo tempo, os ingresos vinculados á imposición directa experimentaron unha evolución particularmente favorable, cun aumento acumulado do 64 % ao longo do período analizado. Neste comportamento destacan sobre todo os incrementos rexistrados no imposto sobre a renda das persoas físicas e no imposto sobre sucesións e doazóns, malia a aplicación de distintas medidas de alivio fiscal e incentivos tributarios por parte da Xunta de Galicia. Esta dinámica positiva da imposición directa permitiu compensar en parte o comportamento máis irregular dos impostos indirectos, especialmente afectados pola caída da actividade económica durante a pandemia. Con todo, estes tributos amosaron unha recuperación significativa nos exercicios 2024 e 2025, coincidindo coa mellora da actividade e do consumo.

Por último, cómpre salientar tamén o notable crecemento das transferencias de capital, que máis que duplicaron o seu volume respecto ao ano 2019, cun aumento acumulado do 106 %. Esta evolución está directamente relacionada coa chegada dos fondos europeos vinculados ao programa *Next Generation EU* e co reforzo das políticas públicas orientadas á recuperación económica e ao investimento (cadro 2).

A evolución recente dos ingresos autonómicos pon de manifesto o papel desempeñado pola Administración central no financiamento das necesidades extraordinarias derivadas da pandemia e da posterior recuperación económica. Neste contexto, no ano 2020 aprobouse o denominado Fondo COVID-19, dotado con 16.000 millóns de euros para o conxunto das comunidades autónomas. Galicia recibiu 734,8 millóns, o que representa o 4,5 % do total distribuído. Esta participación situouse por debaixo do peso relativo da comunidade en termos de PIB e poboación, debido a que os criterios de repartición empregados tiveron en conta variables vinculadas á incidencia efectiva da pandemia, cuxo impacto relativo foi menor en Galicia que noutras autonomías.

Posteriormente, entre os anos 2021 e 2024, esta política de apoio financeiro extraordinario prolongouse a través do Fondo REACT-UE, integrado dentro do programa europeo *Next Generation EU*. O importe total distribuído entre as comunidades autónomas ascendeu a 10.002 millóns de euros, asignados en función de indicadores relacionados coa intensidade da crise económica e laboral derivada

Cadro núm. 3

Execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (datos a 31 de marzo de 2026)

	Resolto Adm. Xeral Estado			Asignado CC. AA. e CC. LL.					
	Millóns de €	Euros/hab.	% PIB	Millóns de €	Euros/hab.	% PIB	Convocatorias	Resolucións	Taxa resolución
Andalucía	4.772	556	2,44	4.329	499	1,93	3.817	2.403	62,96
Aragón	2.199	1.639	4,85	1.012	742	1,93	1.067	778	72,91
Asturias	1.069	1.063	3,81	765	754	2,41	688	391	56,83
Baleares	531	439	1,38	1.092	874	2,31	1.082	642	59,33
Canarias	1.008	455	1,89	1.816	804	2,95	1.362	832	61,09
Cantabria	424	721	2,54	476	802	2,54	474	245	51,69
Castela-A Mancha	1.316	631	2,59	1.386	577	1,77	1.312	955	72,79
Castela e León	3.013	1.264	4,32	1.797	845	3,06	1.816	1.239	68,23
Cataluña	6.376	807	2,30	4.341	534	1,36	5.410	2.810	51,94
Extremadura	1.245	1.181	5,09	887	842	3,15	713	469	65,78
Galicia	2.806	1.039	3,70	1.751	645	2,02	1.339	1.008	75,28
Madrid	6.256	910	2,20	3.256	458	0,97	4.399	2.581	58,67
Murcia	1.329	856	3,42	904	570	2,01	724	546	75,41
Navarra	961	1.430	3,92	621	908	2,20	379	249	65,70
A Ríoxa	258	801	2,50	352	1.077	2,99	299	182	60,87
C. Valenciana	4.285	821	3,12	2.821	520	1,80	2.673	1.612	60,31
País Vasco	2.378	1.073	2,76	1.402	625	1,45	1.613	1.200	74,40
TOTAL	40.226	839	2,75	29.008	593	1,72	29.167	18.142	62,20

Fonte: ELISA. Ministerio de Economía, Comercio e Empresa.

da pandemia, como a caída do PIB, a taxa de desemprego e o desemprego xuvenil. No caso galego, os recursos recibidos eleváronse a 441 millóns de euros, equivalentes ao 4,4 % do total distribuído.

Xunto a estes instrumentos extraordinarios, cómpre destacar tamén o papel central que adquiriron nos últimos anos os recursos vinculados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), principal mecanismo de execución dos fondos europeos *Next Generation EU*. A través deste plan, unha parte relevante dos fondos é xestionada directamente pola Administración Xeral do Estado, mentres que outra se distribúe entre as comunidades autónomas e as corporacións locais para a súa execución descentralizada.

Co obxectivo de realizar un seguimento detallado da execución destes recursos, o Ministerio de Economía, Comercio e Empresa puxo en marcha a plataforma ELISA, que permite consultar o estado das diferentes convocatorias de subvencións e licitacións financiadas co PRTR, tanto as xestionadas pola Administración central como as transferidas ás Administracións territoriais.

Segundo os datos dispoñibles a 31 de marzo de 2026, recollidos no cadro 3, a Administración xeral do Estado xestionara actuacións e convocatorias vinculadas ao PRTR por importe de 40.226 millóns de euros, dos cales Galicia captou 2.806 millóns. Esta cifra equivale ao 3,7 % do PIB galego e supón un volume de recursos de 1.039 euros por habitante, situándose claramente por riba da media estatal no relativo aos fondos xestionados directamente pola Administración central.

Por outra banda, Galicia recibiu 1.751 millóns de euros para a súa xestión directa, fundamentalmente a través da Administración autonómica. Estes recursos representan arredor do 2 % do PIB galego e equivalen a 645 euros por habitante, tamén lixeiramente por riba da media estatal. Ata marzo de 2026 realizáranse xa 1.339 convocatorias asociadas a estes fondos, cunha taxa de resolución do 75,3 %, situando Galicia —xunto coa Rexión de Murcia— entre as comunidades autónomas con maior nivel de execución dos recursos vinculados ao PRTR.

No relativo ao destino dos fondos asignados no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), os investimentos vinculados á modernización do tecido industrial constitúen a principal área de actuación na actualidade, concentrando o 26 % dos recursos resoltos ata a data de referencia. A continuación sitúanse as actuacións relacionadas coas infraestruturas sostibles, que absorben o 21 % do total; seguidas das iniciativas encadradas na axenda urbana e rural, cun peso do 19 %. Xa cunha participación máis reducida aparecen os proxectos vinculados á transición enerxética (8 %), á ciencia e á saúde (7 %), á economía dos coidados e ao emprego (6 %), á modernización da Administración

Gráfico 6



Resolución do PRTR por políticas parca
(en % sobre total)

Gráfico 7

Resolución do PRTR por tipo de adxudicatarios
(en % sobre total)

pública (4 %) e á educación e formación (4 %); mentres que os recursos destinados á cultura e ao deporte representan apenas o 1 % do total (gráfico 6).

Desde a perspectiva dos beneficiarios destas resolucións, continúan a ter un protagonismo destacado as microempresas, os autónomos e as pequenas e medianas empresas, que concentran o 42 % do total dos fondos asignados. As grandes empresas absorben o 27 % dos recursos, mentres que as unións temporais de empresas representan o 14 %. Pola súa banda, as fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro reciben o 10 % dos fondos resoltos, quedando finalmente os fogares cunha participación do 5 % do total (gráfico 7).

O conxunto dos recursos extraordinarios mobilizados nos últimos anos, tanto polo Goberno central como pola Unión Europea, resultou decisivo para garantir a estabilidade financeira das comunidades autónomas nun contexto marcado, primeiro, pola necesidade de facer fronte ás consecuencias sanitarias, económicas e sociais da pandemia; e, a continuación, pola prioridade de impulsar a recuperación

económica e os procesos de transformación produtiva. Estas achegas permitiron absorber un volume moi significativo de gasto extraordinario sen provocar un empeoramento inmediato das contas públicas autonómicas; facilitando ademais a execución de políticas públicas e investimentos que dificilmente poderían terse acometido cos recursos ordinarios dispoñibles.

Con todo, unha parte relevante deste reforzo financeiro non só serviu para atender necesidades conxunturais, senón que acabou consolidando novos niveis de gasto estrutural, sobre todo en ámbitos como a sanidade, os servizos sociais, a educación ou determinadas políticas de investimento e apoio económico. Esta circunstancia introduce importantes incertezas sobre a sostibilidade futura das finanzas autonómicas nun escenario no que os fondos extraordinarios tenderán progresivamente a desaparecer e no que, ademais, as regras fiscais europeas volverán recuperar protagonismo tras a súa reactivación en 2024.

Neste contexto resulta cada vez máis evidente a necesidade de acometer unha revisión profunda do actual modelo de financiamento autonómico, tanto desde a perspectiva da suficiencia financeira como da adecuación aos cambios demográficos, territoriais e competenciais producidos nas últimas décadas. O sistema vixente acumula xa un considerable atraso na súa revisión e presenta importantes limitacións para dar resposta ás necesidades reais de financiamento das comunidades autónomas, especialmente no caso de territorios como Galicia, condicionados polo envellecemento poboacional, a dispersión territorial e o elevado custo relativo da prestación dos servizos públicos fundamentais. A reforma do Sistema de Financiamento Autonómico continúa, por tanto, sendo unha cuestión clave para garantir a sostibilidade futura das contas públicas, aínda que a complexidade técnica e política desta revisión, xunto coa dificultade para acadar consensos amplos entre territorios con in-

tereses moi diversos e a situación política estatal fai prever que non será sinxelo avanzar cara a un novo modelo no curto prazo.


O sector público local galego

No ámbito do sector público local continúan apreciándose importantes particularidades na situación económico-financeira dos concellos galegos respecto da media estatal, malia que nos últimos anos se observa unha lenta aproximación aos niveis de recursos e gasto do conxunto dos municipios españois. Esta converxencia, porén, segue a producirse de maneira gradual e insuficiente, condicionada ademais polos efectos que tiveron sobre as facendas locais tanto a pandemia como o posterior contexto inflacionista e o incremento dos custos asociados á prestación dos servizos públicos municipais.

Neste escenario, os recursos xestionados polos concellos galegos, medidos en euros por habitante, sitúanse en 2025 no 83,8 % da media estatal. Ademais, esta diferenza intensifícase nos municipios de menor tamaño, precisamente aqueles que presentan maiores dificultades estruturais para garantir a prestación eficiente dos servizos públicos básicos debido ás súas características territoriais e demográficas e á limitada capacidade financeira. Con todo, cómpre salientar que a posición relativa dos concellos galegos mellorou de forma progresiva nas últimas décadas, reducindo en máis de 10 puntos a distancia existente respecto da media estatal nos últimos quince anos.

As causas desta menor capacidade financeira continúan sendo, en boa medida, estruturais. Por unha banda, persisten determinados factores alleos á propia actuación municipal, en particular os derivados do actual sistema de participación nos ingresos do Estado, que tende a favorecer os municipios de maior dimensión demográfica e non incorpora adecuadamente variables moi relevantes no caso galego, como a dispersión poboacional, o envellecemento ou os maiores custos relativos asociados á prestación de servizos en territorios pouco densamente poboados. Como consecuencia, numerosos concellos galegos reciben niveis de financiamento inferiores aos doutros municipios do Estado con características funcionais similares.

Non obstante, unha parte relevante destas diferenzas tamén responde a factores internos vinculados á propia estrutura de ingresos municipais. Tal e como se observa no gráfico 8 e no cadro 4, os ingresos procedentes dos tributos propios continúan estando en Galicia arredor do 76 % da media estatal en termos *per cápita*. Esta situación evidencia que os concellos galegos seguen facendo un uso relativamente reducido da súa capacidade tributaria, sobre todo nos impostos e taxas de carácter local. Con todo, tamén neste ámbito se aprecia unha evolución favorable ao longo dos últimos anos, cunha redución progresiva da diferenza respecto da media estatal superior aos 14 puntos na última década e media.



Así mesmo, a evolución do gasto local reflicte con claridade o impacto das distintas crises económicas sobre as entidades municipais. A crise financeira iniciada en 2008 provocou unha intensa contracción do gasto público local, en especial no investimento público municipal, iniciándose unha recuperación gradual a partir de 2013 que se viu novamente interrompida pola pandemia. En termos reais e medidos en euros constantes, o gasto executado polos concellos no ano 2025 mantense por baixo dos máximos acadados antes da

Cadro núm. 4

Ingresos e gastos dos concellos. Orzamentos liquidados (en euros por habitante)**a) Galicia**

Capítulos	2010	2012	2014	2016	2018	2020	2023	2024	2025
INGRESOS									
Impostos directos	240,2	264,0	285,5	305,9	328,7	318,5	325,6	337,5	351,1
Impostos indirectos	19,4	15,6	13,8	16,0	21,4	19,4	27,4	29,8	37,2
Taxas e outros ingresos	127,7	142,2	149,1	151,8	161,5	142,7	176,1	179,5	196,3
Transferencias correntes	291,5	264,3	287,5	304,8	335,7	357,9	438,0	502,2	446,3
Ingresos patrimoniais	9,4	8,2	8,7	7,5	7,5	8,6	14,0	16,0	18,7
Total ingresos correntes	688,2	694,3	744,6	786,0	854,9	846,9	981,0	1.064,9	1.049,7
Alleamento investimentos reais	3,4	0,6	0,9	0,5	7,8	1,6	2,4	2,1	3,8
Transferencias de capital	188,5	43,9	38,4	42,5	55,5	56,1	135,0	141,3	63,5
Total ingresos de capital	191,8	44,5	39,3	43,0	63,2	57,7	137,3	143,4	67,3
Total ingresos non financeiros	880,0	738,8	783,8	829,0	918,1	904,6	1.118,4	1.208,3	1.116,9
Variación de activos financeiros	1,0	1,0	1,1	0,9	0,8	0,7	0,6	0,7	5,8
Variación de pasivos financeiros	34,0	78,2	9,0	13,9	14,1	14,2	19,2	31,2	41,6
Total ingresos financeiros	35,1	79,1	10,1	14,8	14,9	14,9	19,9	31,9	47,3
TOTAL INGRESOS	915,1	817,9	793,9	843,8	933,0	919,5	1.138,2	1.240,1	1.164,2
GASTOS									
Gastos de persoal	274,1	234,6	250,3	258,1	274,3	296,9	334,0	346,6	368,3
Compras de bens e servizos	301,2	324,4	326,8	340,2	365,7	380,8	485,1	508,7	536,4
Xuros	5,2	8,3	8,0	2,6	3,0	4,6	2,7	4,9	4,9
Transferencias correntes	39,9	40,0	42,8	44,7	49,7	61,7	67,3	72,3	73,1
Total gastos correntes	620,3	607,2	627,9	645,6	692,7	743,9	889,1	932,6	984,5
Investimentos reais	244,3	86,1	86,7	86,4	131,4	122,4	229,0	186,1	136,2
Transferencias de capital	6,9	9,2	6,0	5,2	3,9	6,1	4,9	9,6	8,8
Total gastos de capital	251,2	95,3	92,6	91,7	135,3	128,5	233,9	195,6	145,0
Total gastos non financeiros	871,5	702,5	720,5	737,3	828,0	872,4	1.123,1	1.128,2	1.129,6
Variación de activos financeiros	1,1	1,0	1,0	1,3	1,0	0,6	0,9	1,4	2,4
Variación de pasivos financeiros	33,5	36,1	50,6	44,3	38,7	14,1	12,0	15,3	15,2
Total gastos financeiros	34,6	37,0	51,6	45,7	39,7	14,7	12,9	16,7	17,6
TOTAL GASTOS	906,1	739,5	772,1	782,9	867,7	887,2	1.136,0	1.144,9	1.147,2

b) España

Capítulos	2010	2012	2014	2016	2018	2020	2023	2024	2025
INGRESOS									
Impostos directos	356,3	391,1	419,2	454,5	461,5	451,3	444,7	451,7	459,8
Impostos indirectos	30,1	22,3	22,3	29,9	40,1	34,7	53,8	59,0	59,2
Taxas e outros ingresos	191,5	182,6	168,5	176,5	185,0	154,9	200,2	207,2	222,7
Transferencias correntes	323,5	315,2	301,6	346,6	369,1	391,8	486,2	558,2	506,7
Ingresos patrimoniais	28,2	23,4	24,6	19,0	18,5	16,2	26,6	33,2	30,2
Total ingresos correntes	929,6	934,7	936,4	1.026,5	1.074,2	1.048,8	1.211,4	1.309,2	1.278,6
Alleamento investimentos reais	15,3	7,9	6,3	7,4	9,5	4,8	8,7	10,9	21,0
Transferencias de capital	176,2	34,9	35,1	31,2	43,5	39,5	98,9	99,0	50,5
Total ingresos de capital	191,5	42,9	41,3	38,6	53,0	44,3	107,6	109,9	71,5
Total ingresos non financeiros	1.121,1	977,6	977,7	1.065,1	1.127,2	1.093,1	1.318,9	1.419,1	1.350,1
Variación de activos financeiros	7,1	3,0	2,1	2,1	1,7	1,3	1,9	1,7	5,3
Variación de pasivos financeiros	72,2	193,8	59,5	36,7	36,7	27,8	45,4	41,3	45,0
Total ingresos financeiros	79,3	196,8	61,6	38,8	38,5	29,2	47,3	42,9	50,3
TOTAL INGRESOS	1.200,4	1.174,4	1.039,3	1.103,9	1.165,7	1.122,3	1.366,2	1.462,1	1.400,4
GASTOS									
Gastos de persoal	370,4	326,6	318,1	352,3	370,7	391,2	449,4	459,9	484,8
Compras de bens e servizos	358,4	355,6	312,3	346,2	370,9	367,5	479,6	488,3	533,1
Xuros	15,5	26,7	29,3	15,8	12,3	9,3	10,3	12,0	11,8
Transferencias correntes	96,5	89,9	86,2	100,2	101,9	116,3	133,4	139,8	138,0
Total gastos correntes	840,7	798,9	745,9	814,5	855,9	884,2	1.072,8	1.099,9	1.175,4
Investimentos reais	274,3	99,3	89,6	93,1	120,1	112,1	205,4	174,5	164,4
Transferencias de capital	21,9	10,6	12,2	12,9	16,4	13,5	16,0	18,8	15,1
Total gastos de capital	296,2	109,8	101,8	106,0	136,5	125,6	221,4	193,3	179,4
Total gastos non financeiros	1.136,9	908,8	847,7	920,4	992,4	1.009,9	1.294,2	1.293,3	1.354,8
Variación de activos financeiros	3,9	10,2	3,0	3,6	3,4	3,9	3,5	3,8	5,7
Variación de pasivos financeiros	53,9	69,7	130,1	93,6	81,9	48,8	38,1	47,0	33,4
Total gastos financeiros	57,8	79,8	133,1	97,2	85,3	52,7	41,6	50,8	39,1
TOTAL GASTOS	1.194,7	988,6	980,8	1.017,6	1.077,7	1.062,5	1.335,7	1.344,0	1.393,9

Fonte: Ministerio de Facenda.


crise financeira, situándose no 78 % do nivel rexistrado en 2009 no conxunto estatal. No caso galego, esta porcentaxe elévase ata o 87 %, o que confirma unha evolución relativamente máis favorable e unha certa converxencia co comportamento medio das entidades locais españolas, pero sen recuperar por completo os niveis de gasto previos á crise.

O sector público estatal en Galicia


No relativo ao sector público estatal, a análise céntrase fundamentalmente na evolución da recadación tributaria xestionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e no comportamento do investimento realizado pola Administración central en Galicia, ao constituíren ambos os ámbitos os principais indicadores dispoñibles para avaliar o impacto económico da presenza do Estado na comunidade autónoma. A través deles resulta posible aproximarse tanto á capacidade tributaria do territorio como á restitución económica asociada á actuación investidora e financeira da Administración central.

A evolución recente da recadación tributaria en Galicia reflicte con bastante fidelidade os cambios experimentados pola actividade económica nos últimos anos. A forte caída da actividade derivada da pandemia provocou no exercicio 2020 unha redución moi significativa dos ingresos tributarios, cun descenso do 8,6 % en Galicia e do 8,8 % no conxunto estatal respecto ao ano anterior. A partir dese momento iniciouse unha intensa recuperación da recadación, favorecida nun inicio pola reactivación económica e posteriormente polo impacto das tensións inflacionistas sobre as bases impositivas dos principais tributos. Así, durante os exercicios 2022 e 2023 os ingresos tributarios creceron en Galicia a ritmos próximos ao 12 %, por riba incluso da media estatal. No ano 2024 produciuse unha certa moderación deste proceso, cun incremento da recadación do 6,7 % en Galicia fronte ao 8,3 % do conxunto do Estado. Non obstante, no exercicio 2025 volve observarse unha aceleración notable da recadación tributaria, cun aumento do 12,5 % en Galicia, superior de novo ao rexistrado a nivel estatal, situado no 10,4 % (gráfico 9).


A pesar deste comportamento dinámico dos ingresos tributarios, Galicia continúa presentando un peso relativo reducido dentro do conxunto da recadación estatal. Os tributos recadados pola AEAT no



territorio galego supoñen unicamente o 3,7 % do total estatal, porcentaxe moi inferior ao peso relativo da comunidade tanto en termos de PIB (5,1 %) como de poboación (5,6 %). Esta diferenza evidencia a existencia de factores estruturais que van máis alá do nivel de renda relativo da economía galega, e que están vinculados, entre outros aspectos, á composición sectorial da actividade económica, á menor presenza de grandes centros empresariais e de decisión fiscal, así como aos propios criterios de imputación territorial da recadación tributaria utilizados pola Administración tributaria estatal (gráfico 10).



En canto ao investimento da Administración central en Galicia, a análise continúa condicionada polas importantes limitacións existentes na información dispoñible a nivel territorial. A crecente utilización de mecanismos de execución descentralizada, entidades instrumentais e múltiples vías de xestión dos fondos europeos dificulta cada vez máis a obtención dunha serie homoxénea, completa e plenamente comparable do investimento efectivamente executado pola Administración



central en cada territorio. Neste contexto, as últimas cifras completas dispoñibles para o conxunto do investimento estatal corresponden ao exercicio 2021, mentres que para os anos posteriores a información publicada aparece máis fragmentada e referida sobre todo a determinados departamentos ministeriais, destacando os datos correspondentes ao Ministerio de Transportes recollidos no gráfico 11.

A información dispoñible permite constatar que Galicia rexistrou entre os anos 2017 e 2019 un volume de investimento estatal por habitante claramente maior á

media estatal, chegando nalgúns exercicios a superar en máis do triplo a media estatal. Esta situación estivo estreitamente vinculada á execución dos grandes proxectos de infraestruturas ferroviarias desenvolvidos na comunidade durante ese período, en particular os asociados á expansión da rede de alta velocidade. A partir do ano 2020, unha vez finalizadas boa parte destas actuacións, o esforzo investidor da Administración central en Galicia reduciuse de maneira apreciable, converxendo progresivamente cara a niveis máis próximos á media estatal.

En todo caso, os datos máis recentes publicados polo Ministerio de Transportes seguen reflectindo para Galicia un nivel de investimento por habitante algo superior á media estatal. Isto evidencia que, malia a finalización dos grandes proxectos ferroviarios que marcaron a etapa anterior, a comunidade mantén unha posición relativamente favorable na repartición territorial do investimento estatal asociado ás infraestruturas de transporte.

O sistema público de pensións en Galicia

Co obxectivo de contextualizar a dimensión económica e social do sistema público de pensións, o cadro 5 recolle as principais magnitudes correspondentes aos distintos esquemas de protección existentes tanto en Galicia como no conxunto do Estado. En España, o sistema proporciona cobertura a máis de 10,53 millóns de pensionistas e beneficiarios, cun volume de gasto equivalente ao 12,63 % do PIB estatal. No caso galego, o peso relativo do sistema resulta sensiblemente superior, alcanzando as 781.000 persoas cubertas, o 28,8 % da poboación total da comunidade. Así mesmo, o gasto asociado ás pensións e prestacións públicas supón xa ao 16,14 % do PIB galego, poñendo de manifesto a especial relevancia económica e social que este sistema ten nun territorio fortemente condicionado polo avellentamento demográfico.

Se centramos a análise especificamente no sistema contributivo da Seguridade Social, as diferenzas entre Galicia e o conxunto estatal continúan sendo moi significativas. No exercicio 2025, o 25,6

Cadro núm. 5
O sistema público de pensións. Ano 2025

	Seguridade Social		Clases pasivas		Pensións non contributivas	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Pensionistas/beneficiarios ¹	695.750	9.368.381	49.635	707.660	n.d.	n.d.
Pensións/prestacións ¹	785.005	10.354.588	51.200	727.473	36.437	462.568
Altas de pensións	42.527	629.003	2.776	38.551	n.d.	n.d.
Baixas de pensións	36.151	455.090	1.714	23.871	n.d.	n.d.
Gasto total pensións (millóns de euros)	12.336,3	189.598,6	1.640,0	23.508,0	294,2	3.751,1
Gasto total pensións en % PIB	14,24	11,24	1,89	1,39	0,34	0,22

¹ Media anual
Fonte: Elaboración propia a partir do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (MISSM), Ministerio de Facenda e Instituto Nacional de Estadística (INE).

Cadro núm. 6

Cobertura do sistema público de pensións. Ano 2025

	Galicia	España
Poboación		
65 anos ou máis	729.829	10.178.625
% sobre o total	26,88	20,72
Pensionistas		
65 anos ou máis	569.688	7.629.723
% / Poboación 65 anos ou máis	78,06	74,96
64 anos ou menos	126.061	1.738.578
% / Poboación 64 anos ou menos	6,35	4,46

Fonte: Elaboración propia a partir do INE e MISSM.

Gráfico 12

Gasto en pensións (en % do PIB)




Gráfico 13

Evolución da pensión media (en euros)





Gráfico 14

Evolución da pensión media das altas e baixas (en euros)



% da poboación galega percibía algunha pensión contributiva, fronte ao 19,1 % no total estatal. Esta situación explícase, en primeiro lugar, polo maior peso relativo da poboación de 65 ou máis anos en Galicia, que representa o 26,8 % da poboación total da comunidade. Ademais, tamén inflúe a maior intensidade protectora do propio sistema, dado que o 78,06 % da poboación galega maior de 65 anos percibe unha pensión; porcentaxe superior ao 74,96 % rexistrado no conxunto do Estado. Esta maior cobertura reproducíase nos grupos de idade inferiores, onde a taxa de pensionistas en Galicia alcanza o 6,35 %, claramente por riba do 4,46 % estatal (cadro 6).


A importancia do sistema público de pensións na economía galega reflíctese, así mesmo, no elevado peso que este gasto representa sobre o PIB rexional. No exercicio 2025, o gasto en pensións contributivas situouse no 14,24 % do PIB galego, fronte ao 11,24 % do conxunto estatal. O máximo relativo acadouse no ano 2020, coincidindo coa forte contracción económica provocada pola pandemia, reducíndose posteriormente co proceso de recuperación da actividade. Porén, as sucesivas medidas de revalorización das pensións ligadas ao IPC e o reforzo das prestacións máis baixas fixeron que este peso relativo medrase de novo lixeiramente a partir de 2023, manténdose en niveis altos durante os exercicios 2024 e 2025. Esta dinámica repítese tanto en Galicia como no conxunto estatal, aínda que mantendo as importantes diferenzas estruturais existentes entre ambos os territorios (gráfico 12).

O maior peso económico do sistema de pensións en Galicia non implica, con todo, que as prestacións percibidas sexan máis elevadas. Pola contra, a pensión media galega continúa entre as máis baixas do Estado, representando só o 85,8 % da media estatal. Galicia permanece entre as comunidades autónomas con menor pensión media, ampliándose ademais esta diferenza nos últimos anos, tal e como se observa no gráfico 13. Esta situación está estreitamente relacionada coa notable pre-


senza de pensións mínimas na comunidade, que supoñen o 26,8 % do total das prestacións. Ademais, os datos das novas altas amosan que esta diverxencia non tende a corrixirse de maneira significativa, posto que as pensións das novas incorporacións ao sistema seguen situándose relativamente máis afastadas da media estatal; malia que no exercicio 2025 se aprecia unha lixeira mellora fronte aos anos inmediatamente anteriores (gráfico 14). En todo caso, a revalorización automática das pensións vinculada á inflación permitiu recuperar poder adquisitivo tras un longo período de contención das prestacións.

O funcionamento do sistema contributivo da Seguridade Social baséase nun principio de solidariedade interxeracional, polo que as cotizacións sociais realizadas pola poboación ocupada financian directamente o pagamento das pensións actuais. Neste modelo, a evolución da relación entre persoas afiliadas e pensionistas convértese nun factor clave para avaliar a sostibilidade financeira do sistema, xa que condiciona de maneira directa a capacidade de financiamento das prestacións. Por este motivo, os cambios demográficos, a evolución do emprego e a dinámica do mercado laboral teñen un impacto determinante sobre o equilibrio económico da Seguridade Social, especialmente en territorios cun elevado grao de avellentamento como Galicia.

A evolución da *ratio* entre afiliados e pensionistas, recollida no gráfico 15 para Galicia e o conxunto estatal desde o ano 2005, permite observar a evolución do equilibrio demográfico e financeiro do sistema. No exercicio 2025, Galicia rexistrou unha media de 1,58 persoas afiliadas por cada pensionista, moi por debaixo das 2,33 existentes no conxunto do Estado. Tras a deterioración experimentada coa crise financeira iniciada en 2008, a relación entre cotizantes e pensionistas iniciou unha recuperación gradual a partir de 2014, interrompida temporalmente pola pandemia e retomada despois coa mellora do emprego. Non obstante, esta recuperación foi máis intensa no conxunto estatal,



ampliándose así a distancia respecto de Galicia nos últimos anos. Ademais, as diferenzas internas dentro da propia comunidade continúan sendo moi notables. As provincias de Ourense e Lugo presentan as situacións máis tensionadas, con *ratios* de 1,12 e 1,31 afiliados por pensionista respectivamente; mentres que A Coruña (1,72) e Pontevedra (1,69) amosan unha posición relativamente máis favorable, asociada a unha estrutura demográfica menos avellentada e a unha maior capacidade de xeración de emprego (gráfico 16).



A evolución da relación entre afiliados e pensionistas, xunto co comportamento das cotizacións sociais e das prestacións abonadas, continúa xerando importantes tensións financeiras no sistema contributivo da Seguridade Social. Considerando só os fluxos vinculados á vertente contributiva, o déficit do sistema acadou no exercicio 2024 os 32.539 millóns de euros no conxunto estatal, dos cales arredor de 4.278 millóns se atribúen a Galicia segundo as estimacións recollidas no cadro 7. A estas cifras cómpre engadir ademais o custo dos complementos a mínimos, financiados

Cadro núm. 7

Ingresos e gastos do sistema contributivo da Seguridade Social (en millóns de euros)

	Galicia				Total nacional			
	2018	2020	2022	2024	2018	2020	2022	2024
Cotizacións sociais	5.252,8	5.374,7	6.115,9	7.110,5	102.846,5	106.958,0	123.842,8	146.148,7
Prestacións contributivas	8.154,7	8.893,3	9.726,0	11.389,3	125.537,4	137.877,7	151.538,3	178.688,3
Pensións	7.896,1	8.520,0	9.268,8	10.846,5	121.290,0	131.922,5	144.189,5	169.702,3
Incapacidade temporal	155,4	242,8	290,1	367,8	2.113,3	3.199,2	3.837,4	5.115,4
Prestacións por maternidade	90,8	118,8	146,4	154,8	1.947,6	2.595,0	3.305,3	3.672,3
Outras prestacións	12,3	11,7	20,8	20,2	186,5	161,0	206,1	198,3
Saldo sistema contributivo	-2.901,8	-3.518,6	-3.610,1	-4.278,8	-22.690,9	-30.919,7	-27.695,5	-32.539,6
Complemento a mínimos	709,9	694,6	683,0	749,4	7.141,7	6.950,0	6.935,8	7.876,1
Saldo global	-3.611,8	-4.213,2	-4.293,1	-5.028,1	-29.832,6	-37.869,7	-34.631,3	-40.415,7
% total nacional	12,1	11,1	12,4	12,4				

Fonte: Elaboración propia a partir do MISSM.

tamén directamente a través dos orzamentos xerais do Estado, o que incrementa aínda máis o esforzo financeiro asociado ao sistema público de pensións.

Tras a leve mellora observada nos anos previos á pandemia, os desequilibrios financeiros volveron intensificarse como consecuencia da caída das cotizacións no exercicio 2020 e, posteriormente, polas medidas de reforzo da protección social adoptadas nos últimos anos, en especial as vinculadas á revalorización das pensións. No caso galego, esta evolución resulta aínda máis acusada debido á propia estrutura demográfica da comunidade e á menor relación existente entre cotizantes e pensionistas; o que explica o incremento sostido do déficit contributivo ao longo dos últimos exercicios, apenas interrompido pola pequena mellora producida en 2021.

Da análise da dinámica recente do sistema público de pensións despréndese que os desequilibrios existentes responden cada vez menos a factores estritamente conxunturais e están máis vinculados a tendencias estruturais de carácter demográfico. O progresivo avellentamento da poboación, o incremento da esperanza de vida e a redución relativa da poboación en idade de traballar configuran un escenario particularmente complexo para a sostibilidade futura do sistema. Neste sentido, Galicia anticipa, en boa medida, a evolución que previsiblemente experimentará o conxunto do Estado nas próximas décadas, tanto pola intensidade do seu envellecemento como pola evolución da súa relación entre cotizantes e pensionistas.

Co obxectivo de afrontar estes desafíos, desde o ano 2021 desenvóléronse distintos acordos entre o Goberno central e os axentes sociais orientados á reforma do sistema público de pensións. Entre as principais medidas adoptadas destacan a revalorización automática das pensións conforme á evolución do IPC; a separación progresiva entre fontes de financiamento, trasladando aos orzamentos xerais do Estado determinados gastos considerados impropios da Seguridade Social; os incentivos para atrasar voluntariamente a idade de xubilación e limitar as xubilacións anticipadas; a substitución do antigo factor de sostibilidade polo denominado mecanismo de equidade interxeracional, que incorpora un incremento adicional das cotizacións sociais; e a ampliación progresiva do período computable para o cálculo da pensión mediante fórmulas máis flexibles de elección dos anos considerados.

Con todo, unha parte importante destas reformas orientouse fundamentalmente a reforzar os ingresos do sistema e a apoiar o seu financiamento mediante transferencias crecentes desde os orzamentos do Estado, sen introducir modificacións de igual intensidade sobre a evolución futura do gasto. Isto implica trasladar unha parte crecente do esforzo financeiro ás xeracións futuras, ben a través dun maior nivel de cotizacións sociais, ben mediante unha maior presión sobre os recursos tributarios xerais. Neste contexto, e tendo en conta a progresiva recuperación das regras fiscais europeas e a necesidade de reducir os elevados niveis de déficit estrutural das Administracións públicas, resulta previsible que nos próximos anos sexa necesario continuar adoptando novas medidas orientadas a reforzar a sostibilidade financeira do sistema público de pensións.



O gasto sanitario en Galicia

A sanidade pública continúa a constituír un dos piares esenciais do estado do benestar e un dos ámbitos de maior relevancia dentro da actividade das Administracións públicas. Non obstante, a crise sanitaria provocada pola COVID-19, xunto co progresivo avellentamento da poboación e o consecuente incremento das necesidades asistenciais, reforzaron aínda máis o seu protagonismo nos últimos anos, convertendo o gasto sanitario nun dos principais condicionantes da evolución das contas públicas autonómicas. Ao dispoñer xa de información consolidada correspondente ao período 2020-2024 podemos avaliar con maior perspectiva o impacto que a pandemia tivo sobre a dimensión e estrutura do financiamento sanitario público, así como analizar ata que punto os aumentos de gasto rexistrados nestes anos tiveron un carácter conxuntural ou responden a necesidades estruturais do sistema.

Ao mesmo tempo, a evolución do gasto sanitario debe interpretarse tamén no contexto das restricións orzamentarias derivadas da anterior crise financeira e do posterior proceso de consolidación fiscal, que condicionaron durante anos a capacidade de crecemento dos recursos destinados á sanidade pública. Todo isto alimentou un intenso debate arredor da suficiencia do esforzo financeiro realizado polas Administracións para garantir unha resposta adecuada ás novas demandas sanitarias e asistenciais. Neste marco, analízase a continuación a evolución do gasto sanitario público e a posición relativa de Galicia respecto ao conxunto do Estado.

Cómpre ter en conta, ademais, que o sistema sanitario público español presenta un elevado grao de descentralización competencial. Tal e como se recolle no gráfico 17, o 93,6 % do gasto sanitario público corresponde ás comunidades autónomas, que asumiron de maneira xeneralizada esta com-

petencia a partir do ano 2002, aínda que Galicia, como comunidade histórica, xa a exercía desde 1991. O resto do gasto distribúese entre a Administración central (1,1 %), as mutualidades de funcionarios (2,4 %), o sistema da Seguridade Social (2 %) e as corporacións locais (0,9 %). A participación da Administración central creceu de forma puntual durante a pandemia debido ás actuacións extraordinarias desenvolvidas nese período, malia que nos últimos exercicios volveu reducir o seu peso relativo dentro do gasto sanitario total.




A evolución do gasto sanitario público nas comunidades autónomas reflicte con claridade o impacto que tiveron sobre este ámbito tanto a crise financeira como, máis recentemente, a pandemia da COVID-19. Entre os anos 2002 e 2009 produciuse unha etapa de forte expansión do gasto sanitario, cun aumento acumulado do 46 % en Galicia e do 56 % no conxunto do Estado. Posteriormente, a crise económica deu lugar a un intenso proceso de contención do gasto, acadándose entre 2012 e 2013 reducións próximas ao 20 % en termos reais respecto dos niveis máximos anteriores.


A partir dese momento iniciouse unha recuperación gradual do gasto sanitario, interrompida pola irrupción da pandemia no exercicio 2020, cando se produciu un forte incremento asociado ás necesidades asistenciais extraordinarias derivadas da crise sanitaria. Tras unha certa moderación nos dous anos seguintes, o gasto sanitario volveu medrar de maneira apreciable nos exercicios 2023 e 2024. Neste contexto, Galicia continúa a presentar unha evolución do gasto máis moderada que a media autonómica, ampliándose a diferenza respecto do conxunto das comunidades durante a crise económica; reducíndose parcialmente entre 2014 e 2015, e volvendo subir nos últimos anos, en particular no período 2021-2024 (gráfico 18).

Máis alá da evolución agregada do gasto sanitario, resulta especialmente relevante analizar a súa distribución territorial en termos de gasto por habitante, xa que permite comparar con maior precisión o esforzo realizado polas distintas comunidades autónomas. Como se observa no gráfico 19, continúan existindo importantes diferenzas entre territorios, chegando as comunidades con maior gasto sanitario *per cápita* a superar en máis dun 29 % as de menor nivel de gasto. Ademais, estas diverxencias intensificáronse nos últimos anos, posto que no momento de completarse o proceso de transferencias sanitarias ás comunidades autónomas no ano 2002 as diferenzas eran considerablemente máis reducidas.

No caso de Galicia, o gasto sanitario público situouse no exercicio 2024 en 2.071 euros por habitante, cifra lixeiramente superior á media estatal, que acadou os 2.034 euros. Esta posición reflicte o importante esforzo financeiro realizado pola comunidade autónoma para manter a prestación sanitaria nun contexto moi condicionado polo avellentamento da poboación, a dispersión territorial e os maiores custos asociados á cobertura asistencial en amplas zonas rurais.

En todo caso, a análise do gasto sanitario por habitante require introducir determinadas correccións que permitan unha comparación máis axustada entre comunidades autónomas. A sanidade pública non presta cobertura á totalidade da poboación porque existen colectivos integrados en réximes alternativos, como sucede co persoal funcionario adscrito ás mutualidades administrativas. Por este motivo, para avaliar con maior precisión o esforzo sanitario real das comunidades utilízase o






concepto de poboación protexida, isto é, aquela efectivamente atendida polo sistema público sanitario.

Ademais, esta poboación adoita ponderarse en función da súa estrutura demográfica e das necesidades estimadas de gasto asociadas á idade, dando lugar á denominada poboación protexida equivalente; variable empregada no actual Sistema de Financiamento Autonómico para distribuír os recursos vinculados ao fondo de garantía dos servizos públicos fundamentais no ámbito sanitario. A comparación entre o peso relativo desta poboación equivalente e o gasto sanitario efectivamente executado permite identificar con maior claridade as diferenzas territoriais existentes.

Neste sentido, tal e como se recolle no gráfico 20, as disparidades observadas no gasto sanitario non desaparecen ao introducir estas correccións, senón que nalgúns casos mesmo se acentúan. Galicia representa o 6,3 % da poboación protexida equivalente do Estado, pero concentra só o 5,9 % do gasto sanitario total, o que evidencia unha menor participación relativa no gasto sanitario total da que lle correspondería segundo o peso da súa poboación protexida equivalente.

As diferenzas existentes entre comunidades autónomas no nivel de gasto sanitario tampouco se trasladan de maneira automática ao esforzo relativo que cada territorio realiza en relación coa súa capacidade económica. Se o gasto sanitario se analiza como porcentaxe do PIB rexional (gráfico 21), as posicións relativas das distintas comunidades varían de maneira significativa, xa que nesta *ratio* inflúe directamente o nivel de riqueza de cada territorio. Así, as comunidades con maior PIB por habitante adoitan presentar un menor peso relativo do gasto sanitario sobre a súa economía, incluso nos casos nos que o gasto sanitario por habitante é dos máis elevados do Estado, como ocorre en Navarra ou no País Vasco. En Galicia, o gasto sanitario público supón o 6,8 % do PIB autonómico, situándose lixeiramente por riba da media estatal. Non obstante, esta diferenza positiva respecto do conxunto do Estado foise reducindo de forma progresiva nos últimos anos, en liña coa evolución máis moderada do gasto sanitario galego en comparación coa media autonómica.




Por último, para avaliar a relevancia crescente da sanidade dentro das políticas públicas autonómicas resulta especialmente útil analizar o peso que o gasto sanitario representa sobre o conxunto do gasto non financeiro das comunidades autónomas. A evolución desta *ratio* pon de manifesto como as necesidades asistenciais, o progresivo avellentamento da poboación e a propia dinámica expansiva do gasto sanitario levaron a unha maior concentración de recursos nesta función, mesmo nos anos de maior restrición orzamentaria posteriores á crise financeira.

Tal e como se observa no gráfico 22, no conxunto estatal o peso do gasto sanitario sobre o gasto non financeiro autonómico incrementouse en 4,11 puntos porcentuais entre 2002 e o máximo acadado tras a pandemia; reducíndose en parte ata situarse en 2,25 puntos por riba do nivel inicial no exercicio 2024, o que apunta certa perda relativa de peso da sanidade nos últimos anos dentro do conxunto do gasto autonómico. En Galicia, a evolución foi aínda máis intensa, cun aumento acumulado de 3,93 puntos porcentuais, ata alcanzar o 42,38 % do gasto non financeiro total. Isto significa que máis de catro de cada dez euros do gasto autonómico galego se destinan actualmente á sanidade pública, evidenciando o elevado nivel de prioridade que esta función mantén dentro das políticas públicas da comunidade autónoma.

Cómpre destacar ademais que algunhas das comunidades con maior gasto sanitario por habitante, como o País Vasco e Navarra, presentan ao mesmo tempo os menores pesos relativos da sanidade sobre o seu gasto non financeiro total. Esta circunstancia pon de manifesto a maior capacidade financeira derivada dos seus sistemas de financiamento foral, que lles permite compatibilizar altos niveis de gasto sanitario cun maior volume de recursos dispoñibles para outras políticas públicas.

A evolución do gasto sanitario nas últimas dúas décadas confirma o peso crescente que esta función foi adquirindo dentro do conxunto das políticas públicas autonómicas. O incremento das necesidades asistenciais, a incorporación continua de novas prestacións, o avance tecnolóxico e farma-



céutico, así como o impacto derivado do avellentamento da poboación están a consolidar unha tendencia estrutural de crecemento do gasto sanitario que vai máis alá das necesidades excepcionais xeradas pola pandemia.


Neste contexto, resulta imprescindible avaliar con maior precisión tanto o custo efectivo da prestación sanitaria como os mecanismos de financiamento máis adecuados para garantir a sostibilidade futura do sistema. A sanidade continuará sendo previsiblemente a principal área de gasto das comunidades autónomas, polo que o seu adecuado financiamento constitúe un elemento central dentro de calquera futura revisión do Sistema de Financiamento Autonómico.

Esta realidade adquire unha singular relevancia no caso de Galicia, onde factores como o elevado avellentamento demográfico, a dispersión territorial e a menor densidade de poboación aumentan de maneira significativa os custos asociados á prestación dos servizos sanitarios. Todo isto sitúa a comunidade autónoma nunha posición de maior presión financeira relativa respecto dunha parte importante das restantes comunidades autónomas.

O gasto en educación en Galicia

A educación constitúe, xunto coa sanidade e os servizos sociais, unha das principais áreas de actuación das comunidades autónomas e unha das funcións con maior peso dentro do gasto público autonómico. A evolución recente desta política pública estivo condicionada tanto polos efectos da crise financeira iniciada a finais da década dos anos 2000 como, posteriormente, polas necesidades extraordinarias derivadas da pandemia da COVID-19, aínda que con impactos e dinámicas claramente diferenciadas en cada caso. Neste contexto, a análise da evolución do gasto educativo resulta moi relevante para avaliar os cambios producidos nas prioridades de gasto e na capacidade financeira das Administracións autonómicas.

A evolución histórica do gasto educativo evidencia unha etapa de forte expansión entre os anos 2002 e 2009, período no que o gasto real medrou un 28 % en Galicia e un 40 % no conxunto das



comunidades autónomas. A partir dese momento, a crise económica deu lugar a un intenso proceso de contención orzamentaria que provocou unha redución significativa do gasto ata o ano 2012; seguida dunha fase de relativa estabilización nos exercicios 2013 e 2014, e dunha recuperación gradual nos anos posteriores. A irrupción da pandemia no exercicio 2020 volveu impulsar o gasto educativo debido ás necesidades excepcionais asociadas ao reforzo de persoal, adaptación de infraestruturas e implantación de medidas sanitarias nos centros docentes, manténdose parte dese incremento tamén en 2021.

Nos exercicios posteriores obsérvase unha evolución desigual. Mentres no conxunto das comunidades autónomas o gasto educativo retomou unha senda claramente expansiva a partir de 2022, en Galicia a recuperación presenta un comportamento moito máis moderado e irregular, en particular nos exercicios 2024 e 2025. Deste xeito, a diferenza acumulada respecto á media autonómica ampliouse de forma significativa nos últimos anos, consolidando unha evolución do gasto educativo galego menos dinámica que a mostrada no conxunto do estado (gráfico 23).

As diferenzas existentes no gasto educativo entre comunidades autónomas continúan sendo moi significativas, en especial cando a análise se realiza en termos de gasto por habitante na poboación potencialmente destinatária do sistema educativo. Considerando a franxa de idade comprendida entre os 4 e os 22 anos, o gráfico 24 amosa como algunhas comunidades autónomas case duplican o gasto por habitante que presentan as de menores dotacións, reflectindo un aumento das desigualdades territoriais nos últimos exercicios.




Gráfico 25
Gasto en educación (en % do PIB rexional)





Gráfico 26
Gasto en educación (en % do gasto non financeiro)



Estas diferencias tamén se observan ao relacionar o gasto educativo co PIB rexional (gráfico 25), aínda que neste caso os resultados están condicionados non só polo volume de recursos destinados á educación, senón tamén polo distinto nivel de riqueza e pola estrutura demográfica de cada terri-

torio. No exercicio 2025, Galicia rexistrou un gasto educativo de 6.931 euros por habitante na franxa de idade considerada, situándose un 5,8 % por riba da media estatal. Porén, cando este gasto se analiza en relación co PIB, o esforzo relativo de Galicia sitúase no 3,4 %, lixeiramente por debaixo da media estatal; circunstancia que se explica, sobre todo, polo menor peso que a poboación en idade educativa ten na actualidade dentro da estrutura demográfica galega.

Por último, a evolución do gasto educativo tamén se reflectiu nunha perda progresiva do seu peso relativo dentro do conxunto do gasto non financeiro das comunidades autónomas, como consecuencia tanto do menor dinamismo relativo desta función como do maior crecemento experimentado por outras áreas de gasto, especialmente a sanidade e os servizos sociais. A isto engádese o impacto que tiveron os procesos de consolidación orzamentaria desenvolvidos tras a crise financeira, que afectaron de maneira significativa a evolución dos recursos destinados á educación pública (gráfico 26).

No caso de Galicia, o gasto en educación representa hoxe en día o 22,4 % do gasto non financeiro autonómico, situándose case 1,5 puntos por debaixo da media estatal. A pesar de que nos últimos exercicios se aprecia unha certa recuperación desta proporción tras o reforzo do gasto educativo asociado á pandemia; o peso relativo da educación continúa sendo claramente inferior ao rexistrado antes da crise económica iniciada a finais da pasada década, chegando a acumular nos anos de maior axuste unha redución próxima aos 5 puntos respecto dos niveis existentes en 2002.

